



ROSENDO SALVADO

Memorias históricas sobre a Australia

XUNTA DE GALICIA

PARLAMENTO
DE GALICIA

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

MEMORIAS HISTÓRICAS SOBRE A AUSTRALIA

**MEMORIAS HISTÓRICAS
SOBRE A AUSTRALIA
E PARTICULARMENTE SOBRE A MISIÓN
BENEDITINA DE NOVA NURSIA E OS USOS
E COSTUMES DOS AUSTRALIANOS**

ROSENDO SALVADO

XUNTA DE GALICIA

**PARLAMENTO
DE GALICIA**

**CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**

Título orixinal

*Memorie storiche dell'Australia particolarmente della Missione
Benedettina di Nuova Norcia e degli usi e costumi degli australiani, 1851*

Tradución de

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia (Carlos Díaz Abreira,
Xermán García Cancela, Carme Ruibal Cendón e Xosé Torres Romar)
Secretaría Xeral de Política Lingüística (Celia Rozas Donsión)

Primeira edición en galego: 2014, conmemorativa dos douscentos anos do
nacemento de Rosendo Salvado

Editan

© Xunta de Galicia, 2014
© Parlamento de Galicia, 2014
© Consello da Cultura Galega, 2014

Realización

Lúdica7

Depósito legal: C 1988-2014

ISBN 978-84-92925-59-5

ÍNDICE

9

PRESENTACIÓNS

11

Alberto Núñez Feijóo

13

Pilar Rojo Noguera

15

Ramón Villares

17

NOTA SOBRE A TRADUCIÓN PARA A LINGUA GALEGA

19

MEMORIAS HISTÓRICAS SOBRE A AUSTRALIA

PRESENTACIONES

A celebración do segundo centenario do nacemento do frade tudense frei Rosendo Salvado bríndanos unha grande oportunidade para divulgar e traer ata a actualidade unha personalidade extraordinaria e rica en matices que nos deixou un gran legado. Unha figura e unha herdanza que desde a Xunta de Galicia, o Parlamento de Galicia e o Consello da Cultura Galega queremos contribuír a enxalzar, a preservar e a espallar con esta versión na nosa lingua destas *Memorias históricas sobre a Australia*.

A través desta obra, os galegos poderán coñecer o valor dun traballo guiado pola fonda visión dun home dotado de sensibilidade, intelixencia e humildade abondas como para trasladar a esencia das súas conviccións a un lugar naquel momento especialmente estraño, e que foi capaz de lograr que aquelas persoas non viran nel un intruso sospeitoso senón alguén que teimaba en compartir.

Porque se hai algo que caracteriza a poliédrica personalidade do beneditino tudense é, sen dúbida, a súa capacidade para combinar identidades e lograr un fondo arraigamento nos lugares de acollida: frei Rosendo non só levou a nosa cultura aos antípodas, senón que soubo acumular a cultura autóctona.

É, polo tanto, a de frei Rosendo unha figura esencial para entender os vínculos existentes entre Galicia e Australia, mais a súa contribución transcende os lazos que unen estes dous pobos. A súa polifacética actividade como relixioso, literato, músico, naturista, antropólogo ou pedagogo reforza a identidade dun home que, grazas á forza da palabra, a saber falar e escoitar, se converteu nun mito en terras moi afastadas.

Estou seguro de que frei Rosendo sempre quedará na memoria como sinónimo de perseveranza, de dedicación, de xenerosidade, de comprensión e de tolerancia. Como unha persoa que apelou constantemente ao

encontro e a un progreso común baseado na concordia e como un referente de cuxo exemplo sempre podemos extraer novas ensinanzas.

Estas páxinas pretenden revelar a presenza de frei Rosendo Salvado na nosa historia colectiva. A través delas poderemos coñecer e afondar na altura intelectual e humana dun compatriota do que Galicia e os galegos nos sentimos orgullosos.

ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO
Presidente da Xunta de Galicia

Cúmprese douscentos anos do nacemento de frei Rosendo Salvado, galego nado en Tui en 1814 e morto en Roma en 1900 aos 86 anos.

Lucas Josef Rosendo Salvado y Rotea estuda no Seminario de Tui, en San Martiño Pinario de Santiago e mais en Corias (Asturias). Por mor da desamortización de 1835, comeza a súa peregrinaxe polo mundo adiante: Italia primeiro, no mosteiro da Cava dei Tirreni, preto de Nápoles, onde é ordenado presbítero e nomeado organista; Roma; Inglaterra e, finalmente, Australia, a onde chega en 1846.

Era un home culto, polifacético, experto organista, compositor, concertista, viaxeiro, emprendedor, misioneiro evanxelizador, escritor, abade, fundador de Nova Nursia, bispo, aventureiro, botánico...

Poñía todos os seus saberes a prol da súa tarefa evanxelizadora, que emprenderá nos Antípodas, a onde chega despois dunha penosa viaxe de case catro meses. Alí traballa arreo en defensa dos aborixes, solicitando do Goberno británico ser recoñecido el mesmo como tal co fin de os defender mellor. Por eles loita empregando a súa sabedoría e a súa sagacidade, facendo uso da música tanto para achegarse a eles coma para recadar cartos que lle permitisen financiar o seu labor. E escribindo as súas vivencias e experiencias...

O Parlamento de Galicia non pode ficar alleo á lembranza e ao merecido engrandecemento dun persoeiro tan de noso coma frei Rosendo Salvado e súmase á edición conmemorativa en galego que fan conxuntamente a Xunta de Galicia e mais o Consello da Cultura Galega da súa obra *Memorias históricas sobre a Australia e particularmente sobre a Misión Beneditina de Nova Nursia*, dando cumprimento a un acordo parlamentario do ano 2013.

Como presidenta do Parlamento aproveito esta efeméride para salientar o valor do noso pobo, emigrante en tantos países e circunstancias, que soubo loitar polos diferentes ideais que o levaban alén nós.

Protagonista dunha epopea memorable —que recorda a de frei Bartolomé de las Casas, o *Apóstolo dos Indios*, na América hispana do século XVI—, frei Rosendo Salvado segue sendo un descoñecido para gran parte da sociedade galega e española, situación que agardamos contribuír a superar con esta obra que o lector ten nas súas mans.

Frei Rosendo Salvado trouxo a Galicia a semente do eucalipto e mais a acacia e levou a semente da fe cristiá e do emprendemento galego a Australia, xunto coas reliquias de San Telmo.

O noso agradecemento por todo iso.

E tamén agradezo ao Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia a cumprida tradución ao galego e o esmerado traballo que levou a cabo.

PILAR ROJO NOGUERA
Presidenta do Parlamento de Galicia

Rosendo Salvado comezou sendo, para min, unha rúa de Santiago de Compostela na que vivín dezasete anos. Mais pronto fun descubrindo a verdadeira dimensión de quen se agochaba detrás deste enderezo postal. Foi perfilándoseme como un home do seu tempo, que estivo en contra do seu tempo pero tamén moi por riba do tempo. Foi quen de desenvolver un traballo que dialogou cun lugar, o país australiano, e tratou de buscar unha síntese na tensión entre unha civilización que ía con el e unha cultura que encontraba.

O Consello da Cultura Galega leva un tempo dedicado ao estudo da figura deste tudense para botar luz sobre unha personalidade á que se lle atribúe, con tenacidade digna de mellor causa, a introdución do eucalipto en Galicia, pero que destacou por ofrecer unha concepción de pluralismo cultural moi renovadora no seu tempo. Fixo gala do entendemento de culturas distintas, das relacións entre o mundo occidental e o mundo aborixe que descobre a partir da súa primeira viaxe a Nova Nursia. Ideas que se poden recuperar grazas ás *Memorias* que agora editamos na nosa lingua.

Esta obra vén a poñer o ramo a ese longo traballo de estudo e difusión sobre Rosendo Salvado desenvolvido polo Consello da Cultura Galega desde 1999, e permite descubrir as relacións entre o monxe beneditino e a comunidade aborixe. Nela emerxe unha figura innovadora, aquela que levantou en Nova Nursia unha comunidade beneditina desde a que fixo achegas revolucionarias: creou un pioneiro banco rural, ensinoulles aos aborixes a ler e escribir, e deulles ferramentas coas que defender os seus dereitos.

Foi unha persoa revolucionaria en como cambiar o noso punto de vista occidental sobre o Outro, evidenciando que non é inferior senón distinto. Fíxoo nun momento de expansión colonial europea e mentalidade racista, pero recusando estes estereotipos. Posiblemente, este enfo-

que veulle da súa condición de galego, desas orixes celtas e fisterrás, onde as tradicións precristiás aínda sobreviven: un mundo de espíritos e supersticións que gardan unha próxima relación coa terra. Había outras, como o seu carácter práctico, que sabía apreciar os talentos naturais desta xente. Admiraba as súas habilidades manuais, o seu amor polo baile e pola música. Precisamente esta última dimensión foi parte da clave do seu acerto pois a música serviulle para empatizar con esas comunidades.

Estas *Memorias* son unha parte dun inmenso legado que hoxe en día repousa na Comunidade de Nova Nursia. Mapas, diarios, vocabulario aborixe, partituras musicais, libros de contas, rexistros de empregados...; un material persoal que permite descubrir unha figura preocupada polos dereitos dos aborixes, en que deixou unha fonda pegada. O traballo de Rosendo Salvado foi o caldo de cultivo do que chegaría décadas despois. A mediados dos anos trinta do século XX, un grupo de indíxenas pediron participar na reforma da política colonial británica e fixérono empregando unha linguaxe internacional sobre os dereitos e a titularidade da propiedade aprendida da súa educación beneditina. O xermolo acababa por dar o seu froito.

Con Rosendo Salvado pensabamos que tiñamos descuberto unha illa, pero aconteceu ser todo un continente. A edición das súas *Memorias*, que xa foran anteriormente publicadas en varios idiomas, serve para destacar a vixencia de toda unha filosofía do recoñecemento e da tolerancia, ao tempo de servir de homenaxe a quen deu unha lección non só para o século XIX senón para o presente e o futuro. A cultura galega ben se pode sentir fachendosa desta figura e, con este libro, beber directamente dun texto lúcido e sincero, como propio de quen coñece as cousas de forma directa e non por mediacións alleiras.

RAMÓN VILLARES
Presidente do Consello da Cultura Galega

NOTA SOBRE A TRADUCCIÓN PARA A LINGUA GALEGA

Para a tradución que aquí presentamos tomamos como base a versión en lingua española do ano 1853, a cal, pola súa vez, é tradución do orixinal italiano do ano 1851. Con todo, consultamos en todo o momento o orixinal en italiano, o que nos valeu para optar polas formas e expresións que entendemos máis adecuadas (e mesmo para reparar algún erro na edición da versión castelá, como a incorrecta numeración dos puntos 14 e 15 do capítulo noveno da segunda parte, que non teñen correspondencia co orixinal —no que hai catorce puntos, non quince—). Valémonos tamén da tradución en francés do ano 1854 para aclarar cuestións dúbidas, sobre todo de tipo terminolóxico.

Na edición en lingua galega optamos por manter as notas a rodapé introducidas polo tradutor para o español, de tal xeito que as «Notas do tradutor» as hai que entender como propias deste.

En xeral intentamos manter a maior fidelidade posible aos textos manexados, tanto desde o punto de vista da construción sintáctica como do léxico, ámbito este último no que mantivemos a transcripción gráfica dos termos aborixes realizada polo autor e no que pode apreciarse certo ton arcaizante. Neste sentido, algúns trazos como o emprego de maiúsculas nos cargos (Bispo, Santidade, Gobernador), certa proliferación no uso de comas, algúns usos do xerundio que hoxe serían cuestionables ou a aparición do artigo co nome de países e continentes (a Australia, a India, a Europa, a Oceanía —común naquel tempo ás linguas das edicións manexadas e que perdura en moitos casos ata hoxe mesmo—) teñen a razón de ser na idea de manter un estilo semellante ao dos textos coetáneos de mediados do XIX.

No entanto, no conxunto da puntuación e das convencións ortotipo-gráficas, que mesmo oscilan moitas veces nas propias edicións, tendemos a adaptar o texto ás pautas actuais.

Edicions previas desta obra:

Memorie storiche dell’Australia particolarmente della Missione Benedettina di Nuova Norcia e degli usi e costumi degli australiani, Roma, Coi Tipi della S. Congreg. de Propaganda Fide, 1851.

Memorias históricas sobre la Australia, y particularmente acerca de la Misión Benedictina de Nueva Nursia, y los usos y costumes de los salvajes, Barcelona, Imprenta de los Herederos de la V. Pla, 1853.

Mémoires historiques sur l’Australie, et particulièrement sur la Mission de la Nouvelle-Nursie, París, Alphonse Pringuet, Libraire-Éditeur, 1854.

Memorias históricas sobre la Australia y la Misión Benedictina de Nueva Nursia, Madrid, La Editorial Católica, 1946.

The Salvado memoirs. Historical memoirs of Australia and particularly of the Benedictine Mission of New Norcia and of the habits and customs of the Australian natives, Nedlands, W.A., University of Western Australia Press, 1977.

MEMORIAS HISTÓRICAS
SOBRE
A AUSTRALIA



Excelentissimo e ilustrissimo frei José Serra
Bispo administrador de Perth



Ilustrissimo frei Rosendo Salvado
Bispo de Porto Vitoria

MEMORIAS HISTÓRICAS
SOBRE
A AUSTRALIA
E PARTICULARMENTE SOBRE A
MISIÓN BENEDITINA DE NOVA NURSIA
E
OS USOS E COSTUMES DOS AUSTRALIANOS

POLO

ilustrisimo padre frei Rosendo Salvado

BISPO DE PORTO VITORIA

ADVERTENCIA

A medida do pé inglés da que con tanta frecuencia se fai mención no decurso da obra está marcada no mapa que está posto a continuación.

AO EMINENTÍSIMO E REVERENDÍSIMO SEÑOR CARDEAL

SANTIAGO FILIPE FRANSONI,

DO TÍTULO DE SANTA MARÍA DE ARACOELI,
PREFECTO DA CONGREGACIÓN DE *PROPAGANDA FIDE*
ETC. ETC. ETC.

EMINENCIA REVERENDÍSIMA:

Accedendo aos desexos de moitas persoas piadosas que se alegran de todo corazón de que se propague a nosa santa fe entre as bárbaras e salvaxes tribos do novo mundo, decidinme a dar á luz algunhas memorias relativas á Australia e máis en particular a Nova Nursia, describindo os usos e costumes daquelas tribos que, por habitaren na contorna da misión, puiden coñecer máis a fondo e examinar delongadamente.

Procurei con todas as miñas forzas levar a cabo, o menos mal que me foi posible, un traballo que debía ofrecer a vosa eminencia, mais con fondo sentimento vexo que non acadei nin con moito o que desexaba. E se non contase coa innata bondade de vosa eminencia, e coa impar benevolencia con que adoita acoller ata a máis pequena fatiga do misio-neiro, de certo que non tería ousado poñer un nome tan venerable e esclarecido como o de vosa eminencia á fronte desta miña obríña. Esta é, eminentísimo señor, pobre e espida de todo mérito literario, mais atrévome a asegurar que achará vosa eminencia verdade na narración, e un árdego desexo da gloria de Deus e da edificación dos meus lectores.

Dígnese, pois, vosa eminencia, coa magnanimidade que o distingue, aceptar este meu humilde ofrecemento; dígnese poñelo so a súa protección e consideralo como cousa propia; porque, en efecto, vosa eminencia foi quen, sacándome do claustro do meu gran patriarca san Bieito, me alcanzou do Vigairo de Cristo a graza, para min inapreciable, de ser en-

viado por primeira vez á Australia como misioneiro apostólico. E despois, polas mans mesmas de vosa eminencia, fun elevado, aínda que indigno de tanto honor, á dignidade do episcopado, co fin de que esta sagrada unción me infundise novos azos e novo valor para continuar a grande obra da propagación da nosa Relixión sacrosanta, e da civilización daqueles malpocados australianos, que, sumidos na barbarie, xacen aínda para a maior das desgrazas baixo o duro xugo do príncipe das tebras.

Finalmente, eminentísimo señor, facendo votos pola maior prosperidade de vosa eminencia e renovando os sentimentos do máis profundo respecto e veneración, teño a honra de me declarar de vosa eminencia.

Roma, San Calisto, o 15 de agosto de 1850.

O máis humilde e rendido dos seus servidores

Rosendo, Bispo de Porto Vitoria

PRÓLOGO

É cousa universalmente recoñecida que o afouto e esforzado celo do misioneiro católico non só abre as portas do paraíso a innumerables nacións, senón que as súas observacións e descubrimentos son mormente de proveito para as artes, as letras e as ciencias; de onde se tira que os seus escritos, ao paso que serven de animado pasatempo, excitan o máis vivo interese en toda clase de persoas. E, verdadeiramente, é unha das cousas máis agradables para o europeo a de verse transportar, quer el só, quer rodeado da súa familia, sen abandonar as moles butacas do seu cómodo e delicioso aposento, verse transportar, digo, pola inxenua e sinxela narración do misioneiro desde o hemisferio boreal ao austral, dos intensos fríos das zonas glaciais ás excesivas calores da tórrida, das praias máis afastadas do Occidente aos países máis remotos do Oriente; tan de súpeto sorprendido ao ver a prodixiosa variedade e riqueza dos tres reinos da natureza como considerando a diversidade e rareza das leis, o rudo e groseiro da industria e os costumes tan bárbaros e feroces; ora admirando as fatigas e os perigos do misioneiro unidos ao heroico sacrificio da vida e á máis invicta constancia ante os seus perseguidores e en medio dos máis atroces tormentos; ora, en fin, contemplando piadosamente recollidas arredor da Cruz numerosas hordas salvaxes, que antes só se encontraban para se bater e para se devorar; e, no presente, militando todas baixo a mesma bandeira, a da fe do Crucificado, e vencelladas entre si polos docísimos vínculos da caridade cristiá, lembran moi vivamente os primitivos tempos da Igrexa.

O europeo, que con estas lecturas participa nas alegrías do misioneiro, sen compartir por outro lado as súas fatigas e perigos, ao considerar a infelicidade de tantas xeracións e de tantos pobos, sentirá sen ningunha dúbida nacer no seu corazón afectos do máis vivo recoñecemento cara ao seu Creador polo inestimable don de ter vido ao mundo nun país civilizado e católico.

Nada ten de estraño, pois, o feito de que ao meu regreso da quinta parte do mundo, despois de ter vivido algúns anos en medio das tribos salvaxes, me vise rodeado, apenas cheguei a Europa, de persoas virtuosas e asemade respectables, as cales, ao me oíren contar varias cousas e anécdotas relativas á Australia, aos costumes dos indíxenas e aos progresos da nosa santa relixión naqueles países pouco menos que descoñecidos, me manifestasen os seus desexos de que reunise

todos os datos e noticias e as publicase. Axiña me decatei da dificultade da empresa, tendo que escribir nun idioma que non era o meu¹, e debendo atender por outra parte os graves coidados do meu ministerio, e polo mesmo alegando todas as razóns que me asistían, supliquei que me librasen dela; pero ao cabo tiven que ceder ás demandas de persoas ás que debía o maior agradecemento polos seus cuantiosos e espléndidos donativos en favor dos meus salvaxes. Emprendín, pois, a tarefa coa única idea de dar gloria a Deus e gusto aos benfeitores das misións, e de servir ao mesmo tempo dalgunha utilidade e proveito aos pobres salvaxes, cuxa eterna salvación desexo con tanto ardor.

Escribín, con este fin, algunhas memorias, que dividín en tres partes.

A primeira trata da Australia, logo dalgunhas noticias sobre a Oceanía en xeral.

A segunda trata da Misión de Nova Nursia.

E a terceira, dos usos e costumes dos salvaxes.

Ao falar da Oceanía en xeral, e nomeadamente da Australia, engadín ás miñas observacións particulares canto de importante teñen escrito os viaxeiros de máis sona, tales como Cook, D'Urville, Wilson, Rienzi, Mitchell, Grey, Lang, Leichhardt e outros. No resto da obra non fago máis que contar coa veracidade e exactitude dunha testemuña ocular canto vin e souben polos mesmos salvaxes.

Por fin, invocando a xenerosa indulxencia dos que se dignen ler estas memorias, ousarei pedirllas que teñan sempre presente o que dixen antes, isto é, que o obxecto da obra non é xa o de gañar unha coroa de loureiro, senón o de promover máis e máis a gloria de Deus e a edificación do próximo, e obter da piedade dos fieis os medios e os recursos indispensables para mellorar o estado tanto moral coma civil dos infelices salvaxes, que ignorando os misterios da nosa Relixión sacrosanta, sen a cal é imposible a salvación, xacen aínda nas sombras da morte agardando de nós socorro e compaixón.

1. Un dos moitos méritos que encerra esta obra é o de tela escrito o seu ilustre autor en italiano, malia ser el español de nacemento e ter vivido en España a maior parte da súa vida, de xeito que poucos anos de permanencia en Italia lle abondaron para se familiarizar con aquela fermosa lingua ata o punto de se expresar e escribir nela coa maior fluidez e corrección de estilo.

NOTICIAS PRELIMINARES DA OCEANÍA

1. Descuberta. — 2. Xeografía. — 3. Illas e estreitos. — 4. Montañas. — 5. Volcáns e terremotos. — 6. Ríos. — 7. Cuadrúpedes, volátiles e réptiles. — 8. Peixes. — 9. Plantas. — 10. Etnografía e poboación. — 11. Idioma. — 12. Astronomía e literatura. — 13. Arquitectura e escultura. — 14. Aritmética. — 15. Producións e comercio. — 16. Moedas. — 17. Medidas e pesos. — 18. Música e instrumentos. — 19. Goberno. — 20. Relixión. — 21. Poligamia. — 22. Tatuaxe. — 23. Acollida amigable. — 24. Modo de vestirse e adobiarse. — 25. Pirataría. — 26. Funerais. — 27. Cantos fúnebres. — 28. Metempsicose.

O nome de Oceanía, dado polo xeógrafo Matte-Brun á quinta parte do mundo, abrangue un número case infinito de illas espaxadas en varias direccións nos inmensos océanos Indiano e Pacífico.

Esta vasta rexión, chamada antigamente a *Terra das marabillas e dos fenómenos*, por se ter presentado aos primeiros viaxeiros baixo das formas máis estrañas e caprichosas, aínda hoxe en día está por descubrir en gran parte, pois se actualmente sabemos algo do estado físico daquelas illas e do moral dos seus habitantes débemolo a aqueles varudos e afouts navegantes que, percorrendo aquelas remotas praias, lograron levantar unha punta do misterioso veo que envolvía toda a Oceanía.

Vou agora tratar o máis sucintamente posible das principais descubertas, da posición xeográfica, das producións e dalgúns outros obxectos pertencentes a esta quinta parte do noso globo.

1. Se ao goberno dos Reis Católicos Fernando e Isabel debemos novas rexións pola parte de Occidente, non teñen menos dereito ao noso recoñecemento Xoán II e Manuel, reis de Portugal, polas que descubriron

os seus navegantes cara ao Oriente. Cristovo Colón, Américo Vespucio (ambos ao servizo da España), Cortés, Pizarro e outros moitos trouxéronnos a nova da existencia dunha cuarta parte do mundo, isto é, das Américas. Vasco de Gama, Alburquerque, Dias, Cabral e moitos outros portugueses, tomando a dirección oposta, aportaron intrépidos nas descoñecidas praias dunha quinta parte, é dicir, da Oceanía.

Logo de se facer ao mar en Sevilla, o Almirante Magalhães (portugués ao servizo da España), en 1519, sucaba con feliz resolución as ondas do océano Atlántico pola vía occidental. Este heroe, no curso da súa atrienda viaxe, encontrou un novo paso para os mares da India, e descubriu as illas Marianas e as Filipinas. Asasinado polos salvaxes de Mattan, no poder dos cales caera, deixou ao seu Vicealmirante Sebastián Cano, español, a gloria de levar a cabo a primeira viaxe derredor do mundo.

O desexo de descubrir novos hemisferios fíxose xeral, no século décimo sexto, entre os pobos situados nas costas marítimas. Os gobernos e os particulares competiron en tales empresas que debían un día enriquecelos cos tesouros do comercio, perfeccionar a súa ciencia náutica e abrir aos propagadores da divina palabra un novo e abundante campo. Cada decenio daquel século e do seguinte fíxose notable polo descubrimento dalgunha nova terra.

No ano de 1526 Álvaro Saavedra, español, deixando México e dirixíndose cara ás Molucas, descubriu a Nova Guinea, cando de Tidor volvíaa ao punto de onde saíra. Mendaña, algún tempo despois (1587), explorou as illas chamadas de Salomón, e nunha segunda viaxe (1595) viu as illas Marquesas, cuxo nome lles deu en honra da marquesa de Mendoza, esposa do Gobernador do Perú, e a de Santa Cruz, na cal procurou, aínda que en van, fundar unha colonia.

Luis Torres foi o primeiro que descubriu a parte oriental da Nova Holanda en 1606 e, despois de a costear en dirección do mediodía ao setentrión por máis de novecentas millas, atravesou o estreito que por un espazo de oitenta millas divide a Nova Holanda da Nova Guinea, ao cal deu o seu propio nome, que aínda conserva.

Case na mesma época aportou na Nova Holanda Fernando Quirós, quen lle chamou Australia por estar situada no hemisferio austral. Logo de regresar á súa patria, publicou a relación das súas viaxes (Sevilla 1610), na cal fai mención de moitísimas illas da Oceanía que son ben coñecidas hoxe. En realidade, as primeiras novas da existencia de Taiti, das illas do Espírito Santo e de moitas outras débense aos navegantes españois daquela época.

No decurso de trece anos (1616-29) os holandeses Hartichs, Zeachen, Edels, Nuyts, Witt, Carpenter e Pelsart recoñeceron e visitaron a Australia, á cal chamaron Grande Xava, e cuxos límites meridionais foron indicados en 1642 polo navegante Tasman, tamén holandés, quen ten a gloria de ter descuberto (1644) a Nova Zelandia e Tonga Viti e explorado o golfo de Carpentaria na parte setentrional da Australia.

A Inglaterra e mais a Francia rivalizaron tamén en atopar novas illas na Oceanía. Cowley en 1683 descubriu, ou, por mellor dicir, fixou con exactitude a posición daquela illa que os españois chamaron dos Galápagos. Dampier foi o primeiro que visitou, ao norte da Nova Guinea e da Nova Bretaña, outras illas (1699), e pasou o estreito que separa a primeira da segunda. Bougainville (1769) engadiu a descuberta das illas que chamou dos Navegantes, das Luisiadas e dos Anacoretas.

Mais estáballe reservado ao incomparable navegante Cook darnos unha exacta e completa descrición das numerosas illas oceánicas, das cales se tiñan moi escasos coñecementos, a pesar de dous séculos de continuas investigacións. Apreciable froito das súas tres viaxes derredor do globo (de 1769 a 1779) foron o descubrimento das illas da Nova Caledonia, das Novas Hébrides, de Sandwich, como tamén os fermosos e interesantes recoñecementos da Nova Zelandia, de Nouka-Hawai (onde foi asasinado polos salvaxes o 14 de febreiro de 1779), o da costa oriental da Nova Holanda, das illas de Taiti, Tonga e Hiva, e finalmente o dos estreitos que lembran o seu nome (na Nova Zelandia), e os de Torres e de Behring.

A natureza deste escrito non me permite citar individualmente os nomes de todos os navegantes que antes e despois de Cook engadiron algunha nova terra ás xa coñecidas. Abonda dicir que toda a Europa litoral ten parte no descubrimento da Oceanía, desde Portugal á Rusia.

Mais non debe pasarse en silencio que os misioneiros católicos foron os primeiros en explorar o arquipélago Indiano e gran parte da Polinesia. Débense (por non citar moitos outros) aos padres Cantova, Clain, Cortil, Zúñiga, Legobien, Duberron, Taillandier, De la Fuente, Sanvítores e Gervaise as noticias que adquiriu a Europa de tantos e tan arredados países, cuxas leis, usos e costumes se ignoraban, do aumento que neles tiveron as ciencias e artes, non menos que a mellora e benestar da desgraciada humanidade.

2. A Oceanía está situada entre a América meridional e a África, entre a Asia e o océano glacial Antártico. Ten de largura 2.375 leguas das de 25 ao grao, e 4.650 de longura. A súa superficie, segundo os cálculos dos xeógrafos ingleses, é de oito millóns de millas cadradas, isto é, dúas veces maior que a da Europa.

Os franceses dividen esta vasta rexión en catro grandes partes: Polinesia, Micronesia, Malaisia e Melanesia; mais eu, seguindo os ingleses, dividireina en tres, isto é, en arquipélago Indiano, Australasia e Polinesia.

O arquipélago Indiano abrangue as illas chamadas da Sonda, é dicir, Sumatra, Xava e Borneo; as Molucas, isto é, Célebes, Ceram e as outras inmediatas, como tamén as Filipinas.

A Australasia componse da Nova Holanda, das illas de Van Diemen, Nova Zelandia, Nova Guinea, Nova Bretaña, Nova Irlanda, Nova Caledonia, Novas Hébrides; as de Salomón, Norfolk e moitas outras menos interesantes, espaxadas entre as indicadas.

A Polinesia, finalmente, comprende as illas do Pelew, as Carolinas, as Marianas, as de Sandwich, as Marquesas, as da Sociedade, dos Navegantes, dos Amigos, e un número incontable de pequenas illas mesturadas e diseminadas en medio dos principais grupos.

3. As illas que pola súa maior extensión merecen principalmente sa-
lientarse son as descritas na seguinte

TÁBOA

ILLAS	MILLAS CADRADAS	POBOACIÓN	PERTENZAS	CIDADES PRINCIPAIS	POBOACIÓN DESTAS
Australia	3.000.000	1.000.000	Inglaterra	Sydney	50.000
Borneo	260.000	3.000.000	Holanda	Borneo	10.000
Nova Guínea	250.000	Ignórase	Salvaxes	Ignórase	Ignórase
Sumatra	165.000	2.500.000	Holanda	Bencoolen	10.000
Nova Zelandia	90.000	160.000	Inglaterra	Ackand	Ignórase
Célebes	75.000	100.000	Holanda	Ignórase	Ignórase
Xava	50.000	6.000.000	Holanda	Batavia	65.000
Luzon	31.000	190.000	España	Manila	140.000
Mindanao	28.000	75.000	España	Zamboanga	1.200
Van Diemen	24.000	46.000	Inglaterra	Hobart Town	16.000

Cada unha das illas ten os seus seus ventos particulares, tanto de terra
coma de mar, os cales sopran periodicamente nunhas de día e noutras de
noite. Os estreitos principais son cinco: o da Sonda, entre Sumatra e Xava;
o de Macassar, entre Borneo e as Célebes; o de Torres, entre a Nova Gui-
nea e a Australia; o de Bass, entre a Australia e Van Diemen; e o de Cook,
entre as dúas illas da Nova Zelandia.

4. As cordilleiras dos montes están en dirección do norte ao medio-
día, como as de América. Os montes máis notables pola súa elevación son
os chamados Ophir, en Sumatra; Geta, en Xava; Cristal, en Borneo; Blue
ou Azul e Darling, na Nova Holanda; e Egmond, na Nova Zelandia.

5. Dos cento noventa e cinco volcáns que contén o globo enteiro, a
Oceanía soa conta con cincuenta e oito nas súas innumerables illas. Os
terremotos son bastante frecuentes, e sono máis e máis fortes naquelas
illas cuxas terras son máis volcánicas e os volcáns máis baixos.

6. Advertirei que os ríos máis considerables son o Kataun e o India-padura en Sumatra; Banjarmassin e Borneo na parte deste nome; na Nova Holanda, Murray e Darling; e en Van Diemen, o Derwent e o Tamur.

7. Das varias especies de animais que viven no territorio da Oceanía, algunhas atópanse por todas as partes, outras son particulares dalgunha das tres grandes divisións arriba descritas, e mesmo dalgunha das illas en especial. Na Nova Holanda, ou sexa, na Australia, atópase o kangarú, o *opossum*, o can que non ladra, o ornitorrinco, o ecquidne, as formigas brancas, que roen ata as árbores chamadas de ferro, o lagarto espiñento, un número incontable de papagaios de toda especie e cor, os cisnes negros, o emú (ave un pouco menor ca a avestruz), e algunhas especies de réptiles e de animais anfíbios indíxenas. En Sumatra hai o elefante, o rinoceronte, o hipopótamo, o oso tigre, a londra, moitas especies de monos, o gato cibeto e outros moitos animais. Son naturais dos bosques de Borneo os *orang-outangs* (homes salvaxes) e os monos da estatura maior que se coñece, así como xigantescos e ferocísimos búfalos silvestres, tigres, elefantes e osos. As Filipinas crían crocodilos e serpes dotadas dun veneno moi activo; as illas das Especies, aquelas aves que pola fermosura das súas plumas son chamadas do paraíso, e serpes de máis de trinta pés de longo. Tamén na Nova Guinea hai moitas variedades de aves do paraíso, pombas da cor de cobre e innumerables papagaios.

8. Os mares da Oceanía están poboados de baleas e vitelos mariños. Nas súas costas péscanse as ostras comúns e as que crían as perlas, e toda especie de peixes menores, cuxa mordedura en gran número deles é venenosa. Pero o máis admirable daqueles mares son os bosques (como poden chamarse) de zoófitos, que circundan os bancos de area coma unha muralla, e forman dentro da auga escollos de moito perigo. É cousa sabida que estas plantas-animais destilan unha certa materia que axiña se volve dura e converte pouco a pouco nunha masa sólida as illas areentas, debaixo das cales nos abismos do océano naceron e creceron. A costa oriental da Nova Holanda está enormemente sementada, ao longo de máis de trescentas cincuenta millas, de enormes baixíos formados pola acu-

mulación dos zoófitos. Unha cadea máis longa aínda esténdese entre a Nova Holanda e a Nova Guinea, motivo polo cal é sumamente difícil e perigosa a navegación por aquel estreito.

9. Encóntranse na Oceanía de sete a oito mil especies de plantas, das cales máis de catro mil só na Australia.

10. Os sabios dividiron en catro diferentes razas os habitantes desta nova parte do mundo, que son: a malaia, a daia, a andamena e a papuana. Non obstante, moitos viaxeiros non menos instruídos, tendo en conta os caracteres físicos e morais daqueles pobos, non distinguen máis ca dúas razas, que son a malaia e a papuana. A poboación da Oceanía calcúlase que é de vinte millóns.

11. Os innumerables dialectos usados naquelas vastas rexións crese xeralmente que derivan do idioma malaio, que é o que con preferencia se adopta para os negocios mercantís. Fálase o malaio en toda a súa pureza na illa de Sumatra, de onde é orixinario, e ten unha dozura e unha flexibilidade de sons igual ao italiano e ao portugués. Os habitantes das Novas Hébridas falan case os mesmos dialectos, mais con certo asubío na pronuncia, o que o fai difícil para os europeos, ao contrario dos da Nova Holanda, cuxa linguaxe é fácil e harmoniosa.

12. As ciencias que teñen a súa orixe nas observacións do firmamento (que son as que primeiro se introduciron nos pobos incultos) son coñecidas aínda que imperfectamente por algúns pobos da Oceanía. Os malaiois, os tagaleses e, máis ca todos, os bouguis coñecen o curso dalgúns planetas, e guíanse por eles nas súas navegacións. Os bouguis dividen o seu ano solar, composto de trescentos sesenta e cinco días, en doce meses, empezando a contalos desde o 16 de maio. Estes pobos avantan en cultura todos os demais da Oceanía, e teñen unha literatura propia e moitas obras sobre a historia, a relixión e as leis patrias. Posúen tamén, e circulan entre eles de man en man, moitas traducións do árabe, do malaio e do xavanés; novelas e himnos fundados en tradicións nacionais que non deixan de ter certas belezaas poéticas. Entre os tagaleses e os be-

saíos consérvase algunha mala tradución dos dramas relixiosos españois, e tamén algunhas cancións.

13. A arquitectura preséntase en toda a rudeza da súa primitiva sinxeleza. No entanto, as casas de Tonga e da Nova Zelandia unen a solidez a unha particular elegancia. Os monumentos sagrados das montañas de Lawon, na illa de Xava, son grandiosos restos da arquitectura hindustana, á cal pertencen tamén os vestixios das construcións de Sumatra, Borneo, Bali e Célebes. Nos templos de Brambanas e de Xava non poden deixar de admirarse as estatuas colosais, as columnas e os baixorrelevos executados cunha finura exquisita e sorprendente. Mais a escultura emprégase con preferencia para o adorno das góndolas ou canoas, e esta arte, que equivale á nosa de entallar madeira, sobrancea pola súa intelixencia e bo gusto entre os korokoros, os malaios e, sobre todo, entre os polinesios. É sonada a lixeireza das barcas das Carolinas e de Oulia, as cales xustamente teñen merecido o nome de barcas voadoras. Son tamén merecentes de mención as dobres chalupas dos habitantes de Taiti, Haovai e Rotouma. Estas construcións consérvanse só por unha especie de tradición que se vai perdendo a medida que os europeos levan alá o ferro, a prata, os modelos das súas embarcacións e os resultados das súas ciencias.

14. Ben pode dicirse que a aritmética é completamente descoñecida na Oceanía. Os xavaneses deixan ás súas mulleres o coidado do cálculo e do troco, para o cal se serven de caracteres tomados dos hindustanos. Polo demais, entre os malaios as funcións de contabilidade comercial exércenas os chineses, e tamén os indios na parte do Coromandel. Mais des a illa de Macassar ás de Nouka-Hiva advírtese que son moi limitados os coñecementos de aritmética, porque algúns habitantes das illas non contan máis ca ata tres ou cinco, outros só ata dous. Para algúns a unidade é o noso catro, e moitos empezan polo dous e non pasan de seis. Os antigos habitantes de Xava tiñan unha escritura simbólica, da que usaban unicamente en lugar de data, e con ela indicaban os números de un a dez.

15. O ouro e outros metais preciosos, os diamantes e as perlas, as madeiras odoríferas, e aquelas que pola súa dureza se distinguen co nome de

férreas, plumas, drogas e teas, son xéneros que abundan na Oceanía. Fan aqueles pobos entre si e tamén cos chineses un comercio máis ou menos animado, segundo as circunstancias, de armas salvaxes, de canoas sumamente lixeiras (algunhas das cales se recoñeceu que pola súa construción son semellantes aos botes máis lixeiros e de moderna invención da Inglaterra), de niños de paxaros, de froitas, especialmente da da árbore do pan, de arroz e doutros innumerables obxectos. Aínda que case todos os habitantes das illas da Oceanía comercian entre si e tamén cos estranxeiros, non deixan, porén, de acharse algúns pobos canibales e nómades inimigos de toda comunicación cos estraños, e que, non tendo a menor idea do comercio nin de tráfico, se ven privados daquelas vantaxes que deles resultan tanto aos individuos en particular coma en xeral á sociedade.

16. Adoitan os salvaxes facer o seu mutuo comercio trocando entre si varios xéneros. Non obstante, en Palebang, Anchin, Bantan e Chenbon circulan certas pequenas moedas de estaño, das cales cincocentas sesenta equivalen a un peso forte. Hai xa moito tempo que tamén corre moeda no arquipélago Indiano; mais son moi raras as moedas antigas, e só en dúas ocasións se teñen visto moedas de prata. En moitos lugares da Polinesia teñen o valor de diñeiro os dentes de balea.

17. A cunca da man é o recipiente máis pequeno adoptado polos malaos para mediren o arroz e outros obxectos; tres cuncas forman a medida maior, que corresponde á concavidade formada polas dúas mans xuntas. Nas proximidades de Sumatra sérvense de dous grans de arroz para pesar o ouro. O coñecemento da balanza veulles da Asia occidental; agora en xeral adoptáronse os pesos e medidas coas proporcións e mesmo cos termos europeos.

18. Todos os pobos da Oceanía teñen unha extraordinaria paixón pola música. En Xava, máis ca noutra parte, fixo grandes progresos. Non falo agora da música europea transportada a aqueles países, como ás Filipinas, polos españois e polos crioulos de México e do Perú establecidos en Manila, senón unicamente da música nacional e indíxena. Teñen moitos e varios instrumentos de vento, un dos cales, máis en uso na illa de Bali,

ten a forma dunha fruta de máis dun metro de longo, o cal dá un son que se parece bastante ao do clarinete. Os instrumentos de corda pódense reducir a tres variedades; isto é, un que tocan coma a arpa, que ten quince cordas; unha especie de guitarra moi en uso entre os montañeses de Sonda e de Xava; e outro semellante ao violín, tocado co arco, e que só ten dúas cordas. Hai, ademais, varias especies de tambores, todos da súa particular invención (aínda que coñecen tamén o árabe e o europeo), e moi particularmente un de cobre ou estaño que ten cinco pés de diámetro, o cal, polo seu fermoso e sorprendente son, sería digno de acompañar, tocado por mans hábiles, as melodías das nosas grandes orquestras.

19. Semella que todas as formas posibles de goberno civil están postas en práctica nunha ou outra parte da Oceanía. Mais o carácter xeral de todos os gobernos, ben que con diferentes proporcións, é o feudal; e este carácter axéitase particularmente aos usos e leis das sociedades primitivas. Dividindo despois a Oceanía en varias partes, achamos que os pobos do arquipélago Indiano teñen a monarquía baixo varias formas algo modificada pola aristocracia hereditaria. Os do arquipélago das Molucas e da Australia góbernanse dun modo patriarcal e illado, formando cada familia unha pequena sociedade, baixo a independente soberanía do seu propio xefe. En moitos daqueles pobos hai casas destinadas ás reunións públicas.

20. Case todos os cultos teñen na Oceanía os seus secuaces. O islamismo semella que é o máis estendido nos lugares algo máis civilizados do arquipélago Indiano. Na Australia, nalgúns puntos de Borneo, nas illas de Pelew e nalgunhas outras partes, non semella que haxa ningunha especie de culto exterior. Recoñecen, non obstante, cando menos, un espírito superior a eles mesmos, mais ao cal non adoran nin ofrecen sacrificio de ningún tipo. A relixión católica vaise estendendo marabillosamente naquelas illas a que foi levado e chantado o estandarte da Santa Cruz polos enviados do Señor.

21. A poligamia (ou sexa, ter moitas mulleres) é xeral en toda a Oceanía, e o número de mulleres aumenta en proporción ás riquezas ou á in-

fluencia que ten un home sobre os demais. Este exceso de incontinencia vai unido ao inhumano pracer de se alimentar de carne humana, pola que degoxan moitos pobos da Oceanía, chegando algúns ao extremo de devoraren os corpos dos seus defuntos (arrepío causa dicilo) aínda tres días despois de teren sido soterrados.

22. Desprezando as dores físicas, sofren cunha indiferenza estoica e ata por puro gusto as máis fortes sensacións. Exemplo disto é a tatuaxe, ou sexa, o costume de abrir no seu corpo, e mesmo na súa cara, anchos e disformes sucos, cos cales pretenden ser máis ben parecidos, e máis enfeitados, arrogándose en certo modo o dereito de corrixir a natureza. Canto máis se desangran e se desfiguran aqueles infelices, canto máis fondas son as cortaduras e monstruosas as protuberancias que lles quedaron, tanto maior aire se dan de fermosura e mesmo de galantaría. Finalmente as mulleres con este bárbaro costume chegan, a forza de se facer cortaduras, a unir os dous peitos, de xeito que aparenta que os dous non lles forman máis ca un. Sérvense para tal obxecto de cunchas e pedras cortantes, sen que apliquen cor ningunha. Outros, e son os illáns menos bárbaros, executan a expresada operación coa punta de moitos ósos introducidos xuntos na pel, botando despois sobre as súas feridas o zume da codia de certa árbore, ou ben po de carbón disolto en auga, co que o sinal da incisión queda pintado da cor que se lle aplicou. Estes salvaxes amosan, polo menos algunha vez, nos seus corpos e rostros pintados un obxecto menos repugnante; e mesmo, como sucede cos guerreiros de Nouka-Hiva e outros, a diversidade das cores, a finura e o bo gusto do debuxo teñen un non sei que de agradable.

23. O amigo é recibido na Oceanía con vivas demostracións de lelicia, así como con cánticos e pólas de verdes árbores. O saúdo en moitos destes pobos consiste en acercarse mutuamente o nariz; e é un sinal do máis profundo respecto non só entre os daías de Borneo, senón tamén entre moitos outros habitantes das illas, tomar o pé ou a man da persoa a quen se quere honrar, e aconchegalo ao rostro, pasándoo suavemente por el.

24. Os modos de vestir varían dun lugar a outro. Algúns salvaxes cinguen enteiraemente o seu corpo con finas teas fabricadas por eles mesmos coa codia das árbores, como os illáns de Tonga; outros envólvense nunha especie de capa tecida con aquel liño que os naturalistas chaman *Phormium tenax*, como os habitantes da Nova Zelandia; e moitísimos outros, como os taitianos, non levan máis vestido ca un pequeno e estreito pano con que cobren o que exige o pudor natural; e hainos tamén que nin sequera isto levan. Algúns coróanse con flores, outros prefiren os dentes de balea ou doutro animal. Non poucos, e entre eles os novos zelandeses, poñen na cabeza e nos brazos plumas de varias cores, e atravesan as orellas con paus pintados. Non só isto, senón que para os salvaxes de Nouka-Hiva a orella é un moble, do cal penduran todo tipo de obxectos, tanto atopados ou regalados coma roubados. Tense visto algúns adornárense levando penduradas das orellas, coma pependentes, baquetas de fusil roubadas aos europeos, e xa se sabe o que pesa unha baqueta de fusil.

25. Os habitantes de Célebes, Poulk, Bali, Borneo, Halo, Timor e de moitas outras illas exercen a pirataría. É imposible describir os horrores da súa refinada barbarie.

26. Os varios modos e cerimoniais que usan os habitantes da Oceanía nos seus funerais son na súa maior parte conmovedores e imponentes. Os homes máis guerreiros e crueis depoñen naquel triste e solemne momento o seu carácter fachendoso e feroz, deixando ver na súa expresiva faciana sinais dunha profunda dor. Mesmo aqueles que non pertencen para nada á familia do defunto manifestan nas súas maneiras estar posuídos dun pesar inexplicable. Pero moito maior é aínda o desconsolo das nais. Algunhas cortan un anaco de cabelos dos seus defuntos fillos, e gárdanos con relixiosa veneración; outras, en sinal de sentimento, levan consigo unha corda, na cal fan tantos nós cantas son as noites que transcorren despois da morte do seu fillo.

27. Os laios e cantos fúnebres non só teñen lugar no instante da morte, senón que ás veces continúan aínda moitas semanas despois de enterrado o cadáver. Nalgunhas partes as mulleres esfolan a cara, e corre

o seu sangue mesturado con copiosas bágoas. Outras quitan a pel do nariz ou pintan a cara; pero sempre vai isto acompañado dun amargo pranto. Despois de enterrado o cadáver, botan flores sobre o lugar en que o colocaron, e adórnano con verdes ramos e outros obxectos agradables. Algúns acenden durante un tempo fogueiras sobre as sepulturas, ou constrúen sobre estas unha pequena cabana. Conclúe a función cun canto fúnebre acompañado de coros, do que se pon aquí unha mostra:

«O tempo que nos queda será para nosoutros unha noite eterna».

«O sol que nos animaba eclipsouse».

«A lúa que nos animaba escureceu».

«A estrela que nos guiaba desapareceu».

«Todo o perdemos».

«¿Que será de nosoutros sen a gloria do noso país?».

«A vida só será para nosoutros un peso» etc.

Nestes laios pasan todo o día da cerimonia e mesmo gran parte da noite.

28. A maior parte dos oceánicos cren na inmortalidade da alma, e moitos admiten a metempsicose, isto é, a transmigración da alma a outros corpos.

Despois de tocarnos brevemente o que pertence en xeral á Oceanía, paso a dar algunha noticia do que é peculiar á Australia.

PARTE PRIMEIRA

A AUSTRALIA

CAPÍTULO PRIMEIRO

1. Descuberta. — 2. Límites, extensión e distancia da Europa. — 3. Mares que a rodean. — 4. Illas pertencentes a ela. — 5. Estreitos. — 6. Golfos. — 7. Portos e baías. — 8. Cabos. — 9. Promontorios. — 10. Montañas. — 11. Outeiro ardente. — 12. Ríos. — 13. Lagos. — 14. Variedades do clima, estacións e ventos. — 15. Diferenza entre o meridiano de Londres e o de Sydney. — 16. Constelacións e estrelas. — 17. Aurora austral.

A Australia ou Nova Holanda (que baixo ambos os nomes é coñecida) é considerada polos xeógrafos, debido á súa grande extensión, como o continente da quinta parte do mundo, ou sexa, a Oceanía.

Vou agora falar coa brevidade posible desta terra, cuxo interior é pouco menos ca descoñecido, da súa posición xeográfica, dos seus produtos e de todo o demais que a ela pertenza, empezando pola súa descuberta.

1. Antes de os europeos teren coñecemento da Oceanía, as costas setentrionais da Australia eran frecuentadas por algúns pobos do arquipélago Indiano, como os malaios, os macassares e outros, con motivo da pesca, que era e é aínda abundantísima naqueles mares. Discútese entre os que se teñen dedicado ao estudo das antigüidades xeográficas a cal dos nosos navegantes debe concederse o mérito de descubrimento tan in-

terezante. O Abade Prevôt e o Presidente de Brose atribúeno ao seu compatriota Paulmier de Gonneville; mais non é indubidable que este Capitán teña dereito a tal descuberta, posto que da narración contida no seu mesmo diario se deduce que en 1504 aportou en Madagascar, e non na Australia.

Semella máis probable que os portugueses, por mor das colonias que xa tiñan nas Indias e nas illas das Especies, podían desde os primeiros anos do século décimo sexto ter tido algún coñecemento das terras australianas, xa que nun plano hidrográfico de Xoán Rotz, ao servizo de Portugal, que dedicou no ano de 1542 ao Rei da Inglaterra, co nome de Grande Xava, se encontra delineada, cara á parte meridional das Molucas, unha considerable extensión de terreo, que sen dúbida era o país que vou describir. Por esta razón, con moito fundamento se pode atribuír aos portugueses a honra de teren dado a coñecer a existencia daquela inmensa terra. Malia isto, a Australia continuou a ser descoñecida e como unha terra misteriosa ata o ano de 1616, no cal Luís Torres, segundo Comandante dunha expedición española, logo de se separar no océano Pacífico do seu Almirante Fernando Quirós, e dirixíndose cara ao occidente, topou coa parte oriental da dita rexión. Costeouna do sur ao norte ao longo de máis de novecentas millas, e logo descubriu e pasou o estreito que tomou o seu nome (estreito de Torres), e que por outras oitenta millas separa a Nova Guinea da Australia.

No mesmo ano, o navío holandés *Duythen*, enviado de Bandam para explorar as costas da Nova Guinea, recoñeceu a parte setentrional da Grande Xava ao oeste do estreito de Torres; e á terra á que aportaron aqueles holandeses déronlle o nome de Cap Keer-Weer, ou sexa, cabo do Retorno.

O Almirante Quirós chegou tamén en 1608 ás praias daquel continente, ao cal chamou Australia por estar situado no hemisferio austral. A relación que fai aquel intrépido navegante das súas viaxes, publicada en Sevilla en 1610, e que en pouco tempo foi traducida do español en

varias linguas, suscitou unha loable emulación entre os gobernos e entre os particulares europeos.

Oito anos despois de Quirós, o holandés Teodoro Dirck-Hartichs, navegando rumbo á India oriental, dirixiuse (1616) a unha das illas que caen á parte occidental, a carón da embocadura da badía dos Cans Mariños (así chamada polo gran número que hai nela destes peixes), e deténdose dous días na dita illa, deixou nela unha memoria do seu paso gravada nunha prancha de estaño e deu o nome do seu navío a aquela porción de costa, que chamou terra de Eeindracht.

O navío *Mauritius*, da mesma nación, fixo, pola súa banda, algúns descubrimentos nas proximidades de William's River, e no mesmo ano de 1618 déuselle o nome de Van Diemen a unha parte das terras setentrionais.

En 1619 J. Edel deulle o seu á porción de costa occidental que se estende cara ao mediodía da terra de Eeindracht dos 27 aos 34 graos de latitude meridional. Na mesma época foron descubertos os baixíos de coral de Houtman's Abrolhos, se non por Edel polo menos por outro navegante contemporáneo seu.

O navío *Leeuwin* dobrou en 1622 o cabo que divide a parte occidental da meridional. A este cabo déuselle o nome daquel navío (Leuwin), así como é coñecida coa do navío *Arnheim* a costa setentrional cara aos 133 graos de lonxitude, onde foi morto polos salvaxes en 1623 Xoán Cartens, Capitán da expresada embarcación.

Pedro Nuyts estendeu en 1627, por un espazo de máis de mil millas, a descuberta da parte meridional, á que puxo o seu nome, así como no ano seguinte Witt lle deu o seu á terra situada entre os 14 e 21 graos de latitude meridional.

Xunto ás rochas Houtman's Abrolhos, Francisco Pelsart naufragou en 1629. Este navegante, para apazugar algúns motíns da súa tripulación, viuse obrigado a deixar no continente austral, que cae cara ao oriente diante dos Abrolhos, algúns dos revoltosos, dos cales nunca máis se tivo noticia.

O Capitán Gerrit Tomaz Pool foi enviado en 1636 a explorar a costa setentrional. Desgraciadamente foi asasinado polos salvaxes, case no mesmo punto onde trece anos antes o fora Cartens. Malia isto, Pieterz Pietersen, da mesma expedición, examinou polo miúdo o golfo de Van Diemen, que se acha na mesma costa.

En 1642 Tasman descubriu a parte meridional da illa que chamou de Van Diemen, supoñendo que era a terra máis meridional do continente austral. Deulle o citado nome en honor do Gobernador xeral de Batavia daquela, ben que era xa coñecida co mesmo nome unha porción considerable aquel país, cara ao norte. Nunha segunda viaxe, verificada o ano seguinte, explorou o golfo de Carpentaria, a terra de Arnheim e a de Van Diemen cara ao norte. Remitiu despois unha exacta relación de todas as súas operacións aos Estados xerais da Holanda, os cales decretaron en 1665 que se lle puxese o nome de Nova Holanda á terra coñecida ata entón cos de Grande Xava, Grande Terra do Sur e Australia. Mais os ingleses conservaron este último, posto por Quirós, como o máis propio e adecuado.

O Capitán inglés Dampier descubriu nos anos 1688 e 1689 parte da costa noroeste, e deulle o seu nome ao arquipélago que se acha aos 21 graos de latitude meridional.

William Ulaming, encargado de verificar algúns descubrimentos na costa occidental da Australia, a fins do Nadal de 1696 achábase xa preto da illa de Rottenest. Tomou terra no continente austral, e puxo o nome de Black Swan ao río que desauga naquela parte. Deu motivo a este nome o ter visto nel por primeira vez cisnes negros, os cales anteriormente eran completamente descoñecidos dos europeos. Ulaming seguiu percorrendo a costa en dirección ao norte, e o 3 de xaneiro de 1697 tocou na illa en que oitenta e un anos antes aportara Hartichs. Atopou a prancha que deixara aquel navegante compatriota seu, e antes de a volver colocar no toro dunha árbore, puxo nela unha curta inscrición para memoria do seu paso por aquelas costas.

Explorou Ulaming ao longo de máis de seiscentas millas a costa occidental da Australia, e en cada unha das radas en que botou a áncora deixou unha memoria súa, segundo resulta do número progresivo da que deixou escrita ao pé da de Hartichs.

Pero, menos afortunado que aqueles que lograron dar o seu nome ou o da súa embarcación a algún punto de terra ou de mar, a man dos salvaxes ou o inexorable tempo destruíron todo tipo de memoria das súas perigosas viaxes.

As narracións que fixeron estes navegantes da Australia non moveron a cobiza nin a curiosidade dos europeos, que deixaron de se ocupar dela durante moitos anos; e aínda que Bougainville descubriu en 1760 algúns bancos que están preto da expresada terra, cara á parte oriental, non chegou, porén, a visitar aquelas costas, doutra banda case por completo descoñecidas.

Ao famoso Cook estaba reservada esta gloria. E, en efecto, en 1770 aportou na enseada Botánica (Botany Bay), así chamada pola grande abundancia e variedade de plantas que achou nela. Tomou posesión do dito punto en nome do Goberno inglés, colocando a bandeira nacional sobre unha pirámide de pedras que levantou con este obxecto. Seguindo a súa viaxe cara ao norte, o seu navío houbo ir a pique, ao chocar violentamente coas rochas que están fronte ao cabo nomeado, por este suceso, de Tribulación. Alixeirado o buque dos canóns e dalgunhas provisións menos necesarias, que guindou ao mar, puido chegar ao porto chamado por el Endeavour, ou sexa, dos esforzos, onde puido arranxalo perfectamente. Malia este contratempo e as dificultades que tivo aínda que vencer, o intrépido e afouto Capitán proseguiu a súa viaxe, e explorou atentamente as costas orientais des o cabo Howe ao cabo York, nunha extensión de máis de dúas mil millas.

Se os navegantes que sucederon a Cook non presentan descubertas de grande interese, non obstante, fixando exactamente moitas posicións, indicando as radas máis seguras para o desembarco, os perigos ocultos das barras de area, os baixíos de coral e as direccións das correntes, teñen

prestado un verdadeiro servizo á humanidade e á ciencia. Deste número son Bligh, Edwards e Pertlock (1789-98), os cales nos deixaron noticias moi interesantes para a navegación da parte setentrional do estreito de Torres. Vancouver na parte meridional descubriu en 1794 o pequeno pero seguro porto do Rei Xorxe (King's George's Sound). O cirurxián Bass en 1797 encontrou o estreito que divide a Australia da illa Van Diemen, chamada polos franceses Tasmania, do nome do seu descubridor Tasman. Baudin tocou na terra de Eeindracht en 1804, e atopou, case perdida entre a area, a prancha aquela de estaño coas inscricións de Hartichs e Ulaming de que falei antes. Decía a primeira destas dúas inscricións: «O día 25 de outubro de 1646 chegou a este lugar o navío *Eeindracht* de Ámsterdam: Capitán Dirck-Harticht de Ámsterdam etc.» e a segunda, así: «Aquí detívose o navío *Geevinek* de Ámsterdam: Capitán Willem de Ulaming de Ulictandt, o día 4 de febreiro de 1697 etc.»

O Capitán Baudin, para que non se perdesse enteiramente este monumento, creu máis prudente quedar con el e levalo a Europa, e hoxe en día consérvase en París.

O Capitán King desde 1818 a 1822 explorou as costas setentrionais tan polo miúdo que o seu traballo é un modelo de paciencia e precisión. As observacións do naturalista Cunningham, que formaba parte da expedición, déronnos o máis detallado coñecemento da flora daquelas rexións. Ao mesmo tempo, Freycinet percorría pola parte de occidente a badía dos Cans Mariños, e D'Urville en 1827 exploraba pola do mediodía o porto do Rei Xorxe, o de Western e a enseada de Jervis.

Finalmente, en 1838 o Capitán Grey descubriu cara ao occidente, preto dos 28 graos de latitude meridional, o porto que tomou o seu propio nome. Tyers, ao ano seguinte, explorou o de Essington na parte setentrional, e é un dos mellores da Australia; e J. Moore en 1840 examinou en dirección ao oeste os baixíos de Houtman's Abrolhos, e o porto de Grey, que despois foi chamado Champion's Bay (abra do Campión), do nome do navío que mandaba Moore.

A aqueles descubrimentos, pois, débese o feito de que as costas da Australia sexan hoxe bastante coñecidas; pero o seu interior, malia as moitas expedicións que a el se teñen dirixido e das que falarei noutro lugar, é aínda descoñecido na súa maior parte.

2. Esténdense os límites da Australia desde os 11 aos 39 graos de latitude meridional, e desde os 113 aos 154 de lonxitude ao leste do meridiano de Greenwich na Inglaterra. Do norte ao sur ten preto de dúas mil millas, tres mil do leste ao oeste e oito mil de perímetro. A súa superficie é pouco menor que a da Europa, chegando a tres millóns de millas cadradas.

Necesítanse pouco menos de catro meses para ir a aquel país desde a Inglaterra nun buque de velas, xa que tan longa travesía (dezaseis mil millas) non pode facerse con vapores.

3. Atópase cara á súa parte oriental o inmenso océano Pacífico, no cal á distancia de novecentas millas está a Nova Caledonia, e máis alá, cara ao sur, a Nova Zelandia. Cara á parte occidental están os abismos do océano Indiano, que se estenden ata as costas da África, cuxa travesía se pode verificar en corenta días de navegación, baixo o suposto de que sexa favorable o tempo. Pola parte setentrional atópase o arquipélago Indiano, e logo as illas do imperio do Xapón e a China. Ao sur áchase o océano Austral, que se estende ata o polo Antártico, e des África ata América.

4. Rodean a Australia bo número de illas máis ou menos grandes, que son consideradas como dependentes dela. As máis importantes son as do Príncipe de Gales, Wellesley, Great, Groote, Melville e Bathurst ao norte; de Dampier, Barrow, Dirck-Hartichs, Abrolhos, Rottenest e Garden ao oeste; ao sur as de Recherche, Nuyts, Kangarú, King, Furneaux e Van Diemen ou Tasmania; e ao leste as de Northumberland, Cumberland, Sandy, Moreton, Stradbroke e Albion.

5. Pola parte do norte a Australia está separada da Nova Guinea polo estreito de Torres, que ten máis de oitenta millas de longo, e pola do sur estao da de Van Diemen polo de Bass, que ten cento vinte.

6. Os golfos máis notables son: cara ao norte, os de Cambridge, Admiralty, Van Diemen e Carpentaria, que ten trescentas noventa millas de longura e cento trinta de largura; ao sur, os de Spencer e de San Vicente; ao occidente atópanse as badías dos Cans Mariños (Sharks's Bay), do Campión (Champion's Bay), Jurien e Geografer; as de Steaford, Encounter e Portland ao sur; e a Botánica (Botany Bay), Glass, House e Hervey ao oriente.

7. Ao longo das costas atópanse moitos e excelentes portos naturais, entre os cales merece o primeiro lugar o de Jackson (porto da capital de Sydney). Capaz para conter todas as frotas do mundo, é ademais moi a propósito para defendelas do furor dos ventos e tempestades. Os portos de Macquarie e Stephens están na parte oriental como o de Jackson; os de Phillip, Western, Faire, Gower e King's George's Sound na do sur; e na do norte está o de Essington.

8. Considéranse como os principais cabos os de York, Talbot e Leveque cara ao norte; os de Nord-Ovest, Naturalista e Leeuwin cara ao occidente; os de Knab, Catastrophe, Nelson e Liptrap cara ao sur; e cara ao oriente os de Howe, Byron, Sandy, Flattery e Tribulación.

9. A Australia marca os seus límites meridionais co único promontorio que nela se coñece, que é o chamado Wilson, fronte á illa de Van Diemen.

10. As montañas da Australia, inferiores en altura ás da Asia e tamén ás da Europa de primeira orde, divídense en moitas cordilleiras: as máis considerables, coñecidas ata o día, son: a occidental ou Darling, que corre do norte ao sur por espazo de máis de catrocentas millas. Ningunha das montañas que compoñen esta cordilleira chega xeralmente a máis de mil cincocentos pés de elevación, exceptuando os cumes dos montes William e Keat, que teñen tres mil seiscentos. Na súa dirección do norte ao sur segue a costa con esta cordilleira unha liña paralela, á distancia de preto de vinte millas. A cordilleira oriental, chamada Blue ou Azul, levántase máis de seis mil setecentos pés sobre o nivel do mar, e domina igualmente

a costa en liña paralela como a Darling, á distancia de trinta millas ou talvez menos.

As montañas chamadas os Pireneos austrais forman ao sur unha cordilleira moi considerable, cuxas cimas se descubren desde o mar á distancia de preto de noventa millas, polo que a súa maior elevación non deberá ser menor de oito mil pés. Estas montañas, branquísimas nos seus curutos por estaren continuamente cubertas de neve, están unidas a outra cordilleira de montes chamada os Alpes austrais, os cales se dirixen cara ao norte para enlazar coas montañas Blue ou Azul e completar así o sistema orográfico da Australia ao oriente.

11. Aínda que se teñen recollido moitas pedras pómez en varios puntos da Australia e se teñen observado montañas volcánicas e ata achado grandes correntes de lava, non consta, no entanto, que en todo aquel país haxa agora un só volcán.

En 1818 descubriuse nas proximidades do río Hunter, cara a 31 graos 54 minutos de latitude meridional e 148 graos 36 minutos de lonxitude leste, a cuiña ardente chamada polos salvaxes Wigen, que no seu idioma significa ‘lume’. A combustión desta cuiña esténdese a un espazo pouco relevante, e o azulado e lixeiro fume sae duns buracos e fendas cuxa maior anchura é de preto de tres pés ingleses. Á profundidade duns vinte pés obsérvanse unhas pequenas chamas de cor encarnada. A superficie inmediata ás citadas fendas non manifesta ningún sinal dun cambio extraordinario, e isto, unido a que se encontran moitas, grandes e frondosas árbores na aba oposta en que cesou o incendio, proban que este lume estaba en toda a súa actividade nunha época bastante remota.

É de salientar que o lombeiro máis próximo á parte de onde sae o lume se compón de basalto e ten uns grans que parecen de olivina, e que noutro cómaro máis elevado aínda se encontran rochas ferreñas. Un pequeno outeiro que une os dous lombeiros máis elevados, e a pouca diferenza cara á parte en que ten lugar o incendio, parece que se compón de rochas trápicas e ao parecer está cuberto de ágatas. Moitos creron que o lume da cuiña Wigen é producido por un volcán; pero aquela combustión

débese máis ben a calquera outra causa que a ningunha especie de acción volcánica, por cuxa razón é moito máis extraordinaria. Este fenómeno semella que é da mesma especie ca o de Holworth, monte volcánico nas proximidades de Weymonth, do cal Buckland e De la Beche dixeron o seguinte: «É probable que en todo caso a auga de choiva exercendo a súa acción sobre piritas ferreñas prendese lume á codia bituminosa, a cal unha vez acesa continuou ardendo ata o día e pode continuar aínda do mesmo modo durante unha longa serie de anos». Esta pode dicirse igualmente que foi a causa do lume da cuíña Wigen.

12. Durante moito tempo creuse que a Australia carecía de ríos propiamente ditos, porque logo de seren exploradas as súas praias só se descubriran algúns poucos e insignificantes leitos de correntes que eran absorbidas polas ardentes areas nos meses de verán. Confirmaba esta idea o singular carácter das mesmas correntes, as cales, baixando rapidamente das montañas de onde traen a súa orixe a un país chan e extremadamente baixo, e non recibindo despois por outra parte outros tributarios capaces de lles aumentar o seu volume e forza, ou se perden de súpeto ou encoran, como acontece coas correntes setentrionais da África. Mais posteriores investigacións descubriron a existencia de ríos bastante notables, aínda que moi inferiores ao Misisipi da América setentrional, ao río das Amazonas do Perú e mesmo aos principais da Europa. Citarei unicamente algúns dos que merecen maior atención, como o Morrumbidgee, o Darling, o Clarence, o Avon, o Hunter, o Swan e o Murray, o cal é o máis caudaloso de todos.

13. Atópanse na Australia un bo número de lagos de varias dimensións, uns salgados e outros doces. O Brown e o Alexandrina son os dous máis considerables: o primeiro cae cara ao oeste a preto de duascenas millas do mar, e o segundo, cara ao sur, preto da abra de Encounter, na cal descarga as súas augas. No lago Alexandrina desemboca o río Murray.

14. Sendo a Australia un país tan vasto e tan próximo do Ecuador, comprenderase doadamente que a natureza do clima debe ser moi varia segundo as diferentes zonas e segundo as elevacións das latitudes.

Nas partes máis setentrionais as calores son abafantes e enormemente prexudiciais para a saúde, os terremotos frecuentes, os furacáns moi perigosos e case periódicos, e o chan e o clima totalmente contrarios á constitución física dos europeos. Cara aos trópicos, é dicir, desde os 20 aos 27 graos de latitude meridional, o clima é moito máis temperado, e é bastante delicioso desde os 27 aos 39 graos da mesma latitude, xa sexa na costa oriental, xa na occidental, xa na meridional.

Decembro e abril son, no setentrión, as dúas estacións das choivas, mentres que na parte meridional decembro é o máis rigoroso do verán, e en abril apenas caen algunhas pingas de auga suficientes para refrescar e enlentecer a terra. No norte non se distinguen as estacións, téndose nun mesmo día as varias temperaturas das catro, o que ocasiona, mesmo aos salvaxes, moitas e perigosas enfermidades. No sur o paso dunha estación a outra é case tan sensible coma na Europa. Os ventos son periódicos na parte setentrional, isto é, seis meses sopran do oeste e os outros seis da parte contraria, mentres que fóra dos trópicos sopran en todas as estacións do ano, do mediodía, de levante, de poñente etc.

Nas latitudes austrais séntese xeralmente un frío moito máis forte e intenso do que se sente nos graos correspondentes do hemisferio boreal; mais isto acontece só durante a noite, sendo despois da saída do sol, mesmo no maior rigor do inverno, bastante máis suave a temperatura da Australia ca non a da primavera nas partes máis meridionais da Europa. A calor na zona temperada da Australia non é nin abafante nin contraria á saúde.

Os días do verán na parte occidental, contra os 32 graos de latitude, non son tan longos coma na Inglaterra, e ao contrario os do inverno.

Ao estar aquel continente situado no hemisferio austral, dedúcese que o mes de xaneiro da Europa corresponde ao xuño da Australia, e o verán europeo ao inverno austral. Os ventos do norte, fríos na Europa, son sufocantes na Australia; e coa mesma proporción os do mediodía, ardentes na Europa, son fríos alí.

15. Por mor da diferenza que hai entre o meridiano de Londres e o de Sydney, resulta que cando en Londres é mediodía son xa en Sydney as dez da noite, e cando é mediodía nesta cidade en Londres non son máis ca as dúas da madrugada.

16. Un gran número de constelacións situadas no hemisferio setentrional non son visibles na Australia; porén, sono a Vía Láctea, as Pléiades, o Orión, as Hiades e moitas outras. O Épsilon e Beta do Cisne son tamén visibles; non obstante, non o son a Alfa, Gamma nin Delta. Por outra parte, poden observarse a Beta e todas as demais de Andrómeda, agás a Alfa e a Gamma.

Polas observacións feitas de 1822 a 1826 no observatorio astronómico de Paramatta (cidade distante dezaioito millas, ao oeste, de Sydney) resulta que, de 7.385 estrelas con que está adornada a esfera celeste, a maior parte está situada no hemisferio austral.

17. Obsérvase tamén naquel continente o fenómeno da aurora austral, que, sendo parecido ao da boreal, presenta unha masa de luz moitas veces abrancazada e feble cara ao horizonte, arroxada e máis viva moitos graos sobre o horizonte. Estaba ocupado unha tarde en debuxar un plano topográfico cando, abandonando o meu traballo pola extraordinaria axitación da agulla magnética do compás de que me valía, fun chamado polos salvaxes, que me dicían que se incendiara unha gran parte do país. Temendo que isto fose certo, pois con bastante frecuencia suceden alí tales calamidades, saín da casa para dispoñer o que cumprise poñer en práctica no caso dun perigo inminente; mais así que me vin fóra, observei, non o resplandor dun lume ao lonxe, senón a aurora austral, que ao xeito dun volcán aparentaba despedir chamuscas da súa parte superior. Daquela puíden comprender que a forte electricidade daquel raro fenómeno era sen dúbida a causa da inestabilidade da agulla do meu pequeno compás.

HISTORIA NATURAL

CAPÍTULO SEGUNDO

ZOOLOXÍA

1. Descubertas dalgúns ósos de elefante. — Número dalgunhas especies de animais. — 2. O can. — 3. A foca. — 4. O gato. — 5. O *opossum*. — 6. O esquío voador. — 7. O kangarú. — 8. O kangarú rato. — 9. O *bandicoot*. — 10. O motón. — 11. O rato. — 12. O ecquidne. — 13. O ornitorrinco. — 14. Animais comúns a ambos os hemisferios. — 15. A balea. — 16. O can mariño. — 17. Pesca da balea. — 18. O *Essex*, navío botado a pique por unha balea.

Daría materia para grosos volumes a descrición das varias especies de seres que poboan na Australia os tres reinos da natureza e merecen a atención dun home observador. Mais, non sendo este o obxecto do meu escrito, limitareime a falar de paso só dalgunhas especies que por algunha particularidade súa son dignas dunha consideración especial.

1. Algunhas petrificacións descubertas en 1831 polo cabaleiro Xorxe Rattin nunha canteira de pedra calcaria na parte oriental e interpretadas por Cuvier como ósos dun elefante novo lévanme a crer, baixo a fe de tantos sabios, que en tempos moi remotos viviran tales animais neste continente e que talvez aínda hoxe se atopan no seu inmenso e descoñecido interior. A presenza dos elefantes na Australia sería tanto máis extraordinaria canto que os europeos ata agora non teñen descuberto nela animal ningún da natureza dos leóns, dos tigres, das panteras ou dos lobos, senón

unicamente o can, que por moito tempo se creu que era o único animal non marsupial da Australia².

A ciencia ensínanos hoxe en día que na Australia e nas illas que dela dependen se encontran moitos outros animais non marsupiais, que se dividen nas seguintes especies:

<i>Primates</i>	8	
<i>Ferae</i>	2	
<i>Glires</i>	11	
<i>Cetae</i>	2	
	—	—
	23	23
As especies marsupiais (<i>Didelphidae</i>) son	71	
Os monotrematuos	3	
	—	
Total.....	97	

Setenta e dúas destas especies pertencen ao continente austral, e vou agora dar unha breve noticia delas.

2. O can (*Canis dingo*), da familia *Felidae*, difire do noso polos caracteres que ten comúns coa raposa. O seu corpo chega xeralmente a dous pés ingleses de altura e dous e medio de longo. Ten as orellas pequenas e dereitas, o fociño longo e aguzado, e a cola tamén longa e moi poboada. Son de varias cores, pero case sempre dunha cor avermellada escura. Non ladran coma os cans, senón que só ouvean dunha maneira lúgubre. O dingo ten de común coa raposa europea que á rapacidade da súa natureza salvaxe une unha astucia singular. Axexa as ovellas como as galiñas, morde e foxe cando non pode devorar ou arrastrar a súa presa. Ténselle

2. Chámanse animais marsupiais aqueles que teñen unha bolsa no baixo ventre, na cal levan o seu feto.

visto moitas veces acometer e ferir unha ovella, agocharse inmediatamente e agardar que a perda do sangue ou a gravidade da ferida a obrigue a quedar detrás do rabaño, e entón botárselle de súpeto enriba e devorala, burlando a vixilancia do pastor e dos cans europeos. Se logra introducirse de noite nun curral fai unha horrible matanza no gando. Cando acomete un kangarú, que é máis cativo ca el, sempre o fai por sorpresa. Se o kangarú lle opón resistencia, retírase covardemente e déixalle continuar o seu camiño. Despois atácao de novo e do mesmo xeito, e así, con reiterados asaltos e finxidas retiradas, o acomete e o deixa ata que o kangarú acaba por sucumbir, como xeralmente sucede. Ten moita vivacidade e defende moito a súa vida. Tenlles medo aos cans europeos, pero líbrase deles con frecuencia. Foxe á vista do home, pero non do gando vacún ou outros animais semellantes. Non é difícil domesticalo, aínda que xamais perde as súas inclinacións montaraces. Os salvaxes ou naturais da parte de occidente chámanos *durda*, domesticano, e sêrvelles moito para a caza. Estando máis dunha vez durmindo só no medio das fragas, fun espertado ao alborexar polos melancólicos ouveos de numerosas mandas destes cans, que a certa distancia e en varias direccións me agardaban en emboscada coma lobos, cal se fose ser presa deles. Pero apenas abandonaba a miña fogueira e me poñía en viaxe, calaban e fuxían a toda présa. Nunca en semellantes casos me dei achegado a algún deles sequera á distancia de quince pasos.

3. Entre os animais ferozes da Australia, o can ocupa o primeiro lugar; o segundo e último débese á foca, chamada polos naturalistas *Otaria peronia* (da familia *Phocidae*). Por causa da continua e fatal caza que lle dan os europeos, este animal anfíbio abandonou case de todo as praias meridionais, nas que exclusivamente se achaba. A súa cabeza é redonda, a mirada doce, a fronte alta, o fociño cadrado e curto, cuns bigotes semellantes aos do gato, e o beizo superior máis saído ca o inferior. Os seus cairos son medianos, as súas mans están provistas de unllas, e os seus pés esténdense cara a atrás coma dúas grandes aletas. O corpo da foca nova ten de sete a dez pés de longo; a pel na súa parte superior é

dunha cor cincenta; a barba, as aletas e os dous lados do corpo, vermellos; as partes posteriores, case negras, e as anteriores, dun avermellado escuro. Os pelos da cabeza e do pescozo son longos e sedosos; os das outras partes, curtos e máis mestos. As focas pequenas domesticáanse doadamente e maniféstanse familiares e cariñosas coma os canciños. Teñen un modo de bear semellante ao das cabras. Veñen recibir o alimento das mans do que as chama. Viven as focas en familias numerosas, sempre preto das costas, e aliméntanse principalmente de peixes. Por terra, onde pasan moito tempo, andan con gran soltura, e na auga mergúllanse e nadan cunha extremada rapidez. A súa pel é moi apreciada nalgúns países do norte da Europa. Coa foca na mitoloxía grega figurara a tan celebrada e sonada encantadora deusa dos mares, a serea; os navegantes modernos chámanlle vaca, vitelo ou oso mariño.

4. Animal carniceiro e moi semellante ao gato común é o gato australiano, chamado polos naturalistas *Dasyurus maugei*. Na súa forma é menos perfecto do que resulta o noso: ten a cabeza grande, o corpo longo, como tamén a cola, e as patas curtas. Non ten polgar, mais as súas unllas son iguais ás do gato, polo que facilmente pode gabear ata a cima das árbores, dentro de cuxos troncos se agocha de día. Sae de noite á caza de paxaros, dos cales se alimenta case exclusivamente, sorprendéndoos no sono. Ten unha cor gris atigrada, e como é animal nocturno dificilmente se presenta o caso de poder observalo, de maneira que non vin máis ca un só.

5. O *opossum*, chamado así polos ingleses e polos naturalistas *Phalangerista vulpina*, como que foi o primeiro animal da clase dos marsupiais coñecido polos europeos, chamou durante moitos anos a atención dos fisiólogos máis instruídos pola rara conformación do seu ventre.

O *opossum* leva o seu feto no útero durante vinte e seis días e antes de chegar á súa perfecta formación, por un paso interior e momentáneo, cae o feto do útero a unha bolsa dentro da cal se agochan os tetos. Aférrase a estes tan fortemente que parece quedar unido a eles. Un *opossum* pequeno e de cinco polgadas de longo ten os ollos pechados e aínda non

Ile apunta o pelo. Despois de caer na indicada bolsa fica nela uns cincuenta días.

Leva dous ou tres fillos dunha vez. Dorme de día e pola noite sobe ás árbores para se alimentar das súas follas; come tamén pan, fariña, azucre e outras cousas semellantes, e degoxa polo leite, o cal lapa coma os gatos. O seu corpo non é tan longo coma o dun gato común, as súas patas son pequenas e están provistas de cinco unllas; a cola, bastante longa, sérvelle moito para sosterse nos pasos difíciles ata que chega coas mans a asirse a outra parte. É dócil, tímido e non ataca máis ca cando é maltratado. Doméstícase doadamente e xoga sen danar. Tiven moitos mansos ata este punto na casa da Misión. Os australianos chámanlle *cumal*.

6. A particularidade doutro animal chamado esquiío voador é a de voar sen ter ás, e consiste en que ao se guindar dunha árbore a outra separa as patas e estende a pel do ventre dun modo tan estraño que calquera o toma máis ben por unha membrana axitada polo vento ca por un animal voador. Este curioso animal pertence á parte oriental e é moi raro.

7. Moitas son as especies de kangarús (*Macropus*) que se encontran na Australia. Os que teñen simple a punta da cola viven nos sitios de bos pasteiros mentres que os chamados *halmaturi* se atopan retirados entre as matogueiras, e os *petrogalae* ou, como din os colonos, kangarús das rochas (*Rock's Kangaroos*), nas pedregueiras. Estes últimos séntanse coa cola entre as patas e levan con ela herba ás súas goridas.

A cor dos kangarús varía segundo a súa especie; algúns teñen a pelame avermellada, outros case azul co fondo gris e outros dunha cor semellante á da londra.

As diferentes especies destes animais (e cóntanse ata doce) ofrecen un alimento agradable; mais fáltalles graxa, e unicamente no inverno teñen unha pouca na cola, a cal xeralmente ten tres pés ingleses de longo, e pesa ás veces máis de doce libras, polo que se pode facer con ela unha sopa moi substanciosa.

As mans do kangarú, que son moi curtas, teñen cinco unllas e só se vale delas para pacer. Moitas veces téñoos visto coller unha herba cal-

quera do seu gusto particular, sentarse sobre as súas patas traseiras e sobre a cola, e logo, coma por xogo, pasala dunha a outra man, como adoitan facer os monos.

Cando é perseguido, lánzase dun modo extraordinario cos seus pés (moito máis longos ca as súas mans) servíndose da súa enorme cola como dun resorte e balancín, traspasa barrancas e baixa polas pendentes máis rápidas, saltando a puntos distantes máis de trinta pés. Se o acosa un can, ponse en acto de defensa, apoiando o seu corpo sobre as ancas e a cola, estendendo cara a diante as súas longas patas traseiras armadas con afiadas unllas. Nesta posición mantense todo o tempo que o ameaza o can, poñéndoselle sempre de fronte, de este cambiar de posición. Se, non obstante, o can é bastante atrevido para se botar a el, polo regular paga coa vida o seu valor, aínda que ordinariamente, coñecendo o can por instinto o perigo a que se expón, non fai máis que entreter con ameazas o kangarú naquela posición, ata que chega o cazador e o mata. Cando o can pode alcanzalo antes de que se poña en defensa, mórdeo nas nádegas ou na cola, e facéndolle perder o equilibrio cae o kangarú; inmediatamente, o can cólleo polo pescozo e afógao.

Pare un só fillo cada vez, e cando este verifica o seu paso do útero á bolsa, ou por mellor dicir, nace, non é maior ca un pequeno rato branco sen pelo e cos ollos pechos. É verdadeiramente curioso velo, cando non ten máis que algunhas semanas, sacar a súa cabeza pola abertura que ten a bolsa da súa nai, e namentres esta paze, coller el tamén e alimentarse das herbas tenras sobre as cales pasa. Cando ten un pouco máis de tempo, baixa da bolsa, e paze xunto á súa nai, estando sempre disposto a acubillarse decontado na súa gorida de haber un perigo inminente. Se a nai é perseguida polos cans e o fillo lle pesa demasiado, para fuxir con maior presteza líbrase del sacándoo da bolsa e tirándoo coma un estorbo, aínda que mentres foxe non deixa de volverse de cando en cando a miralo como compadecéndose da súa desgraciada sorte. É naturalmente tímido, inofensivo e vixilante. Chega a ter algunhas veces sete pés de alto e cento vinte libras de peso. Aliméntase de herbas, e anda con catro pés cando

pace, pero só con dous se quere ir de présa. O mesmo perigo infúndelle ás veces valor para opoñer algunha resistencia aos cans e aínda aos homes, defendéndose con gran forza e destreza coas patas de atrás e tamén coas de diante. Viven os kangarús sós e tamén en fatos de vinte ou trinta, e ás veces de cen a douscentos, como sucede nas chairas que hai entre o porto do Rei Xorxe e Swan River. A súa pel, despois de curtida, é moi estimada. Tiven na Misión kangarús tan domesticados que me seguían a todas as partes.

8. O kangarú *rat* ou rato é do tamaño dun coello; vive nas concavidades das árbores e habitualmente fai a súa cría entre as matogueiras.

9. Os australianos chámanlle *queinde* a un animal coñecido entre os colonos por *bandicoot*. Carece de cola e ten catorce polgadas de longo; o seu fociño é semellante ao do porco, e a súa pelame áspera é dunha cor escura. Pare dous ou tres fillos cada vez; aliméntase de herbas e vive en buracos abertos na terra ou nos troncos das árbores, ou noutros abeiros. Nas proximidades de Nova Nursia hainos a moreas.

10. Máis pequeno ca o *bandicoot* é o animal que os australianos chaman *moton*. Ten de singular a súa fermosa cola, máis longa ca o seu propio corpo, con pelos claros e lisos no nacemento dela, e mestos e crespos na súa extremidade. Ten de longo a cola nove polgadas e o corpo soamente sete. É animal nocturno, e eu non dei visto nin collido máis ca un.

11. Entre as varias especies de ratos atópanse algunhas notables polo seu tamaño, os cales serven de alimento aos naturais. Os pequenos, agachados nos cuartos dos colonos, proban a cada momento a utilidade dun bo gato europeo. O chamado *Mus gregii* ten o pelo negro na parte superior, amarelado no pescozo e partes inferiores, nos lados é dunha cor amarelada tamén, pero máis escura, e os seus pés son brancos. Vive, coma todos os demais, en buracos abertos nos troncos das árbores ou na terra. O rato acuátil ou, como o chaman os colonos, *water-rat* atópase en varios lugares da Australia.

12. O ecquidne (*Ecquidna aculeata*), da familia *Dasyptide*, é unha daquelas especies intermedias que deron lugar por moito tempo ás in-

vestigacións fisiolóxicas dos naturalistas. Este animal, semellante ao ourizo cacho e ao oso formigueiro, ten o corpo cuberto de espiñas e a facultade de se encoller coma o primeiro, e o fociño longo, delgado e terminado nun pequeno bico coma o segundo. Está tamén armado de fortes unllas, das cales se serve para meterse decontado debaixo da terra. Falto de dentes, colle e retén sen o menor esforzo os insectos coa lingua, que é longa e elástica. Este pequeno e singular animal habita no interior da parte oriental.

13. É sumamente estraño o ornitorrinco (*Ornithorhynchus platypus*), da orde *Ungulata*, o cal se pode dicir que pertence ás clases dos cuadrúpedes, das aves, dos réptiles e dos peixes. Ten a pel cuberta de pelo; o bico e as patas dianteiras provistas de membranas, coma os patos. Os pés están armados de cinco fortes unllas. Como a algúns destes animais se lles encontraron as glándulas abdominais cheas de leite, e a outros se lles encontraron os ovarios, por iso os naturalistas os poñen quer na clase dos mamíferos quer na dos ovíparos, ou ben o describen como pertencente a ambas as especies. Mr. Shaw clasificounos na orde *Bruta* a carón do xénero *Myrmecophaga*. Xeralmente non ten de longo máis ca un pé e medio inglés. Aliméntase de insectos acuáticos, de peixiños e algunhas veces de algas. É moi lapón do pan mollado en auga ou en leite, sen que teña a este unha particular inclinación, dos ovos e da carne moi talladiña. A area que algunhas veces se ten atopado no seu estómago suponse que lle serve para axudar a dixestión. Prefire, nas proximidades dos ríos, a ribeira máis escondida e que estea máis cuberta de plantas acuáticas, para estar máis seguro. Ao máis lixeiro ruído foxe ou mergúllase precipitadamente na auga próxima; e cando está a longa distancia saca un chisco a cabeza para examinar se o ameaza aínda o perigo, e isto repíteo varias veces. Se o cazador non asegura o golpe no mesmo momento en que o ornitorrinco saca a cabeza fóra da auga élle moi difícil collelo, a menos que se decida a destruír algún dos seus tobos (longos ás veces máis de cincuenta pés), coa incerteza do éxito. Este é sen dúbida o animal máis extraordinario

de toda a Australia. Os indíxenas da parte oriental, onde se achou este animal, e precisamente ao oeste das montañas azuis, cómeno con gusto.

14. Atópanse, finalmente, na Australia algunhas especies de animais non marsupiais, como os que se chaman *Rhinolophus* e *Pteropus*, os cales son comúns a varias partes daquel continente, así como o son igualmente a algúns lugares do mundo antigo. Outros, como por exemplo o *Canis*, *Mus*, *Scophilus* e *Molossus*, son comúns á Australia e aos dous hemisferios. Moitísimos pertencen exclusivamente a aquel continente.

15. Antes de acabar estas breves noticias zoolóxicas tocantes aos mamíferos, vou falar do meirande de todos eles, que é a balea.

Encóntranse en gran número nas costas da Australia as baleas coñecidas polos naturalistas cos nomes de *Balaena phisalis* e *Delphinorincus pernettensis*, especialmente nas estacións en que pasan do mediodía ao norte e ao contrario.

A *phisalis* chega a ter cento cinco pés ingleses de longo e pesa máis de oitenta toneladas, é dicir, máis ca cento vinte bois grosos. Puiden en Fremantle (cidade marítima a nove millas da capital Perth) medir a anchura da cola dun destes monstros mariños, e atopei que era de vinte pés, e non poucas veces pasa dos vinte e cinco. Entre as varias especies de baleas, encóntrase unha que ten excesivamente grande a cabeza, e nas queixadas inferiores unha fila de dentes cilíndricos, os cales estando pechada a boca están metidos dentro dunhas concavidades que lles corresponden na queixada superior, a cal non ten ningún dente. Este monstro pode, cando quere, tragar unha lancha de corenta pés de longo, partíndoa en dous anacos coa mesma facilidade con que se corta unha mazá cun coitelo.

Hai outra especie que ten a súa gorxa pechada por unha especie de peneira, pola cal non pode pasar ningún corpo que sexa maior ca un peixiño, por máis que a súa boca poida conter comodamente unha barca montada por nove ou dez persoas. Este animal nada sempre coa súa enorme boca aberta, para poder deste xeito alimentarse dos pequenos animais mariños.

As baleas, que carecen de dentes, teñen no seu lugar na queixada superior uns listóns de seis ou sete pés de longo, formados dunha materia córnea, fibrosa e moi flexible, e isto é o que no comercio é coñecido polo nome de balea ou óso de balea.

Este enorme monstro non ten de peixe senón a figura. O seu sangue é quente nun grao moito maior ca o do home; non pode respirar debaixo da auga, e cando precisa tomar alento saca a rente da auga só o fociño e polo seu nariz expulsa verticalmente unha columna de auga ata a altura de trinta e máis pés, a cal ao caer fai un ruído que se oe a máis de tres millas de distancia. Non ten escamas, e dá de mamar aos seus fillos, polo que é contada entre os mamíferos. Os seus ollos son pequenos coma os do boi, e no canto de orellas ten dous buracos debaixo da pel que lle cobre o cranio. A abertura da boca non baixa xeralmente de dezaseis pés de longo e oito de largo; e dan ás veces só os seus beizos máis de catro mil libras de aceite. A graxa, da cal se extrae o aceite, está espaxada por todo o seu corpo, e mentres nalgunhas partes ten o espesor de oito polgadas, noutras chega a vinte. Ten habido baleas das cales se chegaron a sacar ata cento vinte toneladas de aceite. Nada cunha extremada velocidade. Así e todo, por causa da inmensa mole do seu corpo, acontece con frecuencia que as tempestades a van achegando ás costas e, por último, bótana a lugares de pouco fondo, nos cales acaba morrendo. Así se ten visto na costa occidental, na que se teñen atopado non poucas mortas dese modo. É tímida, aínda que cando se enfurece unha coleada súa na auga resoa coma un canonazo.

16. Teñen tamén as baleas no mar os seus inimigos mortais, como son os voracísimos peixes chamados polos ingleses *sharks*, ou sexa, cans mariños, que, reunidos en touzas, acometen tan só aquelas que carecen de dentes, por cuxa razón non poden defenderse senón coa cola; pero os cans saben ben o xeito de evitar o seu alcance. No instante en que a balea abre a súa boca, os cans introdúcense nela impunemente, cómenlle a súa desmesurada lingua e volven saír sen que lles puidese causar o menor dano. Un destes cans foi collido no porto de Leschenhaut, na Australia

occidental; tiña trinta pés de longo e só o seu fígado deu trescentas quince libras de aceite.

17. A pesca da balea é unha das máis atrevidas e perigosas empresas do home. Apenas o mariñeiro que se atopa de garda no máis alto mastro do navío observa a auga que a balea expulsa cara a arriba, avisa o Capitán que dirixe a expedición. Párase o navío a unha regular distancia, e ao momento baixan ao mar tres ou catro botes, montado cada un deles por seis ou sete homes. Vanse achegando á porfía ao animal e cando están moi preto del todos gardan o máis profundo silencio. Arrímaselle entón un bote pola dereita e outro pola esquerda, manténdose os demais algo máis distantes. Cada bote ten o seu director, chamado arpoador; este é o que está destinado para matar a balea. O arpón de que se serven é unha lanza dun corte moi fino, e moi grosa na parte oposta ao corte. No momento de introducirse no corpo da balea, ábreselle unha segunda punta en dirección oposta, por cuxa razón é imposible que se solte. O seu mango, de oito palmos de longo, é a metade de ferro e a outra metade de madeira. No punto de unión da madeira e o ferro está atada unha corda moi longa e bastante forte, a cal polo outro cabo está amarrada ao bote pola proa. O coidado dos mariñeiros ao achegarse á balea debe ser de ficaren sempre preto da cabeza e gardarse da súa cola, porque con ela podería esnaquizar ou botar a voar o bote con toda a súa tripulación. Como a balea oe moi pouco e é case imperceptible o ruído que fan os mariñeiros, pónenselle estes á distancia de sete ou oito palmos e entón o arpoador lanza a súa arma mortal dirixíndolla ao corazón. Así que se sente ferida, a balea revólvese con tal violencia que o mar parece axitado por algunha tempestade. Este é un dos máis azarosos momentos desta pesca, pois é tal a velocidade con que foxe a balea que os mariñeiros teñen que estar botando auga continuamente no lugar por onde escorre a corda do arpón, para evitar que o seu roce acenda a madeira. A balea afúndese mentres llo permite o volume do seu enorme corpo ou a necesidade de respirar non a obriga a subir outra vez á superficie. Logo continúa a súa carreira cunha rapidez que vai sempre en aumento, arrastrando consigo a saltos

e irregularmente a barca, e, se non se diminúe axiña tal velocidade, non teñen moitas veces os mariñeiros outro remedio, para salvaren as súas vidas, que cortar decontado a corda. Se a balea, unha vez solta, morre noutras rexións aínda que afastadas e é encontrada aboiando por outros pescadores (pois despois de morta sobe a rente da auga), a lei vixente en semellantes casos dispón que a balea sexa daquel a quen pertence o arpón que lle deu a morte, por cuxo motivo estes instrumentos teñen sempre marcado na parte do mango, que é de ferro, o nome da embarcación de onde saen. Mais, pola contra, se a balea, perdendo a súa velocidade, morre finalmente, daquela os mariñeiros remólcana ata o navío, ao cal é amarrada. Logo, vinte ou trinta homes vestidos de coiro e calzados cuns zapatos ferrados con fortes e agudos cravos, para non esvarar, empezan a separar da balea as partes graxas, para extraer delas o aceite. Outros mariñeiros no navío acenden lume con carbón e empezan a derreter os primeiros anacos da balea, e coas partes nerviosas dela que resistiron á licuefacción van conservando o lume, e con estas operacións van continuando ata que logran extraer a última pinga de aceite. Concluído isto, abandonan o demais para pasto dos peixes.

Os navíos destinados a esta pesca pasan moitas veces tres ou catro anos seguidos en mar aberto, mais cando ten lugar preto dalgunha costa, remolcan a balea á praia, e nela executan a extracción do aceite.

18. Un destes navíos, chamado o *Essex*, co seu Capitán Pollarde, foi a pique en 1820 de resultas de dous moi fortes golpes que lle deu unha balea.

CAPÍTULO TERCEIRO

ORNITOLOXÍA

1. Varias especies de aves. — 2. A aguiá. — 3. O corvo. — 4. O papagaio. — 5. O ganso. — 6. A *udda*. — 7. O emú. — 8. A viúva. — 9. O *n-gou*. — 10. Asubio dalgúns paxaros. — 11. O frío é causa da súa morte. — 12. O cisne. — 13. O pelicano. — 14. O lavanco. — 15. Moitas outras especies.

1. A Australia ofrece máis variedades de aves ca de cuadrúpedes. Só na parte occidental os naturalistas contan nada menos ca cento oitenta e tres especies, que se dividen do modo seguinte:

ORDES	ESPECIES
<i>Raptores</i>	16
<i>Insessores</i>	99
<i>Rasores</i>	9
<i>Grallatores</i>	27
<i>Natatores</i>	32
Total	183

2. Entre as moitísimas que pertencen á primeira orde, ocupan o primeiro lugar o *Falco hypoleucos*, o *Melanogenys* e o *Frontatus*, o *Milvus isurus* e a *Aquila fucosa*. Esta, senlleiro tipo da orde dos Raptores, vive no interior dos bosques, onde non mostra ningún medo ao se lle achegar o home. É grande coma a aguiá rapaz e ten unha cor moura. As súas fortes

poutas e bico fanas moi temidas, tanto polas outras aves coma polos réptiles e mesmo polos cuadrúpedes; unha soa picada súa é máis ca abondo para deixar morto un año de seis ou sete meses, e ten tal forza nas súas ás que pode levantar do chan e levar ao seu niño un año de quince e máis libras de peso. Vin unha destas aves pillar un kangarú rato mentres fuxía da miña presenza. Os indíxenas chámana *ualge*.

3. Carnívoros e terribles destrutores dos campos son os corvos, os cales se atopan ás veces en bandadas de setecentos ou novecentos. Non son moi grandes de corpo, e fan o seu niño nas concavidades das árbores. Cando son novos, teñen a carne tenra e dun gusto que non é desagradable. Se a un corvo morto se lle aperta o baixo ventre, despide unha especie de son coma se estivese vivo. A gran diferenza que hai entre o noso corvo e o australiano consiste en que este, cando pousa nunha árbore, canta dun xeito tan raro, con certos sons semitonados e alongando moito tempo o último, que parece que se está a burlar do seu observador. Os naturais chámano *uára*, e os sabios, *Corvus coronoides*.

4. Tantas e tan varias son as especies dos papagaios que sería sumamente enfastioso falar de todas elas. Os papagaios brancos, chamados polos naturalistas *Plyctolophus galeritus*, son grandes coma unha galiña común. Van en bandadas de dous ou tres mil algunhas veces e case sempre de moitos centenares. Cando comen, deixan sempre sentinelas en varias direccións, as cales, namentres están de garda, emiten decontino un berro áspero e desagradable, coma se exercesen ao seu pesar a función de vixías. Estragan os campos sementados, fan o seu niño dentro das árbores e teñen o bico e as poutas fortísimos. Domesticanse doadamente, e aprenden a falar e a imitar a voz dos outros animais. Téñense mutuamente tanto afecto que, cando un deles é ferido e gralla, todos acoden a el coma se tratasen de defendelo e socorrelo. Sendo novos, son gorentosos asados, e de vellos dan un bo caldo.

Algúns outros desta mesma cor, mais que pertencen a distinta especie, teñen unha fermosa crista na cabeza, branca na súa parte exterior e encarnada na interior, que lles dá certo aire maxestoso. Só cando están in-

comodados endereitan a súa crista. Teñen os mesmos costumes ca os primeiros, aos cales se asemellan tamén no tamaño. Áchanse raras veces e nunca en gran número.

Tanto os papagaios negros coa cola branca (*Calyptorhynchus naso*) coma os que sendo tamén negros teñen a cola encarnada (*Calyptorhynchus baudinii*) son dunha natureza moito máis salvaxe e difícil de domesticar ca os precedentes. Fan os seus niños nos buracos das árbores, aliméntanse de herbas e son pouco numerosos. Son tamén máis pequenos ca os primeiros.

Atópanse algúns de varias cores do tamaño dun merlo, que aprenden con facilidade a repetir co seu asubío calquera canto que senten.

Os verdes, que son os máis pequenos, non son meirandes ca un pardal; non cantan, máis asubían. En fin, as numerosas especies desta familia, todas elas máis ou menos ricas de brillantes cores e máis ou menos doadas de domesticar, forman coa súa grandeza e fermosura como unha cadea, cuxo derradeiro elo son os papagaios verdes, e os brancos o primeiro.

5. Os ingleses chaman *wild turkey*, e os indíxenas *bibilia*, a ave que nós coñecemos co nome de ganso. A cor da súa plumaxe varía coma a dos gansos europeos. Pon e choca poucos ovos dunha vez, en niños que fan en rebentos de árbores nalgún recanto afastado. Non deixa achegarse a el, nin aínda á distancia de mil pasos; mais, con todo, parece que non ten medo do home de a cabalo, pois tenme sucedido pasar desta maneira moi preto del, e isto mesmo notei que sucedía tamén a respecto do kangarú e do emú, dos cales falarei máis adiante. O ganso australiano pesa polo xeral de quince a dezasete libras, e de punta a punta das súas ás ten de seis a sete pés de longo.

6. Os australianos chaman *udda*, e os colonos *piggeon*, unha ave que polo seu tamaño se parece á perdiz europea, á cal se asemella tamén polo seu voo curto e rápido, polos seus costumes e pola súa saborosa carne. No verán atópanse en abundancia xunto ás augas, nas que apagan a súa sede. Moitas veces vense pasar voando á distancia de só seis ou sete pés do viaxeiro, o cal máis ben as tomaría pola súa rapidez por pedras guin-

dadas pola man de home ca por animais volátiles. Cando se pasa moi preto delas, como ás veces sucede á distancia de dous pasos, non se botan a voar, senón que se agachan para non seren vistas tan doadamente.

7. Despois da avestruz da África, a meirande das aves que se coñece é o emú. Esta estraña ave, chamada polos indíxenas *uechie*, e polos naturalistas *Rhea Novae Hollandiae*, iguala o home en altura, e ás veces supérao, pois chega a ter sete pés de alto. Ten as patas e o colo longos na proporción, mais as súas ás non son meirandes ca as dunha galiña, polo que lle é completamente imposible voar. Non ten crista, mais si unhas plumas a xeito de esporón nas ás, como as teñen os casuaris, que son da mesma familia e viven nas illas do arquipélago Indiano. As plumas do emú son moi estrañas, pois teñen de cinco a seis polgadas de longo; son delgadas e claras, e están dispostas de maneira que apenas cobren o corpo do animal; o seu canón divídese a dúas polgadas de distancia, formando dúas plumas completamente iguais. Un mangado das mesmas plumas, algo máis longas e caídas, fai as veces de cola. Os ovos son case tan grandes coma os da avestruz, e pon oito ou dez en cada niñada, equivalendo cada un deles a vinte de galiña; a súa casca é moi dura e dunha cor azulada. O cabalo máis veloz, correndo, non pode seguilo, nin os cans máis lixeiros alcanzalo senón con moito traballo. Sucede moitas veces que, no momento de ir o can trabalo, este queda morto dun couce do emú.

Viven e pacen en bandos de dez a vinte, mais adoito atópanse sós. O seu peso varía de sesenta a oitenta libras. Sobre o espiñazo ten unha capa de graxa de catro ou cinco polgadas, da cal se extrae un aceite excelente, tanto como condimento coma para farmacia. A carne é forte coma a de boi. Os chíos que dan os pitos, cando van ao pé das súas nais, é semellante ao asubío do home, e a nai cacarexa cun son semellante ao peto repetido dun tambor.

O emú pódese domesticar moi doadamente, ata o punto de seguir a calquera parte o seu dono, e eu tiven algúns moi mansos. Nos meses de verán, isto é, decembro e xaneiro, atópanse en gran número nas proximidades de Nova Nursia, onde permanecen mentres que atopan unha planta

que os indíxenas chaman *patáca*, cuxa semente lles proporciona un alimento moi do seu gusto. Nas demais estacións tamén se atopan algúns.

8. Da numerosa familia dos volátiles australianos ocupa o extremo oposto ao emú un pequeno paxaro, cuxo corpo, incluída a cabeza, non pasa de tres polgadas de longo. O seu voo é curto e difícil por causa de catro plumas moi longas da cola, como as da *veuve dominicaine* dos franceses (por cuxa analoxía, ignorando o seu nome científico, lle puxen o de viúva), case dúas veces máis longas ca o seu corpo. A primeira vez que vin un intentei collelo correndo, mais el voando, aínda que con esforzo, dunha árbore a outra, burlou as miñas esperanzas. Non dubido que un australiano o alcanzaría e pillaría.

9. A particularidade que distingue o paxaro coñecido polos salvaxes co nome de *n-gou* é o modo de poñer os ovos. Constrúe, segundo contan os indíxenas, unha pirámide de terra ou de area de seis pés de diámetro e tres de altura, na parte superior da cal abre un buraco dun pé de fondo, no que pon os ovos, deixando que se desenvolva o seu feto coa acción da calor do sol, e cando os pitiños están para saír, a nai volve descubrilos.

10. Tenme enganado moitas veces, achándome só nas fragas, un certo asubío que semellaba de home que, repetíndose varias veces como adoita facerse cando se quere avisar a alguén, me facía crer que había algún salvaxe que chamaba por min, mais, sabendo despois por experiencia que os salvaxes non adoitan asubiar, coñecín ao cabo que era o asubío dun paxaro.

11. No inverno, isto é, nos meses de xuño e xullo, teño atopado con frecuencia paxaros, grandes coma tordos, irtos no chan, por culpa do intenso frío da noite, os cales non marchaban da miña man ata que volvían recobrar a súa calor natural.

12. Entre as moitas especies de aves que pertencen á orde das nadadoras áchase a do cisne. Este acuático, chamado polos ingleses *swan*, e polos naturalistas *Cygnus atratus*, é unha das rarezas da Australia pola súa cor negra. Ten na parte inferior do bico algunhas glándulas de cor escarlata; é meirande ca o ganso, e o seu xeito ao andar é moi maxestoso.

Domesticase con facilidade, aínda que polo natural lle gusta a soidade; asaña as beiras dos ríos, onde adoita vivir, desde o momento en que os frecuentan os europeos. O principal río que desemboca na costa occidental tomou o nome desta ave, isto é, *Swan's River*, ou río do Cisne, porque aquí foi onde se atopou por primeira vez, e o establecemento que se fundou naquelas mesmas praias chamouse igualmente *Swan's River's colony*.

13. Nos ríos e lagos atópanse con frecuencia os pelicanos (*Pelecanus spectabilis*), e ás veces en bandadas moi numerosas. Ten máis de tres pés de alto, e o seu bico dous de longo. As súas plumas son brancas, a excepción das das ás e das costas, que tiran a mouro. Debaixo da mandíbula inferior ten unha especie de bolsa, na cal leva ás veces sete ou oito libras de peixe para lles dar de comer aos seus pitiños.

14. O lavanco, chamado polos indíxenas *n-unan*, e polos naturalistas *Anas Novae Hollandiae*, vive con preferencia nas montañas, e voa velozmente aos puntos máis distantes para atopar auga. Pousa indistintamente nas árbores ou no chan, e moitas veces xoga sobre as augas. Ten a plumaxe de cor gris e as puntas das ás brancas. Pon os seus ovos preto dos pozos, chocándoos por espazo de vinte e un días.

15. Finalmente, ademais das cento oitenta e tres especies propias da parte occidental, viven espaxadas aquí e alá por toda a Australia moitas outras, ás que pertencen o fermoso bico vermello; o lavanco, que despide un cheiro moi semellante ao almisce; a *Menura superba*, que ten a cola en forma dunha lira, zarrapicada das máis vivas cores de laranxa e de prata; o fermoso pombiño con crista; o admirable ouriolo, chamado polos franceses *loriot prince-regent*; a perdiz, a rula, a arcea, a andoriña, a cal se atopa en todas as estacións; o moucho, os bufos, algúns dos cales non son maiores ca un tordo; o *salt in palo*, chamado polos ingleses *the storchat warbler*, cuxas plumas de varias cores reflicten a luz dun modo marabilloso; e, por último, un numeroso fado de músicos silvestres, dos que uns cantan ao se poñer o sol, outros durante a noite e moitos outros ao raiar o día.

CAPÍTULO CUARTO


RÉPTILES

1. Varias especies de réptiles. — 2. Un lagarto. — 3. A *guana*. — 4. O lagarto espiñento. — 5. A víbora xorda. — 6. Varias serpes. — 7. Depósito e potencia do veneno destes animais. — 8. A tartaruga. — 9. O crocodilo.

1. Cento sete son as diferentes especies de réptiles e anfibios que se atoparon ata agora na Australia, os cales, divididos en numerosas familias, se clasifican como segue:

ORDES	ESPECIES
<i>Sauri</i>	62
<i>Ophidii</i>	20
<i>Chelonia</i>	7
<i>Emydosauri</i> e clase anfibia	18
Total	107

2. O maior lagarto que atopei nos bosques tiña máis de catro pés ingleses de longo e estaba preto dun gran charco. Os salvaxes esmagáronlle a cabeza, e así, medio vivo aínda, o asaron, sendo moi gorentoso. Atopei moitos outros en lugares pedregosos e afastados da auga, que, aínda que de menor tamaño, non eran menos saborosos.



Lagarto espiñento (*Moloch horridus*) da Australia occidental

3. Os colonos chaman *guana* un lagarto da familia *Scinsidae*, que ao meu parecer nada ten de común coa iguana americana. O seu corpo, contando a cabeza e a cola, non chega a ter un pé e medio de longo. Ten a cabeza case triangular e a lingua moi carnososa; a cola, só de tres polgadas, chá e oval na punta, ten preto de dúas polgadas de largo. Non foxe ao se achegar o home, mais abre a súa gran boca, levantándose un pouco sobre as súas patas dianteiras, como para se poñer en actitude de defensa. Dos moitos que atopei algúns levaban no seu ventre dous ou tres fillos. A súa carne é branca e fibrosa coma a da galiña, unindo a isto un gusto de exquisito peixe.

4. O lagarto espiñento, chamado polos naturalistas *Moloch horridus*, e clasificado na familia *Agamidae*, pertence a unha daquelas especies que non teñen prototipo no vello mundo. A súa aparencia é verdadeiramente feroz e espantosa, mais, aínda que se maltrate, é incapaz de facer dano, aínda cando se teña na man. Ten o corpo armado de agudas espiñas semellantes ás da silveira, e na cabeza ten outras dúas un chisco meirandes, a xeito de cornos. O seu corpo está zarrapicado con varias e simétricas cores, as cales, entremetres o animal conserva toda a súa forza vital, son moi vívidas, mais, cando se encontra privado da súa liberdade por moito tempo, amortécense, e finalmente desaparecen de todo ao que morre. Os seus ollos son pequenos e dunha extraordinaria beleza. Pon en cada rolada de doce a catorce ovos do tamaño dos do pardal. A súa lonxitude, incluídas a cabeza e a cola, non pasa dun pé e medio. Sucedeume unha vez que deixei encerrado inadvertidamente un destes animais dentro dunha caixa, na cal permaneceu uns tres meses, e ao cabo deles, atopeino aínda vivo, mais coas cores moi pálidas; en todo aquel tempo non puidera alimentarse máis ca de terra. Os indíxenas chámano *minchin*, e os colonos, demo dos bosques.

5. Entre os individuos da familia *Viperidae* atópanse a boa palpebrosa, a víbora *Acanthophis* e a víbora xorda (*deaf adder*), así chamada polos colonos ingleses. Esta víbora, por causa da forma moi pequena do seu corpo e da súa mesma xordeira, pola que non foxe ao se achegar o

home, é sumamente difícil esquivala na fraga. Ten poucas polgadas de longo, é grosa no medio do corpo, a súa cabeza é chá, as súas costas con manchas encarnadas e brancas e a cola gallada, coa cal colle os obxectos moi fortemente. Segundo afirman os naturalistas, ten ademais na cola un aguillón moi penetrante, cuxa ferida din que é mortal.

6. Na Australia hai numerosas especies de serpes e, a excepción da que coñecen os colonos co nome de *diamond snake*, todas son máis ou menos venenosas. O diamante é a serpe de máis longura, chegando a medir ata quince pés; mais é moi raro achalo. As dúas serpes principalmente mortíferas son a negra e a moura, que segundo algunhas observacións semella que son macho e femia. Foxen ao se achegar o home e de se veren perseguidas métense na auga, onde permanecen agochadas ata que advirten que cesou o perigo; mais traban o que por desgraza as pise inadvertidamente. Un can morreu en poucos segundos da mordedela dunha destas serpes, a pesar de a cabeza estar xa separada do seu corpo cando o mordeu. Había en Sydney un home que tiña a maior familiaridade con toda clase de serpes; levábaas no peito, durmía con elas na cama e sacábaas coa man do saco en que as tiña encerradas a centos, e xamais foi mordido.

Atópase na Australia unha pequena serpe, de cuxas costas saen dúas plumas ou aletas coma as dos peixes, coa axuda das cales se lanza ao aire e se mantén nel por moito tempo, por cuxa razón os colonos lle deron o nome de serpe alada. Hai outra chamada polos naturalistas *Ronia catenulata*, que ten a singularidade de ter dúas patiañas no lugar mesmo en que a cola se une co corpo.

No medio dunha fraga achei unha vez unha de sete pés de longo e catro polgadas de grosa, a cal acababa de tragar un kangarú rato do peso polo menos de oito libras. Os indíxenas aseguráronme que a serpe empezaba lambendo a súa presa e logo, abrindo extraordinariamente as mandíbulas, trágaa aos poucos comezando pola cabeza.

7. Todos os réptiles da Australia engordan nos meses de xuño e xullo, isto é, na estación invernal; e no verán, ou sexa, nos meses de de-

cembro e xaneiro, o seu veneno é moito máis penetrante e potente. As serpes venenosas teñen a ambos os dous lados da cabeza unha glándula especial, na que conservan o veneno. Este, por medio dun pequeno tubo, comunícase con algúns dentes da mandíbula superior, furados no centro e meirandes ca os outros. É moi notable que só estes dentes saen de novo no caso de romperen. O fluído venenoso produce despois da súa inxección efectos máis ou menos funestos, segundo a especie do animal, o clima máis ou menos quente do país, a estación, o grandor relativo dos individuos e finalmente o grao de irritación en que se atopa o animal. O veneno manifesta os seus efectos logo de ser absorbido e penetrar na circulación do sangue; mais isto ten lugar tan axiña que se viron morrer cans aos quince segundos da mordedela. Se o animal venenoso se morde a si mesmo, morre coa mesma prontitude ca as súas vítimas, mais se se lle derrama na boca o fluído mortífero, aínda que pase á vía dixestiva, non lle causa o menor dano.

8. Atópanse na Australia moitas especies de tartarugas. As pequenas, chamadas *Hydraspis australis* e *Chelonia oblonga*, pesan de tres a catro libras, e teñen de cinco a seis polgadas de longo e de tres a catro de largo. Atópanse nas pozas de auga doce e aínda nas de auga salgada, e dan un alimento moi estimado dos indíxenas. Parece que no inverno se meten na lama, pois facéndose ás veces escavacións xunto á auga, atopáronse alí nun estado de letargo. Tal é a vitalidade que teñen que moitas veces, aínda despois de cortada a cabeza, camiñaron un longo treito. A *Chelonia longicollis* chega a ter sete polgadas de longo e seis de largo, e unha desta especie tiña once polgadas de longo e o seu pescozo alongábase case outro tanto. Completamente opostas a esta especie de tartarugas polo seu tamaño extraordinariamente grande, son as tartarugas verdes. Estas teñen seis ou sete pés de longo e tres ou catro de largo, e pesan cincocentas ou seiscentas libras, chegando algunhas veces a oitocentas. Da súa carne extráese un aceite moi bo para arder e aínda pode usarse para adobar a comida estando fresco. Non teñen dentes. Crían tres veces ao ano, poñendo os ovos na area, moitas veces en número de cen e aínda máis.

Os ovos son redondos, de dúas ou tres polgadas de diámetro, e ábrense despois de estaren un mes na area expostos aos raios do sol.

9. Da orde *Emydosauri* áchase o crocodilo vulgar da familia *Crocodylidae*. Un deles foi atopado polo Capitán Cook na embocadura do río Endeavour, e moitos outros fórono por diferentes navegantes en diferentes puntos. Este animal, ao cal chaman os ingleses *crocodile* e *alligator*, non podendo comer dentro da auga, arrastra a súa presa ás beiras, déixaa alí, e non a come ata despois dalgúns días, cando xa empeza a podreecer. Nada con gran rapidez, e coa mesma anda pola terra, onde arremete con audacia contra o home, non tendo este outro medio de salvación que dar coa maior prontitude posible moitas voltas e reviravoltas, por lle ser ao crocodilo moi difícil volverse sobre si mesmo. Antes de poñer os ovos, que polo regular son uns vinte en cada cría, fai o seu niño debaixo da terra, e a femia gárdao e alimenta os seus fillos durante algúns meses.

CAPÍTULO QUINTO

INSECTOS E OUTROS ANIMAIS

1. Varias especies de insectos. — 2. A bolboreta. — 3. A abella. — 4. As lagostas e as eirugas. — 5. As cigarras e os grilos. — 6. As moscas. — 7. Os tabáns. — 8. Os mosquitos. — 9. Os *bardis*. — 10. A formiga león e outras varias. — 11. A formiga branca. — 12. A carracha. — 13. As chinches e as pulgas. — 14. Varios testáceos. — 15. Algúns peixes. — 16. Os zoófitos.

1. Son moitísimas as especies de insectos que os entomólogos descubriron en diferentes puntos do continente australiano, ademais das cento oitenta e dúas que se atopan só na parte occidental, de cuxas especies hai máis de oitenta que foron completamente novas para a ciencia. Falarei soamente dalgunhas delas, e brevemente.

2. Das variadas bolboretas, prolíficas todas coma as do vello mundo, hai moitas que son dunha rara beleza. A *Hecatesia thyridion*, *Hesperia*, *Agagles amicus* e outras completamente novas pertencen á parte occidental, onde se atopa tamén outra especie semellante polo seu tamaño e fermosura á *violette* dos franceses.

3. A abella australiana aseméllase á nosa e, coma ela, ten un aguillón, e deixa nas concavidades das árbores o seu mel, polo que os indíxenas devenen, a pesar de que o seu gusto é un tanto acedo. Áchase só na parte oriental e na setentrional, como igualmente os solitarios abázcaros.

4. As lagostas son unha verdadeira praga, e tanto maior canto máis adiantado se atopa o cultivo dos cereais. Son tamén outro azoute dos campos as eirugas, as cales aparecen de súpeto en número ás veces in-

concebible, especialmente na parte oriental, onde estragan a vexetación en longos treitos de terreo.

5. Grandes como as abellas son as cigarras, que, pousadas enriba das árbores, acompañan coa súa música a dos grilos que choutan pola veciña campiña.

6. Entre as innumerables moscas, a maior e máis daniña é a chamada carnívora. É do tamaño dunha abella, e ten a extraordinaria facultade de deixar sobre as feridas das persoas e animais, e ata na carne guisada e nos tecidos de la, unha considerable cantidade de vermes, que inmediatamente se reproducen, como o teño observado nalgúns míseros salvaxes, en cuxas feridas bulían tan daniños e noxentos insectos. Pero o máis repugnante é, como se dixó, que vaia esta mosca á carne que se prepara para a comida, aínda que estea a ferver, por cuxa razón é moi difícil poder conservala dun día para outro, por máis que se salgue. Moitas mañás ao erguerme do leito atopei o meu cobertor de la cheo de vermes depositados nel polas moscas durante a noite, e a miña sorpresa aumentou cando, sacando outro novo do caixón, o encontrei sementado igualmente daqueles vermes. Parece evidente que a la exerce para eles unha certa atracción. Expoñendo a roupa ao sol, os vermes morren inmediatamente. No inverno áchanse moi raras veces.

Hai outra mosca case tan grande como a mosca común, cuxa picada preto do ollo, por exemplo, causa unha inchazón tan grande que o cobre e obriga a telo pechado oito ou máis días. A que é coñecida co nome de *sand's fly*, ou sexa, mosca da area, é pouco máis grande ca un gran da mesma area, da que toma o nome. Aparece nos meses de inverno, cando sopra insensiblemente o molesto vento siroco. Son tanto máis incómodas en canto, ademais de picaren, se meten no nariz, nos ollos e en calquera outra parte que poden, e nós, os misioneiros, vímonos obrigados moitas veces a suspender os labores do campo por culpa de tan molestos insectos. Pasan de súpeto dun punto a outro en tan gran número que parecen unha nube, mais un pouco de vento abonda para as escorrentar nun intre.

7. Na parte oriental áchanse unhas moscas grandes coma unha abella mediana, de cor verde intensa e de ouro, como tamén tabáns, algúns dos cales case son do tamaño da mosca carnívora. Cando acometen o gando, cáusanlle un dano considerable. Calculouse que cada un destes insectos chucha tanto sangue coma unha samesuga.

8. Dos mosquitos pódese dicir o mesmo que da mosca area, aínda que son máis molestos nas proximidades de augas encharcadas. Sucede moitas veces que a súa picada causa a un colono, chegado alá de pouco tempo, unha inchazón maior da que causa a outro que estea establecido alí de moito antes.

9. Hai certos vermes chamados polos colonos *grups*, e polos indíxenas *bardis*, que teñen unha cor amarela e se atopan na árbore da herba, ou sexa, xantórea, cando esta se acha en estado de putrefacción. Tales insectos, grosos coma o dedo maimiño dun rapaz, son un dos alimentos máis comúns e preferidos dos naturais, que os comen ou vivos ou asados. Crus teñen un gusto semellante ao olor resinoso da mesma planta que os produce, e asados parecen castañas asadas. Algúns pretenden que estes insectos pasan ao estado de bolboreta, mais eu non atopei xamais o menor sinal de semellante cambio.

Nas raíces de varias acacias e nos troncos dalgunhas especies de *Eucalyptus* atópanse outros vermes que só se diferencian dos anteditos no tamaño, pois ás veces son máis grosos ca o dedo furabolos dun home. Serven tamén de alimento aos indíxenas, do mesmo modo que dixemos dos outros.

10. Atopándome unha tarde moi canso despois dunha longa viaxe, boteime no chan e poucos momentos despois sentínme morder con tal forza que crin que fora ferido por algunha cóbrega; mais buscando o animal que me ocasionara tanta dor, vin que era unha monstruosa formiga de preto de dúas polgadas de longo. Os colonos chámana *lion-ant*, ou sexa, formiga león, e os naturalistas, *Formica maxima*. Ten a cor avermellada, e a aparencia externa do seu formigueiro parécese á do niño dunha serpe.

As formigas medianas forman unhas sendas tan trilladas e longas que semellan camiños de cabras. Viven estes insectos nalgunha tempada do ano de certa materia azucrada que atopan nas follas das árbores, de cor branca, e que parece ser a larva dun insecto sumamente pequeno. Das formigas, unhas teñen a encarga de levar a dita materia ao pé do formigueiro, onde algunhas veces se atopa xunta unha gran cantidade dela, e outras ocúpanse de esmiazala e metela dentro. A circunferencia exterior dos ditos formigueiros pasa moitas veces de trinta pés ingleses.

11. Por moi noxenta que sexa a aparencia do insecto coñecido polos ingleses co nome de formiga branca, non deixan de ser admirables, para calquera que o observe atentamente, as súas operacións e os efectos da súa voracidade. Ten a dita formiga un terzo de polgada de longo, e é dunha cor abrancazada, asemellándose pola súa forma máis ben ao piollo ca á formiga, da que toma o nome. Estes insectos forman unha especie de castelos de catro ou cinco pés de altura e de oito ou dez de circunferencia. Dentro deles viven en gran número e poñen tamén os seus ovos. A fábrica e construción interna destes castelos é realmente admirable. Contén celas de varias dimensións, depósitos e pasaxes, non habendo máis ca unha porta de entrada moi pequena. Aínda que todas estas divisións e subdivisións e a mesma bóveda non teñan máis grosso ca o dunha columna moi fina, non obstante é tan resistente a materia de que está formado todo isto que aguanta o peso dun carro por cargado que estea. O conxunto de semellante obra indica o prodixioso instinto daqueles bichos. Atópanse moitos destes castelos ao longo das fragas, e en menos dunha milla cadrada contei máis de oitenta. Parece que estes insectos se alimentan exclusivamente de vexetais, e non hai planta que poida resistir á súa voracidade, pois roe doadamente a madeira que pola súa dureza é chamada de ferro; de maneira que, chantando un pau da devandita madeira, caeu despois dalgún tempo por teren destruído de todo as formigas o que estaba na terra. Algunhas veces vense caer árbores xigantescas, frondosas e vizosas, porque no seu interior foron roídas por estes insectos. É moi difícil atopar árbores que fosen respectadas pola formiga

branca, e de que poida botarse man delas para a construción. Cando estes insectos queren pasar dunha árbore que xa destruíron a outra, constrúen para o facer unha bóveda moi ben asegurada, para estaren ao abeiro do vento, da chuvia e sobre todo da luz, da cal semella que son inimigos declarados. A nosa Misión sufriu a perda de moitas e magníficas obras impresas pola voracidade destes animais, pois dalgunhas caixas cheas de libros non quedaron máis ca a encadernación e a marxe destes.

12. Ao erguerme unha mañá do leito, que amañara debaixo dunha árbore cunhas cantas herbas secas, sentín un extraordinario proído no brazo esquerdo e achei nel unha carracha que metera xa a metade do corpo na carne. En van intentei sacala enteira: tiven que cortala e deixar dentro do brazo todo o que penetrara nel; mais coa morte do animal cesou a dor. Estes insectos agárranse ou, máis ben, insírense no corpo dos cans, dos kangarús, das serpes, dos lagartos e, en suma, de todos os animais que teñen o sangue quente, sen respectaren moito porén os que o teñen frío.

13. Os indíxenas non coñecen as chinchas nin as pulgas, mais, non obstante, áchase na Australia un insecto da familia dos coleópteros, cuxo fedorento humor se asemella ao da primeira; e as pulgas son tan odiadas dos salvaxes que prefiren durmir no duro chan a carón dun pouco lume mellor ca nunha branda cama, se nela se atopa unha soa pulga. Vinos abandonar as súas cabanas (na veciñanza das casas dos europeos) e construír outras a gran distancia porque nas primeiras se atopou algún de tales insectos, levado alí sen dúbida polos cans dos colonos. Adoitan dar ás pulgas o nome inglés de *flea*.

14. Áchanse nas praias da Australia cunchas en gran número, a maior parte descoñecidas, que os afeccionados a elas recollen co maior deveso. As fasianelas abundan nas costas occidentais, as terebrátulas no porto Western, e nas praias meridionais Peron e Quoy encontraron viva a trigonia testácea, ata entón só coñecida en estado de petrificación nos estratos fósiles do vello mundo. Inmensos depósitos de cunchas de ostras atópanse non só no litoral, senón tamén algunhas veces nas beiras dos

ríos, a unha considerable distancia do mar. Na costa setentrional áchanse ostras perlíferas máis de seis veces meirandes ca as europeas comúns.

15. Críanse naqueles mares moitos e moi deliciosos peixes; e, aínda que os ríos non son de grandes dimensións, non deixan de telos tamén en abundancia. As anguías (*Tandanus*), as pescadas, as *perchie*, algunhas das cales pesan máis de trece libras, e os *arami* (*Cernua bidyana*) son os máis numerosos. Estes últimos son moi grosos e fortes, e emiten unha especie de xemido cando son sacados da auga.

16. Os zoófitos (así chamados de dúas palabras gregas que significan planta-animal) carecen xeralmente de vasos sanguíneos, como tamén dos órganos particulares para a respiración, a cal se produce por toda a superficie do seu corpo. Algúns teñen a boca provista de dentes; noutros unha soa abertura suple todas as funcións, isto é, de entrada e saída. Teñen a facultade de dar orixe a novos individuos que agroman na superficie do seu corpo, formando unhas masas variadas e en certo xeito compostas de animais multiplicados que, segregando ou destilando unha materia pedregosa ou calcaria que se chama coral, constrúen unhas celas en que se aloxan, ou ben forman uns troncos arredor dos cales se agrupan. Desta maneira chegan, co seu lento e continuo traballo, a formar masas pétreas tan grandes que ao final son novos escollos, e aínda illas, o que, como xa se observou anteriormente, fai moi perigosas as costas da Australia.

CAPÍTULO SEXTO

BOTÁNICA

1. Varias flores. — 2. O cedro. — 3. A caoba. — 4. O piñeiro. — 5. O sándalo. — 6. O *Eucalyptus resinifera*. — 7. A *duotta*. — 8. A *nuytsia*. — 9. A *banksia*. — 10. A *Zamia spiralis*. — 11. A árbore do té. — 12. A xantórea. — 13. A *kingia*. — 14. Árbore descoñecida. — 15. Vexetal espiñento. — 16. Varias acacias. — 17. A *tristania* e outras moitas especies de vexetais. — 18. Escaseza de plantas alimenticias.

O reino vexetal aumentou considerablemente coa flora australiana, cuxas curiosas formas son da máis elegante variedade.

1. As brillantes cores verde, encarnada e amarela que adornan a planta chamada *Marsupia mirabilis* fana unha das flores máis fermosas daquel continente. Déuselle o nome de marsupia pola semellanza que ten na súa forma cos animais coñecidos con aquel. Na parte occidental áchanse, en moi curtos espazos de terreo, máis de vinte e cinco especies da orde *Epaticae*, á cal pertence a *Marsupia mirabilis*. O *Metrosiderus* bota unha flor que pola súa beleza é tida pola mellor da Australia, e o *Calostemma candidum* despide unha fragancia tan suave que fai deliciosa a permanencia naquelas selvas.

As *Epacridaceae*, *Proteaceae* e *Restionaceae*, que só se atopan no hemisferio austral, son plantas hermafroditas.

Gran número de vexetais descoñecidos, e dos cales se apoderou a horticultura, cultívanse con éxito nos xardíns dos afeccionados europeos, maiormente na Inglaterra.

2. Unha das árbores máis útiles é o cedro, que se atopa só na parte oriental, e é chamado polos naturalistas *Cedrela australis*. Del obtéñense táboas dunha cor avermellada, moi lixeiras e de longa duración, e fanse delas toda clase de mobles.

3. Entre as árbores máis maxestosas da Australia debe contarse a caoba, ou sexa, o *Eucalyptus robusta*, que vive nos chans areentos. O seu toro desde a superficie da terra ata a primeira póla pasa ás veces de cento corenta pés de alto, e ten trinta de circunferencia. Teño durmido máis dunha vez na concavidade dunha destas árbores, tendéndome nela folgadoamente, ben que se atopaba aínda en estado de vexetación. Produce un froito semellante pola súa forma a unha pipa de fumar, do cal se alimentan os kangarús e outros animais marsupiais. A súa madeira é a que está menos suxeita ao dente roedor da formiga branca; ten unha cor encarnada escura, serve para calquera uso, féndese doadamente e é bastante pesada.

4. A árbore que pola súa forma externa se asemella moitísimo a algunhas especies de piñeiro é aquela chamada polos naturalistas *Callitris pyramidalis*. A súa madeira é dunha cor amarela acendida, moi compacta e dun olor agradable; as súas follas collen unha cor verde escura.

5. O sándalo (*Santalum latifolium*) é sen dúbida un dos máis preciosos vexetais daquel continente. A madeira do tronco é dunha cor amarelenta, féndese doadamente e despide unha suavísima fragancia. Case nunca chega á altura de doce pés, e atópase na parte occidental. Os hindustanos e os chineses, cos cales os colonos de Swan River fan desta madeira un gran comercio, úsana para os seus delicados embutidos, e queiman en lugar de incenso as súas serraduras. ¡Cantas e cantas veces no medio das fragas teño queimado tan preciosa madeira para o meu confort! Esta árbore prospera en calquera chan fértil.

6. Semellante á caoba é o *Eucalyptus resinifera*, ou sexa, *rede-gum-tree* dos colonos. É esta árbore a máis útil e vantaxosa para o home na Australia, non polo seu froito, que se asemella ao da caoba, senón por certa goma que destila, dunha cor rubia, a cal, tomada no caso dunha dia-

rrea moi tenaz, produce os máis eficaces e prontos efectos. Deina algunhas veces pola mañá disolta no té, ou ben antes de tomar o almorzo, en dúas pequenas pímulas do tamaño dunha abelá, e contra a tarde as persoas atacadas daquela enfermidade estaban xa libres dela. Débese advertir que un abuso desta goma podería causar a perlesía.

7. Os indíxenas chaman *duotta* unha especie de *Eucalyptus*, que, aínda que a súa madeira branca teña unha dureza como de ferro, é non obstante roída con certa preferencia pola formiga branca, como antes se dixo. As concavidades que hai nos troncos destas árbores conservan, ás veces ata o verán, auga das chuvias do inverno. Os indíxenas sácana abrindo un buraco nalgún nó do toro, polo cal sae como unha cristalina fonte con que apagan a súa sede, e despois tápano para poderse servir noutra ocasión da auga que quedou aínda. Teño bebido moitas veces desta auga e atopeina moi saudable, mais nada grata ao padal. A casca das raíces desta árbore serve de alimento aos indíxenas. Tóstana e, despois de machucada, máscana e por fin chúspena. Sacan tamén das ditas raíces uns vermes amarelos e longos como o furabolos da man dun home, e cómenos, como se explicou máis arriba falando dos vermes.

8. A árbore chamada *Nuytsia florida*, e polos colonos *cabbage-tree*, produce unhas flores moi fermosas de cor alaranxada, que, cando están abertas de todo, cobren a árbore de tal maneira que toda ela parece un único e enorme ramallete, e ten unha beleza que non se pode agardar que se atope no medio dos bosques. Destila do toro desta árbore unha especie de goma glutinosa e azucrada, da que os indíxenas son moi gustosos. Chámana *oñon*, nome que por analoxía lle deron tamén ao noso azucre.

9. As flores da árbore *Banksia nivifolia*, chamada polos ingleses *honeysuckle*, teñen seis polgadas de longo e outras tantas de circunferencia. Producen un licor semellante no gusto ao mel e ás veces en tanta cantidade que unha soa flor contén polo menos unha cullerada sopeira. Os indíxenas adoitan zugalas ou ben poñelas en infusión para beber despois a auga adoçada con elas.

10. A zamia (*Encephalartos spiralis*) é unha árbore da especie da palma, cuxo froito (grande coma unha castaña) é mortífero, non sendo cando é preparado polos salvaxes. Así o teño comido moitas veces e atopeino dun gusto exquisito. Varios europeos que se atreveron a comelo sen a preparación dos indíxenas foron vítimas da súa temeridade. Dos medios de que se valen os salvaxes para neutralizaren o veneno falei máis adiante. A cor da súa pel, que é sumamente fina, é escarlata. A polpa só é comestible cando se prepara do xeito que a fai salubre, e o óso, que contén unha semente que non se come, forma o grosor de todo o froito. A zamia non se ergue do chan máis ca catro ou cinco pés e ten cinco ou seis de circunferencia. As súas flores producen moitos froitos ou, mellor dito, moitas sementes. Medra en chans arentos.

11. Os colonos chaman *tea-tree*, ou sexa, árbore do té, unha planta da familia *Melaleuca*, á que dan tamén o nome de *paper-barek-tree* (árbore da casca de papel), por causa da sutileza da súa cortiza. Das follas deste vexetal obtense unha bebida semellante ao té. Comendo algunhas veces pan, amasado por min mesmo no medio da fraga, observei que tiña un gusto moi agradable ao padal, e atribuíno a que se me mesturaran por casualidade algunhas follas dela.

12. A xantórea, que os colonos chaman *black-boy* e *gras's-tree*, é a planta da que os indíxenas sacan maior utilidade, pois, cando se atopa en estado de putrefacción, obtéñense dela certos vermes que lles serven de alimento, polo cal arrancan ou cortan cantas árbores desta especie atopan, que non resisten dúas ou tres patadas. Sérvense das follas da xantórea para alumar, para cubrir as súas chozas cando as fan en tempo de choiva e de leito para durmir. Válese da goma resinosa que destila do seu toro para fabricar e perfeccionar os seus martelos e os demais utensilios e armas. A dureza desta goma preparada polos indíxenas excede a de calquera outra masilla europea. Por último, sérvense exclusivamente do talo da flor desta árbore para facer lume. A xantórea ten algunhas veces ata catorce pés de altura, e o seu tronco non é máis ca un feixe de fráxiles follas, as cales teñen unha forma triangular, e son do groso de media pol-

gada e da lonxitude de tres ou catro pés, tendo ademais no seu extremo unha aguda punta. A maior parte das casas dos colonos están cubertas con esas follas en lugar de tellas. Como a torada é moi resinosa, arde doadamente e mantén o lume moito tempo; despide unha luz tan clara que moitas veces teño lido o meu breviario con tanta comodidade como o podería facer coa mellor candeia. O talo da flor, incluída esta, chega regularmente a ter catro e aínda máis pés de longo. Os animais, e en particular o gando vacún, comen con avidez esta flor. Nalgúns lugares da parte occidental abundan tanto estas árbores que dificilmente deixan paso libre nin aínda para un home. Atópanse en toda clase de chans, e os indíxenas chámanas *balga*.

13. A *kingia* diferénciase da planta de que acabamos de falar por certas flores longas e fermosas que coroan o seu extremo superior, como igualmente pola súa maior altura e menor circunferencia. Só vin semellante árbore nas proximidades de Perth.

14. Entre as árbores descoñecidas hai unha en particular que produce un froito en forma de acios, semellante a unha pequena acerola, de preto dunha polgada de diámetro. A súa pel é áspera; a súa carne ten unha cor acesa bastante parecida á da grosella, e ten un sabor acedo nada desagradable. No medio do froito ten un óso, que é tamén áspero, e contén unha presada de pebidas. Os indíxenas comen este froito. Poucas árbores desta especie se atoparon no interior da parte oriental.

15. Na parte occidental hai outra árbore, cuxo nome ignoro, a cal, carecendo totalmente de follas, está rodeada, en cambio, de numerosas espiñas de forma cilíndrica, de dúas polgadas e media de longo, igualmente grosas na punta ca na súa base, saíndo do seu extremo unha segunda espiña a xeito de aguillón. Inza xeralmente esta planta nos chans fríos.

16. Son moitas as especies de acacias, como que só na parte oriental se acharon nada menos ca cento trinta. A chamada polos naturalistas *Acacia leiophila* produce en abundancia unha goma de cor de ámbar, en nada inferior á arábiga. Os indíxenas cómena, e os colonos, en particular os de Swan River, fan comercio dela coa Inglaterra. A *Acacia accominata*,

chamada polos colonos *raspberry-jam*, destila tamén certa goma, que atopei dun gusto agradable, ao contrario da producida pola *Acacia leio-philá*. Ten unha cor vermella e é moi rara. A madeira desta árbore é dunha cor encarnada escura, ten un olor agradable e é dura coma o ferro.

17. Atópanse tamén na Australia a *Tristania* e a *Melia aredarah*, das cales se serven os colonos para a construción das súas lanchas; a *Trichilia*, que ten olor de rosa; unha especie de *Erytrina*, ou máis ben, árbore de coral, notable tamén entre os máis brillantes individuos da flora dos países tropicais pola fermosura das súas flores de cor escarlata; numerosas familias das proteáceas, mirtáceas, leguminosas e diosmeas, o tileiro, a *Acacia longifolia*, o xilomeno, cuxa madeira é forte e fermosísima, e moitas outras especies de vexetais, cuxo número algúns cren que ascende ata catro mil. Só na parte occidental acháronse en poucos anos mil oitocentas tres plantas exóticas, catrocentas corenta indíxenas e cincuenta variedades de herbas, e entre elas o *Panicum laevinode* e o *Anthisterium australe*, ou sexa, a herba do kangarú, como a chaman os colonos.

Merece notarse que todas as árbores da Australia, ben que conservan as follas todo o ano, nunca teñen non obstante a frondosidade das europeas, nin as súas follas son dunha verde tan viva coma as das nosas árbores.

18. Por outra banda, a natureza manifestouse alí demasiado avara dos seus dons para o home, posto que, a excepción dalgunha semente ou goma, case non se atopa en tan vasto continente unha planta alimenticia. O reino vexetal do dito país nada ofrece que se pareza nin que poida compararse co das illas do arquipélago Indiano ou co das outras illas da Oceanía; en lugar daqueles admirables vexetais tan verdes e maxestosos, cargados todos de produtos tan útiles ao home, a Australia non presenta máis ca arbustos faltos de toda clase de froitos. A pesar da proximidade das illas Molucas e da semellanza do clima, non só as árbores das especies non atravesaron o mar nin se reproduciron na Australia, senón tampouco aqueloutros vexetais tan preciosos que tanto abundan nas illas veciñas a ela. A árbore do pan, que dá o seu froito durante oito meses se-

guidos, abondando tres destes para o mantemento diario do home; o da bananeira, tan útil e común; o coco mesmo, esta árbore nutritiva e cosmopolita que se atopa en todas as illas salvaxes, faltan tamén aínda nos lugares máis quentes da Australia. Velaquí por que aqueles míseros salvaxes se ven na dura necesidade de comer os réptiles e insectos máis noxentos, e aínda, quizais algunhas veces, a carne humana. Velaquí un obxecto digno en verdade da vosa compaixón, ¡oh, vosoutros!, os que posuídes un corazón cheo de verdadeira e caritativa filantropía. A vosoutros me dirixo. Lembraide que entre aqueles míseros salvaxes hai misio-
neiros católicos, que, abandonando patria, parentes e amigos, se sacrifican a si mesmos polo ben daqueles infelices irmáns seus e tamén vosos. Socorrédeos para que poidan acadar mellorar a sorte moral daqueles pobos, comunicándolles a palabra da Verdade eterna, e acostumándoos asemade á vida social, procurando para eles novos medios de subsistencia, coa agricultura e as demais artes, en compensación dos dons que lles negou a natureza.

CAPÍTULO SÉTIMO

XEOLOXÍA E MINERALOXÍA

1. Formación física da Australia. — 2. Formación primitiva. — 3. Secundaria. — 4. Volcánica. — 5. Materias fósiles. — 6. Pedra de pipa. — 7. O alume. — 8. O sal. — 9. Pedras ferruxinosas. — 10. Minas de chumbo. — 11. De carbón fósil. — 12. De cobre. — 13. De ouro.

1. A formación física da Australia deu lugar a conxecturas moi estrañas e vagas acerca da súa orixe. Algúns xeólogos cren que é de formación primitiva, outros secundaria ou calcaria, e non faltan outros que a teñen por volcánica. O máis certo é que nela se poden observar as tres variedades.

2. As montañas que forman a cordilleira Darling, na parte occidental, presentan en diferentes lugares rochas primitivas, ou sexa, de granito, salpicadas con algúns fragmentos de cuarzo, sendo de igual formación a base de moitas outras na parte do leste. Os cumes dalgúns montes compóñense de pórfiro, e o que se atopa nun toutizo situado a tres millas ao sur da cuíña Wigen consta dunha base de feldespato avermellado escuro, mesturado con algunhas capas de cristais estratificados de feldespato común, formando capas con outras de cristal. Atópanse moitas rochas compostas dunha aglomeración trápica de cor de chocolate, rematando en puntas a xeito de obeliscos, así como tamén moitas anxélicas, que consisten nunha mestura de feldespato e de auxita, e bo número doutras

rochas amarelentas. Atopáronse tamén en varias partes da Australia moitas concrecións marmóreas.

3. A pedra calcaria domina ao longo das praias setentrionais e occidentais. No río do Cisne (*Swan's River*) acháronse con frecuencia incrustacións calcarias, que conteñen cunchas, raíces e ata troncos de árbores. Noutros puntos atopouse a pedra calcaria no estado de sulfato ou de carbonato.

4. No cume de moitas montañas obsérvanse pedras pómez e materias volcánicas en bastante abundancia, que dan a entender que houbo alí, aínda que en tempos moi remotos, algún volcán en actividade. Un outeiro de certa extensión, situado a vinte e seis millas da praia oriental, componse principalmente de escoura volcánica dunha cor gris verdosa, composta na maior parte de feldespatos. Este depósito contén moitas cunchas fósiles, principalmente de catro distintas especies de novo xénero, as cales se parecen ao hipopodio. Na cordilleira das montañas chamadas Pireneos australianos áchanse montes volcánicos e vestixios de grandes correntes de lava, que en verdade non deixan dubidar en absoluto de que aquel terreo sufriu as convulsións de Plutón e os incendios volcánicos.

5. Atópase madeira fósil petrificada, pertencente a plantas coníferas, en moita abundancia nas chairas, e en forma de seixos redondeados atópase nas ribeiras e no álveo dalgúns ríos, como no de Hunter, onde se observan tamén calcedonias e ametistas escuras e compactas.

Nas proximidades do monte Agabe, na parte oriental, achouse un grande óso, precisamente o óso sacro dalgún grande animal, e a dez millas ao oeste de Moreton, a segunda vértebra cervical doutro.

Nalgunhas capas bastante profundas dunha pedra pardenta e de lousa descubríronse impresións de vexetais, dos que moitos presentaban as plantas en flor, e entre elas puido distinguirse a *Zamia spiralis*.

6. Tanto na parte oriental coma na occidental encóntrase moi abundantemente a pedra de pipa, dunha calidade superior.

7. Atopouse o alume na arxila cristalizada, nun grao notable de pureza, a corenta e oito millas de Perth cara ao nordeste. No cume dunha

montaña achouse en anacos moi grandes, e non menos puro ca o de South Wales.

8. Atópase o sal en moita abundancia cara ao norte de Perth, como igualmente son moitísimas as fontes minerais que hai naquel continente.

9. A curota dalgúns montes e as caeiras doutros ofrecen numerosas pedras ferruxinosas, e en varias chairas e por longos treitos daquel país atópase a area ferruxinosa (*Ironston*), da cal se obtén moito e excelente ferro.

10. O chumbo achouse tamén en varios puntos. O de *Swan's River* contén unha boa porción de prata. Nas proximidades de Adelaide áchanse igualmente moitas minas deste metal, tamén con mestura de prata.

11. Na Nova Gales meridional, principalmente nas proximidades de New Castle, nas beiras do río Hunter, hai veas moi abundantes e de moita extensión de carbón fósil, as que se achan tamén na colonia de Swan River. Ademais das incalculables vantaxes que este mineral trae á colonia de Sydney, facilitando o seu comercio, prodúcelle anualmente máis de 6.000 libras esterlinas, co que a colonia de Swan River está no camiño de chegar a un alto grao de prosperidade pola abundancia dun mineral tan prezado como o que citamos.

12. O cobre áchase nas zonas occidentais, mais, doutra banda, non é aínda bastante coñecida a riqueza das súas minas. Cara ao sur hai numerosas minas deste metal, e entre elas é sumamente abundante a chamada Burra Burra, da cal terei ocasión de falar máis adiante.

13. Finalmente, na colonia de Adelaide, na parte meridional, atópase unha mina de ouro, da cal é inútil dicir canto beneficio reporta.

CAPÍTULO OITAVO

COLONIZACIÓN

1. Colonias e establecementos na Australia. — 2. Orixe de New South Wales. — Fundación de Sydney. — 3. Establecemento de Norfolk. — 4. Condición necesaria para posuír terras en Sydney. — Indíxenas. — 5. Límites de New South Wales. — 6. Renuncia do primeiro Gobernador Phillip e nomeamento de Hunter para o mesmo cargo. — 7. Organización de Sydney e Paramatta. — 8. *Convicts* ou deportados fuxitivos polos bosques. — O Gobernador King sucede a Hunter. — 9. Orixe e progreso da colonia de Van Diemen. — Desgraciada fin dos salvaxes daquela illa. — 10. King cede o goberno ao Capitán Bligh. — Destitución deste e nomeamento do Coronel Macquarie. — Progreso da colonia. — Descuberta de novas rexións ao oeste das montañas azuis. — 11. Disensións entre as diversas clases dos habitantes. — Macquarie procura inutilmente acalmarlas. — Desenvolvemento da colonia en 1821. — 12. O Xeneral Brisbane substitúe a Macquarie. — O Goberno británico pon límites á autoridade do Gobernador. — 13. Novas descubertas. — Darling, Gobernador. — Membros de que se compón o Consello. — 14. Chegada de numerosos propietarios europeos. — Exploracións de Cunningham, Sturt e Mitchell.

1. As colonias fundadas ata o presente na Australia, e independentes entre si, non son máis ca tres.

Ao oriente áchase a primeira, chamada New South Wales, ou sexa, Nova Gales meridional, da cal dependen os establecementos de porto Filipe ou a Australia feliz ao sur, e o de Essington ou Vitoria ao setentrión. Ao mediodía atópase a colonia de South Australia, chamada tamén de Adelaide. E ao occidente, a outra de Swan River, cuxa capital é Perth. Pertencen todas á Inglaterra, e o seu idioma, costumes, leis e relixión son as da patria.

Falarei de cada unha delas, así como dos establecementos indicados, gardando a mesma orde.

ORIXE E PROGRESO DA COLONIA DE NEW SOUTH WALES

2. Por imitación dos portugueses, que foron os primeiros que fundaron na África as colonias penitenciarias, os ingleses estableceron algunhas no norte da América setentrional. Perdidas estas xunto coas demais posesións pola guerra da independencia e formación das repúblicas unidas, sir Xosé Banks, compañeiro de Cook nas súas viaxes, propuxo ao Goberno o continente austral, e principalmente Botany Bay, como un lugar máis a propósito ca calquera outro para tal obxecto. Como consecuencia disto, o 13 de maio de 1787 levantou áncora dos portos da Gran Bretaña con dirección á Australia unha pequena escuadra de nove buques ao mando do Comodoro Phillip, o cal tamén debía encargarse do goberno da futura colonia. Esta frota levaba a bordo 1.017 persoas; o número das diversas autoridades e dos soldados encargados da organización e da vixilancia da colonia ascendía a 260 individuos; o dos deportados, ou *convicts*, como adoitan chamalos os ingleses, non era máis ca de 757, dos cales había 565 homes e 192 mulleres. A fragata *Sirius*, na que ía o Comodoro, e o navío *Supply* protexían a marcha deste convoi. Logo de facer escala en Tenerife, no Rio de Janeiro e no cabo de Boa Esperanza, chegou a expedición o 20 de xaneiro de 1788, coa soa perda de 32 persoas, á enseada Botánica (*Botany Bay*), na parte oriental da Australia, e nela ancoraron todas as embarcacións.

Observando o Comodoro Phillip que non eran aquelas praias bastante apropiadas para a colonización, porque a rexión non ofrecía seguranza nin facilidade nos medios de subsistencia, dirixiuse con toda a súa escuadra doce millas máis cara ao norte, isto é, ao porto Jackson, en cuxa ribeira fundou a cidade de Sydney, que no seu principio deu nome á colonia.

Velaquí os principais elementos de que se compoñía esta no seu nacemento:

Poboación.....	985
Animais vacúns.....	92
Cabalos.....	7
Ovellas.....	29
Cabras.....	19
Porcos.....	74

Apenas se viron libres os deportados ou *convicts*, seguindo nos seus vellos hábitos, non só pillaron o que atoparon á man, senón que cometeron ademais bárbaras violencias e ata homicidios. Non abondando para atallar este mal algúns castigos exemplares, promulgouse unha lei marcial, pola que un tribunal, composto de doce xuíces, condenaba á pena capital por sete votos contra cinco. Era necesario non obstante que o Gobernador dese unha orde formal para executar a sentenza.

3. No mes de febreiro de 1788 algúns dos *convicts* foron transportados á illa deshabitada de Norfolk, descuberta por Cook en 1774, distante de Sydney cara ao nordeste máis de mil millas. Nela, pois, formouse un pequeno establecemento e cultivouse con éxito o millo. Un dos gobernadores de Sydney fixo que o abandonasen os soldados e os *convicts*; mais en tempo posterior dispuxo o Goberno británico que houbera no dito punto un establecemento penal para os maiores delincuentes. Entre tanto, no mes de abril xa se levantaran moitas tendas en Sydney e se cultivaran e sementaran algunhas leiras, e, a pesar dos danos ocasionados polo escorbuto e a sífilis, o estado sanitario era satisfactorio. A colleita do gran foi inferior en 1789; mais a fragata *Sirius* remediou o mal, traendo fariña do cabo de Boa Esperanza. Non sucedeu así no ano seguinte, no cal, téndose ido a pique a dita nave por chocar contra un escollo na illa de Norfolk, foi preciso contentarse con racións moi reducidas ata a chegada do navío *Lady Juliana*, que, ademais das provisións nece-

sarias, trouxo 222 mulleres, ás que seguiron logo preto de mil novos *convicts* noutros tres navíos.

4. O Gobernador Phillip, para estimular os novos colonos á agricultura, concedía terras a calquera que lles pedise, coa única condición de se dedicar ao seu cultivo e residir na colonia. Aos solteiros dáballes 30 acres³ de terra, aos casados 50, e 10 a cada un dos menores, e atopándose autorizado para perdoar ou conmutar a pena aos deportados, adoptou un sistema de benevolencia con aqueles *convicts* que, tomando amor ao traballo, se afeccionaban á súa nova patria. Este sistema deu excelentes resultados, posto que en menos de dous anos se reduciron a cultivo 700 acres de terra.

Os indíxenas foron tratados por el con moita humanidade, e castigou sempre cun rigor exemplar calquera ofensa que lles fixesen os colonos. Benilong, xefe da tribo de Sydney, non só vivía preto do Gobernador, senón que este o admitía tamén na súa mesa. Con tales sentimentos de humanidade o Gobernador logrou en moi pouco tempo estar nunha perfecta harmonía cos indíxenas. Estendéndose cara ao interior o cultivo e os colonos, fundouse a dezaoito millas ao oeste de Sydney unha nova cidade, á cal se deu o nome de Paramatta. Asemade, como reforzo agrícola, chegaron á nova colonia outros 1.700 *convicts*, e en abril de 1791 James Ruse foi o primeiro que renunciou á ración que os almacéns públicos distribuían, dicindo que xa lle abundaba para a súa subsistencia o froito dos seus traballos. Ata entón todos recibiran do Goberno a súa manutención diaria, e no sucesivo moitos seguiron o exemplo de Ruse.

5. A nova colonia, que de día en día ía crecendo en poboación e importancia, tomou o nome de New South Wales, cuxos límites se estendían des do cabo York ata Wilson's Promontory, isto é, dos 11 graos aos 30 de latitude meridional, e das praias orientais cara ao interior, onde os confíns non están aínda bastante determinados. O Goberno vende predios só nunha parte da dita colonia, que é maior ca toda a Italia, e en calquera

3. Nun acre de terra pódense sementar 120 libras de gran.

outro lugar cédeos para pasteiros a un censo anual. En 1792 a terra concedida aos cultivadores ascendía a 3.470 acres.

Malia os rigorosos e cotiáns castigos, os delitos multiplicábanse dun modo extraordinario. A forza material non era suficiente para os conter, e a moral, moito máis poderosa ca aquela, non viña chamada en auxilio.

6. O Gobernador Phillip, a remates do mesmo ano, despois de ter loitado cunha enerxía e unha firmeza pouco comúns contra todo xénero de atrancos, e logo de ter levado a colonia ao estado de gran prosperidade material en que se atopaba, regresou á Europa, levando consigo o australiano Benilong.

Máis tarde chegaron a New South Wales colonos libres, aos cales o Goberno cedeu terras e *convicts* para cultivalas, xunto con víveres para dous anos. A colonia atopábase xa en estado de sufragar este gasto coa gra recollida no mesmo país. Por renuncia de Phillip, foi nomeado Gobernador o cabaleiro Hunter, que chegou ao seu destino acompañado de Benilong en 1795. O primeiro ano do seu goberno foi memorable por mor dunha extraordinaria sarabiada que estragou as sementeiras, fendeu as árbores e botou a perder as plantacións de millo, e, aínda que a estación foi bastante suave, mantívose o xeo sobre o chan polo menos dous días, encontrándose aínda no segundo anacos conxelados de ata oito polgadas de longo e dúas de largo.

A poboación da colonia, segundo o censo do 1 de setembro de 1796, contaba 4.848 almas, 889 das cales pertencían a Norfolk, e a excepción de 321 individuos, os demais, é dicir, 4.527 persoas, eran mantidos polo Goberno.

7. As cidades de Sydney e Paramatta comezaban entón a organizarse regularmente. As casas foron distribuídas en barrios e numeradas. Nomeáronse maxistrados, comisarios e gardas de policía. En cada unha das ditas dúas cidades construíuse un cárcere de madeira, e fundáronse hospitais, escolas e templos protestantes. Os misioneiros católicos aínda non puxeran os pés na Australia. O número dos colonos libres, bastante limitado ata daquela, aumentaba considerablemente. Estes, aos poucos, íanse

internando no interior do país e, coa axuda dos *convicts* (que o Goberno poñía á súa disposición), chegaron a formar establecementos considerables. Moitos dos oficiais militares escolleron para a súa habitación as ribeiras da canle que discorre de Sydney a Paramatta, e naquelas veigas fértiles víronse en moi pouco tempo quintas amenas e provistas de todo o necesario para vivir con comodidade. Contra a fin de 1798, atopábanse reducidos a cultivo 7.865 acres de terra.

8. Desde entón moitos dos *convicts*, escapando dos seus donos, fuxiron aos bosques, onde convivían cos salvaxes, aos que fixeron crer (os *convicts*) que eran os seus antepasados voltos á vida coa nova cor branca, o que dicían para asegurar a súa existencia.

Os indíxenas, aínda non corrompidos pola malicia europea, créronos e admitíronos como verdadeiros irmáns seus, mais os fuxitivos, despois de lograr ter certa influencia sobre os salvaxes, usaban e aínda abusaban dela como mellor lles parecía ou lles podía convir. Non se contentando con teren a mellor parte da caza, da pesca e de todo o demais, ningunha muller se libraba da súa liviandade. Mais os salvaxes, que o sufrían todo menos esta afronta, mataban cantos podían coller *in flagranti*. Moitos pereceron alanceados por semellante causa, e entre eles un tal Wilson, a fins de 1800. En setembro do mesmo ano, cando Hunter deixou o goberno da colonia, Sydney contaba con numerosos edificios públicos. Estábanse a construír dous pequenos navíos; fixérase traer da Inglaterra unha máquina de acuñar moeda miúda, e prohibiuse introducir ou sacar da colonia unha cantidade maior de cinco libras esterlinas (125 francos, ou sexa, 475 reais). A poboación no mes de xuño de 1801 era de 6.508 almas.

Ao Gobernador Hunter sucedeuno o Capitán Gidley King, baixo cuxo goberno a poboación aumentou extraordinariamente, non só cos deportados que chegaron a ela, senón tamén coa libre emigración de moitos artesáns de todos os oficios que da Gran Bretaña foron probar fortuna á Australia. Por este mesmo tempo un tal míster Arthur mandou que lle trouxeran a New South Wales, do cabo de Boa Esperanza, un carneiro e dúas ovellas meiriñas de pura raza, e máis adiante foron traídos

da Inglaterra á colonia outros tres carneiros e dúas ovellas meiriñas do Rei Xorxe III. Tal é a modesta e reducida orixe daquela la, que nun principio se vendía en Londres case a un peso a libra, e da cal hoxe en día a colonia fai tanto comercio.

9. Polo mes de San Xoán de 1803, unha pequena colonia composta dun destacamento de soldados, dalgúns oficiais libres e dun pequeno número de *convicts*, deuse á vela desde o porto Jackson con dirección á illa de Van Diemen, terra que descubriu Tasman o 24 de novembro de 1642, e o estreito que a separa do continente descubriuno en 1797 o cirurxián Bass. Botada a áncora ao sur da illa, nunha praia que formaba unha excelente rada, fundaron os novos colonos unha cidade, á que deron o nome de Hobart Town, ou sexa, cidade de Hobart, na honra do Secretario das Colonias. O extraordinario progreso deste novo establecemento comezou xa desde o seguinte ano de 1804, no cal o Tenente Coronel Collins tomou o mando dela. Os sucesivos gobernadores de Van Diemen permaneceron suxeitos aos de Sydney, ata que en 1825 foron declarados independentes, e entón creáronse dous consellos, un lexislativo e executivo o outro. Numerosas cordas de deportados foron mandadas da Inglaterra á nova colonia, e coa súa axuda construíronse fermosos edificios, abríronse camiños por toda a illa e desmontáronse grandes agras de monte; os rabaños das diversas especies de gando multiplicáronse de tal xeito que aos poucos anos da existencia da colonia a illa estaba totalmente cuberta delas, e a superficie, pese a ser de vinte e catro mil millas cadradas, non podía xa abastecelas. Mais este mesmo progreso tan rápido, que era un ben inmenso para os novos habitantes, converteuse nun gran mal para os pobres salvaxes, os cales, ben que nun principio viviron en boa harmonía cos colonos, con todo pouco durou este estado, pois diminuindo cada día os seus medios de subsistencia por mor de se estender máis e máis o cultivo das terras e de se multiplicaren en extremo as razas de animais introducidas na illa, roubaban de vez en cando algunhas reses aos propietarios para non morrer de fame, e non podendo os colonos sufrir esta perda dos seus intereses materiais, non só mataban cantos salvaxes pillaban *in flagranti*, senón que

lles daban caza polos bosques, nin máis nin menos coma se fosen animais feroces. En efecto, o xornal daquela colonia chamado o *Times Colonial* do 6 de xullo de 1827 di: «A semana pasada, os colonos establecidos no outro lado da segunda liña ao oeste mataron un gran número de salvaxes, aos que rodearan cando se atopaban ao redor dos seus lumes, e desde lugar seguro disparábanlles os seus fusís». Así é que dos moitos milleiros de salvaxes que habitaban na illa a canda o seu descubrimento non existe hoxe en día máis ca un, porque os poucos que se libraron do masacre xeral foron collidos e botados da illa.

No ano de 1842 Súa Santidade Gregorio XVI elevou a cidade capital de Hobart Town a sé episcopal, sendo o seu primeiro Bispo o moi reverendo Roberto Wilson, consagrado o 28 de outubro daquel mesmo ano.

Dous anos despois, isto é, no de 1844, a poboación de toda a illa ascendía a 46.000 europeos.

10. Volvendo agora falar da colonia de New South Wales, en 1806 o Gobernador King deixou o goberno ao Capitán Bligh, bastante coñecido pola célebre sublevación da tripulación do buque *Bounty*.

Pouco tardou en se facer a súa administración odiosa a todos os colonos, os cales, non podendo aturar por máis tempo a extrema dureza do seu carácter, o arrestaron e o fixeron comparecer perante un tribunal militar. O Goberno da metrópole, non se atrevendo a manter no poder unha criatura súa, para satisfacer a colonia, tivo que contentarse unicamente coa condena aos principais axentes da destitución de Bligh.

De resultas deste pequeno golpe de estado, a colonia permaneceu sen Gobernador, ata que polo mes do Nadal de 1809 chegou alá o home que debía elevala ao máis alto grao de prosperidade e esplendor. Tal foi o Coronel Lachlan Macquarie. Desembarcou o novo Gobernador en Sydney, levando consigo o 73 rexemento de liña para reforzar a gornición. Daquela a colonia contaba xa con 15.000 habitantes, dos que só 4.277 vivían aínda a expensas do Goberno; cultivábanse 21.000 acres de terra, e 74.000 servían para pasto das diferentes especies de gando, cuxo número era o seguinte:

Cabalos.....	1.117
Gando vacún.....	11.326
Ovellas.....	33.818
Cabras.....	1.732
Porcos	8.992

A colleita polo regular abundaba para o consumo xeral.

Sydney, aínda confusa e mal ordenada, transformouse entón nunha cidade ben arranxada e fermosa. Fundáronse outras cinco cidades, a saber: Winsor, Richmont, Wilberforce, Pitt e Castlereagh. Os numerosos rabaños e os almacéns ateigados de gran aseguraban a subsistencia ordinaria da colonia. Abríronse cómodas, amplas e máis curtas vías de comunicación entre os diferentes puntos habitados, e foron descubertas novas rexións cara ao occidente das montañas azuis.

Isto último débese á atercedora seca que aflixiu a colonia no ano de 1813. Cando a excesiva calor abrasou a herba dos prados e estiñaron todas as correntes e mananciais de auga; cando os homes e o gando languidecían en todas as partes de sede e de calor, tres afoutos colonos, cuxos nomes nos conservou o recoñecemento dos seus contemporáneos, Blaxland, Wentwortl e Lawsond, despois de repetidos esforzos, conseguiron atravesar as montañas azuis, xulgadas ata entón inaccesibles, e baixar ao outro lado da vertente. O enxeñeiro Evans, seguindo as pegadas dos primeiros descubridores, descendeu tamén ao oeste das mesmas montañas, e non tardou en descubrir unha fértil campiña que chamou chaira de Bathurs, atravesada por dous ríos bastante caudalosos, aos que despois se deu o nome de Macquarie e de Lachlan, na honra do Gobernador.

No ano seguinte abriuse un camiño a través das montañas, e desde entón en diante os colonos, que tiveran que cingirse a habitar non máis ca a rexión situada entre o mar e as montañas, estendéronse polo inmenso espazo daquel fértil e descoñecido país. Aquela descuberta produciu un cambio total no estado e condición de New South Wales. En 1817 Oxley e Cunningham, crendo que o Lachlan era un afluente do outro río, segui-

ron o seu curso por espazo de catrocentas millas ata que tiveron que abandonar as súas exploracións por culpa dos terreos pantanosos e impracticables que atoparon. No ano seguinte Oxley fixo novas andanzas, e despois de descender o Macquarie nunha extensión de máis de cento cincuenta millas ao outro lado do monte Harris, vendo que o río remataba nunha especie de Mediterráneo, dirixiuse cara ao oriente e descubriu as ricas e pintorescas chairas de Liverpool, cara ao norte da capital.

O resultado de tan diversas e preciosas descubertas foi estendérense os colonos cara ao sur, onde atoparon un terceiro río, que os indíxenas chamaban *Morrumbidgee*; o seu curso dirixíase rumbo ao centro do continente, e as excursións que por el se efectuaron en distintas épocas contribuíron non pouco ao maior coñecemento da parte meridional.

11. Todas estas melloras e progresos materiais non fixeron que Macquarie esquecese e descoidase o estado social da colonia; el foi, en efecto, o primeiro que procurou xuntar e poñer de acordo os distintos elementos que a formaban.

Nun principio Sydney compoñíase unicamente de funcionarios do Goberno e de deportados, que, unha vez libres, formaron unha clase de individuos á que se lle deu o nome de emancipados; estes, a pesar de que concluída a súa condena debían volver gozar de todos os seus dereitos anteriores, non obstante permaneceron sempre con respecto aos funcionarios nun estado de inferioridade relativa, polo mesmo estilo da que se observaba na antiga cidadanía romana entre os libertos e os inxenuos. O número non pequeno de colonos libres compoñía unha terceira categoría. O xerme da discordia que traía revolta a colonia, e que Macquarie procuraba combater e borrar con todas as súas forzas, proviña das devanditas varias clases. A última, a saber, a dos emancipados, medraba cada día en riqueza e importancia. Convertidos os que a compoñían en propietarios de moitísima consideración na colonia, eran, ao tempo que amables e xentís nos seus modais, irreprezibles na súa conduta; mais pese a todo isto, desprezados polos funcionarios e polos colonos libres,

foron sempre excluídos de todas as xuntanzas públicas e mesmo, se non de dereito polo menos de feito, de todos os empregos civís.

Pouco numerosos e inferiores en forzas, os emancipados sufriron as afrontas de que os enchían os seus antagonistas, ata que algúns da clase libre se puxeron da súa parte e defenderon a súa causa con calor e elocuencia; mais isto só serviu para acrecentar os odios e retesías.

Macquarie procurou, con cantos medios estiveron ao seu alcance, establecer a paz e a concordia na nacente colonia, dando o primeiro o exemplo da reconciliación. Convidou con este obxecto á súa mesa os emancipados máis distinguidos; deu a outros, que o mereceran polos seus méritos, o cargo de maxistrados, e asemade prohibiu aos militares inmiscirse nos asuntos do comercio. Mais todos estes exemplos non deron outro resultado que o de indispoñer contra o Gobernador as outras clases privilexiadas, de tal sorte que algúns deles chegaron ata a denunciar a Macquarie ao Goberno da metrópole, acusándoo de que facía especulacións e de que tiña intencións perversas. O Goberno de Londres prestou oídos á calumnia, e mandou a Sydney unha comisión de investigación, que chegou a New South Wales en 1819; mais despois de practicadas as máis dilixentes pescudas e as máis coidadosas e minuciosas indagacións, Macquarie saíu honroso. Afectado non obstante pola parcialidade que en contra del demostraran algúns dos comisionados, deu a súa dimisión, e partiu de Sydney o 4 de decembro de 1821, levando consigo os votos, o afecto e as loanzas de todo o mellor da colonia.

Vexamos cal era naquela época o seu desenvolvemento:

Almas	29.783
Cabalos.....	4.014
Gando vacún	68.149
Ovellas.....	200.000
Acres de terra cultivada	32.271
Destes destinados ao cultivo de gran....	9.000

12. Sucedeu a Macquarie o Xeneral Brisbane, home de carácter afaible e pacífico, mais frío de carácter e tímido. Os seus extensos coñecementos en astronomía fixérono con razón apreciable para os sabios, mais algunhas medidas administrativas que tomou anubraron as demais belas calidades que o adornaban.

Durante o seu goberno foi cando o Parlamento, con acta do 19 de xullo de 1823, puxo límites á autoridade absoluta e omnímoda que ata entón exerceran os gobernadores na colonia. Este acto, que debía ter forza de lei na colonia ata o 1 de xullo de 1827, creaba un Consello lexislativo composto de cinco a sete membros nomeados polo Gobernador, quen debía someter ao seu exame os proxectos de lei que tivese a ben propoñer, suxeitándoos despois á aprobación do gran Xuíz. Se o Consello desbotaba a lei proposta, o Gobernador tiña a facultade de propoñer outra, e así sucesivamente, ata que fose coñecida a vontade do Rei, co que se ve que en realidade era ben cativa a influencia do Consello. Moito máis útil foi a creación dun Tribunal Supremo, composto dun Xuíz superior e doutros dous subalternos encargados de todas as atribucións dos diversos tribunais do reino, e outro tribunal inferior, ou sexa, xulgado de paz, coñecido baixo o nome de *General Quarter Sessions of Peace*, o cal debía entender en todas as causas e delitos que non comportasen a pena de morte. Deste modo a autoridade civil substituíu a militar.

A cuestión entre a clase privilexiada e a emancipada tomou baixo o goberno de Brisbane un carácter máis áspero e difícil, mais o Gobernador mantívose case neutral entre os dous partidos, inclinándose, ben que pouco, en favor dos primeiros.

13. Entre tanto, novos exploradores saían da capital da colonia cara ao interior do país. En 1823 un oficial de mariña remontou o Morrumbidgee ata a súa orixe, que atopou nunhas inmensas e deliciosas pradarias a que deu o nome de Brisbane Downs; e no ano seguinte Howell e Hume, despois de teren andado por rexións descoñecidas des o lago George ata as ribeiras do porto Phillip no estreito de Bass, descubriron e exploraron á súa volta moitas e fértiles terras, regadas por algúns ríos que chama-

ron de Hume, Oven e Gouburn. Estes descubrimentos proporcionaron moito ánimo, non soamente aos habitantes da colonia, senón tamén aos da nai patria.

No ano de 1825 partiu Brisbane, e o Xeneral Darling sucedeuno no goberno.

O Consello compoñíase entón das autoridades superiores, ás que se agregaran dous grandes propietarios e un comerciante, mais non correspondendo os seus actos ás expectativas de moitos dos colonos, estes pedían, por medio do xornal o *Monitor*, que era o órgano da oposición, a creación dunha asemblea representativa, a maxistratura dos xurados e a liberdade de prensa. O Goberno da metrópole íaos entretendo con promesas.

14. Desde aquel ano en adiante o progreso da poboación foi sumamente rápido, por mor do gran número de emigrados voluntarios que, en vista dos interesantes descubrimentos que se fixeran na colonia, trasladaron a ela a súa residencia cos seus inmensos capitais. As exploracións mentres tanto avanzaban no interior. En 1827, encargado oficialmente Cunningham de explorar a rexión situada entre o río Hunter e a badía Moreton (Moreton Bay), percorreu unha extensión de terreo como dunhas mil oitocentas millas, descubriu o río Peel, o torrente Dumerang (que segundo as súas observacións está a 900 pés sobre o nivel do mar) e logo os fermosos e fértiles vales que chamou Darling Dow e Peel Plains, e o caudaloso río Gwyder, con algúns outros que non merecen ser citados. O ano seguinte empredeu de novo as súas excursións, dirixíndose esta vez des a badía de Moreton aos Darling Downs, co obxecto de descubrir, como en efecto conseguiu, unha doada comunicación entre estes dous puntos, descuberta da maior importancia para a prosperidade do establecemento de Moreton. Entón, foi tamén que, subindo polo río Brisbane, seguiu o seu curso ata o punto en que atopou as súas augas remansadas en pequenas lagas separadas as unhas das outras.

Naquela mesma época o Capitán Sturt realizaba outra viaxe de descuberta cara á badía Moreton. Cría que a gran masa de auga que atopara

Oxley en 1818 debera quedar absorbida despois das tres aterrecedoras secas que sufrira a colonia; e, en efecto, puido observar desde as alturas do monte Harris, o 20 de decembro de 1827, que non existían xa aqueles grandes depósitos de auga, e que no seu lugar se vía unha chaira uniforme e cuberta dun fermoso tapiz de herba. Entón foi cando descubriu o río ao que deu o nome de Darling, a 30 graos de latitude e 150 de lonxitude. Mais non foi pouca a súa sorpresa e a dos seus compañeiros ao se decataren de que as súas augas eran salgadas, circunstancia que obrigou os exploradores a retroceder por falta de provisións, e maiormente de auga potable, despois de seguiren un bo treito o curso do río.

En 1829 Sturt continuou as súas viaxes, e, seguindo a ribeira dereita do río Morrumbidgee, chegou ao punto en que é xa navegable, e deixando alí parte da súa equipaxe, botou á auga unha lancha que trouxera de Sydney e seguiu o seu camiño polo río. Ao cabo de pouco tempo, isto é, como a unhas doce millas de distancia, atopou o leito do confluente Lachlan, e despois de noventa millas de navegación observou, o 7 de xaneiro de 1830, que o mesmo Morrumbidgee unía as súas augas ás doutro río maior que chamou Murray, cuxa largura era de máis de 400 pés e a súa corrente levaba unha rapidez de dúas millas e media por hora. Pasados nove días e medio ao longo do Murray, atopouse (despois de percorrer cen millas ao oeste do Lachlan) na embocadura doutro río que tomou polo Darling, cuxas augas non obstante eran doces e as ribeiras máis fértiles ca as do Murray.

Despois deste encontro, preto de sesenta millas máis adiante cara ao oeste topou cun terceiro confluente bastante crecido, ao que chamou Lindsay, ben que xeralmente se cre que é o Goulburn de Hume e Howell. Finalmente, o día 3 de febreiro entrou no gran lago de auga salgada, chamado por el lago de Alexandrina. Ten este lago cincuenta millas de longo e trinta e cinco de largo, e atópanse nel un número extraordinario de focas; as súas augas, por unha estreita canle, comunícanse coas da abra de Encounter, e a fondura no medio do lago non pasa de 40 pés. Vendo Sturt que tiña tan preto o mar pola parte do mediodía, embarcouse outra



Paso do río Murray preto do lago de Alexandrina

vez e volveu desandar o andado ata o lugar onde deixara o seu depósito, e des alí volveu a Sydney. Ao Capitán Sturt e aos seus compañeiros, entre os que debemos contar o Capitán Nicols, cábelles a gloria de atravesaren os primeiros o interior da Australia, aínda que por unha das súas larguras menores.

As detalladas noticias que deu un tal Xorxe Clarke (deportado fuxitivo a quen volveu prender a forza pública) relativas á existencia, en dirección ao norte, dun gran río que el chamaba Kindur, deu motivo ao Gobernador sir Patricio Lindsay, sucesor de Darling, para mandar facer unha viaxe de descuberta cara á rexión que indicara Clarke. O Maior Mitchell, que ocupaba o posto de Oxley, foi nomeado xefe da expedición, composta de quince homes, e á fronte dela partiu o 24 de novembro de 1831. Despois de trescentas millas de viaxe, entrou nunha rexión aínda non explorada, e nela atopou o río Muluerindie, que se xuntaba co Peel, as chairas de Mulluba, a cordilleira dos montes Nundawar e outra cuxos principais picos recibiron os nomes de monte Riddel ao setentrión, monte Forbes ao mediodía e o do centro e máis alto de todos, monte Linsay; descubriu tamén os ríos Karaula, Nammoy, Maule e Gwydir, que desaugaba noutro, cuxa largura nalgúns puntos o facía moi semellante ao Tá-mise, e este foi o último río que descubriu daquela. Polo demais, o Kindur de Clarke non o atopou, e viuse claramente que a historia das súas supostas viaxes non foi máis ca un feixe de mentiras que el forxara para salvar a súa vida, como efectivamente conseguiu. Non obstante, tal descubrimento foi moi vantaxoso para a colonia, porque a rexión descuberta era das máis apropiadas para formar nela establecementos de pastoreo. En efecto, numerosos rabaños de ovellas cubriron axiña as chairas de Mulluba e moitas outras.

CAPÍTULO NONO

1. O Gobernador Bourke manda abrir novas e máis cómodas vías de comunicación co interior. — 2. Chega á colonia o moi reverendo Ullathorne en calidade de primeiro Vigairo Xeral católico. — Número de católicos naquela época. — O moi reverendo Pol-ding é consagrado Bispo e primeiro Vigairo apostólico de Sydney. — 3. A súa arribada á Australia. — Protección que dá o Gobernador Bourke aos misioneiros católicos. — 4. Mitchel descobre o país chamado por el a Australia feliz. — Morte de Cunningham. — 5. Produtos obtidos da pesca. — Poboación da colonia en 1836. — Valor das terras. — 6. Deportados. — O seu número. — A súa ocupación e condición moral. — 7. Hobart Town é elevado a sé episcopal católica e Sydney, a metropolitana. — 8. Concédese á cidade de Sydney unha asemblea representativa. — 9. Leichhardt explora o interior da colonia pola parte do setentrión. — Na mesma dirección atopa o río Vitoria. — Leichhardt emprende a exploración da Australia, desde o oriente ao poñente. — 10. Estado e número dos salvaxes. — 11. Progreso da colonia en cincuenta e oito anos. — 12. Situación de Sydney. — Principais edificios. — Xardín botánico. — 13. Clima e enfermidades. — 14. Atópanse en Sydney individuos de case todas as nacións. — Extraordinaria mestura de relixións e razas. — 15. Escolas, compañías e sociedades. — 16. Porto Jackson e comercio. — 17. Algunhas outras cidades da colonia.

1. O Xeneral Bourke, que sucedeu no mando ao Gobernador Lindsay, para facilitar o comercio entre os colonos que se estableceran ao outro lado das montañas azuis e os da capital e demais cidades situadas na costa, fixo abrir novas e máis cómodas estradas; en 1832 atravesouse por medio dun bo camiño o monte Vitoria, e outra nova estrada fixo inútil a que conducía des a chaira de Emú ao monte de Lapstone, para cuxa subida necesitaban os bois non menos dunha xornada enteira.

2. Naquel mesmo ano chegou a New Souht Wales, co título de Vigairo Xeral, o monxe beneditino inglés Ullathorne, acompañado dalgúns

simples sacerdotes. Prendera a desmoralización de tal sorte na colonia que o seu estado se facía cada día máis tristeiro e insoportable. Os moitos ministros protestantes que había non coidaban no máis mínimo de poñer termo a tanto mal, nin se sentían con forzas para o combater. Estaba reservada esta gloria para os poucos mais celosos misioneiros católicos, os que, cheos daquel ardor que infunde a caridade e a confianza en Deus, propia tan só dos que seguen a verdadeira relixión, tomaron a empresa con indicible degoiro, predicando a Verdade eterna a todos sen distinción de persoas nin de relixións, e o Señor beiceu visiblemente a súa obra co repentino e palpable cambio que se notou nos costumes daquela nova grea. Ata as mesmas autoridades civís puideron observar as vantaxes das máximas e do rito católico (ben que non faltaban moitos que as tiñan por vas e supersticiosas), pois xa decontado diminuíron sensiblemente os delitos públicos e empezouse a gozar de tranquilidade na colonia.

Vendo o Vigairo Ullathorne e os seus compañeiros que a quinta parte da poboación, que en 1833 ascendía xa a 71.070 almas, era católica, fundaron algunhas escolas para que a xuventude puidese recibir unha boa educación, e construíron igrexas para reunir os fieis e repartirlles o pan da divina palabra. Os católicos contribuíron gustosos con canto lles foi posible a levar a cabo os santos desexos dos misioneiros, os cales, aínda que estaban contentísimos ao ver os óptimos froitos que recollían dos seus traballos, axudados da divina graza, non deixaban con todo de se aflixir ao ver a falta que tiñan de operarios para traballar en tan extensa viña (posto que realmente eran moi poucos), e sobre todo privados dun Pastor unxido dos sacros óleos e coa plenitude do sacerdocio. Recorreron en tales apuros ao inmortal Gregorio XVI, o cal, con paternal corazón, escoitou as súplicas daqueles fillos seus, que non por estaren tan distantes lle eran menos queridos, nomeando en 1834 Vigairo apostólico de Sydney e da Australia enteira o ilustrísimo Xoán Polding (outro beneditino inglés), o que foi consagrado Bispo de Hierocesarea o 29 de xuño do mencionado ano.

3. Indicible foi a ledicia dos católicos de Sydney vendo chegar a aquela cidade en 1835 o seu Pastor; non poucos entre os mesmos protes-

tantes se alegraron con isto, crendo que o celo e a caridade do Bispo católico producirían bens sen conto á colonia; e, en efecto, as súas esperanzas non quedaron defraudadas.

O Gobernador Bourke, que máis ca todos desexaba o ben moral do novo estado, mostrándose xeneroso e imparcial, fixo moito aprecio dos católicos, a pesar da prevención con que os miraban moitos dos seus subalternos. Vendo por unha parte as enormes sumas que percibía o clero anglicano e o pouco ou nada que se empregaba na mellora moral da corrompida poboación, e por outra o celo infatigable con que se dedicaban a tan santa obra os misioneiros católicos, sen que diso lles resultase o menor beneficio pecuniario, pediu ao Secretario das Colonias en Londres que os ministros das diferentes crenzas relixiosas fosen todos igualmente pagados polo erario público. Dificil empeño era o de Bourke, pois coñecendo os ministros anglicanos que con isto ían diminuír considerablemente as súas rendas, suscitaron unha infinidade de dificultades, e apoiados polos seus partidarios e secuaces opuxéronse coa maior enerxía a que se adoptase unha tal medida. Mais, a pesar de todo, o Secretario das Colonias accedeu á xusta petición do Gobernador, e os sacerdotes católicos recibiron do Goberno colonial a mesma suma ca os ministros anglicanos e presbiterianos.

4. No mes de marzo de 1835 o Maior Mitchell saíu de Sydney, co fin de explorar o curso do río Darling, ao cal viu que se unían as augas do Macquarie, do Bogan e do Nammoy, e en xeral de toda a vertente occidental das montañas azuis comprendida entre os graos 33 e 29 de latitude austral, e que, reunidos todos estes afluentes, o seu curso declinaba un pouco cara ao suroeste, ata topar co Murray, no cal desaugaba. O obxecto da expedición, que se compoñía de 25 persoas, incluídos Mitchell e Alan Cunningham, que ía en calidade de botánico, foi seguir a corrente do Darling ata a súa desembocadura no Murray, e explorar as rexións adxacentes. Despois de trescentas millas de viaxe polo medio de bosques, matogueiras e precipicios, os viaxeiros chegaron a un lugar do Darling en que, descargando dos carros os dous botes de tea que levaban, puide-

ron botalos á auga, mais de pouco lles serviron, porque o curso do río estaba cortado por rochas, troncos de árbores e bancos de area. O principal resultado da expedición, deixando á parte as diferentes cadeas de montañas e os moitos vales, torrentes etc. que se atoparon, foi a descuberta dunha vasta e fermosa rexión, que, polo vigor da súa vexetación, polo seu solo fertilísimo e pola abundancia de auga, foi chamada por Mitchell a Australia feliz, onde non moito tempo despois se fundou un establecemento, cuxa capital é Melbourne, cidade situada a pouca distancia do porto Phillip.

O maior contratempo e a máis triste desgraza que sufriu a expedición foi a perda do douto Cunningham, que, a pesar de ser moi valente e destro no tocante a exploracións, tivo a desgraza de se extraviar mentres ía atarefado en busca de plantas, e non se tivo máis noticia del.

5. Namentres no interior do país se facían descubrimentos de tanta importancia, a colonia enriquecíase inmensamente cos produtos dos mares que a rodean. En 1834 saíron do porto de Sydney 40 buques de pesca, tripulados por 1.117 homes; e en 1836 o valor do aceite e das peles dos vitelos mariños ascendeu a 126.085 libras esterlinas.

O atractivo do aumento que en riquezas, así de agricultura coma de comercio, fixeran os colonos era un poderoso aliciente para a cobiza dos europeos, os cales desde aquela época en adiante acudiron en gran número a aquelas remotísimas rexións para probar fortuna, transportando a elas os seus capitais e os seus coñecementos. En 1836 a poboación compoñíase de 77.096 almas, divididas na seguinte proporción:

Católicos.....	21.898
Protestantes.....	54.621
Xudeus	477
Idólatras (como chineses e outros).....	100
	<hr/>
Total	77.096

Os salvaxes non están comprendidos na suma, porque xa diminuíran moito en número e a súa raza ía esmorecendo por momentos.

O afán de posuír terras na colonia, e máis particularmente na capital, foi a causa de moitas crebas e ruínas. Na época da fundación dábanse terras a todo o que as pedía, coa única condición de que as cultivase, e isto daquela era unha necesidade vantaxosa. Mais en 1839 as cousas variaran completamente; así é que un cuarto de acre de terra, que vinte anos atrás fora comprado por 30 libras de ron, vendeuse en 1839 pola enorme suma de 2.000 libras esterlinas.

6. O número de *convicts* ou deportados, que en 1836 era de 27.831, ascendía en 1839 a moito máis de 30.000. Algúns deles tiñan unha licenza ou permiso (*ticket of leave*) que lles concedía unha liberdade temporal, a cal era prorrogada ou outorgada de todo segundo o seu comportamento era bo ou malo.

No principio os gobernadores da colonia tiñan a prerrogativa de conceder o dito permiso a quen xulgasen prudente ou oportuno, mais en adiante puxeron fortes e severas restricións a aquela graza, de sorte que ningún deportado podía ser perdoado se non cumpría antes unha parte da súa condena, a saber: catro anos de traballos forzados se fora condenado a sete, seis se o fora a catorce e oito se o fora de por vida. Ademais disto, aqueles aos cales se concedía o mencionado permiso non podían posuír terras nin citar a ninguén ante os tribunais, de maneira que permanecían sempre baixo unha especie de tutela pública.

A maior parte dos *convicts* eran entregados polo goberno local aos particulares que os pedían para o seu servizo, e corría pola súa conta mantelos e vestilos segundo dispoñía o regulamento. A vestimenta consistía en dúas chaquetas, tres pares de zapatos de coiro, tres camisas, dous pares de pantalóns, un sombreiro e unha gorra. Para a manutención subministrábenselles cada semana doce libras e media de millo e nove de trigo, sete libras de vaca ou de carneiro, ou no seu lugar catro e media de touciño salgado, dúas libras de sal e outras tantas de xabón. Un criado por este estilo custáballe ao seu amo uns cincuenta pesos anuais, ben que a

maior parte dos colonos engadían a todo isto azucre, tabaco e algunhas veces ron, se estaban satisfeitos da súa boa conduta.

Os demais deportados empregábaos o Goberno ás súas custas nas obras públicas. Nas cidades vivían acuartelados, mais no campo non tiñan máis casas ca unhas casoupas de madeira ou de cascas de árbores.

Os contumaces incorrían na pena de azoutes, á que seguía algunhas veces a de penosos traballos nas estradas, levando grillóns nos pés; mais se os delitos eran máis graves mais non de pena de morte, eran confinados nos establecementos penitenciarios da illa de Norfolk ou de Moreton Bay (establecemento situado ao norte de Sydney, de cuxa cidade dista preto de cincocentas millas). Como naqueles establecementos eran tratados cun rigor extremo, moitos preferían a morte a esta segunda deportación; así é que se lograbán burlar a vixilancia da policía, escapaban e refuxiábanse nos bosques, onde, chegando a reunirse un número considerable, adquiriron unha triste celebridade por tantos horrores que cometeron. Non contentos con se teren librado da dura escravitude e con gozaren daquela solitaria liberdade que vai unida á vida salvaxe, afeitos á triste existencia dos aborixes, ían, coma eles, nus, esborranchados de negro, tatuados e servidos e acompañados adoito de dúas ou máis mulleres salvaxes.

Desfigurados deste modo, podían achegarse impunemente, como o facían en efecto, ás habitacións dos colonos, aos cales roubaban gando e canto lles viña ás mans, con menor risco de caeren prisioneiros; ata que por fin, caendo algúns deles en poder da forza pública, se veu facilmente en coñecemento do engano. Mais os moitos que aínda quedaron fixéronse o terror de todos os colonos, maiormente dos viaxeiros e dos que se estableceran no interior, que nin tiñan seguras as súas facendas nin tampouco a súa vida; estaban, por dicilo así, á mercé dos *bush-ranger's* ou bandidos, que deixaron moitos e tristes recordos da súa crueldade. A algúns fuxitivos que ían acrecentar o número dos seus antigos compañeiros tomáronos estes por espías que mandaba o Goberno, polo que, en vez da vida libre e vagabunda que buscaban, atoparon unha morte bárbara e

inesperada. O Goberno fixo grandes promesas a quen os descubrise, e aumentou considerablemente a forza de cabalaría para lles dar caza. Deste modo foron collidas unha tras outra as principais bandas de malfeitores, debéndose moi particularmente o bo resultado da empresa á enerxía e valor do Capitán Forbes, no socorro do cal acudían tamén os indíxenas, que se prestaban gustosos á detención daqueles os seus opresores e ao tempo sedutores.

Cansados e enfatiados por fin os colonos de teren os deportados en New South Wales, pediron ao Goberno da metrópole que aquela colonia deixase de ser penitenciaria, o que conseguiron andando o tempo.

7. Naquela época o número dos católicos xa aumentara considerablemente tanto na colonia de New South Wales coma na da illa de Van Diemen, de maneira que, non podendo atender o ilustrísimo Polding como era mester os dous puntos, fíxose á vela para Roma a fins do ano de 1840, co obxecto de facer presentes ao Vigairo de Cristo as necesidades da súa tan vasta diocese. A Santidade de Gregorio XVI tomou en consideración as xustas peticións do venerable Bispo, e no ano de 1842 elevou a sé episcopal a cidade de Hobart Town, capital de Van Diemen, e a metropolitana a sé de Sydney, da que foi nomeado digno Arcebispo o ilustrísimo Polding. Apenas chegou á súa diocese de volta da Europa, este varón, celoso e verdadeiramente apostólico, fundou moitas igrexas ata nos puntos máis remotos, enviando a elas sacerdotes instruídos, co fin de coidaren da instrución do pobo. Tamén fundou en Sydney un colexio baixo a invocación de Santa María, cuxa dirección confiou aos monxes beneditinos. Deste modo, coa axuda da divina graza, este celoso Arcebispo logrou, en moi pouco tempo, que a terceira parte da numerosa poboación de New South Wales se convertese ao catolicismo.

8. No ano seguinte de 1843, sendo Gobernador sir Xorxe Gipps, foi concedida aos colonos unha asemblea representativa, composta de trinta e seis membros, doce dos cales debían elixirse de entre os funcionarios do Goberno e vinte e catro de entre os colonos. Lograda esta concesión, as primeiras medidas que se adoptaron foron a redución dos gastos de

administración e unha rebaixa considerable de soldos dos moitos empregados. O Consello é o que dita as leis para o goberno interior da colonia, someténdoa emporiso en primeiro lugar á sanción do Gobernador e en segundo lugar á do Ministro da nai patria. O Gobernador non asiste ás discusións do Consello, mais ten a facultade de suspender e abrir as súas sesións, seguindo nisto o sistema do Parlamento inglés, do que é unha imitación.

9. Sir Xorxe Gipps, en atención ao extraordinario comercio que a colonia mantiña coas Indias e ás gravísimas dificultades que ofrecía a navegación, particularmente ao longo das costas da Australia e no estreito de Torres, en cuxos lugares eran moi frecuentes os naufraxios, tratou de animar, ofrecendo grandes recompensas en diñeiro, os que quixesen explorar o interior do país cara ao norte, en busca dun río que, facilitando a comunicación interior da parte oriental da colonia coa setentrional, puidese evitar a pasaxe sempre difícil e moi exposta da costa e do mencionado estreito. O primeiro que tomou sobre si tan arriscada empresa foi o atrevido prusiano Leichhardt, o cal, logo de saír de Sydney o 13 de agosto de 1844, logrou penetrar, atravesando rexións incógnitas, ata a colonia Vitoria ou porto Essington na costa setentrional, a onde chegou o 17 de decembro do ano seguinte, cun só touro que lle quedara de cantas provisións levara. Sería tarefa moi difícil e longa describir, aínda que for sucintamente, os vales, montañas, animais, novas plantas e torrentes que atopou o ousado viaxeiro no decurso da súa expedición. Non obstante, non quero omitir que preto das praias setentrionais observou bastantes pegadas de búfalo, animal de todo descoñecido no resto da Australia, e ata contou que chegara a matar un daqueles animais. Polo demais, o fin principal da súa expedición non produciu efecto, por canto non atopou ningún río caudaloso que correndo desde o oriente ou do mediodía desembocase no golfo de Carpentaria ou nalgún outro punto do mar setentrional. De volta a Sydney, soubo que, ao crelo morto había tempo, se celebraran as súas exequias. Poucas semanas antes da súa chegada, saíra desa cidade o Maior Mitchell, o 15 de decembro de 1845, para explorar

co mesmo obxecto a parte setentrional; mais non tivo a súa expedición mellor resultado ca a de Leichhardt. É certo que un río caudaloso que atopou Mitchell, ao cal deu o nome de Vitoria, fixo concibir grandes esperanzas na colonia, mais o informe que fixo posteriormente Kennedy, que seguiu o seu curso ata que o viu perderse nun terreo absorbente, esvaeceunas de todo punto, e fixo baldía ata o presente toda idea de comunicación interior entre as cidades de Sydney e Vitoria.

Animado Leichhardt, despois da súa volta por mar a Sydney, co presente que lle fixeron o Goberno e os colonos, que non baixaba de 2.000 libras esterlinas, emprendeu unha segunda expedición, que ofrecía moitas maiores dificultades ca a primeira. Saíu de Sydney polo mes de outubro de 1846 con ánimo de atravesar desde oriente a occidente todo o continente austral. Levou consigo 8 persoas, entre as cales había 2 indíxenas, e mais 14 cabalos, 16 machos, 270 cabras, 90 ovellas e 40 entre bois e vacas. Segundo o seu plan, debía ter ido parar á parte occidental da Australia, e precisamente á colonia de Swan River, mais o 8 de xaneiro de 1849, isto é, máis de vinte e seis meses despois da súa partida de Sydney, non se tiña naquela ningunha noticia del. Á miña chegada a Europa en 1849, vindo da colonia de Swan River, oín dicir en Francia que o intrépido Leichhardt morrera. Queira Deus que aquela noticia fose infundada.

10. Como consecuencia dunha nota de Lord Stanley, Secretario das Colonias, na que recomendaba coa maior calor ao Gobernador de Sydney, sir Xorxe Gipps, que procurase por todos os medios mellorar a condición dos indíxenas, nomeouse en 1845 unha comisión que debía elaborar un plan relativo a isto e sometelo á sanción do Goberno. Foron interrogadas moitas persoas, fixéronse andanzas de pescuda, mais ata agora sen ningún resultado aparente. ¡Miseros australianos! Perseguidos pola poboación branca e privados de poder andar errantes con toda liberdade ao longo das súas selvas nativas, vense actualmente obrigados a go-recerse entre as espesas matogueiras e as máis inaccesibles barrancas, que lles ofrecen, si, un abeiro temporal, mais raras veces a subsistencia, posto que os kangarús e os demais animais que eran o seu ordinario ali-

mento ou desapareceron de alí ou foi destruída a súa raza. E, con todo, ¿que compensación recibiron dos que ocuparon as súas terras? Polo xeral, son considerados como bestas incapaces de toda educación así relixiosa coma civil, e, a medida que os europeos van internándose no seu país, diminúe aquela raza desgraciada, ata que remate por ser aniquilada e desaparecer para sempre. En efecto, segundo o *Report from the select committee on the condition of the aborigenes* (Sydney, outubro de 1845, páx. 2), dos moitos indíxenas que poboaban o distrito de Sydney a canda a fundación da colonia non quedaban en 1845 máis ca catro. Mais disto propóñome falar máis adiante.

11. Para que se vexa como se ía desenvolvendo cada vez máis o progreso da colonia, vou presentar aos meus lectores o cadro comparativo dos cincuenta e oito anos que contaba de existencia desde a súa fundación en 1788 ata 1846:

	1788	1846
	-----	-----
Poboación	985	166.704
Gando vacún.....	92	1.147.287
Cabalos.....	7	76.625
Ovellas.....	29	4.899.819
Porcos	74	39.443
Valor dos artigos, así de agricultura coma de manufacturas coloniais, en libras esterlinas	0	1.201.433

Endexamais as teorías económicas puideron prever que un establecemento fundado sobre bases tan insuficientes puidese chegar en pouco máis de medio século ao colosal estado de prosperidade a que chegou. Tan rápido adianto é sen dúbida ningunha un daqueles fenómenos dos nosos días difícil, por non dicir imposible, de explicar.

12. A cidade de Sydney, situada aos 34 graos de latitude meridional e 150,45 de lonxitude, pode considerarse como o emporio do comercio da Australia, e a non tardar serao da Oceanía enteira. Na actualidade é xa un Londres en miniatura. Erixida na parte máis elevada dun monte-celo, ofrece as máis fermosas e románticas vistas; as súas rúas son longas, sempre en ángulo recto, e iluminadas todas con gas. A maior, chamada George Street (as demais levan o nome ou dalgún dos gobernadores ou ben dalgún distinguido funcionario), divide en dous a cidade, formando unha liña de preto de tres millas de extensión. As vivendas nesta rúa son sumamente custosas, como que nela se atopan concentrados os mellores edificios públicos, e alí está reunido todo o movemento comercial, tanto exterior coma interior; polo tanto, non sorprenderá que un acre de terra en George Street chegase a comprarse por 20.000 libras esterlinas. Elegantes casas de pedra de cantaría ou de ladrillos substituíron as de madeira, das que xa non se constrúe ningunha. Os edificios públicos ofrecen unha rara suntuosidade; salienta entre moitos a catedral católica, cuxo interior, cuberto todo de lucido e odorífero cedro, produce un singular efecto; o pazo do Gobernador; a espazosa praza en que se fai o mercado de todos os produtos da colonia, que nin en exquisitez nin en variedade ceden en nada aos mellores xéneros da Europa; o banco, o tesouro, a dirección de policía, os tribunais, o hospital e os cárceres son notables pola súa grandeza.

Sydney conta tamén entre os seus establecementos de ornato público cun xardín botánico riquísimo en plantas así exóticas coma indíxenas. A oliveira de Siria, a sobreira, a planta das alcaparras, a laranxeira, a maceira da Inglaterra, a pereira da Francia, a xesta, o xasmín, o castiñeiro da India, o limoeiro, a figueira da Grecia, o pexegueiro da Persia, a cerdeira do Ponto, a ameixeira de Sidonia, o albaricoqueiro da América e mil outras plantas alimenticias que forman a delicia dos xardíns e hortos europeos atópanse no xardín botánico de Sydney e en moitos outros de particulares, nos que se ven tamén a coliflor de Chipre, a alcachofa de Sicilia, a leituga de Cos, as diversas vides da Francia que regalou Luís

Filipe ao Rei Xorxe IV e este á colonia, que producen nela un viño exquisito, e, por fin, diferentes e variados xardíns cheos de roseiras e outras mil flores e plantas a cada unha máis fermosa e odorífera, que co seu arrecendo contribúen a facer máis deliciosa a estadía naquela capital.

13. A temperatura media de Sydney é no verán de 20 graos Réaumur e de 10 no inverno; o máximo da calor non pasa case nunca de 30 graos, nin nos maiores fríos adoita baixar o termómetro a máis de 2 sobre cero. Durante o verán sopran do noroeste, ben que moi poucas veces, uns ventos sumamente quentes que abrasan todas as herbas e as tenras plantas, sen que se saiba ata o presente a que atribuír este fenómeno, que, como dixemos, non ten lugar máis ca dúas ou tres veces en cada verán. O clima é sumamente san, como o proba claramente a case nula mortalidade que se produce na gornición, pois nalgúns destacamentos chegaron a pasar ata sete anos sen a perda dunha soa persoa. Os que fan un uso inmoderado da carne e dos licores están propensos a ter unha enfermidade chamada polos ingleses *influenza*, que ataca máis doadamente os vellos, mais sen fatais consecuencias. A oftalmía, producida polo reflexo na area dos ardentes raios do sol de verán, cúrase con bastante facilidade, así como a disentería, efecto polo común da calor e de beber auga quentada polo sol.

14. En Sydney atópanse representadas todas as nacións do globo: o inglés, o americano, o alemán, o español, o italiano, o francés, o chinés, o malaio, levando cada un a súa roupa variada ao tempo que vistosa, formando un ameno contraste que dá ao conxunto da poboación certo aspecto brillante e móbil. Sendo tantas e tan variadas as nacións e razas que se encontran reunidas en Sydney, pode contarse que tamén se atoparán postas en práctica todas ou a maior parte das relixións e seitas. En efecto, vense católicos (cuxo número supera na actualidade todos os demais xuntos), xudeus, idólatras, protestantes, coas súas innumerables divisións e subdivisións en anglicanos, luteranos, calvinistas, presbiterianos, anabaptistas, cuáqueros, independentes, metodistas e que sei eu cantas máis, que non parece senón que cada día van crear unha nova, proba clara e evidente do erro en que se atopa mergullado o protestantismo. Só o católico vive

contento e tranquilo coa súa relixión; a paz interior de que goza a súa conciencia é descoñecida de cantos teñen a desgraza de non pertencer á nosa santa e única verdadeira relixión.

En 1848 Sydney contaba xa con 50.000 habitantes, e naquel mesmo ano acaeceu a desgraciada morte do Gobernador Gipps, ao cal sucedeu Carlos Fitz Roy. Na mesma época chegaron a Sydney algunhas monxas beneditinas, ás cales encargou o ilustrísimo señor Arcebispo Polding a educación das doncelas europeas, e a dos nenos da clase baixa da poboación púxo a cargo dos Irmáns da Doutrina cristiá.

15. Esta capital é tamén residencia dun Bispo protestante, mais a súa igrexa principal aínda non está concluída. Na cidade creáronse escolas de filosofía e de comercio; compañías de vapores, que en gran número fan a pasaxe naquelas costas; sociedades de horticultura e de agricultura, de caza e de comercio. Publícanse moitos xornais; atópanse gabinetes de lectura, institutos para regular as carreiras de cabalos e para a mellora das razas, e por fin non falta tampouco unha infinidade de mestres de baile, modistas etc.

16. No seu porto, coñecido co nome de porto Jackson, que polas súas vastas dimensións é capaz de conter todas as frotas do mundo e non ten igual en canto a seguranza, é onde se ve máis palpablemente a enérxica actividade dos colonos; nel pódese observar o tráfico de Liverpool e o xentío de London Bridge.

O comercio de Sydney non se limita tan só ás illas veciñas, senón que se estende ata as Indias, a América, a Inglaterra e ata os puntos máis remotos da Europa.

Nunha palabra, Sydney, capital na actualidade dunha colonia, está quizais destinada a ser co tempo, coma a nai patria, a raíña non só dos mares do hemisferio austral, senón tamén a dona e señora de grandes pobos e nacións.

17. Ademais da capital, fundáronse moitas outras cidades en distintos puntos da colonia, tales como Paramatta, New Castle, Maitland, Liverpool, Bathurs, Windsor, Richmond, Brisbane, Melbourne e outras.

Paramatta está situada á beira do río que desemboca no brazo de mar de Sydney, de cuxa cidade dista como unhas dezaoto millas cara ao ocidente, e posúe un magnífico observatorio astronómico e un gran correccional, no que se atopan confinadas as mulleres que pola súa mala conduta foron separadas do servizo. O ilustrísimo Polding tiña encargada ás Irmás da Misericordia a instrución relixiosa destas mulleres.

New Castle, situada na embocadura do río Hunter, na parte do norte e á distancia de preto de cincuenta millas de Sydney, é residencia doutro Bispo protestante.

Maitland, segunda cidade da colonia, foi elevada en 1847 a sé episcopal católica, que dignamente ocupa o ilustrísimo Davis, beneditino inglés, Coadxutor do metropolitano. Dista de Sydney sesenta millas cara ao setentrión, e está situada na ribeira do río Hunter, distante vinte millas ao oeste de New Castle.

Brisbane, situada na beira do río que leva o seu nome e desemboca na badía de Moreton, foi durante moito tempo lugar de deportación para os maiores delincentes *convicts*. Áchase cara ao norte, nun dos puntos máis afastados da colonia, distante da capital unhas cincocentas millas.

Melbourne é a capital da Australia feliz, de cuxo país me vou ocupar no capítulo seguinte.

A AUSTRALIA FELIZ OU ESTABLECEMENTO DE PORTO PHILLIP

CAPÍTULO DÉCIMO

1. Límites do establecemento. — 2. Primeiros descubrimentos feitos por Murray e Flinders por mar, e Hume e Howell por terra. — 3. Os habitantes de Van Diemen pasan cos seus rabaños o estreito de Bass e establécense por primeira vez naquela rexión. — O Gobernador de Sydney envía alí as autoridades precisas. — O Maior Mitchell dá ao país o nome da Australia feliz. — 4. Fúndase a cidade de Melbourne e véndense as primeiras terras. — Produto das terras e da la vendida. — 5. Desenvolvemento do establecemento en 1847. — 6. Número dos individuos que representan en Sydney o establecemento da Australia feliz. — A xustiza é administrada por un Superintendente. — 7. Poboación e situación física da capital. — Rúas e edificios. — 8. Consello Municipal. — Melbourne, sé episcopal católica, é tamén residencia dun Bispo protestante. — 9. Divisións e cidades máis importantes da Australia feliz.

1. Os límites do establecemento da Australia feliz son: de occidente a oriente, o espazo comprendido entre os 141 graos e os 150 e 25 minutos de lonxitude; cara ao norte, ten por confíns os 34 graos de latitude meridional, as correntes dos ríos Murray e Hume e unha liña imaxinaria tirada desde o monte Kosekiusko ao cabo Howe; e ao mediodía rodéaa o mar. Ten este establecemento unha extensión de máis de cen mil millas cadradas, é dicir, tanto como a Gran Bretaña e a Irlanda unidas.

2. En 1802 o Tenente Murray descubriu o porto que chamou Phillip, ao cal, despois de que o explorara detidamente o célebre Hinders co navío *Investigador*, o Goberno inglés enviou unha expedición con ánimo de fundar nel un establecemento penal; mais non atopando o Comandante da expedición no acto do seu desembarco auga potable en ningunha daquelas praias, afastouse delas poñendo rumbo cara ás beiras do río Derwent na illa de Van Diemen, e alí desembarcou a súa xente.

Hume e Howell tamén percorreron en 1827 aquel país en todas as direccións, mais non corresponderon á súa expedición os vantaxosos resultados que agardaran para que se fundase alí un establecemento.

3. Por fin, téndose multiplicado en 1833 dun modo extraordinario o gando vacún e o lanar dos colonos de Van Diemen, e aumentando polo mesmo a dificultade de lles procurar pastos abondos, dirixiron toda a súa atención ao veciño continente austral, ao cal transmigraron polo estreito de Bass xunto cos seus rabaños, que xa non podían manterse cos pasteiros da illa.

Apenas o Goberno de Sydney tivo por este medio noticia da feracidade e riqueza daquel país, apresurouse a mandar alí algunhas autoridades e oficiais para fundar un establecemento. Non había moitos anos que fixaran os colonos de Van Diemen a súa residencia na nova colonia, cando chegaron por terra os enviados de Sydney, e aínda que non sen disputárllelos antes, á fin os antigos pastores compartiron os pastos e as augas cos novos.

Unha vez explanado o camiño e asegurados os colonos da extraordinaria fertilidade do lugar, a emigración foi rápida e numerosa.

O Maior Tomás Mitchell, en 1835, despois de ter percorrido e explorado con suma detención toda a rexión comprendida entre o río Murray e o porto Phillip, non vacilou en cualificala como a máis fértil de toda a Australia, dándolle na súa consecuencia o epíteto de *feliz*, nome que ata hoxe en día lle quedou ao establecemento.

4. En 1837 foi fundada a cidade de Melbourne, e empezaron a venderse as terras públicas do país, todo o que tivo lugar sen que lle custase

ao Goberno inglés gasto de ningunha clase; antes pola contra, xa desde os primeiros anos se atopou o nacente establecemento en condicións de ingresar unha inxente suma anual na caixa central de New South Wales, ademais de deixar cubertos todos os seus gastos.

O produto das terras vendidas desde o ano de 1837 ao de 1840 foi de 316.315 libras esterlinas, e o que se sacou do gando elevouse a tal riqueza que en 1840, isto é, en menos de catro anos de se ter ocupado o país, foron enviadas á Inglaterra 175.000 libras de la, e dez anos máis tarde mandouse a fabulosa cantidade de 8.000.000 de libras.

5. Igual proporción progresiva seguiu a agricultura e o desenvolvemento da poboación e do gando, pois no citado espazo de dez anos, isto é, no ano de 1847, reduciríanse a cultivo 22.000 acres de terra, e a poboación e o gando presentaban a seguinte estatística:

Habitantes	34.895
Gando vacún	290.439
Cabalos	11.400
Ovellas	2.996.992
Porcos.....	5.867

Calcúlase que o aumento do gando na Australia feliz é dun 32 ½ por cento, isto é, 2 ½ máis ca en New South Wales.

6. Os habitantes da Australia feliz reclaman do Parlamento da nai patria un Goberno independente do de Sydney; e, en efecto, dálles bastante dereito a pedilo a importancia do seu comercio, dos seus produtos agrícolas e do seu número. Varias razóns dan lugar a crer que o Ministro de Estado inglés non tardará en deixar satisfeitas as súas xustas demandas. Namentres, a Australia feliz atópase representada no Consello lexislativo de New South Wales por seis membros, un dos cales o elixe a cidade de Melbourne e os cinco restantes os demais distritos. Un Superintendente, elixido polo Gobernador de Sydney e dependente da súa

autoridade, é quen administra a xustiza, recibindo o soldo anual de 1.500 libras esterlinas. Na actualidade exerce este cargo o señor La Trobe.

7. Melbourne, cidade de 14.000 habitantes, atópase situada entre dúas montañas que están moi preto unha da outra, na beira setentrional do río Jarra Jarra. Dista oito millas do porto, no que acaba de construírse outra cidade chamada William.

Os buques de porte de ata 100 toneladas poden remontar con toda seguranza o río ata Melbourne; e se co tempo chega a quitarse de en medio da súa embocadura un baixío que impide moito o paso, poderán efectualo ata os navíos meirandes.

As rúas, paralelas entre si, atravesan toda a cidade en ángulos rectos. Vense aínda moitas casas de madeira, como sucede en todas as cidades de recente fundación; mais, non obstante, áchase longas ringleiras de edificios de pedra de cantaría ou de ladrillos, que xa en fermosura, xa en grandeza, rivalizan, por non dicir que superan, os de moitas cidades de provincia da Europa. Os máis notables son a alfândega, o tesouro, os tribunais, os cárceres, o banco, o pazo da superintendencia, unha fermosa ponte que atravesa o río e unha vasta fábrica aínda non concluída.

8. Ademais do Superintendente, que representa os intereses gubernativos, Melbourne ten unha Corporación ou Consello Municipal, ao cal está confiada a administración interior da cidade e o seu distrito, tendo tamén facultade de impoñer contribucións para as necesidades locais. Esta institución ten contribuído a mellorar a cidade en todos os sentidos.

En 1847, por proposta do ilustrísimo Polding, Melbourne foi erixida sé episcopal, sendo nomeado naquel mesmo ano o seu primeiro Bispo o ilustrísimo señor Goold. Hai tamén en Melbourne un Bispo protestante.

Moitas son as escolas públicas, e non poucas as publicacións periódicas que se editan; e áchase non só canto é indispensable para a vida, senón tamén mil obxectos de comodidade e luxo; nin faltan tampouco moitas e boas fondas, nas que se recibe o trato máis fino e ata espléndido.

A grande abundancia de cabalos e estaren estes exentos de toda imposición fainos moi comúns, tanto en Melbourne coma nas demais poboacións. Así é que apenas hai quen non teña, o mesmo ca en Sydney, coche e cabalos de montar.

9. O establecemento da Australia feliz está dividido en tres grandes distritos, a saber: Bourak, cuxa capital é Melbourne, Grant e Normamby.

A cidade máis importante do distrito de Grant é Geelong, situada nun dos portos da enseada de porto Phillip, a cincuenta millas de distancia da capital; e a maior do distrito de Normamby é Portland, situada na ribeira do mar na abra do mesmo nome. A poboación do distrito de Bourak é de 20.799 almas, a de Grant de 5.980 e a de Normamby de 8.116.

Melbourne dista por terra seiscentas dez millas de Sydney; actualmente acaba de establecerse entre as dúas cidades un servizo postal dúas veces á semana.

ESTABLECEMENTO DE PORTO VITORIA OU ESSINGTON

CAPÍTULO UNDÉCIMO

1. Orixe dun establecemento na costa setentrional. — Dundas, colonia da illa de Melville. — 2. Os colonos abandonan Dundas e vanse establecer na rada de Raffles. — O Goberno inglés ordena a disolución deste establecemento. — 3. Fúndase Vitoria nas praias do porto Essington. — Diferentes opinións acerca do seu solo e clima. — 4. Probas de que a rexión é estéril e insalubre. — 5. Administración. — A súa poboación en 1840. — 6. Experimentos agrícolas. — 7. Estacións. — Enfermidades. — 8. Furacáns e terremotos. — 9. O ilustrísimo Brady envía a Vitoria tres misioneiros. — Naufraxio que sufriron. — Sálvanse tan só o Capitán e o misioneiro Confalonieri. — Morte de Confalonieri. — 10. A cidade de Vitoria é erixida en sé episcopal, e nomeado o seu primeiro Bispo o beneditino catalán padre frei don Xosé Serra. — Sucédelle o ilustrísimo padre frei don Rosendo Salvado, beneditino, tamén español, autor desta historia. — 11. O Goberno británico decreta a disolución do establecemento de Vitoria. — 12. Os europeos abandonan as costas setentrionais da Australia.

1. Tendo sido causa a difícil navegación por entre as innumerables illas e perigosos baixíos de coral que se atopan na entrada e no mesmo estreito de Torres de moitísimos naufraxios de buques mercantes que desde a colonia de New South Wales facían o tráfico coas illas do mediodía e co continente Indiano, o Goberno da Gran Bretaña creu indis-

pensable a fundación dun establecemento nas costas setentrionais da Australia, que, ao tempo que fose porto de refuxio para os míseros náufragos (cuxa sorte polo común era a de seren asasinados desapiadadamente polos salvaxes), servise tamén de depósito para as manufacturas así coloniais coma inglesas. Para executar tan feliz idea, sir Gordon Bremer recibiu do seu Goberno o mando dunha expedición destinada a fundar o novo establecemento, e con este obxecto chegou o valente e enérxico Capitán en 1824 á illa de Melville, en cuxa praia occidental trazou unha colonia, á que deu o nome de Dundas.

2. Mais téndose orixinado moitas e mortais enfermidades, sen dúbida pola excesiva calor e conseguinte sequidade da rexión e pola mesma insalubridade do clima, os colonos víronse obrigados en 1826 a abandonar Melville, buscando noutra parte morada menos funesta, e fixeron alto na rada chamada de Raffles, situada a cento vinte e cinco millas de distancia de Dundas, no continente austral. Mais alí agardábanlles maiores e máis duras probas, de sorte que aínda que o valor do malogrado Capitán Barker, Comandante que era da devandita rada, inspirase fundadas esperanzas de que lograría superar, como fixera ata entón, todas as dificultades e remover todos os atrancos, non obstante, o Goberno británico deu a orde de que fose disolto aquel establecemento, como o foi en efecto, e abandonado de todo punto polos colonos en 1829. Máis tarde, emporiso, naufragou naquela costa o navío *Charles Eaton*, cuxa tripulación e pasaxeiros foron todos cruelmente asasinados, e entón coñeceu o Goberno o urxente e ata indispensable que era manter alí custara o que custara un punto de seguranza e de abeiro.

3. Organizouse por isto unha segunda expedición dirixida a aquelas praias, cuxo mando foi outra vez confiado ao Capitán Gordon Bremer, o cal coa súa xente chegou ao seu destino en 1837, e, logo de arribar ao porto Essington aos 132 graos e 20 minutos de lonxitude e 11,25 de latitude, puxo os fundamentos dun establecemento e dunha cidade á que deu o nome de Vitoria, na honra da súa Soberana.

Inmensas serían as vantaxes que a cidade de Vitoria reportaría a todas as illas adxacentes e ata á mesma Inglaterra, se fose san o seu clima e apta a terra para o cultivo e para pastos; mais, por desgraza, é moi ao contrario.

Moitos e moi contraditorios son os informes que se teñen feito deste establecemento e acerca da natureza do seu solo e do seu clima. O Capitán inglés Doutor Wilson considera o seu solo como completamente inútil para a agricultura e para a cría do gando⁴; e, pola contra, sir Bremer, o seu fundador, no informe que mandou ao Goberno datado en Vitoria o 4 de abril de 1839, descríbeteo como extremadamente fértil. O Capitán Arthur, despois de asegurar⁵ que, por culpa da elevada temperatura do clima, non cre que o operario europeo se chegue nunca a aclimatar e poder traballar, engade que por este motivo se viu obrigado a erixir un hospital en Spear Point. Así se expresa o Capitán Arthur, mentres que sir Bremer non repara en afirmar que o clima de Vitoria é tan san coma o que máis, enténdese das rexións tropicais; malia isto, no seu informe do 30 de xullo de 1839, é dicir, aos dous anos da fundación do establecemento, despois de falar do número de mortos, di que permanecer moito tempo no trópico pode ser causa de que sexan máis frecuentes as defuncións, e conclúe pedindo, por iso, reforzos de xente ao Goberno.

Pero deixemos a cadaquén que diga o que mellor lle pareza, e pase-mos aos feitos.

4. Cando o valor das terras vendidas na Australia feliz no espazo dos tres primeiros anos da súa fundación (desde 1837 a 1840) produciu a enorme suma de 316.315 libras esterlinas, en Vitoria non chegou a venderse nin un só acre de monte nos cinco primeiros anos da súa existencia, desde 1837 a 1842. Na cidade de Adelaide, da que falarei máis adiante, en menos de tres anos que contaba desde a súa fundación, un acre de terra tiña o increíble valor de máis de 2.000 libras esterlinas, cando en Vitoria non se atopaban compradores. A colonia de Adelaide reunía en 1847

4. *Voyage Around of the World*, publicado en 1835.

5. Informe do 22 de xuño de 1842.

unha poboación de 32.000 almas, e a da Australia feliz, 34.895. Vitoria, pola contra, a pesar da importancia do seu porto e da súa posición comercial, segundo as novas máis recentes, vai quedar deserta, e non é difícil adiviñar por que motivos.

Ben é verdade que á primeira vista pode parecer unha das causas que máis se opoñen ao desenvolvemento deste establecemento o regulamento para a venda das terras, mais, con só ler o informe feito pola oficina central de Londres en xuño de 1842, verase que aquel non foi modificado, porque non houbo quen tomase interese por Vitoria. Quizais o tempo nos dea a coñecer que no interior e no máis remoto do país se atopa mellor clima e solo máis fecundo, mais o que é por agora todas cantas novas imparciais e verídicas se puideron recoller relativas a el preséntannolo baixo o punto de vista máis desfavorable.

5. A administración de Vitoria depende en todo do Gobernador de Sydney; foi o seu primeiro Superintendente sir Gordon Bremer (1837), quen, a pesar do difícil da súa posición, logrou facerse digno de todo eloxio. A este sucedeu o infatigable Capitán míster Arthur, cuxo nome será venerado dos vindeiros polos seus enérxicos e constantes esforzos a prol do establecemento.

En 1849 só se contaban 300 habitantes en Vitoria; é, a saber, a súa gornición de mar e de terra. Naquela época eran poucos os seus edificios, e construídos de madeira polo mesmo estilo ca as choupanas, máis ou menos espazosos e con maiores ou menores comodidades. Non obstante, había xa un templo protestante, un hospital, un fortín e algúns outros, aínda que pequenos, edificios públicos.

6. Nos xardíns probouse con bastante bo resultado o cultivo das patacas; mais non foi posible aclimatar o trigo nin o millo, porque ningún destes grans resiste os ventos do sueste. Queira Deus que polo menos o piñeiro, a bananeira e algunhas outras árbores e plantas, das que se probou o seu cultivo, poidan arraigar e multiplicarse no ingrato solo de Vitoria, cuxos habitantes (se é que aínda hai algún) teñen que mandar a

buscar todo o que necesitan a Sydney, que está a máis de dúas mil seiscentas millas de distancia.

7. As estacións son sumamente irregulares naquel país tropical, sendo moi frecuente pasar nun día, e non unha vez soa, polas catro alternativamente. O paso violento dunha temperatura ardente e sufocante ao frío máis intenso é causa de moitas e graves enfermidades; así é que non se pode permanecer moito tempo no país sen sentir os ruíns efectos do seu fatal clima. As enfermidades a que están máis suxeitos en Vitoria os europeos son as febres intermitentes, as terzás, a bronquite ou enfermidade da gorxa, o escorbuto, a diarrea, a dispepsia, ou sexa, enfermidade das entrañas, e a oftalmía; estas últimas son as máis frecuentes e tenaces. Os indíxenas adoitan sufrir fortes catarros, oftalmías e inflamacións de peito. Das diversas especies de gando, só o vacún adoita resistir unha temperatura tan varia como a de Vitoria, que polos meses de decembro e xaneiro chega ata 30 e 32 graos Réaumur e por xuño e xullo baixa ata 24 e 22. En 1841 trouxeron dous bois de Sydney, os cales, aínda que traballaban cada día, conservaron non obstante toda a súa robustez, mais a única vaca que había perdeu o seu xato por ter comido algunha das herbas velenosas que tanto abundan naquel territorio. Os búfalos e as cabras polo común morren de disentería; e as ovellas, se pacendo, como acostuman, polos montes comen algunha herba velenosa, ao instante ínchase e morren.

8. Non rematan aquí as calamidades deste triste país. Polo mes de Santos de 1839, houbo en Vitoria un furacán tan tremendo que derrubou case todas as casas. O Doutor Leichhardt, na historia que publicou da viaxe que fixo en 1845 desde Sydney a Vitoria, refíre que atopou nas costas setentrionais moitísimas árbores arrancadas de raíz e espaxeadas polo chan, as cales supón seren vestixios dos desastres e devastacións do furacán. O 30 de xuño de 1840 sentiuse tamén un funesto tremor de terra que durou 90 segundos, e cuxo movemento ondulatorio destruíu ou esborrallou todos os edificios; en maio de 1841 sentiuse outra forte sacudida que produciu non menos funestos resultados ca o primeiro.

9. En marzo de 1846, o ilustrísimo Señor Brady, Bispo de Perth e Vigairo apostólico de Vitoria, mandou alí tres misioneiros; mais por desgraza o buque en que ían naufragou á entrada do estreito de Torres no lugar chamado Endeavour Street. Só o Capitán Mackenzie e o misioneiro don Anxo Confalonieri se salvaron case milagrosamente; os dous catequistas Xaime Fagan e Nicolau Hogan, ambos irlandeses, e o resto da tripulación e pasaxeiros, todos feneceron vítimas das ondas. Outro buque que pasou despois polo lugar do naufraxio socorreu os dous naufragos, que, refuxiados enriba duns cons segundo uns, e segundo outros agarrados a algunhas táboas que aboiaban aínda, desmaiados xa polos seus padecementos e angustias, só de Deus agardaban a súa salvación. Chegou don Anxo a Vitoria pouco menos ca en coiros, mais o Gobernador, aínda que protestante, deulle cantos socorros necesitaba. Cábeme agora a satisfacción de deixar consignada neste lugar a tenra e vivísima gratitude que moitas e repetidas veces demostrou o reverendo Confalonieri por escrito ao seu benfeitor. Pouco tempo despois, téndolle chegado crecidas esmolos, tanto da Irlanda coma da obra da Propagación da Fe, empezou, cheo de apostólico celo, a espallar a divina palabra aos salvaxes no medio das fragas e aos incrédulos na cidade, ata que o 9 de xuño de 1848, extenuado pola fatiga e pola adversidade do clima, foi recibir no ceo o premio dos seus traballos. O sacerdote don Anxo Confalonieri, alumno do colexio de Propaganda, era oriúndo do Tirol. Mozo de gran talento e de santos costumes, a súa morte foi chorada de todos cantos tiveron a dita de coñecelo.

10. Achándose por este tempo en Europa o misioneiro padre frei don Xosé Serra, monxe beneditino catalán, por asuntos da Misión de Perth, á que pertencía, foi consagrado primeiro Bispo de Vitoria o 15 de agosto de 1848.

Antes de partir para a súa diocese, por razóns da maior importancia, foi nomeado Bispo coadxutor (con futura sucesión) e administrador temporal do ilustrísimo señor Brady, Bispo de Perth. Por este motivo, ao quedar vacante a sé de Vitoria, no mesmo día do ano seguinte 1849 foi

promovido a ela, aínda que non merecente de tanta dignidade, o autor desta historia⁶.

11. Por fin, segundo as noticias chegadas recentemente, ao non obter o Goberno inglés do establecemento de Vitoria as vantaxes que agardaba, decretou a súa disolución con data do 10 de xuño de 1849.

12. Díxose, é verdade, así na Inglaterra coma na Australia, que o establecemento de Vitoria debía ser trasladado ao cabo York (como unhas setecentas millas ao leste de Vitoria) na illa de Albany, mais o despacho do Conde de Grey, que leva a devandita data, dá a coñecer moi ás claras que non é tal a intención do Goberno, por cuxo motivo os europeos abandonaron de todo as costas setentrionais da Australia.

6. A modestia do autor faille formar moi baixo concepto de si mesmo; mais está tan lonxe de ser así que cantas persoas tiveron a honra de coñecelo poderían convencerse de que é un suxeito de excelsas calidades, e que, cun talento e instrución nada comúns, reúne un celo verdadeiramente apostólico. Proba evidente diso é terse dedicado a unha misión tan remota, afrontando os perigos dunha navegación tan longa e penosa, e expoñéndose aos funestos efectos dun clima tan mortífero como o que acaba de describirmos el mesmo, e aos non menores riscos que ofrece o trato cuns homes que pasan polos máis salvaxes do mundo; e non abundándolle aínda isto ao celo do ilustrísimo Salvado, volto de tan afastadas rexións, emprendeu unha viaxe por varios países da Europa, co fin de recoller esmolos para a santa obra da súa misión. ¡Queira o ceo protexela e dispensar aos seus fundadores todas as súas bendicións! *Nota do tradutor.*

COLONIA DE ADELAIDE OU SOUTH AUSTRALIA

CAPÍTULO DUODÉCIMO

1. Flinders e outros navegantes exploran as costas do sur e Sturt percorre o interior do país. — 2. Comisión autorizada polo Goberno para fundar alí unha nova colonia. — Saen da Inglaterra algúns buques e arriban ás costas do sur da Australia. — Fundación da colonia. — 3. Venda de terras na cidade. — Leas entre as principais autoridades. — Gravísimas dificultades que ocorren por mor do sistema de centralización. — 4. O Goberno británico destitúe as dúas principais autoridades e envía un novo Gobernador. — Bancarrota da colonia. — 5. Felices resultados desta desgraza. — É relevado o Gobernador e o corpo de comisionados disolto. — 6. O Capitán Grey é nomeado novo Gobernador. — Progreso da colonia baixo a súa administración. — 7. Límites da colonia. — Clima. — 8. Aumento do pastoreo e da agricultura. — Máquina de nova invención para segar o trigo. — 9. Situación topográfica da capital Adelaide. — 10. Sistema gubernativo. — Adelaide é sé episcopal católica e ao mesmo tempo residencia dun Bispo protestante. — Diferentes seitas. — 11. Vías de comunicación por terra con Melbourne e Sydney. — 12. Sociedades. — 13. Minas e a súa riqueza. — 14. Desenvolvemento da colonia en 1847.

1. As primeiras novas interesantes que se tiveron sobre as costas meridionais da Australia son debidas ao Capitán Flinders, o cal as visitou e examinou con particular atención en 1802. Casamente de inmediato tamén tocaron nelas coa súa expedición os valentes e emprendedores capitáns Baudin e Freycinet, acompañados do sabio naturalista Peron, quen

na relación da súa viaxe nos pinta aquel país coas palabras máis cativadoras. Parou ademais algún tempo por aquelas terras o Capitán Sutherland nunha das viaxes que fixo desde a Inglaterra á Australia (1819), e non hai dúbida de que os seus relatorios foron da maior importancia, por ser el tan hábil mariñeiro coma industrioso agricultor. Nos anos 1827 e 1828, o Capitán Goold fixo por dúas veces a travesía desde Sydney ás costas meridionais indo á pesca do vitelo mariño, e as informacións que acerca desas costas comunicou resultaron de moito interese, porque da estadía durante tanto tempo en ambas as partes da Australia achábase en situación de as poder comparar unha con outra. Ata daquela pode dicirse que se tiñan as máis circunstanciadas novas a respecto das costas daquel país, mais no tocante ao seu interior non se tiveron ata 1830, ano en que o explorou o enérxico e activo Sturt, quen vindo de New South Wales por terras incógnitas e seguindo o curso das augas do Murray chegou ao lago que chamou Alexandrina, o cal se atopa moi preto da abra de Encounter.

2. Os informes deste infatigable explorador levaron algúns homes intrépidos a solicitar e obter en 1834 un decreto do Parlamento, polo que eran nomeados comisionados autorizados para buscar diñeiro para a fundación da proxectada colonia. Ao poderen reunir o ano seguinte a suma de 35.000 libras esterlinas, e estando todas as cousas necesarias prontas polo mes de agosto de 1836, fíxose á vela desde Londres rumbo á Australia o bergantín *Rápido*, levando a bordo o Coronel Licht, enxeñeiro xeral, os correspondentes agregados para a medición das terras e un gran número de emigrados. Seguiu de preto o buque *Búfalo*, montado polo Capitán Hindmarsh, futuro Gobernador da nova colonia, ao cal acompañaban os demais funcionarios agregados ao establecemento. O 22 do mes do Nadal daquel mesmo ano tomou terra na ribeira de Holdfast, e o 28 proclamou aquel lugar colonia inglesa, tomando solemnemente posesión del en nome da Coroa.

3. Rematados no mes de marzo de 1837 os traballos topográficos do terreo que se destinaba para a cidade, empezouse a súa venda. Mais como ao Gobernador estivera agregado un dos comisionados da Australia, o

cabaleiro J. H. Fischer, e como se lle deran amplas facultades, sucedeu que se orixinaron serias leas entre os funcionarios, e en especial entre os dous arriba mencionados, no que concirne aos asuntos da colonia, con gravísimo prexuízo dela. Nos primeiros tempos da fundación deste establecemento foron inmensas as fortunas que se perderon, e tiveron que superarse moitas e moi grandes dificultades, por causa principalmente de todo o sistema de colonización que se adoptara, polo cal, aínda que en teoría aparentaba moi axeitado para o pronto engrandecemento dunha colonia, na práctica os feitos viñeron demostrar o contrario. O espírito de rivalidade que se introduciu entre os colonos e a emulación con que porfiaban para posuír grandes e suntuosos edificios dentro do recinto da capital encareceron xa desde un principio os predios con tal valor que chegaron a pagarse 2.000 libras esterlinas por un só acre de terra, de modo que todo o capital que debían ter empregado na merca de gando e de terras para cultivo o consumiron en custosísimos obxectos de luxo e de representación vilega ou en ridículas e exorbitantes poxas para teren unha tenza nunha rúa máis ou menos central e concorrida da cidade. Pola súa parte, os funcionarios do Goberno perdían o tempo en escandalosas cuestións verbo da súa competencia. De todo isto adveu que os habitantes de Adelaide posuían xa unha elegante cidade enfeitada de grandes e fermosos edificios, mais non tiñan que comer, porque ninguén coidara de cultivar as terras nin de aumentar o gando.

4. Durou este estado das cousas ata xuño de 1838, en que foron relevados dos seus respectivos cargos o Comisionado e o Gobernador e mais designada no seu lugar unha autoridade que reunise ambos os poderes. A sorte caeu no Coronel Gawler, quen foi proclamado Gobernador o 22 de outubro de 1838. Á chegada do novo Gobernador os gastos anuais da colonia elevábanse a 33.000 libras esterlinas, e el, no canto de os reducir, aumentounos en 1840 ata a suma de 60.155. Por este motivo, os comisarios de Londres, ao non poderen facer fronte a tan excesivos gastos, presentaron suspensión de pagamentos e, en consecuencia, o Go-

berno de Adelaide crebou pola enorme suma de 300.000 libras esterlinas, isto é, preto de 29.000.000 de reais.

5. Este suceso, que por unha banda puxo o colmo á desgraza, foi por outra a causa dunha feliz muda. A cidade quedou deserta, e ao se dispersaren os colonos polo agro (o que prohibira ata entón o sistema de centralización) procuraron medios de subsistencia dedicándose ao cultivo e á gandaría. Desde esta época pode dicirse que data a verdadeira prosperidade da colonia. En vista de tantas e tamañas desordes, o Gobernador Gawler foi destituído en 1841 polo Parlamento, foron pagados os empréstitos que fixera e foi disolto por inútil o corpo de comisionados, por ter demostrado a experiencia o pernicioso que era o seu sistema de centralización.

6. En maio de 1841 foi substituído polo Capitán Grey (home distinguido polo seu talento e a súa integridade na administración), o cal achou a colonia de Adelaide en tal estado de miseria que se viu na necesidade de lle pedir prestada a sir Xorxe Gipps, Gobernador de New South Wales, a cantidade de 3.000 libras esterlinas, para acudir ás necesidades máis urxentes do seu goberno. Co obxecto de diminuír os excesivos gastos que había, reduciu o número de empregados, por xulgar algúns innecesarios; medida que, tomada en circunstancias tan azarosas e difíciles, o fixo sumamente impopular. Mais obrando dese xeito, o enérxico Gobernador logrou axiña en pouco tempo levantar a decaída colonia e elevala a un alto grao de prosperidade. Animou a agricultura, declarou o porto franco e aberto ao comercio de todo o mundo e reduciu os gastos de administración a só 30.000 libras esterlinas anuais.

Cando chegou Grey á colonia no ano de 1841, que era o cuarto da súa fundación, só había cachados 6.000 acres de terras; no ano seguinte cultivábanse xa 28.000, dos que os seus produtos superaban con moito o consumo da poboación, que era de 14.000 almas; desde aquela o gran e outros artigos empezaron a ser obxecto de vantaxoso comercio coas veciñas colonias. Para a maior das felicidades, en setembro de 1844, descubriuse a máis abundante mina de cobre da colonia, que se tornou na

máxima riqueza do país, circunstancia que engadiu non pouca honra e gloria á que xa adquirira o Capitán Grey.

Sabido polo Goberno británico o mérito extraordinario deste home célebre, nomeouno Gobernador da Nova Zelandia. E ao deixar Adelaide puido coñecer ata que grao chegara a súa tan merecida popularidade vendo as mostras de sincero agradecemento que lle deu toda a colonia no acto da súa partida. Sucedeu a Grey o Maior Robe, ao que substituíu en 1848 sir Yong, trasladado ao Goberno de Adelaide desde un dos distritos do cabo de Boa Esperanza.

7. Por un acto do Parlamento determinouse como límites da colonia o espazo contido entre os graos 132 e o 141 de lonxitude, e desde a costa ata o grao 28 de latitude meridional. Pola parte do norte estaba rodeada de inmensurables desertos, e pola do mediodía báñaa o mar, no que ten fermosos portos e vastos golfos, tales como o de Spencer e o de San Vicente. Ocupa a colonia unha extensión de trescentas mil millas cadradas, que equivalen a 192.000.000 de acres de terra, o que corresponde a máis do dobre da Inglaterra e a Irlanda xuntas. O seu clima é dos máis saudables, o ceo claro, o aire moi puro e a temperatura en extremo igual e benigna todo o ano, agás unhas tres semanas no inverno e outras tantas no máis forte do estío. Así e todo, nas chairas sopran uns ventos abrasadores, que veñen do interior, quer dicir, do norte, e ás veces, antes de entraren os ventos frescos do mediodía, fan aqueles moito mal ás plantas tenras e ás flores, mais tales ventos duran pouco e en nada danan a saúde. O termómetro de Réaumur sobe con bastante frecuencia ata os 31 e 32 graos; ora que é moi digno de observación que aínda cando chega a calor ao seu máximo (32 graos) nin é sufocante nin daniña, como sucede nas Indias orientais a tan só 22 graos.

A colonia de New South Wales está suxeita a grandes secas, de forma que raro é o ano en que non pereza unha gran parte da facenda por falta de auga. Na Australia meridional ou do sur endexamais chegou a sufrirse esta desgraza, e as enfermidades que se padecen en New South Wales,

como a oftalmía, a disentería e as doenzas gástricas, non son nin de moito tan comúns en Adelaide.

O solo desta colonia, na extensión que ata o presente se ten percorrido, varía en fertilidade dun punto a outro. O do alfoz da capital é moi fértil; e aínda que no interior se achan a treitos estériles areais, como sucede noutras partes da Australia, estes, con todo, son insignificantes se se atende ás ricas e inconmensurables pradarias naturais en que pode pacer por millóns o gando.

8. O aumento da facenda gandeira e o das estivadas foi o seguinte no espazo de só nove anos:

	1838	1847
Cabalos.....	480	2.600
Gando vacún.....	7.500	38.000
Ovellas.....	28.000	1.000.000
Porcos e cabras.....	780	12.000
Acres de terra cultivados.....		42.000

Os froitos da terra son todos da mellor calidade. Así é que o seu trigo foi sempre o que se ten vendido máis caro nos mercados da Inglaterra; o orxo, a aveá, o millo, as patacas e en xeral toda especie de cereais e de legumes son excelentes e abundantes. En 1841, grazas ao tan enalzado sistema de centralización, tiña que importarse para o consumo da colonia unha cantidade de gra polo valor de 70.000 libras esterlinas, e en 1847 sobráballe tanta gra que a enviaba aos portos da Inglaterra, do cabo de Boa Esperanza e da illa Mauricio, e mais ás colonias de Swan River e outras. Mesmo chegou a se dar o caso, e non poucas veces, de que non tendo algúns colonos suficientes recursos para pagaren o crecido xormal que exixían os seitureiros o deixaron pacer polo seu gando. Esta extrema necesidade suxeríulle ao señor Ridley a idea dunha máquina que sega, malla e criba á vez todo o gran, movida por dous ou máis cabalos ou bois.

Ao aforro dos traballadores da man de obra engádesse o do tempo, posto que con dúas soas persoas para atender a máquina poden segarse, mallarse e cribarse ata 15 *bushels*⁷ de gran nunha hora.

9. Adelaide, capital da colonia, está situada entre os 35 graos de latitude e 139 de lonxitude, nas marxes do río Torrens, que a atravesa e a divide en vila meridional e vila setentrional; dista do seu porto sete millas, e como esta é unha chá desde a cidade gózase dunha vista magnífica sobre o golfo de San Vicente. Os meirandes navíos de alto bordo poden remontar con toda seguranza o Torrens ata a cidade, cuxas rúas son largas e tiradas todas ao cordel. As principais levan os nomes de Hindley, Rondel e King William. Seis grandes prazas adornan a cidade, e os seus edificios máis salientables son a catedral católica, o pazo do Gobernador, o banco da Australia meridional, as casas consistoriais, os dous templos protestantes e mais unha fermosa ponte de pedra sobre o Torrens. A poboación, que en 1845 era de 10.000 almas, desde aquela aumentou extraordinariamente.

10. En Adelaide reside o Gobernador, quen comparte a súa autoridade con dous consellos, o lexislativo e o executivo. Os funcionarios da Coroa compoñen exclusivamente o Consello executivo, e teñen tamén o dereito de formar parte do Consello lexislativo xunto cos principais colonos. O Parlamento é o que nomea os membros dos dous consellos, e o Gobernador, como Presidente de ambos, pódeos suspender e mesmo disolver logo da aprobación do Secretario das Colonias. As leis que dita o Consello deben ser sometidas á sanción do Parlamento inglés.

En 1845 foi erixida esta capital en sé episcopal católica, da que foi o seu primeiro Bispo o ilustrísimo señor Murphy, proposto no ano de 1842 polo ilustrísimo señor Arcebispo Polding. No día de hoxe, o susodito Bispo ten, amais do seu Vigairo Xeral, moitos sacerdotes e algúns catequistas para asistir nas catro igrexas que acaban de abrirse. Así mesmo, en Adelaide hai un Bispo protestante e moitísimos wesleyanos metodistas

7. O *bushel* é unha medida que equivale a 60 libras inglesas de gran.

disidentes, non soamente na cidade, senón espallados por todo o territorio. Amais destes, os presbiterianos, anabaptistas, independentes e individuos de moitas outras seitas teñen representantes e seguidores na colonia. ¡Queira o Señor abrílles os ollos e facerlles comprender o miserable estado espiritual en que xacen sumidos! Tampouco faltan na Australia francmasóns, que só en Adelaide teñen tres loxas; e tamén se encontran adeptos doutra sociedade, que os ingleses chaman dos Odd Fellows, a cal non ten menos de nove.

11. Cada quince días sae correo por terra de Adelaide a Melbourne e viceversa, e atravesa o monte Gambier preto do río Glenelg; por este medio a capital está en comunicación segura con Melbourne e Sydney.

12. Na colonia hai moitas sociedades, tales como a da iluminación por gas, de agricultura, de temperanza, de fábricas, de socorro mutuo e de mecánica, e ademais ten diversos bancos de desconto e seis xornais.

13. A principal fonte da riqueza colosal desta colonia consiste hoxe no comercio do cobre. A mina de máis nome, chamada Burra Burra, foi descuberta por unha casualidade en 1845 á distancia de noventa e cinco millas ao nordeste da capital, e non é soamente a máis rica, senón a meirande e máis produtiva que se coñece en todo o mundo. Segundo os informes máis recentes, recolléronse 7.000 toneladas de mineral só cos traballos de apertura, e asegúrase que a cantidade media do seu produto é de 2.600 toneladas por mes, coa circunstancia de que o mineral é de tan boa calidade que na copelación dá un 98 % neto.

As accións desta mina subiron desde o valor de 5 libras esterlinas ao de 180, é dicir, de 475 reais a 17.100, e un colono que empregou nela un capital de 2.000 libras esterlinas percibe agora unha renda anual de 16.000.

Outra mina tamén de cobre, chamada da Princesa Real, situada non moi lonxe da precedente, aínda con non ser tan produtiva, non deixa así e todo de pagar con usura o capital empregado nela. Amais destas minas, hai outras dúas inferiores a elas, chamada unha Kapunda, que se atopa nas beiras do río Light, e a outra, Montacute. Por fin, descubriuse outra

mina, á que se lle deu o nome de Vitoria, que foi aberta por ser de cobre, e achouse no seu seo unha rica vea de ouro⁸.

Encóntranse tamén na colonia de Adelaide catro minas de chumbo, a saber: a Glen Osmond, a Wheat Ganles, a Wheat Watkins e a Iattagolinga. Destas, a primeira dá un 80 % de chumbo, mesturado con prata en proporción dun 12 %.

Cinco eran as sociedades mineiras que se crearan en 1845; en 1846 había xa sete, e é de crer que irá aumentando o seu número a medida que vaia sendo maior a importancia dos produtos.

14. Vou concluír este capítulo poñendo á vista un estado do desenvolvemento e aumento da colonia en 1847:

Poboación.....	32.000
Cabezas de gando	1.042.600
Acres de terra destinados ao labor	42.000
Minas	31
Destas en vía de explotación ou abertas	16
Valor dos minerais, en libras esterlinas.....	203.737
Valor dos produtos ou manufacturas coloniais	275.115
Entrada de buques	150

8. Segundo se le nos últimos xornais (1852), acaban de descubrirse na Australia unhas minas de ouro tan ricas e abundantes que compiten e aínda exceden as da California. *Nota do tradutor.*

WESTERN AUSTRALIA OU COLONIA DE SWAN RIVER

CAPÍTULO DÉCIMO TERCEIRO

1. Descubrimento da parte occidental e fundación da colonia de Swan River. — 2. Algúns colonos abandonan a colonia e propalan dela moi malas noticias. — 3. Por este motivo Sterling vai a Londres. — 4. Sucédelle no mando o cabaleiro Hutt, e a este o Coronel Clark, logo Irwing (interinamente) e Fitz-Gerald. — 5. Límites da colonia. — 6. Exploradores e descubertas. — 7. Solo da colonia. — 8. Clima e enfermidades. — 9. Melloramento das razas do gando e aumento das ovelas. — 10. Poboación e desenvolvemento da colonia en 1848. — 11. Agricultura. — 12. A colonia vén ser declarada establecemento penitenciario e chegan a ela os primeiros deportados. — 13. Situación física da capital. — Edificios públicos. — 14. Administración governativa. — Sociedades e compañías. — 15. Perth é erixida en sé episcopal católica. — 16. Conduta moral da poboación. — 17. Fremantle. — Illa de Rottenest. — 18. Establecemento de Albany — 19. Outras cidades. — 20. Misión Beneditina para a conversión e civilización dos salvaxes.

1. Polo ano de 1696, o navegante holandés Guillermo Ulaming, despois de descubrir a illa de Rottenest, dirixiuse o primeiro ás costas occidentais da Australia, alí onde se acha actualmente a colonia que imos describir. Despois del, en 1792, explorounas o Almirante francés D'Entrecasteaux, sen dúbida co ánimo de lle asegurar a posesión delas á Francia. Mais como esta se atopaba entón somerxida nos horrores da revolución e das guerras civís e internacionais, non coidou de facer valer

os seus dereitos sobre aquelas terras, e aproveitando os ingleses tan es-
traña negligencia enviaron alá en 1828 o Capitán Xacobe Sterling, ao cal
lle resultou moi doado, en vista da relación que fixo, obter do seu Go-
berno os medios para fundar unha colonia, o que se verificou en efecto
en Swan River o día 1 de xuño do ano seguinte, 1829.

2. Mais como os colonos desembarcaron naquelas costas no máis
cru do inverno, a intensidade do frío, unida ás privacións que acompañan
sempre a fundación dun establecemento de tal natureza, foi causa de que
moitos deles decaesen de ánimo, e créndose enganados na imaxinaria
profusión de delicias e de tesouros que pensaran recoller sen lles custar
o menor traballo, viráronlle as costas á nacente colonia, maldicíndoa por
insalubre, estéril e inútil, e foron buscar asilo uns en Sydney, outros na
terra de Van Diemen e outros no cabo de Boa Esperanza. Foron os pró-
fugos moi ben acollidos polos habitantes das citadas colonias, que vían
con mal ollo fundarse unha rival en tan vantaxosa posición, e fixeron
todos os esforzos para espallar e aumentar en gran maneira as pésimas
novas que dela lles deran. Emporiso, o enérxico Gobernador Sterling,
firme no seu propósito, e secundado polos que cheos de folgos quixeran
de bo grao acompañalo, fixo construír as casoupas indispensables, pre-
parar a terra e recoller as súas primicias. Estaban agardando con ansie-
dade a chegada de novos colonos, mais ao veren que se retardaba, axiña
se decataron todos de que non só o público, senón tamén o Goberno os
esquecera, grazas ás fatais noticias que expresamente e con moi pérfida
intención propalaran os fuxitivos.

3. A remates do ano de 1832, por instancia dos colonos, Sterling vol-
veu á Europa co fin de manifestar de viva voz á Secretaría das Colonias
de Londres o estado deplorable en que se achaba a de Swan River, e das
súas reclamacións resultou que se desen as ordes oportunas para o suce-
sivo. Despois de ter feitos e asinados con algúns comerciantes os pactos
para as remesas regulares de canto necesitaba a colonia, Xacobe Sterling
emprende por segunda vez a difícil travesía e chegaba en 1834 feliz-
mente a Swan River, onde era agardado e desexado de todos. O novo

valor que soubo infundir coa súa presenza aos colonos fixolle lograr os maiores resultados, superando coa boa vontade a escaseza de brazos e de recursos.

4. En 1838 Sterling cedeu o mando da colonia ao cabaleiro Xoán Hutt, quen de primeiras nun acto administrativo ofreceu un premio de 2.560 acres de terras ao que descubriuse unha mina de carbón de pedra. Despois de moitos anos de continuas investigacións, os señores Gregory chegaron a descubrir algunhas moi ricas, que teñen proporcionado indíximas vantaxes á colonia.

A Hutt sucedeuno en 1846 o Coronel Clarke, que morreu ao cabo dun ano, e tomou o mando interinamente o Tenente Coronel Irwin, ata que por agosto de 1848 chegou o actual Gobernador, o Capitán Fitz-Gerald. As demostracións de sincero xúbilo con que este home foi recibido na colonia levan a crer que as esperanzas que fixera nacer nos corazóns dos colonos a súa fama de enérxico e imparcial quedarán de todo satisfeitas.

5. A colonia de Swan River, segundo a relación que deu unha comisión británica, abrangue aquela gran porción da Australia que está contida entre os 114 e 129 graos de lonxitude e os 14 e 35 de latitude meridional, polo que a súa extensión é de mil duasetas oitenta millas do norte ao sur e de oitocentas do poñente ao oriente. Definir exactamente a natureza e calidade de tan extensa superficie de terras resulta totalmente imposible para ninguén ata que se teña percorrido e coñecido en todas as súas partes.

6. Todas as terras comprendidas entre as cidades de Perth e de Albany, na costa do sur, foron percorridas e examinadas co maior detemento de 1829 a 1836 polos sabios e experimentados Wilson, Dale, Bannister, Preston, Collie, Sterling, Roe, Hillman, Bunbury e, posteriormente, por moitos outros. Os principais resultados das súas excursións foron o descubrimento do río Kalgan, que é o máis caudaloso da costa do sur, e desauga na canle de King George's Sound; do Blak-wood, que desemboca no porto de Augusta, de carón do cabo Leuwin; do Kent, que como o precedente ten a súa foz na parte do sur; do Murray, que corre ao leste da ci-

dade de Pinjarra e aboca na parte occidental; do Canning e do Helena, tributarios do Swan, e de moitos confluents do Avon, nome que se deu ao río Swan case setenta millas máis arriba da súa embocadura. Descubriron tamén os lagos de Barnes, Don, Matilde, Cataline, Helena e Boorokup ao norte de Albany, algúns dos cales son salgados, os outros de auga doce; a cordilleira dos montes Darling, que continúa ata a costa do mediodía; a dos montes Sterling, que cae máis ao leste da dos Darling e está preto da costa do sur; os montes William e Keat, que, sendo os máis altos de todos, se elevan a 3.600 pés sobre o nivel do mar; o fermoso e rico val de Kalgan, atravesado polo río do mesmo nome; o de Green e outros, que aínda que non de tan vasta extensión son non obstante moi fértiles. Finalmente, descubriron soberbios pasteiros e terras de pan apropiadas para o cultivo de toda especie de cereais. E as zonas ao leste e ao norte de Perth foron percorridas por Dale, Collie, Moore, Brown, Roe, Grey, Gregory e outros.

Dale foi o que primeiro saíu de Perth, en 1830, e dirixíndose cara ao leste encontrou á distancia de sesenta millas da capital un río confluente que chamou Avon, e unha cova cuxa bóveda era moi semellante a unhas antigas ruínas. Nas súas paredes viu esculpida moi rudamente a figura do sol, cruzada no seu centro por varias liñas que formaban uns ángulos case rectos, e da súa parte esquerda saían raios; tiña dez polgadas de diámetro, e de cerca víanse esculpidos un brazo e algunhas mans. Ata o de agora a época e o autor desta obra singular son descoñecidos. O favorable informe que deu Dale daquela fértil rexión atraeu a ela moitos colonos, e animou o Goberno a fundar alí as dúas cidades de York e Northam. No día de hoxe aquel é o distrito máis poboado de toda a colonia, a excepción do da capital.

Dous anos máis tarde, Collie explorou as terras ao nordeste de Perth, que agora se chama distrito de Vitoria, nas cales foi fundada, no medio dunha vasta e rica campía, a cidade de Toodyoy, que dista como unhas sesenta millas da capital. Pasado un tempo, en 1836, levando Moore as súas exploracións ata a distancia de corenta millas ao norte-nordeste de

Toodyoy, topou o regueiro Fletcher, cuxa corrente ía desaugar no río chamado polos salvaxes *Maura* e que despois tomou o nome do seu descubridor. Moore seguiu o seu curso por espazo de máis de corenta millas cara ao occidente, mais ao perder a súa traza preto do lago Garagan volveu á cidade.

Por outubro daquel mesmo ano, o enxeñeiro Roe emprendeu a exploración das rexións orientais e setentrionais da colonia. Conseguiu percorrer un espazo de case cincocentas millas, e o resultado das súas andainas foi o descubrimento de moitos regueiros, pintorescos vales, longos e largos treitos de terras feraces, diversos lagos, en especial ao que lle deu o nome de Brown, e algúns montes de primeira e segunda formación.

Merecen tamén digna mención de seu as excursións que en 1839 fixo o Capitán Grey polas rexións comprendidas entre os 24 e 32 graos de latitude meridional. No decurso das súas viaxes descubriu dez ríos máis ou menos caudalosos, que chamou Gascoyne, Murchison, Hutt, Irwin, Arrowsmith etc.; dúas cordilleiras de montañas: á primeira delas, que sae da extremidade setentrional dos montes Darling, chamouna Vitoria, e Guirdner á outra, que ten unha extensión de preto de corenta millas do norte ao sur. Descubriu, ademais, extensas e fermosas terras que chamou tamén Vitoria, as cales, segundo el, son as máis ricas da Nova Holanda. O distrito de Babbage preto do río Gascoyne, que desemboca na abra do Campión (*Champion Bay*), amais de ser un dos mellores, ocupa os puntos de máis interese de toda a costa occidental da Australia, e é por conseguinte o máis a propósito para a formación dunha colonia. O número de salvaxes que viu Grey nas súas diferentes andanzas excede con moito cantos se puideron ver en calquera parte da Australia ata o día percorrida. Actualmente áchase este denodado viaxeiro de Gobernador da Nova Zelandia.

Por fin, explorando o enérxico Gregory en 1844 o mesmo país percorrido por Grey, avanzando rumbo ao interior e a non moita distancia de Champion Bay, descubriu grandes minas de carbón de pedra; e nunha segunda viaxe que fixo aos 28 graos de latitude, nas beiras do río Mur-

chison e a unhas duascenas millas de distancia de Perth, encontrou grandes fragueiros e ricas veas de chumbo que contiñan unha boa porción de prata. Hogano abriuse alí no mesmo lugar unha mina deste metal, á que se lle deu o nome de Geraldina, na honra do actual Gobernador.

7. O aspecto xeral das costas occidentais é areoso, coma no restante da Australia, mais no interior, e a pouca distancia, atópanse toda especie de solos. O que falta emporiso son nacedoiros de augas perennes, tan indispensables para o pastoreo, dado que os seus ríos non abastan para regar tan extensas chairas, de xeito que, de non se atoparen lagas naturais, cómpre facer vairas artificiais no inverno para abeberar o gando durante o verán, mais isto padéceno tamén as demais colonias da Australia. O que si merece observarse é que a area, tan árida e estéril en África, en Perth produce canto pode apetecer nos mellores campos e xardíns da Europa. O viño que dan estes agros arentos é de superior calidade, a figueira dá froita tres veces ao ano, as patacas producen dúas apañas e ata as cepas botan novas uvas cando se vendimaron as primeiras. O trigo e os demais cereais medran alí extraordinariamente, e todas as árbores froiteiras e plantas, tanto dos trópicos coma das demais zonas, vexetan dun modo prodixioso.

8. O clima de Swan River non soamente supera en salubridade o das outras colonias da Australia, senón que mesmo pode dicirse que é un dos mellores do mundo enteiro. A calor estival, aínda con chegar a acadar algunhas veces os 34 graos Réaumur, non produce acoramento, e pode traballarse todo o día ao aire libre, malia a ardencia do sol, sen temor a ningún dano. Os ventos abrasadores que se sofren nas demais colonias nesta son descoñecidos e, pola contra, corre todos os días desde as once da mañá ata a postura do sol a fresca aura do mar. Nos meses de inverno, despois de alborexar o sol, a temperatura é bastante apracible e deliciosa, mais ás tres ou ás catro da madrugada o termómetro adoita baixar ata catro graos sobre cero. Aínda que non neva nunca, as xeadas, para compenstar, son abondosas. No verán refresca moito a atmosfera co abundante resío da noite, e algunhas veces no mes de xaneiro coa choiva, que na-

quela ardorosa estación é quizais o maior ben que lle pode suceder á colonia. Durmir de noite ao sereno no medio da fraga, tanto no verán coma no inverno, nada ten nin de insalubre nin de perigoso, mormente se un pode deitarse a carón dun bo lume. As enfermidades a que están suxeitos os habitantes deste país non adoitan ser mortais; as dominantes parece que son a disentería e a oftalmía. A primeira ataca raras veces e cura con facilidade; a oftalmía, máis frecuente no verán, non dura moito nin deixa danada a vista.

9. As vastas pradarias naturais que hai na colonia poden manter non só moitos millóns de ovelas, senón tamén numerosos animais de todas as especies, particularmente pola parte do norte, onde os pastos son máis abundantes e nutritivos; e como o clima lles é ben propicio, as razas primitivas melloraron moitísimo, en especial as do gando lanar, cuxa la meiriña en nada cede na súa calidade con respecto á das demais colonias. O aumento dos rabaños de ovelas é tan rápido que se calcula nun 33 % cada ano.

10. A poboación en 1848 atopábase dividida, segundo as varias relixións que seguían os habitantes, na seguinte proporción:

Católicos	337
Anglicanos.....	3.063
Wesleyanos ou metodistas	276
Independentes.....	187
Chineses e outros individuos pertencentes a outras relixións non especificadas	759
	<hr/>
	4.622

Os acres de terras cultivadas non eran máis ca 7.069 e $\frac{3}{4}$. A seguinte táboa poderá dar a coñecer máis claramente o desenvolvemento da colonia no espazo de dez anos:

	1838	1843	1848
Poboación	1.928	3.853	4.622
Cabalos	280	302	2.095
Gando vacún	991	4.861	10.919
Ovellas	10.815	76.491	141.123
Porcos.....	777	1.951	2.287
Cabras.....	1.744	3.733	1.434

11. Calquera que observe o aumento da poboación desde o ano de 1838 ao de 1843, que foi de 1.925 persoas, e o compara co segundo período desde 1843 a 1848, que só foi de 769, non poderá deixar de notar unha diminución moi sensible. A razón disto é moi obvia.

A colonia de Swan River formárona desde o principio persoas de clase moito máis elevada ca a dalgunhas outras, compostas en gran parte de *convicts* ou deportados. As súas familias non só son ricas, senón tamén dun trato e educación esmerados, xa que pertencen na súa maior parte á clase de oficiais do exército e da armada. Por outra banda, a clase traballadora, valéndose da escaseza do seu número, pretende unha alta xeira, e como o produto das terras non chegaría a cubrir os gastos do seu cultivo, de aquí pois que a maior parte dos grandes propietarios prefiren deixalas a poula. O resultado de tan triste situación dá que os agricultores emigran para irse a onde a fortuna lles é máis favorable, e con isto a colonia de Swan River ou a Australia occidental vai quedando deserta. De feito, por outubro de 1848 non había nela máis ca 261 entre labregos e criadores de gando, e soamente se cultivaban 3.316 e $\frac{3}{4}$ acres de terras de pan; así é que, despois de vinte anos de existencia, desde 1829 a 1849, aínda non se produce gran abondo para o consumo. Debemos esperar que, desde a miña saída de alá, o sabio Gobernador Fitz-Gerald terá sabido poñer un termo a tan precario estado.

12. Cara ao remate do ano de 1849, por petición dos habitantes da colonia, o Goberno británico declarouna establecemento penitenciario,

e en xullo de 1850 chegou a ela a primeira corda de deportados. Por medio deste reforzo non hai dúbida de que progresará e prosperará a agricultura.

13. Perth, capital da colonia, está situada na beira setentrional do río Swan, distante nove millas do mar, e a 32 graos de latitude e 115° 48 de lonxitude. É escusado dicir que no seu conxunto a cidade non corresponde ao luxo das capitais da Europa, ben que as súas rúas son anchas e tiradas ao cordel. Nas principais, que son a de George e de Hay, case todas as casas son de pedra e de ladrillo, pois non se ve apenas ningunha de madeira. Perth ten tamén unha gran e fermosa praza, no centro da cal está o templo protestante, aínda que a afean bastante algunhas casas irregulares e de mesquiña aparencia, restos da fundación da cidade. Os seus meirandes e mellores edificios públicos son: a igrexa católica, que está unida ao convento de monxas de Nosa Señora da Mercé; o templo protestante, o dos metodistas e un terceiro que é o dos independentes; as casas consistoriais, a delegación colonial, o fermoso pazo do Gobernador, o dos tribunais e os almacéns públicos.

14. O goberno da colonia é administrado por un representante da Coroa británica, con dous consellos iguais en todo aos que describín falando de Adelaide. E en Perth ten sede o banco da Australia occidental, unha administración ou dependencia do da Australasia; unha compañía de seguros de vida, e a sociedade mineira da Geraldina; sen contar moitas outras sociedades industriais e de fomento, tales como a de agricultura, de horticultura, de socorros mutuos e de temperanza. Perth ten tamén os seus xornais, que son o *Independent*, o *Inquirer* e a *Gaceta* oficial.

15. En 1845 Perth foi erixida sé episcopal, e o seu actual Bispo é o ilustrísimo señor Brady, quen, como temos dito noutro lugar, ten por coadxutor e administrador temporal o ilustrísimo señor don frei Xosé Serra. Non hai Bispo protestante, e o clero desta seita depende do de Adelaide, o cal de cando en vez acode a esta capital. En toda a colonia non haberá menos de nove ministros protestantes.

16. Se se exceptúa o abuso de licores espirituosos, a colonia de Swan River non ofrece moitos exemplos de inmoralidade; os delitos que se cometen son poucos e leves. En 1847 foi condenado á morte (cosa rarísima) e executado un criminal que había moi pouco que chegara á colonia, o cal confesou que fora pervertido polos pésimos exemplos dos deportados doutros puntos.

17. Fremantle, que é a segunda cidade da colonia, dista de Perth unhas nove millas ao oeste. Edificada á beira do mar e na embocadura do río Swan, ten unha rada (Gage Rode) moi segura durante o verán, pero no inverno os buques teñen que ancorar ao oeste da illa de Garden, a poucas millas de distancia da rada cara ao sur, para se poñeren ao socairo dos ventos do noroeste. Aínda que nacente, non deixa de ser Fremantle unha cidade bastante elegante. Ten levantados xa un convento de monxas de Nosa Señora da Mercé, dous templos protestantes e un fermoso cárcere. Como abundan moito no país as pedras calcarias e se traballan con bastante facilidade, case todos os edificios foron construídos con elas. A unha distancia de vinte millas ao oeste desta cidade atópase a illa chamada Rottenest, que serve de presidio temporal ou de por vida para os salvaxes que cometeron algún delito; nela abundan o sal e os coellos, os cales, segundo se cre comunmente, foron traídos alí polos europeos. É tradición entre os salvaxes contar que esta illa, unida denantes ao continente, foi separada del por unha erupción volcánica.

18. Na parte meridional, iñantes da fundación da colonia de Swan River, creárase polo ano de 1826 a 118 graos de lonxitude e 35 de latitude, e á distancia de case trescentas millas de Perth, o establecemento de King George's Sound, dependente de New South Wales, para presidio dos delinquentes. Despois da fundación de Swan River, acadaron os seus habitantes do Goberno ser agregados a aquela colonia e librados do incómodo depósito de malfeitores. A súa capital chámase Albany, en cuxa cidade o ilustrísimo señor Bispo de Perth non puido enviar un só sacerdote por falta de recursos, ¡mentres pola outra parte hai un ministro protestante! A dicir verdade, o número da súa poboación é moi baixo, e non creo que cheguen


a seis as familias católicas. O seu porto, aínda con resultar de pequenas dimensións, vén sendo un dos mellores da Australia pola súa seguranza; nel acostuman a facer escala polo regular os buques baleeiros.

19. Amais da mencionada cidade, tópase na costa do sur a de Augusta, situada case na punta do cabo Leuwin, montado na dirección oeste. Na costa occidental, ao norte, encóntranse Vasse, Bunbury, Pinjarra e despois Fremantle, da que xa teño falado. Se se toma a vía de terra, desde Albany a Perth áchase na metade do camiño Kojonup e máis alá William's Bourg.

Cara ao nordeste de Perth, e á distancia dunhas oito millas, localízase Guildford, nunha fermosa e fértil campiña entre o Swan e o seu tributario o Helena.

A sesenta millas ao leste de Guildford está York, atravesada polo Avon, que seguindo o seu curso en dirección norte atravesará tamén Northam e Toodyoy, poboacións que distan entre si coma unhas quince millas. Os distritos de York e de Vitoria, nos que se fundaron as tres últimas cidades, pasan polos máis ricos de toda a colonia en pasteiros, en eidos fértiles e en augas. Debe notarse, porén, que o Avon está seco a maior parte do verán, ora que forma grandes lagas naturais que abastan xeralmente para abeberar os moitísimos rabaños. Hai que dicir tamén que todas estas que designei cidades non o son na actualidade máis ca de nome, porque, ao moraren os colonos en distintos puntos e moi afastados uns dos outros, deixaron as áreas marcadas para se edificar as cidades no mesmo estado en que as encontraran. A dicir verdade, a un europeo cústalle traballo aguantar a risa cando o dar o nome de cidade a un vilarexo de tres ou catro casas terreñas ou máis ben choupanas de colonos.

20. Finalmente, aínda máis ao norte de Toodyoy, a 116° 30 minutos de lonxitude e 30° 50 de latitude atópase a Misión Beneditina destinada á conversión dos salvaxes, á que se lle deu o nome de Nova Nursia en memoria da patria de mi padre o patriarca san Bieito, e cuxa historia vou empezar agora, tomándoa desde a súa orixe ata o mes de xaneiro de 1850.



Vista da Misión Beneditina de Nova Nursia

PARTE SEGUNDA

ORIXE E PROGRESOS DA MISIÓN BENEDITINA PARA A CONVERSIÓN E CIVILIZACIÓN DOS SALVAXES NA PARTE OCCIDENTAL DA AUSTRALIA

CAPÍTULO PRIMEIRO

1. Estado moral dos primeiros europeos que habitaron na Nova Holanda. — 2. Vinda a ela dos primeiros sacerdotes. — 3. Receos que argallan contra deles os ministros protestantes. — 4. O monxe beneditino Ullathorne. — 5. O ilustrísimo señor Polding. — Numerosos apóstolos beneditinos. — 6. Conduta do Gobernador para co Bispo e o clero católico. — 7. Divídese a colonia en varios distritos eclesiásticos. — 8. Arriba á colonia un gran número de deportados. — Únense á Misión o reverendo señor Brady e algúns outros máis. — 9. Nova división por distritos. — Progresos da relixión católica. — 10. O ilustrísimo señor Polding sae para a Europa. — Durante a súa ausencia, os católicos de Perth piden un sacerdote. — 11. Envíanse a aquela colonia tres misioneiros. — 12. Aporta primeiro en Fremantle e despois vai a Perth o Vigairo Xeral reverendo señor Brady. — 13. Visita varios puntos da colonia e parte para Roma.

1. Dezaoito anos despois de que Cook, no nome da Gran Bretaña, tomase posesión da costa oriental da Australia, feito que tivo lugar en 1770, o Comodoro Phillip fundou nela a primeira colonia e a primeira cidade, a cal vén sendo a actual Sydney, da que xa teño falado dabondo

na primeira parte desta historia. E de alí a pouco ambas chegaron ao máis alto grao de prosperidade mercantil e agrícola, tanto pola grande actividade dos seus gobernadores coma tamén polo espírito emprendedor dos europeos que se asentaron nelas. Mais na medida en que a poboación crecía e os intereses materiais prosperaban, aquela sociedade, composta na súa case totalidade de homes cargados de delitos e de condenas, precipitábase día a día na máis abominable e escandalosa inmoralidade. Os delitos multiplicábanse, sen que fosen abondos para os impedir nin os castigos máis severos nin as máis atroces penas. A relixión non era invocada nin para consolo nin para freo do home, e non parecía senón que o Omnipotente quería que se prolongase por moitos anos aquel triste estado das cousas, para facer ver con clareza a inutilidade e ineficacia absoluta dos medios humanos cando se trata da reforma interior do home, de estes non seren inspirados e emanados da relixión.

Os pastores anglicanos, os metodistas, os presbiterianos e outros de diferentes seitas non tiveron enerxía nin filantropía suficientes para represar cun dique tan rebordada enxurrada; ao sacerdote católico estáballe reservada a gloria de emprender tan arriscada e difícil angueira. Foi el quen, cando semellaba o mal máis incurable e máis enraizado o vicio, se lle opuxo cheo de fe e de confianza no Señor, predicando polas rúas, dentro das casas e ás portas das igrexas a paz, o amor a Deus e a caridade para co próximo.

2. En efecto, por disposición da divina Providencia, en 1805 foron proscritos á colonia de Sydney dous sacerdotes católicos, os cales, animados daquel celo que fora causa do seu desterro, daquel celo e caridade que Deus deixou por herdanza aos seus humildes servos, se empeñaron con todas as súas forzas en tan santa empresa. Ora que cumprida a súa condena e de volta na súa patria ao cabo de tres anos, os católicos de Sydney e de toda a colonia quedaron coma aquel que despois do resplandor cegador do lóstrego volve acharse en medio da máis escura negrura. En tan infeliz estado vivían cando chegou a Sydney en 1817 o reverendo sacerdote irlandés Flynn; mais, por culpa da intolerancia dos protestantes,

estes obrigárono a irse ao cabo de pouco tempo, so pretexto de que fora alí sen o competente permiso do Goberno. Marchou pois, mais, antes de abandonar aquel areal e de se separar dos seus amados irmáns, celebrou o santo sacrificio da misa na casa dun católico, na que adoitaban reunirse todos os fieis, e para o seu consolo deixouelles nela a sagrada Eucaristía. Queixáronse amargamente ao Goberno inglés os católicos de New South Wales de que se tivese obrigado a afastarse da colonia o seu pío sacerdote, e o Goberno, atendendo as súas queixas, tomou a decisión de enviar en 1820 ás súas expensas dous reverendos sacerdotes, que foron os señores Connelly e Therry, os cales quedaron altamente admirados ao atopar á súa chegada a Sydney intactas e incorruptas as sagradas formas que deixara Flynn dous anos antes. O católico señor Davis, dono da casa, cedéullela aos fieis para que se erixise alí mesmo unha igrexa baixo a invocación de san Patricio.

3. Como era ben natural imaxinar, os protestantes vían con moi mal ollo aumentar cada día o número dos católicos, motivo polo cal non pararon ata que obtiveron do Goberno colonial certas regras, ou, mellor dito, certas trabas, as cales debían impedir grandemente a propagación do catolicismo. Por elas os sacerdotes non podían oficiar a santa misa máis ca os domingos, o día de Nadal e o xoves da Semana Santa, e isto debíano efectuar no lugar que se lles destinaba e avisalo ao Maxistrado con tres días de anticipación; as súas funcións debían coincidir na mesma hora en que facía as súas o ministro protestante, e, finalmente, estáballes absolutamente prohibido admitir na súa igrexa e catequizar ningún protestante. Mais en van quixeron estes loitar contra o Señor; por máis que se esforzaron, cada día era meirande o número e o fervor dos fieis católicos.

O reverendo Connelly marchou á illa de Van Diemen, e Therry permaneceu só durante algúns anos, ata que se lle reuniron os misioneiros Dowling e Eneroe.

4. Mais o Todopoderoso, que nos seus inescrutables designios tiña decretado que fosen os fillos do gran patriarca san Bieito os que se dedi-

casen ao cultivo daquela súa nova viña, providenciou que en 1832 fose enviado alá, en calidade de Vigairo Xeral, o infatigable beneditino moi reverendo padre frei Guillermo Bernardo Ullathorne. E a dicir verdade, nas circunstancias en que se achaba a colonia non podía ser máis oportuna a chegada daquel celoso misioneiro. Baixo a súa prudente dirección calmáronse os ánimos, o clero recobrou o seu primitivo celo e grazas á súa extraordinaria actividade foi tal o froito da Misión que aos poucos anos de ter chegado se estaban a edificar xa tres igrexas, había dez escolas moi ben organizadas e estaba aberto o camiño para repartir en moita maior escala o pasto espiritual a un pobo que ardentemente o desexaba. Así é que o nome do moi reverendo Ullathorne será eternamente venerado polos católicos de New South Wales.

5. Por seren tantos e tan rápidos os progresos do catolicismo, o Vigairo Xeral e os seus tres compañeiros sacerdotes sabían da urxente necesidade de que houbera naquelas remotas terras un Vigairo apostólico, que cos seus amplos poderes espirituais puidese, secundando o impulso do seu celo, levar a cabo e perfeccionar a obra comezada, e así proporcionar moitas maiores vantaxes á nosa santa relixión e a un tempo aos europeos establecidos alí. Todo isto fixeron coñecer os misioneiros ao Sumo Pontífice Gregorio XVI, de feliz memoria, quen, accedendo gustoso ás súas xustas demandas, despois de sesenta e catro anos de teren sido descubertas aquelas vastas rexións por Cook e corenta e seis da fundación da colonia, confiou o coidado espiritual de toda a Australia ao sabio beneditino inglés o ilustrísimo padre frei Xoán Beda Polding, o cal en 1834 foi consagrado Bispo de Hierocesarea e enviado á Nova Holanda como Vigairo apostólico daquela quinta parte do mundo, da mesma maneira que en tempos máis antigos e en circunstancias análogas o Papa Alexandre VI enviara con igual dignidade o beneditino español Builcando o descubrimento das Américas. E, en verdade, non debe sorprenden que fosen confiados o coidado e a civilización dos novos mundos aos beneditinos, que tanto contribuíron á civilización do antigo mundo. Esta homenaxe, na opinión dun moderno escritor, era moi debida á familia de

san Bieito e de san Gregorio Magno; de santo Agostiño, apóstolo da Inglaterra; do beato Nicolau, apóstolo da Noruega; do mártir san Chiliano, apóstolo da Franconia; de santo Evaldo, apóstolo da Westfalia e mártir tamén; de san Lamberte, Bispo, apóstolo da Toxandria e mártir; de san Bonifacio, Bispo e mártir, apóstolo de case toda a Xermania e da Frisia; e milleiros doutros beneditinos⁹ cuxo ardente celo pola gloria de Deus, a súa caridade para co próximo e mais as súas enérxicas e inspiradas palabras lograron cambiar totalmente a face da Europa nos días máis aciagos que nos recorda a historia.

6. Así que foi consagrado o ilustrísimo Polding, este emprendeu a viaxe cara á súa remota diocese da Australia, a onde chegou en 1835, e fíxou a súa sede en Sydney, capital de New South Wales. Foi non pouca fortuna para o catolicismo o atoparse á fronte da colonia naquela época o imparcial e humano irlandés sir Ricardo Bourke, quen, libre daqueles prexuízos que, con sobrada frecuencia por desgraza, fan mirar con sospeita e prevención o ben que resulta das máximas católicas, mesmo a protestantes da máis alta categoría, e deplorando como o que máis o estado de depravación en que se atopaba a colonia, non só recibiu o Bispo católico con mostras da máis respectuosa distinción, senón que se lle amosou desde logo disposto a cooperar con canto lle fose posible á mellora de tan pervertida sociedade. Ao observar aquel Gobernador que o

9. Tales son: santo Estevo, Bispo e mártir, apóstolo da Suecia e da Helsinxia; san Viberte, mártir, apóstolo dos sorabos e dos frisóns; santo Abbon, Abade e mártir, apóstolo dos gascóns; santo Adalberte, Bispo e mártir, apóstolo da Bohemia, Hungría e Polonia; san Bieito, Bispo e mártir, outro dos apóstolos da Polonia; san Bonifacio, Bispo e mártir, apóstolo dos hunos, dos eslavos e dos rusos; san Xerardo, Bispo e mártir, apóstolo dos húngaros; santo Adalberte, Bispo, apóstolo dos rusos; san Bruno, mártir, apóstolo dos prusianos e dos lituanos; san Chiliano, Bispo, apóstolo dos atrebatos; san Wittibrordo, Bispo, outro apóstolo da Frisia; santo Amando, Bispo, apóstolo do Brabante, da Flandres, dos eslavos e dos gascóns; san Wilfrido, Bispo, apóstolo da Holanda; san Ludxero, Bispo, apóstolo dos saxóns e dos frisóns orientais; san Suiberte, Bispo, apóstolo dos frisóns, holandeses e saxóns; santo Ascario, Bispo, grande apóstolo dos suecos, godos, daneses e das rexións do norte; san Otón, Bispo, apóstolo da Pomerania; san Vicelino, Bispo, apóstolo dos vándalos e dos eslavos; san Lebuíno, Bispo, apóstolo de Ober-Yssel; san Wimon, Bispo, apóstolo dos godos setentrionais etc. etc.

clero protestante, en virtude dunha concesión feita polo Goberno, se apropiara da sétima parte do territorio de toda a colonia, e non contento aínda con isto, co fin de aumentar os seus intereses privados, percibira tan só nos sete anos anteriores a enorme cantidade de 110.549 libras esterlinas, sen que, por outra banda, procurase no máis mínimo reformar os costumes da corrompida poboación, aplicouse con incansable enerxía a buscar un remedio a semellante dilapidación. Tomou o asunto con tal empeño que á fin e ao cabo acadou do Secretario de Estado británico que fose revogada a devandita concesión e que os ministros de todos os cultos cristiáns fosen igualmente pagados polo erario. En consecuencia, o Consello colonial publicou un acto polo que se regularon as subvencións que debían percibir o clero católico, o anglicano e o presbiteriano.

Declárase por este acto:

- 1º. Que sempre que dos donativos particulares se chegase a reunir a suma de 300 ou máis libras esterlinas con destino á obra dalgunha igrexa, o Goberno poida doar do tesouro colonial unha cantidade igual, a cal non poderá exceder en ningún caso as 1.000 libras.
- 2º. Que sempre que se manifeste que a unha distancia regular da igrexa reside unha poboación de 200 habitantes, o eclesiástico ao cargo do cal estea percibirá unha renda anual de 150 libras, e, se a poboación é de 500 habitantes, a renda anual do eclesiástico será de 200 libras. Esta é a asignación máxima que un eclesiástico poderá percibir.
- 3º. Requírese tamén que os cóngos fabriqueiros (*trustees*) non sexan menos de tres nin máis de cinco, coidando, por conseguinte, de todo o tocante á obra da igrexa.

As vantaxes que redundaron para o catolicismo deste acto son incalculables. Esta medida puxo termo a aquela especie de intolerante privilexio que viñan exercendo os protestantes desde hai ben tempo.

7. Un dos primeiros coidados do ilustrísimo Polding, apenas chegou, foi o de poñer freo á escandalosa e obstinada depravación do pobo. Tan só o aflixía o pequeno número de sacerdotes coadxutores seus en comparanza coa vastísima extensión de territorio que abranguía a súa diocese, na que se achaban espalladas a longas distancias as súas ovellas. Malia esta dificultade, suplindo ao número o celo e a caridade, dividiu a colonia en cinco grandes distritos, a cada un dos cales enviou un sacerdote.

Pouco tardou en se ver renovada a sinxeleza dos primitivos cristiáns na presteza con que obedecían os fieis as amoestacións e saudables avisos daqueles sagrados ministros de Xesús Cristo, os cales tiveron o inexplicable consolo de presenciar o cambio visible que se obraba na conduta e costumes dos seus fregueses. E non foron eles sós, senón que tamén as autoridades civís recoñeceron unha mellora notable nos seus súbditos, ao veren diminuír os delitos públicos e renacer a tranquilidade na colonia. En realidade era imposible que, ao obrarse o cambio moral de máis dunha terceira parte da poboación (que tal era daquela o número dos católicos), non producise nos demais un saudable efecto.

Os crimes capitais e os demais delitos foron diminuindo gradual e sensiblemente cada ano, de sorte que se en 1835 foron condenados á morte vinte e dous reos, no seguinte ano non o foron máis ca doce, sete no de 1837, e así sucesivamente.

8. Como teño dito, sendo a colonia de New South Wales o lugar onde destinaba a Gran Bretaña os seus proscritos, chegaban en cada remesa de douscentos a trescentos, de maneira que desde o 1835 ao 1841 ingresaran na colonia non menos de 18.000. E, así e todo, non se arredaron o ilustrísimo señor Bispo nin os seus compañeiros con tan malos hóspedes; máis ben ao contrario: vendo que era *moita a més e poucos os operarios*, enviou a Europa o seu digno Vigairo Xeral o moi reverendo Ullathorne co fin de que se aumentase o número deles.

Por aquel mesmo tempo uníronse á obra espiritual da colonia os dous sacerdotes Goold e Brady, e seis meses despois o reverendo señor Murphy con seis sacerdotes máis e dous catequistas. A remates de 1839

estivo xa de volta o Vigairo Xeral, vindo na súa compañía algúns sacerdotes e catequistas, e ao pouco chegaron tamén á colonia as monxas de Nosa Señora da Mercé.

9. A alegría do digno pastor chegou ao súmmum ao ver cumpridos os desexos do seu corazón co reforzo de tan celosos cooperarios. Dividiu, polo tanto, a súa diocese en dez distritos e enviou a cada un deles un número de sacerdotes proporcionado á importancia da súa poboación, e as monxas de Nosa Señora da Mercé foron destinadas e establecidas preto da cidade de Paramatta, co obxecto de que puidesen asistir e coidar do vasto presidio correccional, no que se achaban confinadas máis de 2.200 mulleres.

Grazas aos imponderables coidados de tan infatigables sacerdotes, a relixión católica empezou a florecer e propagarse dun modo moi consolador, e o estado moral daquela desenfreada sociedade tendeu cara a un cambio en realidade admirable. Así o manifestou o Gobernador sir Bourke ao dimitir do seu mando, dando público e oficial testemuño dos inauditos e continuados esforzos do clero católico para reformar os vicios da poboación, así como dos inmensos beneficios que os seus traballos xa reportaran á sociedade en xeral.

No ano de 1840, o señor Bispo tiña xa dezanove sacerdotes; nove igrexas rematadas e seis en construción, moitas capelas públicas e oratorios; un seminario dirixido por seis sacerdotes, no que estudaban vinte colexiais internos e un elevado número de alumnos externos; trinta e unha escolas, e o convento de monxas de Nosa Señora da Mercé. No dito ano recibiron a sagrada comunión 23.130 persoas e administrouse o sacramento da confirmación a 3.130.

10. O aumento dos católicos, as inmensas distancias entre os diversos puntos da diocese e a fundación dentro dela de novas colonias fixéronlle ao ilustrísimo Polding pouco menos que imposible atender como quixera tan extensa xurisdición, motivo que o induciu a darse á vela contra a fin de 1840 para Roma, co obxecto de expoñer á Santa Sé as urxencias da súa vigairía apostólica. Como era de esperar, o Soberano Pontífice se-

cundou os desexos do bo Prelado, e para maior ben da relixión dividiu a xurisdición da vigairía apostólica en varias sés episcopais, elevando a de Sydney a metropolitana, da que foi nomeado Arcebispo o dignísimo pastor que xa a ocupaba.

Namentres isto pasaba na Europa, os católicos de Swan River, que desde a fundación da colonia en 1829 se vían privados de todo socorro espiritual, dirixíronse ao Bispo de Sydney, crendo que era o Vigairo Xeral Ullathorne, e pedíronlle que se servise enviar un sacerdote para lles administrar os santos sacramentos, celebrar a santa misa e, en fin, asistilos nos primeiros e últimos momentos. Con esta finalidade un bo católico escribiulle a seguinte carta, que vou aquí referir traducida do inglés:

«A Australia occidental.

Perth, o 12 de decembro de 1841.

Moi venerado padre,

Prego á V.E. que se sirva fixar a súa atención nos feitos seguintes. Nesta cidade e nas veciñas encóntranse ministros protestantes en todo o seu auxe e petulancia. En Perth hai dous, en Fremantle e Guildford un, e segundo creo cada cidade pode vangloriarse de ter un ou dous, que non soamente se dedican a facer prosélitos entre os salvaxes, senón tamén a facer apostatar os católicos. É por iso que un católico romano non pode conservar aquí a súa fe, e xa sucedeu que algúns caeron nos lazos que arteiramente lles tenderon os protestantes; pero que volverán ao seo da verdadeira Igrexa de presentárselles unha ocasión oportuna... O maior, se non o único gozo de todos nosoutros os católicos, será o podermos construír un templo e manter como corresponde un ministro da verdadeira Igrexa.

Agardando, moi venerado padre, que tome en consideración estas circunstancias e que teña a bondade de prover á salvación das nosas almas, suplico á V.E. que me considere.

Da V.E. o respectuoso servidor

Roberto D'Acry.

Ao moi reverendo
O Bispo Ullathorne

Sydney.»

11. En tendo o ilustrísimo Polding levado felizmente a cabo os asuntos que motivaran a súa viaxe á Europa, tornou á Australia polo mes de Santos de 1842, e en tendo chegado á súa diocese no seguinte ano, apenas lle ensinaron a indicada carta, cheo da caridade e do celo que sempre o animaban, tratou de satisfacer os votos daquela poboación. Escolleu en consecuencia tres misioneiros, que foron o reverendo Xoán Brady (ao que sacou do distrito de Windsor e nomeou o 1 de setembro de 1843 o seu Vigairo Xeral), o reverendo holandés Xoán Joosteens e o catequista irlandés Patricio O'Reilly, e enviounos no antedito mes a Swan River. Tal é a orixe primordial primeira da Misión que vou describir deseguido.

12. Tomaron terra os misioneiros na rada de Fremantle, na costa occidental, o 24 de novembro do mesmo ano, e non abundan as palabras para describir a ledicia con que a súa presenza encheu aqueles bos católicos, que, despois de se veren privados durante catorce anos de todos os consolos da relixión, os recibiron coma anxos enviados polo mesmo Deus.

Desde Fremantle, o reverendo Brady e os seus dous compañeiros dirixíronse a Perth. Alí, ao se presentaren ao Gobernador da colonia, xacando o cabaleiro Hutt, o Vigairo Xeral suplicoulle que se servise

cederlles un eirado para edificar unha igrexa, e o digno Gobernador, cheo de xenerosidade, non soamente llelo concedeu na capital, senón tamén nalgunhas outras cidades da colonia, prometendo ademais contribuír con algún donativo sempre que llo permitisen os fondos públicos.

13. Entrementres se construía a igrexa, o reverendo señor Brady dirixiuse cara ao leste da colonia co obxecto de visitar os seus novos fregueses, saber máis puntualmente o seu número e espertar o seu fervor, e, por xaneiro do ano seguinte de 1844, foise co mesmo fin cara ao sur da capital. Concluídas estas dúas santas visitas, aquel coidadoso misio-neiro creu moi conveniente marchar á Europa, coa intención de lle amosar á Santa Sé as grandes necesidades daqueles católicos, os cales, atopándose á distancia de tres mil millas de Sydney, e presentando por iso moitos impedimentos a súa comunicación coa capital da diocese, non podían ser dirixidos como debían nos seus asuntos espirituais. Con este motivo, despois de permanecer oitenta e catro días en Swan River, deixou na colonia os seus dous compañeiros, e o día 14 de febreiro de 1844 fíxose á vela para Batavia e de alí para Roma, a onde chegou en novembro do mesmo ano.

CAPÍTULO SEGUNDO

1. Os padres Serra e Salvado conságranse ás misións. — 2. Parten do seu mosteiro. — 3. Chegan a Roma, preséntanse ao colexio de Propaganda e traban relacións co reverendo Brady. — Visitan a cova de san Bieito. — 4. O seu Superior négalles o permiso de se dedicaren ás misións e despois dálles a súa beizón. — 5. Fórmanse as dúas dioceses de Sydney e Perth. — O ilustrísimo señor Brady é elixido Bispo de Perth. — Os padres Serra e Salvado son agregados a esta Misión. — 6. Concede Súa Santidade unha audiencia aos misioneiros. — Saída destes de Roma. — 7. Viaxe de Civitavecchia a Marsella e a Lyon. — Orixe e progresos da obra da Propagación da Fe. — 8. Chegan os misioneiros a París. — Proseguen a súa viaxe e arriban a Londres. — 9. Algúns edificios daquela capital. — Monxes de Downside. — Reúnense en Londres todos os misioneiros. — 10. Conversión dunha moza anglicana. — 11. Ida de Londres para Gravensend. — Nome e patria dos misioneiros.

1. Ben moito antes de 1844 o padre frei don Xosé Serra e o autor destas memorias, que desde o noso mosteiro da España fomos ao da Cava, distante vinte e cinco millas de Nápoles, tiñamos intención de nos consagrar por enteiro ás misións entre os salvaxes. Mais os innumerables beneficios que recibíramos daquela comunidade tiñánnos ligados a ela cos máis estreitos vínculos de afecto e gratitude, motivo polo cal, non nos bastando o ánimo para abandonala, o noso espírito se achaba sumamente perplexo e nunha continua e pesada loita entre a graza e o agradecemento. Ora ben, finalmente, pola misericordia de Deus venceu a primeira, e ao seguirmos os seus impulsos parecía que todas as demais voces cedían perante a do Señor, quen con tanta forza falaba ao noso corazón.

O día 11 de xullo de 1844, de volta do noso ordinario paseo por entre as fragas da redonda do mosteiro, falabamos, como tiñamos costume, das misións estranxeiras, e máis particularmente das destinadas á conversión dos salvaxes, cando o meu compañeiro, mozo de claro e despegado enxeño, me dixo: «Estas misións teñen para min non sei que de algo tan sublime que moitas veces oín nos meus adentros unha voz que me fala ao corazón chamándome a cooperar con esta piadosa obra de caridade, para min a meirande de todas, pero...». Crendo que o que o intimidaba era o arduo da empresa e as fatigas alleas á vida apostólica, pregunteille, sen o deixar proseguir, se se decidiría a arrostrar todos os perigos indo eu na súa compañía. «Se ti te sentes con ánimo abondo para abrazar esta causa, contestoume, decídome por completo, con tal de que non nos separemos». Non esperaba eu menos del e, cheo de doce consolo, abrinlle á miña vez o meu corazón, manifestándolle os pasos que dera a este propósito.

Despois de termos falado longo tempo sobre os nosos plans, propuxemos de nos encomendar un e outro a Deus con todo fervor, co fin de que se dignase iluminarnos en tan importante resolución. Durante a noite foinos imposible a ambos pegar ollo; a nosa imaxinación transportábanos decontino ás misións: viámonos entre os salvaxes e tocábanos xa os perigos e tamén os consolos que a estes lles seguen.

No serán do día 12 comunicámonos os nosos mutuos propósitos, e visto que non tan só eran os mesmos, senón moito máis firmes e decididos aínda que o día anterior, tomamos a irrevogable resolución de nos consagrar enteiramente ás misións entre os salvaxes.

2. Non querendo manifestar as nosas intencións máis ca á Congregación de *Propaganda Fide*, pedímoslle ao noso Superior un mes de permiso para irmos visitar a capital do mundo cristián, e, en outorgádonolo, fíxamos a nosa marcha para o 26 de decembro. Ese día, xa antes de amencer, prostrados o meu compañeiro e mais eu aos pés dunha fermosa e devota imaxe de Nosa Señora do Socorro, que trouxera comigo de España, acendemos dúas candeas e suplicamos fervorosamente á Nai, Esposa e

Filla do Omnipotente que se dignase axudarnos sempre cos seus consellos e inspiracións. Ao concluírmos as nosas oracións, saímos pouco menos que tremendo da cela, e deixando acesas as candeas puxémonos de inmediato en marcha, de xeito que ao raiar a alba camiñabamos xa cara a Nocera. Mais o príncipe das tebras, que non debía estar moi satisfeito do noso plan, puxo un primeiro obstáculo á nosa viaxe, pois que non lonxe do mosteiro rompeu unha das rodas da nosa carruaxe. Con todo, grazas ao Señor, o dano reduciuse ao pouco tempo que perdemos. Chegados bastante cedo a Nocera, partimos para Nápoles polo camiño de ferro, e ao día seguinte (o 27) embarcamos para Civitavecchia.

3. Chegamos felizmente a Roma aos dous días, e ansiosos, como poden figurarse os meus lectores, de saber de fixo se podíamos ser admitidos nas misións, presentámonos a Monseñor Brunelli, daquela Secretario da Congregación de Propaganda, quen, despois de nos recibir con extrema bondade, nos preguntou a que clase de misións queríamos dedicarnos. Contestámoslle que nos sentíamos chamados á conversión dos pobos salvaxes en calquera parte do mundo a que se nos destinase. E el deunos esperanzas de que talvez poderíamos ser enviados á parte oriental da Australia, onde precisamente se establecera unha Misión de Padres Beneditinos e era grande o número de salvaxes. Nosoutros, que en asunto de tanta gravidade non queríamos de ningún modo obrar por vontade propia, oíamos as súas palabras como saídas dun oráculo, e desde aquel intre considerámonos xa como misioneiros da Australia. Con este motivo dirixiunos Monseñor Brunelli ao reverendo señor Brady, quen se amosou moi contento e satisfeito de que fôsemos destinados ás misións da Nova Holanda.

Dos informes que relativos a nós recibise a sagrada Congregación de Propaganda dependía o bo ou mal resultado da nosa empresa. Xúlguese, polo tanto, con que desacougo agardariamos esta última proba. Mais o Señor dispuxo que quedásemos completamente tranquilizados o 14 de xaneiro de 1845, ao nos asegurar Monseñor Brunelli que, ao ter recibido a Congregación favorables e satisfactorios informes de nós, estaba resolto

o noso envío á Misión de Sydney. Naquel día parecéronnos xa vencidas todas as dificultades, motivo que nos fixo escribir ao noso Superior ao convento da Cava para participarlle a resolución que tomáramos e suplicarlle que se dignase contribuír co seu beneplácito e coa súa santa beizón ao logro total dos votos que formaba o noso corazón. Mentres agardabamos a súa resposta, que esperabamos que sería favorable, fomos visitar o mosteiro do Sacro Speco, santificado coas marabillas que alí obrou o noso glorioso Patriarca, a onde chegamos o día 21. Renuncio desde logo a describir, pois non me bastan as palabras para facelo, as ideas, as lembranzas que a vista daquel glorioso monumento das virtudes de tan gran santo espertou en nós. Naquela caverna, berce da orde de san Bieito, que foi a restauradora da civilización europea e do mundo enteiro, nosoutros, aínda que os ínfimos dos seus fillos, celebramos o santo sacrificio da misa, e despois confiamos o éxito da nosa causa ao gran padre e guía dos monxes san Bieito, suplicándolle que se dignase escudarnos coa súa protección, co fin de que a nosa obra redundase en proveito daquela fe, á que el consagrara toda a súa vida.

De volta a Roma trabamos relacións co dignísimo sacerdote don Anxo Confalonieri, alumno do colexio de Propaganda, de quen teño falado xa na primeira parte desta historia, e co mozo romano Nicolau Caporelli, quen, aínda que segrar, se consagrara, como Confalonieri, á nosa mesma Misión.

4. Á fin, a resposta do noso reverendísimo padre Abade Candida foi en sentido negativo, polo que abandonando toda idea de misión nos preparabamos para dar volta ao noso mosteiro de Nápoles. Non obstante, encomendándonos ao Señor, á súa santísima Nai e ao noso Patriarca, participámoslle tan triste nova a Monseñor Brunelli, quen reanimou o noso decaído espírito, mandándonos que ficásemos en Roma, engadindo que corría pola súa conta o alcanzarnos o desexado permiso.

E, en efecto, ao cabo de moi poucos días, recibimos outra carta do noso reverendísimo padre Abade que nos encheu de xúbilo e alegría. Nela dicíanos que, crendo ao principio que a nosa vocación non era verdadeira,


se opuxera abertamente á nosa súplica, mais que reflexionando despois sobre a nosa constancia e o firme da nosa resolución se convencera por fin de que isto soamente podía provir de Deus, e non querendo polo tanto opoñerse á divina vontade non só nos concedía o seu permiso, senón que ademais invocaba sobre nós todas as beizóns celestiais, e concluía facendo votos ao Altísimo pola prosperidade e bo éxito da nosa santa empresa. Con esta carta quedaron achanzadas todas as dificultades, e tomamos novamente a determinación de partir para a Australia.

5. Durante este tempo, o moi reverendo señor Brady ocupábase en facer coñecer á sagrada Congregación de Propaganda a urxente necesidade de que fose separada da diocese de Sydney a parte occidental da Australia, por causa da inmensa distancia que media entre as dúas capitais Sydney e Perth, e o difícil, por non dicir imposible, que resulta a comunicación entre elas. Na memoria que con este obxecto presentou á Congregación indicaba como digno de ser promovido á dignidade de Bispo de Perth o beneditino padre Ullathorne.

A Congregación de Propaganda tomou en consideración o proxecto do reverendo Brady e resolveu que a colonia de Swan River quedase separada espiritualmente da de Sydney, nomeando como primeiro Bispo de Perth o mencionado Ullathorne. Mais este, que xa por dúas veces consecutivas renunciara por falta de saúde á dignidade episcopal na Australia, reiterou a súa renuncia por terceira vez, e no seu lugar foi promovido o moi reverendo Brady, o cal, despois dalgúns días de retiro nun convento, foi consagrado Bispo de Perth o domingo 18 de maio de 1845, día en que cadrou celebrarse aquel ano a festa da Santa Trindade.

Con motivo da creación da nova diocese de Perth, a sagrada Congregación resolveu que nós os dous (o padre Serra e mais eu) non fósemos a Sydney, como se tiña determinado, senón a Perth en compañía do ilustrísimo Brady.

6. O día 5 de xuño fomos presentados a Súa Santidade, xuntamente co noso Prelado, con Confalonieri e con Caporelli, para bicarmos os seus pés e recibirmos a súa santa e última beizón. Logo dun breve discurso,



Sua Santidade Gregorio XVI despide para a Missión da Australia occidental os padres beneditinos Serra e Salvado

Súa Santidade regaloulle ao señor Bispo un pequeno Crucifixo e a cada un de nós unha medalla de prata na que estaba gravado o seu retrato no anverso, e no reverso a imaxe de Noso Señor Xesús Cristo no acto de enviar os seus apóstolos a predicaren o Evanxeo por todo o mundo. Prostrados aos seus pés, deunos a súa santa beizón, e aínda lembro que, ao sermos nós os dous os últimos en nos prostrar, colocou as súas mans sobre as nosas cabezas dicíndonos:

«Acordádevos de que sodes fillos do noso gran patriarca san Bieito.

Acordádevos de tantos e tantos apóstolos irmáns nosos, de como teñen non só convertido á verdadeira fe, senón tamén educado e civilizado pobos e nacións enteiras.

Acordádevos de que ides emprender o mesmo camiño que eles seguiron.

Non deshonredes o santo hábito que vestides.

Ide, marchade e o ceo beicerá os vosos santos desexos».

Dito isto, concluíu dándonos de novo e en particular a súa beizón. Entenreceunos a todos esta escena de despedida, e ata o mesmo Sumo Pontífice me pareceu que se atopaba naquel acto vivamente afectado.

Sáímos do Vaticano cheos de consolación e gozo interior dándolle grazas ao Altísimo por tantos e tan repetidos favores.

Por último, despois de nos despedir do reverendísimo padre Abade Theodoli e dos monxes de San Calixto, que nos trataran con tanto amor e afabilidade, saímos de Roma ao empardecer do día 8 de xuño de 1845 en compañía do ilustrísimo señor Brady, do sacerdote Confalonieri e do catequista Caporelli.

7. Embarcamos en Civitavecchia no vapor *Istrix* e arribamos a Marsella despois de dous días de navegación. Ao día seguinte, o 12, dirixímonos a Lyon a bordo do *Sirius*, un vapor sumamente pequeno e incómodo, no que sufrimos moito. Os poucos leitos que había estaban todos ocupados, e, se o Capitán, cunha xentileza que o honra, non chega a ceder o seu camarote ao señor Bispo, este tería tido que deitarse a par de nosoutros no duro chan de táboas. Na camareta ía unha calor inso-

portable que revolvía o estómago, polo que preferín subir á cuberta, e abrigándome coa miña capa acomodeime o mellor que puiden sobre dous cordames enrodados. Case non puidera prender o sono e de súpeto sentínme arrastrar xunto coas cordas. Isto e o dar un tremendo capitón foi obra dun intre: quedei tendido no chan e bastante malparado, sen saber a que atribuír aquel estraño suceso, porque nos atopabamos na escuridade máis profunda. Mais, por fin, puiden comprender que, necesitando os mariñeiros aquelas cordas para non sei que manobra, tiraran delas, sen repararen nin faceren caso do malpocado que estaba deitado encima delas.

Sáimos de Marsella ao despuntar o sol e após remontarmos o Ródano durante tres días arribamos a Lyon, onde fomos recibidos polos Padres do Corazón de María cunha hospitalidade digna dos seus xenerosos corazóns. Como o ilustrísimo señor Brady tiña moito que resolver naquela cidade, por residir nela un dos dous consellos centrais da Propagación da Fe, sobrounos o tempo para visitarmos todos os edificios públicos e para tributarmos unha xusta homenaxe de gratitude e veneración á virtuosa señora Jaricot, fundadora de tan piadosa obra. Esta institución, verdadeiramente caritativa, tivo o seu principio en Lyon no ano de 1822, e no día de hoxe abrangue toda a Francia, Bélxica, Alemaña, Italia, Suíza, Prusia, Portugal, Gran Bretaña, Irlanda e todas as colonias inglesas; nunha palabra: achábase estendida dun polo ao outro, do Oriente ao Occidente.

As condicións da Propagación da Fe non son máis ca dúas, e ambas a cal máis sinxela e polo mesmo fáciles de se cumprir, a saber: dar de esmola un soldo¹⁰ cada semana e rezar todos os días un Noso Pai e unha Avemaría, empatando ao final: «San Francisco Xavier, rogade por nós». As indulxencias que concederon algúns papas a esta santa obra son moitas e moi grandes; entre outras, hai concedida indulxencia plenaria o día

10. Supoñemos que o autor quererá dicir un soldo francés, que é equivalente a seis marabedís. *Nota do tradutor.*

3 de decembro e outra para un día de cada mes do ano, e amais cen días de indulxencia por cada vez que se repitan os anteditos rezos, ou ben que se dea unha esmola para as misións.

¡Quen o ía crer! Esta asociación, que aparenta tan insignificante, é a que en gran parte sostén as misións da China, Tonking, Macau, a Corea, a Cochinchina, Siam, a Tartaria, Madrás, Calcuta, Agra, Madura, a Persia, a Asiria, a Arabia, o Exipto, a Abisinia, a Mesopotamia, Smirna, o Perú, Ava, Madagascar, Texas, o Canadá, a Terra-Nova, o Norte da Europa, a Moldavia, a Bulgaria, a Macedonia, a Albania, a Grecia, a Asia Menor, as dúas Américas, e mil e mil outras, e entre elas as da Australia.

¿Que sería de nós, católicos europeos, sen a obra dos misioneiros? Quizais xemeríamos aínda nas tebras da idolatría e da barbarie coma os nosos antepasados. Nacións enteiras, cuxa poboación se pode calcular que non baixa dos 500 millóns de habitantes, reclaman os nosos auxilios. ¿É que estará tan endurecido o noso corazón que prefira velos perecer nas mans do noso común inimigo antes que contribuir á súa salvación coa módica esmola dun soldo cada semana? Cando os misioneiros, extenuados pola canseira das súas longas marchas, prostrados polos xaxúns e feitos farrapos os seus vestidos, imploren a vosa piedade, ¿teredes, ¡ou católicos!, valor suficiente para vos facer xordos aos seus lamentos? ¡Ah! Non, non é crible tanta crueldade. Pois ben, moitísimos deles, lonxe de vós, no medio das selvas da América ou da Australia ou nas populosas cidades do Imperio celeste, atópanse neste transo; lede se non os anais desta piadosa asociación e convencerédesvos diso.

¿Quen é o que se acha nun estado tal de miseria que non poida, se quere, poñer á parte un soldo cada sábado e ten tantas ocupacións que non lle permitan rezar un Noso Pai cada día? Se un honrado labrego cedía en beneficio desta grande obra a froita que daba unha figueira; se un piadoso soldado se abstiña de fumar dous cigarros cada semana; se un novo e timorato estudante se privaba da sobremesa todas as segundas e quintas feiras; se, en fin, un pobre cego entregaba o primeiro soldo que lle daban de esmola todas as sextas feiras do ano, ¿quen pode negarse ou escusarse

de contribuír á salvación dos seus irmáns? Sacerdotes do Altísimo, levantade a voz e propagade entre os pobos e nacións en que vos atopedes esta obra, a máis caritativa de todas; dade vosoutros os primeiros o exemplo de valerdes con esta pequena esmola os cansos, famentos, espidos e esquecidos misioneiros, co fin de que poidan arrancar das gadoupas do demo tantos infelices escravos seus. Todos os que contribúen coas súas esmolas a tan piadosa obra comparten co misioneiro o mérito de ter enarborado no medio das nacións bárbaras o estandarte santo da cruz e de ter exercido en certo modo o apostolado sen arrostrar os seus perigos. ¿Quen non quererá, pois, facerse partícipe de tanta gloria e de ser tan útil ao seu próximo? Apiadádevos dos pobres salvaxes e dos tan malpocados coma heroicos misioneiros, e o Eterno apiadarase de vosoutros no día tremendo do xuízo.

8. Proseguimos a nosa viaxe e chegamos a París o 24 de xuño, onde ficamos por espazo de vinte e dous días polos moitos asuntos que tiña que tratar o noso señor Bispo. As preciosidades que encerra a capital da Francia son tantas que todo aquel tempo nos pasou coma se fose un só día. Ao sabermos o padre Serra e mais eu que había en París monxes beneditinos, fomos visitalos, e tanto o reverendísimo padre Abade frei Próspero Gueranger, restaurador da orde na Francia, coma todos os demais relixiosos nos recibiron como verdadeiros irmáns. Témonos visto moitas veces durante a nosa estadía na capital, e o 11 de xullo, día en que facían eles a festa da translación do corpo do noso santo Patriarca, o reverendísimo padre Abade invitou o ilustrísimo señor Brady a celebrar de pontifical. Moitos daqueles bos padres desexaban agregarse á nosa expedición, pero o padre Abade non xulgou oportuno permitirlo máis ca a un, que foi o novizo frei Leandro Fonteinne.

Sáimos de París o 16 de xullo pola tarde en dirección de Amiens, cidade na que fomos dar despois de once horas de camiño. Hospedámonos na casa dos Padres do Corazón de María, e ao acordar o Superior co ilustrísimo señor Brady que mandaría a Londres cinco dos seus padres para

aumentar a nosa Misión, partimos para Boulogne e de alí para Londres, onde puxemos pé ás once da mañá do día 21.

9. Ignorantes da lingua e os costumes do país, e achándonos sen relacións de ningunha especie, encontrámonos como perdidos en medio da confusión e do barullo da atarefada poboación de Londres; mais non por isto deixamos de visitar moi detidamente todas as curiosidades e monumentos. Vimos o Tunnel, rúa soterrada que atravesa o Támise, que só serve para manifestar ata onde pode chegar o poder do home; o templo hoxe en día protestante de San Paulo, obra mestra da arte, ben que para un católico non é máis ca un fermoso corpo sen alma; a magnífica abadía de Westminster, pertencente antes aos monxes beneditinos e no día de hoxe colexiata protestante, outra preciosidade da arquitectura saxoa. Nela atopamos unha pequena imaxe do noso padre san Bieito, a cal con permanecer ata o presente naquel lugar semella que quere facer valer os dereitos que a el ten, e se cadra non está lonxe o día en que o poida lograr. Vimos tamén o suntuoso e extraordinario edificio en que realiza as súas sesións o Parlamento, e moitas outras cousas, preciosas e dignas todas elas de visitarse, mais non é do meu propósito contalas.

Despois de quedarmos oito días en Londres, o señor Bispo, Confalonieri e Caporelli fóronse en excursión á capital da Irlanda, e nós os tres beneditinos retirámonos ao mosteiro de Downside, que dista cento doce millas de Londres, cara ao oeste.

É un deber do agradecemento aproveitar todas as ocasións de facer públicos os beneficios recibidos; polo mesmo quero eu agora cumprilo en canto estea da miña parte pagando un xusto tributo aos doutos e santos monxes de Downside, dos que os agasallos e atencións para con nosoutros foron tantos que nos fixeron sentir vivamente o momento da nosa separación. Neste mosteiro abrazaron e profesaron a vida monástica os ilustrísimos Polding, Arcebispo de Sydney; Ullathorne, Bispo de Birmingham; e Davis, Bispo de Maitland, na colonia de New South Wales.

Aquela reverenda comunidade ofreceu ao ilustrísimo Brady, á volta de Dublín, onde estivo trinta e dous días, un dos seus fillos, o Subdiá-

cono Dinís Tutell, e o señor Bispo aceptouno gustoso agregándoo á nosa Misión.

O primeiro de setembro tiñamos regresado a Londres, onde se nos reuniron desde Dublín os dous mencionados italianos e amais outros nove misioneiros, a saber: un sacerdote e oito catequistas, e poucos días despois tres sacerdotes máis e dous leigos franceses da Congregación do Corazón de María de Amiens, e por último seis monxas profesas e unha noviza da orde da Mercé, as cales viñeron tamén de Dublín.

10. Poucos días antes da nosa marcha de Londres aconteceunos un caso cuxa narración coido que non desgustará os meus lectores. Os donos da pousada en que nos albergabamos eran católicos, mais non o era a doncela do servizo. Sucedeu, pois, que encontrado morto un home nun dos arrabaldes da cidade, preguntámoslle se sabía quen era aquel infeliz, ao que nos contestou con aire do máis profundo desdén: «¿Quen podía ser se non un romano ou papista? Soamente os católicos romanos poden morrer tan miserablemente». Esta resposta tan necia deunos a coñecer ben ás claras o triste concepto que aquela rapaza tiña formado dos católicos romanos. E velaquí vén moi de propósito observar que os anglicanos pretenden tamén arrogarse o nome de católicos; porén, se se lles pregunta por algún templo católico, sempre dirixen a algún dos nosos, e nunca aos seus. E para distinguirmos á vez deles chámannos a nós papistas ou romanos, nomes que o cisma e a herexía pretenderon facer o obxectivo do desprezo popular. Volvendo agora ao ocorrido, abraiados nós da resposta da doncela, preguntámoslle a outra persoa da casa por que motivos aquela aborrecía tanto os católicos, e respondeunos que naquel país toda a educación que dan os ministros protestantes á xuventude consiste en lles inculcar e mesmo lles mandar que teñan un odio eterno aos católicos, e como aquela moza se achaba pola primeira vez da súa vida entre estes, sentía unha invencible repugnancia e tanto temor coma se se vise rodeada de víboras ou espíritos infernais, de sorte que xa se despedira do servizo. En vista disto, evitamos desde aquel día pedirlle nada, nin falarlle sequera; mais ao advertiren tanto a dona da pousada coma

Marta (que así se chamaba a doncela), esta veu ao noso encontro dicírnos e aínda suplicárnos que lle pedísemos canto quixeramos, pois sería un regalo para ela dedicarse á nosa atención. Tan inesperado cambio levou a que a conversa xirase con moita frecuencia arredor das materias relixiosas. Marta era bastante instruída para responder aos nosos sinxelos argumentos con franqueza e bo criterio. Para vencer as dificultades que ofrecía o noso pouco coñecemento da lingua inglesa, ocorréuselle a enxeñosa idea de escribir os argumentos dirixidos contra dos católicos, invitándonos a que escribísemos ao pé deles as nosas razóns, e engadiu: «Se logrades convencerme de que son falsas as miñas asercións, prométovos deponer do meu ánimo o mal concepto que ata agora teño formado dos católicos e da súa relixión». Moito traballo lle custou ao meu compañeiro o padre Serra, non polo difícil do asunto, senón polo pouco verosímil que se achaba no inglés, contestar ás primeiras, segundas e terceiras obxeccións que Marta nos ía facendo por escrito; mais á fin, despois de moitas e repetidas conferencias, aquela inimiga tan acérrima dos católicos, aquela que sempre os nomeaba cos epítetos máis viles e denigrativos, aquela que ata esquivaba a súa presenza, non só se declarou ao seu favor, senón que abriu os ollos á luz da verdadeira fe e abrazou o catolicismo. ¡Como de incomprensibles son os altos xuízos de Deus! A mesma Marta pediu ser instruída nos misterios da nosa santa relixión e ser rexenerada coa auga do bautismo conforme o rito católico.

Tales foron as primicias da nosa misión que prougo ao Señor concedernos.

Próximo xa o momento da nosa partida, Marta foille confiada ao reverendo cura párroco católico daquela parroquia, a fin de que perfeccionase a súa conversión.

11. Na mañá do 15 de setembro, o ilustrísimo señor Bispo deu a orde de que todos os misioneiros estivesen logo da hora do mediodía a bordo da fragata *Isabel*. Obedeceron todos, e o padre Serra, Confalonieri e mais eu, xuntamente co señor Bispo e as monxas, embarcamos o día seguinte nun vapor para ir a Gravensend, onde nos agardaba a fragata. Pouco antes

de levantar as áncoras, o señor Bispo reuniunos a todos, e cunha breve pero enérxica exhortación preparounos para sufrirmos con resignación e firmeza as incomodidades e os perigos da longa travesía que iamos emprender.

Velái os nomes e a patria dos vinte e oito misioneiros, incluso o ilustrísimo Brady, que partiron da Inglaterra para a Australia o 17 de setembro de 1845:

O ilustrísimo señor Bispo de Perth, Xoán Brady		irlandés
Sacerdotes	Padre frei Xosé Serra	benedictinos españois
	Padre frei Rosendo Salvado	
	Don Anxo Confalonieri	tirolés
	Thebeaux	do Corazón de María, franceses
	Tiersé	
	Don Mauricio Bouchet	
	Don Pedro Powel	irlandés
Subdiácono	Dinis Tutell	benedictino inglés
	Leandro Fonteinne	novizo beneditino francés
	Nicolau Caporelli	romano

Catequistas estudantes	Xoán O'Reilly	irlandeses
	Nicolau Hogan	
	Xoán Gorman	
	Timoteo Denovan	
	Xoán Fagan	
	Guillermo Fowler	
	Martiño Butler	
	Terencio Farrelly	
Leigos	Teodoro Odon	do Corazón de María, franceses
	Vicente	
Monxas	María Frayne, e cinco monxas máis profesas e unha noviza, todas da orde da Mercé	irlandesas

CAPÍTULO TERCEIRO

1. Saída de Gravensend. — Temporal que corremos no paso de Calais. — 2. Illas de Madeira e de Ferro. — Luces fosfóricas. — 3. Exercicios relixiosos que practicabamos a bordo. — Paso da liña. — 4. Bautismo. — 5. Unha estrela visible nas altas horas do día. — Arribada ao cabo de Boa Esperanza. — 6. Descuberta daquel cabo e fundación da actual cidade. — 7. Badía da Table. — 8. Choque da *Isabel* con outro navío. — Partida da badía do Cabo. — Funesto accidente. — 9. Illa de San Paulo. — Caza dalgúns paxaros. — 10. Avistamos as costas da Australia. — Arribada á rada de Fremantle.

1. Dun aspecto extremadamente fermoso presentábase a mañá do día 17 de setembro, namentres os mariñeiros cos seus alegres cantos estaban a atondar a fragata para facerse ao mar. Por fin, levantamos áncoras, e a *Isabel*, inchando maxestosamente as súas velas, sucaba as augas do plácido Támise, coma se se sentise fachendosa de levar no seu bordo os ministros do Altísimo, os misioneiros que ían predicar as palabras de vida a pobos que xamais as oíran. Mais pouco durou tanta maxestade e bonanza, porque apenas nos somerxemos no estreito de Calais, cando as vagas do océano, ora levantándose cal brancas montañas de escuma, ora mergullándonos ata o máis fondo dos abismos, a cada paso parecían ameazarnos cunha morte certa. Estando en tales apuros, o noso hábil capitán recorreu á áncora, e nisto, após Deus, débémolle por tres veces a vida. Porque despois de a ter botado inutilmente dúas veces, só á terceira puido aferrarse de modo que librase o noso buque de se ver escachado, polo embravecemento das vagas e dos desatados ventos, ou contra os cons da Bretaña inglesa ou contra os baixíos da beira oposta. Emporiso, a divina Providencia, que velaba sobre os seus enviados, non permitiu que as fu-

rias infernais e o pérfido elemento o tivesen por máis tempo detido, oponéndose aos seus divinos mandatos. E así foi que na noite do 20 ao 21 saímos felizmente do estreito, voando desde entón con vento en popa cara ao occidente.

O que padecemos durante este que podemos chamar preámbulo da nosa navegación resulta inconcibible para todo aquel que non sabe o que é o mar. Abonda con dicir que, en animándome a saír fóra do meu camarote para botar unha ollada sobre o mar desfeito que sufríamos, caín de bruços na camareta; arrastrándome como puiden, logrei agarrarme a un dos pés da mesa chantada no piso, e despois andando sempre a gatas volví meterme con grandes penas no meu acocho, onde permanecín todo o día deitado na cama, inmóbil e como cos membros rotos, sufrindo ademais unha cruel dor de cabeza e frecuentes vómitos. Ao padre Serra, que estaba noutro camarote a carón do meu, e mais a todos os demais pasaxeiros, a quen máis, a quen menos, tocoulles a mesma sorte. Mais, grazas ao Señor, non se repetiron tan tristes escenas; moi pola contra, corriamos o mar a nove e mesmo dez millas por hora, e malia a nosa velocidade, a nave tiña un movemento tan chan e tan suave que podíamos entregarnos tranquilamente a todas as nosas ocupacións, como ler, escribir e outras.

2. O 3 de outubro encontrámonos xa á altura da illa de Madeira, que deixamos á nosa dereita, seguindo sempre con vento norte regular, e dous días despois avistamos e deixamos atrás a illa denominada de Ferro. Como o señor Bispo levaba consigo altar portátil, celebrabamos cada día o santo sacrificio da misa, e en non poucos domingos oficiamos oito. Eu acordo que dixen a primeira o 5 de outubro, día para min de gran devoción, porque nel se solemniza a festa do protomártir da nosa orde, san Plácido. Ao día seguinte empezaron a soprar os ventos periódicos chamados alisios. O Capitán mandou arriar as velas novas e izar no seu canto as vellas, orde que nos fixo crer que estabamos seguros de todo furacán. Navegabamos sete millas por hora en dirección sueste e achabámonos a 19 graos de lonxitude oeste de Greenwich cando entramos o día 7 de outubro no trópico de Cáncer. O termómetro de Réaumur marcaba 23 graos.

Antes xa daquel día tiñamos observado o fenómeno das numerosas luces fosfóricas que se ven na auga. Nisto, aproveitou o Capitán a ocasión de que caera ao mar un cabo de esparto longo de máis de cen pés, sen que ningún de nosoutros o advertise, para facer unha inocente broma. Paseaba eu só sobre a cuberta ofrecendo a Deus as miñas oracións da noite cando, non sen admiración, observei un longo rastro relucente que ía seguindo o ronsel do buque. Veume o Capitán, e achegándose a min, que estaba a fítar aquel obxecto tan extraordinario, díxome: «¿Que fai vostede aí?, ¿contempla vostede acaso e adora o Creador de tan vastos e inmensos abismos?». En dicindo isto, virou el tamén os ollos cara a aquel corpo luminoso, e despois de reflexionar uns instantes deu en voz baixa algunhas ordes aos mariñeiros, as cales executaron no intre. Entre tanto, encargándose o silencio sobre o que ía facer, chamou os demais pasaxeiros berrándolles: «Veñan vostedes ver unha enorme serpe de mar que os mariñeiros acaban de pillar e que agora están a subir a bordo». Ante unha tan estraña nova subiron todos á cuberta e, ben persuadidos, ao veren aquel corpo tan luminescente, que había de ser un rarísimo peixe ou serpe, para podelo ver máis de preto apuraron todos onda os mariñeiros. Mais esta curiosidade converteuse asemade en confusión e gargallada ao se decataren de que aquel horrible monstro mariño non era máis ca unha corda. Devolta esta ao seu lugar, conservou a súa luz fosfórica por espazo de máis dunha hora. Disque a causa principal deste raro fenómeno é o excremento e a putrefacción dos peixes. Se isto é certo, ¿canta materia non se necesitaría para encher o profundo océano?

A 10 graos de latitude setentrional e 22 de lonxitude descubrimos o navío inglés *Bamboo*, que viña das Indias orientais, precisamente de Calcuta. Dous días despois saudamos e falamos por medio de bandeiras de varias cores, que é a linguaxe que usan os mariñeiros, coa *María Isabel*, que ía a Valparaíso e saíra de Londres sete días antes ca nós.

3. Os domingos, amais das misas rezadas, adoitabamos cantar unha solemne ás once, e as vésperas despois da cea. Ao non seren estes oficios polo que parece moi do agrado de certo mariñeiro protestante, creu el

sen dúbida facer unha obra meritoria estorbando as nosas funcións. Con este propósito poñíase a asubiar namentres as celebrabamos, ou ben collendo un pequeno instrumento filharmónico tocábao da peor graza que sabía, ou acompañando coa súa voz os nosos cánticos apedrabas as palabras e esforzábbase por confundir a súa harmonía. Suplicoulle cortesmente o señor Bispo que tivese a ben escoller outra hora, antes ou despois das nosas funcións, para se divertir con aquel seu extravagante pasatempo; mais lonxe de ceder este impolítico mozo, contestou moi groseiramente e en termos que a piques estivo de nos facer crer que tería pasado á vía dos feitos contra do señor Bispo de non o ter detido a presenza dalgúns de nosoutros. Aquel desagradable incidente empeceu por moitos días as nosas funcións; pero á fin sóuboo o Capitán e obrigou o mozo a se humillar ata pedirlle perdón ao ilustre Prelado.

Desde o día 19 ao 22 tivemos o vento en contra e o tempo chuvioso, o que nos levou a torcermos un pouco o noso rumbo máis ao leste. O 28 pasamos a liña a 19 graos de lonxitude, cunha calor de só 21 graos Réaumur, estando o sol 13 graos máis alá da liña.

Cren algúns que a pasaxe da liña non é moi saudable, e aínda pernicioso, pola excesiva calor que cae en picado, o que é un erro. En moitas partes, e en París mesmo polo mes de xuño de 1849, sentín máis calor ca cantas veces teño pasado a liña, ata tal punto que a miña grosa camisa de la nunca chegou a molestar.

4. Obsérvase entre os mariñeiros ingleses un estraño costume: o de celebrar o paso da liña cunha ridícula cerimonia, moi pesada por certo, que se practica cos que a pasan por primeira vez, á que lle deron o nome de bautismo¹¹. Anúnciase esta cerimonia aos pasaxeiros de primeira e segunda clase, co fin de que con este motivo fagan un regalo á tripulación. De resultas deste costume teñen sucedido casos tan funestos que o Parlamento se viu obrigado a prohibilo por unha lei, e impoñer fortes multas

11. Segundo se desprende das relacións de viaxes, este raro costume existe tamén entre os mariñeiros das demais nacións, ben que con algunhas variacións. *Nota do tradutor.*

aos capitáns que a violasen. Malia isto, o costume segue aínda e obsérvase entre os mariñeiros, e velaquí de que xeito. Escollido o paciente (que así debemos chamarlle) entre os máis novatos da chusma, séntano no banco máis baixo e lixoso que encontran, logo úntanlle a cara e a cabeza con graxa e despois botan derriba del a auga de fregar morna mesturada con alcatrán. Preparado así o pobre paciente, outro mariñeiro empeza a rasuralo co peor e máis cego coitelo da cociña, e deseguido arránxalle o pelo cun peite de madeira feito para tal uso. O alcatrán ao arrefecer un pouco vólvese pegañento de seu e ensarilla o cabelo e o pelo da barba de tal maneira que cada vez que o desapiadado barbeiro fai uso do seu degaxado coitelo ou do peite lle arranca ao coitado escarnecido guechos de pelo e mesmo pel da barba, sen que por isto se atreva a soltar un só láido; ben ao contrario, concluída a dolorosa cerimonia, dá as grazas ao seu verdugo e aos demais, porque des aquel momento é considerado como o seu lexítimo camarada.

Todos os buques, ben se dirixan ao hemisferio setentrional, ben ao hemisferio austral, ou viceversa, atravesan a liña do Ecuador exclusivamente entre os 19 e 22 graos. De aquí vén que naquelas augas adoitan verse polo xeral moitas velas que se dirixen aos máis distantes e opostos puntos do globo. Nós vimos navíos franceses, españois, americanos e holandeses.

O día 2 de novembro levantouse o noso ánimo ao acordármonos de que os nosos irmáns da Europa unían as súas oracións ás nosas en sufraxio das almas dos fieis defuntos. Pola nosa banda, nosoutros cantamos unha misa de réquiem e as vésperas. Pouco despois, o movemento de balanceo que daba a fragata era fóra do común, o vento sopraba coa maior violencia e o mar estaba moi bravo. Unha das vagas que viñeron bater contra do buque mollou ata a metade da segunda vela, é dicir, que se elevou a unha altura de máis de 30 pés sobre o nivel do mar; pero grazas ao Señor pouco tardou en calmarse a tempestade e o mar volveu poñerse chan. O 9 de novembro xa saíramos do trópico de Capricornio, e desde

entón ata a badía do Cabo a nosa viaxe foi sumamente feliz, singrando case que sempre a nove millas por hora.

5. O día 22 vimos sen axuda do telescopio unha brillantísima estrela no intre en que o sol botaba todo o seu resplandor, e o 23 descubrimos á distancia de cincuenta e dúas millas a Table, montaña que domina a badía do Cabo, onde ancoramos na mañá do 24. Así que soubo da nosa arribada o ilustrísimo Griffth, Vigairo apostólico daquela cidade, veu a bordo visitarnos, e o día seguinte fomos todos (agás as monxas), co noso señor Bispo á fronte, devolverlle a visita.

6. O cabo de Boa Esperanza foi descuberto no ano de 1487 polo portugués Bartolomeu Dias, quen lle deu o nome de cabo das Tempestades, sen dúbida polos rexos temporais que sufriu á altura del; mais ao ter sido aquel o camiño que induciu ao descubrimento das Indias orientais, o Rei de Portugal don Xoán II trocou o seu nome polo máis agradable de cabo de Boa Esperanza, que leva no día de hoxe. En 1652 o holandés Van Riebeck fundou a actual cidade, da que os seus primeiros habitantes foron todos deportados holandeses e mais soldados e mariñeiros licenciados. De alí a pouco apoderáronse dela os ingleses, aínda que máis adiante lla restituíron á Holanda en virtude dun tratado; mais á fin volveron facela súa, sen que a abandonasen máis, conservándoa a toda custa como un dos puntos máis importantes para o seu comercio coas Indias. Hoxe en día a súa poboación é duns 25.000 habitantes, a maior parte holandeses, que só á forza sofren o xugo da dominación inglesa, non podendo xamais avirse coas leis daquela nación. As rúas da cidade son todas largas, abertas e tiradas ao cordel, e adornadas por fermosas casas, as cales polo seu brancor e limpeza semella que se acaban de construír. Os seus principais edificios son: a catedral católica, bela igrexa de arquitectura gótica; a igrexa anglicana, o cuartel, ou, mellor dito, o pazo da gornición, a audiencia e a biblioteca. Espazosas prazas, belidos xardíns, en particular o da Compañía das Indias, e deliciosos paseos rodeados dunha dobre fileira de piñeiros e outras árbores poñen esta cidade pola súa beleza ao nivel das mellores cidades de provincia da nosa Europa. O Cabo é residencia

dun Bispo protestante, e encóntranse ademais individuos de moitas outras seitas, e non poucas familias protestantes francesas, que foron proscritas da súa patria cando da revogación do edicto de Nantes en 1685 e se estableceron nesta cidade, onde existen os seus descendentes, que levan os apelidos de Hugo, Lombard, Taure, Du Buisson e outros. O que máis chamou a miña atención no Cabo foron dous carros tirados cada un por sete xuntas de bois e mais o extraordinario látigo do carreteiro que non tiña menos de trinta palmos de longo. Os colonos do distrito de Constanza, afastado unhas poucas millas da cidade, fan un gran comercio co exquisito viño de renome daquel territorio. Moitas e repetidas tentativas se teñen feito para aclimatar aquelas cepas noutros puntos da colonia, mais ata o presente o resultado non se correspondeu coas expectativas.

7. A gran montaña chamada da Table abeira a badía dos ventos do sur e ao mesmo tempo defende a cidade dos do leste, que acostuman a ventar con moita furia. Os navíos que se atopan fondeados ao norte da badía por veces teñen que dar dúas áncoras, como o tivo que facer o noso, para non seren lanzados mar a fóra ou esnafrados contra os perigosos farallóns que hai preto de alí. Por veces os navíos teñen que estar gorecidos máis de quince días, sen poderen saír da enseada polo embravecido do mar; pero nosoutros, grazas ao Señor, tivemos a sorte de ter bastante bonanza. Durante os meses de inverno, é dicir, desde abril ata setembro, os buques, no canto de ancoraren na badía da Table, fano na outra chamada False Bay (badía falsa), onde están abrigados dos ventos do oeste.

Unha noite, en que o mar estaba tan calmeiro que co reflexo da lúa figuraba unha achanzada superficie prateada, puideron observar un raro fenómeno de luz fosfórica. Nun cardume os peixes seguíanse uns a outros á profundidade de 20 ou 25 pés, e ben que algúns deles eran ben pequeneiros, non obstante distinguíanse perfectamente, dilatándose o volume de luz que despedían consonte era maior ou menor a velocidade con que se sansanicaban e mexían. Cando observei este singular fenómeno, eran as once da noite; e á noite seguinte, malia estar o mar tan

plácido e ser tan esplandecente a lúa coma a noite anterior, así e todo non se repetiu o fenómeno.

Durante a nosa permanencia na badía, o termómetro estivo case sempre fixo a 16 graos Réaumur, e na cidade chegaba aos 20.

8. O día 1 de decembro, cando a fragata xa manobrava para saír da badía e proseguir a viaxe, topou con tanta forza contra dun navío que todos cremos que íamos quedar no intre somerxidos, tal foi o estrondo daquel horroroso choque e o tremendo renxer das maromas e paus que rompían. Ende ben que saímos libres co susto, e todo o dano quedou reparado en tres días, e ao cuarto puidemos facernos á vela e continuar a nosa viaxe. Saímos, xa que logo, o 4 de decembro ás dez da mañá, alfúfaros todos ao ver que nos acercabamos ao termo da nosa viaxe; mais na caída do mesmo día un funesto accidente veu turbar a nosa alegría, converténdoa na máis negra tristura: notamos no pobre padre Bouchet síntomas moi claros e marcados de que perdera a razón. A pesar dos nosos escasísimos, ou, por mellor dicir, ningún coñecementos na arte da medicina, procuramos aplicarlle cantos remedios nos aconsellou o maxín e permitían os poucos recursos que ofrece un buque para estes casos; pero todo foi baldío. A enfermidade, malia os nosos asiduos coidados, tomou tal incremento que ao cabo de poucos días foi xa preciso estalo vixiando día e noite, ata que á fin tivemos que recorrer ao duro pero indispensable medio de o atar. Máis adiante, debilitadas as súas forzas polos moitos baños e sangrías que se lle deron, acougou un pouco. Parece ser que o noso desgraciado compañeiro foi vítima dos escrúpulos que fixo nacer na súa conciencia un pequeno opúsculo que compuxera sobre a vida de san Xosé, aínda que, segundo o parecer dos intelixentes, era obra de bastante mérito. Esta foi sen dúbida a causa principal da súa loucura, e non sería estraño que o espanto e trastorno que tivo cando corremos aquel temporal tan rexo no paso de Calais e cando do choque da nosa fragata acaecido poucos días antes, unido quizais a algún outro incidente da viaxe, tivesen dado o golpe de graza á súa razón, xa un pouco débil e anubrada. Sexa disto ou do que for, o certo é que durante a súa tolemia

só falaba da súa obra. O triste estado do noso irmán perturbou, como era natural, a alegría e tranquilidade que adoita infundir unha viaxe por mar tan próspera como ata entón fora a nosa.

9. Tras dezanove días de navegación desde a nosa saída do Cabo, pasamos á altura das illas desertas de San Paulo e Ámsterdam, as cales deixamos á nosa dereita a 78 graos de lonxitude e 38 de latitude meridional; o noso termómetro marcaba entón 12 graos Réaumur. A poucas millas ao leste daquelas illas tivemos que sufrir un calmeiro completo, e nesta ocasión foi para nosoutros un agradable pasatempo asistir á caza co amocelo dalgúns paxaros mariños, en especial dos chamados albatros (*Diomedea exulans*). Este paxaro acuático sumamente grande ten a plumaxe branca, e as súas ás estendidas abranguen de doce a catorce pés ingleses de longura dun extremo ao outro. Ao seu pescozo longo e grosso xúntaselle unha non menos proporcionada cabeza armada dun bico tan forte que fura e escachela coa maior facilidade a dura pel dos cetáceos que ás veces atopan mortos polo ancho mar, con cuxas carnes se alimenta, non sendo a súa propia das mellores por ser demasiado oleosa. Áchanse con frecuencia en bandos, seguindo o ronsel do buque. Como os albatros collen con admirable presteza os triscos de carne ou de pan que se lles tiran, resulta moi doado collelos cun anzol en tempo de bonanza; naquela ocasión algúns dos nosos compañeiros de viaxe colleron oito en poucas horas.

O 31 de decembro de 1845, namentres cantabamos un solemne *Te Deum* en acción de grazas ao Todopoderoso polos innumerables beneficios que nos dispensara en todo o decurso daquel ano, o vento, cun ímpeto que nos facía percorrer sen o menor perigo ata once millas e media por hora, esnaquizou dúas velas. Principiamos o ano de 1846 cantando unha misa solemne co seu correspondente sermón e oficiando as vésperas á hora canónica, coa súplica ao Señor de que se dignase beicernos e continuase a protexernos de alí en diante.

10. Finalmente, na tarde do día 7 de xaneiro, o mariñeiro sentinela que estaba na gavia do pau maior aturrou cando menos o esperabamos:

«¡Terra! ¡Terra!». É imposible describir o entusiasmo que tales berros espertaron en nosoutros e os latexos que daba o noso corazón. Todos corremos á vez sobre cuberta, anhelando cada un ver por si aquela terra prometida, aquela terra tan desexada. Por fin, divisamos no horizonte a Australia.

En acordándonos entón das areosas e tristes praias africanas, encheuse a nosa alma dunha santa alegría, que ía aumentando a medida que nos achegabamos á terra, ao vermos as verdes e fermosas costas occidentais da Australia.

Despois de pasarmos ao norte da illa de Rottenest, dúas horas antes da cerrada da noite arribamos á rada de Fremantle (Gage Road), e en canto demos a áncora, como non podíamos saltar á terra por ser demasiado adiantada a hora, cada un de nós, reconcentrado dentro de si mesmo, deu humildes e rendidas grazas do íntimo do seu corazón ao Señor polo senlleiro e inmenso beneficio que nos fixera de nos conducir con toda felicidade a bo porto e librar de todo perigo durante os cento trece días daquela tan longa e penosa viaxe.

CAPÍTULO CUARTO

1. Desembarco na Australia. — 2. Encontro cos primeiros salvaxes. — A cidade de Fremantle. — 3. Remontamos o río Swan e chegamos a Perth. — Morte do padre Bouchet. — 4. Divídese a Misión en varios corpos. — 5. Misión do Sur. — 6. Do Norte. — 7. De Guildford. — 8. Misión Central ou Beneditina. — Parten de Perth os misioneiros beneditinos. — 9. Os misioneiros quedan sós; ao se extraviaren, un salvaxe indícalles o camiño. — Caritativa hospitalidade do señor Moore. — 10. Herbas velenosas. — Chegan os misioneiros á última casa da colonia. — Intérmanse na fraga. — 11. Fáltalles a auga. — Debate entre os misioneiros e os bois. — Atópase auga. — 12. Celébranse as dúas primeiras misas en medio das boscaxes e despois os guías abandonan os misioneiros.

1. Ao raiar a alba do día seguinte (8 de xaneiro) estabamos preparados todos para desembarcar, e cando o ilustrísimo señor Brady o tivo todo arranxado, despedímonos do Capitán e da tripulación e trasladámonos a dúas grandes barcas que debían conducirnos a terra. Así que lle viamos as costas á fragata, a tripulación enteira aturrou por tres veces consecutivas: «*Hip, hip, ¡urrá!*», ao que contestamos nós do mesmo modo e coas mesmas palabras. O *Hip* dos ingleses nestas circunstancias é aínda máis expresivo ca o *Viva* dos italianos e españois.

En canto cesou o alboroto dos *urrás*, entoamos con devoción as la-daíñas lauretanas, continuando con elas ata o punto do noso desembarco. E unha vez que efectuamos este, axeonllámonos naquel mesmo lugar en que puxeramos primeiramente os pés e cantamos o *Te Deum*, dando novas grazas ao Altísimo, en presenza dun numeroso xentío que acudira e ao que da conmoción lle saltaron as bágoas. Concluído aquel tenro

acto, acudimos a unha pousada, da que o dono era católico, descansar da nosa viaxe.

2. Desexosos de entrarmos en relacións cos salvaxes, que non poucos atopabamos polas rúas de Fremantle, diriximos a palabra aos dous primeiros que se nos presentaron. Mais, ¿quen de nós era capaz de os entender? A primeira palabra que oímos foi *maraña*, repetida moitas veces. En eu oíndoa, díxenme a min mesmo: «*Maraña* no meu dialecto galego significa ‘engano’. ¿Sospeitarán acaso estes infelices que queremos facerlles algunha traizón?». Volvinme logo ao mesoneiro e pregunteille que querían dicir os salvaxes con aquela palabra *maraña*, e respondeume que con ela pedían de comer. Entón collín un bo anaco de pan e partino entrambos, e enseguida saquei do peto o meu cartapacio para notar a susodita palabra, pois este era o método que pensaba seguir de aquí en diante. Máis tarde puxémonos a percorrer a cidade. Cara á parte norte dela pasamos por un camiño subterráneo ou túnel que nos conduciu a un laboratorio onde se extraía o aceite das baleas, cuxa pesca dá un inmenso produto á colonia. Na cima da cuiña que atravesamos polo túnel erguíase un fermoso edificio, que despois soubemos que viña ser o cárcere, onde se achaban detidos algúns delincuentes, sen máis garda para os custodiar ca o carcereiro. No outro extremo da cidade está o templo anglicano, e a pouca distancia del hai outro non tan bonito, pertencente á seita metodista. Vimos espaxados pola area da praia moitos restos de buques naufragados, o que nos deu novos motivos de recoñecemento cara ao noso Creador. Entre as rochas do mar, todas de formación calcaria, atópanse moitos moluscos, os cales son moi buscados, e tamén se nos ofrecían á vista a cada paso esponxas das formas máis caprichosas e variadas, como de arbustos, globos e que sei eu cantas máis. O andar polas rúas no mediodía era bastante molesto e incómodo para a vista polo reflexo do sol na ardente area, e aínda máis nas brancas paredes das casas, mais a pesar de todo isto o termómetro soamente marcaba 25 graos Réaumur. O tempo restante do día e a mañá seguinte empregámolo en novas tentativas, como as primeiras, para falarmos cos salvaxes.

3. Na tarde do día 9 emprendemos a nosa marcha rumbo a Perth, remontando o río Swan e cantando de cando en vez as ladaíñas da Virxe ou algún outro himno piadoso. O contemplarmos maxestosos eucaliptos, outras árbores espesas e frondosas e arbustos carbonizados ata a metade, así como as marxes cubertas todas de verdor, quer natural, quer artificial, formaba un contraste tan fermoso e variado que o tortuoso curso do Swan nos ofrecía a cada paso unha nova escena e un novo motivo de loar o Señor.

Nalgúns areais, que se estendían ás veces ata o medio do río, vimos moitos paxaros acuáticos, particularmente pelicanos, os cales quedaban inmóbiles ao achegarnos, sen se coidaren nin pouco nin moito de nós. Mais o que non puidemos ver nas súas beiras, e desexabámolo todos, foi o cisne negro, que é o que deu o nome ao río; sen dúbida, o seu carácter solitario farao emigrar a outra parte.

Logo de tres horas e media dunha navegación do máis divertida chegamos a Perth, en cuxo desembarcadoiro nos agardaba xa unha multitude que nos recibiu con extraordinarias exclamacións de alegría. Non expresamente, senón por mera casualidade, o padre Serra e mais eu fomos os primeiros en pisar aquel chan, seguiron os demais, e todos xuntos procesionalmente e cantando o *Te Deum* (que tiven a honra de entoar) nos diriximos á igrexa, a cal consistía en só catro pequenas e espidas paredes cun teito de madeira, sen altares, nin portas nin xanelas. Alí concluíu a procesión e terminaron os cánticos co rezo das preces acostumadas e a beizón do ilustrísimo señor Brady a todos os fieis.

Mentres se estaban a facer as portas e xanelas para a igrexa, apurámonos a adornar o seu interior con santas imaxes, levantando ante todas as cousas un altar, no cal ocupaba un lugar preferente a Virxe santísima, como que era e é a nosa avogada e protectora especial.

Os moitos salvaxes, que a todas horas divagaban pola cidade, ofrecíanos favorables ocasións de nos familiarizar con eles e de adquirir noticias a respecto dos seus costumes; mais a completa ignorancia do seu idioma era para nosoutros unha dificultade insuperable. Porén, puidemos

observar desde logo nos indíxenas unha extraordinaria desconfianza dos europeos, cuxos vicios souberon imitar moi axiña, mais non as virtudes.

O conxunto da cidade ofrecía pouco ou nada de notable á nosa curiosidade. A maior parte pode dicirse que pertence aínda ao primitivo estado da fraga, dado que se ven moitas árbores no medio das rúas e das prazas e mais ao lado das casas, de maneira que moitas delas están defendidas da ardentía do sol pola frondosa ramada dos vellos eucaliptos.

O que nos incomodaba en demasía eran os mosquitos e as ras que abundaban moito nos pantanos que hai dentro da mesma cidade, das que o monótono croar era tan forte que en certos sitios tiñamos que vocear para entendernos. Máis dunha mañá espertoume a molesta e inesperada música dun daqueles animais, que en gabeando ata a copa dunha árbore que se elevaba encima do meu cuarto caera polo buraco da cheminea, entrando despois ata o meu aposento, cousa que non deixou de me causar bastante admiración a primeira vez que sucedeu.

Neste intermedio de tempo morreu o noso desgraciado compañeiro o padre Bouchet, despois de ter padecido moitísimo e sen ter recobrado a súa perdida razón. Aquel virtuoso mozo saíu do seminario de San Sulpicio en París, en que fixera os seus estudos, para entrar na Congregación do Sagrado Corazón de María, e despois foi enviado ás misións da América. Achándose en Amiens de regreso delas ao noso paso por aquela casa, destinouno o Señor para compañeiro noso na Australia, onde debía ser el a primeira vítima da caridade da nosa misión. Celebráronselle as exequias coa maior solemnidade e decoro que foi posible, e, como aínda os católicos non tiñan camposanto particular, foi enterrado nunha cortiña preto da nosa igrexa, que con esta intención foi beicida.

4. Algúns días despois deste triste suceso, querendo o señor Bispo determinar o sistema de misións que debía adoptarse para a conversión e civilización dos salvaxes daquel país, reuniu nun consello todos os sacerdotes, e interrogado cada un de nós acerca do noso parecer, foi decidido que o único medio para conseguir o noso obxecto era seguilos nas súas andanzas. Entón o señor Bispo formou tres ternas, ou, mellor, tres

compañías de misioneiros, ás que chamou «Misión do Norte, do Sur e Central», e destinou a cada unha delas os individuos seguintes:

MISIÓN DO NORTE

D. Anxo Confalonieri, Superior
Xaime Fagan
Nicolau Hogan.

MISIÓN DO SUR

P. Tebeaux, Superior
P. Tiersé
Vicente N
Teodoro Odon.

MISIÓN DO CENTRO

P. Fr. D. Xosé Serra, Superior e Vigairo Xeral
P. Fr. D. Rosendo Salvado
Fr. Dinís Tuttell
Fr. Leandro Fonteinne
Xoán Gorman.

Determinadas polo señor Bispo as misións e destinados os suxeitos que debían compoñelas, solicitou ao Goberno da colonia que lle cedese terras para as establecer, e fôronlle concedidos vinte acres para cada Misión, excepto para a do Norte, por estar fóra dos límites da colonia de Swan River.

O 25 de xaneiro, que era naquel ano o derradeiro domingo do mes, día en que celebraba a Igrexa a conversión de san Paulo, apóstolo das xentes, logo de concluír a misa maior, que foi cantada con toda solemnidade, o ilustrísimo señor Bispo, vestido de pontifical, dirixiunos desde o seu estrado unha moi fervente e paternal alocución, na que nos animaba a emprendermos con fervor os traballos apostólicos a que se nos tiña des-

tinado; botounos seguidamente a súa santa beizón e deunos o ósculo de paz, o que nos deixou na máis grande conmoción non só a nosoutros, senón tamén a cantos católicos e protestantes se atopaban presentes. Prougo o Señor procurar á súa santa Igrexa, como primicia e en peñor, digámolo así, do feliz éxito das fatigas dos seus servos, a prodixiosa conversión de tres protestantes, os cales, querendo asistir a aquela imponente cerimonia non máis ca por mera curiosidade, quedaron de repente admirados e cheos de estupor ao ver a abnegación e o valor que sabe infundir a relixión católica aos seus apóstolos.

Confiando en Deus, dispensador de toda graza, preparamos todas as nosas cousas co fin de estarmos prontos para partir así que se nos dese a orde.

5. A Misión do Sur foi a primeira que se puxo en marcha para o seu destino, que era a cidade de Albany, no porto de King George's Sound. Os misioneiros saíron de Perth o 6 de febreiro por terra e a pé, e non chegaron ao cabo da súa viaxe ata remates de marzo. Desde Albany, punto central da súa Misión, internábanse polas selvas a unha e outra parte na procura de salvaxes, sufrindo nas súas andanzas toda especie de privacións e traballos. Pouco tardaron en ver consumidas as súas provisións de boca, sen que lles viñesen outras de refresco, polo que chegaron a tal extremo que durante moito tempo as patacas foron o seu único alimento, e a auga en que as cocían facíalles ás veces de exquisito café.

Os protestantes, e ata os mariñeiros que recalaban naquel porto, compadecidos de tanta miseria, acorreron distintas veces os misioneiros con pan de torta e outras vituallas; mais non por isto deixaba de ser o seu estado sumamente precario. E así é que foi tanta a súa penuria e tales os seus sufrimentos que todos perderon a saúde e se viron obrigados un tras outro a abandonar a Misión da Australia e irse á illa Mauricio, onde as misións, baixo a dirección do ilustrísimo Collier, beneditino inglés, presentaban un aspecto moito máis prometedor.

6. O primeiro de marzo os misioneiros do norte aproveitaron a ocasión dun buque que des Fremantle se daba á vela para Sydney para facer

aquela travesía, e embarcaron despois en Sydney para o porto Essington; mais o navío naufragou no estreito de Torres, salvándose milagrosamente soamente o Capitán e o sacerdote don Anxo Confalonieri, como deixo dito xa no capítulo nono da primeira parte destas memorias. ¡Altos e incomprendibles xuízos de Deus! Confalonieri, que non sabía absolutamente nadar, salvouse, e feneceron os dous catequistas, ambos famosos nadadores. Tan pronto como chegou Confalonieri a Vitoria, entregouse con todas as súas forzas á conversión dos salvaxes. O Señor, emporiso, quixo premiar o ardente celo do seu servo e chamouno a mellor vida o 9 de xuño de 1848.

7. O ilustrísimo Brady fundou outra Misión, dependente da de Perth, en Guildford, cidade distante unhas oito ou nove millas da capital, e con tal propósito destinou a ela o reverendo Powler e o catequista Butler. Mais as grandes privacións e fatigas e mais as duras probas a que está exposta a vida do misioneiro foron superiores ás súas forzas, motivo polo cal o catequista tivo que volver ao cabo de pouco tempo á capital, e non moito despois o reverendo Powler separouse da Misión de Perth e agregouse á de Calcuta, nas Indias orientais.

Quixen falar agora, aínda que sucintamente, destas dúas últimas misións, invertendo a orde cronolóxica, co propósito de poder en adiante ocuparme exclusivamente da Central, que é da que formei parte.

8. O ilustrísimo Brady non ignoraba que se un europeo se internaba pola foresta e viñese a se interceptar a comunicación coas cidades ou cos colonos establecidos nos seus arredores, non podería librarse dunha morte case que segura. Por iso estaba perplexo sen saber a que punto enviar a Misión Central, porque prevía, amais disto, as grandes dificultades de lle facer chegar as provisións en medio das selvas, así como a moita probabilidade de que os condutores non soubesen dar co vieiro trazado polos misioneiros. Estando con estas matinacións, chegou á cidade, vindo do interior, o Capitán e á vez Maxistrado Xoán Scully, católico residente desde había xa moitos anos na colonia, quen, ao saber na visita que fixo a Monseñor da indecisión en que se achaba, lle dixo que non moi lonxe

da súa herdade había gran número de salvaxes e fértiles terras, nas que se podería fundar unha misión que sería moi de proveito. Con esta noticia o Prelado renunciou a calquera outro proxecto e adoptou definitivamente o que lle propuxo o Capitán, quen se ofreceu ademais a transportar de balde ao lugar indicado todo o necesario.

Chegou por fin a mañá do 16 da Candeloria, día en que o señor Bispo dispuxo a nosa partida. Ao darnos tan boa nova, os catro que debiamos marchar, pois o Subdiácono Tutell estaba enfermo, aviados todos os preparativos, co Crucifixo colgado do pescozo, o breviario debaixo do brazo e o bordón na man, ao empardecer dirixímonos á igrexa, onde nos agardaba a súa ilustrísima. Con dificultade puidemos abrírnos paso ata o altar a través do gran concurso de católicos e protestantes que acudiran para nos dar un adeus que creron que sería o derradeiro. Axeonllámonos diante da imaxe da santísima Virxe, que estaba engalanada con solemne pompa, e entoamos as ladaíñas lauretanais, a *Salve Regina* e a antifona do noso glorioso patriarca san Bieito.

Logo, Monseñor fíxonos unha elocuente exhortación, que nos deixou a nosoutros e a todos os presentes moi conmovidos, botounos de novo a súa santa beizón e deunos deseguido o ósculo de paz. Ao saírmos da igrexa vimos que a fermosa luz da lúa nos facía as veces da do sol. O ilustrísimo Brady e un gran xentío fóronnos acompañando aínda un bo treito de camiño, e logo seguimos a nosa ruta coa soa compañía dos condutores das dúas carruaxes que levaban o noso enxoval.

9. O chan que pisabamos era tan sumamente movedizo que algunha vez se nos afundía o pé máis dun palmo no xabre, de tal xeito que dúas horas despois da media noite as nosas pernas non podían xa sosternos e atopabámonos en extremo fatigados. Xa que logo, o noso Superior, o padre Serra, invitou os carreteiros a que fixesen un alto durante un anaco co fin de que puidésemos tomar un momento de descanso, mais eles contestáronlle que podíamos descansar tanto como quixeramos, que eles chegarían ata a casa de Samuel Moore, distante aínda catro millas, e alí agardarían por nós. En efecto, eles continuaron o seu camiño, e nosou-

tros, despois de nos encomendar ao Señor, deitámonos debaixo dunha árbore chamada *Eucalyptus robusta*, cuxo enorme tronco nos levou case a crer que, á parte de secular, era antediluviano, e durmimos perfectamente ata que deu en despertarnos a aurora. Entón, despois de rezar as preces acostumadas, emprendemos outra vez o noso camiño. Mofándonos uns dos outros sobre a fasquía que tiñamos, xa que a voaxa da noite anterior e a copiosa suor desfiguraran de tal forma as nosas caras que, non sendo polas vestiduras, máis parecíamos salvaxes ca europeos, chegamos a unha encrucillada en que se nos presentaron tres camiños, e en tomando, por Deus e á ventura, o da dereita, topamos un salvaxe armado de todas as súas armas e que levaba un tizón prendido na man esquerda. Por signos, único modo con que podíamos explicarnos, procuramos facerlle comprender o apuro en que nos atopabamos. O bo salvaxe, cheo de paciencia, mirábanos e observaba, mais non nos entendía. Por fin, ocorréusenos pronunciar o nome do dono da casa onde queríamos ir, e el, ao oír *Moore*, respondeunos: «¿*Moore? Moore gutgial*»¹², ensinándonos ao mesmo tempo os dedos da man. Nós, que por fortuna sabíamos que *gutgial* na súa lingua quería dicir ‘dous’, e que realmente había naqueles arredores dúas familias *Moore*, fixémoslle un signo afirmativo. Daquela guiounos a través da fraga e por medio de innumerables *loranthos*, *banksies*, xantóreas, zamias e eucaliptos resiníferos, ata a tan suspirada casa do mencionado cabaleiro *Moore*, onde encontramos os nosos carros, que os estaban recompoñendo. Comemos un pouco pan de bola e démoslle un bo anaco ao noso guía, e despois de rezar unha parte dos divinos oficios, deitámonos sobre unha cama de herba seca agardando a noite para proseguirmos a nosa viaxe. Pero veu despertarnos un criado do señor *Moore*, dicíndonos que o seu amo nos estaba esperando. Recibiunos aquel cabaleiro coa maior cordialidade e finura, fíxonos sentar na súa mesma mesa, deixándonos admirados tanta bondade nun home que,

12. As sílabas *ge gi* pronúncianas os salvaxes como os franceses e os cataláns.

a pesar de ser presbiteriano, se mostraba tan xeneroso e caritativo para cuns pobres e descoñecidos misioneiros católicos.

Ao non poderen quedar rematadas naquel día as reparacións que tiveron que se facer aos nosos carros, detivémonos alí aquela noite, celebramos ao día seguinte o santo sacrificio da misa, e aplicámola polas necesidades espirituais daquela caritativa familia e pola saúde corporal da esposa do señor Moore, que estaba enferma de gravidade e que, como poucos días despois soubemos, recobrou a saúde.

10. Pola noite seguimos o noso camiño, dirixíndonos cara a un lugar chamado polos ingleses *Spring*, que quere dicir ‘fonte’, no que fixemos alto despois de ter atravesado unha áspera montaña, continuación da cordilleira Darling.

Durante o tempo do noso repouso, observamos que os criados, en lugar de deixaren pacer os bois ceibos, os ataron a unha árbore para que non comesen certas herbas velenosas que medran naquel sitio. Os animais ruminantes, como son os bois, ovellas e cabras, morren ás poucas horas de as ter comido; o gando cabalar e outros soamente sofren fortes estorzóns. Se se ferveren as devanditas herbas e se dá a beber aquela auga ás ovellas, estas morren coa mesma prontitude e tan inchadas coma se comesen as herbas. Despois dunha parada de catro horas, camiñamos outras doce millas deica chegar a unha pousada, onde comemos por primeira vez carne de kangarú, animal que aínda non tiñamos visto vivo. O día seguinte, despois de levarmos andadas máis de trinta millas sempre pola cordilleira Darling, baixamos ao leste dos ditos montes, e atravesando o leito do Avon, que atopamos completamente estiñado, demos coa casa do señor Drummond, botánico da colonia, quen quixo de todos os modos que quedásenos a cear con el; e pola noite do 21 de febreiro chegamos ao casal do Capitán Scully, última habitación da colonia, á distancia de sesenta e oito millas ao nordeste da capital.


Como os bois estaban moi cansos, permanecemos nela tres días, pasados os cales cargamos nun só carro toda a nosa bagaxe, e, acompañados de dous criados do Capitán e de dous salvaxes, volvemos á comezada

viaxe por entre os bosques en dirección ao norte cara a un lugar chamado polos salvaxes *Batgi-Batgi*. Nun principio a rexión presentábase aos nosos ollos de forma desigual, pero a vexetación manifestábase moi vizosa e vigorosa. Máis adiante demos nunha chaira areenta, e en vez das diferentes especies de acacias e dos ricos pastos que achabamos, soamente viamos algúns eucaliptos de distintas especies, a *Nuytsia florida* e un gran número de plantas velenosas. Mais a natureza no chan variaba a cada momento, e nas proximidades de *Batgi-Batgi* apareceu de repente a mellor baixo todos os conceptos.

11. Estabamos no 27 de febreiro, día en que tivemos unha calor insoportable, e en todo o camiño non encontramos nin unha soa pinga de auga, polo que, rendidos coa calor e a sede, en canto chegamos a *Batgi-Batgi*, fomos ao manancial que nos dixeran que abrollaba preto de alí. Mais os nosos desexos quedaron frustrados e as nosas esperanzas burladas. Os catro bois, tan sedentos coma nós, aburaron a todo correr ao mesmo lugar, e tivemos que lles disputar a posesión dun bulleiro, cuxa auga pantanosa, en vez de nos apagar a sede, aumentábaa máis e máis enlodazándonos o garneato e o ceo da boca cun xabre lamacente que continuamente nos producía náuseas. E, así e todo, non tivemos outro recurso que encher a boca daquela noxenta lama, para humedecer polo menos os nosos abrasados beizos. Por última tentativa probamos de facer unha fonda fochanca a son do bullo; mais todo foi en balde e tivemos que nos resignar a pasar unha noite da peor do mundo, máis apurados de sede que rendidos de sono. Os dous criados do Capitán que nos acompañaban querían volver, pero nós insistimos en que quedasen, porque os salvaxes se ofreceran a guiarnos moi de mañá a outro groto que sabían eles non moi distante. Efectivamente, en canto amenceu, un salvaxe, Fonteinne, un dos criados e mais eu puxémonos en marcha en busca de auga. Acharmos a fonte nun lugar chamado *Mori-Mori*, a unhas cinco millas de distancia, pero tan enxoiata como estaba a primeira. Entón o salvaxe, cheo de despeito, pateou no chan manifestando ao mesmo tempo a súa sorpresa. Con todo, animounos dándonos a entender que un pouco máis

lonxe había outro manancial. O criado e Fonteinne, perdida toda esperanza, volveron reunirse coa demais comitiva. Eu seguí o constante salvaxe, e despois de andarmos unha milla pouco máis ou menos, encontramos con indicible pracer unha gran poza de auga, na que apagamos a nosa sede, e ao enchermos os nosos dous vasos apresuramos a reunirmos cos nosos compañeiros, avisándoos con grandes «¡cui!», segundo o estilo dos salvaxes, do feliz éxito da nosa expedición. Ao anoitecer estaba xa toda a nosa pequena caravana xunto á poza, e aquela noite pasámola coa maior alegría en gloria de Deus.

12. Pola mañá seguinte, que era o primeiro domingo da Coresma e o primeiro día de marzo, os criados dixéronnos decididamente que non querían entrar máis adiante na boscaxe, polo que descargaron do carro toda a nosa equipaxe e se prepararon para volver a Bulgart, habitación do seu amo o Capitán Scully. Entre tanto nosoutros sacamos os ornamentos da caixa en que os levabamos, e do modo que puidemos montamos un altar enriba da traseira do chedeiro, que era o lugar que naquel momento nos pareceu máis a propósito. Despois de oírmos a santa misa, que celebrou primeiro o padre Serra e despois eu, e de tomarmos unha cunca de té, os criados deixáronnos conforme nos dixeran, quedando por conseguinte nós os catro sós en medio daquelas mestas fragas e de numerosos e descoñecidos salvaxes. Pero nin por isto decaeu nin un instante o noso ánimo, posto que tiñamos confiada a nosa sorte á misericordia daquel cuxo santo nome iamos predicar, daquel a quen suplicamos que se dignase beicer e santificar aquela erma terra, aquelas seculares selvas, en medio das cales fomos nosoutros os primeiros en lle ofrecer o Cordeiro inmaculado, a Hostia de propiciación, o santo sacrificio da misa.



Primeira missa celebrada polos misioneiros beneditinos encima dun carro no medio das fragas da Australia occidental

CAPÍTULO QUINTO

1. Construción dunha choupana. — Primeiro encontro cos salvaxes do interior. — 2. Andanzas cos salvaxes. — 3. Oftalmía e dores de tripas. — 4. Escaseza de auga. — 5. Extravío dun misioneiro. — 6. O padre Salvado volve a Perth para buscar provisións. — 7. Dificultade para obtelas. — Concerto de piano. — 8. Morte dun catequista. — 9. Funeral.

1. Ao día seguinte empezamos a nosa obra. Rezadas as nosas oracións de costume, puxémonos a tallar árbores, a cavar gabias, a construír, en fin, unha choupana na que puidésemos coller nós e os nosos mobles e provisións, ademais dun pequeno altar para celebrarmos a santa misa. Ao anoitecer vimos algúns salvaxes que nos afitaban desde lonxe, non con apoucamento, senón con receo. Achegáronse á poza de auga, que distaba como uns corenta pasos de nós, prenderon unha boa larada e, ao cabo dun tempo, botáronse a durmir. A súa presenza non turbou para nada os nosos traballos; ao contrario, aínda que o corazón nos batese con forza, facíámoslles ver que traballabamos con gran ledicia para lles mostrar que non tiñamos medo deles. Ao cerrado da noite, como non era posible traballar, prendemos tamén nós unha fogueira, puxémonos en pé arredor dela e cantamos completas coa mesma solemnidade e vagar con que se adoitan cantar nos nosos mosteiros nas festas máis importantes. Axeonllámonos a seguir para rezar o santo rosario e, despois de cear un pouco arroz fervido e uns bolos que nós mesmos amasaramos e coceramos, deitámonos sobre unhas follas de árbores.

Emporiso, a idea de que os nosos veciños eran antropófagos esco-rentou de nós o sono, de tal xeito que non fomos quen de pegar ollo en

toda a noite. Á mañá seguinte armamos como puidemos a ara, e todo o necesario para o santo sacrificio da misa, sobre unha especie de poio ergueito con estacas afincadas no chan e recheo con terróns, a xeito de altar. Nel celebramos a santa misa e logo continuamos os traballos da véspera. Dúas horas despois de nacer o sol, retiráronse os salvaxes sen se achegar a nós, e non vimos ningún máis ata a tardiña baixa, cando volveron en maior número que o día anterior e armados ata os dentes. Pasaron máis preto de nós que a véspera e prenderon a súa cacharela a uns trinta pasos da nosa cabana. Nós cantamos e rezamos as nosas oracións como a noite anterior e deitámonos, agardando desacougados o momento de sermos atacados e asasinados cruelmente por aqueles antropófagos para, logo de torrados, servirilles de alimento. Pero non fomos dignos de tanta graza; pola contra, pasamos tranquilamente a noite e a luz do día esvaeceu todos os nosos temores. Celebramos o santo sacrificio e lemos o breviario, e os salvaxes desapareceron de novo ao pouco de nacer o sol, co que nos sentimos tan tranquilos coma se cesase totalmente o noso perigo. Antes do mediodía quedaron rematadas as paredes da nosa choupana, non faltaba máis ca o teito.

O día 3 de marzo, que era o terceiro que viviamos na fraga, mentres xantabamos o cotián, as acostumadas oito onzas de pan cocido ao rescaldo xunto cun pouco arroz fervido en auga, e tomabamos unha cunca de té, observamos que, contra o que viña sendo costume, se achegaba unha turba de salvaxes empuñando cada un seis ou sete lanzas, ou *quichi*, como eles lles chaman. Mirámoslos co cariz risoño, pero ¡ben sabe Deus como batía o noso corazón naquel momento!, e con acenos ofrecémoslles té e pan; mais eles, sen faceren caso de nós, foron sentar arredor da poza, onde nos pareceu que mantiñan unha conversa moi animada. Entón nós puxémonos a matinar de que xeito nos poderíamos achegar a eles amigablemente, e ao final decidimos cocer unha boa cantidade de bolos e facer té abondo, e con isto e mais algúns pratos de azucre irmos correndo ao seu encontro, convidándoos a facer outro tanto. Ao que tivemos todo preparado, axeonllámonos, e despois dunha breve oración na que lle suplica-

bamos ao Altísimo que beicese a empresa que iamos acometer, dirixímonos todos xuntos á rolda dos salvaxes, levando nas nosas mans pan, té e azucre. Ao que viron que nos achegabamos, os homes empuñaron con carraxe as armas e as mulleres e os nenos fuxiron dando fortes chíos. Nós, comendo bocados de pan con azucre, indicábalos mediante acesnos que deixasen as armas que empuñaban, prontas para nolas arrebolaren, e que comesen do que lles ofreciamos. Algúns deles baixaron entón cara ao chan as lanzas que empuñaban, e naquel momento o padre Serra e mais eu achegámonos máis a eles e démoslles azucre e pan, especialmente aos nenos, que, agarrados ás pernas de seus pais, choraban e parecía que tiñan moito medo de nós. Colleron os salvaxes o azucre e, así que o probaron, chuspírono desconfiados, pero, en vendo que nós o comiamos sen reparo, volvérono levar á boca, e, como lle empezaron a coller o gusto, inclinando a cabeza faciannos signos de aprobación e convidaban os demais a que tamén comesen. O resultado foi que en poucos minutos desapareceron todos os nosos presentes e os salvaxes disputaban os sobros coma se fosen perlas preciosas. Velaquí como pola graza de Deus e da súa santísima Nai, logo dun encontro tan perigoso, nosoutros, pobres e inermes misioneiros, conseguimos naquel campo unha vitoria sen derramamento de sangue nin ruído de armas.

Suspendemos as fatigas materiais por aquel día, alegres e satisfeitos de vez polo moito éxito que tivera a nosa difícil e arriscada empresa. Ao volvermos á nosa cabana, acompañáronnos algúns salvaxes, aos que lles amosamos os nosos aveños, que os deixaron ben marabillados. Aquela noite demos con máis fervor as grazas ao Omnipotente por se nos amosar tan misericordioso, e aos nosos santos avogosos, durmindo despois en santa paz. Ao día seguinte, logo das oracións de costume, achegáronsenos moitos salvaxes movidos pola curiosidade de vernos traballar, e nós, aproveitando aquela ocasión tan favorable, convidámoslos a que nos axudasen na construción da choupana, ao que se prestaron gustosos; e de certo que nos foron de suma utilidade os seus servizos, pois teriamos botado moito máis tempo no traballo que aínda nos faltaba de non nos in-

dicaren o mellor material para a cubrición e os lugares onde medraba en abundancia.

Chegada a hora de xantar, convidámoslos a sentar connosco e démoslles a maior parte da nosa parca comida. Entre aquel día e o seguinte, grazas á axuda dos salvaxes, quedou perfectamente cuberta a choupana con xuncos e outras plantas. ¡Ou, canto tería progresado a nosa Misión se daquela tivésemos provisións abundosas! Centenares de salvaxes que se ofrecían a quedar connosco e axudarnos nos nosos traballos volveron ás fragas por non termos un anaco de pan que lles ofrecer.

2. Instalados xa na nosa choupana ao abrigo da intemperie, empezamos a acompañar os indíxenas nos seus percorridos pola fraga. Con eles comiamos, con eles durmiamos, con eles camiñabamos e ofrecímonos a compartir aquelas angueiras máis traballosas. Así mesmo, levamos moitas veces a carranchapernas nos nosos ombreiros os seus fillos, que se ían afacendo tanto a nós que preferían a nosa compañía á dos seus pais, ¡e ben que lles gustaba a estes! Os salvaxes compartían fraternalmente connosco as raíces, os lagartos, os vermes e outros manxares deste estilo que buscabamos xuntos así que rematamos, tamén en común, as nosas provisións de fariña e arroz.

Polo camiño, cando acaía, ou do mellor xeito que podíamos, levabamos a nosa conversa cara ao Deus que nós adorabamos; mais a completa ignorancia do seu idioma salvaxe atrasou moito o progreso dos nosos esforzos, porque, obrigados a anotar no noso cartapacio cada palabra que escoitabamos, co seu significado a carón, adiantabamos moi pouco en tan pesado estudo.

3. No medio destas angueiras tiven unha oftalmía bastante forte, producida quizais porque tivera que traballar exposto aos raios do sol, que me privou de facer nada durante oito días, pois proíanme moitísimo os ollos e chorábanme decote; mais, grazas ao Señor, pasoume sen remedio ningún e sen me quedar a vista máis débil ca antes. Máis adiante sufriron a mesma doenza outros dous dos meus compañeiros e algúns salvaxes, e só se librou dela o padre Serra, quen, en troques, tivo unhas atroces dores

de tripa. Por xunto, todas as menciñas de que dispoñíamos eran un pouco sal inglés, magnesia e aceite común; polo tanto, non sabíamos que remedio aplicarlle, pero, aínda que o soubésemos, tampouco o tiñamos á man. Mais, pensando que lle iría ben o caldo de carne que había tanto tempo que non probabamos, fun ver se podía pillar algún kangarú rato ou algún *opossum*. Por casualidade, ao ver unha bandada de papagaios brancos arrebolei o pau no medio dun grupo destes, e foi tan boa a miña sorte que a un lle rompín a cabeza e a outro unha á. Collinos os dous, mais como o ferido grallaba dun xeito terrible, todos os outros deron en chiar e bater as ás arredor da miña cabeza, como querendo ceibar o seu compañeiro. Entón, confeso francamente que, aínda que non son dos máis medorentos, cheguei a temer pola miña vida, pois, realmente, se se me botase enriba aquela nube de cinco ou seis mil enfurecidas bestas coas súas aguzadas poutas e revirados peteiros, sen dúbida sería a miña fin. En tales apuros, esmagueille axiña a cabeza ao ferido, e, fuxindo por entre as árbores, púidenme escapulir da vinganza dos demais. Feliz coa miña caza, volvíñ á nosa choupana. Cocidos os dous papagaios deron un caldo ben gorentoso mais non produciron o efecto apetecido; o padre Serra continuou sufrindo as mesmas dores ata que llas acalmaron e lle volveron a saúde unhas sopas feitas co viño que reservabamos para as misas.

4. A falta de auga que había en toda aquela contorna era tal que todos os cuadrúpedes, volátiles e demais animais ían abeberar na nosa poza, e particularmente era tan grande a multitude de paxaros que alí acudían todas as mañás que, enxordados polo seu infernal ruído, cando dicíamos misa tiñamos que berrar con todas as nosas forzas para que dese escoitado quen nos axudaba. Non teño reparo en asegurar que moitas mañás o seu número non baixaba, e mesmo quizais pasaba, de cincuenta mil, composto maiormente por papagaios.

Finalmente, escaseaba xa a auga mesmo na nosa balsa e, por tal motivo, precisabamos abrir un pozo. Ao non a darmos atopado así tampouco, fixemos un triduo ao noso glorioso Patriarca, suplicándolle que se dignase interceder por nós naquel apurado transo, e ao concluírmolo inter-

neime na fraga, acompañado por dous salvaxes, por ver se lograba atopar auga nalgún punto.

Ceguei cara ao nordeste a un país que os salvaxes chaman Bibino ou Pipino (pois cómpre advertir que os salvaxes usan indistintamente o *b* ou o *p*). Ceguei, pois, como dicía, a unhas vinte millas de distancia da nosa choupana e atopei preto de alí un torrente bastante ancho, mais coas augas cubertas por unha costra de sal branquísimo dunhas dúas ou tres polgadas de espesor. Tan feliz descubrimento, que noutras circunstancias nos sería de moita utilidade, non aliviou entón o máis mínimo a nosa imperiosa necesidade. Seguí, polo tanto, coas miñas exploracións, e a poucas millas de distancia dei cunha fonte mineral cuxa auga abrancazada non tiña, por certo, moi bo gusto; con todo, os numerosos salvaxes que alí preto había aseguráronme que era saudable. Entre aqueles bos australianos había un que nos axudara na obra da nosa choupana, polo que me recoñeceu nada máis verme, e, acordándose do ben que o tratáramos, presentoume a todos os seus parentes e amigos e mais contoulles os favores que recibira da nosa xenerosidade. En todos espertei gran curiosidade, e, coma se nos coñecésemos de vello, uns ofrecíanme raíces e outros carne de distintos animais cazados por eles, pois con ese obxecto estaban alí reunidos. Contento eu por aquela nova amizade que acababa de facer, e máis aínda por atopar auga, volví cos meus dous compañeiros salvaxes á nosa choupana. E pola noite, antes de chegarmos a ela, regalounos o ceo tan abundante chuvia que de alí en diante xa nos foi doado encontrar auga en calquera parte.

5. O día 11 de abril, que era Sábado Santo, feitas as funcións da Igrexa coa maior solemnidade posible, o catequista Fonteinne, para que celebrásemos a Pascua cun algo de alegría, foi ver se era quen de cazar algún animal. A poucos pasos da nosa cabana descubriu un kangarú rato, ao que persegui durante moito tempo; mais, cando finalmente o perdeu de vista, sentíndose fatigado, pensou en volver. Vendo nós que chegaba a noite e non aparecía, empezabamos a temer que lle sucedese algunha desgraza, así que prendemos unha boa cacharela e botámonos axiña polos

montes da contorna berrando a todo dar para que as nosas voces lle servisen de guía. Pero todo foi inútil porque, enganado Fonteinne por certa semellanza do terreo, tomou a dirección oposta ao camiño da choupana. Máis tarde subimos ao cume dos montes, onde tamén prendemos grandes laradas para que se puidese guiar pola súa luz; mais cansos e roucos, e tristes ademais coa idea de perdermos un misioneiro, volvemos á choupana ás dúas da madrugada e, como único recurso que nos quedaba, puxémonos en oración o resto da noite e parte da mañá seguinte.

Ás once, despois de cantarmos solemnemente o oficio, vimos chegar catro salvaxes que non viramos en tres días e tivémoslos por catro anxos que enviaba na nosa axuda a divina Providencia. Fixémoslles comprender, do mellor modo que soubemos, que o noso pobre compañeiro Fonteinne se extraviara e, logo de lles prepararmos algo de alimento e de lles ofrecer un bo xantar se o atopabamos, partimos con tres deles en tres direccións distintas; mais, logo de andar na súa busca moitas horas, regresamos outra vez á choupana perdidas xa todas as esperanzas de volvérmolo ver. Aflixidos e moi apesarados, acudimos á Virxe santísima, nai dos misioneiros, e puxémonos a rezar o santo rosario, e nesas chegou o cuarto salvaxe, que pola mañá non quixera seguirmos en busca de Fonteinne, e, dándome unha palmadiña no lombo, díxome: «*On Lean, n-agnaciena, íéi coli*», que, traducido literalmente, quere dicir: «D. Leandro eu vino; agora vén». É doado imaxinar o noso contento: voamos todos ao seu encontro, abrazámolo e festexamos a súa volta coma se, morto xa, resucitase.

6. Transcorreran pouco máis de dous meses desde que saímos de Perth e nos internamos na fraga e, a pesar da nosa extrema frugalidade na comida, estaban a piques de se nos acabar as provisións, xa que tiñamos que manernos cinco persoas en vez das catro que saíramos da capital, pois se nos unira o misioneiro Tutell. En vista disto, todos pensamos que era indispensable que un de nós fose a Perth para manifestarlle a Monseñor Brady o triste estado en que nos achabamos. Fun eu o elixido, e, en consecuencia, o 28 de abril dirixinme á capital acompañado por un

salvaxe. Polo camiño alimentabámonos cos vermes e outros réptiles que podíamos coller, e debo confesar, en honor á verdade, que o bo salvaxe sempre me daba a parte mellor. Os *opossum* e os kangarús rato adoitabámos reservalos para a nosa cea. Facilmente se figurarán os meus lectores como se me revolvería ao principio o estómago ao tragar vivos aqueles vermes, mais ao cabo resignouse perfectamente coa súa sorte. Para a cea prefería un lagarto, que asado é un bocado exquisito, polo menos naquelas circunstancias, ou ben un par de coxas de *opossum* asadas nas brasas. Rezaba decontado as miñas oracións e deitábame sobre unha pouca herba, durmindo tan tranquilo e satisfeito que abofé que o home máis feliz do mundo envexaría a miña sorte. Non poucas veces me sucedeu que, estando xa profundamente durmido, se o meu bo compañeiro encontraba unha peza de caza do seu gusto, espertábame dicindo: «*Guaba guaba, numda nalgo*», é dicir: «Bo, bo, comédeo». E, sacándoo da boca a medio mascar, facíame o obsequio de mo ofrecer. Eu ben me esforzaba en darlle as grazas, mais isto non sempre abundaba, e non me quedaba outra que ter paciencia e comelo.

Ao que cheguei á casa do Capitán Scully deixoume o salvaxe e regresou por temor de que outros salvaxes lle roubasen a súa muller, que quedara na Misión. Esta foi a razón que me deu, pero eu máis ben creo que foi por non me seguir ata Perth, expoñéndose a que o matasen salvaxes de tribos descoñecidas, como adoitan facer entre eles na fraga. O xeneroso Scully forneceu-me de todo o necesario para chegar á cidade, e aínda que o que me deu non deixaba ata certo punto de estorbarme polo seu peso, levaba con pracer aquela nova carga, que, por outra parte, cada día era máis lixeira.

7. Finalmente cheguei a Perth, e, presentándome ao señor Bispo, manifesteille o apurada que se atopaba a Misión. Ao mesmo tempo díxenlle que os misioneiros perecerían todos de fame se non lles enviaba axiña socorro. Entristeceuse Monseñor con estas noticias, e o que máis mágoa lle deu foi atoparse tan absolutamente falto de recursos que nin

sequera tiña para me proporcionar un par de zapatos, e abofé que os necesitaba, pois podó dicir que camiñaba case descalzo.

Non sei expresar con palabras a amargura que isto me causou, especialmente ao pensar na crítica situación dos meus catro compañeiros que quedaran na fraga. Monseñor consideraba oportuno que viñésemos cabo del a Perth, onde non nos ía faltar un anaco de pan que levar á boca. Consteille, coa debida moderación e respecto, que estaríamos dispostos a facelo sempre que a súa ilustrísima nolo demandase no nome da santa e estricta obediencia; mais no entanto suplíqueille que se servise socorrernos como mellor puidese, pois nós estabamos decididos a sufrir, coa axuda de Deus, todo xénero de privacións antes que abandonar os pobres salvaxes. Determinou entón a súa ilustrísima predicar o domingo seguinte en favor da Misión, e eu coloqeime na porta da igrexa pedindo esmola, o que fixen en repetidas ocasións. Deste xeito logrei recoller uns poucos cartos, mais aquela axuda caritativa non abondaba para socorrer a nosa extrema penuria. Os católicos de Perth non eran moitos nin pertencían á clase máis acomodada; por este motivo, seguindo os consellos de Monseñor, pensaba visitar as casas dos máis ricos protestantes para lles pedir unha esmola, pois, tratándose de salvar a Misión, nada no mundo podía ruborizarme. Con este fin estaba a facer unha lista de todos eles cando me veu a idea de ofrecer un concerto de piano¹³. Comuniquéilla á súa ilustrísima e aprobouna; e mesmo parecía que o Señor a beicía, pois todos os habitantes de Perth ofreceron á porfía os seus servizos para levalo a efecto. O Gobernador Clarke tivo a bondade de concederme a gran sala do tribunal; o tipógrafo, a pesar de ser tamén protestante, ofreceuse a imprimir gratis os anuncios para o público e o programa do concerto; o ministro anglicano mandoume, sen llelos eu pedir, os candelabros do seu templo, e ata o mesmo sancristán se ofreceu a coidar da iluminación e

13. O ilustrísimo padre Salvado é un dos mellores pianistas e organistas; tanto que, segundo nos aseguraron, no mosteiro da Cava mandaron recompoñer o órgano expresamente para que el lucise as súas habilidades. *Nota do tradutor.*

adornos do salón. O señor Samson, xudeu, encargouse da venda de entradas e de convidar as familias principais. En canto ao piano, moitos protestantes me ofreceron o seu; mais eu deilles as grazas e pedínllelo ás virtuosas monxas da Mercé, que mo facilitaron gustosísimas.

Non me quero deter máis en falar da disposición da sala e dalgúns outros incidentes sen importancia que non farían máis que alongar a relación innecesariamente. Finalmente, a noite do 21 de maio presenteime ante un respectable e numeroso auditorio vestido cos meus acostumados hábitos monásticos. Pero, ¡meu Deus!, ¡que roto e farrapento ía! O hábito dábame polos xeonllos, todo raído e cos bordos esfiañados; os calzóns negros estaban remendados con pezas e fío de varias cores; as medias, grazas aos meus coidados, aínda tiñan boa pinta; mais en cambio os zapatos, bos e novos cando saín da Italia, perderan as solas nas selvas da Australia, de xeito que as dedas dos meus pés bicaban o chan. Cunha barba de tres meses moi desaliñada e unha cor de mans e cara tan cobriza coma a dos salvaxes, a miña fasquía movía a risa e a compaixón a un tempo.

O público recibíume con grandes aplausos, que se ían repetindo a cada tanto; mais aquel clamor non daba atravesado o tímpano dos meus oídos. Mal podía o meu corazón participar daquela festa e ledicia lembrándome dos meus catro irmáns que morrían de fame en medio dos bosques. Logo de tres horas seguidas de música, e sorprendido polo cordial acollemento que me prodigaran, despedínme do auditorio. ¡Meu Deus!, pensaba para min: ¡nunca eu imaxinei que me presentaría en público para dar un concerto de música! Tranquilizábame, non obstante, o propósito que me movera a dar aquel atrevido paso.

O produto do concerto non só bastou para comprar todo xénero de provisións, senón tamén un par de bois, o que me retivo ata o 19 de xuño, pois tiven que percorrer varios puntos da colonia para atopalos. Por fin dei con eles e, de volta a Perth, tiña xa todo preparado, pois o carro, único medio de transporte que me faltaba, ofreceumo un bo protestante.

8. Neste intermedio, vendo o padre Serra que eu non volvía á Misión e temendo que me sucedese algún contratempo polo camiño, púxose en marcha xunto co misioneiro Tutell, que vovlera enfermar, cara a Perth, cidade á que chegou xusto cando eu me dispoñía a partir. Non hai palabras para expresar o moito que se alegrou por todo o que eu conseguira dos cidadáns da capital. Dous bos católicos franceses, que se decataron da nosa impericia para andar co carro e os bois, brindáronse a acompañarnos en tan longa viaxe e a quedar despois connosco algún tempo para nos axudar nos labores do campo. Aceptamos co maior pracer o seu xeneroso ofrecemento, e na noite do 21 de xuño regresaba o padre Serra a canda eles á Misión, mentres eu permanecía un par de días máis para recoller algunhas cousas que me prometeran dar.

Ao día seguinte pola mañá, cando a comitiva estaba a nove millas de Perth, deu o padre Serra cun criado do Capitán Scully que lle entregou dúas cartas. Pero, ¡Deus eterno!, ¡que novas máis tristes! Nelas participáballe a morte do catequista Xoán Gorman. Como calquera pode imaxinar, o padre Serra quedou atordado e trastornado ata o indíxible ante unha desgraza tan espantosa; mais, resolto a vencer calquera obstáculo que as furias infernais perpetrasen para dificultarnos o labor na santa obra da Misión, comunicounos a fatal noticia ao señor Bispo e a min e proseguí o seu camiño. Ao que eu souben esta tristísima nova, nada podía reterme en Perth. Saín inmediatamente e, sen apenas determe nin de día nin de noite, apurei a marcha para alcanzar o meu querido compañeiro, a quen puíden abrazar ás once da segunda noite da miña viaxe. Daquela decidimos que eu quedase co carro e el se adiantase á Misión para lle dar sepultura ao cadáver do humilde catequista.

Aínda ben non tivo noticia o bo Scully do triste suceso, mandou á Misión por un dos seus criados un ataúde de caoba para enterrar o cadáver. Fonteinne, que recollera o derradeiro alento do pobre Gorman, non puido resistir a mágoa que lle causaba a presenza do seu defunto irmán, e, coa axuda do criado de Scully, atrancou o máis solidamente que puido a porta da choupana e buscou refuxio onda un pastor do mesmo Capitán.

9. Ao anoitecer do día 3 do mes de Santiago chegou o padre Serra, en compañía de dous salvaxes, a aquel lugar solitario e melancólico. A noite, xa lúgubre en por si; o silencio sepulcral que reinaba na conorna; o recordo dun irmán que acababa de perder e ao que lle ía prestar os últimos auxilios, certamente, horrorizarían a calquera que non fose tan forte e virtuoso coma o padre Serra. Ao día seguinte volveu Fonteinne con outros indíxenas, e, logo de celebrar as exequias do defunto, catro salvaxes espidos levaron a ombros a caixa, seguidos polo padre Serra, revestido con sobrepeliz e estola, e polo catequista, que levaba na man a cruz e o caldeiriño da auga bendita. Mentres a fúnebre comitiva se dirixía ao lugar destinado á sepultura, nós puidemos contemplala desde o alto dun outeiro próximo á Misión. Ante tan conmovedor espectáculo, os dous franceses que ían comigo botaron a correr para axudar os misioneiros en tan dolorosa tarefa, e eu, chorando e rezando, marchei co carro á choupana, onde atopei o desolado Fonteinne, que non fora quen de asistir á cerimonia fúnebre pola súa enorme dor e marchara, deixando o padre Serra só cos salvaxes. Ao pouco tempo estaban todos de volta e xuntos rezamos o responso de defuntos.

CAPÍTULO SEXTO

1. Abandono do primeiro punto da Misión e escolla doutro. — 2. O padre Salvado vai outra vez a Perth. — 3. O seu regreso á Misión. — 4. Extraviase. — 5. Paso dalgúns torrentes e pantanos. — Emprego dun medio insólito para salvar a vida dos bois. — Un salvaxe sae ao encontro do padre Salvado e chegan xuntos á Misión. — 6. Os padres Serra e Salvado quedan sós no medio das selvas. — Progreso da agricultura. — 7. Os misioneiros acalman algunhas pelexas entre os salvaxes. — 8. Enfermidades e curas prodixiosas. — Expresións de gratitude dos salvaxes. — 9. Estes escoitan con pracer as primeiras charlas de relixión. — Monseñor Brady extraviase nas fragas.

1. Ben poderían comprender os meus lectores que fundar a Misión naquel punto da fraga non fora desde logo pola nosa vontade, senón que non foi posible continuar ao faltarnos os medios para transportar os nosos mobles, utensilios e provisións, e porque alí encontráramos auga. Mais, despois da infausta morte do pobre Gorman, apoderouse de todos nós tanta tristeza e pesar que determinamos abandonar aquel lugar que tan funestos recordos nos suscitaba. E acabounos de decidir a pouca fertilidade das terras e a maior facilidade que había noutros lugares para atopar auga. Xa que logo, levantamos o noso asentamento e trasladámonos a outro lugar moito máis vizoso, onde axiña construímos unha segunda choupana, decruamos unha tenza de monte e cultivámola como conviña ás nosas necesidades.

2. Despois de botar algúns días de intenso e duro traballo cultivando o noso campo, un dos dous franceses que viñeran de Perth para axudarnos quixo retornar. Ofrecinme a acompañalo na viaxe, co ánimo de traer á miña volta todas as provisións que deixara en Perth. Xunguimos os bois

e puxémonos en camiño. Cando se viaxa con bois, cada vez que se fai un alto ao rematar a xornada, adóitase quitarlles os xugos, pendurarlles ao pescozo unha choca e deixalos pacer libremente. É ben raro que se afasten tanto que para o outro día non se poidan atopar seguindo o son da choca. Así o fixemos tamén nós ao remate da primeira xornada da viaxe, mais os bois arredáronse tanto que non os demos collido ata tres días despois, e ¡grazas a que nos axudaron dous salvaxes!

3. Chegamos a Perth logo de nove días de marcha, onde recollín as miñas provisións; comprei dúas cabras, plantas e sementes en abundancia, fun por un can que nos regalaran co adaxo de que nos servise para a caza do kangarú e volvíñ só cara á Misión no nome do Señor, guiando eu mesmo o carro.

Como na Australia o mes de xullo se corresponde co xaneiro da Europa e aquel ano foi sumamente chuvioso, só tiveron bo tempo o primeiro día da miña viaxe, todos os demais foron extremadamente húmidos e chuviosos. Escuso dicir que non tiña onde me refuxiar. Andando, o mesmo movemento axudábame a manter a calor natural, mais de noite dobrábanse as dificultades. Polo regular, a furia do vento, xunto coa forte chuvia, apagaban o lume. Por outra parte, o temor de que os bois se afatasen demasiado obrigábame a estar decote alerta pois cada media hora ía na súa busca, e como a noite era como a boca do lobo, máis dunha vez me vin coa auga ata os xeonllos. O tempo que non empregaba na busca dos bois pasábao ora en pé, ora de xeonllos, segundo me ía cansando de cada unha destas posturas, porque deitarme ou sentarme no chan, onde non había un palmo de terra enxoito, sería moi exposto para a saúde. Así pasaba a noite, aproveitando o pouco descanso que me permitía a incómoda postura que tiña que manter e a continua vixilancia á que me vía obrigado, e de mañanciña continuaba a viaxe iniciada. Deste xeito percorrín en cinco días un treito de sesenta e oito millas e cheguei á casa do Capitán Scully, onde reparei as miñas minguadas forzas cos coidados que me prodigou aquel bo católico; mais tiveron a mala sorte de perder

unha das cabras e os seus dous cabritos, que non deron resistido aquel durísimo temporal.


Pola xenerosidade da criada do Capitán, chamada Helena —cuxo nome quero deixar consignado en proba do meu agradecemento—, engadiuse á miña nova familia un galo, unha galiña e mais un gato. Este último animal era para nós un tesouro, pois os ratos devoraban todas as nosas provisiones dentro da choupana. Os traballos que padecín para ser quen de proseguir a miña viaxe, atravesando a cada paso correntes de auga que a chuvia convertera en ríos, camiñando case sempre por terreo pantanoso e cos pobres bois extenuados polo cansazo e por estar o chan enlameado, son imponderables. A miña única guía na selva eran as rodeiras do carro, pero ata isto me faltou nas chairas, cubertas con máis de dous palmos de auga. En tales apuros xulguei que o máis prudente sería deixarme guiar polo instinto natural dos bois, permitíndolles coller o camiño que mellor lles parecece, e abofé que así o fixen.

4. O segundo día da miña viaxe, logo de estar na casa de Scully, subín o lombo dunha cuíña cuxa forma me pareceu nova, e, aínda ben non chegamos arriba, os meus bois pararon en seco e o da esquerda volveu a cabeza cara a min como pedíndome que lle indicase o camiño que debíamos seguir. Este aceno fíxome comprender que tamén el perdera o rastro, e, como se lle falase a un ente racional, dirixinme a el con estas palabras: «Pois amigo, se ti non o sabes, eu tampouco». Entrementes, coa xostra e coa voz animeinos a proseguir. Emporiso, apenas andaran outros dez ou doce pasos, pararon de novo, e o mesmo boi, fitándome durante máis tempo que a primeira vez, empezou a bufar e a menear rapidamente a cabeza como negándose a seguir adiante. «Xa o entendo —dixen eu—: desencamiñámonos e extraviámonos». ¡Que momento tan terrible! A espantosa idea de me atopar perdido en medio das selvas turboume a razón por un instante, de xeito que non sabía a que carta quedar. As grandes aflicións do espírito non se poden expresar con palabras, porque, canto máis fondas son, máis difícil é manifestalas. Axeonlleime e, erguendo os ollos e as mans cara ao ceo, supliqueille ao

Señor que tivese dó de min e se dignase librarne de tan crítica situación. A miña oración non foi longa, certamente, mais o corazón pediuno con todo fervor. Concluída a miña súplica, erguinme, virei con decisión e volvíñ sobre os meus pasos. Durante cinco millas ou máis andei coa vista fixa no chan e o corpo inclinado, ata que, grazas á misericordia do Señor, dei co rastro da rodeira baixo a auga. Entrementres, xa se puxera o sol, así que decidín pasar alí mesmo a noite. Con moito traballo conseguín prender un lumiño, porque a leña estaba tan enchoupada que non era quen de facer que ardesse. En fin, a forza de paciencia acendino e enxuguei o mellor que puiden os meus farrapos, pois non merecía outro nome a miña roupa; mais, cada vez que caía outro ballón, apagábase de novo o lume e eu volvíame empapar. Deste modo, enxugándome e volvéndome mollar, botei toda a noite.

5. Amenceu por fin, e a atmosfera seguía tan cargada coma os días anteriores. Logo de arranxar novamente toda a miña equipaxe no carro, proseguín o camiño no nome de Deus. Ao pouco tempo atascouse o meu carro de tal xeito que os bois, malia os seus enormes esforzos, non o daban sacado da lama. Non quedou outra que descargalo, operación que por forza tiven que repetir máis adiante outras tres veces, pois o terreo estaba feito un lameiro e a miña xugada cada vez tiña menos forzas. Deixei en distintos puntos da fraga unha boa parte da carga, e, alixeirado así o peso, proseguín a miña viaxe, cruzando a cada pouco torrentes que atravesaban os campos por todas partes, tan rápidos e fondos que precisaba quitar os calzóns e recoller a roupa debaixo dos brazos. ¡Menos mal que tan só Deus era testemuña de semellante escena! E logo, aferrado aos cornos dun dos bois, guiábaos a ambos ata a beira oposta.

En ocasións arrastrounos a forza da corrente perigosamente, e para me salvar vinme na obriga de gabear polas árbores máis dunha vez, deixando que o torrente arrastrase o carro e os bois e toda a miña roupa, incluída a camisa, pois para nadar mellor quitáraa nas pasaxes máis perigosas e puxéraa no carro. Mais o Señor dignouse librarne de todos



Varios episodios da vida dos misioneiros de Nova Nursia

aqueles perigos, e, logo de inauditos traballos, cheguei a sete millas de distancia da Misión.

Alí atoeime nun pantano moito maior e máis perigoso do que eran os anteriores. Os bois afundiron na lama ata o ventre e o carro ata o eixe; e para maior desgraza, chovía a mares, era incesante o retumbar dos troncos e o lampo dos lóstregos, e a furia do vento esgazaba grosas pólas e troncos de árbores. En suma, parecía que todos os elementos se conxuraran contra min e contra os meus pobres animais. En tan apurado lance descarguei totalmente o carro e afalei os bois coa xostra e con berros que chegaban ata o ceo, mais todos os seus esforzos eran inútiles, pois bois e carro afundíanse cada vez máis. Entón solteinos do carro, desxunguinos e prendín arredor deles unha boa cacharela para que entrasen un pouco en calor. Intentei coa xostra que saísen do lameiro, mais todo foi en van porque estaban case enterrados na lama e derreardos pola canseira. Temendo entón pola vida daquelas pobres bestas, e logo de reflexionar un intre, decidínme a facer unha última e extrema proba. Volvín prender unha boa larada e desapiadadamente arriméillela canto puiden ás súas partes traseiras. Ao sentiren que se queimaban vivos, os dous bois, con increíbles esforzos e dando uns brúidos espantosos, deron saído por fin do pantano, e estaban tan enfurecidos que abofé que me turrarían de non ter a precaución de me refuxiar detrás dunha árbore, preparado para gabear por ela se me vise apurado. Mais ao pouco tempo os pobres bois, breados como estaban, pararon para lamber as queimaduras e o sangue que delas manaba. É ben certo que nos casos extremos cómpre adoptar medidas extremas. Neste caso, por exemplo, en tan desesperada situación, perdería os meus bois de non tomar aquela bárbara determinación.

Durante a noite esvaéranse as nubes e o ceo serenárase, e a fermosa e brillante luz do sol da mañá seguinte reanimou o meu decaído espírito, infundíndome novo valor. Os pobres bois, escarmentados polos sucesos da véspera, rexeitaron achegarse ao carro, que aínda permanecía enterrado na lama. Xa que logo, carguei sobre os seus lombos e sobre o xugo

todas as provisións que puiden, botando ás miñas costas o saco en que ía metido o gato e a gaiola dos polos, levando pola man o can e a cabra co único cabrito que sobrevivira a tantos azares, pois o outro afogara nun dos torrentes. Ben amolado con tanto atranco, dirixinme á Misión, e deixei o carro co resto das provisións naquel pantano, onde permaneceu por espazo de case cinco meses. Levaba andadas catro millas e deiteime a descansar mentres os bois pacían, e entón inesperadamente sentín un *¡cui!*, berro co que adoitan chamar os salvaxes aos europeos cando están lonxe. Erguí a cabeza e vin un salvaxe chamado Bigliagoro, que se me achegou e me entregou unha carta. Era do padre Serra, quen, en vista do mal tempo, e facéndome moito máis lonxe, me preguntaba se necesitaba axuda. Saquei do meu saco pan e carne e ofrecínllos a Bigliagoro, e ao velo comer con tan bo apetito viñéronme ganas de facer outro tanto, pois o meu débil estómago, ben polo cansazo, ben polas continuas molladuras que sufrira, ou quizais polos sustos que tivera, certo é que había dous días que se resistía a tomar calquera alimento. Comemos pois, logo repartín a miña carga entre os dous e dirixímonos cara á Misión, que non distaba máis de tres millas.

Encontrei os dous misioneiros e o francés moi atarefados nos labores do campo na compañía de moitos salvaxes. Quedaron abraizados en vén-dome regresar tan axiña, e moito máis aínda por ver os bois sen o carro; pero, ao que lles contei todo o ocorrido, determinamos cortar unha árbore gallada, preparar con ela un rastro, a modo de carro sen rodas, e empezar desde o día seguinte o traslado de todas as provisións á choupana, operación na que empregamos seis días completos.

6. Ao pouco tempo, o 10 de agosto de 1846, volveu a Perth o francés que permanecía connosco, acompañado polo catequista Fonteinne, a quen lle aflixira tanto a morte do desventurado Gorman que ata as súas facultades mentais sufriran detrimento. E velaquí estamos o padre Serra e mais eu, totalmente sós, no medio das selvas. Lonxe de desanimarnos, seguimos con empeño os nosos traballos de labranza, e malia ser un pouco tarde para sementar o trigo, con todo e iso estivádamos outra tenza

de monte e labrámola, o que se nos fixo moi penoso por non termos calzado. O padre Serra guiaba os bois e eu o arado. Para afondar os regos tiñamos que facer forza cos pés, que quedaban desfeitos coas pedras e mais coas aguzadas e punzantes raíces, regando así aquel inculto chan non só coa nosa suor, senón tamén co noso sangue. Sementada xa aquela seara, destinamos outra para botar diversas sementes e para plantar viña e árbores froiteiras. Deste xeito, a primeiros de setembro vimos con enorme satisfacción verdecer o trigo, cousa que nos prometía unha abundante colleita; prenderan novecentas cepas que plantamos e unhas seiscientas árbores froiteiras: figueiras, limoeiros, albaricoqueiros, pexegueiros e outras, un bo número de oliveiras, das que sementamos unhas tres mil carzas, e por último varios campos de patacas, cenorias, charouvías, ravos, tomates, remolachas, melóns etc.

Amais dos nosos labores de labranza, que considerabamos como cousa secundaria, ocupabámonos con todo ardor no estudo da lingua, leis, costumes e crenzas dos salvaxes, para podelos ir instruindo pouco a pouco nos principios da nosa santa relixión, asistilos nas súas enfermidades e pacificar as súas pendencias.

7. Por causa dalgunhas disputas que houbera entre os salvaxes preto da nosa choupana, xulgamos oportuno que deixasen nela os seus *guichis* ou lanzas e as outras armas mentres estivesen no territorio da Misión, ao que accederon todos sen dificultade. Pero cando, sen nós sabelo, trababan entre eles algunha liorta que debía decidirse mediante as armas, pedían-nolas, co aquel de que querían marchar; mais a poucas millas de distancia da Misión tiña lugar o combate. Polo regular, así que empezaba a pelexa, corrían as mulleres onda nós a avisarnos para que impedísemos o derramamento de sangue. Entón iamos nós, sen perda de tempo, ao lugar da loita. Por veces coa nosa soa presenza abondaba para lle poñer fin. Outras, emporiso, encontrabamos os combatentes tan irritados e enfurecidos que, malia todos os nosos esforzos para pacificalos, continuaban pele-xando co maior encarnizamento. En tal caso, posta a nosa confianza no Crucifixo que levabamos na man, metíámonos, ousados, entre as dúas

partes, e aínda que as súas lanzas nos pasasen a carón, con ánimo sereno e boas palabras conseguíamos apazugalos e facer que entregasen as súas armas todas. Ben é verdade que moitos deles o facían de mala gana, e, cando llelas sacabamos das mans, desafogaban a súa rabia con repetidos saltos e estrañas contorsiós, pateando no chan e dando agudísimos berros cara ao ceo; mais ningún se resistiu endexamais nin fuxiu por non querer que o desarmasen.

¡Grande e misericordioso Señor! Aqueles homes que se mostraban impávidos ante as armas europeas e ante o número superior dos seus civilizados inimigos, soltaban as súas lanzas e reprimían o seu furor ante as súplicas de dous inermes e case descoñecidos misioneiros. ¡Ou divino poder da nosa santísima relixión!, ¿hai algo que ti non poidas conseguir?

Rematadas tan sanguentas pelexas, levabamos os feridos á Misión, onde os coidabamos co maior esmero. A divina Providencia, que visiblemente nos protexía, dignouse levar a bo porto as numerosas curas de feridas e enfermidades que fixemos, malia ignorarmos absolutamente os máis elementais procedementos da arte médica e termos unha caixa de primeiros auxilios tan pobre e desprovista como xa teño dito. Se quixese narrar todas as curacións que conseguimos, alongaríame excesivamente, pero contentareime coas seguintes.

8. Estabamos unha mañá a rezar os divinos oficios e presentouse unha muller chorando a fío e chea de aflición, dicíndonos que o seu fillo pequeno fora atravesado de parte a parte por un *guichi* no baixo ventre e que xacía case exánime en medio da fraga. Corremos decontado para lle ofrecer os nosos auxilios, mais a pouca distancia da choupana atopamos un ancián que o traía onda nós. Pareceunos a ferida de tanta gravidade que pensamos que tan só lle poderíamos prestar axuda espiritual. E ao volvermos á choupana, mentres o padre Serra lle untaba con aceite a chaga da parte dereita, eu cosinlle cun fío de seda un anaco de carne da parte esquerda que, coa forza da lanza, lle quedara colgando; a seguir untámosllo con aceite e deitámolo nunha cama, logo de lle facer tomar

unha purga e unha cunca de té. A súa nai e algunhas outras mulleres chorábano día e noite coma se xa estivese morto, o que nos amolaba moitísimo durante a misa e o rezo, porque estaban todas dentro da choupana. Ao ferido dabámoslle té tres veces ao día, engadíndolle unha sopiña de arroz na toma do mediodía. Con esta única menciña, grazas ao Señor, ao cabo de dez días estaba o rapaz enteiramente curado e volveu á fraga. Este mozo é un dos dous que trouxen comigo a Europa, e é actualmente novizo, xunto con outro compañeiro seu, no noso mosteiro da Santísima Trindade da Cava, no reino de Nápoles.

O aceite de oliva era o remedio que tiñamos por costume aplicar en todas as feridas de *guichi*, *cabè* e demais armas dos salvaxes, e a súa virtude balsámica obraba en verdade prodixios. Para as dores de tripas ou de entrañas, arrefriados e outras doenzas non usabamos outra cousa que o sal inglés, o té e a sopa de arroz, todo o cal producía tan bos efectos coma o aceite para as feridas. Un salvaxe —entre outros moitos— chamado Duergan, traído ao lombo pola súa muller, estaba en moi mal estado por unha doenza do peito; aos trinta días de seguir o noso método curativo sandou totalmente e mesmo se puxo máis forte ca antes, o que nos deixou admirados a el e a nós, e non menos á súa muller e fillos, que xa o choraban dándoo por morto.

O padre Serra tiña tantos coñecementos de medicina coma min; é dicir, que ningún dos dous sabíamos nada. As nosas menciñas eran poucas e tan sinxelas como teño explicado, e, con todo, pola misericordia de Deus xamais acudiu a nós ningún salvaxe enfermo que non recobrase a saúde perdida, o que, como se poden figurar os meus lectores, contribuía moito ao progreso da nosa Misión. Os salvaxes tiñan posta en nós toda a súa confianza, cousa absolutamente indispensable para un misioneiro, e demostrábonos cada día maior respecto e amor ao mesmo tempo. A nosa sona espallouse ata entre as tribos máis remotas, que viñan á nosa choupana para nos coñecer, e frecuentemente traían onda nós os seus enfermos. Aplicabámoslles nós os ordinarios remedios, e, ao que recobraban a saúde, procuraban por todos os medios manifestarnos a súa

gratidade, e ao non saberen como pagar os nosos servizos, coa súa natural sinxeleza dicíannos: «Vós curástesnos, daquela, somos todos vosos. As nosas esposas son as vosas esposas; as nosas fillas son as vosas fillas; os nosos fillos son os vosos fillos; todo canto temos é voso». A resultas disto, percorríamos sen ningún tipo de perigo todas aquelas fragas e os salvaxes facían contentos e con presteza todo canto lles mandabamos.

9. Aproveitando tan favorables circunstancias, poñiamos todo o noso empeño en amansar os seus ánimos, naturalmente feroces, e en preparalos para recibiren as primeiras nocións dos misterios da nosa santa relixión. Escoitábannos con indicible pracer, e ao sentirmos falar do paraíso e do inferno mostraban un extraordinario respecto e veneración cara a aquel Home-Deus que, morrendo por todos nós, nos librara da eterna condenación e lle abrira as portas do ceo ao xénero humano.

Unha noite que estabamos a carón do lume rodeados por un gran número de salvaxes, e lles falabamos de cousas de relixión, chegaron dous deles e contáronnos que dous días antes viran dous forasteiros de a cabalo que, ao se perderen na selva, volveran a Perth seguindo a rodeira do noso carro, que por fortuna encontraran. Fixémoslles moitas preguntas para saber quen poderían ser aqueles europeos, mais non puidemos pescudar nada. Máis adiante soubemos que o ilustrísimo Brady, ao sentir falar dos progresos da nosa Misión, se puxera en camiño, acompañado por un ca-tequista, coa arela de nos visitar e de comprobar cos seus propios ollos canto lle dixeran acerca de nós, pero que, ao se perder na selva cando os abandonou o salvaxe que lles servía de guía, tivera que regresar á cidade. Sentimos moitísimo que, querendo a súa ilustrísima honrarnos cunha primeira visita, se perdese e se vise obrigado a volver sen poder chegar onda nós. Certo é que, carentes de pan como estabamos, mal poderíamos obsequialo como cumpría; pero Monseñor, vello misioneiro, habíase compadecer de nós, adaptariase á nosa escaseza e aceptaría a pouca caza que, grazas ao Señor, adoitaban traernos os salvaxes.

É conveniente sinalar que moitas veces os europeos que viaxan por aquelas fragas non ven un só salvaxe, malia haber moitos ocultos entre

a maleza afitándoos e espreitando ata os seus máis insignificantes movementos. E se un pobre europeo se extravía, non serán os indíxenas os que vaian na súa axuda, pois non colle na mente dun salvaxe que nós, instruídos e doutos en tantas cousas, non saibamos tamén andar polos bosques ao noso antollo.

CAPÍTULO SÉTIMO

1. Penuria dos misioneiros por falta de víveres. — Os salvaxes veñen na súa axuda. — Estado miserable do vestiario dos dous misioneiros. — 2. Empeño dos salvaxes en ocultaren as súas crenzas e enxeñoso método dos misioneiros para as descubriren. — 3. Sistema de misión que debe adoptarse. — 4. Os dous misioneiros van a Perth co fin de acadar recursos para poñeren en práctica o seu novo sistema. — 5. Retornan á Misión e áchana devastada. — Os misioneiros vense obrigados a abandonar aquel lugar. — 6. Establécense nun asentamento moito mellor ca o primeiro. — O Goberno concédelles terras. — Estivada destas para empezar a cultivalas. — Dificultades dos misioneiros para se faceren cos aveños indispensables. — 7. Algúns artesáns ofrécense a traballar cos misioneiros. — 8. Mori-Mori é o primeiro salvaxe do interior que vai a Perth. — Os salvaxes da capital acólleno con inesperado agasallo. — 9. Os artesáns, guiados polo misioneiro, diríxense á Misión. — Mori-Mori cóntalles aos seus parentes e amigos o bo trato que recibira dos salvaxes de Perth. — Boa impresión que produce a súa relación.

1. A últimos de outubro, despois de levarmos vinte e nove días sen un anaco de pan, a cristiá xenerosidade da irlandesa Helena, criada do Capitán Scully, proveunos de catorce libras de fariña. Os salvaxes, coñecedores da nosa penuria, fixéronllo saber, e para darnos unha grata sorpresa, trouxéronnola eles mesmos ata a choupana. Démoslle grazas ao Señor, que daquel modo quixera socorrernos na nosa extrema miseria. Pouco tempo despois mandáronnos de Perth outras corenta libras, mais como tiña moito salvado non podíamos facer pan, así que a ferviamos, facendo una especie de engrudo semellante ao que usan os zapateiros, que naquelas circunstancias era para nós un manxar delicadísimo.

Se escasos estabamos de víveres, non menos o estabamos de vestiario. Os nosos hábitos monásticos, enteiramente desfigurados, caían a tris-

cos. Remendáramos os calzóns coas peles de kangarú que os salvaxes rexeitaban por inservibles, e por falta de botóns axustábalos ao corpo con tripas de kangarú ou con algún anaco de corda. As pedras e as espiñas magoábannos os pés, que ás veces tiñamos cheos de sangue; por esa razón suplímos a falta de zapatos cuns retallos de madeira cubertos con pel de kangarú. Os sombreiros triangulares tampouco conservaban a súa forma orixinal. Nunha palabra, e dito sexa en honor á verdade, o noso aspecto non era moi axeitado que digamos. E non era mellor a nosa roupa interior, pois lémbrome de estar unha vez tres meses e outra seis sen cambiar de camisa, que, de non ser de la, seguro que non resistiría tantas suores e humedén. Con todo, pola misericordia do Señor, a pesar de tantos sufrimentos, a nosa saúde sempre fora excelente, e aínda máis rexa do que era cando viviamos na Europa.

2. Xa teño dito que daquela conquistáramos as vontades de todos os salvaxes, que tiñan en nós total confianza; con todo, mantiñan no maior segredo as súas misteriosas crenzas. Se interrogámos sobre este particular os mozos, aínda que pasasen ben dos trinta anos, respondíannos que eran demasiado novos para contestar satisfactoriamente as nosas preguntas e dirixíannos aos anciáns, os cales, á súa vez, nos contestaban con parvadas, ou ben finxían non nos entender, polo que, para lograr o noso propósito, tivemos que nos valer dalgunhas artimañas; velaquí cales.

Os salvaxes, cando nas súas andanzas están atarefados coa caza, gardan o máis absoluto silencio, porque toda a súa atención está posta en procurar o alimento. Nesas circunstancias, intentar trabar conversa con eles, sexa cal for a materia, é tempo perdido. Cando volven de cazar, en cambio, sentan arredor do lume e, atentos unicamente a preparar a comida e a reparar as súas armas, entretéñense, como os árabes, en relatar os seus contos e historias. Ese é o intre exacto que debe aproveitar o misioneiro. Se sabe tirar partido desa situación, pode recoller máis froito e adquirir máis información nunha soa destas xuntanzas que acompañándoos moitos meses polas fragas. Así que nós, para informarnos das súas crenzas e costumes, coma quen non quere a cousa, facíámonos os acha-

dizos e participabamos naquelas inocentes reunións, ben co adaxo de querermos aprender a facer as súas armas, ben xogando cos nenos, cousa que lles gustaba moito a seus pais. Entrementres, eles, sen sequera sospeitar cal era realmente o obxecto que nos levara alí, seguían o relato dos seus fastos e proezas, ou das dos seus antepasados.

Nós, cando se nos presentaba a ocasión, preguntabámoslle ao orador, ou ben lle levabamos a contra para ver que respondía, e el, afirmando con calor o que antes aseverara, continuaba a súa relación. Outras veces poñiamos en dúbida certas partes da súa narración, ou facíámoslle ver que o que afirmaba contradicía o que outros nos contaran. Así, sen nos cansar de repetir a nosa artimaña, chegamos, aínda que supuxo un ímprobo traballo para nós, a coñecer moitos dos seus segredos, dos que farei máis adiante.

3. O estudo práctico do idioma, das leis, usos e costumes dos salvaxes deunos a coñecer, entre outras cousas, que o sistema de vida nómade que adoptaramos ao principio, ademais de ser precario, requiría moitos e continuos recursos, sen contar o sacrificio da saúde e mesmo da vida de moitos, dando pouquísimo ou ningún resultado. Pola contra, o sistema da estabilidade, ou sexa, de fundar unha misión onde dar refuxio a todos os salvaxes que alí quixesen acollerse e instruírse, ben na relixión, ben en calquera arte útil, produciría incalculables beneficios, sen se expoñeren, por outra parte, os misioneiros ás moitísimas penalidades e perigos da vida nómade.

Non é difícil predicarlle a un salvaxe; mais éo, e moito, que o sermón dea algún froito; porque no mellor da prédica o salvaxe diríxese ao misioneiro e dille: «Todo o que me contas será certo, mesmo certísimo, pero teño moita fame. ¿Dásme un anaco de pan?, ¿si ou non?». E, se non llo dás, vírache as costas e vaise á fraga para satisfacer o seu apetito. Mais supoñamos agora que se lle dá de comer e que o indíxena quere deixar a súa vida nómade e abrazar o cristianismo. ¿Quen o viste?, ¿quen o mantén? Se temos medios dabondo para manter un, ou vinte, ¿poderémolles negar o asilo a cincuenta ou a un cento que se presenten na Misión dicindo: «Queremos vivir convosco, queremos crer en Xesús Cristo?»

Velaquí, pois, o verdadeiro traballo; antes de nada, é preciso afacer eses homes de vida nómade e ociosa a establecérense e viviren nun punto fixo. Velaquí, en fin, a necesidade de crear un establecemento dirixido por hábiles e virtuosos misioneiros que, desprendidos dos seus propios intereses, como sucede cos católicos, se ocupen exclusivamente da educación moral e cívica daqueles próximos, sen outra mira que a maior honra e gloria de Deus.

Persuadidos nós destas verdades, empezámolas a poñer en práctica, aínda que a moi pequena escala, e observamos con pracer que os resultados se correspondían coas nosas esperanzas. Os salvaxes acudían en gran número á nosa humilde choza pedíndonos que os deixásemos traballar con nós, sen máis pago que algúns trapallos para se vestiren e un anaco de pan. As nosas forzas redobrábanse ao vermos tan bo resultado; mais aflixíanos moitísimo a escaseza dos medios necesarios para podermos levar adiante unha obra tan grande. O porvir presentábase cheo de vida, mais o presente era moi triste e doloroso. Polo tanto, determinamos ir a finais de mes ambos a Perth para lle manifestar de viva voz ao señor Bispo os nosos apuros e as inmensas vantaxes que se obterían da Misión se fose posible dotala de medios suficientes. Escribímoslle ao Capitán Scully suplicándolle que se servise mandarnos un dos seus criados para gardar a nosa choupana e as nosas terras; e, en canto chegou, marchamos á capital co carro e os bois.

4. Así que chegamos a Perth, a súa ilustrísima ordenoulle a un dos seus criados ir á Misión para coidar de todo, en lugar do de Scully, e a nós deunos algunha roupa súa, visto o estado miserabilísimo da nosa. Díxémoslle que, ben que nun principio tiramos algún proveito do método de seguir sempre os salvaxes alá a onde fosen, non obstante, a experiencia demostráranos que o mellor era fundar unha misión onde albergar os salvaxes que se quixesen establecer e instruír. Comprende Monseñor perfectamente as grandes vantaxes e utilidade que derivarían de tal sistema, e como carecíamos de medios pecuniarios, propuxémoslle que o padre Serra fose á Europa para, grazas á caridade dos fieis, recadar os medios

que se precisaban para levar a efecto o noso plan. Mais a súa ilustrísima estaba tan falto de fondos que nin sequera tiña con que pagar a pasaxe para o padre Serra.

Entón, unha vez máis botei man da música. Ordenei anunciar pola cidade que iamos abrir unha escola de música e que todo o seu produto se investiría integramente en beneficio dos salvaxes, coa condición de que os alumnos debían adiantar o estipendio dun ano. A exigencia foi certamente atrevida e, así e todo, en poucos días reunín un número considerable de persoas que desexaban asistir ás miñas clases e que estaban dispostas a facer o desembolso requirido, o cal en conxunto bastaba e mesmo sobraba para a viaxe do padre Serra. Mais neste intermedio de tempo a divina Providencia, ¡bendita sexa por sempre!, fixo inútil o proxecto concibido, pois o ilustrísimo señor Bispo recibiu algunhas axudas enviadas pola pía obra da Propagación da Fe. Correspondeunos a nós unha boa parte (5.000 francos), e prometéronnos que máis adiante nos mandarían outra cantidade igual. Con estes recursos abastecémonos de víveres e provisións de toda especie e compramos os aveños máis útiles e necesarios para o cultivo da terra, así como as ferramentas indispensables para construír un mosteiro.

5. O día 20 do mes do Nadal estabamos de volta na nosa choupana; pero ¡meu Deus, que desolación!, ¡que cadro tan triste se ofreceu á nosa vista! Devastados os campos que regaramos coa nosa suor e mesmo co noso sangue; arrancadas e pisadas as hortalizas e as plantas; rotos e esparexidos polo chan os mobles da nosa choupana; vendo todo abandonado e arruinado, daban ganas de chorar. O criado que o señor Bispo nos mandara de Perth non se preocupou en absoluto do que se lle encomendara, e unha grea de cabalos causara todo aquel estrago¹⁴.

14. Malcom, así se chamaba o criado, ao volver a Perth asasinou un pobre ancián para lle roubar os poucos cartos que levaba. Prendido e probado o seu delito, foi condenado a ser aforcado no mesmo lugar en que cometera aquel horrible crime. ¡Xustos e inescrutables son os xuízos de Deus! Quizais o Señor o deixou da súa santísima man como castigo polo mal que coidara dos intereses da Misión.

Grande foi, en verdade, o dano que nos causou aquel desastre; mais non foi menor o que sufrimos cando un maxistrado nos intimou a desocupar aquel lugar porque fora arrendado a uns pastores. ¡Triste cousa, por certo! ¡Logo de tantas suores, logo de tanto traballo empregado na estivada e cultivo daquelas veigas, non só tiñamos a desgraza de non podermos recoller ningún froito, senón que aínda por riba nos forzaban a abandonalo!

6. Non obstante, non nos abatemos por isto. Certamente, non eran os froitos e as ganancias terreaís o que nos trouxera á Australia. Por iso, cheos de confianza na Santísima Trindade, buscamos outro lugar no que fixar o noso asento, e atopámolo ao cabo de dous días. Fixeramos a escolla na beira setentrional do río, mellor dito, torrente, chamado polos ingleses Moore e polos salvaxes Maura, a carón dunha gran balsa de auga pluvial e nun terreo e situación bastante mellores dos que presentaban os dous primeiros.

Delineamos nós mesmos o plano topográfico dos vinte acres de terra que o Goberno nos facultara tomar, e o padre Serra foise a pé a Perth co fin de facer que o Goberno da colonia aprobase a toma de posesión do fundo en nome da Misión, como así aconteceu. Durante a súa ausencia, o 2 de xaneiro de 1847 empecei a construír unha choupana nun novo lugar, e, aínda que era eu só, coa axuda de Deus, ao regresar o padre Serra da capital todo estaba rematado en medio das fragas de Maura.

Puxémonos a estivadar o monte de inmediato, arrancando de raíz os anellos eucaliptos, acacias e moitas outras especies vexetaís que cubrían as beiras do Maura, e en poucos días, axudados polos salvaxes, había 34 acres de terra de pan preparados para recibir o arado.

Como estaba a chegar o outono, que empeza por marzo, precisabamos fornecernos canto antes doutros apeiros indispensables para o cultivo como os que xa tiñamos. Compramos pois o carro e o arado que o ano anterior nos deixaran prestados, un angazo, trigo para sementar e para o noso consumo, e un muíño de ferro para moelo. Compramos tamén máis bois, algunhas vacas, un touro e moitas outras cousas que nos pareceron

oportunas para o progreso da Misión. A adquisición de cada un destes obxectos e animais custounos mil dificultades e traballos, porque para adquirilos tiñamos que andar cincuenta e ata cen millas e máis de camiño, con indicibles privacións e penalidades; traballos e incomodidades que mal poderíamos resistir sen a continua e evidente axuda que nos dispensaba a divina Providencia.

7. Polo mes do Nadal estabamos en Perth, e moitos daqueles honrados habitantes, que sabían cantas privacións padeceramos por culpa do tremendo inverno, un dos máis crus que se viviran, así que souberon da nosa intención de fundar un mosteiro en medio da fraga, ofrecéronse a traballar connosco sen cobrar ningún xornal, só para gloria de Deus. En van lles insistimos en que o seu e o noso sustento consistiría tan só nun pouco pan cocido ao rescaldado, arroz fervido, ou ben, na falta deste, fariña cocida e unha cunca de té; e que na nosa miseria non podíamos ofrecerlles máis ca a nosa pequena choupana; xa que logo, a moitos nos tocaría durmir ao raso e sen ningún xénero de comodidades. En van, digo, lles fixemos todas estas reflexións, porque nada foi capaz de os disuadir do seu santo propósito. E por máis que soubesen o arduo que era o seu empeño e o difícil que sería soportar un traballo de varias semanas, en por si xa dabondo duro, sufrindo tantas privacións, a súa ardente caridade e o celo pola gloria de Deus déronlles azos para teimar en poñer o seu gran de area en beneficio daqueles infelices salvaxes e para a propagación da nosa santa relixión. En resumidas contas, non quedaron contentos mentres non lles prometín formalmente que volvería a Perth pola Candeloria para levalos comigo á Misión. Con este motivo, a primeiros do dito mes, o padre Serra e mais eu comezamos a construír unha segunda choupana, máis espazosa ca a primeira, para albergar os traballadores que ían vir para axudarnos. Levantadas as paredes, deixei-lles ao padre Serra e aos salvaxes a encomenda de cubrila, e eu, co carro, acompañado por un salvaxe chamado Mori-Mori, o primeiro que logrei persuadir para que viñese comigo ata a capital, encamiñeime a Perth.

8. O celoso dereito de propiedade que teñen os indíxenas sobre a caza e demais alimentos que se atopan nos seus territorios particulares é, ao meu ver, unha das principais causas polas que un salvaxe é asasinado polos outros en canto sae da parte da fraga en que por nacemento ou polas alianzas está a cuberto dos ataques. Repetidas veces nos esforzamos en persuadir os da nosa Misión para que nos acompañasen a Perth, asegurándolles que nada malo lles sucedería indo connosco, mais sempre infrutuosamente. O pánico de caer en mans dos salvaxes doutras tribos e seren asasinados facía que nos volvesen as costas. Por fin logrei, como dixen, persuadir a Mori-Mori, mozo resolto e que tiña gran confianza en min, e decidiuse a acompañarme naquela ocasión deica a capital. Ao chegarmos alí regaleille unha camisa nova e un traxe completo de labrego, e el, en véndose tan composto, sentiuse moi superior aos seus semellantes.

Ao principio tiña un medo extraordinario dos salvaxes de Perth, cuxa linguaxe ao chegar non entendía; mais, así que lles ofreceu pan e unhas moedas que eu lle dera para a ocasión, gañou a súa amizade ata tal punto que mesmo lle ofreceron unha moza en matrimonio. El rexeitou a oferta, mais tomou parte no baile que os seus paisanos deron na súa honra. O que máis satisfacción lle causou a Mori-Mori foi encontrar unha muller do seu lugar que fora roubada moitos anos antes por mor da súa estraña beleza.

9. Tan axiña como souberon da miña chegada a Perth, os que se brindaran voluntariamente a axudarnos na construción do mosteiro trouxéronme cada un as súas ferramentas para que as fose cargando no carro, e o 22 de febreiro partín outra vez cara á Misión á fronte dun grupo de artesáns irlandeses e franceses, entre eles un protestante, hábil albanel, a quen o Deus que move os corazóns de todos os homes lle tocou o seu para que axudase uns pobres misioneiros católicos. Chegamos felizmente a Maura o día 28, e non hai palabras para expresar como o bo de Mori-Mori, entusiasmado, lles contou polo miúdo, mesmo exaxerando, aos seus parentes e amigos a boa acollida que lle dispensaran os salvaxes da capital e todo o que alí vivira, de tal xeito que conseguiu espertar neles tanta

curiosidade e tales desexos de ir a Perth que, de alí en diante, sempre que algún de nosoutros tiña que viaxar, fose onde for, pugnaban todos á porfía por nos acompañar.

Foi inmenso o proveito que uns e mais os outros tiramos deste suceso. Nós, porque por medio dos salvaxes mandabamos a Perth e a calquera outro sitio as nosas cartas e recibiamos de xeito seguro a contestación; e eles, porque desde entón desaparecera de raíz aquel odio que antes existía entre tribos de puntos afastados. E hai algo que non nos debe pasar desapercibido: cando enviabamos un dos nosos salvaxes con algún recado e se encontraba cun descoñecido, mostráballe, cal salvoconduto, a carta de que era portador, dicíndolle: «*N-agna Priest maja Jun-ar*», que quere dicir: «Pertenzo á casa dos sacerdotes». Isto bastaba para que o outro o deixase pasar libremente.

CAPÍTULO OITAVO

1. Fundación do primeiro mosteiro beneditino. — 2. A Providencia divina sérvese dun can para procurar o sustento diario de traballadores e misioneiros. — 3. Concluído o edificio, é dedicado á Santísima Trindade e posto baixo a protección da santísima Virxe, e déuselle a todo aquel territorio o nome de Nova Nursia. — 4. O Goberno concédelles máis terras aos misioneiros. — 5. Escaseza de víveres. — 6. Os salvaxes animanse a traballar ao ver a abundante colleita que prometía a terra. — 7. Crenzas dos salvaxes acerca da inmortalidade da alma e a súa transmigración. — 8. O ilustrísimo señor Brady visita por primeira vez a Misión e maniféstalles aos misioneiros a súa aprobación e satisfacción polos progresos realizados. — 9. O padre Salvado vai á cidade e leva con el unha orfíña salvaxe. — Queda o carro no fondo dun río e o misioneiro vese obrigado a levar a nena a ombros ata Perth, onde recibe o santo bautismo. — Dificultades e perigos en que se viron os misioneiros guiando o carro. — 10. Adquiren un fatado de ovellas. — Os cans do mosteiro comen un volume do breviario. — Destreza dos salvaxes na sega. — 11. Os misioneiros abren un novo camiño para ir a Perth. — Atopan auga no toro oco das árbores. — Cerimonias e cumpridos entre os salvaxes. — Encontro cunha viúva que un salvaxe da comitiva toma por esposa. — 12. Os misioneiros sálvanlle a vida a unha muller salvaxe. — Un grande incendio ameaza devorar a colleita e destruír a casa da Misión. — Causa deste incendio.

1. De ningún modo podíamos celebrar mellor o aniversario da nosa arribada a aquela fraga que botando os alicerces dun mosteiro. O primeiro de marzo, festa de san Rosendo, o mesmo día que un ano antes celebráramos a nosa primeira misa nas selvas da Australia, empezamos a botar os cimentos dun mosteiro beneditino en beneficio dos míseros fillos daquel inmenso continente. Beicida a pedra angular, so a que puxemos unha medalla coa imaxe do noso glorioso Patriarca, cada un de nós púxose a traballar segundo as súas propias forzas e habilidade. Había quen traía e

labraba as pedras; quen erguía as paredes; quen amasaba a arxila ou quen llela levaba aos albaneis. Uns tallaban árbores, outros traballaban a madeira para facer portas e fiestras e outro, finalmente, facía de cociñeiro, traballo que non era, por certo, o máis difícil.

2. O can aquel que me deran en Perth como gran cazador de kangarús non recordo que ata daquela pillase nin un sequera deses animais. Mais des que chegara toda aquela boa xente para axudarnos, velaquí que o noso can, guiado por un salvaxe, tróuxonos cada dous días sen falta un groso kangarú de cincuenta libras de peso, e ás veces de máis; así que, malia que eramos polo menos dezasete, ningún día nos faltou carne. ¿Quen non ve nisto un signo da Providencia divina? Pompeo (tal era o nome do can) abasteceunos de carne con abundancia mentres estiveron connosco os traballadores que nos viñeron axudar na construción do mosteiro, e a medida que ía diminuindo o seu número, tamén diminuía Pompeo as súas provisións. Cando por fin xa non precisabamos dos seus servizos porque mercamos un rabaño de ovellas, perdeu un ollo e quedou completamente inútil para a caza. E iso non foi todo, senón que como nós non matabamos ningunha ovella para o noso sustento, o bo de Pompeo, moi ao noso pesar, encargábase de matar de cando en vez unha, que nos traía intacta ata as portas do mosteiro, onde a encontrabamos cando ao abrente iamos traballar nos campos.

3. Despois de cincuenta días de traballar a oito, quedaron rematadas as paredes, que medían corenta e dous pés ingleses de longo, catorce de alto e dezaseis de largo, polo que os albaneis regresaron a Perth, e pouco despois fixérono todos os demais operarios. O 28 de abril o padre Serra e mais eu durmimos por primeira vez baixo o teito do novo edificio, e, aínda que só tiña cuberta a metade, pareceunos estar nos dormitorios na compañía dos nosos irmáns. En fin, cuberto xa de todo o teito, ocupámonos de arranxar o interior. Antes de nada adornamos do mellor xeito posible a capela, que por ser a primeira que se erixía en medio das selvas australianas, gustábanos dedicarlle á Santísima Trindade, poñéndoa ao mesmo tempo baixo a especial protección da Inmaculada Concepción de

María santísima; e na honra e veneración do noso glorioso patriarca san Bieito, démoslle ao territorio da Misión o nome de Nova Nursia, en memoria da patria de tan gran santo.

4. Mentres tanto, ía medrando máis e máis o número de salvaxes que acudían á Misión, polo que, vendo que xa non abondaba para o sustento de todos eles o froito dos vinte acres que se nos cederan, deseñamos outro plano topográfico de 30 acres máis, lindantes cos primeiros 20, e remitímoslle unha respectuosa petición ao Goberno suplicándolle que nolos outorgase. Encargouse de facer a demanda e presentar o plano o padre Serra, e con este fin marchou á capital. Como estabamos na estación das chuvias, a súa viaxe foi tan azarosa coma a miña; tivo que quitar moitas veces a roupa e atala sobre a cabeza para cruzar a nado, arriscando a vida, torrentes desbordados. O cabaleiro Irwin, Gobernador interino da colonia, tan xeneroso para coa nosa Misión coma o seu digno antecesor, concedeunos gratuitamente e a perpetuidade o fondo requirido, ademais do uso doutros 1.000 acres para provornos de suficientes pasteiros cos que alimentar o gando da Misión. Así, grazas á axuda pecuniaria que nos proporcionou o señor Bispo, á xenerosidade do Goberno e sobre todo á protección do Altísimo, a nova Misión prosperaba dun modo realmente marabilloso.

5. O día 6 do mes de Santiago tiñamos xa labrados e sementados 34 acres de terra, mais na sementeira empregamos as provisións de trigo que precisabamos para o noso consumo diario. Por conseguinte, tiven que facer outra nova viaxe á capital. A cincuenta millas de distancia atopei o Avon ou Swan cun desbordamento tal que nin de a cabalo podería cruzalo. Dirixinme, xa que logo, a algúns colonos, que tiveron a bondade de me prestar o trigo que necesitaba, e, sen expoñerme máis, regresei á Misión. Con todo, non me librei dos riscos e os perigos que correra no mes de xullo do ano anterior. En efecto, ao chegar ao río Moore ou Maura, que pasa ao sur da Misión, os bois, malia iren bastante cargados, como non ían co carro, vadeárono sen moita dificultade. Eu crin que podería atravesalo sen me mollar; collín un cabalo vello que o

padre Serra comprara había poucas semanas, púxenme de xeonllos no seu lombo e dirixinme cara á beira contraria. Mais así que o animal se botou a nadar, un grosa tronco de árbore que arrastraba a corrente ba-teulle tan fortemente que eu perdín o equilibrio e caín, e a violenta co-rrente arrastroume e engulíume ata o fondo. O padre Serra, que acudira no meu socorro, creu que afogara, mais grazas a Deus puíden volver á superficie, agarrarme a unha árbore, e logo, nadando, alcanzar a beira onde estaba a Misión.

6. Os salvaxes, véndonos tan atarefados coa labranza e sementeira do trigo, facían burla de nós como de quen fai parvadas, e pensaban que era tempo perdido, mais viñeron todos na nosa axuda ao que viron a abundante colleita que produciran as nosas suores e aquel trigo tirado na terra que eles crían que non ía ter ningunha utilidade. Como a estación estaba moi adiantada, non podíamos empregalos en tales traballos, mais con todo acolliámolos coa maior benevolencia, ocupabámoslos ben nunha ben noutra cousa e mantivémolos na nosa compañía mentres o permitiron as provisións, pois, ao que estas faltaban, como eles non practicaban a virtude da abstinencia, virábannos as costas e volvían ás súas fragas, regresando ao teren indicios de que de novo había abundancia de víveres, como así fixeron ao saberen que eu regresara á Misión co trigo.

7. Ata entón non conseguíramos saber nada sobre as súas crenzas relativas á alma; e como eu desexaba asegurarme de se eles crían que tiñan un espírito inmortal, un día expúxenlles a pregunta deste xeito: «Eu —díxenlles— non son un só, como a vós vos parece, senón dous nun». Ao escoitar estas palabras, botáronse todos a rir a gargalladas. Mais eu continuei seriamente: «Ríde canto queirades, pero repítovos que son dous nun. Este corpo grande que vós vedes é un, pero dentro del hai outro pe-queño que non se ve. O grande morre e entérrase, pero o pequeno vaise cando morre o grande». «*Caia, caia*», «Si, si», contestaron algúns deles. «Tamén nós somos dous. Tamén temos o corpo pequeno dentro do grande». Pregunteilles entón como se chamaba, e contestáronme: «*Cacin*». Logo, onde ía o corpo pequeno despois de morrer o grande, ao

que uns me contestaron que vagaba polas fragas, outros que ía ao mar e outros, en fin, que non o sabían. Non lles quixen facer máis preguntas polo momento, sabendo o celosos que son os indíxenas por manter ocultas as súas crenzas. Mais despois souben por outros salvaxes, e particularmente polos meus dous maiores amigos, a lenda deste *cacin*, que é a seguinte. Cando morre un salvaxe, a súa alma sobe ás árbores, onde permanece cantando tristemente coma un paxariño ata que outro salvaxe a recolla. Cando saben que unha alma vai vagando dunha árbore a outra, achéganselle un ou máis salvaxes, en fila, un tras outro, encurvados, baten do dous pauciños un contra outro, e facendo continuamente o seguinte son: «*ps, ps, ps*». O máis frecuente é que a alma quede na cima das árbores; mais outras veces baixa e entra na boca do primeiro, quedando dentro do seu corpo se o salvaxe está só, pero se van máis dun, sae pola parte posterior e entra na boca do segundo, e así sucesivamente, ata chegar ao último, cuxo corpo escolle como habitación propia. Por estraña que pareza esta lenda, non quixen omitila, para mostrar as crenzas que teñen os salvaxes sobre a existencia dunha alma inmortal e da súa transmigración a outros corpos.

8. Polos primeiros do mes de Santa María convidoume o ilustrísimo Brady a ir a Perth pola festa da Asunción de Nosa Señora, convite que aceptei gustosísimo, e na compañía do meu amigo Bigliagoro, irmán de Mori-Mori, marchei á capital. Monseñor Brady desexaba enormemente visitar por primeira vez a nosa Misión e comprobar por si mesmo canto lle dixeran sobre o seu extraordinario progreso. Para este fin prometeu honrarme coa súa compañía ao meu regreso. Puxémonos en marcha para Nova Nursia, despois da citada festividade, o señor Bispo, un catequista, Bigliagoro e mais eu, todos de a caballo. O tempo foinos moi favorable e vadeamos con facilidade os torrentes. Con todo, o río Avon ía moi cheo, e aínda que acordamos cruzalo nun punto onde habería máis de 150 pés de ancho e que os cabalos tiñan que ir a nado nalgúns treitos, o señor Bispo non perdeu o ánimo; pola contra, foi o primeiro en vadealo.

Así que divisamos a Misión, a súa ilustrísima quedou sumamente admirado e sorprendido ao observar tal avance de civilización en medio daquela interminable e mesta boscaxe, e díxonos que todo o que lle contaran a respecto de Nova Nursia non era máis ca a sombra do que nela atopaba. Un progreso tal —engadiu— non semella o resultado de oito meses de traballo, senón de moitos anos de constante dedicación. Porén, o que máis lle agradou foi a mellora moral e cívica que observou nos nosos salvaxes, e a vulgar polo que estaba vendo, estaba convencido de que o sistema de misión emprendido por nós daría en pouco tempo proveitosos froitos para a nosa santa relixión e para o benestar daqueles infelices irmáns nosos da Australia. Monseñor honrounos dous días coa súa presenza, e ao cabo deles volveu a Perth, en compañía do catequista Butler, levando como guía o bo Bigliagoro.

9. O 14 de setembro volvíñ a Perth co carro e os bois para comprar o trigo que precisabamos, e levaba comigo para que fose bautizada e educada no convento de monxas de Nosa Señora da Mercé unha pobre meniña orfa, de cinco ou seis anos de idade. Esta meniña abandonada por todos, e obrigada a alimentarse só con insípidas e ben escasas raíces, refuxiárase na Misión. O primeiro día da miña viaxe foi feliz, mais o segundo colleume un trebón tan tremendo que mesmo parecía que abriaran as comportas do ceo. Encomendeime ao Señor e continúei o meu camiño con aquel terrible temporal durante máis de corenta millas, tendo que atravesar a cada paso torrentes desbordados, aínda que non moi perigosos. Ao vadear o Avon, a forza da auga fixo envorcar o meu carro e arrastrouno xunto cos bois. En tan tremendo apuro tan só pensei en me salvar eu e a pobre meniña, á que dei levado ata a beira oposta. Mais, ao mesmo tempo, sentía mágoa dos pobres bois, que, enredados coas súas cadeas, estaban a piques de afogar; mesmo algúns, rendidos e cansos de loitar contra a morte, permaneceron durante moito tempo baixo a auga. Decidinme, pois, a axudalos con risco da miña vida, e malia que a fondura do río era polo menos de 16 pés, por fin desenleeinos, solteilles as cadeas e libereinos dos xugos, que xunto co carro foron ao fondo. Libres os bois

das súas trabas, gañaron a beira oposta, e eu, só e sen carro, fixen outros dous días de camiño ata Perth, levando a ombros a coitada meniña. Nos dezaseis anos que contaba de existencia a colonia de Swan River os seus habitantes non lembraban un inverno tan cru e rigoroso coma aquel. Moitos colonos perderon a vida aquel ano cruzando os torrentes, malia iren algúns de a cabalo; pero nós, pola misericordia do Señor, tanto naquela viaxe coma en moitas outras que tivemos que facer con moi mal tempo, non tivemos máis ca perdas insignificantes, ¡bendito sexa Deus! O mesmo día que cheguei a Perth entregueille a meniña Cuquina —así se chamaba— ao ilustrísimo señor Brady, e este confioullela ás virtuosísimas relixiosas da Mercé, que a acolleron co maior afecto e benevolencia, especialmente por ser a primeira que puxeran baixo o seu coidado. Non moito tempo despois, bautizouna a súa ilustrísima con toda solemnidade e en presenza dunha numerosa concorrencia reunida na igrexa para asistir á cerimonia. Cuquina foi a primeira salvaxe que tivo a sorte de ser rexenerada coa auga santa do bautismo, e impuxéronnelle os nomes de María Cristiana, quedándolle o salvaxe de Cuquina como apelido. Pasado algún tempo, fun recoller o carro e os bois que deixara a cargo dun colono e volvíñ á Misión, a onde cheguei san e salvo coas miñas provisións logo de pasar moitísimos traballos e penurias.

Faríame moi pesado se contase polo miúdo as nosas viaxes e os riscos que nelas corremos. Direi exclusivamente que non só era difícil e perigoso atravesar co carro e os bois os torrentes que a cada pouco nos cortaban o paso. Non eran menores os perigos que supoñían os montes que tiñamos que subir, que semellaban inaccesibles para calquera ser humano e estaban sementados por todas partes de árbores e penedos de desmesurado grandor; e as empinadas costas, nas que moitas veces nos viamos obrigados a poñernos a carranchapernas no temón durante o ascenso para aumentar o peso na parte anterior do carro co obxecto de equilibralo, e no descenso tiñamos que atar na parte posterior do carro grosas toradas que, arrastrando polo chan, impedían que se precipitase sobre os bois e os matase. Tales operacións son sempre difíciles, mesmo para homes

afeitos á vida de labranza e hábiles no manexo dos carros; calculen pois, os meus lectores, canto máis o serían para dous monxes nada afeitos, por certo, a tales mesteres; mais coa graza de Deus e con perseveranza iamos superando todas as dificultades.

10. O primeiro de novembro atopábame outra vez en Perth por orde do señor Bispo, que me mandara chamar para que estivese alí pola festa de Todos os Santos e o día de Defuntos. Concluídas estas funcións, autorizado por Monseñor para mercar ovellas para a Misión, percorrín con este propósito distintos e afastados puntos da colonia, e o 21 do mesmo mes, festa da Presentación da Virxe santísima, estaba de regreso en Nova Nursia levando comigo un rabaño de 710 cabezas. Foi tan venturosa a viaxe desta numerosa familia que, malia achar nas preto de sesenta millas de camiño algúns treitos nos que abundaban as herbas velenosas, tiveron a fortuna de non perder nin unha soa ovella, cousa admirable en verdade, maiormente se se teñen en conta os considerables danos que sufriron moitos colonos en casos semellantes. Os salvaxes quedaron pasmados ao veren tantos animais xuntos. Todos se ofrecían como pastores; mais como isto non deixa de ser unha arte que require moitos coñecementos para saber curar e previr as enfermidades ás que está suxeito este gando, buscamos un hábil e intelixente pastor europeo para que apacentase o rabaño e instruíse asemade os salvaxes na arte do pastoreo.

Mentres eu percorría a colonia para mercar as ovellas, o padre Serra tivo a alegría de lle administrar o santo bautismo a un salvaxe ferido mortalmente nunha pendencia que acontecera a poucas millas de distancia da Misión e da que morreu apenas foi bautizado. Outro día estaba alindando as vacas e retirouse á capela para poder rezar con máis recollemento o santo rosario. Concluído este, saíu para recadar o gando mais non veu ningún animal. Púxose entón na súa busca, e non deu con eles ata catro días despois e á considerable distancia de preto de cincuenta millas da Misión; e non os daría atopado de non contar coa axuda do bo de Bigliagoro, que tomaba tan a peito coma se fosen súas propias as cousas da Misión. De volta ao mosteiro, onde deixara encerrados os cans

para que ninguén ousase entrar, o padre Serra decatouse de que comeran un kangarú, pero non satisfeita con iso a súa fame, e na falta de mellor cousa, comeran tamén varios libros, entre eles un volume do breviario. Polo demais, aínda que os dous estiveramos ausentes da Misión, os salvaxes respectárona, e non botamos en falta nada; pola contra, tiveron moito coidado do trigo e de todos os mobles e utensilios. A últimos do mes de Santos, estando xa o trigo en sazón, empezamos a seitura, faena que require máxima celeridade e esmero e que rematamos en moi pouco tempo porque viñeron na nosa axuda moitos salvaxes, aos que lles ensinamos como manexar a fouce, e acadaron tal perfección no traballo que a súa destreza logo superou a nosa e mesmo a de calquera europeo.

11. Aproveitando que estabamos no verán e que había na Misión moitos salvaxes que viñeran para botar una man nos labores do campo, tracei o plan de abrir un novo camiño a Perth que fose máis cómodo e máis curto ca o que empregabamos ata entón. Levei a canda min catorce salvaxes, e, logo de cargar fariña, té e azucre abondos, ademais das ferramentas necesarias, puxémonos mans á obra. Dispuxen os meus colaboradores do modo seguinte: dous tiñan que dedicarse exclusivamente á caza de kangarús para que non faltase o sustento necesario; catro ían tallando ou sinalando as árbores que se debían tallar; e os oito restantes descansaban no carro que eu guiaba, cambiándose entre eles de catro en catro. Cando os primeiros catro estaban cansos, viñan repousar no carro, e outros catro os substituían, e así sucesivamente. En tres días rematamos a obra; é dicir, deixamos trazado un camiño de máis de corenta millas que actualmente é frecuentado e perfectamente transitable. Examinado por un enxeñeiro enviado polo Goberno, considerou que era o camiño máis curto e cómodo que se podería abrir. Cómpre advertir que a nova vía chegaba desde a Misión ata a vivenda dun colono situada nun lugar que os salvaxes chamaban *Bindum*, pois desde ese punto ata Perth xa estaba construída de antes. Deste xeito, reducimos a viaxe de Nova Nursia á capital a tres ou catro días tan só, cando antes non botabamos menos de seis ou sete; e a distancia reduciuse a só oitenta e catro millas.

Permítanme os meus lectores que refira algúns feitos que ocorreron durante a nosa obra e que pola súa singularidade creo que non debo silenciar.

A primeira noite da nosa expedición tivemos que nos deter nun lugar falto absolutamente de auga; os salvaxes, que estaban tan sedentos coma min, buscárona por todas partes, e por fin, ao cabo dunha hora, e cando menos o esperaba, vinos vir a todos levando cadansúa cunca chea de auga pluvial que recolleran no toro oco dalgunhas árbores, e que abundou para o té daquela noite e da mañá seguinte. Tales depósitos de auga son unha verdadeira providencia de Deus, mais un europeo morrería de sede no medio das selvas antes de os atopar.

Á mañá do seguinte día topamos cunha tribo de salvaxes descoñecida tanto para min coma para os que me acompañaban, agás para un que era oriúndo daquel lugar e que me valera moitísimo para trazar o camiño. Adiantouse este e explicoulles aos seus quen eramos nós e o motivo do noso paso polo seu territorio. Entón, o máis ancián do grupo veu ao noso encontro e abrazou primeiro ao máis ancián da nosa comitiva, e sucesivamente, un por un, a todos os demais, durando cada abrazo máis de oito minutos. Outro tanto fixeron todos os do grupo, reinando o máis profundo silencio mentres durou aquela cerimonia tan prolixa. Concluídos os abrazos, os meus e os forasteiros regaláronse mutuamente armas e caza, e en seguida o máis vello da tribo forasteira díxolle ao máis ancián dos nosos en ton moi solemne: «*Nichia n-agna cala, ièi nunda cala; n-agna nichia nánap; nunda uóto, colin, bura uóto, mila colin, nánap; ièi n-alla babin cumbar*», que quere dicir: «Aquí está o meu lume, agora tamén é teu¹⁵. Eu quedo aquí. Ti vaite, volve, marcha outra vez ou volve vir; ou queda aquí se queres; agora somos íntimos amigos». Eu observaba atento toda aquela cerimonia sentado no meu carro, e confeso francamente que quedei moi sorprendido ao ver unha cortesía tal que máis tiña de civilizada que de salvaxe.

15. Os salvaxes usan a palabra *lume* no mesmo senso co que nós empregamos *fogar* cando queremos referirnos ao noso lugar de nacemento ou máis ben á casa na que nacemos e nos criamos.

Noutro lugar, un dos meus salvaxes atopou a viúva dun amigo seu e tomouna por muller, aínda que tiña outras catro. Ao preguntarlle eu por que motivo o facía, contestoume que, ao ser o seu defunto marido íntimo amigo seu, o seu corazón non lle permitía ver a viúva desamparada. E engadiu: «Eu non teño máis ca dúas mulleres, pero como está ausente o meu irmán, quedaron baixo a miña custodia as dúas súas». O feito era certo. Efectivamente, todos os salvaxes cos que me relacionei polo xeral só tiñan unha ou, todo o máis, dúas mulleres; non é normal que teñan seis ou sete, a non ser que morra algún parente, pois entón as mulleres e fillos, xunto cos mobles do defunto, pasan ao herdeiro, quen normalmente é seu irmán; ou ben, se este faltase, a un amigo, cando se dá cun amigo tan xeneroso coma o do caso que acabo de contar.

12. Ao volvermos á Misión vimos que o padre Serra e os salvaxes aínda estaban coa seitura, así que ao dereito nos puxemos a axudar neste traballo eu e os catorce colaboradores que comigo viñan. Nas horas de máis calor adoitabamos parar o traballo e empregar ese tempo en iniciar a instrución relixiosa dos nosos salvaxes. Estabamos ocupados nisto cando se veu refuxiar onda nós unha muller salvaxe, á que perseguía o seu marido para matala. Non tardou en aparecer este, correndo coma un tolo e empuñando o seu *guichi* ou lanza en ademán de llo querer arrebolar. Para contelo non bastaban nin os seus amigos nin nós mesmos, que nos puxeramos en medio. Co propósito de impedir un crime semellante, mandamos entrar no mosteiro aquela pobre muller, e, pechando a porta con chave, proseguimos a interrompida instrución. O marido, cada vez máis enfurecido polos obstáculos que lle impedían levar a cabo a súa perversa intención, marchou dando berros horribles cara ao ceo e pateando no chan con furor, facendo acenos de desesperación. Ao día seguinte á mesma hora observamos que un lume espantoso que prendera no monte veciño se achegaba ás nosas pabeas, medrando e avanzando por momentos, e ameazaba con destruílas. Sen perda de tempo, corremos xunto cos salvaxes tratando de lles poñer un dique aos danos do destrutor elemento. Mais ¿quen lle podía facer fronte a unha columna

de lume que envolvía nos seus remuíños de chamas e fume as árbores máis altas nunha extensión de case unha milla? Arrostrando o perigo, puxémonos a bater con ramallos verdes, ao xeito dos salvaxes, na herba seca de máis de tres pés de alto que ocupaba o espazo entre o monte incendiado e os nosos campos, e que empezaba xa a arder, mais a destrutora chama, inclinada cara a nós polo forte vento que facía, abrasábanos a pel da cara e das mans e queimábanos o pelo, a barba e mesmo a roupa, e fíxonos perder totalmente as esperanzas de dominar e apagar o incendio con medios humanos.

En tan crítica situación, na que viamos destruídos todos os nosos bens e estragados os nosos sacrificios e suores, acudimos á misericordia divina interpoñendo a intercesión da santísima Virxe, nosa especial protectora. Con este obxecto collemos unha fermosa e devota imaxe da divina Señora, que ocupaba un lugar principal no noso pobre altar e era titular da nosa capela, trasladámola ao ángulo do campo máis próximo ás chamas, apoiándoa mesmo enriba do trigo que ía ser abrasado en poucos minutos, e suplicámoslle con fe viva que se dignase volver cara a nós e cara a aqueles pobres salvaxes, tamén fillos seus, os seus ollos misericordiosísimos. ¡Deus eterno!, ¡que prodixio tan inesperado!, ¡que favor tan singular! Aínda ben non colocamos a santa imaxe fronte ás lapas, cambiou de súpeto a dirección do vento, e, empuxando as chamas cara á parte oposta, onde só había unha morea de cinza, cesou de vez o noso perigo. Os salvaxes, que acudiran en gran número, presenciaron atónitos o prodixio, e contemplando con veneración e respecto a milagrosa imaxe dicían coa maior sinxeleza: «*¡Jaco Uilar tenga cumbar! Baal penin, caia baal mekan; n-alla tonga but*». Isto é: «¡Esta muller branca sabe moito! Ela o fixo; si, ela o fixo. Nós non sabemos facer cousas semellantes». Ao día seguinte, en acción de grazas polo celeste favor que acababamos de recibir, cantamos unha misa solemne votiva á Nai de Deus, á cal asistiron moitos indíxenas. Despois deste feito memorable, todo salvaxe fofasteiro que viñese á Misión era informado minuciosamente polos nosos de canto ocorrera; e, unha vez informado, levábano á capela para lle

ensinar aquela muller que tanto sabía e podía facer, cousa que nos gustaba moito porque nos daba ocasión de os instruír nos misterios da nosa santa relixión. As vantaxes que dimanaron daquel milagre son máis fáciles de comprender que de contar.

Nun principio dixéronnos que a causa daquel terrible incendio fora a caza dun enorme rato que se refuxiara no oco do tronco dunha árbore, e os salvaxes, para facelo saír do seu tobo, plantáranlle lume á árbore, como adoitan facer en casos semellantes. Así nolo aseguraron os primeiros días; mais despois soubemos por outros salvaxes con toda certeza que non fora a suposta caza do rato o que producira o lume, senón a rabia e a vinganza daquel salvaxe por libramos a súa esposa do seu furor. En efecto, este, que permanecía na fraga, envioume despois algúns dos seus parentes para que me preguntasen se era ou non amigo seu. Fíxenlle saber que si. Entón veu el mesmo pedirme perdón, mostrándose sinceramente arrepentido do seu infame proceder. E, en verdade, ¿que máis se podería esperar dun salvaxe? Eu manifesteille que quedaba satisfeito con aquela humilde e espontánea confesión, e Munanga (este era o nome do salvaxe) en diante foi un dos que máis axudaban na Misión.

CAPÍTULO NONO

1. Apertura do colexio de Nova Nursia. — 2. Ao parecer a nudez non é para os salvaxes ocasión de pecado. — 3. Sofren os misioneiros unha grave tribulación. — 4. Primeiro sínodo da diocese de Perth celebrado en Nova Nursia. — 5. O padre Serra prepárase para ir á Europa. — O padre Salvado conduce outra nena ata Perth. — 6. Parten para a Europa o padre Serra e o mozo Upumera. — 7. Compra dunha grande extensión de terras para a Misión. — 8. Traballos agrícolas. — Algúns salvaxes cultivan e sementan por primeira vez un campo. — O padre Salvado págalles polo seu traballo. — Bos resultados deste sistema. — 9. Os salvaxes téñenlles case veneración aos libros e ás cartas. — 10. Aumenta o rabaño de ovellas. — Pan feito polos salvaxes sen auga. — Construción dunha casa. — 11. O Arcebispo Polding convida os padres Serra e Salvado a ir a Sydney. — Enfermidades contraídas polos salvaxes e a súa curación. — 12. Progresos da misión. — 13. Chegada do novo Gobernador. — O padre Salvado é declarado súbdito inglés. — Libra do cárcere un salvaxe. — 14. Parte o único sacerdote que había en Perth e só permanece o padre Salvado con Monseñor Brady en toda a diocese.

1. Os australianos poderán recordar sempre como de fausta memoria o 8 de decembro de 1847, pois neste día, consagrado á purísima e inmaculada Concepción da Virxe santísima, abriuse e púxose baixo a súa protección especial o colexio de Nova Nursia, destinado exclusivamente a albergar e instruír os fillos da Australia. Como primicias da beizón celestial, foron admitidos aquel día tres mozos indíxenas, que, separándose voluntariamente de seus pais, e tendo o seu consentimento, permaneceron sempre connosco; exemplo que posteriormente seguiron outros moitos.

¡Ou! ¡Que grande era a nosa alegría ao ver como servían de acólitos no divino sacrificio do altar os mesmos que pouco antes xacían nas tebras da morte!, ¡aqueles que pouco antes fuxían da presenza dun europeo

como dunha fera! Esas alegrías fanlle esquecer ao misioneiro todas as angueiras e perigos do seu apostólico ministerio; é máis, este tipo de confortos son grazas especiais que o misioneiro considera que recibe con ben pouco custo. Co fin de solemnizar máis a inauguración do noso colexio, e para que aquela festa non se borraxe xamais da memoria dos salvaxes, démoslles aquel día dúas racións de sopa; unha pola mañá, logo do solemne recibimento dos tres alumnos, e outra pola tarde; costume que puidemos seguir de alí en diante grazas á abundante colleita con que o Ceo nos favorecera.

Pouco tardou en se espaxear por toda a contorna a nova da nosa farturenta colleita e da sopa que distribuíamos diariamente, polo que de todas partes acudían apresurados os salvaxes para que lles désemos un pouco de *nalgo* ou *maraña*, isto é, comida. E nós, aproveitando aquela ocasión, instruíámolos e facíámolos traballar un pouco na nosa compañía.

2. Os salvaxes durante o inverno, por razón do frío, ben ao seu pesar, adoitan cubrir as costas cunha pel de kangarú; mais no verán, estación na que entón estabamos, non levaban o máis pequeno taparrabo, sen que na súa extrema degradación ese estado de completa nudez causase neles ningún efecto impuro; así é que acotío se presentaban espidos tanto os homes coma as mulleres, sen pensar sequera que fixesen una mala acción ou que fosen motivo de escándalo. Para comezar a obra da súa civilización e sacalos daquel infeliz estado, demos a orde de que calquera salvaxe que viñese ao mosteiro, ben a tomar a sopa, ben a traballar connosco, ou por calquera motivo que fose, debía presentarse cuberto cunha capa de pel de kangarú. Mais non lle dixemos a ninguén por que razón deramos esta orde por non malicialos, pois aínda que aqueles desventurados non teñen a menor idea do pudor, non obstante, ningunha das infinitas veces que durmín entre eles e viaxei na súa compañía advertín nin a máis pequena acción deshonesto ou impropia. ¡Que diferente é o que se observa entre as tribos que frecuentan as cidades e os distritos habitados polos europeos! Todos os salvaxes cumpriron exactamente a nosa orde. Un día,

en cambio, viñeron buscar a súa ración de sopa dúas mulleres sen o vestido prescrito, e, ao non querérllela dar nós por non viren cubertas, corron inmediatamente ao lugar onde durmiron, colleron a súa pel de kangarú, botárona sobre o ombro esquerdo e presentáronse de novo pedíndonos a súa ración, pois aínda que estaban tan espidas coma antes, pensaban que cumpriran ao pé da letra a nosa orde. Isto acabou por nos convencer de vez de que obraban así sen a menor malicia, polo que lles demos a súa ración. Posteriormente, aquelas dúas mulleres, que pertencían a unha tribo forasteira, seguiron o exemplo das da Misión, vestíndose como lles indicáramos.

3. Por aquel tempo tivemos outro desgusto maior e máis grave do que resultaran todos os anteriores. Foi o caso que algúns pastores, atraídos pola fertilidade da contorna da nosa Misión, viñeron apacentar alí os seus rabaños, establecéndose naquel distrito. En breve notamos unha extraordinaria relaxación de costumes entre os indíxenas, advertindo asemade que non acudían con tanta frecuencia á Misión nin permanecían connosco tanto tempo. Soubemos máis adiante que a causa disto era que algúns daqueles pastores ridiculizaban ante os salvaxes as nosas funcións máis santas, facéndolles crer que eramos dous bruxos; e non contentos con isto, así que vían un salvaxe na nosa compañía chamábano cun asubío, e o infeliz, atemorizado coas ameazas de que lle pegarían, deixábanos e marchaba con eles. É fácil imaxinar cal sería o noso pesar nun caso tan deplorable, para o que non dabamos con ningún remedio humano. En fin, a aversión que nos tiñan aqueles pastores chegou ao extremo de lles inculcar aos salvaxes a idea de que nós, como bruxos que eramos, lles transmitiamos todas as súas enfermidades por medio da sopa que lles dabamos, de xeito que moitas daquelas infelices e crédulas criaturas rexeitaban incluso a comida que lles ofreciamos. Todo isto nos convenceu de que unha casa de misión, para que dea bos froitos, debe estar illada, para apartar os salvaxes dos afagos e enganos de persoas tan daniñas.

4. Sabedor o noso Bispo de tan lamentables sucesos, así como das moitas necesidades da nosa Misión, determinou celebrar un sínodo co

fin de remediar, en canto estivese da súa parte, tal desorde, resolver o que pareceuse máis acaído para o progreso da Misión e arranxar ao mesmo tempo moitos asuntos da súa diocese. Dignouse o Prelado escoller o noso mosteiro para celebrar este sínodo. Para este efecto, estando eu en Perth o día despois da Epifanía, volvemos a Nova Nursia xunto co sacerdote Joostens e dous catequistas. Apenas tivo noticia o padre Serra de que chegaba a súa ilustrísima saíu ao seu encontro levando a canda el seis rapaces bautizados había pouco tempo. O noso dignísimo Prelado mostrouse sumamente satisfeito e compracido ao ver a modestia e compostura daqueles nenos así como a amabilidade de seus pais e dos demais salvaxes. Recibiunos a todos coa maior benevolencia, dando grazas á divina Providencia polas celestiais beizóns que tan abundantemente se dignara conceder polo labor dos seus pobres misioneiros.

Abriuse o sínodo segundo o cerimonial romano o 13 de xaneiro de 1848 e durou tres días consecutivos. Asistimos a el Monseñor Brady, o reverendo Joostens e nós os dous, os únicos que compoñiamos o clero de Perth e de Nova Nursia. Nos dous primeiros actos arranxáronse e resolvéronse todos os asuntos da diocese, e nos tres seguintes, os da Misión. Aprobouse o novo plan de misión para a conversión dos salvaxes e foi recoñecida a regra do noso gran patriarca e lexislador, san Bieito, moi adecuada ás necesidades daqueles pobos e lugares, posto que, segundo consta nos mencionados actos, a regra de vida dos beneditinos, que se ocupan tanto da predicación e oración coma dos traballos manuais e de labranza, era a única que, como demostrara a experiencia, nos permitía albergar esperanzas de conseguir a sólida conversión e civilización dos indíxenas. Por este motivo, quedaron autorizados os padres beneditinos para comprar terras nas que con toda liberdade puidesen executar o seu plan, e o padre Serra quedou encargado de facer unha viaxe a Europa para recoller fondos grazas á piedade dos fieis, e ao mesmo tempo traer consigo ao seu regreso os suxeitos que se quixesen agregar á Misión, seguindo, por suposto, a devandita regra de san Bieito. Finalmente, nos últimos actos pedíronselle a Súa Santidade algunhas grazas case indis-

pensables naquela terra salvaxe e expuxéronse á sacra Congregación de Propaganda algunhas dúbidas acerca dos indíxenas, co fin de que se servise aclaralas e resolvelas. Concluído o sínodo, a súa ilustrísima volveu a Perth, acompañado do reverendo Joostens e dun só catequista, e o estudante Donovan quedou connosco para nos axudar.

5. Seguindo o disposto polo sínodo, o padre Serra preparouse para marchar a Europa no primeiro buque que partise, e eu ocupeime das dilixencias necesarias para a compra do predio lindante co que nos cedera o Goberno para a Misión. Ao dirixirme a Perth con este obxecto, suplicáronme uns salvaxes que levase comigo unha sobriña súa de seis anos de idade, xa bautizada e chamada María Rosa, co propósito de que puidese entrar como educanda, igual que María Cristiana, no convento de relixiosas da Mercé. Accedín gustoso aos seus píos desexos, mais, para que disto se tirase o maior proveito, quixen que viñesen eles mesmos presentarlle ao señor Bispo, ao que accederon gustosos. Monseñor manifestoulle que lle alegraba moito ter ocasión de expresar canto lle agradaba facer este tipo de concesións. En canto ao contentas que estaban as nenas co seu novo estado e o agradecidas que estaban aos seus benfeitores, abondará para probalo o feito que vou referir.

Estaba eu un domingo pola mañá na sancristía do convento preparándome para celebrar a misa que ía cantar, cando de súpeto me tocan no lombo, e ao me volver a meniña María Cristiana, morriñenta, abrazouse a min, desfacéndose en bágoas no meu peito, e logo de permanecer así durante máis de cinco minutos sen articular unha soa palabra, preguntelle se se atopaba contenta con aquelas boas relixiosas. Respondeume que si. Fixenlle algunhas preguntas máis e a todas contestou manifestándome a grande alegría que sentía por trocar a vida salvaxe pola civilizada. «Entón —díxenlle eu—, ¿que queres que faga por ti?». «Nada máis —contestou—, só que me permita obsequialo e estar na súa compañía estes escasos momentos». Cantos presenciaron o caso e sentiron tales expresións de afecto daquela nena emocionáronse e mesmo

choraron, e eu deime por pagado con usura polos dous días de camiño que a levara sobre os meus ombros ata Perth.

6. A mediados de febreiro soubo o señor Bispo que se preparaba a partir para a Europa un navío fondeado na rada de Fremantle. Mandoume escribir inmediatamente ao padre Serra para que viñese a Perth e que eu mercase a súa pasaxe, o que fixen sen perda de tempo. O mozo Bieito Upumera, o primeiro bautizado na nosa Misión, ao saber da próxima partida do padre Serra, suplicoume que intercedese ante o señor Bispo para que lle permitise acompañalo na súa viaxe ao vello continente. A esta demanda, que permitira seu pai, quen daquela estaba tamén en Perth, accedeu gustoso o señor Bispo, confiando en que quizais a divina Providencia nos seus altos designios destinase o mozo Upumera para grandes cousas en ben da Misión. Mentres se estaba agardando en Perth o padre Serra, Upumera facía os seus preparativos para a viaxe.

Estaba próximo o domingo 20 de febreiro, día destinado para a saída do buque, e unha circunstancia imprevista obrigoume a me ausentar de Perth o 17 pola noite a unha distancia de cincuenta millas, e por máis que procurei despachar pronto os meus asuntos e que cabalguei día e noite para estar de volta antes da partida do meu compañeiro e de Upumera, ao que cheguei a Perth souben que acababa de saír para Fremantle. Collín entón inmediatamente un cabalo e a carreira aberta dirixinme a aquela poboación. Mais en van apurei o paso, pois dúas millas antes de chegar a aquel porto divisei o navío *La Merope*, que había dez minutos que levara áncoras e fendía maxestoso as augas do océano cara á Europa. É doado comprender que amargo foi para min ter que me separar dun compañeiro, dun amigo íntimo e dun mozo ao que tanto quería sen os poder estreitar entre os meus brazos; mais Deus así o dispuxo e eu resignei-me gustoso á súa divina vontade. Atei o meu cabalo a unha árbore e subín a un outeiro, onde, prostrado en terra, lle supliquei ao Señor que se dignase protexer aquel fráxil casco de madeira e o levase felizmente ao desexado porto. Beicín despois os dous viaxeiros no nome da Santísima Trindade e seguí o meu camiño deica Fremantle, onde encontrei o

ilustrísimo Brady, con quen volvín a Perth despois de celebrar o santo sacrificio da misa e descansar por un tempo. Ademais do catequista Donovan, o señor Bispo agregara á nosa Misión para nos axudar nos nosos traballos o señor Fowler, quen non tardou en se reunir connosco en Nova Nursia así que marcharan o padre Serra e Upumera. O coidado dos enfermos, os labores do campo e a instrución dos salvaxes consumían a maior parte do noso tempo, de modo que só nos quedaban as primeiras horas da mañá e as veladas para nos dedicar á oración e ao estudo.

7. Aínda ben non transcorreran quince días desde que regresara á Misión e tiven que volver a Perth, chamado polo señor Bispo, co fin de adquirir 2.560 acres de terra para a nosa Misión, xa que se presentaba unha ocasión moi oportuna. Dei os pasos convenientes, e despois de moitas controversias, cuxa relación omito porque non veñen ao caso, finalmente puíden asinar a escritura de compra o 23 de marzo a razón de media libra esterlina por cada acre, é dicir, pola metade do prezo que o vende usualmente o Goberno cando non se presentan varios licitadores. Acordouse que a suma principal debería pagarse en Londres e en tres prazos, a saber: aos sete, once e quince meses da data do contrato, co fin de lle dar tempo ao padre Serra (a quen lle participei inmediatamente a nova adquisición para que ordenase os pagamentos) de reunir a suma requirida. Ben que esta extensión de terra excedese as nosas necesidades, o Prelado decidiuse a comprala non só polas grandes vantaxes que iso ía supoñerlle á Misión, senón tamén pola imposibilidade de conseguir unha extensión menor que lindase co que nos cedera o Goberno gratuitamente para a Misión dos salvaxes.

8. De volta a Nursia, e sendo o tempo propicio, preparamos as terras para a sementeira. Entón por primeira vez asignei varias tenzas da agra sementada a aqueles salvaxes que nos prestaran a súa axuda, ben guiando os bois, ben decruando as malas herbas, ben facendo calquera outro labor dos que aprenderan. Era en verdade curioso, e asemade agradable, ver o coidado que cada un deles poñía no eido que lles caera en sorte, e non deixaban pousar nel nin un só paxaro, por pequeno que fose. ¡E eran estes

aqueles mesmos salvaxes que antes se rían dos nosos labores agrícolas e que ao vernos sementar nos tiñan por tolos!

Observando eu que non só lles praciá a idea da propiedade, senón que traballaban máis ou menos a teor da recompensa, cousa común a todos os homes, para animalos máis ocorrúeseme darlles a cada un deles algúns cartos, en proporción ao que traballaran. Mais axiña vin que daquilo pouco que lles daba non tiraban beneficio ningún, porque ou llelo regalaban aos que non traballaran ou perdíano; así que pensei en como remedialo. Razoando con eles pacientemente, fixenlles comprender que se aqueles poucos cartos os ían reunindo, co tempo terían abondo para mercar unha galiña, unha ovella, un porco e incluso unha vaca ou un cabalo. Gustoulles esta idea, e apoiárona compracidos. De alí en diante cada sábado, despois de recibir cada un deles o pagamento do seu xornal, devolvíanme os cartos co fin de que eu fose o depositario. Con este motivo arranxei unha arqueta con tantas divisións como salvaxes había aos que lles pertencían os cartos, escribín sobre cada división o nome do propietario e pechei a arqueta con chave, que conservaba no meu poder.

A alegría que cada salvaxe expresaba a noite do sábado ao recibir a súa paga, contando e volvendo contar repetidas veces os cartos, volvéndoos e revolvéndoos entre as súas mans para contemplalos mellor, confrontándoos cos dos seus compañeiros, dándose importancia, xactándose de gañar máis ca os outros e fantasiando sobre os animais que co tempo podería comprar con aquela suma, facían a cada un deles o home máis feliz do mundo. Despois de que gozasen por uns momentos vendo os cartos que gañaran e alegrándose por ver aumentado o seu peculio, depositábano voluntariamente ata que a suma lles bastase para mercar algún animal ou calquera outro obxecto que desexasen.

Este entusiasmo reportounos outro beneficio, e foi que cando un salvaxe se cansaba de traballar, cousa que sucedía decote, non había máis que dicirlle: «Está ben, non traballes agora; pero o sábado os teus cartos non van medrar nin pouco nin moito». Isto abondaba para facer que se

erguese e volvese ao traballo. Cando algún deles reunira a cantidade precisa para comprar unha camisa, uns pantalóns ou outra peza calquera, agardaba a que eu tivese que mandar algunha carta a Perth e entón eu entregáballe ao portador outra para algún comerciante, quen á súa vez remitía o que lle pediamos. Esta recompensa, que aos ollos dos demais os facía obxecto de envexa, fixo, como xa dixen, que tivésemos sempre ao noso dispor cando o precisabamos unha especie de correo rápido e seguro. Algúns salvaxes chegaron en non moito tempo a adquirir algúns animais; un destes é o meu amigo Bigliagoro, quen foi o primeiro que comprou un cucho, ao que lle puxo o seu propio nome.

9. A relación lévame agora a falar da especie de veneración que teñen os salvaxes polos libros e papeis escritos, que eles chaman «papeis que falan», atribuíndolles un poder case máxico para descubrir cousas ocultas; e están tan persuadidos disto que, cando se queren xustificar dalgún delito que se lles imputa, din: «Mirade o libro ou a carta que fala e saberedes quen ten razón».

Chegaran á Misión dous salvaxes dun lugar moi afastado da parte do norte, cuxa lingua non entendiamos ben. Estes, por medio dun dos nosos, dixéronme que nesa zona, preto da costa e a catro días de viaxe de Nova Nursia, había outros homes brancos, que eu supuxen, despois de mil preguntas e investigacións, que serían talvez os descendentes dos mariñeiros que o Capitán Pelsart, cando naufragara nos baixíos de Houtman's Abrolhos, deixara en terra en castigo pola súa insubordinación. Así o supoñía eu, malia que non deixaba de ser estraño que ata entón non tivésemos noticia de tales homes brancos. Posteriormente falei cun Capitán que por conta propia explorara precisamente aquelas costas, e asegúroume que non encontrara ningún vestixio de europeos. Se eu parase máis tempo na Misión, gustárame verificar por min mesmo este feito tan interesante. Mais volvamos ás cartas que falan. O noso pastor, que apacentaba as ovellas a poucas millas da Misión, encontrara unha camada de *bandicoots*, especie de animais algo semellantes aos ratos mais sen rabo, e mandouma por medio dun salvaxe que, xunto cos dous forasteiros de

que falei, lle levara as provisións, acompañando o regalo cunha tarxetiña na que me dicía o número dos *bandicoots*. Os salvaxes deixaron escapar un dos máis pequenos polo camiño e non foron quen de volver pillalo, e chegados ao mosteiro entregáronme o presente e a tarxeta sen me dicir unha palabra do que ocorrera. Lin a carta, e ao que lles preguntei «¿onde está o cuarto *bandicoot*?» os forasteiros regalaron os ollos, miráronse atemorizados e non souberon que me responder. Seguro de que non o comeran, supuxen que lles escapara por non teren conta, e coma se o soubese con certeza engadí: «¿Como o deixastes fuxir?». Isto acabou de consternalos, pois non se explicaban como eu puidera saber pola «carta que fala» o que lles sucedera lonxe de min, no medio da fraga, e sen que os vise alma vivente.

10. Nestas chegou o tempo de pariren as ovellas; e como os tenros añaños necesitaban tanto coidado, non só tiñamos ocupado todo o tempo, senón que mesmo precisabamos quen nos axudase. De 700 ovellas coas que contaba o noso rabaño chegou a aumentar ata case 1.200, polo que as terras que o Goberno nos cedera non era dabondo para apacentalas, e vímonos obrigados a arrendar un pasteiro maior. Para este efecto, acompañado por dous salvaxes, percorrín o interior das selvas en busca dun lugar apropiado para o pastoreo, e por fin, con moito traballo, atopei un excelente e non moi lonxe da Misión, nun lugar que os salvaxes coñecían co nome de *Conánago*. Ao volvermos á Misión colleunos a noite nun punto no que non había pinga de auga. Despois de a buscar infrutuosa-mente, un dos salvaxes, chamado Medémpera, díxome: «*N-agna iulap cumbar*», que quere dicir: «Teño moita fame». E engadiu: «Se me dás fariña, prometo que farei pan e poderemos comer os tres». «Pero, ¿como o vas facer se non temos auga?» —díxenlle eu—. «Iso son contas miñas» —contestou—. «¿Tamén farás té?». «Non, só pan». Canso de espremer os miolos pensando como daría feito o bo de Medémpera para saír airoso do seu empezo, e sen dalo adiviñado, deille a fariña. Medémpera fíxome prometerlle, antes de empezar o seu traballo, que eu tamén comería do seu pan; e prometinllo porque non estaba menos famento ca el. Así que

lle dei a miña palabra, encheu a boca de fariña e, logo de ben mastigada, botou fóra un bocado que puxo encima dunha pel de kangarú. Axudado polo seu compañeiro, reuniu os bocados precisos para facer tres boas tortas. ¡Triste de min! —dixen para os meus adentros—, ¡que guiso tan sabedor me espera! Pero como os salvaxes son tan escrupulosos no tocante ás promesas, que se se incumpren se enfurecen terriblemente, non dei con outro remedio para cumprir a miña palabra que achantar con aquela pasta que o rescaldado reducira a torta e comer polo menos dous ou tres anaquiños. ¡Escuso dicir que gusto tiña! De calquera xeito, aquel salvaxe ensinárame a facer pan sen auga.

Crendo eu que o padre Serra, ao seu regreso da Europa, traería consigo outros misioneiros, aproveitei o inverno, xa que non tiñamos tanto traballo no campo, para construír unha casa a carón do mosteiro para que todos tivesen onde albergarse. En poucas semanas quedou cuberto o novo edificio, só quedaban algúns traballos no interior. Mentres estabamos ocupados nisto, veu ao meu encontro o pai de Bieito Upumera, xunto con outros salvaxes, preguntándome se era certo que o seu fillo morrera e que o botaran ao mar, tal como llelo aseguraran uns colonos. «Nada disto é verdade —contesteille—, polo menos que eu saiba». «Mira que di sobre isto o libro que fala» —suplicoume—, e ao responderlle que nin o libro nin a carta que falaban mencionaban tal cousa, tranquilizouse o seu ánimo, e, ao tempo que se tendía no chan, dixo: «¿Que tería isto de estraño? Igual que podía morrer aquí, tamén pode morrer no barco. É certo que o padre Serra era o seu mellor amigo: *Chiara bal babin cumbar*». Todo viña porque algúns individuos pouco filántropos e moito menos caritativos cos salvaxes buscaban calquera ocasión para indispoñelos contra nós. Pero a divina Providencia, que velaba polos seus enviados, botaba abaixo os seus diabólicos proxectos.

11. O 26 de maio, mentres estaba ocupado con vinte salvaxes traballando no leito do Moore, ou Maura, como o chaman os indíxenas, entregáronme unha carta de Sydney, distante tres mil millas de Perth, dirixida ao padre Serra, con data do 3 de abril. Era do padre Gourbeillon,

beneditino francés agregado á Misión de Sydney, quen por encarga do excelentísimo señor Arcebispo Polding nos dicía ao padre Serra e mais a min que sen perda de tempo fôsemos a aquela cidade, pois asuntos de moita importancia requirían a nosa presenza, particularmente a do padre Serra. Ao recibirmos tan inesperada noticia, fun inmediatamente onda o noso Bispo a Perth, crendo que a súa ilustrísima podería darme máis explicacións sobre o particular; pero unicamente souben que o ilustrísimo Polding enviara unha suma de cartos suficiente para a nosa viaxe de Perth a Sydney. Agradecínlle ao excelentísimo señor Arcebispo a súa xenerosa invitación, á que o padre Serra non podía corresponder por acharse de viaxe cara á Europa, e volvíñ a Nova Nursia. ¿Como ía eu abandonar por vontade propia unha misión confiada exclusivamente aos meus coidados, que, logo de tantas suores e fatigas, ía progresando tan extraordinariamente? Eu sería o primeiro en chamarme infiel ás obrigas contraídas. Non obstante, obedecería cegamente, e emprendería decontado a viaxe, se o señor Arcebispo mo ordenase formalmente, mais isto non era máis ca un simple convite.

Ao chegar á Misión, souben que volveran aparecer pola contorna os pastores dos que antes falei, e que os malos efectos da súa presenza se manifestaban como a primeira vez, o que me desgustaba moitísimo, e non só a min, senón tamén aos seus dous xefes, chamados Mac Intosh e Mac Pherson, propietarios daquel rabaño, que nos demostraran en distintas ocasións a súa amizade e aos que lles debiamos moitos favores.

Viñeron un día á Misión algunhas mulleres de salvaxes pedíndome que as curase dun mal noxento que lles transmitira a incontinencia europea. Mais ¿que podía facer naquel lance un pobre monxe que nada sabía do carácter daquela doenza nin dos medios para curala? O que fixen foi ir a Perth, onde un médico amigo estudara a forma de curala e me indicou a menciña que debía empregar. Consistía en poñer en infusión con auga certa materia velenosa, que os ingleses chamaban *bleustone* (pedra azul), e untar con ela as chagas, co que os salvaxes quedarían curados radical-

mente. Esta terrible doenza propagárase ata entre os meniños de peito. Como aquelas mulleres curaran moi ben, cantos se vían atacados do mal acudían á Misión para remedialo. Desa triste ocasión sacabamos nós partido para lles curar á vez o corpo e a alma.

Entre os moitos homes que viñeron, houbo un que non crin que puidese sobrevivir. Había moito tempo que aquel infeliz estaba a sufrir atroces tormentos ocasionados polas súas moitas úlceras, que procuraba cerrar botándolles cinza ou terra pulverizada. En tan triste situación o transportaron en ombros ao mosteiro as súas catro mulleres, co fin de que o sometese á mesma cura que empregara cos demais, pero o mal estaba tan arraigado que a untura acostumada non fixo ningún efecto. Escribinlle, polo tanto, ao amigo de Perth, explicándolle o carácter da enfermidade e pedíndolle que me enviase os remedios que considerase oportunos. Ao cabo de tres días estaba de volta Bigliagoro coas agardadas menciñas, grazas ás que en menos de dúas semanas as chagas desapareceron como por encanto e quedou o doente curado completamente. Deulle tal alegría que, fóra de si, corría dun lado a outro, bailaba, brincaba e facía coma quen que pelexaba con outro; nunha palabra, parecía que recobrar a saúde lle fixera perder o siso. Despois, sen saber como expresarme a súa gratitude, díxome: «Cando morra será tal o meu desgusto que non matarei só un salvaxe, senón seis, para que todos saiban o grande amor que vos tiña». Díxenlle algunhas cousas que crin que viñan ao caso para a súa conversión, e vendo que se prestaba gustoso a todo, púxeno a traballar xunto cos demais.

Achegóuseme unha vez outro salvaxe chamado Cauin, para que lle curase a xordeira que padecía. Mireille os oídos e vínllelos taponados por certos malos humores producidos por unha doenza que non me atrevo a nomear. En verdade, non sabía que remedio aplicarlle, e, con todo, fixen que se deitase no chan e pedinlle a unha muller que estaba alí presente que lle botase unhas pingas do seu leite dentro dos oídos. Ría o salvaxe con tan novo e estraño remedio, mais o certo é que aos poucos días de repetir esta cura sandou da súa xordeira. ¡Ou! ¡Canto ben

podería facer entre os infelices salvaxes un misioneiro hábil en medicina! Alentábame a esperanza de que o padre Serra traería algún consigo ao seu regreso da Europa¹⁶.

12. Entremetres, progresaban dun modo verdadeiramente admirable os intereses materiais da Misión. O noso campo e os dos salvaxes prometían a colleita máis abundante; o gando vacún, as ovellas e os porcos e tamén os polos e os gansos multiplicábanse de xeito prodixioso. Por outra parte, os salvaxes estaban cada día máis instruídos nos misterios da nosa santa relixión, de modo que, aborrecendo a vida nómade, cada día se afacían máis a nós, íanlle collendo amor ao traballo e volvíanse máis humanos e sociables. Moitos querían que lles construíse cadansúa casa, para se estableceren alí coas súas familias, cousa que eu desexaba tanto ou mais ca eles; mais íaos entretendo coa esperanza de que cando viñese o padre Serra traería a canda el albaneis, carpinteiros e outros artesáns de distintos oficios. Dicialles, nunha palabra, que virían homes que non só edificarían casas, senón que lles ensinarían a facer moitas outras cousas, para o seu ben e para o da sociedade. Outros salvaxes ofendíanse e pedíanme satisfacción porque, tendo comigo na casa da Misión algúns mozos, non admitía tamén os seus fillos, e custábame ferro e fariña persuadílos de que ao ser a casa tan pequena non había lugar para todos. Nisto principalmente resplandecía a beizón do Señor sobre a nosa Misión, porque aqueles mesmos salvaxes que antes non lle deixarían a ninguén os seus fillos nin por todo o ouro do mundo, agora non só nolos ofrecían, senón que se queixaban de que a estreiteza do lugar non nos permitise telos a todos connosco. Alegrá-

16. O ceo escoitou os votos do ilustrísimo señor Salvado, pois entre os misioneiros que vestiron o hábito beneditino en Barcelona por agosto de 1849 e que foron despois ata Cádiz, onde embarcaron co ilustrísimo señor Serra para Nova Nursia, estaba o padre frei Martiño Griver, mozo que, despois de graduado en Medicina, abrazou o estado eclesiástico, e, non contento aínda con isto o seu celo apostólico, quixera arrostrar os perigos dunha longa e difícil navegación e as anxeiras da vida de misioneiro unidas ás privacións e austeridades que prescribe a primitiva regra de san Bieito. *Nota do tradutor.*

bame disto no meu interior e non cesaba de lle dar grazas ao Señor. Levar adiante unha obra que me facía xa enxergar con fundamento un ben inmenso en prol dos salvaxes e da nosa santa relixión compraciame inmensamente, e a pesar das angueiras, privacións e padecementos que tiver que sufrir tíñame por moi afortunado, pois considerábame indigno de que Deus tivese comigo tanta misericordia. En medio dos continuos traballos da Misión, as semanas e os meses pasaban sen se sentir, e parecíame un minuto todo o tempo que pasaba entre aqueles desgraciados irmáns meus.

13. A primeiros de agosto Monseñor Brady chamoume a Perth, e en consecuencia alí me dirixín co meu amigo Bigliagoro uns días antes da Asunción. Afortunadamente estaba na capital cando chegou a ela o novo Gobernador da colonia, o cabaleiro Fitz-Gerald, o día once do devandito mes, de modo que tiveron o pracer de acompañar o señor Bispo cando saíu ao seu encontro, nunha lancha da súa propiedade, río abaixo. As festas e a alegría con que todos os colonos recibiron o seu Gobernador demostráronlle ben ás claras ao novo rexedor os nobres sentimentos que posuía o pobo que ía gobernar. A fama de imparcial e enérxico que lle precedera na capital encheu de esperanzas o ánimo de todos; e eu, en nome dos meus salvaxes, non esperaba da súa filantropía menor protección da que recibira dos seus antecesores. Viría ao caso lembrar agora as moitas e inequívocas probas de amizade e benevolencia que recibira a nosa Misión Beditina tanto dos colonos coma do Goberno; direi unicamente que a maior parte dos colonos e algúns membros do Goberno nos convidaron ao padre Serra e mais a min a que pedísemos os dereitos de súbditos ingleses. O meu compañeiro non o xulgou oportuno e declinou o convite; mais eu, crendo por contra que isto podería supoñer non poucas vantaxes para os salvaxes, determinei facerme súbdito da Gran Bretaña e fixen a petición. No caso de que a resposta fose negativa, estaba decidido a renovar a petición para que polo menos se me recoñecese como salvaxe dese lugar, e así, feito débil cos débiles, puidese gañalos mellor para Deus e defender os seus dereitos. Porén, a invitación fora tan sin-

cera que, malia non vivir eu na colonia os anos requiridos pola lei, en vista dos excelentes informes que de min lle deu o Gobernador de Perth ao Secretario das Colonias en Londres, fun declarado sen dilación súbdito inglés, o que me comunicou o digno Secretario da colonia, o cabaleiro R. R. Madden, con data do 24 de agosto de 1848. Recibín aquel favor coa maior gratitude cara ao Goberno colonial, xa que poucos meses antes se lle negara igual solicitude a outro estranxeiro que fixara a súa residencia na colonia moito antes ca min.

Por aqueles días viuse no tribunal a causa que se seguía contra uns prisioneiros salvaxes, e eu quixen aproveitar a circunstancia de estar na capital para avogar en favor dalgúns deles, pertencentes ao distrito da Misión, aos que consideraba inocentes. Asistín ao xuízo, e as miñas palabras non foron inútiles, pois tiven a satisfacción de conseguir a liberdade dun deles. Este estaba presente na discusión, e ao chegar á Misión contoulles aos demais canto eu dixera e obrara no seu favor, arremedando ao mesmo tempo os meus acenos para lles dar máis forza ás súas palabras, pois na arte de imitar os salvaxes son insuperables. Este feito, que en si non tiña nada de particular, deulles unha proba máis de canto eu os quería, e contribuíu en moito a que me tivesen como o seu benfeitor e protector. Considero oportuno observar que a aqueles salvaxes os prenderan acusándoos de lles roubar dunha vez dezasete ovellas a algúns pastores de preto da nosa Misión; os mesmos salvaxes que en diversas ocasións apacentaran o noso rabaño sen que nunca nos faltase nin unha soa ovella. Pola contra, unha vez que perderamos un añaño, ao día seguinte uns salvaxes que o encontraran trouxéranlo, acto realmente heroico para un salvaxe que está famento a maior parte do tempo.

14. Para dar gusto ao ilustrísimo señor Brady, quedei en Perth ata dous días despois de que marchara o reverendo Joostens, que deixou a colonia de Swan River o 6 de agosto e marchou a Batavia. Aquel ancián sacerdote holandés, único que ata entón permanecera na capital co señor Bispo, foi o seu último Vigairo Xeral, despois do cal, non polos meus

méritos persoais, senón por necesidade, fun eu honrado co mesmo título¹⁷. Coa partida do reverendo Joostens quedou Monseñor Brady completamente só na capital, é dicir, sen ningún sacerdote, de modo que, cando el ou eu queriamos reconciliarnos co Señor por medio da confesión, tiña que facer eu unha viaxe de cento sesenta e oito millas, que non é menor a distancia entre ida e volta, desde Nova Nursia a Perth.

17. Parécenos escusado repetir aquí o que xa dixemos noutra nota; a saber, que a excesiva modestia do padre Salvado faino ser inxusto consigo mesmo. En efecto, fálanos dos seus «ningúns méritos persoais». ¿E non o son, acaso, as penas e fatigas que tivo que sufrir nas súas andanzas cos salvaxes, vivindo con eles, comendo dos seus noxentos manxares, sufrindo fame e sede, e canto hai que sufrir, todo co único fin de guialos á verdadeira fe? ¿Sono menos os perigos aos que se veu exposto nas súas varias viaxes de Nova Nursia a Perth, e apazugando xunto co ilustrísimo Serra as liortas dos salvaxes sen facer caso dos golpes das súas lanzas? ¿Non é un mérito sen igual salvar, con risco da súa vida, a da orfa Cuquina, levándoa despois a ombros durante dous días consecutivos? ¿Non o é, en fin, querer-se «facer declarar salvaxe» para poder mirar mellor polos intereses espirituais e temporais daqueles infelices? Nós cremos que todos estes son méritos a cal máis relevante; mais ningún iguala, ao noso modo de ver, a abnegación e o desprezo de si mesmo con que o ilustrísimo autor se reputa «indigno da misericordia que Deus usaba con el facendo prosperar a súa Misión; e en nada estima todos os seus padecementos». Un suxeito de tales prendas ¿considerárase sen méritos para exercer o destino que lle conferiu o señor Bispo de Perth? Certo que só a relixión católica pode inspirar este desprendemento. Mais se o ilustrísimo Salvado forma de si un concepto tan baixo, non o fan así os que tiveron a fortuna de o tratar, que souberon apreciar como se merecen os seus trazos de heroísmo e as boas cualidades que o adornan; dígao, se non, a distinción con que todos, incluso os protestantes, o honraron e a alta dignidade á que ultimamente tivo a ben elevalo a Santidade de Pío IX. *Nota do tradutor.*

CAPÍTULO DÉCIMO

1. Construción dunha capela. — Traballos rurais. — Chega a oídos do padre Salvado a elección do padre Serra como Bispo de Porto Vitoria. — 2. Pelexa entre mulleres salvaxes. — 3. Os australianos son antropófagos. — 4. Situación dos salvaxes en 1846. — Beneficios xerados polos misioneiros. — 5. Os misioneiros que se ocupan da conversión e civilización dos salvaxes deben atender as súas necesidades tanto espirituais coma temporais. — 6. Labores do campo. — O té feito por un salvaxe. — 7. O padre Salvado corta camisas e ensinalles ás mulleres a coser. — Primeiras camisas feitas polas mulleres salvaxes.

1. De volta a Nova Nursia atopei rematada a casa. Agora cumpría preparar os materiais necesarios para a construción dunha capela na que os outros misioneiros, que tanto desexaba, e mais eu puidésemos celebrar con máis decoro as sacras funcións; mais cando estabamos embebidos nesta obra chegou o tempo da lavadura e rapa das ovellas. Para lavalas precísase un corgo no que haxa polo menos cinco palmos de auga, e cómpre estar metido nela todo o tempo que sexa mester para lavar e refregar con moito coidado, unha por unha, todas as ovellas; operación longa e pesada e, así e todo, indispensable para conseguir que quede a la ben limpa e purificada e adquira así máis prezo. Dous días despois de lavadas as ovellas empeza a rapa, e os vélaros, co interior volto para a parte de fóra, pónense en sacos, co que queda concluída a operación. Este é o método que seguimos nós, e nese traballo botamos máis dun mes e medio, de xeito que, aínda ben non remataríamos a rapa, empezamos xa coa sega.

A divina Providencia favorecéranos cunha colleita que foi a mellor de toda a colonia. Situado eu no medio do campo, as pabeas pasaban con

moito por riba da miña cabeza; nunha soa mata contei ata trinta e nove canas, e cada unha delas tiña unha espiga de polo menos cinco polgadas de longo. ¡Loado sexa o Señor! Unha colleita tan abundante, humanamente falando, asegurábanos o pan; e era de esperar que non se repetirían as penas e miseria que sufríramos ao principio. Quero dicir que non nos veríamos obrigados coma daquela a parar o traballo por estarmos prostrados e sen forzas, e que non teríamos que alimentarnos máis con raíces e goma, único froito (se así se pode chamar) que producen as árbores australianas, nin con lagartos, vermes ou outros manxares tan noxentos coma estes. Os nosos ininterrompidos traballos, sobre os que o Señor se dignara botar a súa santa beizón, propiciaban que a nosa situación fose moito máis levadeira do que fora daquela. Esta vez fíxose a seitura con moita máis rapidez ca o ano anterior, grazas á destreza que adquiriran os salvaxes e ao maior número que deles viñeron na nosa axuda. Segado xa o noso trigo, cada salvaxe que tiña unha leira de seu segouna, e transportouse no noso carro ao lugar destinado preto do mosteiro. Logo reunínos a todos e díxenlles: «Agora cada un de vós ten o seu trigo, co cal faremos dúas partes. Unha servirá para o voso sustento e para a sementeira do ano que vén. A outra ides levala co noso carro a Perth para vendela, e a suma que saquedes gardarédela para mercar, cando o precisedes, vestidos, ovellas, porcos ou calquera outro animal, que serán exclusivamente vosos; mais non os poderedes matar nin vender nin regalar a ninguén por agora sen a miña aprobación, co fin de que se multipliquen en pouco tempo e, por outra parte, que non haxa enganar nos tratos. ¿Estades contentos?». Todos me responderon a unha voz e con sinais de aprobación: «*Caia, caia, guaba; nunda tonga cumbar*». Isto é: «Si, si, está moi ben; ti sabes moito». Quedaron, en efecto, sumamente satisfeitos ao ver o moito ben que os seus traballos lles ían reportar, e na súa ardente imaxinación albiscaban a posibilidade de edificar casas nas súas propiedades, formando así unha aldea arredor do mosteiro, o cal en resumidas contas era precisamente aquilo polo que traballabamos desde había tanto tempo.

Ben sabía eu que para levar a cabo un plan tan vasto non eran abondos os meus pobres esforzos nin os dos meus cooperadores, os catequistas Fowler e Butler (este último substituíra no mes de Santa María pasado a Donovan), e agardaba con ansia a volta do padre Serra e dos que me figuraba eu que debían acompañalo na viaxe á Australia como misioneiros. Pero ¡meu Deus, que infausta noticia! ¡Que inesperada e irreparable perda para Nova Nursia! Nunha das miñas viaxes á capital souben polo señor Bispo que o padre Serra, por proposta do ilustrísimo Polding, fora elixido como Bispo de Porto Vitoria o 9 de xullo de 1847. Ao que o souben, quedei apampado. Confeso a miña debilidade: pasei uns días sumido na máis negra hipocondría e coma tolo, porque vía como consecuencia irremediable que, en marchando o ilustrísimo Serra a Vitoria, que distaba de Nova Nursia máis de dúas mil millas (e isto por mar, pois por terra non había camiño), todas as nosas esperanzas e todas as nosas arelas se esvaecían. ¿E como —preguntábame— imos satisfacer as débedas contraídas pola compra de terras para a Misión de Nova Nursia se agora o ilustrísimo Serra vai ter que dedicar todos os seus desvelos á súa nova Misión de Vitoria e non á de Perth? O caso era apurado, e non só eu me sentín decepcionado, tamén Monseñor Brady quedou totalmente desconcertado. Por tal motivo, co fin de remediar no posible o mal, determinou viaxar a Europa no primeiro navío que partise. Neste intermedio de tempo, mentres espertaba, digámolo así, daquela fonda melancolía que durante catro días me aflixira, decateime de que o decaemento do meu espírito non proviña máis ca da excesiva confianza que puxera nos recursos humanos, cando a obra era exclusivamente de Deus, pois eu agardaba dos homes o que só debía esperar da divina Providencia, que tantas e tan repetidas veces nos salvara, cando estabamos inmersos en graves perigos, e que velaba pola Misión de Nova Nursia moitísimo máis do que eu, miserable criatura, podía nunca comprender; polo que, arrepenido e humillado na presenza do Señor, e posta nel toda a miña confianza, volvíñ á Misión, onde no nome da

Santísima Trindade emprendín con máis ardor ca antes as tarefas cotiás, continuando coa construción da capela.

2. Unha noite, mentres facía oración, sentín fóra un gran balbordo de golpes e de berros femininos que me fixo presaxiar algo funesto. Acudín inmediatamente ao lugar da escena e vin que arredor do lume se estaban batendo, coas súas *llanas* ou grandes mocas, oito mulleres de salvaxes. Tratei de meterme en medio para poñer paz mais era como arar no mar. As miñas palabras levábaas o vento, eran desoídas por aquelas que naquel punto xa non eran mulleres, senón feras encarnizadas. Entón collín eu tamén un pequeno caxato e batinlles nas costas ás máis enfurecidas, co que logrei poñer fin a una pelexa na que varias romperan a testa, outras feriran o lombo e correra o sangue de todas polos seus negros corpos. Durante a refrega, os maridos estiveran sentados despreocupadamente arredor do lume, e rindo coa agarra. Vendo tal cousa, reprendínoos severamente. «¡Como! —díxenlles—, ¿as vosas mulleres estanse matando e vós, en vez de separalas, rídevos e mesmo facedes xolda?». «¿E quen queres que se encargue —responderon eles— de apazugar as leas das mulleres?». «Vós, que sodes os seus maridos» —contestei—. «¿Nós? Impórtanos ben pouco». «¿Como que non vos importa? E se algunha morrese, ¿tampouco vos importaría?». «Nada de nada. ¡Se morre unha, quedan mil!».

Decateime entón de que non podía facer nada de proveito por aquelas infelices, e xulguei que o mellor sería curarlles as feridas e que depuxesen os seus odios. ¡Infeliz muller! —pensaba para min—, se na sociedade humana es algo, débeshlo unicamente ao divino Evanxeo de Xesús Cristo, pois entre os salvaxes estás reducida ao último grao da abxección. Ao naceres, a túa vida está nas mans da túa propia nai, que, inhumana, te pode matar se ao te dar a luz a fas padecer demasiado ou se, para maior desgraza, es a súa terceira filla. Na túa mocidade, se a necesidade é extrema, sêrvelles de alimento aos famentos amigos ou aos teus mesmos parentes. E cando es adulta, a túa vida non ten ningún valor para o teu propio marido. ¡Ou mulleres europeas! Vosoutras, que gozades

do inestimable beneficio de que vos adornou a relixión, acordádevos polo menos algunha vez de tantas e tantas irmás vosas. Valédeas na súa miseria, co fin de que coas vosas doazóns os misioneiros poidan iluminar coa luz da nosa santa relixión os seus salvaxes maridos e educalos na cultura, para que estas infelices poidan saír do abismo de miseria e degradación en que xacen abandonadas.

3. Acabo de dicir que, no caso dunha fame extrema, os australianos se alimentan de carne humana. Velaquí punto por punto o que sobre isto me contou o meu fiel amigo Bigliagoro.

«Estabamos no inverno —dixo—, e, logo de que chovese a mares durante seis días sen parar e cun frío enorme, non demos atopado absolutamente nada que comer. Eramos catro familias desesperadas coa fame. Nunha situación tan dolorosa, un do grupo colleu o seu *dauak*, anaco de madeira que se volve moi duro pola acción do lume, e a traizón bateulle tan forte na cabeza á miña irmá que caeu ao chan sen sentido. Collérona ao dereito, e enteira, e aínda medio viva, puxérona sobre unha gran cacharela, de onde a sacaron sen a torrar ben, e a repartiron entre todos. Como eu estaba igual de famento ca os demais, comín o anaco que me tocou, e aínda que o sangue que me corría polo queixelo e as mans era dunha irmá miña, orfa, ademais, todo mo fixo esquecer a fame rabiosa que padecía. Ben é verdade que entón era eu moi pequeno e non sabía o que facía, que, se fose agora, á miña irmá non a matarían, porque eu, coas miñas armas, a defendería de calquera que atentase contra da súa vida. Pero en tal caso esa triste sorte tocaríalle a algunha outra rapaza, á máis grosa e desamparada, porque a fame era extrema e tiñamos que comer a toda custa». ¡Que horror! ¡Que inhumanidade! Aínda que os nosos desvelos e sufrimentos non lles reportasen a aqueles infelices máis beneficio que a supresión de tal barbaridade, isto só xa nos pagaría con usura e nos sentiríamos moi felices. Mais non foi este o único ben nin o único froito que producira a nosa dedicación.

4. Cando no mes da Candeloria de 1846 nos internamos por primeira vez naquelas frondosas fragas encontramos uns seres que máis tiñan de

bestas ca de homes; salvaxes que, como dixen, se mataban para comerse, chegando ao extremo, se a fame apertaba moito, de desenterrar os mortos, mesmo logo de levaren tres días sepultados, para que lles servisen de alimento. Maridos que por calquera parvada mataban as súas mulleres. Nais que mataban a súa terceira filla sen alegar máis razón ca o excesivo número de mulleres. Tribos enteiras de salvaxes que para escapar dunha morte segura estaban recluídos nos lindes do distrito en que os dereitos do nacemento ou da amizade os poñían a cuberto de todo ataque. Homes que fuxían dos europeos como dunha fera; que descoñecían por completo o traballo. Homes, en fin, que non tiñan culto ningún e que, en consecuencia, aínda que tiñan a idea dun espírito maléfico, non adoraban ningún deus, nin verdadeiro nin falso. Tal era o miserable e embrutecido estado daqueles infelices cando nos internamos naquela solitaria boscaxe onde fundamos a nosa Misión.

¡Canto cambiara a situación en decembro de 1848! Aqueles salvaxes que diferían tan pouco das bestas volvéranse homes máis ou menos civilizados. Desde entón nunca máis se soubo que entre eles se matase a ningún para servir de sustento dos demais, nin moito menos que se desenterrase ningún defunto con tal obxecto. Non se volveu sentir máis que os maridos matasen as súas mulleres, nin as nais a súa terceira nin a súa cuarta filla. Desapareceu por completo a antipatía e o odio entre os salvaxes de tribos de distintos lugares, de xeito que, libres do medo que lles inspiraban os seus contrarios, os nosos salvaxes eran portadores seguros e dilixentes das nosas cartas a calquera punto que fose, aínda que tivesen que andar máis de cen millas. Xa non fuxían ao se achegaren os europeos, senón que reinaba entre uns e outros unha total harmonía, de modo que, no caso de necesidade, se prestaban gustosos a servir de guía nas fragas. Tan afeccionados como eran antes á súa vida nómade, agora viñan pedirnos que lles fabricásemos casas onde se estableceren coas súas familias onda nós. Labraban a terra na nosa compañía, e algúns esmerábanse no cultivo e coidado do seu propio campo de trigo, froito xa da súa suor.

Aqueles mesmos homes que antes non lle permitirían a ninguén que levase consigo os seus fillos cedíannolos agora de bo grao, e ata nolos traían eles mesmos, obrigándonos, por dicilo dalgún xeito, a telos conosco. Ignorantes de toda cultura intelectual, ao principio non podían entender como por medio dunha carta podíamos coñecer os pensamentos doutra persoa que estaba lonxe de nós. E despois, vendo que tamén os seus fillos empezaban a comprender as cartas e os libros «que falaban», suplicábnos que os instruísemos e que os bautizásemos, como así fixemos con moitos, mostrando nisto un extraordinario pracer e satisfacción non só os pais, senón tamén os mesmos fillos. Era tanta a confianza que puxeran en nós que, cando sabían que ía partir para Europa algún misioneiro, discutían entre os mozos sobre cal deles sería o preferido para acompañalo en tan longa travesía, e os pais mostrábanse sumamente compracidos e satisfeitos cando eran os seus fillos os elixidos. De non ser así, non poderíamos levar a Europa os cinco mozos, tal como fixeramos.

Nunha palabra, aqueles homes antes tan semellantes ás bestas, que non adoraban ningún deus, agora, máis ou menos instruídos nos misterios da nosa divina relixión, dobraban gustosos os xeonllos ante aquel Home-Deus que por eles, o mesmo que por nosoutros e por todos, quixera tomar carne humana, padecer e morrer; ante aquel Deus que derramara o seu sangue preciosísimo tanto por nosoutros, civilizados europeos, coma por aquela raza degradada e embrutecida. En verdade que nos daba una fonda satisfacción velos asistir con bastante compostura e reverencia ás nosas funcións na igrexa e ao santo sacrificio da misa, que nun principio dicían que era o noso *Jálaru*, ou festa de baile.

5. Se nós traballamos con tanto empeño por aumentar e facer progresar os intereses materiais da nosa Misión, non tiñamos nisto outra mira que a de procurar o ben moral e cívico daqueles infelices, porque os misioneiros que se dedican á conversión e civilización dos pobos salvaxes e nómades deben atender asemade as súas necesidades espirituais e temporais. De aquí que sexa preciso que unha misión fundada con tal

obxecto se provexa de cantos bens materiais lle sexa posible, non tanto para se enriquecer ela mesma, senón para subministrarlle todo o necesario a cada familia salvaxe que, deixando a súa vida nómade e ociosa, queira establecerse nun lugar determinado.

Admitir e manter na Misión os salvaxes durante un certo tempo, co fin de instruílos e educalos, é sen dúbida un comezo indispensable para o seu benestar; mais facelos depender en todo e para sempre da Misión, facendo que traballen en proveito dela e non no seu propio proveito, é, ao meu ver, un ben mal entendido, porque, non vendo recompensados dabondo os seus traballos, caen nunha lamentable preguiza que lles é innata e da que non queren saír, seguros como están de que ora traballen, ora deixen de traballar, os seus intereses van ser sempre os mesmos e nunca lles ha faltar o diario sustento. Nin se pode dicir que o salvaxe non sabe apreciar o valor dos cartos nin o das propiedades, porque axiña adquire de todo isto unha idea clara, e entón procura por todos os medios aumentar os seus propios intereses e mellorar a súa condición. Pero se se lle fan sentir as cargas da civilización e non as súas vantaxes, e se o reducido valor e insuficiencia do premio lle quitan as ganas de traballar en proveito doutro, entón prefire a liberdade da vida salvaxe ás incomodidades da civilizada, e volve ás súas selvas.

Ademais disto, a historia ofrécenos mil exemplos de que as misións non sempre foron respectadas como merecen, e os seus bens temporais pasaron das mans dos misioneiros ás de cobizosos particulares, co que os pobres salvaxes se viron na dura alternativa de renunciar ao seu pesar á vida civilizada e volver buscar refuxio nas súas fragas nativas antes de perecer de inanición ou de acabar como escravos daqueles novos propietarios. E pregunto eu agora: ¿sucedería isto se cada familia salvaxe estivese daquela establecida independentemente da Misión?, ¿se fosen propiedade súa as terras que cultivaba, o gando, os mobles e utensilios? Certamente, creo que non. Aínda que se suprimisen os misioneiros e as misións, as familias establecidas en herdade de seu serían respectadas, e elas mesmas saberían facer valer os seus dereitos contra calquera que

intentase arrebatárllelos, e xunto con eles, seguramente, a relixión en que foran educadas.

Agora pois, o noso fin intentando sacar adiante con tanto empeño a Misión que se nos confiara non era outro que provernos de todo o necesario para que se establecesen nela canto antes as familias salvaxes, dándolle a cada unha delas o necesario para a vida agrícola. Con isto abrigabamos a esperanza de poder lograr o noso desexado propósito, que era fundar unha aldea composta na súa totalidade por propietarios salvaxes transformados en labregos e artesáns, ao tempo que en verdadeiros cristiáns. Isto era en verdade obra de moitos anos, e dábanos alento a idea de que outros levarían a bo termo o que nós, humildemente, non podíamos máis que comezar.

6. Estabamos a primeiros do mes do Nadal e a construción da nosa capela tocaba xa ao seu fin; mais, apenas concluímos o teito, tivemos que empezar a mallar o trigo, operación bastante doada por termos na Misión algúns cabalos. Durante a malla na eira do mosteiro tiven que ir na busca de novos pastos para o noso rabaño de ovellas, que, segundo comentabamos, dentro de pouco chegarían a 1.800 cabezas. Coñecedor como era Bigliagoro de todos aqueles montes, axiña encontrou excelentes pasteiros moi axeitados ás nosas necesidades. A calor era extremada, e sumamente difícil achar auga en medio dos ermos; por iso a noite antes de regresar ao mosteiro, aínda que tiñamos té e azucre, ao faltarnos a auga non podíamos preparar a nosa bebida cotiá. Outras veces comendo pan con azucre puideramos pasar moito tempo sen beber; mais naquela ocasión, ao estarmos sen pan, a sede atormentábanos sen piedade. Fixemos unha boa larada coa apreciada madeira de sándalo, árbore moi abundante naqueles lugares, e cada un dos dous, partindo en distinta dirección, se puxo a buscar auga; mais eu, canso de a buscar en van, volvíncabo do lume, e alí, con grandísima satisfacción, atopei a Bigliagoro ocupado en amasar unha pouca fariña logo de poñer ao lume a xerra do té con auga. «¡Bravo, Bigliagoro! —díxenlle—, ¡así que deches atopado auga!». Non me contestou; puxo a torta a cocer ao rescaldo e botou o té na xerra

da auga, que xa fervía. Fixemos a nosa frugal cea e, antes de nos deitar a durmir, encargueille ao meu fiel compañeiro que recollese algo máis de auga para podermos saír axiña pola mañá. «Non quedou nin unha pinga —díxome—. Atopei nunha gran rocha xustamente a que agora precisabamos, e foime moi difícil recollela. Non podendo facelo doutro modo, tiven que sacala a sorbos coa boca». «¿Coa boca?» —repuxen eu—. «Si. ¿E logo como quería que o fixese?». «Home, polo menos puidiches dicirno antes». «Se cadra si, pero daquela nin bebería o té nin comería o bolo de pan».

7. Cada vez que ao volver á Misión vía a actividade daquela boa xente ocupada en tantos e tan variados quefaceres, renovábanse no meu corazón sentimentos de infinito agradecemento á divina Providencia, que nos beicía con tantos favores. As mulleres salvaxes, o mesmo que os homes, tiñan sempre en que ocuparse. Esta vez, así que cheguei ao mosteiro, viñeron onda min algunhas pedíndome cadansúa camisa, porque a capa de pel ou *boca*, como elas a chaman, non as deixaba traballar con soltura. A verdade é que eu non tiña pano abondo para contentalas a todas; mais collín un bo anaco de algodón e distribuíno o mellor que souben. Cortei eu mesmo as camisas, ¡sabe Deus como!, e, logo de lles ensinar a manexar a agulla, cada muller se puxo a coser a súa. Eu estaba contentísimo e cheo de satisfacción véndoas atarefadas todo o día nestes labores. Ao mesmo tempo, dábanme risa as costuras feitas por aquelas mans inexpertas, pois os puntos, ora vastos, ora anchos e tortos, marcaban nas beiras unha infinidade de sinuosidades vermellas, pois o fío que lles dei era desta cor, por non ter doutra, para adestrar as mans das australiañas nas primeiras probas dos labores propios do seu sexo.

En suma, cada camisa era o que se chama unha «obra mestra» no seu xénero. Mais, ¿que outra cousa se podía esperar de tales mans e de semellante director? Porén, sexa cal for o mérito do traballo, o certo é que as mulleres o fixeran con gusto e desexaban ardentemente rematalo para se cubriren, que era canto eu desexaba.

CAPÍTULO UNDÉCIMO

1. O padre Salvado vai a Perth. — Impresión que tiveron dous mozos salvaxes ao avistaren unha lancha e dous buques de alto bordo. — 2. O ilustrísimo Brady mándalle ao padre Salvado que vaia á Europa no lugar del. — O catequista Donovan é ordenado sacerdote. — Dous mozos australianos piden acompañar o padre Salvado. — Reciben o bautismo e parten co misioneiro cara á Europa. — 3. Saída da rada de Fremantle. — Gran temporal que sofre o buque á altura do cabo de Boa Esperanza. — Fenómeno parecido ao da fada Morgana. 4. — Arribada á badía e cidade do Cabo. — O ilustrísimo Griffith participalle ao padre Salvado a consagración do ilustrísimo Serra. — 5. Saída do Cabo e arribada á illa de Santa Helena. — Detéñense os viaxeiros un día na illa. 6. — Proseguen a súa viaxe. — Peixes voadores. — Zoófitos ou estrugas mariñas. — Arribada á Europa. — 7. Fina e xenerosa hospedaxe que dá ao misioneiro e aos seus mozos compañeiros o reverendo Kavanagh. — Saída da cidade de Swansea para Dublín e logo para Londres. — 8. Atopa o padre Salvado o cabaleiro Madden. — Este convida o misioneiro a un *meeting* ou reunión de homes filantrópicos. — Saída para París. — 9. Curiosas reflexións dos mozos australianos o día 13 de xuño de 1849. — Aceno de xenerosidade dunha dama francesa. — 10. O padre Salvado expón ao Consello Central de París o obxecto da súa vinda á Europa. — Parte para Lyon, en cuxa cidade atinxe o que desexa. — 11. Cae doente un dos mozos e o padre Salvado parte cos dous para a Italia, onde o doente recobra a saúde.

1. O 12 de decembro recibín unha carta do señor Bispo Brady, na que me mandaba que lle enviase a la a Perth. Non era o meu ánimo ir aquela vez á capital, mais en caendo enfermo o catequista Butler tiven que acompañar a Fowler para guiar un dos dous carros. Difundiuse entre os salvaxes a nova da miña viaxe e, por mor disto, moitos deles viñeron suplicarme que os levase para a cidade na que endexamais estiveran e, entre todos, non escollín máis ca dous rapaces que foran os primeiros en

mo pediren, e algúns outros de maior idade. Só había dous meses que aqueles mozos foran admitidos na Misión, polo que ao chegarmos a Perth todo lles causaba abraio e pasmo, e máis que nada unha lancha que eles acharon que era un gran peixe ou outro animal que andaba por enriba da auga e non atinaban como aquela besta se podía dirixir pola súa parte posterior, pois os cabalos —dicían— levan a brida na boca e non na cola (cómpre subliñar que tomaran por rendas as cordas do temón). Cando a seguir viron dous buques de maior porte coidaron que eran os pais das lanchas, e preguntáronme se co tempo estas serían tan grandes coma aqueles. ¡Coitados rapaces! Todo era novo para eles.

2. Logo dalgúns días de descanso en Perth, Fowler volveu a Nursia, e eu quedei alí ata despois do Nadal por condescender cos desexos da súa ilustrísima. Pasadas as Pascuas, e cando estaba xa para regresar á Misión, chegou inesperadamente de Sydney un navío que ía dirixido ao antigo continente; e a súa ilustrísima, que cambiou de súpeto o seu plan de ir el mesmo á Europa, mandoume o 28 de decembro que fose eu no seu lugar. Non omitín razóns para o persuadir de que non eran abondos os meus coñecementos para o desempeño de tan importante encarga, mais todo foi en van e non houbo outro remedio que o de ceder ás súas ordes. Non había, como dixen, en toda a diocese outros sacerdotes máis ca o Prelado e eu, por cuxo motivo a súa ilustrísima, para non ficar só, ordenou o catequista Donovan, quen no espazo de poucos días recibiu todas as ordes, desde a tonsura ata o sacerdocio. Eu tiven que asistir á cerimonia, e así é que nin tempo tiven de retornar á miña querida Nova Nursia, nin para me despedir dos meus bos salvaxes.

Os dous mozos, ao saberen da miña próxima partida, pregáronme que intercedese con Monseñor para que lles permitise vir comigo á Europa. Acceceu gustoso o Prelado ás súas súplicas, e logo de lles pediren eles mesmos permiso a seus pais, que se aledaron moitísimo da súa resolución, preparei todo o conveniente para a súa viaxe, e o 6 de xaneiro foron bautizados pola súa ilustrísima. Conservaron os nomes de Francisco Xavier Conachi e Xoán Bautista Dirímera, que lles puxera eu estando na

Misión, e os seus padriños foron o cabaleiro R. R. Madden, Secretario da colonia, e a súa dona. No mesmo mes, día e hora en que por primeira vez pisara o chan da Australia, en 1846, volví deixalo logo de permanecer tres anos nel.

3. Na mañá do 8 de xaneiro de 1849, o *Emperor of China*, co Capitán Roberto Brown, saía da rada de Fremantle con dirección á Europa, e o 3 de febreiro pasaba á altura da illa de Madagascar á distancia de só cento cincuenta millas; e sete días despois enxergamos as montañas máis elevadas e meridionais da África. Ata daquela tiveramos un tempo moi favorable, pero o 12 de febreiro, ás tres da madrugada, colleunos unha gran tempestade acompañada de atercedores tronos e continuos lóstregos. Os raios serpeando arredor da nosa nave caían ao mar a pouca distancia de nós, e unha treboada forte e continuada aumentaba os horrores do temporal. Os golpes de mar eran tan tremendos que nun deles caeron por terra os dous varudos mariñeiros que gobernaban a roda do temón. Ao raiar o sol parou a choiva, mais as vagas tan pronto se nos presentaban como altísimas murallas imposibles de atravesar como nos somerxían no máis profundo do abismo, de onde parecía que non habíamos volver saír. O aspecto do océano era verdadeiramente imponente e as mesmas nubes, tinxidas dunha cor amarelada e sinistra, que ora lentas ora velozes pasaban por enriba das nosas cabezas, contribuían a infundirnos maior arrepió. Ao se desencadear tan irada borrasca, o noso hábil e experto Capitán, por medio dunha manobra de velas contrapostas moi ben executada, fixo quedar o buque parado coma un escollo no medio do mar, ata que, calmada pouco a pouco a tronada, seguimos a viaxe, malia que o inconstante e pérfido elemento a cada intre ameazaba con nos sepultar nas súas inmensas profundidades. O buque corría unhas oito millas por hora, porén as vagas corrían máis de trinta e dúas.

Aquel mesmo día enxergamos outra nave, a primeira que descubrimos desde a nosa saída da Australia, a cal desde Calcuta se dirixía cara a Londres, e, malia que as respectivas distancias que percorríamos ata aquel punto eran iguais con curta diferenza, aquel navío empregara doce

días máis ca o noso en percorrela. O 15 de febreiro descubrimos a montaña da Table no cabo de Boa Esperanza, da que estabamos aínda distantes máis de cincuenta millas. O día seguinte, pasamos fronte á fermosa casa que serve de faro no cabo das Agullas. E o 18, observamos un raro fenómeno moi semellante ao da fada Morgana do estreito de Mesina. Era mediodía cando, enriba de dous buques que seguían o noso, apareceron no aire a forma doutros dous, cuxas velas e mastros tiñan moita máis elevación ca os dos verdadeiros. E viámoslos tan claros e distintos que, tanto coa vista natural coma coa axuda do anteollo, parecían en realidade catro buques no canto de dous.

4. O 19, malia atopármonos nunha calma case que completa e rodeados dunha densísima néboa, entramos na badía do cabo de Boa Esperanza.

Saltei decontado a terra cos meus dous australianos, a quen deixou sumamente abraiados a música dun rexemento que oíron por primeira vez, de xeito que non pararon en moitos días de arremedar os xestos e mais os movementos dos músicos e, asemade, tentaban imitar coa voz o son dos instrumentos. O ilustrísimo Griffith, Vigairo apostólico do Cabo, agasallounos un día e convidounos a comer. E por el souben que o ilustrísimo padre Serra fora consagrado Bispo de Porto Vitoria o 15 do mes de Santa María de 1848.

5. O 24 de febreiro, véspera do primeiro domingo de Coresma, collemos rumbo a Santa Helena, illa que albiscamos despois de doce días dunha navegación máis próspera, a unha distancia de dez millas.

Desembarquei xunto con moitos outros pasaxeiros para visitar aquela terra tan afamada por acabar nela os seus días o emperador Napoleón. A casa en que habitou primeiramente atopábase situada preto dunha fermosa fervenza non moi distante da beira do mar, e que domina a pequena cidade, chamada polos ingleses James Town, que ten arredor de 5.000 habitantes. A outra na que morreu está seis millas terra a dentro e no estado máis completo de abandono e deterioración, tanto que o apousento en que o célebre guerreiro entregou a súa alma ao Criador na actualidade

serve de corte. O sepulcro en que foi enterrado vino cuberto dun pouco de palla medio podrecida, sen sinal ningún de respecto, e quedou só en pé o enreixado de ferro, rodeado a certa distancia doutro de madeira, un só ciprés e tres salgueiros choróns. Velaí como rematan as glorias humanas. ¡Aquel home que foi un día o árbitro da Europa, aquel heroe vencedor de cen batallas, aquel que dispuxo ao seu antollo de tantos reinos, á fin tivo que acabar os seus días desterrado en terra estranxeira!

A illa de Santa Helena foi descuberta o 21 de maio de 1502 polo portugués João de Nova-Castella. O seu primeiro habitante foi un desertor chamado Fernando López, que Alburquerque deixou abandonado alí en 1513, xunto con algúns negros. Os portugueses deixárona en 1645 e apoderáronse dela os holandeses, que a abandonaron, e ao cabo de seis anos apropiouse dela a compañía inglesa chamada das Indias. Tomárona novamente os holandeses en 1672, mais ao seguinte ano volveu pertencer á devandita compañía, en cuxo poder se conserva. Esta illa ten unha extensión de dez millas e media de longo e sete de ancho, e a súa circunferencia non é maior de trinta. Atópanse nela algúns ríos e a súa superficie é de 30.300 acres de terra, dos cales 18.000 son cultivados, e pertencen parte a particulares e parte á compañía. A súa montaña máis alta, chamada Diana, ten unha elevación de 2.700 pés sobre o nivel do mar. A cidade de James Town, única poboación que hai na illa, atópase á beira do mar nun pequeno val encerrado entre dúas ásperas montañas volcánicas. Hai na cidade dúas igrexas protestantes, pero ningunha católica, e, ao preguntar eu se había algún sacerdote católico, dixéronme que non. O aspecto de Santa Helena non ofrece nada de fermoso nin agradable, porén é unha fortaleza inexpugnable. Dunha banda, a natureza, que a coloca no medio do inmenso océano, e doutra a man do home, que engadiu ás súas fortificacións naturais outras artificiais, converteron esta illa nunha segunda pena de Xibraltar.

6. Feita escala en Santa Helena, proseguimos a nosa viaxe o 9 de marzo, e deixamos á nosa dereita o día 15 a illa da Ascensión, que apenas puidemos albiscar co anteollo. E o 20, ás oito da noite, pasamos a liña

aos vinte graos cunha forte choiva que durou por espazo de moitos días. O 21 sinalaba o termómetro de Réaumur 30 graos de calor. Antes e despois da liña vimos moitas baleas, unha das cales se achegou tanto a nós que puidemos contemplala con toda comodidade durante dez minutos, e sería doado botarlle o arpón desde o buque mesmo e matala. Adoitaban caer sobre a cuberta gran cantidade de peixes voadores, e algúns había que tiñan medio pé inglés de longo. Esta especie de peixes teñen catro ás ou aletas, as dúas preto da cabeza, e as outras, moito máis pequenas, á metade do corpo; e, coa axuda destas ás, chegan a erguerse ás veces ata 20 pés sobre o nivel do mar e a permanecer no aire un bo anaco; polo regular, voan cando se ven perseguidos polos arroaces ou por outros peixes grandes. O 22 tememos por un momento unha terrible desgraza, ao ollarmos como se formaban dúas espantosas mangas ou trompas mariñas, pero tranquilizámonos ao vermos que seguían unha dirección oposta á nosa e que as tiñamos a unha distancia de vinte millas.

O 5 de abril, ao empardecer, caeunos enriba unha verdadeira choiva de xibas e luras, e esta foi a única vez que vin voar tal especie de peixes. Levántanse no aire con só a forza da súa cola, a cal, estendida, toma a forma dunha lanza e durante o seu voo vai máis adiante que a cabeza. Ao día seguinte, servíronlles de abundante xantar aos pasaxeiros, que me dixeron que eran un bocado excelente, mais eu abstivenme de comelas, por ser aquel día o Xoves Santo.

Os días 9 e 10 vimos unha chea de zoófitos (*Acalephes*), chamados tamén estrugas mariñas, coñecidos entre os mariñeiros ingleses por buques de guerra portugueses. Son unha especie de animais pequenos e moi bonitos que sobrenadan coma os barcos. Un mariñeiro colleu un destes peixiños, mais ao tocar un causoulle tal irritación na pel do brazo que non sabía onde se había meter pola dor, pero paroulle como por feitizo cunhas fretas de ron.

O 12 atopámonos xa á latitude de Lisboa e o 13 perdemos de vista os Azores, por entre os cales pasamos. Ao día seguinte, tivemos un furacán tan irado que unha das velas de fronte rematou en mil anacos e un

dos meus dous mozos, por un abaneo do buque, caeu cara a atrás e permaneceu por un intre sen sentido. Preto de catro días nos durou aquela borrasca, despois dos cales —isto é, o 27 de abril— aportamos con toda felicidade na cidade de Swansea, na Inglaterra, despois dunha viaxe de cento nove días.

7. Fáltanme as palabras para expresar a cordialidade, fineza e caridade con que nos hospedou na súa casa o reverendo Carlos Kavanagh, que nos encheu de agasallos todo o tempo que nos detivemos naquela cidade e que nos abasteceu ademais de fondos, dos cales nos atopabamos faltos en extremo. Ante todas as cousas, fixen vacinar os meus dous australianos, en cuxo país son descoñecidas as vexigas. E foi o Doutor Long, médico de Swansea, quen se encargou xenerosamente daquela operación.

Logo de obtermos a pasaxe franca nun vapor, grazas aos desvelos e mais ás dilixencias que para este efecto practicaron a virtuosa Miss Mary Nicholl e a súa digna irmá, saímos o 2 de maio de Swansea para Liverpool e Dublín, a onde chegamos o 5. Alí atopei o reverendo Xoán Smyth, axente do ilustrísimo Brady, quen me puxo ao corrente do estado en que se atopaban os asuntos da Misión. Polo que souben, o ilustrísimo Serra efectuara xa o primeiro pagamento pola adquisición do predio para a Misión, cousa para min moi satisfactoria. Mais como debían pagarse aínda moitas outras débedas, determinei irme a París e a Lyon, co fin de facer presente aos dous consellos centrais da Propagación da Fe o estado da Misión de Perth.

Saímos de Dublín o día 11 de maio e, antes de vinte e catro horas, atopabámonos xa andando polas rúas de Londres. Se o navegar en buques de vapor encheira de abraio os meus dous indíxenas, xúlguese cal sería este ao se veren transportar dunha cidade a outra coa velocidade do raio, por medio dos camiños de ferro. «¿Por que —dicíanme— non leva esta especie de lume para a Australia? Deste xeito, sen bois nin cabalos, iríase máis pronto da Misión a Perth e de alí á Misión».

8. Tiven a boa sorte de atopar en Londres o digno Secretario da colonia de Swan River, o cabaleiro R. R. Madden, suxeito co cal me unían

os deberes da amizade e mais do agradecemento, non só polos moitísimos favores que del recibira, senón tamén polos que durante a súa curta permanencia na Australia lles dispensara aos católicos, aos salvaxes e á Misión mesma de Nova Nursia. Con el e coa súa familia fixeramos xuntos a viaxe des a Australia á Europa e, ao nos volver atopar en Londres, con extremada bondade e amabilidade, presentoume as primeiras autoridades daquela metrópole. Convidoume tamén unha noite a asistir a unha reunión de homes doutos e filantrópicos, na que debían tocarse varios puntos concernentes aos salvaxes da Australia. Fun alí cos meus dous rapaces, onde se leu unha carta de New South Wales, escrita nun sentido do todo desfavorable aos coitados indíxenas. Despois doutros varios, fun interrogado respecto da miña opinión e, aínda que era contraria á do autor da carta e á dalgúns dos presentes, tiven a indicible satisfacción de arrastrar ao meu parecer a maioría dos concorrentes. Pretendían algúns que os australianos eran incapaces de toda cultura intelectual, de comprenderen e estimaren o que vale o beneficio da civilización, nin o prezo da propiedade, e outras cousas tan absurdas coma estas que non quero lembrar. Eu por toda resposta traceilles polo miúdo a historia da nosa Misión, tal como a saben xa os meus lectores, e quedaron destruídos os seus argumentos especiosos ante a realidade dos feitos.

Sáímos de Londres o 21 pola mañá con dirección a París, a onde teríamos chegado a mesma noite de non nos deter cos padres beneditinos ingleses no colexio de Donay. Dous días despois, estábamos na fermosa capital da Francia, terriblemente apesurada naqueles días polos horrores do cólera e da revolución.

9. Presenciamos o famoso 13 de xuño, último esforzo dos homes que a revolución de febreiro sacara do lodo social. Namentres que diante de nós atravesaban as rúas a paso de carga numerosos batallóns, e o trote dos cabalos e o ruído das carretas facían tremar os edificios, un dos meus mozos australianos, atordado e afectado por tanto balbordo, preguntoume o motivo de todo aquilo, e eu contesteille que como algúns dos que pouco antes pasaran berrando eran malos, ían no seu segui-

mento os soldados cos fusís para os castigaren se non se apazugaban. «Pero vexo —replicou o australiano— que os outros tamén levan fusís e, neste caso, ¿quen vencerá?». «Os malos son poucos —repuxen eu— e, xa que logo, os soldados vencerán». Gardou silencio o mozo por uns minutos, e logo continuou: «¿Por que non se vai meter vostede entre os soldados e os malos, non lles quita as armas a todos e non entra dentro desta casa para que non se batan, e nós os dous axudarémolle?». «Porque este non é o meu país e non coñezo ningún dos combatentes» —díxenlles—. «Esta non é razón —contestoume— porque tampouco vostede é do meu país, nin coñecía os salvaxes e, así e todo, cando se preparaban para baterse ou xa estaban baténdose, vostede metíase no medio deles, quitáballes os seus *guichis*, encerráboas na Misión e todo quedaba rematado. ¿Por que, logo, non fai vostede aquí o mesmo?». Un raciocinio tan ao caso e tan inesperado nun rapaz que oito meses atrás andaba polas selvas espido e inculto canto pode chegar a selo un salvaxe deixoume tan pampo que non acertei a lle dar ningunha resposta satisfactoria. Abstivenme de lle dicir que en tales casos é máis doado obter un bo resultado entre os salvaxes ca entre os que se vanglorian de chegaren ao sùmmum da civilización¹⁸.

Un día, estando os dous mozos a xogaren e a divertírense nun dos paseos públicos daquela capital, como adoitaban facer outros da súa idade, achegóuselles unha dama que se dirixiu a eles cun falar amable. Pararon eles os seus xogos e puxéronse a escoitala con atención; mais como non a entendían, un dos dous veu correndo cara a min e díxome: «Hai unha dona que nos quere dicir algo, pero a coitada non sabe falar; veña

18. O autor ten sobrada razón, nin el nin o ilustrísimo Serra atoparon endexamais resistencia entre os embrutecidos salvaxes da Australia, cando trataron de lles poñer fin ás súas cruentas loitas, mentres que o ilustre mártir da caridade cristiá Monseñor Atre, interpoñéndose con igual obxecto entre a tropa e os revoltosos de París, caeu vítima dunha traidora bala saída de entre as filas dos revolucionarios socialistas, destes que coas súas absurdas e infames teorías tratan, segundo din eles, de rexenerar a sociedade e de labrar a felicidade do xénero humano. ¡Que contraste tan singular! *Nota do tradutor.*

vostede, e mire a ver se a pode entender». En vendo isto a dama, dirixiuse a min, e despois de me facer varias preguntas acerca dos usos e dos costumes dos australianos, ofrecéuseme para facer canto puiden en favor seu. E eu, aproveitando as súas ofertas, supliqueille que tivese a ben indicarme a tenda en que con máis baratura podería fornecerme doutros vestidos para aqueles rapaces. Nomeouma no intre, mais aínda non apuntara eu no meu cartapacio «La Belle-Jardinière», cando me dixo a dama: «Déixese vostede de escribir e faga o favor de vir comigo». Seguina, merquei canto cumpría para os meus dous australianos e, ao ir satisfacer o importe, atopeime con que a doncela da señora o pagara todo. Deille as grazas e pregueille que polo menos tivese a bondade de me dicir o seu nome, mais a súa relixiosa resposta foi: «Rogue por min».

10. Logo de expoñer nunha memoria ao Consello Central da Propagación da Fe de París os motivos da miña vinda á Europa e mais as necesidades e as urxencias da diocese de Perth, saín o 15 para Lyon, co propósito de presentar outra memoria igual aos membros do Consello Central daquela cidade, posto que nada decide o un sen a previa aprobación do outro. Mais, xa antes da miña chegada, foran aqueles señores informados de todo polos de París, polo que o 25 obtiven canto desexaba.

11. Había algúns días que estaba doente, e de bastante gravidade, un dos meus mozos, por cuxo motivo, consonte o parecer dos facultativos, me foi preciso marchar canto antes á Italia. E así partín para Marsella, a cuxo punto cheguei no día seguinte, e o 27 embarquei para Nápoles. Tiven a sorte de ir nun vapor cuxo Comandante recibiu en Civitavecchia o parte para Súa Santidade, e deille a feliz noticia de que entrou en Roma o exército expedicionario francés o día 2 de xullo, polo que fixemos escala en Gaeta a noite do 3 para entregar o prego, e o 4 entramos na rada de Nápoles.

Durante esta última viaxe, fórase agravando de tal sorte a doenza do mozo Dirímera que, de ter sido máis longa a navegación, de seguro que fenecería. Ao se restablecer un pouco nos sete días que tivemos que facer corentena por mor da nosa procedencia da Francia, onde se desenvolvera

o cólera, despois de desembarcarmos o día 11, e presentados decontado os dous ao eminentísimo Cardeal Frasoni, Prefecto de Propaganda, funme con eles ao mosteiro da Santísima Trindade da Cava, e alí, grazas aos asiduos e dilixentes coidados dos meus bos irmáns, Dirímera recobrou axiña a saúde e o vigor primitivos.

CAPÍTULO DUODÉCIMO

1. Monseñor Brady pide un coadxutor e Súa Santidade destínalle o ilustrísimo Serra. — 2. Os dous mozos australianos reciben das sagradas mans de Súa Santidade o hábito beneditino. — 3. Súa Maxestade o Rei de Nápoles recibe con extremada bondade os dous monxes australianos. — Entran no noviciado dos Padres Casinenses da Cava. — 4. O padre Salvado é consagrado Bispo de Porto Vitoria. — Despídese dos dous novizos australianos. — 5. Castiga Deus os pais dun misioneiro. — 6. Saída do ilustrísimo Salvado e outros misioneiros de Nápoles para a España. — 7. Arribada a Barcelona. — O ilustrísimo Salvado viste o hábito beneditino a moitos misioneiros e embarca con eles para Cádiz. — 8. Atópanse nesta cidade os ilustrísimos Serra e Salvado. — 9. Inesperada comunicación do Goberno español ao Comandante Quesada, e deste ao ilustrísimo Salvado. — Queda este na Europa e o ilustrísimo Serra parte con todos os misioneiros para a Australia. — 10. Chegan á rada e cidade de Fremantle. — 11. O ilustrísimo Brady recibe con paternal cordialidade o ilustrísimo Serra e demais misioneiros. — 12. Chega Monseñor Serra a Perth e logo a Nova Nursia con toda a súa comitiva.

1. De volta eu a Nápoles, en cuxa cidade recibín a máis obsequiosa e cordial hospedaxe na casa dos señores Leopoldo Galuzzo e Antonio Paino, souben que a súa eminencia o Cardeal Fransoni tivera cartas do ilustrísimo Brady, en que lle daba un detallado informe do estado en que se atopaba a súa diocese e, alén diso, pedíalle que se lle concedese un coadxutor. A Sagrada Congregación de Propaganda, atendidas as circunstancias da diocese e a petición do seu Prelado, e en coñecendo ao mesmo tempo as calidades que adornaban o ilustrísimo Serra e os moitos fondos que recollera da piedade dos fieis, así na Italia coma na España, creu que ninguén podería desempeñar mellor ca el aquel cargo, polo que lle propuxo a Súa Santidade que fose trasladado da diocese de Porto Vitoria á

de Daulia, *in partibus infidelium*, e nomeado coadxutor con futura sucesión, e administrador temporal do ilustrísimo Brady. E como a partida do ilustrísimo Serra para a súa diocese de Porto Vitoria estaba fixada para o 8 de setembro, o eminentísimo Prefecto procurou que o Sumo Pontífice aprobase canto antes a proposta da sacra Congregación. E, efectivamente, o 25 de xullo dignouse súa eminentísima participarme que estaba xa aprobada. Vin naquela determinación un sinal da misericordia divina, e non me sinto capaz de pintar a alegría e a satisfacción que tiveron ao ver salvada a Misión de Nova Nursia. A Santísima Trindade velaba sen dúbida nunha sobre aquela Misión fundada só para maior gloria do seu santo nome, e a inmaculada Virxe santísima non podía permitir que fose abandonado aquel curto patrimonio dos salvaxes, posto baixo o seu especial amparo e particular protección.

Aquel mesmo día escribinlle ao ilustrísimo Serra e participeille canto me fora comunicado e, como se collese novos bríos e afouteza, todos os meus pensamentos dirixíronse a preparar a miña viaxe a Cádiz, e de alí ao mosteiro da Santísima Trindade de Nova Nursia.


2. Os dous mozos australianos, que confiara ao coidado dos monxes da Cava, non vestiran aínda a cugula, e eu desexaba de veras que llela vestise o mesmo Sumo Pontífice, e con este obxecto dirixinme a Gaeta, a onde cheguei o 29 de xullo. Grazas ao Infante don Sebastián, a mañá mesma do día en que cheguei fun admitido cos dous australianos a beixar o pé de Súa Santidade e, axeonllado perante a súa presenza, deille as grazas con todo o meu corazón polo inmenso beneficio que acababa de dispensar á diocese de Perth e á Misión. Súa Santidade aseguroume que tomaba moito interese nela e, volvéndose aos meus australianos, preguntoume: «¿Que traen aquí estes dous mozos?». «Santísimo Padre —contesteille—, dentro de cada un destes panos hai un hábito e, como estes dous rapaces serán os primeiros beneditinos da Australia —darei mellor, de toda a Oceanía—, suplícolle humildemente a Vosa Santidade que se sirva concederlles a alta honra de recibir das mans mesmas de Vosa Beatitude o hábito beneditino». «Fareino co maior gusto» —contestou o Pon-

tífice—. E logo de tomar o hábito do maior, vestiuse e beiceuno. Preguntoume despois como se chamaba. «Xoán Bautista» —respondinlle—. «Pois ben —engadiu Súa Santidade—, de hoxe en adiante chamarase Xoán María»¹⁹. Ao segundo conservoulle o nome de Francisco Xavier, e dixo: «A Australia necesita outro san Francisco Xavier, bendiga o Señor este mozo e faga que o sexa». Logo agasallounos Súa Santidade a cada un dos tres cun pequeno crucifixo de prata, e a min alén diso cun fermoso rosario, e despediunos dándonos a súa santa beizón.

3. Aínda non chegamos á casa do señor Dabunno, que foi quen tivo a bondade de nos hospedar, cando me avisaron de que Súa Maxestade o Rei desexaba ver os dous monxes australianos. O piadoso e magnánimo monarca recibíunos coa súa natural bondade e fíxome mil preguntas sobre a nosa Misión, o noso primeiro encontro cos salvaxes e moitas outras cousas. Namentres estaba a falar con Súa Maxestade, en observando un dos meus mozos que as escaleiras e os salóns se atopaban ategados de militares, preguntoume na presenza do Rei se este era o pai de todos aqueles militares. Eu contesteille que si.

«¡Oh! —díxome el—, daquela será un home moi afouto e bo, polo menos así parece». «Así parece, e así é» —respondinlle eu—. Desexando saber o que me dixera o mozo, expliqueillo, e o Rei non puido menos ca sorrir ao oír unha gabanza tan inxenua coma merecida. Asemade, ao ver o outro que Súa Maxestade a Raíña se abanaba, tomou das súas mans con moito donaire o abano, e probaba de abanarse xa a si mesmo xa a Raíña, quen, ao ver a inocencia daquel cativo, non só tivo a bondade de lle perdoar a súa afouteza, senón que agasallou os dous cun abano, cousa que ambos agradeceron ata o sumo. Súa Maxestade deunos a cada un de nós unha medalla de ouro coa imaxe da santísima Virxe e, con real munificencia, quixo ademais correr cos gastos dos mobles das dúas celas que habían ocupar os dous mozos monxes na Cava, e de todo o necesario.

19. Ese era o nome de Pío IX antes da súa elevación ao Pontificado.



Os australianos Xoán Dirímera e Francisco Xavier Conachi reciben os primeiros o hábito beneditino casinense en Gaeta das sagradas mans de Pío IX

E, alén diso, convidounos, cheo de rexia bondade, a que fôsemos velo polas noites mentres permanecésemos en Gaeta.

O curto tempo que me quedaba libre empregábao parte nos asuntos da Misión e parte en procurar a colocación dos meus dous novos monxes. O 5 de agosto entraron ambos no noviciado do mosteiro da Cava, e aqueles bos padres, a quen en gran parte se debe a existencia da Misión Beneditina da Australia occidental, ofrecéronse cun exceso de benevolencia non só á educación dos novizos, senón tamén a provelos en adiante de canto necesitasen. Arranxado isto, practiquei as dilixencias oportunas para sacar os pasaportes dos suxeitos que querían vir con nós ás misións da Australia, para estarmos prontos a marchar co vapor de guerra español *Blasco de Garay*, no cal tivo a inestimable xenerosidade de concedernos pasaxe o excelentísimo señor don Francisco Martínez de la Rosa, Embaixador de Súa Maxestade da España na Corte pontificia, e que debía darse á vela o 8 de agosto do porto de Nápoles para o de Barcelona.

4. Mentres me tiñan ocupado estes asuntos en Salerno, tiven que ir con todo apresuramento a Nápoles enviado a buscar polo eminentísimo señor Cardeal Frasoni, quen me participou que Súa Santidade se dignara elixirme Bispo de Porto Vitoria. Supliqueille a súa eminencia que interpuxese o seu valemto para con Súa Santidade, co fin de que me eximise dun peso superior, con moito, ás miñas forzas, e marchei no intre de Nápoles e percorrín varias cidades para sacar os desexados pasaportes. E aínda non os puidera reunir todos cando, con data do 9 de agosto, outra vez súa eminencia me enviou a chamar co mesmo obxecto. Cheguei a Nápoles o 12 e, logo de me presentar a súa eminencia o día seguinte, en van obxectei cantas razóns se me ocorreron, en van supliquei que se me dispensase de aceptar unha dignidade para a cal me reputaba inhábil e asemade indigno e en van propuxen para tan alto destino outras persoas que por moitos conceptos eran dignas de o obter. Mais Súa Santidade xa asinara no devandito día 9 a bula con que me confería aquel grave cargo. A divina Providencia ao parecer ordenaba as cousas moi diversamente do que eu desexaba, de sorte que o día da Asunción de Nosa Señora, sen

saber o que lle pasaba, o autor destas memorias, malia a súa indignidade, foi consagrado Bispo de Porto Vitoria polo eminentísimo Cardeal Frasoni, e como bispos asistentes estaban Monseñor Monteforte, Bispo de Sidonia, e Monseñor Vighi, Bispo de Listri; coa coincidencia de se verificar esta mesma cerimonia —o mesmo día, polo mesmo eminentísimo Cardeal e asistindo os mesmos prelados, mais un ano despois— de consagración do Bispo da mesma diocese, o ilustrísimo Serra, con quen eu compartira vinte anos de fatigas na España, na Italia e na Nova Holanda.

Nos dous días de tempo que me quedaban ata o da miña saída para a España, puiden á fin axenciar e preparar todo o que me faltaba, e logo fun ao mosteiro da Cava para me despedir dos meus dous australianos. Pregunteilles se estaban ledos e se se atopaban ben, e contestáronme que estaban mellor ca na Misión, o que crin sen dificultade. «Eu marcho mañá —díxenlles—, ¿queredes volver comigo?». «Non. ¿Por que?». «Porque aínda non estudamos e, ao chegarmos á Australia, os nosos parentes e amigos preguntaranos se entendemos os papeis que falan (os libros e as cartas), se sabemos facelos (saber escribir), se sabemos facer cabalos e árbores (debuxar) e moitas outras cousas. E, en respondendo nós non saber facelo, dirannos que somos aínda *Juan-ar*, ou “homes das fragas”, como son eles. Polo que vale máis que agora marche vostede só, e, entretrentes, nós estudaremos moito e, cando entendamos todos os papeis que falan, saberemos cantar e xogar cos dedos (tocar un instrumento). Deste xeito, cando digamos misa, que nos gusta moito, entón farémolle un papel que fala (non sabían que polo meu novo destino debía ir preto de dúas mil millas lonxe de Nova Nursia), e vostede virá atoparnos á auga (ao porto de Fremantle) e traeranos dous cabalos. Logo deixaremos a casa que anda (o buque), iremos polas fragas, un por unha banda e outro por outra, e todos os cativos que atopemos traerémolos á Misión e á escola. Agora non sabemos ren e non podemos ensinarlles aos demais, pero dentro de pouco tempo saberemos moito, xa o verá».

Tal raciocinio, superior en verdade á súa idade e condición, encheume de gratísima consolación. ¡Canto ben non poderán facer estes dous mozos

aos seus compatriotas, cuxo sangue e cuxa linguaxe son os mesmos, cuxas crenzas e costumes coñecen! Que o Señor os bendiga para maior gloria súa e ben das almas dos pobres e infelices australianos.

5. Ao regresar a Nápoles na noite do día 17, presentóuseme a nai dun dos misioneiros chorando e dicíndome que xamais lle permitiría ao seu fillo que fose á Misión da Australia, porque, dicía ela, estaba segura de que morrería en tan longa travesía. Firme no seu propósito, quedou na casa onde vivía, ata que chegaron os misioneiros, en cuxo número estaba o seu fillo, e con eles volvíñ atoparme. Decateime eu de que faltaba un, e preguntei a razón de por que non viña. «O mozo que falta —contestáronme— non puido conseguir o permiso de seus pais, morreu onte case que de súpeto. Nós atopámolo morto esta mañá ao irmos á casa de seus pais, que estaban con moito afliximento e arrepentidos de terse oposto á súa santa vocación». Esta triste noticia causou a máis viva impresión nos ánimos de todos nós, pero particularmente no da nai do outro misioneiro que se atopaba presente, e, ao temer que lle acontecese outro tanto, deixouno en paz e marchou. Un feito tan terrible, un castigo tan severo, debería na verdade servirlles de aviso a aqueles pais que se opoñen á santa vocación dos seus fillos.

6. A mañá do 18 de agosto saín de Nápoles. O *Blasco de Garay* conducía sete misioneiros daquel reino e, pola noite daquel mesmo día, entramos no porto de Gaeta. Visitei ao día seguinte Súa Santidade, cuxo paternal corazón me encheu de especiais grazas, moitas delas indispensables a un Bispo que debe atoparse só e illado nas rexións antípodas, e pola noite proseguimos a viaxe no *Lepanto*, outro dos vapores da escuadrilla española, para Barcelona, en cuxo porto desembarcamos o 23.

7. Renuncio a describir o xúbilo que inundou o meu corazón, a satisfacción e a alegría de que me sentía posuído ao volver pisar o solo da miña patria, da que faltaba había case once anos. Satisfacción e alegría que foron en aumento a medida que fun internándome no país e percorrendo as súas principais cidades, posto que puíden convencerme de que as devastacións dunha longa, encarnizada e desoladora loita quizais

puideran amortecer, mais non destruír, os sentimentos relixiosos que sempre en todos os tempos constituíron a principal gloria da miña católica nación. Probas irrecusables disto ofreceron Madrid, Sevilla, Cádiz, Valencia, Tarragona, Santiago, Jerez de la Frontera, e unha das primeiras, Barcelona. De sorte que, con razón, podo dicir que na miña patria, desde Súa Maxestade a Raíña ata o último dos seus súbditos, todos contribuíron á nosa santa empresa.

¡Oh!, ¡canto sinto que o sucinto desta obra non me permita consignar nas súas páxinas os nomes de todos os que, tanto nas devanditas cidades coma noutras, nos prodigaron os socorros, xa en metálico xa en especie, nos animaron a proseguir e a levar a cabo a obra comezada e nos dispensaron toda clase de protección! Reciban todos a expresión do noso máis vivo recoñecemento, e teñan por certo que nas oracións dos novos cristiáns da Australia o seu nome ocupará un lugar preferente, co fin de que o Altísimo se digne a lles dar a debida recompensa nesta vida e na eterna.

En Barcelona atopei a meirande parte dos mozos que, co ilustrísimo Serra e comigo, debían ir ás misións da Australia e que desexaban non menos ardentemente ca os misioneiros que viñeran comigo de Nápoles abrazar o instituto do gran patriarca do Occidente, o meu padre san Bieito, e vestir a cugula na mañá do 28 de agosto, día destinado para a nosa saída da capital do Principado. Vestínllela coa maior solemnidade na parroquia de Santa María do Mar, cuxo dignísimo Vigairo é o celoso e apostólico sacerdote o reverendo señor don Pedro Naudó, cuxo nome quedará eternamente gravado nos corazóns de todos nós, pois el é un dos que tomaron maior interese e dos que máis se desvelaron polo bo éxito da nosa Misión. Era eu o primeiro monxe que, logo de catorce anos de convulsións políticas de funesta memoria, pisaba as rúas da cidade en hábito beneditino, o que causou tan grande e relixioso afervoamento no pobo que a igrexa de Santa María, na que, como acabo de dicir, tivo lugar a toma de hábito dos misioneiros, estaba ateigada de xente, malia ser un dos maiores templos de Barcelona e a pesar de se efectuar esta cerimonia ás seis da mañá, hora bastante intempestiva.

Ao pé do altar da santísima Virxe, titulada do Amor Feroso, asistido polo reverendísimo padre Blanch, que foi presidente dos monxes beneditinos en España e abade do mosteiro de Montserrat cando a supresión das ordes relixiosas, por outros relixiosos e sacerdotes, vestido de pontifical, beicín os hábitos e púxenlles aos vinte e oito misioneiros, e, deseguida, dei grazas ao Señor polo singular favor que viña de concederme por poder celebrar en Barcelona un acto relixioso do que non había exemplo na España desde había tres lustros.

Recibín despois e beicín un feroso estandarte que tivo a bondade de me ofrecer a Confraría da Corte de María. A seguir, celebrei a santa misa, durante a cal unha sinxela pero devota música tiña concentrados os afectos do relixioso concurso que se atopaba presente. Nela repartinlles aos misioneiros o Pan eucarístico e, denantes, dirixinlles un discurso cheo de santa unción e análogo ás circunstancias do sabio e piadoso gobernador da mitra, o ilustre señor don Filipe Bertrán e Ros. Logo, rematada a misa e entoadas as ladaíñas de Todos os Santos, ao dicir «*Sancta Maria*» púxose en marcha a procesión cara ao lugar en que debiamos embarcar. O xentío que acudira era tanto que empregamos máis de media hora só para saírmos da igrexa.

A procesión ía na orde seguinte: abría a marcha un piquete de cabalaría para despear a rúa e deixarnos o paso libre por entre a inmensa multitude. Seguía o estandarte levado por un sacerdote misioneiro, vestido co hábito monástico. Logo ían en dúas filas gran número de sacerdotes e cabaleiros pertencentes á Confraría da Corte de María, baixo cuxo patrocinio se puxera a nosa Misión. Viñan despois os misioneiros pola súa orde e, finalmente, pechaba eu a procesión, vestido de monxe e sen outro distintivo que a cruz episcopal. Íanos seguindo un extraordinario xentío e fomos por todas as partes tan ben recibidos que non foron abondos os soldados para conter os que, arrastrados por un relixioso entusiasmo, se empeñaban en beixarnos as mans ou o hábito. Todos derramaban bágoas de tenrura e cando, axeonllados xunto ao vapor en que debiamos embarcar, empezamos a *Salve Regina* foron tantos os

empurróns da apiñada multitude devezosa de beixar unha vez máis aínda o noso hábito que me aconsellaron que me metese inmediatamente no barco. Posto nas táboas que o unían á terra, entoei o *Sit nomen Domini benedictum* e mais o *Adjutorium nostrum in nomine Domini*, a cuxos versículos, logo dun admirable silencio, contestou o pobo todo ao unísono.

Finalmente, coa trina beizón invoquei as grazas celestiais sobre o bo pobo barcelonés, que tan relixiosamente nos acompañara e obsequiara.

8. Iamos embarcados no vapor *Balear* e, despois dunha viaxe de oito días, chegamos con toda felicidade a Cádiz, cuxo celosísimo e venerable Prelado, o excelentísimo e ilustrísimo señor Moreno, tamén monxe beneditino, por un efecto da súa cordialidade e benevolencia, quixo hospedarnos a todos no seu pazo. Tan pronto como tiveren un momento meu, fun reunirme co señor De Quesada, Comandante da corveta de guerra española *La Ferrolana*, na que Súa Maxestade a Raíña dona Isabel II (Q. D. G.), nun aceno de xenerosidade verdadeiramente real, e propio tan só do seu magnánimo e relixioso corazón, se dignara a lles conceder a pasaxe franca ata a Australia ao ilustrísimo Serra e aos seus misioneiros. Reunime, daquela, como dixen, co Comandante de *La Ferrolana*, que me dixo que non sairía ata últimos de setembro, e non o día 8, que antes era o prefixado. Á vista deste retardo, determinei visitar as cidades de Sevilla, capital de Andalucía, e Jerez de la Frontera. Non menos ca en Barcelona e en Cádiz, atopei nestas dúas cidades a máis afagadora acollida por parte dos seus habitantes. Todos eles, cos crecentes socorros que me proporcionaron en favor da Misión, déronme mostras inequívocas da súa relixiosa caridade e, en especial, o excelentísimo e ilustrísimo señor Romo, Arcebispo de Sevilla, no día elevado pola Santidade de Pío IX á Sagrada Púrpura, quen me honrou ademais en extremo e que se empeñou en me facer hóspede seu. Iguais mostras de afecto cara aos meus pobres salvaxes merecín da virtuosísima señora dona Salvadora Gordon, ao meu paso por Jerez de la Frontera. É certo que non sei como hei pagar tantos e tan repetidos favores, nin cabe dentro das miñas facultades recompensalos axeitadamente. Mais o que si farei, ben sexa na Europa ben nos

ermos montes da miña remota diocese, será dirixir ao ceo as miñas pobres oracións e suplicarlle ao Señor que se digne en botar a súa beizón sobre a xenerosa Andalucía.

Ao retornar a Cádiz, tiven en San Lúcar de Barrameda a alta e inmerecida honra de ser admitido á mesa das súas altezas reais os serenísimos señores duques de Montpensier, os cales co cuantioso donativo que me fixeron para a Misión mostraron seren dignos irmáns de Súa Maxestade a Raíña.

En Cádiz, tiven a inexplicable dita de estreitar entre os meus brazos o ilustrísimo Serra, despois de ano e medio que non nos viramos. Aseguroume que nada soubera de canto dispuxera Súa Santidade acerca das dioceses de Perth e Porto Vitoria, ata o seu paso por Lyon, onde recibiu unha carta miña que lle escribín desde Barcelona notificándollo. Pola súa vez, díxome que en Londres lle participaron que o Goberno británico decretara a disolución da colonia de Porto Vitoria, en atención á insalubridade do país e ás poucas ou ningunha vantaxe comercial nin agrícola que ofrecía, e, en consecuencia, non atoparía na miña diocese nin un só europeo. Apesaroume esta noticia sumamente, por prever desde logo os apuros en que me ía atopar, só e illado cos meus poucos misioneiros, sen ter a quen recorrer nin medios de que botar man nun caso extremo. Porque desde Porto Vitoria ou Essington a Sydney ou a Perth non hai camiño por terra, e por mar cumpriría fretar un buque para o só obxecto de facer esta viaxe, e, por ser a distancia máis curta de case dúas mil millas, debería gastar só no frete unha suma que bastaría para a nosa subsistencia de todo un ano. Mais, aínda dado o caso de que me atopase con fondos abondos, ¿onde atoparía unha nave ao ser abandonada a colonia? A miña posición era, en verdade, sumamente crítica, e non sabía que partido tomar, porque se marchaba e a Misión tiña despois un éxito deplorable, con razón se me cualificaría de imprudente, e se, pola contra, quedaba, non había de faltar quen vituperase o meu proceder. Por fin, decidínme a partir, obedecendo as ordes que recibira do Sumo Pontífice e deixando todo o demais á disposición do Señor.

Firme no meu propósito, enviei a bordo de *La Ferrolana* todo o pertencente á miña Misión e escribinlle decontado á Sagrada Congregación de Propaganda para a participar de todo o ocorrido a respecto de Porto Vitoria, co fin de que dese as disposicións que xulgase convenientes, as cales agardaría eu na miña diocese, porque, xa que permanecería moi curto tempo en Cádiz, non o tería suficiente para recibir a contestación á miña carta naquela cidade.

9. Acalmoume con isto o meu axitado ánimo e agardaba tranquilo a hora da marcha cando, o 27 de setembro, ao ir na busca do señor De Quezada, Comandante da corveta, para saber de certo o día da nosa saída, este díxome que sería moi pronto. Emporiso, engadiu que, a teor dunha comunicación que viña de recibir do Goberno, non debía tocar nos dous puntos da Australia —a saber, Perth e Porto Vitoria—, senón nun dos dous, que sería o que nós mesmos, o ilustrísimo Serra e mais eu, escolle-ramos. Resolto eu, como estaba, a abandonar a Europa, deixoume pampo e sen saber o que me acontecía con tal noticia. Mais despois calculei que, en concedéndome propiamente a pasaxe o ilustrísimo Serra, era a min a quen lle tocaba quedar. No único en que confiaba era na resposta do señor Ministro da Mariña, a quen escribira o ilustrísimo Serra sobre o particular, mais como nos altos e inescrutables designios da divina Providencia estaba decretado que eu non debía daquela saír da Europa, razóns de moito peso privaron o señor Ministro de acceder á súa petición.

Contento eu de non ter perdoado ningún medio dos que estiveron na miña man para levar a efecto a miña partida, recibín a negativa do señor Ministro como cousa superior ás disposicións humanas, polo que, resignado enteiramente coa miña sorte, determinei volverme outra vez á Italia, co propósito de lle comunicar a Súa Santidade o que decretara o Goberno británico con relación a Porto Vitoria e agardar novas disposicións acerca do meu destino.

O ilustrísimo Serra saíu do porto de Cádiz cara á Australia o 6 de outubro pola mañá con trinta e nove misioneiros beneditinos, entre profesos e novizos, sacerdotes e leigos, os máis deles españois, e entre estes non


poucos cataláns. E este novo aceno de heroicidade e de desprendemento temos que agradecerlo nós, e con nós a obra da Propagación da Fe, á miña católica España e, en especial, a Cataluña. Coido que non lles pesará aos meus lectores teren unha noticia dos nomes dos que, logo de abandonalo todo, preferiron os rigores da vida ascética e o ben dos pobres e desgraciados australianos ás comodidades das súas casas e ao afagador porvir que os esperaba a moitos deles na súa patria.

Excelentísimo e ilustrísimo señor don frei Xosé María Bieito Serra, Bispo coadxutor e administrador temporal da diocese de Perth.		Español
Sacerdotes	Padre frei Venancio Garrido	Español
	Padre frei Pedro Aragón	
	Padre frei Martiño Griver	
	Padre frei Ramón Terrés	
	Padre frei Xosé Pujaldes	
	Padre frei Domingos Urguhart	Irlandés
	Padre frei Salvador Marino	Napolitano

Artesáns de diversos oficios	Frei Mauro Rignasco	Napolitano
	Frei Costabile Turi	
	Frei Pedro Ferrara	
	Frei Xosé Ascione	
	Frei Nicolau Filomeno	
	Frei Rafael Rizzo	
	Frei Agostiño Balsano	
	Frei Rafael Ventura	
	Frei Antero López	Español
	Frei Francisco de Asís Marsá	

Artesáns de diversos oficios	Frei Xosé Suárez	Español
	Frei Francisco Xavier Illa	
	Frei Xosé Rubio	
	Frei Miguel Marcé	
	Frei Xoán Cortadafrancisco	
	Ramón Barbará	
	Anastasio Brea	
	Manuel Estevan	
	Domingos Magarolas	
	Xoán Sala	
	Manuel Sotillo	
	Félix Rodríguez	
	Xaime Miquelet	
	Ignacio Boladeras	
	Xosé Mascaró	
	Xoán Rech	
	Sebastián Argemi	
	Miguel Vilardell	
	Vicente Pérez	
	Xaime Rodó	
Xoán Perajuán		
Xerónimo Rodereda		

10. Grazas á divina Providencia, e ao valor e coñecementos náuticos nada comúns do señor De Quesada, despois dunha viaxe máis feliz do que se podía desexar, efectuada en só oitenta e cinco días, *La Ferrolana* chegou á Australia o 29 de decembro de 1849, e deu fondo na rada de



Os australianos

Fremantle, en cuxa cidade desembarcaron o mesmo día o ilustrísimo Serra e os seus misioneiros.

¿Quen me había de dicir o 20 de febreiro de 1848 —isto é, vinte e dous meses atrás—, cando des a cima dunha montaña beicía a nave en que emprendía a súa viaxe á Europa o meu compañeiro, que ao seu regreso a Fremantle eu non me debía atopar no país, nin formar parte daquela escollida comitiva? Porén, así conviría aos secretos e incomprensibles fins do Señor, cando o decretara a súa infinita sabedoría.

11. O día seguinte, 30 do Nadal, o ilustrísimo Brady foi desde Perth a Fremantle, onde recibiu o seu coadxutor e administrador temporal e todos os seus misioneiros, con mostras da máis cordial benevolencia. E quedou tan contento e satisfeito das disposicións do Sumo Pontífice que lle comunicou ao ilustrísimo Serra que o 6 de xaneiro de 1850, alén de lle escribir á Sagrada Congregación de Propaganda e a Súa Santidade agradecéndolles que accedesen ás súas súplicas, fixo celebrar de pontifical o seu Bispo coadxutor na igrexa de Perth e cantar un solemne *Te Deum*. E, antes disto, pronunciou un elocuente discurso dando infinitas grazas á divina Providencia por tan singular favor e animando os novos misioneiros a que non se rendesen ante as fatigas que os agardaban, senón que, antes ben, fosen sempre adiantando, ata levar a cabo a obra comezada da conversión e civilización dos australianos.

Os moitos asuntos que tivo que arranxar en Perth o ilustrísimo Serra, e cuxa narración é escusada, retardaron a saída dos misioneiros para Nova Nursia ata o 17, e seguiunos na noite do 19 o mesmo ilustrísimo señor a pé, sen máis compañía que a do padre Garrido. Non tardou moito en alcanzalos, por se entreteren os misioneiros en amañar un carro que lles rompeu, e, daquela, continuaron xuntos a viaxe, acompañados dalgúns indíxenas, por aquel mesmo camiño que en decembro de 1847 abrira eu coa axuda de catorce salvaxes.

12. Despois de moitas penas e fatigas, chegaron os misioneiros a Nova Nursia o 26 de xaneiro pola mañá e, pouco antes de chegaren, gran

número de salvaxes con ramos verdes nas mans saíron ao seu encontro, especialmente de *Quiara*²⁰ (que así lle chaman eles ao ilustrísimo Serra), cuxas mans beixaban, facéndolle asemade mil outras demostracións de afecto e de respecto. E, mentres, acompañábano case que en triunfo á capela da Misión, na que cantaron os misioneiros algunhas preces en acción de grazas ao Todopoderoso polos favores que tan a mans cheas lles dispensara. O día seguinte, domingo de Septuaxésima, empregárono todo en novas gabanzas ao Señor e en humildes e fervorosas súplicas e imploraron a súa divina misericordia para que se dignase a protexelos, a beicelos e a lles axudar na grande obra que ían emprender. Por fin, o 28 puxéronse todos con empeño ao traballo e ocupáronse con porfía nunha cousa e noutra, segundo lles ía sinalando e distribuíndo as tarefas o seu hábil e intelixente Prelado e director.

¡Que non dera eu por me atopar no medio daqueles meus irmáns, compartindo con eles as penas, as suores e os consolos! Pero non, a divina Providencia, que todo o prevé e o dirixe segundo os seus altísimos decretos, retenme na Europa e quere que na Cidade Eterna, renunciando á miña vontade propia, estea pronto a cumprir aquelas ordes que, emanadas do Vigairo de Xesús Cristo na terra, me dará a coñecer, sen que me caiba a menor dúbida, a vontade de Deus no ceo²¹.

Conclúo con esta segunda parte a historia da Misión de Nova Nursia, e dedícolle a terceira, e última, á descrición dos usos e costumes daquelas tribos ou familias que, por habitaren no distrito da nosa Misión, estiveron en máis relacións connosco e, polo mesmo, puideron saber máis polo miúdo de canto lles é concernente.

20. Os salvaxes non teñen no seu alfabeto a letra *s*, polo que en vez de serra din *quiara*.

21. Efectivamente, así aconteceu. Despois de ter residido o ilustrísimo señor Salvado en Roma máis de dous anos para cumprir as ordes do Sumo Pontífice, veu a Barcelona preparar todo o concernente á marcha de trinta e cinco misioneiros, os cales embarcaron para Cádiz a reunirse con el, todo o que referirei máis por extenso nun apéndice ao remate desta obra. *Nota do tradutor*.

PARTE TERCEIRA

OS AUSTRALIANOS

CAPÍTULO PRIMEIRO

1. A especie humana e as súas variedades. — 2. Opinións acerca da raza australiana. — Cor. — Pelo. — 3. Época en que se supón que poboou aquel continente. — 4. Poboación.

1. Para nosoutros os católicos apostólicos romanos, que cremos firmemente todo canto nos ensina a eterna verdade nos libros sagrados, o xénero humano componse dunha soa e única especie, a cal foi creada por Deus no sexto día da primeira semana do mundo, cando dixo: «*Faciamus hominem ad imaginem et similitudinem nostram*»²².

Partindo deste principio fundamental, é preciso admitir que algúns homes, ou pola súa cor ou por algunhas pequenas diferenzas na forma, non son enteiramente semellantes aos outros, e tamén que, ao se transmitiren de estirpe en estirpe as principais variacións que ofrecen e sen interrupción, esta especie única que é a humana dividiuse en distintas razas ou variedades que, segundo as máis recentes e esmeradas investigacións, se reducen ás cinco seguintes:

22. Xén. I. 24.

1ª A caucasiana.

2ª A mongola.

3ª A malaia.

4ª A americana.

5ª A negra ou papuana.

A primeira raza, isto é, a caucasiana, distínguese pola cor da súa pel máis ou menos branca ou escura, pola cor rubia das súas meixelas e polo seu cabelo longo, louro ou negro. A cabeza desta raza é case esféroidal, a cara oval e aguda, as faccións suavemente marcadas, o nariz algo arqueado, a boca pequena, a barba chea e redonda e máis ou menos cerrada. Ocupa o centro do antigo continente, isto é, a parte occidental da Asia, a oriental e setentrional da África, do Hindustán e da Europa. Como se cre que veu das montañas do Cáucaso, situada entre o mar Caspio e o Negro, é o motivo polo cal se lle chama raza caucasiana.

A mongola, que ocupa o segundo lugar, é a raza na que domina a cor amarela, e distínguese polo seu ton oliváceo, polo seu pelo negro, hispido e non moi espeso, a cabeza case cadrada, a cara ancha e roma, as faccións sen marca particular, o nariz pequeno e baixo, o óso sigomático prominentemente, a barba un pouco aguzada e poboada de pelo bastante frouxo, os ollos pequenos, estreitos e oblicuos, e a fronte baixa, oblicua e cadrada. Esta variedade da especie humana atópase espaxada por toda a Asia oriental ao outro lado do Ganxes, e comprende os kalmucos e outras tribos mongolas, case todos os pobos da Siberia, a saber, os lapóns na Europa e os esquimós na América, mais o seu grupo máis notable compóneno os chineses.

A raza malaia, que é a que constitúe a terceira variedade, ten unha cor escura, o pelo negro, frouxo, espeso e crecho, a fronte tirada cara a atrás, o nariz goso, ancho e chato, a mandíbula superior saínte e a boca ancha. Parte desta raza, que é moito menos numerosa ca as demais, emigrou no século XII de Sumatra ás costas de Malaca e, unha vez alí, desaloxou delas os indios que as habitaban e obrígounos a se refuxiaren nas montañas. Van comprendidos nesta variedade moitos insulares do océano Pacífico.

A cuarta variedade é a americana, moi semellante á mongola, particularmente na cor, na calidade do pelo, na prominencia das fazulas, no ancho da cara e na barba pouco poboada. Non obstante, os seus individuos diferéncianse moito entre si, hai algúns que teñen a cor do cobre e outros un nariz case igual ao noso e os ollos achinados e fundidos.

Finalmente, a quinta variedade, que é a papuana²³ ou etiópica, distínguese pola súa cor negra, polo pelo ou, mellor dito, pola súa la negra, pola cabeza comprimida, a fronte convexa, os ollos saltóns, os pómulos prominentes, o nariz ancho e sumamente chato, os beizos moi grosos e as pernas tortas. Esta raza habita na maior parte da África e esténdese ata as grandes illas do mar do Sur.

2. Quizais lle pareza superfluo a algún dos meus lectores que me entretivese en facer esta explicación sobre a historia do home. Mais, ao meu ver, non carecerá de todo de interese saber a cal das cinco devanditas razas pertence o australiano, ou ben se constitúe unha sexta variedade. A esta opinión parece inclinarse o Conde prusiano Strzelecki²⁴. «Malia certa inferioridade —di— nas diversas partes do seu corpo, o indíxena de New South Wales presenta no seu conxunto unha figura bastante proporcionada. Os seus membros, menos carnosos e pesados ca os dun africano ben formado, ofrecen toda a simetría, a musculatura e as exactas articulacións e rotundidades que caracterizan un negro de boa presenza; e, comparado con este, é máis pronto nos seus movementos e máis airoso no seu porte. E a súa destreza, axilidade e flexibilidade, ora correndo, ora arrastrándose ou cazando, están enteiramente desenvolvidas; e, cando toma a posición de se bater ou de guindar a súa lanza, nada ten que lle envexar á graza viril. Porén, o seu físico e as súas faccións non teñen nada de común con ningunha das variedades coñecidas da especie humana, de sorte que non pode clasificarse ou identificarse con ningunha

23. A palabra «papuana» é unha alteración de *poua-poua* (escuro), feita polos malaios, que así lle chaman a esta raza.

24. Strzelecki, on the physical character of New South Wales, páx. 334.

delas». O referido Conde está, en efecto, tan lonxe de admitir os australianos entre as cinco mencionadas razas que decididamente os considera como pertencentes a outra nova. Mais si quere dicir coa súa aserción que as súas faccións non presentan os caracteres que comprobamos a mesma orixe ca o resto do xénero humano, e nisto oponse abertamente á Sagrada Escritura, que nos di que «Deus creou dun só a proxenie enteira dos homes que habitan toda a extensión da terra»²⁵.

O douto Rienzi²⁶ atopa nos habitantes da costa setentrional da Australia o tipo andameno. Os andamemos son os primitivos habitantes da Melanesia, mais o feito de estaren mesturados cos papuanos nas súas illas maiores provocou que os viaxeiros os confundisen indistintamente. «Os andamemos (así chamados polos papuanos) —asegúranos o citado Rienzi— teñen a cor menos subida ca os papuanos, e describir os andamemos é o mesmo ca describir os australianos». Esta sabia diferenza que establece o devandito autor entre os andamemos ou australianos e os papuanos próbaa tamén a experiencia, porque, efectivamente, o indíxena da Australia non só ten a cor máis clara ca o papuano, senón que alén diso ten os cabelos longos e lisos, negros ou louros, os ollos máis ben afundidos ca saltóns, os beizos pouco avultados, a barba espesa, as pernas bastante dereitas. E, o que é máis, non faltan persoas intelixentes que fixeron a observación de que o seu cranio garda moita analoxía co dos homes brancos, aínda que varias veces se atopou máis agudo o ángulo facial dos brancos ca o dos cranios dos australianos²⁷, o que proba que a raza australiana dista moito de ser a mesma que a papuana. Con todo, moitos autores clasificana con esta, entre outros o Doutor Prichard²⁸, quen non repara en engadir que a raza papuana, espaxada nos varios puntos do vasto continente austral,

25. *Fecitque ex uno omne genus hominum, habitare super universam faciem terrae*. Act. Apost. XVII. 26.

26. En *L'Univers pittoresque*, tom. I, páx. 20.

27. Lang: Cookland, páx. 349.

28. D. Prichard's inaugural disputation on the varieties of the human species.

en todas as partes conserva a súa cor enteiramente negra e o pelo crecho coma os mouros. O que eu salientarei é que os indíxenas australianos non teñen a cor tan negra como queren supoñerlle, nin moito menos o pelo encrechado ou laúdo. Na parte occidental non atopei un só salvaxe cuxa cor fose tal como se lles adoita atribuír; e o Doutor Lang²⁹ asegura que a cor dos salvaxes de Portland Bay, Melbourne e Murray River, da costa meridional e de King George's Sound, preto do cabo Leuwin, é máis ben cobreada ca negra. «Convencido —di— ata a evidencia polos meus propios sentidos, debo tirar a consecuencia de que a cor negra con que naceron os australianos quizais de miles de anos a esta parte non é a cor orixinaria da raza papuana». Sir Mitchell³⁰ di aínda máis: «Había dúas fillas dunha muller que morrera. A máis nova era a moza máis fermosa que ata o de agora vin entre os australianos, e estaba tan lonxe de ser negra que as súas meixelas tiñan unha cor rubia moi clara». Porén, é indubidable que o clima e as diferentes temperaturas que se notan naquel inmenso continente inflúen non pouco na cor, ben que esta diferenza de matices non é máis ca a que se observa tamén entre os europeos, ou raza caucasiana, segundo o país que habitan os seus individuos. En canto ao cabelo dos australianos, observei que os da parte occidental non o teñen laúdo, senón liso, e as máis das veces tan louro como poida telo un habitante do norte da Europa. E vin un, oriúndo da parte oriental, que o tiña tamén liso e louro. Ben é verdade que algúns salvaxes o teñen encrechado, mais isto non é menos común entre os europeos.

O feito de os indíxenas levaren o cabelo ourizado e cheo de graxa e terras de cores é o que probablemente lles deu pé a algúns viaxeiros, que quizais os verían de lonxe, a crer que era laúdo. Pero se se lles lavase e peitease a cabeleira, non digo tantas veces como o fixen eu coas miñas propias mans, ¡sexo todo para maior gloria de Deus!, senón unha soa, de seguro que mudarían de parecer.

29. Cook'sland in North-eastern Australia, páx. 380.

30. Three expeditions into the interior of eastern Australia. Tom. II, páx. 95.

Sabermos desde que país pasaron os australianos a poboar o continente que habitan serviranos moito para indagar con máis coñecemento de causa a raza a que pertencen.

3. Non hai dúbida de que, despois da confusión babilónica das linguas, parte dos descendentes de Cam emigraron cara á Asia e espalláronse ata a China e Tancut, onde as artes e mais as ciencias foron cultivadas desde tempo inmemorial. As continuas e encarnizadas guerras que tiñan entre si foron causa de non interrompidas emigracións durante longos séculos; e, en establecéndose os emigrados nas illas próximas ao continente, fóronse propagando destas polas innumerables da Oceanía, entre as cales se conta a Australia. Esta hipótese é tanto máis probable en canto desde a Asia, ou sexa, desde a península de Malaca, á illa de Sumatra non hai máis ca unhas corenta millas; desta a Xava aínda é menor a distancia, e así sucesivamente ata a Nova Guinea, desde onde se pasa á Australia, atravesando o estreito que está sementado de escollos. Todo isto é indubidable, mais a cuestión que é moi difícil de resolver é a de cantos séculos transcorreron desde que os descendentes de Cam habitan a Australia. Sir Tomás Mitchell³¹ opina que o continente austral é habitado de tres a catro mil anos a esta parte; e en verdade que, se é certa esta opinión, nada ten de estraño que no decurso de tanto tempo se corrompesen os costumes e o idioma dos australianos. Pero a opinión máis común entre os sabios que fixeron un estudo particular acerca da orixe dos pobos é a de que os australianos proveñen da Nova Guinea ou Papuasía (chamada así pola raza que a habita). E o célebre Dumont D'Urville, na súa *Viaxe derredor do mundo*³², expón deste xeito o seu parecer: «Se é que se pode aventurar —di a este propósito— unha hipótese verosímil, sen dúbida este vasto continente (a Australia) recibiu os seus poboadores da terra da Nova Guinea polo estreito de Torres. Estes salvaxes, de escollo en escollo, de illa en illa, chegaron probablemente ata o ingrato

31 Obra citada, tom. II, páx. 153.

32. Tom. II, páx. 316.

solo austral, no cal, faltos dos alimentos vexetais que lles facilitaba a súa primitiva patria e obrigados a levaren unha vida nómade, degradaron a súa raza ata o extremo. Admitido este sistema de emigración, poderá preguntarse aínda como é que estes homes chegaron a perder o uso do arco e das frechas, da fabricación de estofas e de certas nocións industriais e agrícolas que antes tiñan. E a esta obxección pode responderse que, ao lles faltaren aos emigrados na súa nova patria algúns dos recursos que tiñan na primitiva e ao non atoparen nela nin a mesma madeira para fabricar as súas armas, nin as mesmas materias para tecer as súas teas, resultou de aquí o que por precisión tiña que resultar, isto é, unha decadencia e un embrutecemento gradual e progresivo; amais de que non debemos supoñer que estas emigracións fosen espontáneas ou voluntarias; de feito, as tribos que aportaron nas costas australianas probablemente foran botadas pola guerra do fértil solo do Ecuador».

Tamén o Doutor Lang³³ sostén cos seus argumentos a hipótese de D'Urville e afirma que é moi verosímil que os australianos proveñan da Nova Guinea. «Algúns desgraciados —di—, collidos por unha repentina tormenta nalgunha das curtas viaxes que acostumaban a facer dunha illa a outra das do arquipélago e botados dun mar moi coñecido a outro que non coñecían absolutamente, víronse obrigados despois de horrorosos sufrimentos e privacións a aportar nas praias dunha terra descoñecida. Tal foi, sóbranme as razóns para crelo, o xeito de como foi descuberta e poboada por primeira vez a Nova Holanda». E engade o mesmo autor noutro lugar: «Se o país por onde o primeiro Colón negro e a súa comitiva atoparon o camiño daquela terra descoñecida foi a parte oriental da Nova Guinea, todo concorre a probar que o desembarco tivo lugar entre o cabo York e o oeste do golfo de Carpentaria».

Así pois, unha vez admitida a opinión de que os australianos descenden da Nova Guinea e que, conforme asegura o douto Rienzi, «os primeiros habitantes daquela illa foron os andamenos, os cales, vencidos

33. *Océanie*, tom. I, páx. 21.

polos papuanos e obrigados a abandonar o seu país nativo, atravesaron o estreito de Torres e foron establecerse na Australia», con razón pode concluírse que os australianos forman parte da estirpe andamena.

Dixen eu nas noticias preliminares³⁴ que a opinión xeral entre os sabios é que as catro razas que habitan toda a Oceanía deben reducirse a só dúas³⁵, que son a malaia e a papuana.

Logo de observar que o físico e a cor dos australianos non teñen ningún punto de contacto co físico e coa cor dos papuanos, debe tirarse por natural consecuencia que a raza australiana ou andamena se ha de clasificar coa malaia, a non ser que se queira facer formar unha nova variedade da especie humana.

4. Non están menos discordes os autores con relación ao número de indíxenas que poboan a Australia. Moitos ocupáronse de sacar un cálculo aproximado por cada milla cadrada, pero difiren tanto entre si que ningunha utilidade pode reportarse de tales estudos. Mais ¿como é posible que se chegue a fixar o número de habitantes dun país descoñecido na súa maior parte, e moito máis ao estaren as hordas, máis ou menos numerosas, sen gardar ningunha proporción, dispersas e errantes en infinitos puntos? O Capitán Grey³⁶ dedicou todo o seu estudo a obter un resultado polo menos aproximado, para o que se valeu de datos estatísticos, e concluíu que o número de habitantes por millas cadradas varía moito dun punto a outro e dunha estación a outra, e que depende tanto das circunstancias locais que non ofrece cálculo ningún que poida achegarse á verdade. Agora ben, se un home do mérito do Capitán Grey non se creu capaz de calcular aproximadamente a poboación indíxena da Australia, ¿quen se sentirá con forzas para o facer? Ben é verdade que os autores da xeografía moderna³⁷ calculan que hai un australiano por cada tres mi-

34. N. 10, páx. 35.

35. Forster: observations made during a voyage round the World, páxs. 228-243.

36. Travels in North West and Western Australia. Tom. II, páx. 246.

37. A treatise on modern geography, páx. 288.

llas cadradas, mais deste cálculo resultaría que, ao ter o continente austral unha extensión de tres millóns de millas cadradas, sería a súa poboación dun millón de habitantes. Outros autores, talvez máis exactos, non lle asignan un número tan alto; ora que o certo é que, tratándose dun continente de tres millóns de millas cadradas de superficie e oito mil de circunferencia (que tal é a da Australia), a poboación que lle dan os autores da xeografía moderna garda ao parecer proporción co inmenso espazo que ocupa. Con todo, é mester dicir en honra da verdade que se se quixese deducir a poboación xeral indíxena da Australia do resultado que deron os cálculos parciais tirados en distintos puntos, debería concluírse que o número dos australianos non excede os trescentos mil e que a illa de Xava, cuxa extensión non é máis ca de cincuenta mil millas cadradas, conta con seis millóns de habitantes.

E, para máis desgraza, os indíxenas van diminuindo a medida que os europeos penetran naquelas rexións, de sorte que da horda de Sydney, que constaba antes de catrocentas persoas pouco máis ou menos, só quedaban en 1845 catro individuos, un home e tres mulleres³⁸; e, na Australia feliz, hordas enteiras de catrocentos salvaxes desaparecieron completamente nun só espazo de dez anos³⁹.

38. Report from the select committee on the condition of the aborigines. Sydney 1845, páx. 1 e 2.

39. Byrne, Emigrants guide, páx. 70.

CAPÍTULO SEGUNDO

1. Carácter físico dos australianos. — 2. Proporcións do home. — Da muller. — 3. Estado dos indíxenas nas proximidades das cidades. — 4. Facultades intelectuais. — Obxeccións. — Insuficiencia dos medios adoptados ata o presente para a súa civilización. — 5. O Goberno británico desexa o seu melloramento. — 6. Probas da capacidade mental dos australianos. — 7. Dúas cartas escritas por eles.

1. O carácter físico e moral do australiano foi pintado con cores tan falsas que os máis o consideran como o ser máis degradado da especie humana. Polo xeral, crese raquíptico e mal conformado, e moi parecido aos mesmos brutos. E algúns chegan mesmo a asegurar que non hai a menor diferenza entre un australiano e un orangután. Ata houbo, e non un só senón moitos, quen negou que o indíxena da Australia estivese dotado dunha alma racional.

Nada podo facer mellor para defender aqueles infelices contra os seus detractores que referir as opinións de varios autores coas súas precisas e textuais palabras e decláralas conformes nun todo, polo que puiden ver e observar cos meus propios ollos.

«Os australianos no seu estado natural, e non contaminados aínda nin irritados polos europeos, son hospitalarios e non carecen de sentimentos xenerosos e cortesés. O seu físico é mesmo fermoso e os seus corpos, xa sexa mirados individualmente ou xa nos grupos que forman ás veces, non dubido que lle gustarían a un artista». Así se expresa o célebre Leichhardt⁴⁰, e logo prosegue: «¿Será quizais un efecto da miña

40. Véxase Lang: Cooksland. Carta de Leichhardt ao señor Lynd, páx. 375.

imaxinación fantástica? Non, eu áchome moito máis satisfeito e sinto maior gusto en ver o corpo espido dun australiano ca o dun europeo; a cor branca deste, e que sei eu que outra cousa máis, que non sei explicar, fanmo menos agradable á vista. Cando me atopaba en París, frecuntei os baños públicos do Sena, e ¡que poucos homes ben formados vin alí! O australiano non é gordo, pero a súa musculatura está perfectamente desenvolvida; é regular e lixeiro o xogo de cada unha das súas articulacións, particularmente das dos ombros, cando leva algo na cabeza». ¡Que diferente é a descrición deste intrépido e atrevido viaxeiro da idea que xeralmente se ten nas colonias da Australia e nalgúns partes da Europa! E o testemuño de Leichhardt é de moito peso neste asunto, porque habitou e explorou gran parte da Australia, como levo dito xa na primeira parte destas memorias.

Outro viaxeiro e Maxistrado residente en Moorunde na parte oriental, o señor Eyre, na súa obra titulada *Central Australia*, afirma que o australiano é ben formado e de boa musculatura, alto de cinco a seis pés ingleses, con ambas as dúas extremidades moi proporcionadas. «As partes anteriores do cerebro —di— están ben desenvolvidas, de forma que o seu ángulo facial dista moito de ser dos máis agudos das razas negras; os ollos tenos afundidos, o nariz chato e a boca ancha; os seus beizos son grosos e os seus dentes adoitan ser bastante perfectos e fermosos; ten o pescozo curto e unha que outra vez groso; o calcaño é moi semellante ao dos europeos; as clavículas e as xuntas da man acostuman a ser pequenas, así como son tamén pequenas e ben feitas as súas mans e mais os seus pés; e fáltanlle os papos da perna, aínda que as vin, e moi grosas, nalgúns naturais dos distritos superiores do río Murray. Os homes teñen o peito fermoso, ancho e profundo, o que indica moita forza, e son polo regular moi dereitos e, asemade, dun porte airoso e maxestoso. Os seus ollos, en xeral, son achinados, negros e expresivos. Nas súas nativas selvas, preséntase ao europeo con intrepidez, e a súa maneira inxenua de observar e o porte mesmo da súa persoa danlle o aspecto peculiar dun verdadeiro primeiro po-

suidor». O Doutor Lang⁴¹ asegúranos que os salvaxes de Moreton Bay, amais de seren altos, robustos e ben formados en todos os seus membros, tiñan tan bos papos da perna coma os do Murray citados por Eyre; mais os que habitan os arredores de Perth e de Nova Nursia están desprovistos deles, o que, ao meu ver, non se debe atribuír a defecto natural, senón á falta de alimento. Moitos salvaxes vin eu que, pola súa beleza, polo maxestoso do seu porte, polo seu aire de frío e atento observador e mais pola extremada semellanza das súas faccións coas dos europeos, me fixeron lembrar moitas persoas ás cales tiveron o gusto de tratar noutrora. Entre os nenos, en particular, vin algúns de seis a sete anos que pola fermosura e pola elegancia das súas formas superarían quizais a mellor obra de escultura grega.

2. As mulleres, en especial as casadeiras, son así mesmo bastante ben formadas, e a este propósito di Uniake⁴² o que segue, falando dos salvaxes das proximidades do río Pumice Stone: «Estas tribos distínguense entre si por medio das diferentes cores con que se pintan. Todos van enteiramente espidos, sen que lles cause o menor azoramento nin rubor presentárense así diante dun estranxeiro. O xefe dunha destas tribos parecía ter sobre os seus individuos un poder ilimitado. Era home de mediana idade, de estatura alta e dun aire expresivo e intelixente. As mulleres daquela horda eran moito máis fermosas ca os homes e, en xeral, ca todos os salvaxes do país que vin. Moitas delas son altas e dereitas, e dúas vin, en particular, cuxa figura e faccións darían envexa a unha muller europea». E Eyre, ao se estender máis na descrición das faccións da muller, engade: «A estatura regular das mulleres é de cinco pés ingleses, teñen a parte anterior do cerebro máis limitada ca a dos homes, o punto angular da cabeza tirado máis cara a atrás, o seu ángulo facial é máis agudo e as extremidades máis fracas. Vin algunhas mulleres na flor da súa xuventude que, polas súas proporcionadas formas e simétrica figura,

41. Obra citada, páx. 388.

42. Uniake's narrative of Mr. Oxy expedition to the northward in 1823, páx. 59.

serían un modelo perfecto para un artista». E, en verdade, se á súa fermosura e á vivacidade dos seus negros ollos se engadise unha cabeleira longa e ben peiteada, só na cor se diferenciarían das europeas. Mais isto non é efecto da natureza, senón dos costumes. O seu pelo é de natural espesísimo e louro ou negro, e, cando o teñen lavado e peiteado, é lustroso e fino coma unha seda⁴³. Un dos seus costumes non lles permite que xamais toque nos ombros, e é por isto polo que sempre o levan cortado un pouco máis arriba. De todo o dito, pois, infírese moi claramente que o carácter físico dos australianos foi vilmente calumniado e descrito moi ao revés do que é en realidade. Uns fixeron isto para cohonestar o mal que se portaran con aqueles seres desgraciados⁴⁴ e outros por tomar como verdadeiro tipo dos australianos non os que habitan no interior en medio das selvas, senón aqueles que por frecuentaren as cidades e establecementos europeos dexeneraron e non poden xa dar unha idea da súa primitiva raza.

3. «Dá terrexio —di Dawson— ver que antigos colonos da Nova Gales do Sur maldín o carácter e as disposicións naturais dos australianos, e que os xulguen a todos eles por algunhas familias que viven da esmola nos establecementos da colonia, os cales, polo seu contacto cos europeos, cambiaron a súa natural sinxeleza pola crápula e demais vicios que teñen os pobos civilizados. Mais estes non son os verdadeiros australianos; de feito, para coñecelos é preciso internarse no país, lonxe dos establecementos británicos». «Eu temo —engade un ministro protestante—, consonte o parecer de Snell Chauney, que a influencia dos nosos establecementos no país empeorou a condición dos indíxenas; as súas relacións con nós fixéronos perder pouco a pouco as boas calidades que tiñan antes, ao paso que foron adquirindo os nosos vicios. Na súa consecuencia, nada é máis desagradable para un viaxeiro acabado de chegar

43. Eyre, citado por Lang, páx. 390.

44. Lang. Cooks land, páx. 359.

que ver aqueles miserables salvaxes reducidos ao estado do maior embrutecemento polo uso inmoderado dos licores que os europeos lles fomentan, en vez de impedírllelo, movidos da máis vil e brutal disolución». Finalmente, Bigge, na súa relación oficial, traza un triste cadro dos froitos que produciu entre os indíxenas o mal exemplo dos europeos, e bótalles en cara a estes embrutecelos co exemplo das bebidas espirituosas, dos costumes máis relaxados e da violencia.

4. En canto ás súas facultades intelectuais, todo leva a facer crer que se se cultivasen con esmero os australianos serían quen de toda educación, xa nas artes, xa nas ciencias.

A isto talvez se me poida obxectar que algúns indíxenas foron levados á Europa, outros foron admitidos nas escolas coloniais, moitos recibidos nas casas dos colonos e mesmo recollidos polos misioneiros protestantes nas súas misións para civilizalos e, porén, todas estas probas foron vas. Mais estes feitos que os inimigos da civilización australiana presentan sempre como argumentos de moito peso merecen algunhas reflexións.

Cando o Gobernador Phillip, fundador da colonia de New South Wales, veu á Europa en 1792, levou con el un australiano ao que lle puxo o nome de Benilong, o cal, volto á Australia en 1795, botou lonxe de si os vestidos europeos e foise reunir cos seus nas fragas, onde o atopou o ministro protestante señor Massden, a quen lle asegurou que estaba moi contento e satisfeito de ter recobrada a súa liberdade. Outro indíxena, chamado polos ingleses Daniel, foi igualmente conducido a Londres polo naturalista Cowley e, ao regresar á Australia, tamén botou a correr coma Benilong para volver ao seo da súa familia. Considérase como un gran beneficio traer a Londres a Benilong e a Daniel e presentarlles ás familias máis ilustres. Mais eu pregunto agora: ¿con que obxecto?, ¿foi quizais co de mellorar a súa triste sorte? Non, foron presentados ás primeiras familias, é verdade, mais foi para facelos ver como unha cousa rara e mesmo talvez como dúas bestas vestidas de home. E aínda pregunto máis: ¿en que instituto foron colocados? Cando volveron ao seu país, ¿cantos acres de terra lles foron concedidos?, ¿cantos bois, vacas, ovellas

ou outros animais se lles deron?, ¿que aveños, que sementes e que outras cousas indispensables para a labranza? Sen todo isto, Benilong e Daniel eran moito máis miserables ca os seus paisanos, porque creceran as súas necesidades e, asemade, diminuíran os medios de socorrelas. ¿E a educación moral? De volta Daniel nas súas fragas, non moito tempo despois violou unha moza branca, delito que o conduciu ao cadafalso; tal foi o froito da impresión que causou no salvaxe o exemplo dos costumes dos brancos. É certo que en cada colonia se abriron escolas para os indíxenas, mais tamén o é que moitos deles aprenderon a ler e escribir e mesmo algunhas operacións aritméticas cunha prontitude admirable, así como inesperada. Agora ben, cando un neno ou unha nena aprendeu todas estas cousas, ¿que medidas ou providencias se tomaron co fin de o manter ocupado en algo e de o manter na vida e estado civil? Non pensando nisto, élle mellor ao salvaxe deixar a vida estable e volverse á nómade, posto que saber ler e escribir non socorre a súa fame. Isto proba ata a evidencia que, aínda que a educación intelectual é unha das partes que constitúen a civilización, no caso en que se achan os salvaxes debe mirarse como secundaria, e é a que menos lles interesa por se atopar illada. Antes que todo, convén satisfacer no australiano as necesidades da existencia e achegarlle para este fin os medios máis prontos para procurarse por si mesmo o xeito de as socorrer coa agricultura e cos oficios máis bastos, e, despois, abrírlle o entendemento ás ciencias e aos adornos da sociedade.

Alégase tamén, en contra dos australianos, que moitos colonos reciben nas súas casas, aínda que sen ningún resultado, un ou máis salvaxes para beneficiarse dos seus servizos e, ao mesmo tempo, para educalos. Nestes casos, os indíxenas corresponderon ás miras do amo e traballaron por conta del con todas as súas forzas, mais ¿onde está a recompensa proporcionada aos seus servizos? O traballo dos australianos iguala en moitas ocasións o dos europeos, pero non hai cousa máis absurda para un colono que supoñer que a un salvaxe se lle deban pagar os seus traballos, especialmente en moeda. Así é que toda a vantaxe é do europeo, e

o australiano, ao non ter por toda recompensa máis do que lle daría de esmola calquera home caritativo, abandona o colono e tira ao monte, onde no seo da súa familia non só goza da súa liberdade nativa, senón que xeralmente ten moitos máis medios de subsistencia ca na casa do colono. ¿Acaso parecerá vituperable nos australianos o que non o fora nos cultos e civilizados europeos?

En 1838, fundouse unha Misión protestante en Moreton Bay, ao norte de Sydney, composta de doce misioneiros, os máis deles casados, e entre eles había un moi célebre por ser discípulo do apóstata prusiano Gossner. Despois de estaren establecidos alí moito tempo, visitounos o Doutor Lang, o cal quedou en extremo satisfeito ao lles oír dicir algunhas oracións da Biblia non aos salvaxes, os cales, sen que ninguén pensase neles, vivían contentos no medio das selvas, senón aos fillos dos misioneiros, que entre todos tiñan vinte e dous. ¿Será posible que o misioneiro se poida ocupar da civilización dos salvaxes tendo muller e fillos a quen atender? «O que non ten muller —dícialles san Paulo aos corintios— ten solicitude das cousas do Señor. Mais o que está casado ten solicitude das cousas do mundo, pensa no modo de lle dar gusto á súa dona, e está dividido»⁴⁵. En efecto, aquela Misión acabou sen dar ningún bo resultado despois de que contaba con cinco anos de existencia. En 1844, fíxose outra tentativa protestante en Noongir Creeck, mais tamén tivo fin, e os salvaxes pegáronlle lume ao establecemento e feriron gravemente un dos misioneiros⁴⁶. ¿E que sistema de civilización adoptaron todos os misioneiros protestantes? O mesmo exactamente ca os colonos, e así é que produciu iguais froitos.

Non é o meu ánimo desaprobar absolutamente os devanditos medios de civilización, o único que fago observar é que se puxeron en práctica dun xeito que non deron o verdadeiro resultado. Se os australianos que viñeron á Europa se colocasen nun instituto, se os que foron educados

45. Corint. VII. 33 e 34.

46. Report from the select committee: Sydney, 1815, páx. 16.

nas escolas coloniais fosen despois socorridos e atendidos convenientemente e non abandonados a si mesmos e, en fin, se os que recolleron os colonos e os misioneiros fosen animados cunha recompensa proporcionada aos seus traballos, se se lles dese non só casa senón terra de seu e varios animais e os aveños para cultivala en uso e beneficio propio, entón (falo por experiencia) o resultado sería moi outro do que foi. Mais nada disto se fixo; antes pola contra, os australianos foron tratados, polo menos nas colonias de New South Wales e da Australia feliz, dun modo máis vituperable e vergoñento. As enfermidades que se lles pegaron⁴⁷, o arsénico⁴⁸ e as armas de fogo⁴⁹ foron outras tantas causas primordiais do considerable decrecemento da poboación indíxena. Con todo, nada poderá darnos unha idea máis xusta do concepto que teñen moitos dos colonos do australiano que as palabras que dixo o avogado Wardel en defensa dun colono acusado perante o tribunal de Sydney, e convicto do delito de homicidio voluntario cometido na persoa dun indíxena. Apoíouse o referido avogado na autoridade de Bacon, de Puffendorf e de Bayberac, e ousou pretender que un salvaxe antropófago está proscrito da lei natural e que, por conseguinte, matalo non se podía considerar como delito. ¡Que filosofía tan inhumana!

5. Emporiso, o Goberno británico manda que os salvaxes sexan tratados con humanidade e desexa que os gobernadores das colonias proboñan algún medio de mellorar a súa sorte. E, a este propósito, unha proba evidente é o resumo do seguinte despacho que dirixiu Lord Stanley a sir Xorxe Gipps, Gobernador de Sydney en 1845. «Éme imposible —di o nobre lord— concluír sen lle manifestar o meu modo de pensar respecto da importancia deste asunto e a esperanza que teño de que a súa experiencia saberá suxerirlle algún plan xeral co cal poidamos corresponder ás obrigas que temos para con esta raza indefensa e vilipendiada.

47. Robinson: véxase Lang: Cook's land, páx. 275.

48. Extract from observations ecc. Rev. W. Schmidt. June 1842.

49. Byrne: Emigrant's guide, páx. 70.

Eu non podo admitir, sen moitísima repugnancia, a idea de que nada pode facerse a prol dos indíxenas, e que só para eles son infrutuosas as doutrinas do cristianismo e incomunicables as vantaxes da civilización. Non me podo convencer da teoría de que estes homes sexan incapaces de mellora e de que a súa extinción, á medida que vaia penetrando no país a raza branca, sexa unha necesidade insuperable. Recomendolle coa maior calor a súa protección e favorable consideración, e, asemade, asegúrolle que desexo vivamente cooperar con vostede na súa mellora. É imposible contemplar a condición e o aspecto desta raza desgraciada sen lle ter a máis profunda conmiseración»⁵⁰.

De acordo cos filantrópicos desexos de lord Stanley, nomeouse en Sydney unha comisión que fixese e sometese á aprobación do Goberno un plan para mellorar a sorte dos australianos. Catro individuos foron interrogados para este efecto con todas as formalidades, e un deles era o xefe dos misioneiros protestantes, W. Schmidt. Este, á pregunta número 85 de se podía suxerir algún medio ou sistema para mellorar o estado dos infelices salvaxes, contestou: «Eu creo que as súas señorías ensaiaron algúns plans e que ningún deles produciu bo efecto. Nós tamén probamos unha chea deles e non se me ocorre xa ningún máis para propoñer». Interrogado despois (pregunta número 89) sobre se probara a pagar con diñeiro o seu traballo, respondeu que non. Non deixa de ser moi digno de observación que o misioneiro Schmidt non soubese propoñer un novo sistema de misión, se se ten en conta que despois de oito anos de continuas e variadas tentativas aínda non intentara poñer en xogo un dos principais móbiles das accións humanas, quizais o maior de todos, ¡o interese! Fágase en boa hora esta proba, como debe facerse, e entón verase que os australianos non só traballan en beneficio seu, coma todos os pobos civilizados do mundo, senón que ademais posúen aquela capacidade e aquel talento que tan sen merecelo se lles nega.

50. Report from the select committee. Appendix, páx. 11.

6. Alongaría-me demasiado se para reforzar a miña aserción quixese referir un por un todos os feitos que puiden observar en tres anos de misión no medio das selvas australianas; feitos que, aínda que semellan de pouca importancia, indican unha perspicacia e unha elevación de entendemento nada comúns nun pobo absolutamente inculto. Ao lles ensinar a algúns cativos os primeiros rudimentos da relixión, notei que o aprendían todo coa maior facilidade e prontitude. Un houbo entre outros que o primeiro día aprendeu en só dez minutos corenta letras divididas en maiúsculas e minúsculas de varios caracteres ingleses, isto é, oito por cada un dos cinco alfabetos. Fágase igual proba no instituto máis numeroso da Europa con cinco alfabetos descoñecidos ou cinco caracteres diferentes e véxase se un neno de nove anos, como era aquel, consegue reter na súa memoria e distinguir corenta letras e repetilas en todos os sentidos no espazo de dez minutos.

Outro mozo en poucas leccións aprendeu a ler de esquerda a dereita e ao revés calquera cifra desde dous ata nove números, e aumentalos sucesivamente, mais non por orde progresiva, e facíao con tanta prontitude coma o home máis versado na aritmética. Outro, da mesma idade con curta diferenza respecto do primeiro, aprendeu en poucas semanas algunhas operacións aritméticas, para o que hai que ter en conta que a numeración que eles coñecen non pasa do número tres. Vin un salvaxe aprender a facer calceta só con estar mirando durante cinco minutos unha muller que a estaba facendo. Outro, vendo que o Capitán dun buque tomou o meridiano co sextante, repetiu decontado a operación sen se equivocar no máis mínimo. E o mesmo Capitán aseguroume que catro novos alumnos seus empregaran non máis de tres meses para aprender con exactitude aquela operación do modo que a acababa de practicar o mozo australiano que aínda non tiña dez anos, quen a repetiu diferentes veces diante de moitas persoas para que se vise que acertalo non era unha casualidade.

A perspicacia e penetración dos indíxenas é tal que regulan sempre as súas respostas segundo a vontade do que fai a pregunta e, alén diso,

teñen a habilidade de ler na cara os máis recónditos pensamentos. Así é que, se se lle pregunta a un, por exemplo, se o día seguinte choverá ou irá bo tempo, non contesta nunca o que cre ou o que lle ensinou a experiencia, senón segundo lle parece que é o desexo do que lle pregunta, que raras veces deixa de adiviñar. Amais de que ¿cantos salvaxes que no día frecuentan as cidades coloniais ou viven nos seus arredores saben ler e escribir coma o máis instruído aldeán europeo? ¿Cantos non chegaron a ser bos cazadores, hábiles en todos os traballos do campo, destros na pesca da balea, dilixentes correos e sagaces axentes de seguridade pública? ¿Cantos, en fin, non desempeñaron moitos outros empregos que se lles confiaron, con actividade, fidelidade e intelixencia? Con todo, vexamos o que din deles homes eruditos e coñecedores prácticos. Sir James Sterlig, que estivo de Gobernador en Swan River, convén con outros en que «moitos de entre os australianos teñen unha rara intelixencia e unha agudísima penetración»⁵¹.

O cabaleiro J. Moore di «que os australianos non son uns seres tan desprezables como quixera supoñerse nun principio. Son —prosegue dicindo— activos, intrépidos, astutos, dun enxeño moi perspicaz e capaces de reflexionar dun modo que non era de esperar sobre a diferenza que hai entre os nosos modos e os nosos costumes e os seus»⁵². E sir Tomás Mitchell, en moitas partes da súa excelente obra⁵³, exprésase nestes termos: «A experiencia —di— ponme no caso de poder falar dos australianos nos termos máis favorables. O estado de degradación en que se achán no medio da poboación branca non nos pode dar unha xusta idea dos seus méritos... Os que atopamos no medio das selvas eran homes de boa presenza que vivían alegres e felices dentro do recinto dos seus bosques... O primeiro que veu ao noso encontro foi un fermoso modelo de home, moi alto e dun aire independente, cunhas maneiras graves e cunha aguda

51. Ogle: *The Colon e of Western Australia*, páx. 50.

52. Moore: *Extracts from the letters ecc.* páx. 31 e 49.

53. Mitchell: *Three expeditions in to the interior of eastern Australia*.

e penetrante mirada... Había dous vellos cuxa barba era gris que estaban sentados en silencio. Un deles tiña unha fisionomía moi diplomática e coidaba, ao parecer, de que se gardase a boa orde e o decoro. De feito, mandou calar un mozo que falara alto mentres eu me esforzaba en lles lembrar a compañía exploradora que antes ca nós os visitara... O meu guía era baixo de corpo e de constitución pouco robusta, pero era home cheo de resolución e de afouteza, e a súa perspicacia e bo sentido facíanmo tan necesario que, ben fose eu a pé ou ben a caballo, sempre o tiña á miña beira. Coñecía o carácter de todos os europeos da miña comitiva, nada escapaba á súa penetrante mirada. As súas palabras, pronunciadas como sentenzas, eran todas moi prudentes, e sempre quedei moi satisfeito de consultalo. Os australianos, lonxe de seren parvos, demostran pola contra unha intelixencia e unha urbanidade superiores ás de calquera clase de brancos, rústicos enténdese, que eu vise. Que sexan quen de finura ou instrución acaban de probalo en Sydney algúns presos, os cales no curto espazo de cinco meses lían moi de corrido e explicaban en inglés o Pai Noso e os dez mandamentos. A proba que fago eu agora coa nena Bal-landel-la será de moito proveito; en adiante, ocupareime do desenvolvemento mental dos australianos, posto que segundo o que me escriben ultimamente de Sydney Bal-landel-la le tan ben coma calquera outra europea daquela cidade».

7. A este propósito, creo que será moi do caso, e espero non desgustar os meus lectores, trasladar aquí dúas cartas que me escribiron os dous mozos duns once anos de idade que de Nova Nursia trouxen comigo á Europa, e que desde o 5 de agosto de 1849 se atopan no mosteiro da Cava. O seu mestre, o reverendo padre frei Bernardo Gaetani, aseguroume que ambas as cartas foron non só escritas, senón tamén ditadas polos mesmos mozos, o que será outra proba máis en favor do asunto que defendo. Velaquí o seu exacto texto traducido literalmente do italiano:

«Apreciadísimo Rosendo,

Moito gusta nos recibida carta tua, e moito gusta nos esteades bo. Nos moito rogar a Deus por australianos e vostede. ¿Porque ti nada vido mosteiro lua nova? Ti vir pronto a nos, facer grande pracer. Nos estar moi ben e contentos. Eu Francisco estudar ben; Xoán asi asi; pro sempre portarse mellor. Ti bicar pe Papa, por Francisco e Xoán, padre Mestre, todos tres. Ti rogar por Francisco e Xoán a Misa. Nos querer unha estampa tamen. Padre Mestre bicar man ti, e todos os meus compañeiros.

Nos bicada carta tua, bicada man ti e da bendicion.

Cava, o 24 de xuño de 1850.

Francisco Conachi
Xoán Dirímera»

O carácter peculiar desta carta manifesta o contraste, digámolo así, do estado salvaxe co civil. A seguinte poderá facer observar desde logo os progresos dun daqueles dous mozos, despois de pouco menos de dous anos de educación.

«Ilustrísimo señor:

Con sumo pracer recibimos a súa apreciabilísima, con data do 1 de xullo, por medio da cal soubemos que gozaba de boa saúde, o mesmo asegurámolo nós.

Esperabamos que os seus asuntos o deixarían libre polo menos algúns días, a fin de que puidésemos ter o consolo de volvelo ver e beixar a man.

Para darlle unha proba da miña conduta no estudo, remítolle un decreto que tiven nos exames públicos de setembro, xunto coa medalla de prata e a nota de “Moi ben”, a cal conserva no seu poder o padre Mestre. Dámoslle mil grazas polas figuriñas de santos que nos enviou e suplicámoslle que nos traia un libriño de oracións onde haxa a preparación para a Sagrada Comunión. Beixámoslle afectuosamente as mans, e o mesmo

fan os meus compañeiros, especialmente don Silvano, e pedíndolle a
santa beizón, asino.

Cava, o 8 de xullo de 1854.

O seu afamado fillo en Xesús Cristo
Francisco Xavier Conachi»

Coido que dixen e probei dabondo cal é o carácter físico e moral dos
australianos.

CAPÍTULO TERCEIRO

1. Crenzas relixiosas dos salvaxes de Nova Nursia. — Motogon. — Chienga. — 2. Inmortalidade da alma e a súa transmigración noutros corpos. — 3. Bolia o Bruxo. — 4. A lúa é para eles un ente maléfico. — 5. Uócol ou serpe da auga. — 6. Circuncisión.

1. É moi difícil formar un xuízo cabal e exacto das crenzas relixiosas dos salvaxes. Con todo, non faltan moitos viaxeiros que falaron disto como dunha cousa obvia e patente. Trátase de persoas que, malia que ignoran absolutamente a lingua dos salvaxes e que non os viron máis ca poucos días, ou mesmo poucas horas, non repararon en se facer pasar por coñecedoras dos costumes, das ideas e mesmo da relixión duns homes que, ben sexa por malicia ou ben por reserva tradicional, poñen o maior coidado en ocultar aos estranxeiros os seus usos e as súas crenzas. Estou seguro de que algún destes viaxeiros lle preguntou a un salvaxe se cría ter unha alma racional, a cuxa pregunta debeu contestar o indíxena cun movemento de cabeza de esquerda a dereita con estas palabras: «Non te entendo»; e mentres, o viaxeiro, vaidoso co seu descubrimento, escribe nas súas memorias que os salvaxes non cren ter unha alma racional. Ben é verdade que esta clase de xente non merece o nome de viaxeiro, mais non o é menos que as súas relacións, como son sucintas e baratas, corren en mans de todos e lense moito máis ca as obras voluminosas de persoas doutas e dignas de fe.

A min mesmo aconteceume, ao comezo de me atopar na Misión, que os salvaxes me enganaban con relación ao verdadeiro nome das cousas. Por exemplo, a primeira vez que pregunté como se chamaba a auga con-

testoume un con malicia *cona* e, pouco despois, souben que aquela palabra significaba ‘excremento’. Alén diso, convén ter presente que poida que o salvaxe non sexa sincero nas súas respostas; cousa moi rara, por certo, cando non lle fala a unha persoa con quen teña confianza. E ocorre aínda outra dificultade non pequena, e é o modo figurado con que fala. Preguntádelle como se chama a súa capa e responderavos *mapa*, isto é, a pel de que está feita, malia que o propio nome é *boca*. Agora pois, se para coñecermos non máis ca os nomes de cousas materiais e palpables batemos con tantas dificultades, ¿cales non serán estas se se queren pescudar as cousas abstractas e escondidas? En efecto, o Conde Strzelecki, ao falar de se os salvaxes da parte oriental teñen ou non coñecemento dun Ser supremo, asegura que si⁵⁴, ao paso que o misioneiro protestante Schmidt afirma o contrario⁵⁵, e Uniake, falando dos salvaxes que habitan nas ribeiras do río Pumice Stone, di: «Eu non podoo asegurar se este pobo ten algunha idea de relixión; non ten respecto nin temor de ningún espírito bo nin malo, e aos náufragos (ingleses) que atopamos alí nunca os vin facer ningún acto semellante a unha cerimonia relixiosa»⁵⁶.

Tres anos de continuos desvelos e estudos para aprender e instruír, como convén a un misioneiro católico, pónenme en estado de poder dar algunha luz acerca deste punto tan interesante.

Os salvaxes dos arredores de Nova Nursia non adoran deidade ningunha, nin verdadeira nin falsa, mais teñen unha idea dun Ser todopoderoso que creou os ceos e a terra, ao que chaman Motogon. Este Motogon, que eles representan coma un home moi forte, alto, sabio e da súa mesma cor e país, din que para a creación do kangarú, do sol, das árbores etc. usou estas palabras: «Terra, sae fóra, e soprou e a terra foi creada. Auga, sae fóra, e soprou e a auga foi creada»; e así coas demais cousas. Reacción que garda moitísima analogía coas palabras da

54. Strzelecki: páx. 338.

55. Lang: Obra citada, páx. 456.

56. Uniake's narrative ec., páx. 60.

Sagrada Escritura: «*Fiat lux, et facta est lux*», e que, ao engadir a palabra «soprou», nos dá evidentemente a coñecer que existe entre aqueles salvaxes a tradición da fórmula da Xénese, que Deus usou exclusivamente para a creación do home.

Alén diso, teñen idea dun espírito maligno superior a eles, a quen temen moitísimo e a quen chaman Chienga. Este espírito é o que, segundo din, desencadea os furacáns e mais as tempestades, o que invisiblemente mata os seus fillos e deseca as súas carnes, e vive no centro da terra. De todo o cal pode concluírse que aquelas tribos admiten dous principios, isto é, Motogon, autor do ben, e Chienga, autor do mal. Emporiso, segundo eles, Motogon xa non existe, finou hai xa moito tempo, e en idade decrépita, e así non é estraño que non lle dean culto ningún. Mais o que si é moi raro é que, ao creren que Chienga os amola e aflixe con continuas calamidades, non fagan nada para facerllo propicio. Efectivamente, eu nunca os vin practicar acto ningún de relixión exterior nin coñecín endexamais por ningún indicio que fixesen ningún acto interior. Cando os colle de improviso algunha forte tempestade, dan horribles berros, patean, chospen cara ao ceo botando maldicións contra Chienga, a quen cren o autor daquel mal, e corren refuxiarse debaixo das árbores. Ao lembrarme eu das desgrazas que tan a miúdo acontecen en tales casos, prefería quedar exposto á choiva antes que acubillarme debaixo da copa dunha árbore, co risco de que me fira un raio; mais os salvaxes fixéronme observar que os raios nunca se dirixen ás árbores tortas, debaixo das cales se refuxiaban eles, e realmente non vin ningunha destas árbores que fose sinalada do raio. Cren que o espírito maligno divaga de noite polas fragas e case que todos os salvaxes contan que o viron moitas veces, polo que é moi difícil que durante a noite se lles poida facer afastar de arredor do lume. Un día, despois do anoitecer, atopei unha moza inmóbil e atemorizada porque, segundo dicía, a poucos pasos estaba Chienga enriba dunha árbore na que tiña fixos os ollos. Por coidar eu que sería algún paxaro, guindei algunhas pedras á árbore, pero, malia iso, insistiu a moza en dicir que Chienga, cuxo nome repetía en voz baixa, non se movera e

indicoume mesmo a póla en que se atopaba. Daquela, tomeina pola man e xuntos achegámonos á árbore e, pouco antes de chegarmos a ela, exclamou en voz alta e chea de ledicia: «Velaí que se vai». Mais eu, como era natural, nin vin nin escoitei paxaro ningún, nin outra cousa calquera que se fose de alí.

2. Os salvaxes cren que a alma é inmortal e que, ao morrermos, pasa ao corpo doutro, ou ben permanece nas fragas cantando tristemente e voando polas árbores. Moitas veces vin como se erguía durante a noite al- gunha muller que había pouco perdera un fillo e como botaba a correr soa ao oír o melancólico canto dalgunha ave nocturna, que ela cría infa- liblemente que era a alma do seu neno. Chamábao polo seu nome, acari- ñábao con palabras e, chorando amargamente, convidábao a que viñese cara a ela. E, nestes xestos de verdadeira nai, perdía ás veces máis de dúas horas, e outras afastábase máis dunha milla do lugar en que descansa- saba o resto da horda.

Dixen xa na segunda parte destas memorias que, se os salvaxes ad- virten que a alma vai voando polas árbores, achéganselle un tras outro para facela baixar e que, no caso de que así aconteza, a alma do finado permanece no corpo do primeiro salvaxe que a chama, de estar só, e no do último, se son moitos, aínda que pasa antes polos corpos de todos os demais. E este é o xeito de que, segundo eles, algúns australianos teñan dúas almas. Se un salvaxe morre dunha ferida de *guichi*, cren que a súa alma queda na extremidade da arma que lle deu a morte; extremidade ou punta que queiman despois de enterrar o cadáver para que marche. Cren ademais que a alma sente o rigor do frío da noite, por cuxo motivo acen- den unha gran fogueira preto do lugar da sepultura para que se poida quentar, costume que ás veces continúa por espazo de máis dun mes.

3. Certas prácticas supersticiosas executadas polos seus *bóllias*, que son os médicos curandeiros ou bruxos (que para eles é o mesmo), inducen a crer que os salvaxes teñen a idea de que os seus corpos son tamén in- mortais por natureza e que, se morren, non é de morte natural, senón pola influencia dos *bóllias*. Estes homes posúen, segundo cren os salvaxes,

un poder extraordinario e oculto, en virtude do cal lle poden enviar a morte a outro, mesmo que se atope a unha longa distancia. Pregunteilles eu que era o que lles daba aquel poder e contestáronme que eran unhas pedriñas chamadas *collio* (especie de cuarzo) que o *bóllia* ten no seu estómago e, morto el, pasan ao estómago do seu fillo. Se se quere matar un, basta enviarlle invisiblemente un anaquiño desta pedra e produce o seu efecto por longa que sexa a distancia a que estea. Así é que, cando un salvaxe ten algún ataque de parálise ou outro mal calquera repentino, a culpa é sempre do *bóllia*. Nestes casos, todos os parentes ou amigos do enfermo reúnen arredor del; as mulleres, chorando e dando tremendos berros, prorrופן nas máis noxentas injurias contra o descoñecido inimigo, e os homes, dando voltas arredor do enfermo, vomitan á súa vez un torrente tal de sucidades e indecencias que exceden en obscenidade cantas poderían saír da boca do máis desenvolvido e desvergoñado europeo.

4. Ademais do Chienga e do *bóllias*, teñen tamén por ente maléfico a lúa, que eles fan do xénero masculino. O seu consorte é o sol, amiga dos salvaxes canto é inimiga a lúa. Este astro pasea polo ceo levando consigo moitos cans, os cales envía á terra para que lle traian algunha presa sempre que ten fame. Cando baixa el mesmo, adoita arrebatarse os fillos dos salvaxes, que despois lle obriga a restituír a súa dona o sol, porque eles (a lúa e mais o sol) teñen abonda familia. De aquí é que os salvaxes lle din á lúa cantas injurias lles veñen á boca.

Tamén cren que as estrelas entre si están casadas e que teñen fillos. Ás maiores só as nomean en voz baixa, porque cren que se ofenden se escoitan que as nomean. Á estrela do día chámalle Tonder. Tampouco adoitan nomear os seus devanceiros, só de tarde en tarde e en voz baixa.

Cando necesitan choiva, arrancan pelos de debaixo dos sobrazos ou das coxas e logo tíranos ao aire e sopran cara á parte de onde queren que veña a choiva. E cando, pola contra, queren que cese, acenden un anaco de pau de sándalo, e con el dan fortes golpes no chan.

5. Dixen que os salvaxes temen moito andar de noite por razón do Chienga, pero aínda recean moito máis de se achegar ás grandes balsas de auga, dentro das cales, segundo eles, se esconde unha gran serpe chamada Uócol, que os mata se se atreven a beber ou a sacar auga de alí durante a noite.

Un importante número de salvaxes viñeron encontrarse comigo unha tarde, xa preto do anoitecer, para me pediren auga. Beberon os primeiros canta auga tiña e os demais, que eran cando menos quince, requiríronme que fose buscarlles máis na veciña poza. «Velaí tendes o balde —díxenlles—, ide vós mesmos». Calaron todos sen que ningún deles se atrevese a tomalo nin a me dicir unha palabra do motivo do seu medo, ata que despois de case unha hora un da comitiva me dixo con moita cortesía: «*N-al-la cape uóto: quet quet cuárañ; nunda uóto cuárañ iuad*», isto é: «Se nós imos sacar auga, logo seremos mortos; se vai vostede, non será morto absolutamente». Souben no intre que había nisto algunha das súas supersticións, polo que me ofrecín a acompañalos, co fin de os sacar ao mesmo tempo do seu erro. Ao nos dirixir ao río ou, mellor dito, á poza, quixeron que levase eu a dianteira, e seguíronme todos en fila e co silencio máis profundo. Mentres estaban bebendo, dei eu algúns pasos, pero deseguida me berraron que parase, «*Nápap nápap*», xa que temían que os deixase sós e, ao volvermos á choupana, botaron todos a correr diante de min tamén en fila, de sorte que entón eu cerraba a marcha. E cando despois lles berrei e lles botei en cara a súa parva superstición, responderonme con desprezo: «*Nunda tonga but*», que quere dicir: «Disto non entende vostede nada».

Malia que os salvaxes acostuman a bañarse moito durante o verán, en cuxo exercicio, sexa dito de paso, moven os seus membros coma os cuadrúpedes, e particularmente coma os cans, nunca se botan a nadar naquelas pozas cuxa cor negra indica unha gran fondura, porque aseguran que alí se atopa o Uócol, a quen temen tamén de día.

6. Leichhardt, no seu *Report of the Expedition from Moreton Bay to Port Essington*, asegura que os salvaxes que habitan entre os ríos

Robinson e Macarthur (latitudo 46. 5. 26., lonxitude 136. 10.) son circuncisos, así como o son tamén todos os do golfo de Carpentaria. O mesmo afirman outros viaxeiros dos que habitan na costa oposta, é dicir, a meridional; e mesmo non falta quen di que esta cerimonia está en uso entre os salvaxes que viven ao norte de Perth. Eu, aínda que procurei investigar con sumo coidado este punto de tanto interese, nada puiden saber de positivo que me dese pé para asegurar que existe este costume entre os salvaxes dos arredores de Nova Nursia.

CAPÍTULO CUARTO

1. Forma de goberno dos australianos. — 2. Leis. — 3. Propiedade das terras. — 4. Astronomía. — 5. División do ano e estacións. — 6. Aritmética. — 7. Idioma. — 8. Poésía. — 9. Música. — 10. Instrumentos. — 11. Baile.

1. Moitos europeos aplicaron a palabra tribo ás reunións de só seis salvaxes, e mesmo menos, que se atopan nas selvas australianas. Mais eu entendo que non é exacta esta denominación, porque, polo que puider descubrir, vin que cada familia vive enteiramente independente das demais, e baixo o goberno do seu pai ou xefe, e nunca me pareceu que en ningún caso un xefe dunha familia tivese o dereito de dominar os xefes nin os individuos doutra. Se un salvaxe é insultado, non recorre a ninguén pedindo xustiza, senón que a toma da súa man; e se se ve máis feble ca o seu adversario, pide socorro aos seus parentes e amigos. Disto dedúcese que os australianos, máis ben que por tribos, se gobernan ao estilo patriarcal, e cada familia, que en xeral non conta con máis de seis ou nove individuos, forma unha pequena sociedade baixo a soa e única dependencia do seu propio xefe.

2. Porén, teñen certas leis xerais conservadas por tradición dos pais aos fillos, destes aos sobriños etc., cuxas infraccións calquera xefe de familia pode castigar severamente, aínda que o culpable non pertenza á súa. Por exemplo, se un mozo menor de trinta anos leva consigo unha muller e confesa que é a súa dona, o primeiro vello que o oe pode matalo inexorablemente, pola lei común a todos os salvaxes, a cal lles prohibe, so pena de morte, contraer matrimonio antes de cumpiren trinta anos. Pode crer

o lector que lles será moi doado eludir esta lei ocultando a súa idade ou non sabendo quizais a época do seu nacemento. Mais non é así, porque, malia a falta de rexistros e de testemuñas, e malia non ter medio ningún de fixar os seus pensamentos con signos convencionais gravándoos sobre madeira ou outras materias, ou doutro xeito calquera, só pola robusteza do corpo saben discernir perfectamente a idade en que, segundo as súas tradicións, lles é permitido casar. Das demais leis falarei máis adiante.

3. Cada individuo posúe terras de seu, nas que pode cazar e coller goma e raíces, e o dereito que lle dá a elas o seu nacemento é conservado e respectado como sagrado. Moitas veces escoiteilles dicir aos seus mesmos amigos se chegaban a disputar: «*Niquia, naña cala; nunda cala, Canturbi; íei nunda uóto*», que quere dicir: «Este é o meu país, o teu é Cánturbi (nome dun sitio preto da Misión), xa que logo vaite de aquí». De onde se deduce que cada familia forma como un distrito seu propio e exclusivo, do cal usan en común as familias veciñas que viven en boa harmonía, mais se se colle nel un inimigo ou un estranxeiro o propietario mátao sen piedade.

4. Pouquísimas son as nocións dos astros que teñen os salvaxes; porén, coñecen que se achegan as estacións por algunhas estrelas ou constelacións que ven aparecer. Así, por exemplo, cando ao raiar a alba descubren no horizonte as pléiades, para eles é sinal de que se achega a estación que chaman da *chielba*, isto é, da herba.

5. Semella que algúns salvaxes dividen o ano en seis estacións, mais a meirande parte en só catro, chamadas *chielba*, *mocor*, *ponar* e *piroé*, é dicir: outono, inverno, primavera e verán⁵⁷. Contan os meses por lúas, sen lles dar nome particular, nin dividilos en semanas, e para os días non teñen outra distinción que a maior ou menor elevación da lúa.

57. Os árabes, segundo asegura Tomlins (*A universal history of the nations of antiquity, 1843*), dividían o ano en seis estacións, a primeira das cales era chamada das flores ou da herba, e é digno de observación dicir que os australianos lle dan tamén o nome de estación da herba a aquela en que nacen as novas herbas e se abren as flores, que é polos nosos meses de abril e maio, isto é, polo seu outono.

6. A súa aritmética non pasa do número tres: ao un chámanlle *queñ*; ao dous, *guggial*; ao tres, *mau*, e a todo o que pasa destes números, *bul-la*, é dicir, moitos, bastantes. Nalgúns lugares, a necesidade suxeríulle a idea de reunir a multiplicación dos tres números radicais ou simples e formar con eles números compostos. Para indicar o tres, por exemplo, din *guggial car queñ*; *guggial pacanam guggial* para o catro; *guggial pacanam guggial car queñ* para o cinco, e así sucesivamente. Noutros puntos acostuman tamén a dicir *guggial guggial*, catro; *mau mau*, nove; mais esta última maneira de contar ao parecer aprendérona polo seu contacto cos europeos. Non usan de medida ningunha para sólidos nin para líquidos, e as distancias mídenas indicando os montes ou cuñas que hai entre un e outro punto. Así, por exemplo, din que do punto B ao C é preciso atravesar catro montañas, seis, oito ou as que sexan.

7. Parece indubidable que os dialectos australianos parten todos da mesma raíz, así como as súas tribos descendem dun só pobo. Os estudos que fixo Thelkeld a este propósito nas proximidades de Hunter's River e Lake Macquarie permítennos establecer un parangón entre o idioma dos salvaxes daquela parte da Australia cos outros puntos, e o resultado vén confirmar a miña proposición. Bunce tamén asegura que os indíxenas do interior cara a Moreton Bay usan moitos termos idénticos aos que están en uso entre outras hordas distantes máis de mil millas, e as mesmas observacións fixo sir Mitchell, dándolle igual resultado, entre os de Porto Phillip e os dos puntos máis afastados daquela colonia.

Os salvaxes de King George's Sound e os de Perth, a pesar de que entrambos os puntos corre unha distancia de preto de cincocentas millas, teñen case o mesmo dialecto, coa soa diferenza de que estes aumentan unha sílaba ou vogal máis ca os primeiros no final de cada palabra. A meirande parte dos termos que usan os de Adelaide aseméllanse moito aos dos indíxenas de Perth e o mesmo se observa en case todos os puntos.

A man e o ollo, por exemplo, na Misión de Nova Nursia chámanse *mara* e *miel*; en Perth, *mara*, *miel*; en King George's Sound, *mur*, *mil*; en Adelaide, *mara*, *mena*; en Sydney, *mura*, *miel*; en Moreton Bay, *mara*,

miel; o que proba que o idioma que se fala nos puntos máis distantes entre si, des a costa occidental á oriental, na súa orixe foi un só. Mais o transcurso de tantos séculos, as diferentes temperaturas e climas e as necesidades mesmas dos indíxenas dimanadas dos varios produtos de cada distrito foron, sen dúbida, a causa das moitísimas modificacións ou dialectos en que se dividiu, e é difícil que na actualidade se entendan os mesmos salvaxes que viven a unha distancia de cen millas, e mesmo menos.

Máis adiante, darei unha mostra dos dialectos que falan os salvaxes que viven ao leste e ao norte de Nova Nursia, onde se usan ambos indistintamente, mais para non distraer e cansar os meus lectores resérvoos para a fin desta última parte.

A linguaxe australiana non ten nada de áspera e gutural, como adoitan ser as linguas orientais; nin tampouco ten aqueles desagradables sons agudos que se notan na maior parte dos dialectos da Oceanía. Ao contrario, está dotada de sons graves e sonoros, moi similares aos harmoniosos da nosa lingua, e flexibles e suaves coma os mellores que posúe a italiana, e é abondo rica para expresar as poucas necesidades dos que a falan. Así é que os indíxenas en poucas palabras, ditas coma sentenzas, comunican as súas ideas con tanta enerxía e dozura coma nós coas abundantes riquezas dos nosos idiomas.

8. A súa poesía, coma a de todo pobo salvaxe, é un conxunto dalgunhas ideas expresadas en poucas palabras. Polo tanto, as súas cancións consisten nalgunhas voces unidas, cuxa harmonía fan salientar con maior énfase cada vez que as repiten, no que chegan a ocuparse ata unha ou dúas horas sempre co mesmo gusto, ou máis, se cabe, que ao principio; e o que a un europeo lle enfastiaria a máis non poder aos australianos dálles uns folgos de alegría e entusiasmo indescribibles. Algunhas das súas poesías son improvisadas por mor dalgún suceso fausto ou fúnebre, outras son transmitidas cunha especie de veneración tradicional e outras viñéronlles de países afastados. E sucede, non poucas veces, que as primitivas palabras da canción, ou polo decurso do tempo ou polo remoto

Magnificat
Sanctus et Benedictus des Antonianer Ordens
von Johann Sebastian Bach

The image displays a page of musical notation for a Magnificat, Sanctus, and Benedictus by Johann Sebastian Bach. The score is arranged in six systems, each consisting of two staves. The first system includes a treble clef, a common time signature (C), and a key signature of one flat (B-flat). The notation features a variety of rhythmic values, including eighth and sixteenth notes, and rests. The piece concludes with a double bar line and repeat dots at the end of the sixth system.

do lugar de onde proceden, son de todo descoñecidas e substituídas por outras, de sorte que só queda da canción o motivo musical. Cando un salvaxe vai visitar algún amigo que habite nun país afastado, volve da visita levando, entre outras novidades, algunha das cancións que aprendeu no país dos seus hóspedes. Se a canción é do seu gusto, cántaa con toda a expresión e mesmo llela ensina aos demais, mais se é fea ou non lle gusta estraga perfectamente as súas palabras e o seu canto, e fáino cun chiste e cun donaire de xesticulacións e de voz que é quen de provocar a risa do home máis grave e serio do mundo. Este é un dos momentos máis felices da vida dun salvaxe, e eu debo confesar que as moitas veces que o presenciei sentado na súa compañía xunto ao lume me divertín tanto coma eles.

9. A música australiana ten a súa parte fermosa e chistosa como a fenicia, e a súa parte grave e seria como a dórica. Un himno de guerra, que para nós de fixo non merecería tal nome, a eles excítaos ata poñelos frenéticos; é coma se os transportase fóra de si, precipítaos furiosos á pelexa. Pola contra, os cantos tristes conmóvenos de tal maneira que as súas fisionomías, en especial as das mulleres, toman un xesto verdadeiramente lacrimoso. Se o tema da música os convida á caza ou ao baile, entón vense mover contentos e festivos, e cheos de vivacidade. ¿Cantas veces me valín eu das súas cancións de baile para os animar e alentar nos traballos do campo? Non unha, senón mil veces, estando botados no chan, abatidos ou enfatiados do traballo, ao me oíren cantar *Maquieló, Maquielé*, que é unha das súas cancións de baile máis comúns e favoritas, obrigados, coma dunha forza irresistible, non só se erguían e seguían o canto, senón que se botaban a bailar gozosos e pracenteiros, maiormente ao me veren cantar e bailar a min coma se fose outro deles. Isto proporcionábame a vantaxe de que, logo dalgúns minutos de descanso, en dicindo eu en ton alegre «*mingo, mingo*», que aínda que propiamente significa ‘peito’, equivale tamén ao noso ‘¡ánimo!’, insensiblemente volvían retomar o traballo, e facían tan gustosos e con tanto ardor que non parecía senón que o *Maquieló* lles infundira novos folgos e novo vigor.

10. Os indíxenas de Nova Nursia non coñecen absolutamente ningunha clase de instrumentos de vento nin de corda, nin tampouco teñen idea do tambor, mais adoitan acompañar os seus cantos festivos con dúas das súas mesmas armas dando unha contra outra, para o que se adoitan valer do *miro* e do *calé*, dos cales falarei noutro capítulo. Empuñan para o efecto o *calé* polo medio e dan cos seus extremos no *miro*, e amiudan os golpes de tal xeito que sacan certo son non de todo ingrato ao oído. E este é o acompañamento das súas cancións e o que regula as súas danzas.

11. O australiano, ao mesmo tempo que gusta da música, gusta tamén do baile; e é moi raro que cando cante algunha canción non a conclúa bailando, particularmente se se achan moitos reunidos. En certas épocas, sinalan o día e o lugar para dar un gran baile, ao que concorren os salvaxes das máis remotas selvas. Reunidos no lugar sinalado para a festa, ás veces en número de tres a catrocentos, dáse principio a ela cunha clamorosa cazaría de kangarús. E concluída esta, despois de comer en común as súas carnes e as das outras pezas de caza, pintan o corpo de varias cores, enfeitán a cabeza con plumas de diferentes especies de papagaios e emús, con colas de can e outras cousas polo estilo. O director ou, digámolo así, o bastoneiro, escolle o terreo en que debe ter lugar o baile, o cal debe ser chairo, sen ningunha pedra nin herba, que arrancan co maior coidado. Acéndense arredor algunhas fogueiras, porque estas festas sempre se celebran de noite e, cando se atopa xa todo a punto, o director e todos os danzantes diríxense ao lugar indicado, e alí dá noticia das operacións ou figuras que deben facerse. Postos todos en fila co bastoneiro á súa cabeza, cando este empeza a menearse xesticulando cos brazos e coas pernas e facendo contorsións con todo o corpo, todos os demais imítano coa máis escrupulosa exactitude describindo un círculo ou outra figura. Marcan o compás dando co pé no chan e, a cada segundo golpe, que o dan máis forte, coa voz fan uns sons truncados e moi acentuados, como «a, a, a, a, i, i, i, i, e, e, e, e», e así por este estilo, ata rematar a danza cun «ó» baixo e sostido, seguido dun «í» estridente. Despois dun

momento de descanso, volven poñerse na mesma orde para facer a segunda, terceira e cuarta figura etc. Consisten estas nas varias posicións do corpo, bailando unhas veces dereitas, outras encurvados e outras, á fin, axeonllados. Os movementos dos brazos son tamén moi variados, e todos executan o mesmo punto por punto. Moitas veces levan ramos nas mans e axítanos ou describen varias figuras no aire, ou ben portan unha das súas armas, principalmente o *guichi*, e entón imitan os movementos da caza ou da guerra, e outras veces cóllense das mans e forman círculos ou baten unha palma con outra. Nas festas de baile non levan posto o seu manto de pel.

As mulleres nunca toman parte no baile, asisten a el tan só como simples espectadoras e a súa incumbencia é coidar das fogueiras. Porén, entre algunhas hordas que habitan a sesenta millas ao leste da Misión, hai o costume de facer poñer no medio do círculo que forman os homes unha ou máis mulleres mozas, que ou están abrazadas unhas con outras ou axeonlladas e co corpo dobrado cara ao chan, e os homes bailan arredor delas.

Terminada a danza, cada un retírase ao seu fogo e pasan o restante da noite, ata que os colle o sono, falando do bo ou mal éxito do espectáculo. Deste xeito, cazando de día e bailando durante a noite, adoitan pasar ás veces máis dunha semana. Así e todo, é moi raro que durante este tempo non sobreveña algunha disputa ou liorta, polo que case sempre estas festas conclúen tristemente. Nunha delas foi morto aleivosamente un infeliz salvaxe que evitaba todas as ocasións de se atopar co seu adversario, mais non puido resistir ao desexo de asistir ao baile no que perdeu a vida. Posteriormente, dixéronme que o seu mesmo inimigo procurara convocar aquela reunión para lograr o seu pérfido intento, que non puidera conseguir doutro xeito.

A outra especie de baile é moi similar á pantomima dos europeos, en cuxa arte os salvaxes son seguramente inimitables. En xeral, imitan a caza do kangarú ou do emú, e reproducen (un salvaxe cada vez) todos os movementos e precaucións que ocorren na verdadeira caza, e dun xeito

tan expresivo que é cousa sumamente agradable e gustosa para os espectadores. Namentres, outros cantan algúns feitos históricos relativos á caza, que representan mimicamente acompañándose co ruído dos seus *calé e miro*. Tamén imitan os movementos do animal que paze, as loitas e calquera outro suceso da súa vida errante. Este baile é, sen dúbida ningunha, o máis gracioso e interesante de todos os seus pasatempos. No que atinxe ás mulleres, só bailan nos funerais dalgún parente ou dalgún inimigo común, baile do que falarei ao seu debido tempo.

CAPÍTULO QUINTO

1. Nacemento dun salvaxe. — 2. Nome que se lle pon. — 3. Infanticidio. — Filantropía dalgunhas mulleres. — 4. Amor maternal. — 5. Educación. — 6. Pretensións dalgúns europeos respecto dos australianos. — 7. Leis relativas ao matrimonio. — 8. A beleza é unha desgraza para a muller australiana. — Se se ofende a dona dalgún salvaxe, este víngase na do ofensor. — 9. O salvaxe castiga coa morte o insulto feito á súa dona en materia de honestidade.

1. Antes de me meter máis na descrición dos costumes dos salvaxes, considerei conveniente comezar por contar a súa vida doméstica e as circunstancias que acompañan a súa vida a este mundo.

Cando unha muller está moi adiantada no seu embarazo, procura non se afastar moito nas súas andanzas ordinarias e, alén diso, procura atoparse preto dunha balsa ou dun manancial de auga, co dobre obxecto de ter a que necesita e de lle poder dar ao froito das súas entrañas o dereito de nacemento sobre unha terra en que haxa auga. Cando sente xa as dores do parto, vaise lonxe de todos para se sentar preto dun pouco de lume, e alí non berra nin chora, senón que exhala de cando en vez algúns xemidos. Por fin, cando dá a luz a súa prole, ela mesma lle prodiga os primeiros cuidados; coas súas mesmas unllas córtalle o cordón umbilical e átallo cun nervio de kangarú, e logo espárese o neno con cinza ou terra pulverizada para limpalo, e envólveo despois nalgunhas peles de *opossum* ou de kangarú. A cor da criatura é avermellada os primeiros días e en menos dun mes vólvese tan escura coma a de súa nai.

2. Apenas oen os homes os salaios, preguntanlle á parida o sexo da prole; se responde que é femia, ninguén se move do lume, mais se é home

todos dan sinais de alegría. Os homes pónense a cantar e os nenos lévanelle ao neno as raíces máis delicadas e todo o mellor que lles vén ás mans. Despois de dúas ou tres horas como máximo, levántase a parida e preséntalle o fillo a seu pai, que lle dá un nome, que adoita sacar dalgunha cousa acontecida naquel intermedio de tempo. Por exemplo, cando naceu unha criatura, pasou por alí preto un papagaio negro dos chamados *manachi* e o nome que lle puxo o pai ao bebé foi Conachi, para o que cambiou non máis ca unha sílaba.

3. Oín dicir que, se nace un feto con algunha deformidade ou imperfección, o matan no intre, consonte o bárbaro costume dos espartanos. Non sei se isto é certo, mais o que si podo asegurar é que non vin entre os indíxenas home nin muller ningunha que tivese o máis pequeno defecto físico. No caso de que naza un feto e de que non o maten ao nacer, porque entón é imposible saber se o é, é moi regular que o maten máis adiante, porque probablemente non queren sufrir as súas impertinencias estas xentes que non coñecen esta especie de enfermidade.

A triste sorte da filla terceira é a de ser vítima da súa mesma nai, e a razón é ese horroroso costume de que non convén multiplicar as mulleres; e se o parto foi trabaloso ou a nena demostra ser algo inquieta, tamén matan a segunda. As nais mesmas son as que consuman estes actos de inaudita barbarie, ou soas ou en compañía doutras, e con abonda frecuencia, despois de matar unha segunda filla, din que a matou algún *bóllia* e entérrana tranquila e impunemente. Cando queren desfacerse das súas fillas, se están presentes outras mulleres, moitas veces atópase entre elas algunha que antes que consentir no infanticidio porfilla a vítima. Coñecín moitas destas boas e filantrópicas mulleres e coñecín tamén algunhas nenas salvadas así da morte. A moza Cuquina, da que tiven ocasión de falar na miña segunda parte, é unha destas, e a nai de Bieito Upúmera, ao que tamén citei no decurso da obra, é outra das primeiras.

4. Polo demais, as nais aman os seus fillos e as súas fillas que se salvaron da morte cun amor do máis entrañable. Se acontece que algún deles se queima durmindo ou sofre algún outro dano, os seus xemidos son

afogados polos das súas nais, que non se sosegan ata atopar o remedio para curalos, aínda que atopalo lles custe o maior traballo. Crían os seus fillos robustos, limpos e tan fermosos como permite o seu estado. Adoitan darlles de mamar máis de catro anos, e non é cousa rara ver os mozos correr e xogar cos seus pequenos *guichis* e logo ir tomar o peito de súas nais, que normalmente aleitan dous ao mesmo tempo. Vín mamar algúns que tiñan preto de seis anos, e súas nais non só llelo permitían, senón que os acariñaban e privábanse dos bocados máis saborosos para llelos dar a eles. Disto provén que os mozos dun e doutro sexo son ben nutridos, fortes, robustos e os máis fermosos nas súas formas.

5. A deferencia que teñen os pais cara a seus fillos debe considerarse como culpable. Sexa cal for a falta que cometan, non os castigan, e a razón que esgrimen é que, ao seren pequenos, non comprenden o porqué do castigo. Se un neno quere algo de seus pais, chora, mórdeos e mesmo lles pegan se non lle dan o que quere; e o maior castigo que lle imponen os pais a un fillo desobediente é unha repreñión máis ou menos forte, e isto despois de accederen a todos os seus desexos.

¿Non se parece moito esta educación á que en certas sociedades, que se vanglorian de ter a máis refinada civilización, lles dan os pais a seus fillos? O lector poderá xulgalo sen paixón.

Por outra parte, o pai é o que prepara e amaña as armas consonte a idade de seu fillo, e gústalle instruílo no seu manexo. E tamén lle dá beixos, aínda que ao revés dos europeos, é dicir, bota o aire cara a fóra, e por nada deste mundo un salvaxe lle deixaría seu fillo a ninguén.

Algúns reproban os australianos por non lles quereren deixar seus fillos aos colonos coa finalidade de que estes os eduquen. Non obstante, ¿podería botárselle en cara a un europeo o feito de non lle entregar seu fillo a outro europeo a quen non coñece e que non merece a súa confianza? Pois igual é, con curta diferenza, o caso dos australianos. Faríano, e fano en efecto, con aqueles europeos que souberon gañar o seu afecto, mais no caso contrario prefiren telos incultos na súa compañía a privarse deles expoñéndose a perdelos para sempre. Tamén se acusan os mozos

de non quererem abandonar seus pais. Agora ben, ¿cren os que lles afean este proceder, cren —digo— que o fillo da máis infeliz europea trocaría gustoso a compañía de súa nai pola da raíña máis poderosa da terra, se lle fose absolutamente descoñecida? ¿Acaso se desexaría dos salvaxes o que non se pode exixir dos europeos? E, con todo, podo asegurarlles aos meus lectores que moitos indíxenas nos trouxeron seus fillos á Misión co fin de que os tivésemos connosco, e non poucos rapaces rexeitaron seguir seus pais polas fragas e preferiron quedar na Misión. O motivo está moi á vista.

6. Mais, volvendo ao asunto que me ocupaba, os fillos adultos corresponden con igual amor a seus pais. Cando son anciáns, gárdanlles o mellor da caza e de calquera outra comida, vingan as súas ofensas e, en fin, o seu amor filial esténdese ata máis alá do sepulcro, pois cando morren seus pais demóstranlles a súa estimación matando dous ou tres salvaxes.

Acostuman os mozos chamar *mama* ou *maman*, que quere dicir «pai», a todos os anciáns, e *n-angan*, que quere dicir «nai», a todas as mulleres dunha idade avanzada.

7. Como dixen antes, un australiano non pode contraer matrimonio antes de ter trinta ou polo menos vinte e oito anos feitos, so pena de perder a vida se desobedece esta lei, de aquí é que os mozos miran as mulleres coa maior indiferenza. A seguinte anécdota bastará para dar a coñecer o que pensa sobre o particular unha dama inglesa que lle preguntou, cando estaba eu presente, a un salvaxe duns trinta anos de idade se estaba casado, ao que contestou o mozo que non. «¿Por que non?» —díxolle a dama—. «Porque as mulleres non son boas». «E ¿por que non son boas?». «Porque son demasiado...». O salvaxe, coa súa natural franqueza, deulle á dama unha resposta tan indelicada que lle fixo saír as cores á cara, e esta señora foise sen querer pasar máis adiante coas súas preguntas.

Chegados os mozos á idade marcada pola lei tradicional, poden contraer matrimonio, mais non cunha muller da súa mesma familia. O costume

máis común é ter dúas mulleres, a saber, unha de vinte a trinta anos e outra de cinco a dez. Moitos teñen soamente unha, e non coñecín ningún que tivese máis de dúas, excepto nos casos en que por filantropía un home tome baixo a súa protección a muller ou mulleres dun parente ou amigo que estea fóra, ou ben que herdase as viúvas de seus irmáns mortos sen deixar sucesión masculina (que é o que manda o Deuteronomio, capítulo 25, v. 5), conservando asemade as que xa ten. O salvaxe pide a moza coa que quere casar a seu pai, quen lla concede se non lla ten prometida a outro ou se non encontra ningún impedimento. Desde entón, a moza pertence xa ao salvaxe que a pediu, a pesar de que permanece en compañía de seus pais ata o tempo da puberdade. Este consentimento é inviolable, e se o pai da moza faltase a el sería causa de que se derramase moito sangue. Se o mozo cando pide a moza non se fía moito na palabra de seu pai, lévaa consigo e tena como irmá ata que chegue á idade conveniente. Polo que respecta á nena, xamais se lle pide o seu consentimento. Con todo, oín dicirlle a algún futuro esposo: «Eu ámoa e ela ámame».

Mais os australianos teñen outro xeito de contraeren matrimonio, que é roubarlle a muller a seu pai, ou a seu home, se é extremadamente fermosa, ou ben se este a trata mal. E, en tal caso, se despois o esposo a atopa, mátaa irremisiblemente. Por isto, o raptor adoita levala moi lonxe e procura evitar sempre a presenza do ofendido.

8. A beleza é para a muller australianas un manancial de mágoas e unha verdadeira calamidade para o seu país natal. Despois de pasar quizaís os seus anos xuvenís na compañía dun home vello, é arrebatada furtivamente e levada lonxe por un amante que a mata sen piedade se se resiste a seguilo. E así que transcorren poucos meses desde o seu primeiro rapto, un segundo amante róubaa e lévaa moito máis lonxe entre xentes que lle son enteiramente descoñecidas e a moitos centenaes de millas das súas tribos nativas. Disto resulta que o que ten unha muller fermosa non lle permite afastarse nin un momento do seu lado. Nas festas nocturnas non pode sufrir que ninguén lle diga unha palabra e exerce sobre

ela tanta vixilancia coma o máis celoso dos maridos, e é tan bárbaro o modo con que a corrixe que moitas veces, por unha soa mirada, lle tras-pasa unha perna co *guichi*, ou rómpelle a cabeza co *dáuac*, ou dálle outros avisos tan suaves coma estes.

As hordas a que pertencen moi a miúdo sofren desastres e baixas considerables nos seus individuos nas encarnizadas loitas motivadas polos raptos destas Helenas salvaxes, aínda que, en verdade, é preciso dicir que elas en xeral son causa inocente destes combates, pois, como dixer, a beleza é un don moi fatal para elas. Dá verdadeiramente mágoa ver estas infelices criaturas suxeitas ao estado da máis vil escravitude. A soa presenza dos seus maridos fainas tremer de pés a cabeza, acostumadas como están a que estes case sempre desafoguen o seu mal humor golpeándoas ou feríndoas, e ata tiveren que poñerme eu de por medio máis dunha vez para librar da morte algunha destas desgraciadas. Se a dona dun salvaxe foi ofendida por outra muller, este é un asunto que se amaña entre elas, sen que interveñan para nada os homes. Mais se a ofensa foi feita por un home (non sendo en nada tocante á honestidade), entón é a inocente muller do ofensor a que paga a pena do seu marido. E non poucas veces sucede que a nai ou a irmá dun australiano sofren o castigo da ofensa feita por este á nai ou á irmá doutro, e nestes casos é o pai, o home ou algún outro individuo da familia da ofendida o que toma por si mesmo a satisfacción.

9. O salvaxe non perdoa xamais a quen lle deshonre algunha das súas mulleres; antes ben, faillo pagar moi caro e ás veces coa vida. E boas testemuñas disto son os primeiros europeos que cometeron tales delitos. Ben é verdade que os viaxeiros non atoparán a mesma rixidez de costumes entre as hordas que viven nas proximidades dos establecements europeos, porque aqueles infelices salvaxes, reducidos a unha extremada miseria e vencidos pola forza e pola impunidade con que tratan as leis europeas os seus ofensores, vense obrigados, polo desexo da propia conservación, a sufrir en silencio a deshonra, por medo de que lles suceda algo peor. Porén, moi diverso é o que pasa entre as hordas que, lonxe do

contacto europeo, habitan o interior das selvas. Tres anos vivín con eles e, durante esta longa permanencia, podo asegurar que nunca lles vin facer nin unha soa acción indecente; pola contra, achei os seus costumes en extremo gabables e temperados neste particular. Cando unha familia se prepara para durmir, os fillos homes que teñen máis de seis anos non se moven de arredor do lume común, os máis pequenos dormen co pai e os de teta e as mozas, sexa cal for a súa idade, coa nai. As mulleres gozan do dereito de antigüidade e dormen a primeira ao lado do home e, seguindo pola súa orde, todas as demais.

CAPÍTULO SEXTO

1. Afeites. — Cabeleira. — 2. Barba. — 3. Pintarse. — 4. Óso nasal. — 5. Brazaletes. — 6. Faixa. — 7. Untarse coa graxa dos animais. — 8. Tatuaxe. — 9. Capa.

1. Nove son os principais afeites que os salvaxes da parte oriental usan para ataviarse; isto é, amañan o pelo e a barba, píntanse, furan a cartilaxe do nariz, poñen os brazaletes e a faixa, úntanse con graxa, tatúanse e poñen a capa de peles.

Dixen xa que a súa cabeleira sería bastante fermosa se a levasen ben amañada, mais, lonxe de facelo así, desfiguran do modo máis orixinal este fermoso ornamento da natureza. De peite sérvense dun óso de kangarú afiado, co cal dividen e subdividen os cabelos co maior coidado. Concluída esta operación, úntanos con graxa de emú, kangarú, cóbrega ou *opossum*, e espárense despois por riba pos de terra vermella. Feito isto, os homes dobran o pelo cara a arriba, rodean a cabeza por encima das orellas cun cordonciño feito de la de *opossum* e danlle tantas voltas que se chega a formar unha fita dunhas tres polgadas de ancho; logo, volven untalo con graxa. Se tratan de ir a un baile ou a unha visita, para acabar de se ataviar poñen verticalmente na fronte plumas de papagaio ou de emú e engaden, como complemento de tan raro adorno, unha cola de can xa desecada, coa que cinguen a fronte. Amañar ou, mellor dito, lixar a cabeza non é unha operación que os homes fagan todas as mañás, senón tan só en ocasións solemnes ou cando mellor lles parece. En canto ás mulleres, aínda son moito máis descoidadas ca os homes, e nunca se enfeitán coma eles coa faixa, plumas e demais adobíos.


Malia tanto descoido, entre todos os salvaxes que coñecín non vin máis ca un calvo, mais o que si abundan nas súas cabezas son certos bechos dos que fan un uso que, polo noxento que é, non o quero contar. Así, os homes e mais as mulleres cortan o pelo un pouco máis arriba dos ombros, para o que se valen de dúas pedras que teñan un pouco de corte, ou do *tabba*.

2. Uns deixan toda a barba e outros só a parte inferior. Os primeiros cóidana untándoa de cando en vez con graxa e peitéana ou, mellor dito, dividena cun óso como fan co cabelo. Moitos deles téñena longa, de máis dun palmo e medio, e algúns vellos, agrisada, o que lles dá un certo aspecto venerable. Os outros, que son os máis, córtana cun coitelo de pedra ou ben chamúscana. E deste mesmo xeito quitan os pelos dos brazos e das pernas, aínda que algúns acostuman a arrancalos un por un. Cando tiveron fragmentos de vidro, servíronse deles con bastante destreza para navallas de afeitar e mollaban a barba con chuspe. A parte da barba que estes últimos deixan sen rasurar ou sen chamuscar, consonte o costume dos antigos exipcios, non adoita pasar dun palmo de longo. Nos momentos máis fortes e cruentos das pelexas, máis parecen rabiosos tigres ca homes, e acostuman a coller a barba cos dentes.

Ao principio de atopármonos na Misión, como iamos enteiramente rasurados, os salvaxes non nos tiñan nada de respecto e tomábannos por mulleres, polo que tivemos que resolvernos a deixar crecer toda a barba coma eles.

3. Píntanse para o baile, para as visitas, para os funerais e algunhas veces mesmo antes de se bateren⁵⁸. Se é para un baile ou para unha visita, trazan polo peito e polas pernas en varias direccións moitas liñas ou raias de cor branca e encarnada, que, vistas desde lonxe, semellan en certo modo un vestido escocés. Este ornamento ponos tan vaidosos da súa beleza que pasan un bo anaco mirándose e fachendeando. Cada un píntase

58. Herodoto afirma que os etíopes asiáticos, antes de vir ás mans nos combates, untaban o corpo cunha especie de xeso e minio. *Fomlins; A universal history of the nations of antiquity*. 1843.



Modo usado polos salvaxes de se pintar e perforar o nariz antes das súas grandes festas

a si mesmo, pero os mozos máis elegantes, como se dixésemos os señoritos australianos, fanse pintar polos máis hábiles nesta arte. As mulleres unicamente se pintan cando acontece a morte dalgún parente ou amigo, como se pintarse fose exclusivamente un privilexio do sexo forte. Entón, pintan un círculo branco arredor de cada ollo e unha liña horizontal na fronte; e se o defunto foi devorado, quere o costume que as raias sexan de cor negra. Os vellos tamén se pintan, malia que non sempre en sinal de loito, pero os mozos, nunca.

4. Outro dos seus medios de se ataviar é furar a cartilaxe do nariz, do que levan atravesado un óso ou un anaquiño de madeira. Con todo, reparei que moitos salvaxes non o tiñan furado, o que me fixo crer que isto era cousa do todo arbitraria. Outros vin que o fixeron furar á idade de dezaioito ou vinte anos cun punzón feito de madeira endurecida por medio do lume, e velaquí de que xeito. Fixada a punta do punzón na cartilaxe do paciente, que sofre impávido a dor, o que fai a operación dálle voltas refregándoo entre as súas mans e, aos poucos segundos, queda feito un buraco dunha polgada polo menos de circunferencia, sen que saia unha pinga de sangue. Logo, para que non se volva cerrar, atravésáselle un óso, o cal non se saca ata que, pasados uns días, queda perfectamente cicatrizada a ferida. O óso que acostuma a poñerse é o da á dos gansos ou das aguias, porque, como é moi lixeiro, non os incomoda con peso desmesurado, e adoita ter un palmo de longo, aínda que algúns salvaxes levan un anaco de madeira longo de máis de dous palmos. Este adorno, que tamén é exclusivo dos homes⁵⁹, só o poñen para os bailes; mais se acaso un salvaxe atopa un óso a propósito para isto, atravésao inmediatamente e ponse a bailar aínda que estea só.

5. Os brazaletes compóñense dun cordonciño de la de *opossum*, do que falei anteriormente. Con el danlle voltas ao brazo entre o ombro e o

59. Uniake di que todos os salvaxes das proximidades de Pumice Stone seguen este costume desde a idade de seis anos en diante e que o oficio de operante é hereditario; mais eu non observei nada disto entre os salvaxes de Nova Nursia.

cóbado e, ás veces, engaden unha ou dúas presadas das mellores plumas do emú. Algúns salvaxes levan dous brazaletes, outros un soamente e moitísimos, ningún.

6. A faixa é a peza de roupa que, por así dicilo, constitúe o vestiario completo dos australianos. Nela, coma nun zurrón, poñen algúns coios afiados para os seus *guichis*, a graxa para se untar e un pouco de terra para se pintar. Dela colgan o *calé* e o *dáuac* e, ás costas, o *cóchio*, que é unha especie de arma que ten parte de martelo e parte de machada. A faixa de cordóns tamén está feita de la de *opossum* e ten unhas sete polgadas de ancho; con ela cinguen o corpo coma se fose unha madeixa de fío e apértana máis ou menos segundo o apetito que teñan. E, cando teñen moita fame, apértana dun xeito excesivo, co que se aseguran de non a sentir tanto. Os salvaxes gustan moito de posuír este adorno. De feito, por un pouco de cordón da dita la dan a troco o seu mellor *guichi* ou calquera outra das súas armas, e nestes únicos cambios consiste case todo o seu comercio. Moitos salvaxes non a levan, e as mulleres, ningunha.

7. Así como nós lavamos a cara e mais o corpo con auga, os salvaxes úntano todo con graxa. Por isto, cada vez que matan un animal calquera, comen crus e mesmo palpitantes os seus despoños e untan esmeradamente todo o seu corpo coa graxa, gardando con moito coidado a que sobra para outra ocasión. Cando un australiano nos parecería a nós que está limpo, se así se pode dicir, porque non está untado de graxa, el cre que está o máis sucio deste mundo, de modo que para se limpar úntase dos pés á cabeza, e canto máis lustroso queda, tanto máis fermoso lle parece que é. Non dubido eu que deste costume dimane en gran parte a súa extraordinaria axilidade e a soltura dos seus membros. E, en verdade, sería pouco menos que imposible para un europeo subir coma eles ata a cima de árbores altísimas, cuxo tronco apenas bastarían para abrazar tres homes agarrados das mans, e sentar como teñen de costume en crequenhas tocando os xeonllos no chan.

8. Outro, e quizais o maior dos seus enfeites, é a tatuaxe ou incisión da pel, da que falei abondo no parágrafo 22 das noticias preliminares.

O instrumento de que se serven para tatuar é unha pedra metálica, branca e cortante que eles chaman *cóllio* e que pertence á especie das que chamamos cuarzo. Abren incisións verticais nos brazos, nas pernas e, máis particularmente, no peito e nas costas, onde trazan as raias horizontais e paralelas. Ás veces, o importante número de cortaduras e a súa profundidade fan sufrir o paciente as máis vivas dores e téñeno prostrado e desfalecido por moito tempo, por cuxa razón non se practica esta dolorosa operación toda dunha vez, senón en distintos anos. Os salvaxes consideran como cousa do maior luxo as protuberancias que lles quedan, e ás veces fôrmanelles no peito unhas liñas de cinco ou seis polgadas de longo e unha de alto, e canto maiores e máis deformes sexan as raias, máis fermosos e agraciados se ven. A tatuaxe é común aos homes e ás mulleres, e algunhas delas teñen as incisións máis profundas e as protuberancias máis elevadas ca os homes, ata o punto de que se lles xuntan case os peitos por mor da tatuaxe. Esta operación practícase con todos os nenos de ambos os sexos e, aínda que moitos deles non pasan de catro anos de idade cando se tatúan, é bastante frecuente velos sufrir coa maior serenidade as máis atroces dores⁶⁰.

9. Finalmente, os salvaxes cóbrense, malia que só durante o inverno, cunha especie de capa feita de peles de kangarú. As mulleres lévana case sempre nas súas andanzas, mais só botada ás costas.

As donas dos salvaxes son as que comunmente curten e amañan estas peles, o único vestido dos homes. Para isto estenden no chan a pel do kangarú femia, porque a do macho cren que é demasiado grande, e crávana polas puntas cunhas estacas, logo descárnana con pedras cortantes e úntana con graxa co propósito de a facer flexible. Mais antes de a untar danlle a forma que queren e, segundo o ancha que ha de ser a capa, cosen

60. Os salvaxes de Sydney tatúanse tamén, mais fano con cunchas. Ademais, as mulleres cortan as dúas falanxes do dedo maimiño da man esquerda e os mozos, cando chegan á idade adulta, arrancan un dente incisivo da mandíbula superior, unha operación practicada por homes encargados especialmente disto. Nin un nin outro destes costumes se atopa establecido entre os salvaxes de Nova Nursia.

tres ou catro xuntas cos nervios da cola do kangarú, divididos de modo que parecen febras de seda de tres ou catro palmos de longo; e en vez de agulla válese dun óso que remata nunha punta bastante afiada para facer o buraco. Por fin, para que se sosteña nas costas, poñen a un lado un lazo de nervios e ao outro un anaco de madeira polo mesmo estilo que o da capa dos Padres Menores Observantes, ou ben átano cun longo alfinete de óso, do mesmo xeito que o faría unha muller europea. Os homes levan a capa con gran desembarazo botada sobre o ombro esquerdo para deixar libre o brazo dereito; ás mulleres cóbrelles ambos os ombros, e nada máis do corpo. Cando fai bo tempo, poñen a parte laúda cara a dentro, e ao contrario cando chove. Ao sentaren sérvelles de almofada e, para durmir, de colchón e de manta ao mesmo tempo. Todas as veces que tocaba durmirmos ao raso no medio das selvas e nos collía algunha chaparrada, os salvaxes dábanse présa a escavar fosos dun palmo de fondura e colocábanse dentro de dous en dous. Abrigábanse coas súas capas e así poñíanse enteiramente a cuberto da choiva, mentres que eu, por máis que me acubillaba no meu capote, tiña que sufrir toda a furia da borrasca.

Segundo afirman cantos viaxeiros percorreron a Australia, a capa, tal e como a acabo de describir, está en uso entre todas as hordas, excepto nas que habitan nos trópicos, que non a levan nunca.

As capas dos salvaxes que viven preto dos establecementos europeos son polo común mesquiñas e tan pequenas que a duras penas lles chegan á metade da coxa, de sorte que máis que capas semellan pingallos de pel. Porén, non son así as que usan os habitantes do interior, pois chéganlles ata a media perna e son anchas e fermosas como poden selo as nosas capas europeas.

CAPÍTULO SÉTIMO

1. Armas e utensilios. — O *guichi*. — 2. O *miro*. — 3. O *calé*. — 4. O *unda*. — 5. O *dáuac*. — 6. O *cóchio*. — 7. O *mangart*. — 8. A *uána*. — 9. O enxoval dun australiano. — Vista perspicaz dos salvaxes. — 10. Atopan un mozo que había preto de tres días que se atopaba perdido por entre os bosques. — Finura dos demais sentidos.

1. O australiano da parte occidental ten varios utensilios e armas, que son o *guichi*, o *miro*, o *calé*, o *unda*, o *dáuac*, o *cóchio*, o *mangart* ou *tabba* e a *uána*.

O *guichi* é unha hasta de nove a dez pés ingleses de longo, de pouco máis dunha polgada de diámetro e que remata en punta na súa parte máis grosa. Têñenos de tres maneiras: uns soamente afiados, outros cun gancho para facer presa e outros cuns anaquiños de pedra pegados con goma a xeito de serra e sen gancho; e cada clase ten o seu nome particular. Os *guichis* da primeira especie só serven para as escaramuzas, e un salvaxe mira sempre como leve a ferida causada por un *guichi* simple, aínda cando atravesase a coxa ata o óso ou pase de parte a parte. O *guichi* da segunda especie leva unido ao seu extremo aguzado un anaquiño de madeira delgado, dunha media polgada de ancho e dunhas dúas polgadas de longo, o cal está colocado en sentido contrario á mesma punta da hasta e asegurado moi fortemente con nervios da cola do kangarú, e vai cuberto ata a súa metade de goma de xantórea; os salvaxes sérvense desta especie de *guichis* para se bater, para a caza, para coller os animais que se atopan dentro dos troncos baleiros e relados das árbores e para recoller a goma nas pólas altas ou os niños dos paxaros e algunhas flores que conteñen certa substancia doce. Aos *guichis* da terceira clase, despois de lles aguzar

a súa extremidade coma aos primeiros, e de os facer endurecer por medio do lume coma aos segundos, danlles tres ou catro capas de goma, nunha extensión de máis dun palmo, e alí cravan unha fileira de pedras cortantes ou fragmentos de vidro, aínda que isto último adoitan facelo os que viven preto dos establecementos europeos; o uso destes *guichis* é sempre homicida; así é que, cando os salvaxes o fabrican ou o teñen empuñado, é un sinal seguro de que ou temen verse atacados ou queren ser eles os agresores; a hasta do *guichi* ten na súa extremidade delgada, e oposta á aguzada, un buraco que serve para colocala no *miro* cando queren guindalo a unha longa distancia.

2. O *miro* é un anaco de madeira plana de forma oval, duns dous pés de longo e aínda non medio de ancho, cuxas dúas extremidades rematan nunha punta obtusa. O mesmo o *miro* ca todas as demais armas fabricanas os australianos sen outra ferramenta ca unha machada de pedra, da que se serven con moita destreza, malia a súa imperfección. Nunha das súas puntas ten outro anaco de madeira cilíndrico atado con nervios de kangarú e reforzado con goma, que se introduce no buraco do *guichi* cando se quere guindar, e, na outra punta, ten unha asa de goma que se agarra coa man, xunto co *guichi*, antes e no momento mesmo de o lanzar, de xeito que sempre queda o *miro* na man pronto para guindar outras lanzas. Nesta goma hai cravado un dente de kangarú ou unha pedra cortante que serve para aguzar a punta do *guichi*. Co *miro*, que manexan coa soa man dereita, os salvaxes danlles aos seus dardos unha forza increíble e un golpe tan afastado coma certo. De feito, vin como algún deles daba no colo dunha botella posta por branco a cincuenta pasos de distancia, e aínda tería forza abonda a arma fatal para pasar un home de parte a parte.

3. O *calé* é un semicírculo de madeira de preto de dous pés de circunferencia, de dúas polgadas de ancho e un terzo de polgada de espesor. Durante a loita, lánzano no medio dos inimigos, seguros de que onde queira que dea fere gravemente. Úsano moito, en especial cando van á caza de paxaros, que dan voltas e revoltas rapidísimas para se libren de tan estraño inimigo, mais rara vez o *calé* deixa de matar algúns cando

van en bandadas. Tamén o botan por mero pasatempo, xa de día xa de noite, para o que escollen unha chá en que non haxa árbores, e alí exercítanse a lanzalo con moita forza e soltura, para o que se valen tan só de tres dedos. Ao saír da man do salvaxe, vai case rozando co chan e logo, dando voltas e reescribindo anchos círculos, elévase a unha grande altura e volve caer no mesmo punto de onde partiu, de modo que moitas veces o salvaxe que o botou se viu obrigado a afastarse se non quere expoñerse a quedar mal ferido. Se o executan de noite, adoitan acender unha das súas extremidades, e entón é moi fermoso velo como un punto luminoso na atmosfera xirar sobre si mesmo facendo miles de círculos e botando innumerables faíscas. Para fabricaren o *calé* case non empregan outra madeira que a de acacia, árbore que non vexeta nos chans areentos, por cuxo motivo os salvaxes de Perth e, en xeral, todos os que teñen o seu asento preto da costa a usan moi pouco. O meu amigo Bigliagoro e os demais salvaxes de Nova Nursia cada vez que ían á capital levaban bo número de *calés*, que trocaban por certa terra encarnada, chamada por eles *uilghi*, que aprecian moito e coa cal se pintan. Bigliagoro non a facía servir, pero regaláballela aos seus amigos.

4. Usan tamén os salvaxes unha especie de escudo, ao que lle dan o nome de *unda*, do cal se serven non para se defender dos golpes do inimigo, senón para desviar a dirección dos seus *guichis*, o que fan con moita destreza coa man esquerda. O *unda* é un arnés un pouco circular ou curvo de tres ou catro pés de longo, de tres polgadas de largo e de igual espesor no centro; porén, este vai sen diminución ata os extremos, onde o seu groso non é máis ca dun terzo de polgada e no centro ten unha fendedura que serve para o manexar. Na súa parte exterior, adórnano en ambos os cabos unhas liñas paralelas abertas con dentes de kangarú e pintadas unhas de branco e outras de encarnado. A madeira de que fabrican os indíxenas o *unda* é sumamente lixeira e bastante escasa en todo aquel territorio. É dunha árbore pequena, cuxo nome ignoro, as súas follas son algo parecidas ás do piñeiro ou teñen sempre unha cor verde máis subida que a das demais árbores, polo menos naquel distrito occidental.

5. O *dáuac* consiste nun anaco de madeira cilíndrico duns cinco pés de longo con catro polgadas de circunferencia e oval nas súas dúas extremidades. É sumamente duro e tan pesado que un golpe mediano de *dáuac* na cabeza basta para deixar tendido e sen sentido o home máis robusto. E algúns salvaxes fan por desgraza demasiado uso desta terrible arma, especialmente coas súas mulleres. Bótano contra os inimigos nas súas loitas e tamén o tiran aos animais pequenos, coma ao kangarú rato, cando escapan, e no medio das bandadas de paxaros.

6. A forma do *cóchio* ou martelo lembra ata certo punto a da nosa machada e maza de armas postas nun mesmo mango, só que a materia é diferente. No extremo dun pau de pouco menos dun pé de longo, e tan delgado coma o dedo maimiño, pegan por medio da goma resinosa da xantórea, que é moi firme, dúas pedras; plana a unha, que é a que serve de maza, e cortante a outra, que é a que fai as veces de machado. Con esta ferramenta cortan os salvaxes os troncos relados, dentro dos cales se oculta a caza, fan unha especie de banzos onde poñen o pé para subir ás árbores máis altas, fabrican as súas armas, quebrantan os ósos dos kangarús e outros animais, co fin de lles sacar a medula para comela ou para se untaren con ela, e, en fin, sérvense do *cóchio* para outros mil usos. As pedras de que se compón esta ferramenta son dun durísimo granito gris e só se atopan ao longo da costa. Cando o lume reduce a pasta o anaco de goma, que é do goso dun limón, méteselle no medio a punta do mango ardendo e, aos seus dous lados, crávanse as dúas pedras tamén incandescentes. A dureza e a solidez deste betume fan do *cóchio* australiano un instrumento tan útil canto poida selo o noso martelo. Polo regular, os salvaxes lévano sempre colgado da faixa, de maneira que o mango vén naturalmente a sentárselles entre as dúas nádegas, sen que por isto os incomode no máis mínimo.

7. O *mangart* ou *tabba* dos salvaxes correspóndese co noso coitelo. Componse dun anaco de madeira delgado dun pouco máis de medio pé de longo e o corte consiste nunhas pedriñas postas en forma de serra, o mesmo que a terceira especie de *guichi* que describín. O australiano

sérvese do *mangart* para esfolar os animais, facer anacos a vianda e para moitos outros usos.

8. A *uána* é a única arma ofensiva e defensiva de que se serven as mulleres, e, por certo, que manexan con extremada mestría nas súas liortas, durante as cales se contentan os seus maridos con observalas tranquilamente, sen tomaren sequera a molestia de as separar. A *uána* é un soberbio garrote duns nove ou dez pés de longo e de seis polgadas de circunferencia que, na súa parte máis grosa, remata nunha punta feita moi dura co lume. Con ela escavan o chan para atopar as tobeiras dalgúns animais ou raíces para comer, quitan as cortizas das árbores para cubrir as súas cabanas, abren os foxos en que chantan os paus para as construír, e, en fin, élles de suma utilidade para moitas cousas máis.

9. A vida doméstica do australiano ofrece moi poucas necesidades; así é que, cando deixa o lugar en que pasou a noite coa súa familia para se trasladar a outro, o *cuttu* ou saco de pel de kangarú (cousa indispensable para a muller) botado ás costas e atado ao colo da súa dona é abondo para conter todo o seu enxoval. Permítanme os meus lectores que lles indique un por un os obxectos de que se compón, que son: unha boa provisión de goma de xantórea; betume, de absoluta necesidade para un salvaxe polo moito que lle serve; pedras para facer os martelos, *guichis* e coitelos e mais para machucar as cortizas das árbores, cada unha do peso de catro libras, cando menos, e unha porción doutras pedras que os *bóllias* lles dan a entender que sacaron do corpo dos enfermos; unha cantidade razoable de *menna* ou goma de acacia, a cal para eles é un bocado moi saboroso; nervios de kangarú para varios usos; arxila areosa ou xeso de diversas cores para se pintaren; algún anaco de madeira cóncavo para beber; un pouco de la de *opossum*; cordonciños e plumas de varios paxaros; peles de kangarú sen curtir; algún saco de repostos; graxa para se untaren; un ou dous ósos para o enfeitado do nariz; dentes de kangarú para o *miro*; e raíces e cortizas daquelas árbores de que se alimentan. Ao que lle hai que engadir que a muller adoita levar metido noutro saco, e colgado tamén ás costas, un pequeniño que, apoiando a cabeza no brazo

esquerdo da súa nai, mama do peito daquel lado, mentres outro cativo algo máis crecido, é dicir, de dous ou tres anos, posto a carranchapernas, lle toma o outro peito inclinándose un pouco sobre o ombro dereito. Mentres a muller camiña con toda esta carga, por certo nada lixeira, sobre as súas costas, o marido precédea, cun aire arrogante e altivo, levando soamente as armas na man esquerda e ocupándose de examinar detidamente todo canto atopa, co fin de procurar de que comer; e nisto emprega todos os seus sentidos, os que no estado salvaxe posúe o home nun grao do que nos é moi difícil formarnos unha idea cabal. En efecto, o australiano descobre á distancia de máis dunha milla un paxariño posto nas ramas das árbores máis altas e copudas, un kangarú oculto entre as xantóreas ou outros arbustos, o rastro imperceptible que deixaron as unllas do máis pequeno cuadrúpede. En fin, non poucos europeos extraviados en medio das selvas terían perecido irremisiblemente se os salvaxes coa súa vista extremadamente fina non descubrisen as súas pegadas.

10. A propósito disto, non quero pasar en silencio un caso desta especie acontecido na Misión. Encargámoslle un día a un rapaz europeo duns doce anos de idade, que vivía con nós, o coidado dos bois que pacían a douscentos pasos da casa. Cando o rapaz seguía os animais, afastouse ata se desnortar, de sorte que á hora do xantar non soubo volver. Buscámolo en van todo aquel día, polo que á mañá seguinte marchei con dous salvaxes chamados Medémere e Munanga, e, ben provisto de munições de boca, encamiñeime ao monte, decidido a non volver á Misión sen atopalo antes. O punto de partida dos dous australianos foi o mesmo onde atoparan o día anterior as últimas pegadas do rapaz, polo que ao volvelas atopar comezaron a seguilas e andaron con tanta rapidez que, de non ir eu montado, non os podería alcanzar. Paraban de cando en vez e, subidos ás árbores, exploraban, como adoitan facer, todos os arredores. Inclinábanse sobre a herba, sobre as pisadas ou sobre a bosta dos bois, e coñecían admirablemente un e outro e dicíanme a hora en que estes e o rapaz pasaran por alí, e tamén a distancia que os separaba de nós. Ata a cerrada da noite, andaron os meus salvaxes tan listos e seguros como pui-

deron polo rastro imperceptible do camiño máis trillado. Mais entón entramos nun chan pedrento no que non se coñecía o menor vestixio de pegada e, ao anoitecer, fixemos alto. Pasamos alí a noite, durante a cal demos fortes e agudos berros, especialmente eles os dous, cuxos *cui* en medio da calma nocturna debían oírse de seguro a máis de tres millas de distancia, mais sempre agardamos inutilmente que o rapaz nos contestase. Así que amenceu, puxémonos outra vez na busca dos indicios que perderamos. E, despois dalgunhas horas de inútiles pescudas, acharon os salvaxes unha pedriña algo afastada do seu lugar, e isto abondoulles para saberen que dirección debían tomar, a que seguiron sen reparar en nada máis. Andamos unhas tres horas sen que eu vise ningún indicio seguro de que íamos ben encamiñados, e daquela pregunteilles se atopaban rastro nas pedras. Dixéronme que si, mais eu dubidábao moito e por mor disto parei e quixen que mo ensinasen. «Mire —dixéronme—, observe vostede esta area removida hai pouco». Desmantei e mirei atentamente a area que me dicían, ben que non puíden discernir nada absolutamente. «Vamos un pouco máis adiante —replicáronme— e farémolle ver outro sinal moito máis perceptible». En efecto, despois de andarmos outra milla, vin perfectamente marcados nun pouco de area que había enriba dunha gran pedra tres cravos, os únicos que levaba nos zapatos o noso rapaz. Saímos, por fin, daquel fragoso monte e entramos noutra moito mellor, no cal os salvaxes se esforzaban en facerme observar que algunhas follas de xantórea foran arrancadas polo rapaz, e non polos bois, aos cales lles gustan moito. Mais eu, confeso a miña ignorancia, non souben coñecer tal diferenza, e eles non acababan de persuadirse de que eu fose tan inexperto.

Non ben atopamos o lugar en que pasaran os bois a segunda noite, que coñecemos tamén polo leite de herba en que se deitara o rapaz, cando deixando os salvaxes a dirección que seguiran ata daquela, botaron a correr berrando: «¡Mire! ¡Mire alí, morto e comesto polos cans!». Xeóuseme o sangue ao escoitar aquel berro e faltou pouco para que caese do cabalo pouco menos que desmaiado co trastorno. Porén, chegados máis

preto, vimos que aquela morea de ósos era dun gran kangarú devorado efectivamente polos cans. Con isto recobramos o noso ánimo e seguimos a primeira dirección. Ao mediodía da nosa segunda xornada, que era a terceira des que se perdera o rapaz, despois de que percorremos e de que exploramos máis de corenta millas, os dous australianos pararon de súpeto como estáticos, e eu tamén, mais sen saber o motivo. E, despois de cinco minutos de estarmos así inmóbiles, un despois doutro deron un *cui* tan sumamente agudo que o oíría o home máis xordo do mundo e volveron quedar parados no mesmo lugar. Mentres que eu, coma quen agarda unha resposta, só oín o canto de moitos papagaios e doutros paxaros, eles puxéronse a correr seguindo a mesma dirección e dicíndome que oírán a voz do rapaz. Crinos sobre a súa palabra e, dándolle coas esporas ao meu cabalo, seguinos ao galope. Non sei como hei pintar a alegría e o consolo que tiven ao enxergar desde lonxe o coitado Yeffres.

Saltei a correr do cabalo e, sen acertar a lle dicir unha palabra, tíveno un anaco estreitamente abrazado bañándolle a cara coas miñas bágoas, posto que eu xa o dera por morto. Pregunteille que dirección levaba e contestoume que cara á Misión, cando pola contra se ía afastando cada vez máis, como lles adoita acontecer aos que se extravían en medio das fragas. O máis prudente nestes casos é volver sobre os propios pasos en vez de aventurarse máis a dentro e, se vén a noite, construír unha cabana onde se poder un refuxiar, para ao día seguinte, despois de ben amencido, poñerse na busca do camiño perdido, con coidado de deixar sinal dos pasos dados por medio de repetidos e visibles sucos no chan ou doutro xeito calquera, co fin de que se non se atopa o camiño se poida polo menos estar seguro do punto en que un se perdeu e deixarles aos que van na busca dun un medio máis doado para prestar auxilio. Tampouco está por demais, antes ben é moi oportuno, dar de vez en cando fortes e prolongados berros. O noso Yeffres díxome que se encomendara á santísima Virxe e que lle rezou todas as noites o santo rosario, como o facía con nós na Misión, e que o repetía varias veces durante o día. «Esta mañá —engadiu—, ao emprender outra vez o meu camiño, sentínme tan feble

e extenuado que apenas podía terme en pé (advírtase que era o terceiro día que o pobre rapaz pasara na máis completa abstinencia), saquei o meu rosario e, aínda non rezara a metade, cando un paxaro grande perseguido por unha aguia veu refuxiarse preto de min, de sorte que o collín xa medio morto, e estaba decidido a comelo, aínda que fose cru, para prolongar a miña vida. Despois de que a Virxe —continuou o mozo— me fixo este favor, e cando ía botarme (quizais por última vez) despois de volver rezar o santo rosario, oín os berros dos salvaxes, e vino a vostede, e en verdade que non os coñecía desde lonxe pola miña extremada debilidade. Sexa bendita e loada para sempre a Virxe santísima, a cuxa intercesión debo sen dúbida a miña existencia». Entrementres, os dous salvaxes, moi satisfeitos do bo éxito das súas fatigas, non cesaban de me repetir: «*Nunda quiéna; n-alla chienan-an; nunda tonga but*», é dicir: «¿Ve? Nós atopámolo; vostede non sabe facelo». E, efectivamente, a miña vista, malia que a teño boa, é moi inferior á súa.

O mesmo que a vista, o australiano ten fino o oído, pois escoita a pateadura dun cabalo cando dista aínda media milla, e tamén o ruído que fai unha folla movida polo paso lixeirísimo dun paxaro, polo que é moi difícil collelo de sorpresa. O seu oído é sumamente músico e chega a axustar a súa voz clara e arxentina ao unísono do canto europeo, malia que os seus motivos musicais deixan moi atrás os nosos. Tampouco lle gañamos en olfacto e en padal, aínda que nós lles gañamos en buscar manxares exquisitos. Mais no que sobre todo nos avantaxan moi moito é no tacto. En efecto, aconteceume, e non unha vez soa, andar de noite, cando reinaba a escuridade máis completa, e ir acompañado dun indíxena que, sen máis camiño ca o carril que deixara o carro, en moitos sitios case borrado e que el distinguía só co tacto do pé, me guiaba con tanta seguridade coma se estivésemos en medio do día.

CAPÍTULO OITAVO

1. Caza do kangarú. — 2. Modo de aderezalo. — 3. Caza do kangarú rato. — 4. Do *opossum*. — Instrumento para facer cordóns da súa la. — 5. Caza do can. — 6. Caza do emú. — 7. Caza do parrulo e dos papagaios. — 8. Caza da aguiá. — 9. Caza das serpes e dos lagartos. — 10. Pesca.

1. A vida do altivo señor das selvas australianas é unha continua caza; unhas veces vese obrigado a cazar para atopar con que saciar a súa fame e outras caza por mera diversión ou por larpeiro. Varía segundo é a especie de animais que quere cazar e segundo as estacións. Así pois, farei de cada unha das súas cazas en particular.

Logo de que pasa unha hora des que raia o sol, o salvaxe intérnase nas fragas con tres ou catro *guichis* na man esquerda, co *miro* na dereita, o *calé* e o *dáuac* colgados da faixa ao lado esquerdo e o *cóchio* ás costas, do modo que describín. Ségueo toda a súa familia; a muller leva un neno de teta dentro do saco e ás veces outro posto a carranchapernas, a *uána* na man dereita e adoita levar tamén un tizón aceso na esquerda.

O marido acostuma a preceder uns oitenta a cen pasos a súa muller, e se ten máis dunha, ou a familia é crecida, andan todos en fila. Nada escapa á perspicacia do australiano: a terra e o aire, as árbores máis elevadas e as máis baixas bouzas, as chairas, a auga, as montañas; todo o enxerga, todo o rexistra coa súa penetrante mirada. Apenas oe un rumor inesperado, para como estático e toda a súa alma concéntrase, digámolo así, na vista e no oído. Daquela, os que o seguen bótanse no chan e non se atreven nin sequera a levantar un pouco a cabeza para observar os movementos do cazador. Se descobre algún kangarú, acazábase e, case arrastrando, váiselle

poñer a sotavento. E despois achégase de árbore en árbore ao animal que pace tranquilamente, ata que se lle presenta de fronte. Ao oír o kangarú o máis lixeiro rumor, senta sobre as súas patas traseiras e sobre a súa cola, e mira sospeitoso a un e outro lado. Porén, non teme o home que lle está enfronte, por crelo talvez un tronco carbonizado ou outra cousa calquera inanimada. Nestes casos, o salvaxe permanece tan inmóbil que non bastan as palabras para o describir, nin xamais europeo ningún viu un home que pola soa forza da súa vontade saiba paralizar de tal forma todos os seus membros coma o salvaxe, que máis parece unha rocha informe ca unha estatua; así é que o kangarú, ao non ver nada que lle poida facer temor, continúa pacendo. Daquela, o australiano comeza a correr co corpo e co brazo esquerdo tesos e o dereito en ademán de lanzar o seu *guichi*, de xeito que non move máis ca as pernas e continúa na mesma posición ata que guinda a lanza e atravesa o kangarú.

Ás veces o animal proba defenderse, mais o salvaxe crávalle outros *guichis* e as mulleres acoden e remátano cos seus *uánas*. Asistín en repetidas ocasións a esta caza e podo asegurar que a destreza e a constancia dos indíxenas son dignas de toda gabanza.

É normal que un mozo australiano estea tres ou catro días sen volver ao seu fogar por non poder matar o kangarú que logrou escapar aos seus tiros, porque se volve sen el perdería a fama de valente e bo cazador. E se o kangarú é moi goso, ou o lugar en que o matou moi afastado, cól-gao dunha árbore, tápao con pólas e marcha dicírllelo aos seus. É admirable a sagacidade coa que un salvaxe, con moi poucos sinais ou indicios, sabe achar no medio de tan inmensa e espesa foresta o sitio, distante ás veces máis de seis ou sete millas, en que o outro deixou a súa presa.

Tamén organizan cazarías e entón rodean a fraga e péganlle lume por todos os lados agás por un, para que os kangarús fuxan por alí das chamás e, daquela, cóllo e mátanos ao seu paso no medio do maior barullo e algarada.

2. O primeiro coidado do salvaxe é proverse el e a súa familia de comida para o día. Por isto, logo de morto o kangarú, prepáranos do modo

seguinte. Faille unha incisión circular no extremo da cola e por ela extráelle cos dentes os nervios, os cales teñen tres ou catro palmos de longo, e enróscaos nos seus *guichis* e noutras armas para empregalos como fío cando están secos. A seguir, sácalle os intestinos e esfólalle as patas tra-seiras. Despois arráncalle o pelello ata o pescozo, onde o corta co *tabba*. Se a el e á súa familia lles vén a fame, decontado tallan o kangarú e póneno a cocer nas ascuas e, mentres se coce a carne, asan ou, mellor dito, chamuscan os intestinos e as entrañas sen lavalas sequera. Aínda non está de todo asada a carne, cando collen un anaco e empezan a comer a parte queimada e, deseguida, volven poñelo sobre as brasas, e collen outro decontado, e así sucesivamente ata que o comeron todo, e entón quebrantan os ósos para extraer a medula. Deste xeito tan noxento comen cando lles aperta a fame, mais se non é así abren un foxo circular oval e no fondo acenden un gran lume, e cando está xa reducido case todo a cinzas, sácanas e poñen no seu lugar o kangarú enteiro. Cóbreno coa cinza e acenden encima outro lume non tan grande coma o primeiro. Despois dalgunhas horas, sacan o kangarú, que está xa sazonado, e entón convértese nun bocado verdadeiramente saboroso.

3. Cando o salvaxe sae cazar, diríxese contra o primeiro animal que atopa, sen mirar se é grande ou pequeno. Hai unha especie de kangarú, chamado polos colonos kangarú rato, que é case tan pequeno coma os nosos coellos. Cando ve un destes kangarús que dorme ou repousa acochado dentro dalgunha bouza, empuña o *dáuac*, diríxese cara a aquel lugar con aire indiferente e, cando pasa preto do animal, ponlle destramente o pé encima. Se o kangarú escapa, bótalle o *dáuac*, mais se non queda tendido no primeiro golpe non o persegue máis. Se son varios os que van cazar, rodean a bouza en que se acocha o kangarú e, de tratar de se librar, bótanlle todos o *dáuac*. Se o salvaxe leva consigo un ou máis cans, encírraos contra o fuxitivo, que, se non logra meterse dentro do tronco baleiro dalgunha árbore, ao pouco queda preso deles. Mais non por isto se libra o pobre do seu perseguidor, que o saca de alí co *guichi*, o cal lle serve de gancho. E se deste xeito non pode collelo, pégalle lume

á árbore, e acontece non poucas veces que o kangarú metido dentro non pode volver saír, e cando cae a árbore, o salvaxe atópaو torradiño e cómeo sen levar máis traballo.

4. O *opossum* é un animal que pertence á especie dos marsupiais, foxe da luz do sol e os australianos cázano de noite. Dorme de día dentro dos ocos das árbores, e é por isto polo que, cando un salvaxe pasa preto da súa árbore dentro da cal lle parece que debe esconderse un destes animais, examina atentamente a cortiza para distinguir os vestixios recentes ou antigos das súas unllas, e ten a increíble agudeza de probar cun sopro se aquel pouco de terra que deixaron as unllas na cortiza queda pegada ou cae. No primeiro caso, é sinal de que o animal pasou por alí hai xa algún tempo e, no segundo, de que rubiu hai pouco. Mira tamén se o rastro das unllas está cara a arriba ou cara a abaixo, e todo isto xunto indícalle ao salvaxe se o *opossum* está ou non escondido dentro do tronco. De ser o caso, abre un buraco co seu *cóchio* á altura a que pode chegar co pé esquerdo (coma uns cinco palmos). Abre decontado outro máis arriba para sentar o dereito e, deste xeito, vaise formando unha escaleira ata chegar ao punto en que empezan as ramas. Se a árbore en que está o *opossum* non permite empoleirarse sen moita dificultade, e é máis doado subir á do lado, sobe a esta e, logo de colocar un pau entre as dúas no lugar en que as ramas se achegan, pasa por encima coa maior habelencia. Logo molla cun pouco de chuspe o cabo na punta do seu *guichi* e proba se o *opossum* se acha dentro da tobeira, o que sabe facilmente se se lle pega un pouco de la. Entón volve meter o *guichi* pola parte do gancho e traspasa e tira cara a si o animal e, ás veces, toda a camada de tres ou catro *opossums*, un despois doutro. Se o salvaxe advirte que a árbore está oca ata o chan, con algúns golpes de *cóchio* proba a que altura se atopa o animal, e é tal a súa práctica en coñecelo que, co mesmo instrumento, abre un buraco exactamente no lugar en que se agocha o pobre animal, de sorte que o colle coa man e o mata no intre dándolle dous ou tres golpes contra a mesma árbore. Se ten fame, come o *opossum* deseguida, e, do contrario, cólgaو pola cabeza entre a faixa e o seu lado esquerdo e

continúa as súas andanzas. Os indíxenas adoitan escoller para esta caza os tempos chuviosos porque se coñecen máis facilmente na cortiza das árbores os vestixios das unllas do animal, e ás veces tamén cazan nas noites en que brilla a lúa. O *opossum* sae da súa tobeira durante a noite e vai pacendo de árbore en árbore, e o salvaxe, co *guichi* e co *dáuac* na súa dereita e un tizón aceso na esquerda, vainas explorando todas unha por unha. O movemento que fai o animal pasando dunha póla a outra, o que para un europeo sería imperceptible, ao cazador australiano indícalle a súa presenza e, afastando o lume e co seu *guichi* e o seu *dáuac* no cinto, agatuña lixeiro pola árbore ata atinxir o *opossum*. Este, despois de se defender un bo anaco ata chegar ás ramas máis altas, cae á fin baixo os golpes dunha das dúas armas e é botado ao chan, onde o salvaxe o remata. Esta caza gústalles moito aos australianos, que sempre van a ela cantando e con tanta alegría coma se fosen a unha gran festa. Unha vez collido o *opossum*, sácanlle os intestinos e arríncanlle a la, a cal colocan dentro do peito revirado do mesmo animal e que despois lles serve para labrar os cordonciños para a faixa. Enrodelan estas cordiñas cun instrumento moi semellante a unha cruz pequena, só que ten un segundo brazo no lugar mesmo do primeiro, co cal se cruza e forma ángulos rectos. Con este instrumento fían perfectamente a la do *opossum*, a única de que se serven, formando cordonciños sinxelos que dobran despois e quedan tan retortos que dificilmente rompen. En canto ao animal, póneno sen esfolar sobre as ascuas e, cando está ben torrado, é un bo bocado ata para un padal europeo. O *opossum*, o mesmo vivo ca despois de morto, ole un pouco a xofre, mais se se asa desaparece completamente este mal olor.


5. Non tiveron ocasión de presenciar a caza do can, mais os salvaxes dixéronme varias veces que sorprenden os cachorros nas súas goridas e, se aínda non están ben nutridos, entréganlles ás súas donas para que os aleiten, e aseguran que asados teñen un gusto moi grato ao padal. Unha soa vez vin matar un can grande, mais non se comeu, porque ao tocárenlle os salvaxes o baixo ventre (do mesmo xeito que os europeos tocan a cola das ovellas) non o acharon bastante gordo.

6. O emú, un paxaro que se pode chamar o avestruz do continente austral, corre tanto que doadamente pode andar máis de quince millas nunha hora. Para cazalo, os salvaxes acostuman a tapar a cara cunha especie de escudo de ramos verdes que sosteñen coa man esquerda, abanéano lixeiramente coma se o vento movese as follas e levan o *guichi* posto no *miro*, de xeito que están prontos para o soltar cando se ofrezca ocasión. Desta maneira, achéganse medio acazapados ao emú e, cando o xulgan a tiro, lánzanlle o *guichi* con toda a súa forza. Raras veces o paxaro queda morto do primeiro golpe, a maioría das ocasións foxe arrastrando a arma que o ten traspasado. Mais o salvaxe, mentres berra con todas as súas forzas «*jau, au, au!*», non o perde de vista nin o deixa ata que o ve caer desangrado. Cando un australiano atopa un niño de emú cuxas crías botaron xa a voar, constrúe alí preto unha barraca de ramos verdes, dentro da cal se pon á espreita todo o día, mentres agarda cunha paciencia indíctible que volvan ao niño, e repite a mesma operación ata que logra rematar con toda a niñada.

Os salvaxes estiman moito as plumas do emú e, particularmente, as da cola, que son máis longas ca as demais. Por isto, aínda cando non o mataron, arríncanllas co maior coidado e gárdanas para facer os penachos con que adornan a fronte e os brazos nas ocasións máis solemnes.

Tamén lles proporciona o emú unha considerable cantidade de graxa que lle sacan de dentro do ventre e do lombo. Coa do ventre, que é ademais un remedio excelente para algúns males, untan o corpo e trágano logo de extraela. Este paxaro pesa setenta ou oitenta libras e mesmo máis, e, xa que logo, cada un dos seus ovos equivale a vinte dos de galiña. Os salvaxes, cando os cocen ao rescaldado, fan un buraco na parte superior e, de vez en cando, menean a xema cun pauciño co fin de que quede cocida toda igualmente. Estes son os únicos ovos que cocen, pois os dos outros paxaros adóitanos sorber crus. O modo de asar o emú é case igual ao do kangarú.

7. Cando o salvaxe advirte que nunha balsa de auga está nadando unha bandada de parrulos, prepara a súa follaxe verde como para a caza



Caza do emú. Modo de preparar o kangarú para comelo e de fazer lume

do emú. Ao chegaren ao alcance do seu brazo descóbrese e, cando os parrulos toman o voo, bota no medio da bandada o seu *dáuac* e ás veces o seu *calé*, e case que nunca deixa de matar, ou polo menos ferir, a moitos. Se atopa parrulos novos, mátaos a mocazos nadando pola balsa ou perseguíndoos pola fraga. E foi deste xeito como un día Bigliagoro e mais eu matamos trece. Cómenos cocidos ao rescaldado, pónenos algo afastados das ascuas e énchenlles o estómago de lume, de sorte que en pouco tempo están feitos e teñen un sabor moi exquisito.

Os papagaios, de calquera especie que sexan, pacen sempre en bandadas máis ou menos numerosas. Para cazalos, o salvaxe achégase con toda precaución e vai dunha árbore a outra ata o lugar en que se atopan. Como os papagaios poñen sempre sentinelas nas cimas máis altas das árbores de arredor, resulta que estes se retiran un tras outro a medida que ven achegarse o salvaxe, grallando aterrecidos, ao campo en que está reunida a bandada, a cal, unha vez advertida do perigo, se levanta en masa e bota a voar. Daquela o salvaxe, para lle dar máis forza ao seu brazo, adiántase correndo sete ou oito pasos e lanza o *calé* en medio da multitude. Os papagaios dificilmente se poden defender dunha arma tan terrible para eles como é o *calé*, que, cos continuos círculos que describe, xirando sempre sobre si mesmo, fai inútil o rapidísimo e tortuoso voo dos paxaros. Alén diso, ao salvaxe bástalle con ferir tan só un porque aos seus berros detéñense todos os demais e, en vez de fuxir, pónense a bater as ás encima do ferido, coma se quixesen socorrelo, e entón o cazador mata a mocazos cantos quere.

Polo mesmo estilo, cando no verán secan as poucas fontes que hai nos bosques e só queda unha que outra poza, abre un foxo non moi grande no que introduce un pouco de auga da poza, e el ocúltase alí preto, detrás dalgunhas ramas. Os paxaros van beber no charco porque a auga é máis fresca e pura ca a da poza e pónense encima dalgunhas follas que o salvaxe preparou con este intento, e cando pode coller un que só estea ferido cólgao nunha rama e faino grallar de xeito que lle serve de reclamo. Os papagaios, e o mesmo os paxaros doutras castes, acoden en

gran número arredor do que berra e o cazador, escondido é inmóbil, dá o golpe tan repentino coma seguro, de sorte que no espazo de poucas horas pode matar máis de cen paxaros. Algunha que outra vez, cando a sede e a falta de auga nas fragas os obriga a achegárense á poza, tamén matan deste xeito o emú e mais o kangarú.

8. A agüa e as outras aves de rapina fan o seu niño entre as pólas das árbores máis altas e copudas. O indíxena co seu *guichi* atravesa de parte a parte o niño e moitas veces traspasa tamén a ave que está chocando, mais se non é así e esta bota a voar tíralle o *calé* e o *dáuac*, que case nunca deixan de producir o seu efecto.

9. A caza das serpes e dos lagartos non ofrece ningunha particularidade. Polo tanto, direi tan só que, cando un destes animais descobre o salvaxe, corre esconderse ou na súa tobeira ou na cavidade dunha árbore. É moi raro que o salvaxe non o alcance e, nese caso, mátao e pono a cocer a lume lento. Logo de cocido, esfólae e queda a súa carne tan branca case coma a de galiña e tan saborosa ao padal coma o peixe máis exquisito, especialmente a de certo lagarto chamado polos colonos iguana.

10. Atopándose Nova Nursia afastada do mar e non habendo nas súas proximidades ríos nin lagos, toda a pesca dos salvaxes daquel distrito redúcese a coller coas mans, cando a calor ten as balsas case secas, algúns peixiños que eles chaman *uebe*, así como as ras e os sapos, os cales adoitan comer asados. Pero os que habitan preto da costa pescan con redes feitas de fío de herba tan ben tramadas que a primeira vez que vin unha pequena, que trouxo á Misión un salvaxe que fora ver uns amigos seus, non sabía persuadirme de que fose obra dos australianos, mais el aseguroume que as vira facer moito maiores. Atopábame eu unha vez en Perth e vin algúns salvaxes que pescaban no Swan con moita sagacidade e destreza. Eran nove e todos tiñan o *guichi* levantado, sen o *miro*. De cando en cando, un deles paraba e os demais formaban unha roda e, deste xeito, encerraban no medio un gran número de peixes. Despois, abriron o círculo que tiñan moi estreitado e puxéronse a correr en varias direccións perseguindo cadanseu peixe e, finalmente, vin que co *guichi* atravesaran

algúns do peso dunhas catro libras. Os salvaxes son tan destros que matan os peixes mesmo que estean a tres pés de profundidade e ata me aseguraron que na costa adoitan pescar durante a noite en certos lugares e épocas do ano, para o que levan nunha man o *guichi* e na outra unha especie de facho.

CAPÍTULO NONO

1. Varios manxares de que se alimentan os salvaxes. — 2. Formigas brancas. — 3. *Menna* ou goma das acacias. — Cogomelos. — Feixóns. — Ceboliñas. — 4. *Uárañ* (especie de pataca). — Cortizas das raíces. — Noces da zamia. — Niños feitos dunha materia doce. — Carne humana. — 5. Modo de beber dos salvaxes. — 6. Reunión nocturna. — 7. Varios usos do lume e xeito de acendelo.

1. Un europeo perecería de fame no mesmo lugar en que un australiano come moi ás súas anchas. Moitísimas son as viandas de que se alimenta, e pode dicirse que en todas partes atopa caza, raíces ou bulbos de plantas alimenticias. Mais estas últimas crecen en certos puntos determinados, de maneira que os mesmos salvaxes non saberían atopalas se estivesen a algúns centenares de millas do seu solo nativo. Coido que non será fóra de propósito dar unha noticia dos alimentos que máis comunemente proporciona o reino vexetal e animal aos salvaxes das proximidades de Nova Nursia, e que son os que a seguir se mencionan.

O kangarú, o can, o *opossum*, o *bandicoot*, os ratos e outros cuadrúpedes; o emú, os gansos, os parrulos e varias outras especies de volátiles; as serpes e os lagartos, as formigas brancas, os vermes que se atopan nas árbores, os ovos de paxaro, das serpes e dos lagartos; as ras, os sapos e algúns peixiños; a goma das acacias, os cogomelos e diversas raíces, o niño de certo insecto, as noces da zamia, unha especie de feixóns e, en casos apurados, carne humana.

2. Describín o xeito de como cocen os salvaxes a carne de case todas as súas pezas de caza, mais non falei de como aderezan as formigas brancas. Atópanse estas dentro dos seus formigueiros ou ben no oco das ár-

bores e case sempre en número infinito. O salvaxe tórraas poñéndoas enriba de pedras incandescentes, para o que deixa a súa dona ao coidado de as separar das materias terrosas con que adoitan estar mesturadas, do mesmo modo que nós separamos o gran da casca. Eu probeinas, mais non me pareceron gustosas ao padal.

3. Un dos principais vexetais de que se alimentan os australianos é a goma das acacias, á que eles lle chaman *menna*. É cousa que lles gusta moitísimo e lles serve de pan, pois, alén de comela soa, cómena xunto coas raíces e cortizas das árbores, e procuran ademais estar sempre ben provistos dela, o que é moi contrario aos seus costumes.

Áchanse algunhas especies de cogomelos que, crus, son excelentes. A min polo menos gustábanme tanto que os trocaba cos salvaxes e llelos daba a cambio de pan. Sempre que lle vía comer a un indíxena unha cousa que non soubese o que era, tamén a comía eu sen temor ningún, aínda que estivese só, cando me viña á man. Mais en canto aos cogomelos non comía máis ca os que eles me indicaban, non fose que unha equivocación me causase a morte. E, máis adiante, notei que o mesmo perigo había en comer outras especies de vexetais. Certa planta, que non ergue máis dun palmo do chan e cuxos talos se espaxen moito, produce unha especie de feixóns que se poden comer moi ben crus e con toda a vaiña. Cada vaiña contén de catro a seis feixóns, moi parecidos no sabor ao limón. Non poucas veces os comín, por mero gusto, no verán. Hainos doutra especie case idénticos a eles que os indíxenas non comen, e logo de me equivocar eu unha vez ao tomar uns por outros, un salvaxe arrebatoumos das mans e díxome que eran malos, non me deu outra razón. Porén, foi aquilo unha lección que en diante me fixo ser máis cauto.

Tamén adoitan comer os indíxenas, cru ou cocido, un bulbo encarnado semellante na forma e mesmo no sabor a unha ceboliña que, cocida, é moi boa e que se parece no gusto a unha castaña cocida. Adóitana machucar despois de torrada e logo cómena xunto coa goma.

4. Hai outro vexetal, que lle chaman *uáranñ*, semellante á pataca, que, aínda que é do mesmo grandor ca esta, non é tan nutritivo. Cru, é bastante

acuoso e insípido e, cocido, lonxe de poñerse brando e pastoso, carbonízase. Os chans que producen o *uáran* polo regular son unha pedregueira e os salvaxes para arrancalo abren uns foxos de tres ou catro pés de profundidade, de sorte que é moi perigoso andar por alí, xa sexa a pé, xa montado. Madura no verán e é bo algunha vez para refrescar os beizos e as fauces secas polo exceso da calor.

Outro dos manxares dos australianos é a cortiza das raíces de certas especies de árbores. Tórranas ou chamúscanas e machúcanas, para logo comelas xunto con goma ou, por mellor dicir, mastíganas, porque as adoitan chuspír despois de lles chuchar toda a substancia.

A planta chamada *zamia* é unha especie de palma que produce unha flor moi grande e que ten dentro algúns ósos ou noces do grandor dunha castaña, cuxa casca é encarnada, bastante fina e sen nada de polpa. Antes de comela, os salvaxes adoitan poñer por un tempo determinado, cabeza abaixo e dous ou tres palmos debaixo da terra, a flor xunto coas noces. Coa calor do chan, ínchase as noces como para xerminar outra planta. E entón ou ben as comen crúas ou ben as cocen sobre as ascuas; de ambas as maneiras son excelentes, mais cocidas son moi substanciosas e dun sabor moi grato. Crece esta planta nos chans areentos, e non se poden comer as súas noces sen preparalas antes coma os salvaxes. Algúns europeos que quixeron probalo pagaron a súa imprudencia coa vida.

Durante o verán, están pegados ás follas das árbores uns pequenos niños de certos insectos brancos e de forma esférica. As formigas lévanos aos seus formigueiros, mais como teñen tan angosta a entrada acontece moitas veces que ao pé do buraco se atopan reunidos miles daqueles niños. Cando un salvaxe os encontra, non fai máis que estenderlles enriba a súa capa de peles, a cuxo pelo quedan pegados os niños, de xeito que as formigas caen ao chan, e con este método tan sinxelo obteñen unha soberbia comida, porque a materia de que están formados aqueles é en extremo doce.

Dixen que os australianos, cando se ven acosados pola fame e non teñen absolutamente con que a socorrer, por non atoparen nin unha soa

raíz e por non lles permitir o perverso do temporal dedicarse a ningún xénero de caza, comen carne humana. Nestes lances tan apurados, se saben que foi soterrado hai pouco algún salvaxe, prefiren desenterralo e comelo antes ca sacrificar un inocente mozo. Ao contárenme eles este noxento costume, fíxenlles observar que a carne do desenterrado debía serlles moi nociva, ao que me responderon que se aínda non pasaran tres días e dúas noites des a sepultura podía comerse aínda e que todo o máis que podería causarlles era unha diarrea. E este triste manxar aderézano como a carne do kangarú. Cando acontece un destes funestos casos, se os parentes do finado chegan a saber que foi violada a tumba dun dos seus e que foi comido o seu corpo, pintan a fronte de negro, decláranlles a guerra e prométenlles estragos e desolación aos antropófagos.

Merece observarse que, malia que abunda moitísimo o sal en todo o occidente da Australia, os salvaxes non o usan para nada absolutamente, e a primeira vez que o proban cáusalles náuseas, aínda que despois lles gusta moito.

5. Cando o sol ten quentada a auga das balsas, os indíxenas acostuman, cheos de sagacidade, escavar ao lado un foxo non moi profundo no que se filtra a auga por entre o chan areento, e así refréscanse, porque, segundo eles, bebela morna cáusalles enfermidades nas entrañas. Se hai pouco que choveu e, xa que logo, a auga é turbia, collen herbas e amáñanas de modo que, ao pasar a auga por entre elas, se purifica. A posición dun salvaxe cando bebe é bastante rara e digna de interese. Colocado na beira, dobra o seu xeonllo esquerdo, apoia o extremo dos dedos no fondo da auga, tende a perna dereita coma se lle servise de randeeira e, nesta posición, bebe comodamente e dun grolo, coa crenza de que parar lle pode causar algunha desgraza. Deste xeito beben os homes, mais as mulleres non acostuman beber deste modo. Cando unha familia fai alto preto dunha poza, acende o seu lume a unha distancia de corenta pasos da auga, ben sexa por temor da gran serpe, que cre que está oculta dentro dela, ou ben para se librar dos mosquitos que regularmente a rodean, incómodos ata o sumo. Ás veces, as mulleres van sacar auga coas súas capas, que

collen formando un oco, e despois, axeonlladas, dánllela a beber a seus homes, os cales están sentados con toda a comodidade. Cando atopan algunha árbore oca e chea de auga, fan un buraco que tapan con moito coidado despois de apagar a súa sede, para que lles sirva noutra ocasión. A auga dos mananciais é toda mineral e, polo mesmo, non moi grata ao padal, en especial durante os meses do estío. Mais podo asegurar que todas as fontes son moi saudables, posto que, logo de beber mil veces nalgunhas delas, como por exemplo en Bulgart, Yulgani, Pipino, Cánturbi, Conánago e en moitas outras, sempre as atopei boas e nunca me fixeron o menor dano. A auga mesma das balsas, malia permanecer estancada dun a outro verán, e ás veces por un espazo de dous anos, mantense moi limpa e fermosa, tanto que en moitas ocasións me pareceu atopala máis refrixerante ca a auga cristalina das nosas fontes europeas. Con todo, os mananciais secan polo mes de abril, e mesmo antes, e as poucas pozas que nestes meses conservan aínda un pouco de auga son o punto de reunión de todas as familias e de todos os animais e paxaros dos arredores, polo que non só a caza, o baile ou a guerra, senón tamén a seca, fai que se congreguen os salvaxes.

6. En verdade é un espectáculo sorprendente ver durante a noite e en medio daquelas espesas selvas brillar acá e acolá vinte e máis lumes que dan a idea dun campo militar. Ora se ven figuras de home que cunha tea de xantórea acesa na man pasan dun punto a outro, ora a luz da chama deixa ver o salvaxe que está preparando as súas armas e as mulleres que cosen as peles de kangarú, ou que preparan a cea ou se ocupan nalgunha outra tarefa. Óese en toda a liña un disorde son de voces, pois o salvaxe sempre canta. Canta se está tranquilo e alegre, canta se está de mal humor, canta famento ou sedento, canta cando está saciado; nunha palabra, canta sempre que se acha sentado no seu fogar. Por isto, escóitase aquí unha canción de baile, alí un himno de guerra, máis alá un canto histórico; en fin, resoan, como dixen, os máis disonantes cantos ata que, concluídos os quefaceres, cesan aqueles e todos se poñen a cear. Terminada a cea, empezan as relacións históricas e os salvaxes pónense a contar as súas

propias historias ou as dos seus devanceiros e adórnalas con todas as flores dunha imaxinación virxe. Este é un dos momentos máis pracenteiros da súa vida; todos están pendentes da boca do que ten a palabra, quen adoita pronunciar e acompañar as súas verbas con xesticulaci3ns tan expresivas que logra fixar a atención ata do que non o entende. ¡Cantas veces, formando eu parte destas inocentes reuni3ns, me fixeron os indíxenas mil preguntas acerca dos usos da miña patria, dos nomes de meus pais e, especialmente, do de miña nai, do de meus irmáns e do motivo que me trouxera alí! Rían a gargallada limpa ao lles contar eu os nosos costumes, mais cando lles dicía cal era o obxecto da miña misión entre eles, o que procuraba facerlles comprender ben e con toda sinxeleza, escoitábanme coa maior atención, non pestanexaban nin case alentaban, por non interromper a relación de cousas para eles tan novas coma sublimes. Certo que xamais desperdiciei ningún daqueles momentos tan preciosos co fin de os conquistar para o Señor, e notei sempre que lles resultaban dun gran ben as miñas narraci3ns, que valían tanto coma os serm3ns máis eficaces. Pasadas algunhas horas nestes entretementos, o que se atopa no fogar doutro retírase ao seu e, aos poucos, todos se entregan ao sono. Estas reuni3ns, tanto no verán coma no inverno, con tal de que faga bo tempo, nunca adoitan concluír antes da media noite.

7. Raras veces os salvaxes abandonan ao amencer o lugar en que pasaron a noite, pois o frío no inverno e no verán o fresco da mañá téñenos detidos alí polo menos ata dúas horas despois de que sae o sol. Daquela, se se atopan moitas familias reunidas, toman cada unha a súa direcci3n, porque todas xuntas non atoparían comida abonda. A onde queira que vaia o salvaxe, leva consigo lume, e non por unha superstici3n, como pretenden algúns, sen3n por comodidade súa, porque o australiano sente moitísimo o frío. Así é que sempre leva o tiz3n que colle do fogar volto cara a si e, cando se lle apaga, dálle pábulo con cortizas secas de acacia, co que o conserva un bo anaco. Tamén lles serve o lume para pegalo ás árbores en que se atopa acubillado algún animal; para convocar outras familias con certos sinais convidos; para queimar a herba vella, o que

adoitan facer antes da estación das choivas, co propósito de que con estas naza pronto a nova e de que aquel sitio volva poboarse de caza; e, en fin, sérvelles para mil outras cousas. Para acendelo, válese exclusivamente do talo seco da flor da xantórea, e fano do modo seguinte. Parten o talo en dous, nun dos anacos fan un pequeno oco, no cal poñen uns grans de area miúda e aguzan un dos extremos do outro anaco. Entón o salvaxe, sentado no chan, raspa o segundo anaco ata reunir un pouco de raspadura que pon xunto ao oco do primeiro que ten suxeito cos seus pés. Coloca a punta dun guizo na cavidade do outro e faille dar rápidas voltas entre as súas dúas palmas. Aos poucos segundos, produce unha especie de lava fumosa que, ao saír do oco, se derrama sobre a raspadura e a acende inmediatamente. Deseguida, aplícalle materias combustibles e no intre levántase a chama e queda aceso o lume. O singular é que este non se pega a ningún dos dous anacos que serven para a operación.

CAPÍTULO DÉCIMO

1. Os salvaxes non gardan comida dun día para outro. — 2. Modo de visitarse. — Hospitalidade. — 3. Os salvaxes tamén fuman. — As sementes dalgunhas plantas sérvenlles de tabaco de po. — 4. Casoupas. 5. — Combates. — 6. Vinganza nocturna. — Lonxevidade dos australianos.

1. O salvaxe xamais garda nada da comida dun día para o seguinte, e, se a súa caza é tan abundante que non basta a súa familia para a comer toda nun só día, convida as familias veciñas. E faino por medio de certo número de berros, se non distan máis de dúas ou tres millas, ou por medio de fogueiras, que acenden no alto das cuiñas circunstantes. Os convidados honran o seu hóspede non só devorando canto lles poñen diante, senón con bailes e cantos, e a seguir dormen as súas doce horas preto do lume. De quedaren provisións, alternan o comer co durmir, de sorte que antes do día seguinte todo queda consumido. E é deste ansioso vezo por comer de onde nacen as indixestións que padecen os salvaxes, malia que isto acontece raras veces.

2. Cando dous ou máis salvaxes van visitar algunha familia afastada do seu distrito, aínda que sexa amiga, non se lle presentan de súpeto, senón que unha vez que chegan a unha distancia regular sentan logo de que esta os ve e, en sinal de paz, deixan as súas armas no chan ou ben arrimadas ás árbores próximas. O xefe da familia, acompañado dalgún outro individuo dos que xa están en estado de baterse, armados de todas as armas, achéganse aos que acaban de chegar e, despois de os recoñecer, volven todos xuntos ao fogar. Ao se reuniren as familias, xa sexa por convite ou xa por mera casualidade, non se saúdan nin se fan ningunha clase

de cumprimentos, senón que, despois dun anaco des que están sentadas xuntas, intercambian algunha palabra e poñen en común a caza e as raíces que puideron recoller.

Un salvaxe recibe sempre co maior agarimo e benevolencia o amigo que o vai visitar, co que reparte toda a súa comida, aínda cando el teña que quedar sen comer. Esta hospitalidade é tan xeral entre os australianos que sempre se lle ofrece ao forasteiro a porción maior e máis gustosa, e non hai que temer nunca que os indíxenas falten a ela. Ao comezo da nosa Misión, para que os salvaxes lle tomasen afección ao traballo, faciamos que comesen na nosa mesma choupana os que traballaban con noso, coa finalidade de que non lles levasen a súa porción aos lacazáns, aos que non lles dabamos case nada. Mais era en van o noso coidado, porque eles, valéndose de todas as astucias, finxían comer e ocultaban debaixo da súa capa a maior parte da súa ración para dividila despois cos que permaneceran folgados. Coa mesma facilidade dan as súas armas e utensilios e mesmo a súa capa. De feito, máis dunha vez vimos pasar polas mans de seis ou sete donos distintos unha camisa que lle regaláramos a un deles, e isto nun só espazo de tres ou catro días. Mais cando comezaron a se afeccionar ao traballo e a coñecer os beneficios que lles proporcionaba, xa non facían o mesmo. E aínda lembro que, se eu collía algunha vez inadvertidamente a camisa dun dos salvaxes que había tempo vivía connosco para lla dar a outro que acabase de chegar, no intre me facía observar que aquela camisa era súa e non miña e que, se a tiña na caixa coas miñas, era para conservala mellor co fin de a poñer limpa o vindeiro domingo.

3. Algunha que outra vez, aínda que moi poucas, vin que familias enteiras de salvaxes fumaban unha especie de raíz seca e porosa. Quixen probala e atopeille un gusto bastante agradable e doce. Non sei de que árbore se trata, e tamén ignoro o nome dunha pequena planta cuxas flores encerran unha semente moi diminuta que, usada como tabaco de po, ten moita fortaleza. Atopeina no territorio de Bindun, no que crece en abundancia durante os meses do verán.

4. Como todo pobo nómade, os australianos non teñen casas nin grutas fixas e é nos días chuviosos cando as mulleres constrúen as casoupas, que abandonan en canto se volve poñer o tempo apracible. Se ao divagar polas fragas advirte o salvaxe na atmosfera sinais de que vaia chover, envía a súa dona para que constrúa unha casoupa no lugar (non moi afastado) que xulgue máis a propósito e no que pensa pasar a noite. A muller reúne polo camiño os anacos de madeira que mellor lle parecen para a súa obra e, ao chegar ao posto indicado, fai coa súa *uána* oito ou nove buracos no chan, describindo un círculo perfecto, e coloca neles outros tantos paus que inclina cara ao centro, onde sabe unilos sen necesidade de os atar. A seguir, atravesa entre os paus grandes outros máis delgados e, cando considera bastante sólida esta armazón, cóbrea con cortizas de árbores que arranca con suma destreza e fai coa *uána* buracos tan espesos que parecen unha cortadura, nunha circunferencia ás veces de quince a dezaseis pés. Logo introduce a súa *uána* entre o tronco e a cortiza e, formando unha panca, despégaa enteira e con tal prontitude que toda esta operación é obra, como moito, de cinco ou seis minutos. Outras veces válense para cubrir as casoupas dunha cortiza que, malia que está formada dunhas membranas tan finas e delgadas coma o papel chinés máis transparente, conglomeradas a centenaes chegan a ter o espesor dun terzo de polgada inglesa. E as mulleres van colocando unhas enriba doutras ata que conseguen impedir que a choiva penetre. Tamén as cobren coas follas da xantórea, ou *balga*, como eles lle chaman, que se acha case en todas as partes e en grande abundancia. Esta é a materia que adoitan usar, mais na súa falta sérvense das dúas anteditas, segundo o lugar en que se atopen. Ordinariamente, as súas casoupas teñen dez pés de circunferencia, seis de elevación e cinco de abertura, e forman no seu conxunto un cono perfecto. Un europeo non podería sen moita dificultade tenderse dentro delas, pero o salvaxe encóllese de tal xeito que a súa casoupa é abonda para lle dar cabida a el e a toda a súa familia. A abertura está sempre situada a sotavento, e, se este cambia, dáse présa a cerrala e abre outra á parte oposta. Diante dela, e a unha distancia de dous pés,

acende o lume, que alimenta con grosos toros, co fin de que poida resistir o vento e a choiva, e é unha gran desgraza para el se se lle apaga. Despois, cando serena o tempo, bota ao lume toda a armazón e a cuberta da casoupa, de sorte que ao día seguinte ao marchar daquel lugar nin rastro queda dela.

5. Se o australiano despreza a aldraxe feita á súa dona, o cal é o máis común, cando non é un agravio á súa honestidade, reúnense todas e, coas máis anciás á súa fronte, comezan a cantar, mentres choran a lágrima viva arredor dos seus homes, que están sentados preto do fogar, unha canción cuxas palabras pouco máis ou menos son estas:

«Se hoxe non vingades as inxurias que recibimos, mañá repetiranas.

Virán mentres descansemos tranquilamente, e vós seredes os primeiros en ser asasinados.

Roubarannos cando nos atopen soas e levarannos moi lonxe, e entón non nos teredes máis na vosa compañía.

¿E que se dirá dos nosos pais, homes, irmás e fillos?

Dirase que son covardes, pusilánimes, que non teñen corazón, que son uns viles, porque non se coidaron de vingar as súas nais, donas, irmás e fillas etc.».

É así como continúan os seus prantos, dando golpes de *uána* no chan e facendo viraxes e contorsións coma verdadeiras furias infernais. Mentres os maridos, sentados arredor do lume coma se tal cousa non sucedese, amañan as súas armas segundo teñen de costume e búrlanse das palabras e dos xestos das súas mulleres. Mais estas, redobrando os seus laios e os seus berros, logran por fin que os seus homes se ergan furiosos e que as sigan ao lugar en que se atopa o ofensor. Chegados alí, sentan xunto á familia á que este pertence e logo empezan as mulleres de ambas as partes a se dicir mutuamente mil desvergoñas. E, asemade, incitan os homes de tal xeito que estes, fóra de si, cantan freneticamente, dan saltos irregulares, fan contorsións, corren incertos dun punto a outro e, coa súa barba entre os dentes, posto o *guichi* en ademán de o lanzar, ora achéganse uns a outros, ora afástanse, berrando sempre e brincando, ata que

lanzan un *guichi* como sinal de que comeza a aterrecedora loita. Voan as armas de ambos os dous lados, e mentres as mulleres, cos seus agudos berros, lles infunden valor aos homes e os provén de armas, recollen ao mesmo tempo as que botan os do bando contrario. No medio de todo este tumulto, se ven que cae un morto ou ferido, cesa de súpeto a pelexa, depóñense os rancores, cálmanse os ánimos e todos se apresuran a socorrer o ferido. E, se despois conveñen as partes en que o criminal sexa castigado, o xefe da familia ofendida condénao a unha pena proporcionada ao delito, que consiste algunha vez en que se lle atravesese a coxa co *guichi*. Entón, ponse o ofensor por branco a certa distancia e o ofendido bóttalle cantos *guichis* ten no seu poder. O paciente queda ditoso se ten a habilidade ou a sorte de evitar todos os golpes porque, concluídos os *guichis*, está satisfeita a vinganza, xa non se fala máis do asunto e quedan feitas as paces.

Cando o ofendido é un home, ou ben as súas fillas ou fillos pequenos, ou se foi aldraxada a honra das súas mulleres, xa non teñen estas que recorrer aos seus laios e bágoas, e é el mesmo quen comeza saltando e facendo contorsións para clamar vinganza.

Se dous salvaxes berran entre si e están a piques de chegar ás mans, adoitan ir dous dos seus comúns amigos no seu seguimento, un por unha parte e outro por outra, cólleen polas costas, cinguenos fortemente cos seus brazos e apértanos contra o seu peito, e os collidos pugnan para librarse daquel xugo que os suxeita. Persuadidos á fin do inútil dos seus esforzos, os dous amigos sóltanos e cada un volve para o seu fogar. Moitas son as liortas que se estorban por medio desta intervención amigable.

Os mozos tamén teñen os seus combates para se distraer e en verdade que non deixa de provocar certo interese ver aqueles pequenos guerreiros saltar, berrar, facer como que collen a barba cos dentes coma seus pais e lanzar os seus pequenos *guichis* ou, na súa falta, paus. Só que ás veces o que comezou sendo un xogo acaba nunha verdadeira pelexa e pode mesmo resultar algún malferido. É moi notable que os salvaxes, tanto homes coma mulleres, nunca se valen das soas mans para berrar e sonlles

totalmente descoñecidas as puñadas, labazadas e patadas. E por isto é que os ofende grandemente vérense tratados polos europeos dunha maneira tan vil.

6. É certo que moitas liortas entre os salvaxes non chegan a ter efecto, grazas á intervención dos amigos, ora que non o é menos que o que recibiu unha ofensa arde en desexos de vinganza e non para ata sa-cialos. Se se recoñece inferior en forzas ao seu ofensor e polo mesmo non se atreve a medilas con vantaxe para el, traga en silencio a inxuria, mais medita no seu corazón o modo de a vingar. Deixa correr algún tempo co fin de que o seu inimigo o esqueza e así poder collelo con máis seguridade, e, sabido o lugar en que descansa, achégaselle empuñando o *guichi*. O intre en que o salvaxe vai matar a sangue frío o seu semellante é o máis terrible que ninguén poida imaxinar. O corazón latéxalle con violencia, todos os seus membros trémennlle, atópase incerto do éxito e ás veces adianta, outras retrocede. Non obstante, vencidos por fin os remordementos e o terror, crava con toda a súa forza o *guichi* no corazón do durmido e foxe. Aos berros e lamentos da vítima espertan os seus parentes e amigos. Mais o asasino non pode ser collido porque cunha previsión infernal para perpetrar o seu crime emprega un *guichi* novo que lle deixa cravado no corazón, co propósito de non ser descuberto nin de atraer sobre si a ira de toda a familia e amigos do asasinado. E quizais o día seguinte o homicida asiste tranquilo ás súas exequias e mesmo finxe chorar coma os demais. Todos estes detalles seinos da boca mesma de dous salvaxes que me aseguraron cometer tan horrible delito.

A falta de alimentos doados de mastigar é causa de que os nenos australianos mamen ata que saquen todos os seus dentes. Isto críaos gordos e repoludos, e por efecto da vida nómade que levan, expostos a unha continua intemperie, robustécense tanto que, sen ser carnosos, presentan no seu conxunto o aspecto dun home perfecto e san, polo cal, a pesar das moitas privacións e incomodidades a que os suxeita a dura e cruel necesidade, chegan á idade de setenta anos e mesmo máis.

Como os australianos non están sobrecargados de humores, non padecen moitas enfermidades, e aínda cando chegan á idade avanzada que dixeron, non son neles moi comúns as propias da vellez, mesmo entre os pobos civilizados de todos os climas. Só coñecín, entre os moitos que vin e tratei, catro cegos: un home duns cincuenta anos, dúas mulleres dalgunha idade máis avanzada e un mocíño de preto de quince anos. Todos estes seguen nas súas andainas as súas familias, que os coidan co maior esmero. Non atopei entre os salvaxes ningún mudo, xordo, tolleito nin fato; soamente vin unha moza coxa por mor dunha ferida de *guichi*. Os vellos son moi respectados por todos e a veneración que se lles ten chega ata o punto de que se lles reservan as mellores raíces e o máis tenro da carne dos animais en calquera caza, por afastada que fose. As mulleres anciás exercen unha grande influencia na familia, e, se lle fose posible a unha australianiana ser feliz no seu estado, sería seguramente na vellez.

CAPÍTULO UNDÉCIMO

1. Enfermidades e xeito de curalas. — 2. Destreza dos salvaxes en extraeren os *guichis* dos seus corpos. — 3. Funestos efectos do poder maléfico que eles consideran nos *bóllias*. — 4. Funerais. — 5. Modo de comunicar as malas noticias.

1. Os australianos están suxeitos a algunhas doenzas que, polo mal coidadas, resultan moitas veces mortais. Para a xaqueca acostuman san-grarse e para isto fan con pedras afiadas incisións verticais no brazo co-respondente ao lado da cabeza en que senten máis vivas dores, e cando sofren algún ataque de reuma practican o mesmo na parte atacada. Mais se a enfermidade que padece o paciente é das entrañas, para curala chama no seu socorro algún *bóllia* ou curandeiro amigo seu, que, despois de se informar da clase do mal, fai que o enfermo se tenda boca arriba e, a se-guir, ponlle o pé enriba da barriga e apértaa por graos. Logo faino volver boca abaixo e repite a mesma operación sobre o espiñazo. Decontado faino poñer outra vez coma antes e empeza a apertarlle a boca do estó-mago, co polgar e co índice, primeiro con suavidade, mais despois con tanta forza que case que priva o enfermo da respiración e lle fai dar uns berros que atordan. Deseguida, marca dúas liñas cos mesmos dous dedos, a primeira desde o ombro esquerdo ata o estómago e, ao chegar alí, fai como que extrae de dentro algunha cousa e despois, coa man pechada e murmurando certas palabras, afástase vinte ou trinta pasos. Entón, dá tres ou catro sopros fortes sobre os seus dedos e, ás veces, abre un foxo no chan e finxe que deixa algunha cousa misteriosa para os demais e que ninguén pode ver; e logo tapa outra vez o foxo e achégase correndo ao

enfermo. Tira a segunda liña, esta vez desde o ombro dereito ata o estómago, e repite a mesma operación de levar lonxe e enterrar o maleficio que, segundo dá a entender, sacou do estómago do paciente. Á fin, faille ao enfermo unhas fregas en todo o corpo, especialmente desde os ombros ata as unllas das mans, e desde as coxas ata as unllas dos pés, e sopra despois nos seus dedos. E isto repíteo tres ou catro veces en cada brazo e perna. En todo o tempo que dura esta longa operación, reina o silencio máis profundo, malia que se pode oír de vez en cando algún xemido de muller. O *bóllia*, cunha seriedade e gravidade indicibles, continúa o seu método curativo. Empeza a chuchar na boca do estómago do paciente, deixando un sinal polo menos como o dunha ventosa, e logo afástase un pouco para chuspir a materia que os circunstantes cren que chuchou. Repite o mesmo por catro ou seis veces consecutivas e, á fin, mostra que o que extrae é sangue, que, sen dúbida, fai brotar das súas mesmas enxivas ou ben finxe que sacou do estómago do enfermo algunha pedriña que, segundo cren, é a que lle ocasionaba a enfermidade. Despois de todo isto, se o paciente, que quedou obviamente abatido e extenuado, non mellora, as mulleres continúan os seus choros e laios e, por outro lado, algún parente ou amigo do enfermo diríxese ao momento a algún país remoto no que sexa fama que habita o mellor *bóllia*. Vén o famoso menciñeiro de corenta millas de lonxe, e mesmo máis, e repite con curta diferenza as mesmas prácticas ca o primeiro, só que o fai con máis aparato e máis misterio, o que no canto de acalmar o mal do paciente o agrava moitísimo.

Tamén hai mulleres vellas tidas por célebres curandeiras, de sorte que moitas veces, cando non obran os remedios dos menciñeiros, acoden elas a socorrer o enfermo ou, por mellor dicir, a acabalo con novas fregas, e volven chuchar ben nel.

Asistir a tan estrañas curacións excita á vez a compaixón e a risa. Dá mágoa ver o pobre enfermo ou enferma sufrir a mans do mal atrocísimas dores en tan bárbaras operacións e, ao mesmo tempo, non é doado conter

a risa vendo tantas parvadas e ridiculeces. Mais é preciso conterse e ser prudente porque aquel é un dos momentos máis serios para os salvaxes.

Cando chegaba á Misión a noticia de que había algún que estaba enfermo de gravidade, e se non nolo podían traer ao momento, íamos nós visitalo e, á nosa chegada, todos nos abrían paso, ata os mesmos *bóllias*, sen que lles ofendese a nosa presenza o máis mínimo. Un purgante de sal de Madrid, seguido dalgunhas cuncas de té, producíanlle ao paciente tal efecto que ao pouco parecía que volvera da morte á vida. E, na verdade, o estómago dun salvaxe acostumado non máis que a raíces crúas e a insectos nauseabundos, e nunca a un líquido quente (cousa descoñecida absolutamente entre os indíxenas), ao se sentir fortalecido cunha poción case fervendo e tan saudable como é o té, tardaba pouco en recobrar as súas funcións naturais e, a seguir, viña case inmediatamente a convalecencia. Os salvaxes, ao veren os estupendos efectos dos nosos medicamentos, que para eles eran os mellores do mundo, tíñanos polos *bóllias* máis célebres que xamais existirían. Sexa todo para maior gloria de Deus, quen, pola súa misericordia infinita, fixo que cantos enfermos desafuzados polos *bóllias* foron entregados aos nosos cidadáns todos quedaron perfectamente curados das súas doenzas.

As operacións e o método curativo dos albeites salvaxes son sempre os mesmos, sexa cal sexa o mal de que adoce o doente; e se este non mellora, conveñen todos en que as pedriñas, xerme do mal, son moitas e de moi difícil extracción, o que non rebaixa en nada a reputación do curandeiro.

Regularmente todos, homes e mulleres, sofren coa maior intrepidez as pesadas operacións do *bóllia*. E, advertirei de paso, se se trata dunha enferma, as máis das veces queda só con ela e cunha ou dúas vellas que a asisten. Mais os nenos non saben sufrir co mesmo valor ca os grandes, senón que dan tales berros e fan tales choros que só escoitalos move a compaixón. O pai teno entre os seus brazos acariñándoo mentres o *bóllia* opera, un acto que tería o salvaxe por demasiado cruel se non fose polo seu desexo de ver san o seu fillo.

As enfermidades que adoitan curar dunha maneira tan bárbara son as dores das entrañas e a tise. As primeiras, a forza de fregas, ceden algunhas veces, mais a tise empeora. Esta doenza é debida, polo que creo, ás malas noites de choiva e de frío que durante o inverno teñen que pasar os infelices sen lume e sen abeiro de ningunha clase e ao pouco que coidan os seus catarros. Oín dicir que algúns salvaxes, ao vérense atacados deste mal, acostuman soterrarse durante moitas horas dentro da area sen sacar máis ca a cabeza. A diarrea descóidana absolutamente, así como a oftalmía, malia que esta, aínda que é moi incómoda, dura poucos días. Con todo, se os pica preto do ollo algunha mosca velenosa, sacan unhas gotas de sangue do brazo e bótano dentro do mesmo ollo, que permanece pechado por algúns minutos. Este remedio, bastante orixinal en verdade, cálmalles a dor e diminúe a inchazón.


2. A destreza dos australianos en extraer un *guichi* do corpo dun ferido é verdadeiramente insuperable. Sen magoar en nada as entrañas, fano saír uns cantos dedos pola parte oposta á que entrou, co fin de lle quitar o gancho de que está armado e de o limpar de toda a goma que o cobre. Despois, sácano polo lado mesmo por onde entrou e untan con graxa as feridas, que, sen pasar a maiores, quedan cicatrizadas ao pouco tempo. Isto ten lugar cando o salvaxe queda traspasado só ata a metade do corpo por aquel *guichi* que puxen en segundo lugar, porque para o primeiro e o terceiro non ten necesidade de ninguén, senón que el mesmo o arranca. Ademais, un australiano traspasa a coxa ou o brazo doutro sen lle tocar as arterias; e non por casualidade, senón porque sabe que, se comete un erro desta especie, unha das súas leis ou costumes condenarao a sufrir un dobre golpe de *guichi*. Porén, esta lei non comprende os combates, nos cales todo é lícito. Se un salvaxe recibe unha ferida por un *guichi* ou outra arma calquera no brazo, na coxa ou na perna, fai unha forte ligadura máis arriba e máis abaixo, quizais para impedir a circulación do sangue. O tempo cura todas estas feridas, que ás veces presentan un aspecto horroroso polos infinitos insectos de que están

cubertas. As vexigas, a sífilis e moitas outras enfermidades son de todo descoñecidas entre os australianos.

3. Creo que fixen notar que non hai idea máis absurda para un salvaxe que a de crer que a morte é unha cousa natural e inevitable. O que teñen eles por moi seguro é que, se os malos *bóllias* non matasen os seus corpos, estes serían tan inmortais coma as súas almas. A crenza, pois, dun poder maléfico que eles supoñen que existe nalgúns homes para se valer del en contra dos seus semellantes pon os australianos en estado de continua guerra e é causa de moitas e inocentes vítimas. Así é que, se por un accidente ou por causas naturais morre un salvaxe, os demais cren vítimas do *bóllia*, e con este nome designan tamén a mesma enfermidade que invisiblemente lle enviou outro salvaxe doutro punto calquera, por remoto que sexa.

Con isto clámase vinganza contra o suposto asasino. Varios son os medios que empregan para descubri-lo, mais antes que todo procuran pescudar se o defunto lle fixo dano a algún, que é quen se presume que enviou o *bóllia* ou maleficio; e, en caso afirmativo, o presunto ofensor é irremisiblemente asasinado. Este é o motivo polo que os salvaxes, que saben deste bárbaro e destrutor costume, ao descubriren xentes ou ao recibiren visitas inesperadas, están sempre moi atentos, e, se atopan algún en medio das fragas, ambas as partes pónense en actitude de defensa, ignorando se son amigos ou inimigos.

Se non poden saber se o defunto ofendeu algunha familia ou individuo, collen unha mancha de terra e bótana ao aire mentres observan a súa dirección, ou ben a dirección do fume, e onde o vento empurre unha ou o outro será onde vinguen a morte do seu parente ou amigo, ás veces no primeiro que se lles ofrece á vista. Se ao abrir o foxo cae dun lado un pouco de terra, tamén lles basta este só sinal para decidir que daquela parte veu o *bóllia*. As funestas consecuencias de tal crenza son moi doadas de comprender, pois dela resulta que un salvaxe ten sempre a vida precaria e incerta, e, xa que logo, vese obrigado a se gardar de todos. E aínda prescindindo da superstición do *bóllia*, o pai, fillo ou irmán, para



Funerais dos australianos

manifestar a súa dor pola perda do seu parente, crese no deber de vingar a súa morte coa doutro salvaxe, quen queira que sexa. E, a medida que o sentimento é maior, éo tamén o número das vítimas. Por este motivo, os salvaxes, a quen nós os misioneiros curabamos, e por non saber recompensar doutro xeito os nosos servizos, diciannos que cando nós morrera- mos matarían eles non un só, senón seis salvaxes, co fin de que coñecesen todos o amor que nos tiñan e a súa dor por nos perder. E isto prodúcese con tanta frecuencia que un australiano vinga a morte dun parente por tres ou máis anos consecutivos, de xeito que cada ano sacrifica unha nova vítima.

4. Apenas un salvaxe exhala o último suspiro, levántase un queixoso e xeral choro. As mulleres, co rostro pintado cunha terra branca que lle chaman *tarar*, cantan tristemente:

«¿Por que lle quitaron a este home o que máis apreciaba, a vida?

¿Que delito cometeu para castigalo tan severamente?

¿E quen é o que lle fixo tanto dano?».

E logo desencadéanse contra o suposto asasino e dinlle as maiores desvergoñas e as palabras máis obscenas e noxentas.

Sentadas no chan, abrázanse estreitamente unhas a outras e repousan unha a súa cabeza no ombro esquerdo da outra. E, se son en número impar, alternan os abrazos co fin de que todas poidan participar diso, e en todo este tempo corre polas súas meixelas un torrente de bágoas non finxidas, senón verdadeiras, que, unidas ao seu melancólico aspecto, afectan profundamente a todos os presentes. Os homes, e en especial os parentes do defunto, pónense tan furiosos que seguramente lle darían medo ao máis valente e esforzado europeo. Volven os ollos cara ao ceo, apertan os dentes e fan mil contorsións e saltos, mentres berran desaforadamente e din: «*Caia, caia; ni-aña iéi uóto guichipo guichipo bal quiet quiet n-aña pamanorono; caia caía, iéi iéi n-aña uóto*», isto é: «Si, si, agora mesmo vou pouco a pouco, e ás escondidas pronto o matarei; si, si, agora mesmo vou». E, asemade, fan ademán de botar coa man tremente os seus *guichis* contra un obxecto determinado, mentres patean no chan con furor, e, se non os

detivesen os seus amigos que os abrazan polas costas e os suxeitan por algún tempo, naquel momento mesmo correrían ao lugar en que lles parece que ha de estar o presunto asasino. Por fin, un pouco máis calmos e logo de seren persuadidos polos seus amigos a enterrar o defunto antes de vingar a súa morte, ceden as súas instancias e eles mesmos axudan a abrir a sepultura. Parentes e amigos, homes e mulleres, pequenos e grandes, todos toman parte nesta obra case con emulación, escavando un foxo de oriente a poñente, duns cinco pés ingleses de profundidade e dunha circunferencia oval de doce ou catorce. Para removeren a terra, válese da *uána* e doutros paus, e sácana de dentro cun anaco de madeira cóncavo de que se serven para beber e ao que lle dan os nomes de *mireal* ou *uel-biñ*. Aberto e limpo de terra o foxo, acenden no medio unha pequena fogueira e, mentres se vai extinguindo, collen o cadáver, uns por debaixo dos xeonllos, outros por debaixo dos sobrazos, e condúceno ata o pé do foxo, coa circunstancia de que non o levan de fronte, senón de lado. Entón, quitan toda a cinza e achegan un tizón aceso ao polgar e ao índice do finado para lle arrancar as unllas, que colocan despois nun pequeno buraco preto da sepultura; operación que ten por obxecto, segundo din eles, coñecer o defunto cando volva a este mundo. Logo, coas follas dunha herba moi rexa que lle chaman *patáca*, átanlle fortemente os pulsos, de xeito que toquen os dous polgares, e tamén lle atan as pernas por encima do xeonllo. Preparado desta maneira o cadáver e envolto nos anacos máis rotos e cotrosos de pel de kangarú, entrégano ao que está dentro do foxo, quen o coloca no centro, cuberto doutra pel de kangarú, coa cabeza volta cara ao oriente, colocado sobre o seu lado esquerdo e tan encollido que os talóns lle tocan nas nádegas, os cóbados nas articulacións das coxas e os puños debaixo da barba. Ao seu lado, colocan as sobras da súa última comida, os seus *guichis* rotos, o *miro*, o *cóchio*, a *tabba* e mais un *cuttu*, coa soa diferenza de que a *tabba*, o *cuttu* e a comida lla colocan preto da boca, e as armas, ás costas. Feito todo isto, buscan unha gran pedra e déixana caer sobre o seu lado dereito de maneira que lle esmagan todos os ósos, o que fan para que os cans salvaxes non o vaian

desenterrar e o devoren. E, para maior seguranza, cobren a sepultura con troncos atravesados e pedras, e os baleiros que quedan échenos de terra, que se eleva dous ou tres palmos da superficie. Á esquerda do sepulcro constrúen unha casoupa, ou *maye*, como lle chaman eles, e enriba dela acenden un gran lume, arredor do cal cantan en ton queixoso os feitos máis famosos do defunto. Entrementes, as mulleres achéganse, unha despois doutra, ao sepulcro, bailando con moita alegría e con non menos donaire, e levan na súa man esquerda un ramiño de flores ou un ramo verde e coa dereita envían graciosamente ao aire continuos beixos en proba do grande amor e amizade que tiñan co defunto. Despois, depositan o ramallete ou o ramo verde enriba da tumba e decontado van buscar outro, cerimonia que repiten tres ou catro veces. A pouca distancia do primeiro lume acenden outro, para que a alma do defunto poida ir quen-tarse durante a noite. Se o defunto foi morto cun *guichi*, collen a arma e queiman a súa punta co fin de que a alma, que cren que quedou nela, se vaia a outra parte; e, se morreu por mor dun maleficio ou *bóllia* (que para nós sería o mesmo ca de morte natural), pensan que a súa alma reside no *guichi* que lle puxeron ao seu lado dentro do sepulcro. Ambos os lumes, pero especialmente o primeiro, continúan por algúns meses e os parentes do finado que pasan por alí teñen por un deber non deixalo apagar. As mulleres, en particular as máis anciás, choran todos os días a morte do seu parente ou amigo dúas horas antes de saír o sol e outras tantas despois de que anoiteza, e tamén en calquera hora da noite que oian o canto dalgunha ave nocturna, que cren que é a alma do defunto.

5. Feitos os últimos honores ao morto, prepáranse os seus parentes para vingalo. Armado cada un deles con cinco ou seis *guichis*, un ou dous *calés* e outros tantos *dáuacs*, encamiñase xunto cos demais ao lugar en que supoñen se atopa o asasino. Mais, se antes de chegaren alí atopan algunha familia amiga, páranse a curta distancia dela, sentan no chan deixando as súas armas e, despois de permanecer así algúns minutos, o máis ancián da comitiva adiántase para abrazar o máis ancián dos seus amigos na mesma posición en que se atopa, isto é, en pé ou sentado, en cuxo

abrazo non emprega menos de oito minutos, e segue facendo o mesmo coa demais familia, o que repiten pola súa vez os da comitiva. Reina durante esta longa cerimonia o máis profundo e melancólico silencio, sen que se saiba quen é o salvaxe cuxa morte anuncia aquel abrazo. Algunhas veces só os vellos abrazan as mulleres anciás. Con esta especie de comunicación, forman ao mesmo tempo entre si un pacto fraternal de non se bater por aquela desgraza. Participada deste xeito a noticia e asinadas, por dicilo así, as paces, rómpese o silencio. Sentados todos en roda, o máis elocuente empeza cantando a historia de todo o sucedido, con tan extraordinaria mímica e tan ao vivo que grava perfectamente na imaxinación os efectos que o conmoen, de sorte que os circunstantes están estáticos e pendentes das súas palabras e coas xesticulacións do corpo e cos movementos da cara seguen e secundan os diversos episodios da narración. O orador, con voz ora forte e robusta, ora queixosa e amorosa, ora enérxica e decidida, acompañada dunha natural flexibilidade e de varias modulacións, pinta os varios períodos da vida do seu heroe. A súa vista, o seu xeito de xesticular, os seus ademáns, todo indica que sente naquel intre a verdade das diferentes paixóns que serven de tema ao seu discurso. A música deste, máis ben recitativa que canto, é a *caleta* dunha oitava semitonada breve nas notas altas, non tanto nas medias, e nas baixas sostida todo o tempo que é preciso para acabar o período.

Calquera cousa que aconteza naquel momento solemne non é capaz de distraer nin o orador nin o seu auditorio. Concluído o canto e os choros, cada comitiva come o que leva consigo, fanse mutuos agasallos e despois os parentes do defunto proseguen o seu camiño ata deixar vingada a súa morte co sangue inocente do suposto homicida ou dalgún dos seus.

CAPÍTULO DUODÉCIMO

1. Filoloxía australiana. — 2. Dicionario. — 3. Conclusión da obra.

1. Despois de contar todo canto puideren observar e adquirir con relación aos usos e costumes dos australianos, e para cumprir o que prometín, vou falar do seu idioma e dar unha pequena mostra dos dous dialectos que se falan nos arredores de Nova Nursia, isto é, ao leste e ao norte da Misión.

Agardo, porén, que os meus lectores me desculpen que non poida satisfacer como quixera os seus desexos neste particular. Dado que recibín do meu Superior a orde de me vir á Europa, cando me atopaba en Perth, e por non ter tempo sequera de volver por última vez á Misión de Nursia, alí quedaron xunto con todo o demais algúns apuntamentos relativos aos salvaxes e, particularmente, acerca da súa linguaxe, que, por certo, agora me serían de moitísima utilidade. Con todo, non co ánimo de lles prestar aos filólogos materia para un estudo serio, senón co fin de facer unha cousa agradable e asemade proveitosa aos misioneiros que se dirixen a aquelas rexións tan afastadas, poñerei, aínda que moi en sucinto, un pequeno dicionario composto das poucas palabras de que aínda podo acordarme.

A este obxecto usarei o alfabeto e a pronunciación española, xa que acae bastante para pronunciar as palabras daquel idioma. Non obstante, debo facer observar que, segundo puideren coñecer, os australianos non teñen no seu alfabeto as letras *f*, *h*, *s*, *v* e *z*, nin tampouco o *r* sinxelo en principio de dicción e o *rr* dobre en medio. Emporiso, teñen un *n* nasal

sen a vogal *e* que o precede e a que o segue (ene), cuxa letra, que eu sinalarei cunha raíña á súa dereita (*n-*), se pronuncia aspirando polo nariz e independentemente da vogal que o segue, sexa cal sexa; por exemplo, *n-aña* non deberá pronunciarse [ñaña], senón [aña], precedido enteiramente dun son nasal, que indico co *n* seguido da raia (*n-*). Por fin, debo advertir que as sílabas *ge* e *gi* non se pronuncian coma en español, senón coma en catalán e en francés ou en italiano, e as palabras en que hai dous *l* divididos por unha raia, como *bal-la*, *mal-la*, non se deben pronunciar coma o *ll* español, senón coma en latín ou italiano.

2. As palabras da primeira columna pertencen ao dialecto do leste de Nova Nursia e as da segunda, ao do norte.

LESTE	NORTE	GALEGO
A		
Alia; niquia	Inlon	Aquí; neste lugar ou sitio
Arpacaná; chierpacaná	Pircauanti; uanti	Mellor; adquirir; adiantar en mellor
B		
Baal; bal	Bal-la; balol	El
Babín	Utgianuta	Amigo
Balber	Páipitin	Cicatriz; sinal de ferida
Balga	—	Especie de xantórea
Baño	Cúcari	Suor
Bamanopón; dononopon	Ualco; pongotico	Matar
Bamiñ; pungotico	Pongoticiúa	Golpear a algún
Benan	Induca	Mañá
Benuat	Iachiciúa	Aterror; espantar
Bibi; pipi	Pipi	Leite
Bibilia	Parura	Ganso
Bilbaret; condor	Candol	Estómago
Bil-le; bil-lo	Pil-lo	Río; torrente
Biton-are	—	Óso sacro
Boca; buoca	N-apai	Capa de pel de kangarú
Bócatgió	Ponto	Alí; naquel lugar

LESTE

Bocal
 Bócaput
 Ból-lia
 Boliacatác
 Bóndagan; poóne
 Bonachi; ponatgi
 Brali; duolie
 Bucolo
 Butgiar
 Bul-la
 Bul-launduat; cañac
 Buma
 Búnugal
 Buoleiacán
 Bura; mila
 Burbur

NORTE

Con-o
 N-apaiarca
 Bul-la; pud-lauanti
 Boliagará
 Potalco
 Ponai
 Brali
 Puntu
 Putor
 Miláñaran
 Cúncchila
 Pongoticúia
 Mambun
 Turculincurel-la
 Bucal
 Pal-loiura

GALEGO

Costas
 Espido
 Bruxo; médico
 Medicar; remedio
 Cortar
 Xeonllo
 Néboa
 Aquel
 Terra
 Moito; en abundancia
 Bastante
 Bater
 A cintura
 Agardar escondido; axexar
 Despois
 Semellante; parecido

C

Cacarcanan
 Cachin; curamutgi
 Caia; caiatigi
 Cañac
 Cala
 Calacatgía
 Calacalañin; curan
 Calanarán
 Caliacolin

Cacarcánico
 Cachin
 Cúa
 Cúncchila
 Uaco
 Uaco uarpa
 Uaco paotico
 Uaconaracó
 —

Esvarar
 Espírito inmortal; alma
 Si; afirmativo
 Abondar; ser suficiente
 Lume; fogar ou país natal
 Estraño; forasteiro
 Acender o lume
 Queimar; incendiar
 Ide cara a esta ou cara a
 aquela parte
 Especie de maxia
 Tripar; pisar
 Xuntos; unidos
 Rato
 Cintura
 Vomitar
 Seguramente
 Baile; danza ou festa

Cálponon
 Cánan
 Canchel
 Candañ
 Candan; búnugal
 Candan
 Caniquièl
 Cãnoat; iãlaro

Calbulgó
 Canatico
 Cunchipiti
 Pico
 Mambun
 Candac
 —
 Iãlaru

LESTE	NORTE	GALEGO
Cape; gabi	Cape; capi	Auga
Capedarpingia	Capedarbanuandoco	Afogar; anegar
Capeiacan	Capiiúcurin	Diluviar; trebón
Cara	—	Araña
Caran	—	Antes; algún tempo antes
Carancata;	Moncormalan;	Airado; colérico
carancumbarupó	moncorpitin	
Catta	Maca; chili	Xefe; cabeza; cume das montañas
Cattachien; cattachin;	Cúndalco	Comprender; entender; oír
tonga; tuonga		
Cattacóre	Macapatjio	Outeiro
Cattaculo	Pirátuichiaco	Levar; transportar dun lugar a outro
Cattagigi	—	Cabeleira; crinas
Caua; cauin; cauiñ	N-oca; n-aco; n- ocanacorin	Rir
Cobol; cobul; copol	N-uturá; n-oto	Ventre
Cobolbut; yulap	Pandapungula	Fame; estar famento
Cóchio	Uango	Martelo; machado dos salvaxes
Coddoberá	Coddoal	Diarrea
Codon; colion	Codopitin; codoberí	Embusteiro
Cogiat; yéi	Iain	Agora
Coliacanaan	Canalcu	Patada
Colio	Penin; pararam	Refregar; fregar; cuarzo
Coñac	Cápari	Tenro; brando; de pouca consistencia
Coiancheuren	Pud-la	Medicar
Col-lo	Uitgin	Empezar
Cona	—	Excremento
Conauandé	—	Tripa; intestino
Concon	Can-oni	Tío
Condon	Pool	Corrupción; materia das chagas ou feridas
Condor	Candol	Estómago
Conon-undun	Minbin-arala	Chocar

LESTE	NORTE	GALEGO
Copolor	—	Muller que está embarazada
Corcon-anán	Corcorá	Tremear de medo; tremelicar
Coranchin	Uañi; Uandaco	Tirar; botar
Cori	—	Nome usado para se referir aos nosos sombreiros
Coro	Caro	O marido ou a muller
Corochianan	Datinaco	Volverse cara a atrás
Coroculo	Tadeuitgia	Dar a volta; volverse
Coron	—	Sarabia
Cot; cut	Cottoro	Corazón
Cuabamet	Uandi	Lindo; de fermosa presenza
Cuarañ; cuareran	Malapun; malapitin	Cadáver; morto
Cueinde	—	Nome dun animal pequeno
Cuencan	—	Area
Cueran-undo; cuelchen	Catinarela	Coxo; coxear
Cuere	—	Mamila; eminencia
Cuérrera; yacan; dabat	Catitin	Caer
Cuia	Cacata	Ra
Culamedé	Uiapandt	Mozo de doce a vinte e cinco anos de idade
Culan; yucuchiun	Patgio	Mociño
Culanbut	—	Home de vinte e cinco anos para arriba
Culan iacán	Patgio; incuri	Nacemento dun neno
Culin	Uichiaco; uichiarin	Camiñar; ir de camiño
Culo	—	Piollo
Cumbani	Cumbani; cumberaco	Ouriñar
Cumbar	—	Grande
Cumbo	—	Urina
Cundo	Matgio	Ferida
Cundulbaran-añ	N-undatan	Tusir
Cupiton	—	O dedo maimiño
Cura; caran	Madolingi	Hai moito tempo

LESTE	NORTE	GALEGO
Curan-anin	Curacalco	Abrazo
Curetuman	Corelian	Torcer
Cutparan-an	N-utonaranñitín	Suspirar
Cuttu	Cangia	Saco de pel
CH		
Chelap	Chicatañ	Bico de paxaro
Chel-le	Ñile	Á
Chialan	Canin	Sal; cousa amarga
Chian-ara	Chian-a	Hernia
Chiaralá	—	O pelo branco da barba
Chiatcañan	Chiatpacará; N-alcunin	Mascar
Chiauiñ	Pulga	Pluma; penuxe
Chielap; chilap	Chicetag	Altura; prominencia
Chielba; quielba	Chielba	Herba; o outono
Chiena; quiena	Quina	Pé; ver
Chiénaculo	Chienautgiari	Pisada; pegada
Chienan; quienan-an	N-acotin	Ver
Chienan-an	—	Atopar; achar algunha cousa
Chienga; chinga	Mal-lo	Espírito maligno; demo
Chieraran	Carpuun	Esgazado; cousa feita anacos
Chierpacaná; arpacanan	Pircauanti; uantivité	Adquirir de ben en mellor; convalecente
Chilag; ulatgi	Ualguin	Mazá da perna
Chilap	Chicatañ	Punta; extremo afiado dalgunha cousa
Chinganin	Ingalcu	Aguzar o cabo dalgunha cousa
Chipchip; chimeri	Benbenan-in	Comechón; proído
Chiran	Caño	Animal gordo
Chirquis	Mindol	A bostela dunha cicatriz
Chiter	—	Apertado; para apertar
Chiucon	Iquíá	Irmá
Chiulor	Mambo	Óso

LESTE	NORTE	GALEGO
Chiuno	Chilon	Apuntar; tomar a puntería
Chiurcacolin	M-unaimanauichico	cunha arma Conducir
D		
Da	—	Boca
Daañ	Utgia	Ano
Dabat	Catitín	Caer
Dabot	—	Labio
Danacat	—	As pléiades
Dargat	Uólo	Garganta
Delie; telie; tampall	Tampall; tadgui	Saliva
Detmenan	Uichiatitimunda	Nunca
Didan	Tatico	Enxiva
Dilañ	Laiñó	Cousa nova; cousa feita hai pouco
Dinagar; tinachi	Tanaran; tanin	Nádegas
Doltgeculigian	Ulaia iancula	Acompañar
Donon-opón; tonanopó	Ualco; ualmalotin	Matar; asasinar
Ducanán	Manaualtulco	Atizar; arranxar o lume
Duolia	Uiña	Orballo; xeadas
Duora; durda	Tutto	Can
Duora n-anga	Tuttuminbi	Cadela
Duora n-opoñ	Tuttutapin	Cachorro
G		
Gabi; cape	Capi	Auga; chuvia
Giar	—	Paxaro
Gieralac	Gieralacó	Home cano
Gigi	—	Cabelo; crina
Guaba	Uandi	Cousa boa
Guababan; babin	Uandi buncula	Amigo
Guabachienan-an	Uantonacula	Necesitar
Guabamet	Uandi	Lindo; fermoso
Guichi	Cachi	Lanza
Gutgial	Ulaia	Dous

LESTE	NORTE	GALEGO
I		
Iacan	—	Permanecer; quedar nun lugar determinado
Iaco	Uindiripi	Muller
Iaco mon-on	Moreto	Vella
Iacoñinan	N-ato mancotin	Home casado
Iacolicolin; iaculo	Incugiaiú; iucurú; iutgiarin	Fuxir; escapar
Ialiar; cuencan	Pirará	Area; terreo arento
Iaguran; iauaran	Tarpacu; tarbaco	Nadar; bañarse
Ialañ; dachie	Tuddum	Carne
Iálaro; canoat	Iálaru; culiegian	Baile; cantar
Ialo; iolo	Ialchio; idchiberi	Codia de árbore
Ian	Iulina	Dar
Ianiun	Iungoitin	Cambiar unha cousa por outra
Ichiuinchi	Uichi uandan	Adornar
Iéi; cogiat	Iain	Agora
Ieman; iman	Picanará	A fronte
Indagarán	Chindeuel	Apoiar
Ingjar	Otorá	Seco; fraco
Ion-ar	Ion-ará	Home
Ion-ar mon-on	Ion-ará moretó	Home ancián
Iongor	—	Kangarú macho
Ira	Iraman	Erguerse
Iraculo	Uantiatuigia	Subir
Iral	—	Agonizar
Iraman	Irapa	Levantar
Iranuingian	Iranuandaco	Esconder
Iualculan	Ioloiugiala	Vir
Iuát; iuad; but	Iarca	Non; nada; negación
Iuquil	Uilia	Cuncha ou madeira de que se serven para beber
Iulap	—	Fame
Iular	—	Verme
Iungolgor	—	Calor excesiva

LESTE	NORTE	GALEGO
Iuongia	—	Moucho; paxaro nocturno
Iurat	N-an-ulan	Meixela
Iurumiñ	—	Trebón
M		
Matgi	—	Cordonciños feitos da la do <i>opossum</i>
Maie; maia	Minda	Choupana; cuarto; casa
Mal-le	Mal-la	Raíz de árbore
Malgar	Pindare	Trono
Mama	—	A clara do ovo
Maman	Mama	Pai
Mánagi	Pinai	Especie de papagaio negro
Mandi	—	Mociña
Mangart	Tabba	Coitelo
Mapo; mopo	Mandu	Pel
Mar	Plerang	Aire; vento
Mara	Marai	Man
Mara cobol	—	Palma da man
Mara darac	—	O revés da man
Maracundan	N-aritico	Xacer; estar deitado
Maran; maran-an	Máncuti	Coller; aferrar ou agarrar
Marangani	Maulcu	Sacar
Maratan-an	Maranacutin	Tocar ou examinar ás tentas
Marca	Unai	Brazo
Mareiuatcut	Maraiulmana	Abrir
Marical	—	Dedo
Maruchial	Marmaro	Escuridade; tebras
Mata	—	Perna
Mau	Ualaiaconchi	Tres
Meque	Macaia	A lúa
Menditgi; menditgirá; pérque	Pirca	Enfermo
Menna; mamia	N-acaiá	Goma das acacias

LESTE	NORTE	GALEGO
Miel	Mil	Ollo
Miel bolo	Mielbol	Ollos grandes ou achinados
Miel bat	Miel tutto	Cego
Miel cambe	—	As cellas
Miel moan	—	A meniña do ollo
Miel taurin; n-aruaran	N-at pungula	Vesgo; birollo
Min-all	Min-aliá	Bágoa
Minchi	Mura; mureto	Seco; fraco
Mingo; mingue	Mindi	Peito; valor
Miniñ	Minin	Bigote
Minirí	Miniripitiñ	Esforzado; valoroso
Moan	Morancoto	Negro
Mocor	Macora	Inverno
Modomel; moliamel	Moddamanto	Rostro; cara
Molia; molie	Modda	Nariz
Moliachian	Cañapitin	Esbirro
Moliachiouañ	—	Pelos do nariz
Moliarac	—	Mofó
Moliatañ	—	Ventás do nariz
Mol-le	—	Chocar
Mon-an	Moreto	Home vello
Mondapo	Mandapón	Nube; néboa
Mongo	—	Ombro
Mongon	Bandapiti	Preguiceiro
Mongopotón;	Morepitiñ	Canso; fatigado
mongonopón		
Morañ	Plerañs	Vento; ceo sereno
Moran	Moan	Noite
Morotge	Tacará	Duro; o contrario de tenro
Motogon	—	Ser creador de todo; Deus
Motoiacan	Motoiocuréla	Sepultura
Mulat	—	Enfermo de gravidade
Munda	Paña	Bosque; selva
Munon	N-ot	Sapo
Muoran	Induca	Tarde; reunión nocturna
Murat	N-otomerañ	Farto; satisfeito; cheo

LESTE	NORTE	GALEGO
Muruchialan	Tilcatun	Forte; robusto
Murop	Tilcato	Pesado; grave
N		
Nalgo	—	Comer; toda clase de manxares
Nanaiac; napap	Uanapaiucoli	Agardar; parar
Nape	Carcalcó	Urxir
Narancatañ	Nararan	Arder
Niquia	Iulon	Aquí
Ninal	Tuñel	Intestinos
Nindi	Cuíú	Cola dos animais
Nocorcodin	Copadan-aricó	Deitarse
Nocot-undín	Gopatan-aricó	Durmir
Nono	Nano; none	Lama
Nopoñ	—	Animal novo
Nucagi	N-unai	Cóbado
Nucotan-an	Cupata	Sono
Nulbon; nolbon	Catapi	Fío ou cordel feito de la de <i>opossum</i> ; faixa
Nunda	—	Ti
Nurco	N-au	Ovo
Nuro	Niru	Mosca; verme
N-NASAL		
N-aca; n-aque	Uinga	Xeo
N-atgio?	N-aio?	¿Por que?
N-agia; n-aña	N-ato; n-aña	Eu
N-añacuat	N-atouatico	Eructo
N-al-la	N-aietá	Nosoutros
N- alen	Carula	Torcido; tortuoso
N-ambañ	Morólcara	A protuberancia que queda por mor dunha tatuaxe
N-ana	—	O meu
N-nan	N-alcotin	Ter; haber

LESTE	NORTE	GALEGO
N-anga	Nocoll; indu	Sol; barba; o pelo da barba
N-angan	N-aichió	Nai
N-aniñ	N-alcutin	Beber
N-anañi	—	Estar sentado
N-anin; nalgo	N-algo	Comer
N-apip	—	Especie de kangarú pequeno
N-analó	Cachin-ana	Importar; ser mester
N-aracatagian	Cuntalco	Escoitar
N-aracul; n-araculo	Iaperouitgia	Abaixar; baixar
N-arall	Pinchielcó	Costela
N-aranan	N-áralgo; pitiñ	Burlarse; arremedar
N-arapá	Iaporopó	Inclinar; dobrar ou dobregar
N-ata	N-ana	Meu
N-atacot	Coton-ari	Acazarse
N-atta	—	Máis
N-aumiñ	Cuaratundiñ	Repouso; descanso
N-echequeñ	N-atacungi	Estar presente
N-ñena; n-agia	N-aña	Eu
N-ocolmocol	N-ocoandi	Doce; que ten un sabor agradable
N-olquereche	—	Queixada
N-olgo	Irai	Dente
N-opo	N-opa	Sangue
N-opoñ	—	Animal novo
N-opopacanan	N-popacachian	Chuchar o sangue da ferida
N-opoton	—	Encarnado; colorado
N-oragian	Urachialcó	Espiar; axexar a algún
N-ulmanan	N-unman	O brazo dereito
N-unaniacá; n-anaiacá	Uanapaiocoli	Agardar
N-unan	—	Ánade
N-undun	—	Irmán
N-ura	—	Manancial de auga
N-uratgi	Tanda	Calcañar; talón
N-uranan-an	Ulairaco	Roncar durmindo

LESTE	NORTE	GALEGO
N-uro; nuro	Ñiru	Mosca; verme; insecto
N-utaco; n-unaia	Uélan; nunaia	Chorar
Ñ		
Ñanim	—	Samesuga
Ñela	Iucutá	Isto; este
Ñerca	—	Carbón
Ñergan	Pili	Embigo
Ñinan-in	N-ando	Nome
Ñinez?	N- antuei?	¿Quen é?
Ñingolo	—	Verme de terra
Ñini	Ñinaco	Sentar
Ñioricat	—	Lagaña
Ñiraná	Ñiralcú	Fonte; manancial
Ñitin	Macoitin	Frío
P		
Pacanan-an	Pachianaco; pachianaua	Probar algún manxar
Pacanim	Pachialco	Morder; fumar
Paquehecuran	Ulactiña	Combate; guerra
Pamacoran	Pumauualtán	Pulsación; o latexar do pulso
Pamanorono; bamanopon	Ualco; pongotico	Matar; asasinar
Pami iuncuaran; cuarerun	Iungará; pongoticuía	Rifa; pelexa
Papal	—	Chama
Papon	Pumalco	Soprar
Paran	Uadauigin	Saltar
Pararan	—	Fregar; refregar
Patpatan	Cotorópatpatan	Afanarse; afán
Pelian	Pichialco	Alargar
Penacuran	Iachiouanico	Escavar
Penan; coranchin	Uañi; uandaco	Tirar; botar
Penan-añ	Pandelco; pandiin	Aromático; oloroso
Pene	Indu	Alba; antes de saír o sol
Penin; peniñ	Iachico	Facer

LESTE	NORTE	GALEGO
Penpenan-an	Iachi; iachico	Rañar
Pere	Pari	Vermes da xantórea
Perera; pira	Pera	Tartaruga; cuncha de tartaruga
Pichiac	Puca; uca	Fedor; mal olor
Pili	Nercan	Embigo
Pindan; quilan-an	Pindalco; quilan-an	Lóstrego
Pindipindi	Uiño uiño	Bolboreta
Pindonin	Pindua	Agulla de óso ou de madeira
Pini	Pindalco	Beliscar
Pipi; bibi	Pipi	Leite; os peitos
Pipian	Pipi iúca	Aleitar
Piratgi	Induca	Luz do día
Piri	—	Unlla
Pirichilan-an	Pirichilanco	Torcer; facer contorsións
Piroc	Uáru	Verán; calor
Piroro	Pularañ	Tempestade; tormenta
Poa	—	Tabán
Pocart	Poca	Cousa corrompida
Pocoñ	Utgi mara	Tomar; coller
Poia	Mangiare	Pedra; rocha
Poio	Paierá	Zamia; especie de palma
Ponatgi	Ponai	Xeonllo
Ponar	—	As estacións
Pongo; maie; maia	Minda	Choupana; casa
Pono	Tampa	Árbore
Ponominchi	Tampamoreto	Leña
Pono n-atn-an	Tampacoual	Espiña
Poro	Parol	Veciño; preto
Potoñ	Patgio	Cousa pequena
Puonchiena	Paconauá	Mirar; ver; observar
Puero	—	Semellante; igual
Pungal	Batbal	Os lombos
Puntalá	Ñital	Verdadeiro; verdadeiramente

LESTE	NORTE	GALEGO
Puolamaran-an	N-odiumanu	Roubar; furtar
Purí	—	Especie de kangarú
Q		
Queñ	Cuntgi; tomar	Un
Quenchiel	—	Todos
Quere; quirí	Boio; puio	Fume
Quetquet; diracolin	Curacura	Pronto
Quiarall	—	<i>Eucalyptus robusta</i>
Quienabut; mielbot	Mieltutto	Cego
Quienan-an; chienan	N-acotin	Ver
Quieranaran	—	Resgar
Quieret	—	Lunar; penca
Quilal	Culan-a	Formiga
Quiler	—	Sinalar; marcar
Quindan	—	Estrela; nome das estrelas en xeral
Quirac	Piri; gial	Nervio
Quiran; chiran	Paño	Gordo; graxa
T		
Tacanan	Catton-uantutico	Endereitar
Tacancura	Catalcu	Romper; quebrar
Tañ	Utgia	Buraco
Talañ	—	Lingua
Talan-an	Talaiual	Lamber
Talbac	Chialpa	Cinza
Tarapall; telie	Tadgui	Saliva
Tanán	—	Coser
Tancanan	Tacuralcó	Bocexar
Tanda	—	O nocello
Tandan-at-iaculo	Uandian	Arrastrarse
Tapacan	Catañ	Devagar
Taran	Tará	Cru
Targat; cuocatin	Culgaracó	Garganta; gorxa

LESTE

Tarpacul
 Tatiñin
 Taul
 Tinagi
 Tinat
 Tiricar
 Tonchelan-an
 Tondor

 Tongaburapo
 Tonpon
 Torolionon
 Totoran-an
 Tucunun
 Tucuró
 Tuliarcata
 Tumbat
 Tuonga; tonga
 Tuongacoto
 Tuonga tañ
 Turcul
 Turo; ueindan

NORTE

Tarpauichico
 Uanapañina
 —
 Tanarin; tanin
 —
 Terera
 Uanduun
 —

 Tongatoronpiti
 —
 Torotua
 Tanetauara
 Paulco
 Chiarpa
 Tampapin-ara
 Cungi
 Piril
 Pirinduro
 Piril utgia
 Turculiucurela
 Uindan; turu

GALEGO

Entrar
 Silencio
 Coxa
 Nádega
 Lombriga
 Vea
 Peitearse
 Estrela de primeira
 magnitude
 Esquecer
 Buraco; foso
 Rebentar; fenderse
 Palpitar
 Asar
 Po
 Folla de árbore
 Só
 Orella; oír; entender
 Xordo
 Abertura da orella; oído
 Dereito
 Loubán

U

Uácatal
 Uácaton uingian
 Uádari
 Uádee
 Uatgianuta; babin
 Uálio
 Uáiuái
 Uáiuin
 Uálan
 Uálche
 Uálo; uolo
 Uáme

Uattarin
 Ualbaugiantin
 Ualiará
 Tutun
 Uatgianuta
 —
 Uáindan; uaienton
 Uaindalco
 Mirañitin; miraia
 Uálchia
 —
 Uarpa

Buscar
 Atravesar
 Cousa longa
 Estúpido; imbécil
 Amigo
 Kangarú rato
 Vil; covarde
 Medo; temor
 Berrar; ladrar
 Agua
 Ceo; a atmosfera
 Outro

LESTE	NORTE	GALEGO
Uána	Tampamura	Pau; garrote; precisamente o que usan as mulleres
Uáncan	Uancañitin	Mandar vir a algún
Uandaral	Uandalco	Levar a carranchas
Uangacachiauingia	Uandarico	Dar aviso; avisar
Uangue	Uanca	Falar
Uangueburó	Uanapañina	Calar
Uaperan	N-araitico	Xogar
Uara	—	Corvo
Uárañ	—	Raíz ou bulbo semellante á pataca
Uaran	Uarela	Colgar; suspender
Uaranaran	Uorotácara	Sede
Uco	Turi	Pisada; pegada
Ueb; uepe	Uape	Peixe pequeno
Uequie	Uegie	Emú; paxaro grande
Ueindan	Turu	Picaro; cousa mala
Ueran	N-unaiá	Chorar
Uelba; chielba	Quielba	Outono
Uele	Pucarín	Sono
Uidar tan-en	Uitaitatan	Crista dos papagaios
Uiñanan	Oña	Asubiar
Uilarac	Uaca	Sándalo (árbore)
Uilar; uilart	Chiarba	Cor branca
Uilgui	—	Terra encarnada
Uilo	—	Paxaro nocturno
Uinatan	—	Morto
Uindalar	Uindo	Fracó
Uindan	Turo	Cousa mala
Uinchial?	Uandaa?	¿Onde? ¿A onde?
Uitanan	Uitalco	Atar
Ulatgi	Ualquin	Mazá da perna
Ulan-atgian	Catgiautgialco	Cubrirse
Ul-lar ul-lar	Uandi	Alegría
Unda	—	Escudo
Unpuñoput	Uanga ñitin munda	Inimigo
Uñanopo	Tarbanandaco	Aflixido

LESTE	NORTE	GALEGO
Uoata; udda	Utta	Pomba; pombiño
Uocarcoran	Corcoruan	Eructo
Uócol	Uocati	Serpe
Uocolbor	Maiauağañitin	Eco
Uóro	Uaro	Fauces; kangarú femia
Uorouara	Uorotutto	Catarro
Uotan	Uotana	Mar
Uotocolo	Pundouitgia	Cazar
Uotominan	Puntubucará	Sempre
Urac	Mannia	Sombra
Uran uran	Utan; utan-añ	Burlarse; arremedar

3. Aquí tes, benigno lector, todos cantos datos puiden recoller, cantas noticias puiden adquirir en medio dos gravísimos coidados do meu ministerio no tocante á Australia e aos usos e costumes daquelas tan afastadas rexións.

Mais non quero rematar este curto traballo sen te interesar a prol dos infelices e desgraciados salvaxes e sen te convidar a que os favorezas e axudes, co fin de que cos teus socorros poidan os misioneiros sacalos do miserable estado en que están sumidos e abrir as súas mentes á luz da nosa santísima Fe, ao coñecemento e á adoración do só Deus verdadeiro. Faite cargo de que, se cumpres unha obra meritória, cando con poucos farrapos vistes o espido e cunhas migallas sacias o famento, a esmola que lle dás ao misioneiro faite partícipe dos altísimos méritos do apostolado, coma se ti mesmo o exerceses. Se o diñeiro que ofrece a túa man para a Propagación da Fe non é o prezo dun simple bocado de pan que serve para sustentar o pobre misioneiro, senón a voz da Verdade eterna, cuxo eco resoa en medio dos máis remotos e formidables desertos do mundo, e a doutrina que ilumina o ignorante é a palabra de Deus que polo teu medio rescata e converte innumerables almas ao Señor, e se o que acolle un profeta no nome dun profeta obtén un premio igual ao do

mesmo profeta, ¿cal non será a recompensa do que co apóstolo exerce o apostolado? En verdade, ti, por medio da esmola, grande ou pequena, que lle dás ao misioneiro, camiñas e dirixeste con el ás rexións máis afastadas. Con el penetras nos máis espesos bosques, con el instrúes e bautizas, e con el, a bo seguro, conseguirás o merecido galardón. Faino, pois, así; pídocho por Deus; pídocho en nome da relixión e da caridade cristiá; pídocho, en fin, en nome dos teus miserables irmáns que non lle custan menos ca ti a Xesús Cristo, o noso divino Redentor. Faino, repito, e deste xeito gañarás con moi pouco custo o reino dos ceos.

ADVERTENCIA

As persoas caritativas que lle queiran proporcionar algún recurso á santa Misión poderán facelo entregándolle as esmolas, en Madrid, ao reverendo padre frei Zoilo Sartorio e ao reverendo padre frei Bieito Noriega Junco. En Barcelona, ao reverendo don Pedro Naudó Pbro., Vigairo curado da parroquial igrexa de Santa María do Mar. En Sevilla, ao ilustre señor doutor don Xaime Vilaró, cóengo maxistral daquela igrexa catedral. En Cádiz, ao reverendo don Xosé María Mercier Pbro. En Santiago de Galicia, ao reverendo padre frei Paulo Martínez. En Xirona, ao reverendo padre frei Bieito Martín, Catedrático do instituto, e, en Vich, ao reverendo padre frei Bernardo Sala no convento da Mercé.

APÉNDICE

A Barcelona cóubolle a satisfacción de presenciar por segunda vez o tenro espectáculo que tivo lugar o 27 de agosto de 1849, cando o ilustrísimo señor don frei Rosendo Salvado, Bispo de Porto Vitoria, embarcou cos misioneiros apostólicos para a Misión de Nova Nursia.

A mesma boa acollida que dera a primeira vez a Moi Ilustre Xunta Directiva da Confraría da Corte de María, establecida na parroquial igrexa de Santa María do Mar da cidade de Barcelona, aos virtuosos misioneiros que partiron na dita época para a Australia, dispensou tamén ao ilustrísimo Salvado, quen, despois de recoller as esmolos que fixeron persoas caritativas e desexosas da saúde espiritual e temporal dos infelices salvaxes, marcou o número de misioneiros que debían partir para tan distantes rexións.

En efecto, sinalado o día da partida, que había de ter lugar o 13 de novembro de 1852 no vapor *Barcino* que saía para Cádiz, propúxose dar ao dito acto toda a importancia que de seu requiría unha obra tan santa, como é a conversión e a civilización dos infelices australianos.

A este fin, despois de celebrar a véspera da partida unha función relixiosa para implorar do Altísimo o mellor éxito da empresa, o propio día 13 ás seis e media da mañá e no altar da Nai do Amor Famoso, titular da Corte de María, establecida na devandita parroquial igrexa, o reverendo padre frei Miguel Muntadas, monxe do mosteiro de Montserrat, procedeu á beizón dos santos hábitos con que vestiu logo os misioneiros, beicendo enseguida tamén un pendón coa imaxe da raíña de todos os santos, que a confraría da Corte lle regalara á Misión e no que se lía en letras

encarnadas sobre fondo branco a seguinte inscrición: «A Corte de María de Barcelona á Misión Beneditina da Nova Holanda».

Concluídas as devanditas cerimoniais, o referido padre Muntadas celebrou o santo sacrificio da misa, na que impartiu a sagrada comunión aos misioneiros, non sen lles facer antes unha fervorosa conversa animándoos na ardua empresa que ían emprender e na que nin o Señor nin a súa Nai santísima lles faltarían para que puidesen cumprir co gabable fin que concibiran, e polo cal non vacilaran en se expoñer ás maiores penalidades e en se separar de seus pais, irmáns e dos máis caros obxectos.

Logo de que rematou o santo sacrificio da misa, ordenouse unha devota procesión, á que precedía o pendón da Virxe regalado pola Corte e levado polos mesmos misioneiros; seguían a el varios cortesáns, algúns con candeas; despois deles os misioneiros, cun exterior modesto e con edificante devoción; viñan despois a Reverenda Comunidade da parroquia de Santa María do Mar e a Xunta Directiva da Corte, xunto con algúns señores párrocos, varios relixiosos beneditinos e outras persoas de distinción.

Desde a saída do templo de Santa María ata o momento do embarque foron cantando as ladaíñas de Nosa Señora e o himno *Ave, maris stella*. A concorrencia que presenciou un acto tan terno foi numerosísima e no rostro de cada un víase pintada a satisfacción que lle cabía de ver os seus paisanos, amigos e coñecidos entregarse a obras de caridade tan elevadas e tan meritorias aos ollos de Deus. Trasladados os misioneiros ao vapor *Barcino*, acompañados do reverendo padre don Bieito Martín, relixioso bieito, ás once da mañá deixaron o porto e dirixíronse a Cádiz para se reuniren co ilustrísimo señor Salvado e con algúns outros eclesiásticos. E, desde alí, trasladáronse ás súas misións e deron un día de xúbilo ao excelentísimo e ilustrísimo señor don frei Xosé Serra, Bispo coadxutor de Perth, que cos demais misioneiros que alí se achan agardan ansiosos os seus novos compañeiros, con quen deben compartir as súas fatigas.

RELACIÓN DOS MOZOS MISIONEIROS SAÍDOS PARA A NOVA HOLANDA O DÍA
13 DE NOVEMBRO DE 1852

Xosé Tomás, hortelán, natural de Barcelona.
Manuel Tomás, hortelán e labrador, de Xirona.
Miguel Torralva, hortelán, de Burpellach, provincia de Xirona.
Francisco Salvadó, labrador, de Castellnou de Seana, ídem de Lérida.
Francisco Binefa, labrador, de Anglesola, ídem de Lérida.
Ramón Palou, labrador, de Anglesola, ídem de Lérida.
Xosé Cabané, labrador, de Tárrega.
Martíño Pallejá, labrador, de Tarragona.
Bartolomeu Sala, labrador, de Campos, en Mallorca.
Boaventura Alsina, carpinteiro, de Igualada.
Agostiño Planella, carpinteiro, de Besalú.
Isidro Oriol, carpinteiro, da Bisbal.
Mariano Miró, carpinteiro, de Tarragona.
Bartolomeu Ramis, carpinteiro, de Marrachi, en Mallorca.
Xosé Clos, fabricante de carros, da Selva.
Lourenzo Pesqué, fabricante de carros, de Haudalló do Capsi, nos
Pireneos orientais.
Francisco Fargas, carpinteiro, de Artés.
Francisco Bansells, xastre, de Massanet de la Selva.
Carlos Bernich, xastre e esparteiro, de Bañolas.
Pedro Pich, panadeiro, de Cerdaña de Pedra.
Matías Monné, cerralleiro, de Montblanch.
Carlos Ribera, zapateiro, de Tárrega.
Ignacio Prunés, zapateiro, de Manresa.
Filipe Corchon, pastor, de Almenar, provincia de Soria.
Xoán Ferrer, ferreiro, de Menacor, en Mallorca.
Xosé Serra, pedreiro, de Xirona.
Francisco Ventura, pedreiro, de Xirona.
Vicente Oltrá, organista, de Cuadratonda, provincia de Valencia.

Domingos Martínez, cardeiro, de Valencia.
Manuel Martínez, peiteador, de Valencia.
Ramón Bella, tecedor, de Tárrega.
Martíño Oliveras, zapateiro, de Xirona.
Miguel Xirgó, zapateiro, de Xirona.
Salvador Simón, labrador, de Xirona.
Dalmacio Mas, labrador de Salitje, provincia de Xirona.

Aos trinta e cinco expresados misioneiros debíanselles engadir en Cádiz o reverendo padre frei N. Rivaya, connovizo do ilustrísimo señor Bispo Salvado, tres reverendos sacerdotes e dous mestres irlandeses e Francisco Alonso, artista e labrador de Madrid.

FIN

ÍNDICE

NOTICIAS PRELIMINARES DA OCEANÍA

1. Descuberta. — 2. Xeografía. — 3. Illas e estreitos. — 4. Montañas. — 5. Volcáns e terremotos. — 6. Ríos. — 7. Cuadrúpedes, volátiles e réptiles. — 8. Peixes. — 9. Plantas. — 10. Etnografía e poboación. — 11. Idioma. — 12. Astronomía e literatura. — 13. Arquitectura e escultura. — 14. Aritmética. — 15. Producións e comercio. — 16. Moedas. — 17. Medidas e pesos. — 18. Música e instrumentos. — 19. Goberno. — 20. Relixión. — 21. Poligamia. — 22. Tatuaxe. — 23. Acollida amigable. — 24. Modo de vestirse e adobiarse. — 25. Pirataría. — 26. Funerais. — 27. Cantos fúnebres. — 28. Metempsicose. 29

PARTE PRIMEIRA A AUSTRALIA

- CAPÍTULO PRIMEIRO — 1. Descuberta. — 2. Límites, extensión e distancia da Europa. — 3. Mares que a rodean. — 4. Illas pertencentes a ela. — 5. Estreitos. — 6. Golfos. — 7. Portos e badías. — 8. Cabos. — 9. Promontorios. — 10. Montañas. — 11. Outeiro ardente. — 12. Ríos. — 13. Lagos. — 14. Variedades do clima, estacións e ventos. — 15. Diferenza entre o meridiano de Londres e o de Sydney. — 16. Constelacións e estrelas. — 17. Aurora austral. 43

HISTORIA NATURAL

- CAPÍTULO SEGUNDO — ZOOLOGÍA — 1. Descubertas dalgúns ósos de elefante. — Número dalgunhas especies de animais. — 2. O can. — 3. A foca. — 4. O gato. — 5. O *opossum*. — 6. O esquío voador. — 7. O kangarú. — 8. O kangarú rato. — 9. O *bandicoot*. — 10. O motón. — 11. O rato. — 12. O ecquidne. — 13. O ornitorrinco. — 14. Animais comúns a ambos os hemisferios. — 15. A balea. — 16. O can mariño. — 17. Pesca da balea. — 18. O *Essex*, navío botado a pique por unha balea. 55
- CAPÍTULO TERCEIRO — ORNITOLOGÍA — 1. Varias especies de aves. — 2. A aguia. — 3. O corvo. — 4. O papagaio. — 5. O ganso. — 6. A *udda*. — 7. O emú. — 8. A viúva. — 9. O *n-gou*. — 10. A subío dalgúns paxaros. — 11. O frío é causa da súa morte. — 12. O cisne. — 13. O pelicano. — 14. O lavanco. — 15. Moitas outras especies. 67
- CAPÍTULO CUARTO — RÉPTILES — 1. Varias especies de réptiles. — 2. Un lagarto. — 3. A *guana*. — 4. O lagarto espiñento. — 5. A víbora xorda. — 6. Varias serpes. — 7. Depósito e potencia do veneno destes animais. — 8. A tartaruga. — 9. O crocodilo. 73
- CAPÍTULO QUINTO — INSECTOS E OUTROS ANIMAIS — 1. Varias especies de insectos. — 2. A bolboreta. — 3. A abella. — 4. As lagostas e as eirugas. — 5. As cigarras e os grilos. — 6. As moscas. — 7. Os tabáns. — 8. Os mosquitos. — 9. Os *bardis*. — 10. A formiga león e outras varias. — 11. A formiga branca. — 12. A carracha. — 13. As chinchas e as pulgas. — 14. Varios testáceos. — 15. Algúns peixes. — 16. Os zoófitos. 79
- CAPÍTULO SEXTO — BOTÁNICA — 1. Varias flores. — 2. O cedro. — 3. A caoba. — 4. O piñeiro. — 5. O sándalo. — 6. O *Eucalyptus resinifera*. — 7. A *duotta*. — 8. A *nuytsia*. — 9. A *banksia*. — 10. A *Zamia spiralis*. — 11. A árbore do té. — 12. A xantórea. — 13.

A kingia. — 14. Árbore descoñecida. — 15. Vexetal espiñento. — 16. Varias acacias. — 17. A tristania e outras moitas especies de vexetais. — 18. Escaseza de plantas alimenticias. 85

CAPÍTULO SÉTIMO — XEOLOXÍA E MINERALOXÍA — 1. Formación física da Australia. — 2. Formación primitiva. — 3. Secundaria. — 4. Volcánica. — 5. Materias fósiles. — 6. Pedra de pipa. — 7. O alume. — 8. O sal. — 9. Pedras ferruxinosas. — 10. Minas de chumbo. — 11. De carbón fósil. — 12. De cobre. — 13. De ouro. 92

CAPÍTULO OITAVO — COLONIZACIÓN — 1. Colonias e establecementos na Australia. — 2. Orixe de New South Wales. — Fundación de Sydney. — 3. Establecemento de Norfolk. — 4. Condición necesaria para posuír terras en Sydney. — Índixenas. — 5. Límites de New South Wales. — 6. Renuncia do primeiro Gobernador Phillip e nomeamento de Hunter para o mesmo cargo. — 7. Organización de Sydney e Paramatta. — 8. *Convicts* ou deportados fuxitivos polos bosques. — O Gobernador King sucede a Hunter. — 9. Orixe e progreso da colonia de Van Diemen. — Desgraciada fin dos salvaxes daquela illa. — 10. King cede o goberno ao Capitán Bligh. — Destitución deste e nomeamento do Coronel Macquarie. — Progreso da colonia. — Descuberta de novas rexións ao oeste das montañas azuis. — 11. Disensións entre as diversas clases dos habitantes. — Macquarie procura inutilmente acalmalas. — Desenvolvemento da colonia en 1821. — 12. O Xeneral Brisbane substitúe a Macquarie. — O Goberno británico pon límites á autoridade do Gobernador. — 13. Novas descubertas. — Darling, Gobernador. — Membros de que se compón o Consello. — 14. Chegada de numerosos propietarios europeos. — Exploracións de Cunningham, Sturt e Mitchell. 95

CAPÍTULO NONO — 1. O Gobernador Bourke manda abrir novas e máis cómodas vías de comunicación co interior. — 2. Chega á colonia o moi reverendo Ullathorne en calidade de primeiro Vigairo Xeral católico. — Número de católicos naquela época. — O moi

reverendo Polding é consagrado Bispo e primeiro Vigairo apostólico de Sydney. — 3. A súa arribada á Australia. — Protección que dá o Gobernador Bourke aos misioneiros católicos. — 4. Mitchel descobre o país chamado por el a Australia feliz. — Morte de Cunningham. — 5. Produtos obtidos da pesca. — Poboación da colonia en 1836. — Valor das terras. — 6. Deportados. — O seu número. — A súa ocupación e condición moral. — 7. Hobart Town é elevado a sé episcopal católica e Sydney, a metropolitana. — 8. Concédese á cidade de Sydney unha asemblea representativa. — 9. Leichhardt explora o interior da colonia pola parte do setentrión. — Na mesma dirección atopa o río Vitoria. — Leichhardt emprende a exploración da Australia, desde o oriente ao poñente. — 10. Estado e número dos salvaxes. — 11. Progreso da colonia en cincuenta e oito anos. — 12. Situación de Sydney. — Principais edificios. — Xardín botánico. — 13. Clima e enfermidades. — 14. Atópanse en Sydney individuos de case todas as nacións. — Extraordinaria mestura de relixións e razas. — 15. Escolas, compañías e sociedades. — 16. Porto Jackson e comercio. — 17. Algunhas outras cidades da colonia.

111

A AUSTRALIA FELIZ OU ESTABLECEMENTO DE PORTO PHILLIP

CAPÍTULO DÉCIMO — 1. Límites do establecemento. — 2. Primeiros descubrimentos feitos por Murray e Flinders por mar, e Hume e Howell por terra. — 3. Os habitantes de Van Diemen pasan cos seus rabaños o estreito de Bass e establécense por primeira vez naquela rexión. — O Gobernador de Sydney envía alí as autoridades precisas. — O Maior Mitchell dá ao país o nome da Australia feliz. — 4. Fúndase a cidade de Melbourne e véndense as primeiras terras. — Produto das terras e da la vendida. — 5. Desenvolvemento do establecemento en 1847. — 6. Número dos individuos que representan en Sydney o establecemento da Australia feliz. — A xustiza é administrada por un Superintendente. — 7. Poboación e situación física da capital. — Rúas e edificios. — 8. Consello

Municipal. — Melbourne, sé episcopal católica, é tamén residencia dun Bispo protestante. — 9. Divisións e cidades máis importantes da Australia feliz.

125

ESTABLECEMENTO DE PORTO VITORIA OU ESSINGTON

CAPÍTULO UNDÉCIMO — 1. Orixe dun establecemento na costa setentrional. — Dundas, colonia da illa de Melville. — 2. Os colonos abandonan Dundas e vanse establecer na rada de Raffles. — O Goberno inglés ordena a disolución deste establecemento. — 3. Fúndase Vitoria nas praias do porto Essington. — Diferentes opinións acerca do seu solo e clima. — 4. Probas de que a rexión é estéril e insalubre. — 5. Administración. — A súa poboación en 1840. — 6. Experimentos agrícolas. — 7. Estacións. — Enfermidades. — 8. Furacáns e terremotos. — 9. O ilustrísimo Brady envía a Vitoria tres misioneiros. — Naufraxio que sufriron. — Sálvanse tan só o Capitán e o misioneiro Confalonieri. — Morte de Confalonieri. — 10. A cidade de Vitoria é erixida en sé episcopal, e nomeado o seu primeiro Bispo o beneditino catalán padre frei don Xosé Serra. — Sucédelle o ilustrísimo padre frei don Rosendo Salvado, beneditino, tamén español, autor desta historia. — 11. O Goberno británico decreta a disolución do establecemento de Vitoria. — 12. Os europeos abandonan as costas setentrionais da Australia.

130

COLONIA DE ADELAIDE OU SOUTH AUSTRALIA

CAPÍTULO DUODÉCIMO — 1. Flinders e outros navegantes exploran as costas do sur e Sturt percorre o interior do país. — 2. Comisión autorizada polo Goberno para fundar alí unha nova colonia. — Saen da Inglaterra algúns buques e arriban ás costas do sur da Australia. — Fundación da colonia. — 3. Venda de terras na cidade. — Leas entre as principais autoridades. — Gravísimas dificultades que ocorren por mor do sistema de centralización. — 4. O Goberno

británico destitúe as dúas principais autoridades e envía un novo Gobernador. — Bancarrota da colonia. — 5. Felices resultados desta desgraza. — É relevado o Gobernador e o corpo de comisionados disolto. — 6. O Capitán Grey é nomeado novo Gobernador. — Progreso da colonia baixo a súa administración. — 7. Límites da colonia. — Clima. — 8. Aumento do pastoreo e da agricultura. — Máquina de nova invención para segar o trigo. — 9. Situación topográfica da capital Adelaide. — 10. Sistema governativo. — Adelaide é sé episcopal católica e ao mesmo tempo residencia dun Bispo protestante. — Diferentes seitas. — 11. Vías de comunicación por terra con Melbourne e Sydney. — 12. Sociedades. — 13. Minas e a súa riqueza. — 14. Desenvolvemento da colonia en 1847.

137

WESTERN AUSTRALIA OU COLONIA DE SWAN RIVER

CAPÍTULO DÉCIMO TERCEIRO — 1. Descubrimento da parte occidental e fundación da colonia de Swan River. — 2. Algúns colonos abandonan a colonia e propalan dela moi malas noticias. — 3. Por este motivo Sterling vai a Londres. — 4. Sucédelle no mando o cabaleiro Hutt, e a este o Coronel Clark, logo Irwing (interinamente) e Fitz-Gerald. — 5. Límites da colonia. — 6. Exploradores e descubertas. — 7. Solo da colonia. — 8. Clima e enfermidades. — 9. Melloramento das razas do gando e aumento das ovellas. — 10. Poboación e desenvolvemento da colonia en 1848. — 11. Agricultura. — 12. A colonia vén ser declarada establecemento penitenciario e chegan a ela os primeiros deportados. — 13. Situación física da capital. — Edificios públicos. — 14. Administración governativa. — Sociedades e compañías. — 15. Perth é erixida en sé episcopal católica. — 16. Conduta moral da poboación. — 17. Fremantle. — Illa de Rottenest. — 18. Establecemento de Albany — 19. Outras cidades. — 20. Misión Beneditina para a conversión e civilización dos salvaxes.

146

PARTE SEGUNDA
ORIXE E PROGRESOS DA MISIÓN BENEDITINA
PARA A CONVERSIÓN E CIVILIZACIÓN DOS
SALVAXES NA PARTE OCCIDENTAL
DA AUSTRALIA

CAPÍTULO PRIMEIRO — 1. Estado moral dos primeiros europeos que habitaron na Nova Holanda. — 2. Vinda a ela dos primeiros sacerdotes. — 3. Receos que argallan contra deles os ministros protestantes. — 4. O monxe beneditino Ullathorne. — 5. O ilustrísimo señor Polding. — Numerosos apóstolos beneditinos. — 6. Conduta do Gobernador para co Bispo e o clero católico. — 7. Divídese a colonia en varios distritos eclesiásticos. — 8. Arriba á colonia un gran número de deportados. — Únense á Misión o reverendo señor Brady e algúns outros máis. — 9. Nova división por distritos. — Progresos da relixión católica. — 10. O ilustrísimo señor Polding sae para a Europa. — Durante a súa ausencia, os católicos de Perth piden un sacerdote. — 11. Envíanse a aquela colonia tres misioneiros. — 12. Aporta primeiro en Fremantle e despois vai a Perth o Vigairo Xeral reverendo señor Brady. — 13. Visita varios puntos da colonia e parte para Roma.

159

CAPÍTULO SEGUNDO — 1. Os padres Serra e Salvado conságranse ás misións. — 2. Parten do seu mosteiro. — 3. Chegan a Roma, preséntanse ao colexio de Propaganda e traban relacións co reverendo Brady. — Visitan a cova de san Bieito. — 4. O seu Superior négalles o permiso de se dedicaren ás misións e despois dálles a súa beizón. — 5. Fórmanse as dúas dioceses de Sydney e Perth. — O ilustrísimo señor Brady é elixido Bispo de Perth. — Os padres Serra e Salvado son agregados a esta Misión. — 6. Concede Súa Santidade unha audiencia aos misioneiros. — Saída destes de Roma. — 7. Viaxe de Civitavecchia a Marsella e a Lyon. — Orixe e progresos da obra da Propagación da Fe. — 8. Chegan os misioneiros a París. — Proseguen a súa viaxe e arriban a Londres. — 9. Algúns edificios daquela capital. — Monxes de Downside. —

Reúnense en Londres todos os misioneiros. — 10. Conversión dunha moza anglicana. — 11. Ida de Londres para Gravensend. — Nome e patria dos misioneiros.

170

CAPÍTULO TERCEIRO — 1. Saída de Gravensend. — Temporal que corremos no paso de Calais. — 2. Illas de Madeira e de Ferro. — Luces fosfóricas. — 3. Exercicios relixiosos que practicabamos a bordo. — Paso da liña. — 4. Bautismo. — 5. Unha estrela visible nas altas horas do día. — Arribada ao cabo de Boa Esperanza. — 6. Descuberta daquel cabo e fundación da actual cidade. — 7. Badía da Table. — 8. Choque da *Isabel* con outro navío. — Partida da badía do Cabo. — Funesto accidente. — 9. Illa de San Paulo. — Caza dalgúns paxaros. — 10. Avistamos as costas da Australia. — Arribada á rada de Fremantle.

184

CAPÍTULO CUARTO — 1. Desembarco na Australia. — 2. Encontro cos primeiros salvaxes. — A cidade de Fremantle. — 3. Remontamos o río Swan e chegamos a Perth. — Morte do padre Bouchet. — 4. Divídese a Misión en varios corpos. — 5. Misión do Sur. — 6. Do Norte. — 7. De Guildford. — 8. Misión Central ou Beneditina. — Parten de Perth os misioneiros beneditinos. — 9. Os misioneiros quedan sós; ao se extraviaren, un salvaxe indicalles o camiño. — Caritativa hospitalidade do señor Moore. — 10. Herbas velenosas. — Chegan os misioneiros á última casa da colonia. — Intérnanse na fraga. — 11. Fáltalles a auga. — Debate entre os misioneiros e os bois. — Atópase auga. — 12. Celébranse as dúas primeiras misas en medio das boscaxes e despois os guías abandonan os misioneiros.

194

CAPÍTULO QUINTO — 1. Construción dunha choupana. — Primeiro encontro cos salvaxes do interior. — 2. Andanzas cos salvaxes. — 3. Oftalmía e dores de tripas. — 4. Escaseza de auga. — 5. Extravío dun misioneiro. — 6. O padre Salvado volve a Perth para buscar provisións. — 7. Dificultade para obtelas. — Concerto de piano. — 8. Morte dun catequista. — 9. Funeral.

207

CAPÍTULO SEXTO — 1. Abandono do primeiro punto da Misión e escolla doutro. — 2. O padre Salvado vai outra vez a Perth. — 3. O seu regreso á Misión. — 4. Extraviase. — 5. Paso dalgúns torrentes e pantanos. — Emprego dun medio insólito para salvar a vida dos bois. — Un salvaxe sae ao encontro do padre Salvado e chegan xuntos á Misión. — 6. Os padres Serra e Salvado quedan sós no medio das selvas. — Progreso da agricultura. — 7. Os misioneiros acalman algunhas pelexas entre os salvaxes. — 8. Enfermidades e curas prodixiosas. — Expresións de gratitude dos salvaxes. — 9. Estes escoitan con pracer as primeiras charlas de relixión. — Monseñor Brady extraviase nas fragas.

219

CAPÍTULO SÉTIMO — 1. Penuria dos misioneiros por falta de víveres. — Os salvaxes veñen na súa axuda. — Estado miserable do vestiario dos dous misioneiros. — 2. Empeño dos salvaxes en ocultaren as súas crenzas e enxeñoso método dos misioneiros para as descubriren. — 3. Sistema de misión que debe adoptarse. — 4. Os dous misioneiros van a Perth co fin de acadar recursos para poñeren en práctica o seu novo sistema. — 5. Retornan á Misión e áchana devastada. — Os misioneiros vense obrigados a abandonar aquel lugar. — 6. Establécense nun asentamento moito mellor ca o primeiro. — O Goberno concédelles terras. — Estivada destas para empezar a cultivalas. — Dificultades dos misioneiros para se faceren cos aveños indispensables. — 7. Algúns artesáns ofrécense a traballar cos misioneiros. — 8. Mori-Mori é o primeiro salvaxe do interior que vai a Perth. — Os salvaxes da capital acólleno con inesperado agasallo. — 9. Os artesáns, guiados polo misioneiro, diríxense á Misión. — Mori-Mori cóntalles aos seus parentes e amigos o bo trato que recibira dos salvaxes de Perth. — Boa impresión que produce a súa relación.

231

CAPÍTULO OITAVO — 1. Fundación do primeiro mosteiro beneditino. — 2. A Providencia divina sérvese dun can para procurar o sustento diario de traballadores e misioneiros. — 3. Concluído o edificio, é dedicado á Santísima Trindade e posto baixo a protección da santísima

Virxe, e déuselle a todo aquel territorio o nome de Nova Nursia. — 4. O Goberno concédelles máis terras aos misioneiros. — 5. Escaseza de víveres. — 6. Os salvaxes anímanse a traballar ao ver a abundante colleita que prometía a terra. — 7. Crenzas dos salvaxes acerca da inmortalidade da alma e a súa transmigración. — 8. O ilustrísimo señor Brady visita por primeira vez a Misión e maniféstalles aos misioneiros a súa aprobación e satisfacción polos progresos realizados. — 9. O padre Salvado vai á cidade e leva con el unha orfíña salvaxe. — Queda o carro no fondo dun río e o misioneiro vese obrigado a levar a nena a ombros ata Perth, onde recibe o santo bautismo. — Dificultades e perigos en que se viron os misioneiros guiando o carro. — 10. Adquiren un fatado de ovellas. — Os cans do mosteiro comen un volume do breviario. — Destreza dos salvaxes na sega. — 11. Os misioneiros abren un novo camiño para ir a Perth. — Atopan auga no toro oco das árbores. — Cerimonias e cumpridos entre os salvaxes. — Encontro cunha viúva que un salvaxe da comitiva toma por esposa. — 12. Os misioneiros sálvanlle a vida a unha muller salvaxe. — Un grande incendio ameaza devorar a colleita e destruír a casa da Misión. — Causa deste incendio.

240

CAPÍTULO NONO — 1. Apertura do colexio de Nova Nursia. — 2. Ao parecer a nudez non é para os salvaxes ocasión de pecado. — 3. Sofren os misioneiros unha grave tribulación. — 4. Primeiro sínodo da diocese de Perth celebrado en Nova Nursia. — 5. O padre Serra prepárase para ir á Europa. — O padre Salvado conduce outra nena ata Perth. — 6. Parten para a Europa o padre Serra e o mozo Upumera. — 7. Compra dunha grande extensión de terras para a Misión. — 8. Traballos agrícolas. — Algúns salvaxes cultivan e sementan por primeira vez un campo. — O padre Salvado págalles polo seu traballo. — Bos resultados deste sistema. — 9. Os salvaxes téñenlles case veneración aos libros e ás cartas. — 10. Aumenta o rabaño de ovellas. — Pan feito polos salvaxes sen auga. — Construción dunha casa. — 11. O Arcebispo Polding convida os padres Serra e Salvado a ir a Sydney. — Enfermidades contraídas polos salvaxes e a súa curación. — 12. Progresos da misión. — 13.

Chegada do novo Gobernador. — O padre Salvado é declarado súbdito inglés. — Libra do cárcere un salvaxe. — 14. Parte o único sacerdote que había en Perth e só permanece o padre Salvado con Monseñor Brady en toda a diocese.

253

CAPÍTULO DÉCIMO — 1. Construción dunha capela. — Traballos rurais. — Chega a oídos do padre Salvado a elección do padre Serra como Bispo de Porto Vitoria. — 2. Pelexa entre mulleres salvaxes. — 3. Os australianos son antropófagos. — 4. Situación dos salvaxes en 1846. — Beneficios xerados polos misioneiros. — 5. Os misioneiros que se ocupan da conversión e civilización dos salvaxes deben atender as súas necesidades tanto espirituais coma temporais. — 6. Labores do campo. — O té feito por un salvaxe. — 7. O padre Salvado corta camisas e ensínalles ás mulleres a coser. — Primeiras camisas feitas polas mulleres salvaxes.

270

CAPÍTULO UNDÉCIMO — 1. O padre Salvado vai a Perth. — Impresión que tiveron dous mozos salvaxes ao avistaren unha lancha e dous buques de alto bordo. — 2. O ilustrísimo Brady mándalle ao padre Salvado que vaia á Europa no lugar del. — O catequista Donovan é ordenado sacerdote. — Dous mozos australianos piden acompañar o padre Salvado. — Reciben o bautismo e parten co misioneiro cara á Europa. — 3. Saída da rada de Fremantle. — Gran temporal que sofre o buque á altura do cabo de Boa Esperanza. — Fenómeno parecido ao da fada Morgana. 4. — Arribada á badía e cidade do Cabo. — O ilustrísimo Griffith particípalle ao padre Salvado a consagración do ilustrísimo Serra. — 5. Saída do Cabo e arribada á illa de Santa Helena. — Detéñense os viaxeiros un día na illa. 6. — Proseguen a súa viaxe. — Peixes voadores. — Zoófitos ou estrugas mariñas. — Arribada á Europa. — 7. Fina e xenerosa hospedaxe que dá ao misioneiro e aos seus mozos compañeiros o reverendo Kavanagh. — Saída da cidade de Swansea para Dublín e logo para Londres. — 8. Atopa o padre Salvado o cabaleiro Madden. — Este convida o misioneiro a un *meeting* ou reunión de homes filantrópicos. — Saída para París. — 9. Curiosas reflexións dos

mozos australianos o día 13 de xuño de 1849. — Aceno de xenerosidade dunha dama francesa. — 10. O padre Salvado expón ao Consello Central de París o obxecto da súa vinda á Europa. — Parte para Lyon, en cuxa cidade atinxe o que desexa. — 11. Cae doente un dos mozos e o padre Salvado parte cos dous para a Italia, onde o doente recobra a saúde.

280

CAPÍTULO DUODÉCIMO — 1. Monseñor Brady pide un coadxutor e Súa Santidade destínalle o ilustrísimo Serra. — 2. Os dous mozos australianos reciben das sagradas mans de Súa Santidade o hábito beneditino. — 3. Súa Maxestade o Rei de Nápoles recibe con extremada bondade os dous monxes australianos. — Entran no noviciado dos Padres Casinenses da Cava. — 4. O padre Salvado é consagrado Bispo de Porto Vitoria. — Despídese dos dous novizos australianos. — 5. Castiga Deus os pais dun misioneiro. — 6. Saída do ilustrísimo Salvado e outros misioneiros de Nápoles para a España. — 7. Arribada a Barcelona. — O ilustrísimo Salvado viste o hábito beneditino a moitos misioneiros e embarca con eles para Cádiz. — 8. Atópanse nesta cidade os ilustrísimos Serra e Salvado. — 9. Inesperada comunicación do Goberno español ao Comandante Quesada, e deste ao ilustrísimo Salvado. — Queda este na Europa e o ilustrísimo Serra parte con todos os misioneiros para a Australia. — 10. Chegan á rada e cidade de Fremantle. — 11. O ilustrísimo Brady recibe con paternal cordialidade o ilustrísimo Serra e demais misioneiros. — 12. Chega Monseñor Serra a Perth e logo a Nova Nursia con toda a súa comitiva.

291

PARTE TERCEIRA OS AUSTRALIANOS

CAPÍTULO PRIMEIRO — 1. A especie humana e as súas variedades. — 2. Opinións acerca da raza australianiana. — Cor. — Pelo. — 3. Época en que se supón que poboou aquel continente. — 4. Poboación.

309

- CAPÍTULO SEGUNDO — 1. Carácter físico dos australianos. — 2. Proporções do home. — Da muller. — 3. Estado dos indíxenas nas proximidades das cidades. — 4. Facultades intelectuais. — Obxeccións. — Insuficiencia dos medios adoptados ata o presente para a súa civilización. — 5. O Goberno británico desexa o seu melloramento. — 6. Probas da capacidade mental dos australianos. — 7. Dúas cartas escritas por eles. 318
- CAPÍTULO TERCEIRO — 1. Crenzas relixiosas dos salvaxes de Nova Nursia. — Motogon. — Chienga. — 2. Inmortalidade da alma e a súa transmigración noutros corpos. — 3. Bolia o Bruxo. — 4. A lúa é para eles un ente maléfico. — 5. Uócol ou serpe da auga. — 6. Circuncisión. 332
- CAPÍTULO CUARTO — 1. Forma de goberno dos australianos. — 2. Leis. — 3. Propiedade das terras. — 4. Astronomía. — 5. División do ano e estacións. — 6. Aritmética. — 7. Idioma. — 8. Poesía. — 9. Música. — 10. Instrumentos. — 11. Baile. 339
- CAPÍTULO QUINTO — 1. Nacemento dun salvaxe. — 2. Nome que se lle pon. — 3. Infanticidio. — Filantropía dalgúnhas mulleres. — 4. Amor maternal. — 5. Educación. — 6. Pretensións dalgúns europeos respecto dos australianos. — 7. Leis relativas ao matrimonio. — 8. A beleza é unha desgraza para a muller australiana. — Se se ofende a dona dalgún salvaxe, este víngase na do ofensor. — 9. O salvaxe castiga coa morte o insulto feito á súa dona en materia de honestidade. 348
- CAPÍTULO SEXTO — 1. Afeites. — Cabeleira. — 2. Barba. — 3. Pintarse. — 4. Óso nasal. — 5. Brazaletes. — 6. Faixa. — 7. Untarse coa graxa dos animais. — 8. Tatuaxe. — 9. Capa. 355
- CAPÍTULO SÉTIMO — 1. Armas e utensilios. — O *guichi*. — 2. O *miro*. — 3. O *calé*. — 4. O *unda*. — 5. O *dáuac*. — 6. O *cóchio*. — 7. O *mangart*. — 8. A *uána*. — 9. O enxoval dun australiano. — Vista

perspicaz dos salvaxes. — 10. Atopan un mozo que había preto de tres días que se atopaba perdido por entre os bosques. — Finura dos demais sentidos.	362
CAPÍTULO OITAVO — 1. Caza do kangarú. — 2. Modo de aderezalo. — 3. Caza do kangarú rato. — 4. Do <i>opossum</i> . — Instrumento para facer cordóns da súa la. — 5. Caza do can. — 6. Caza do emú. — 7. Caza do parrulo e dos papagaios. — 8. Caza da aguia. — 9. Caza das serpes e dos lagartos. — 10. Pesca.	371
CAPÍTULO NONO — 1. Varios manxares de que se alimentan os salvaxes. — 2. Formigas brancas. — 3. <i>Menna</i> ou goma das acacias. — Cogomelos. — Feixóns. — Ceboliñas. — 4. <i>Uárañ</i> (especie de pataca). — Cortizas das raíces. — Noces da zamia. — Niños feitos dunha materia doce. — Carne humana. — 5. Modo de beber dos salvaxes. — 6. Reunión nocturna. — 7. Varios usos do lume e xeito de acendelo.	381
CAPÍTULO DÉCIMO — 1. Os salvaxes non gardan comida dun día para outro. — 2. Modo de visitarse. — Hospitalidade. — 3. Os salvaxes tamén fuman. — As sementes dalgunhas plantas sérvenlles de tabaco de po. — 4. Casoupas. 5. — Combates. — 6. Vinganza nocturna. — Lonxevidade dos australianos.	388
CAPÍTULO UNDÉCIMO — 1. Enfermidades e xeito de curalas. — 2. Destreza dos salvaxes en extraeren os <i>guichis</i> dos seus corpos. — 3. Funestos efectos do poder maléfico que eles consideran nos <i>bóllias</i> . — 4. Funerais. — 5. Modo de comunicar as malas noticias.	395
CAPÍTULO DUODÉCIMO — 1. Filoloxía australiana. — 2. Dicionario. — 3. Conclusión da obra.	405

NOTA INTERESANTE

Impresa a presente obra, recibíuse unha carta desde Cádiz do ilustrísimo señor padre frei Rosendo Salvado, Bispo de Porto Vitoria, na cal, a instancias de moitas persoas que desexan saber os nomes dos suxeitos que estean autorizados para recibir as esmolos para a Misión de Nova Nursia, remite unha lista que comprende, ademais dos que xa están continuados na advertencia da páxina 427, as seguintes:

Reverendo señor don Antonio Palau, cóengo maxistral e redactor da *Revista católica*. Tarragona.

Reverendo señor don Manuel María Diéguez Arias, cóengo penal na Santa Igrexa. Valencia.

Reverendo señor don Leto Mahave, cóengo mestrescola. Cádiz.
Reverendo señor don Carlos Granado, Pbro. Santiago.

Reverendo señor don Vicente Carrasco, ex abade beneditino de San Xoán. Burgos.

Señores padres vigairos das monxas de San Pelayo y de la Vega. Oviedo.

E remata a carta dicindo: «Rogo encarecidamente a todos os señores provisosores e secretarios dos excelentísimos e ilustrísimos señores bispos que se dignen a recibir as esmolos que lles sexan entregadas para a Misión de Nova Nursia na Australia ou Nova Holanda, aos que, como a todos os devanditos señores, se lles suplica se sirvan mandar ou remitir as esmolos recibidas para a dita Misión ao señor don Zoilo Sartorio, vigairo das monxas de San Plácido, rúa da Madeira, nº 17, cuarto principal, Madrid».

ESTE LIBRO REMATOUSE DE IMPRIMIR NO ANO 2014,
COINCIDINDO COA CONMEMORACIÓN DOS
DOUSCENTOS ANOS DO NACEMENTO
DE ROSENDO SALVADO

galicia



XUNTA
DE GALICIA



PARLAMENTO
DE GALICIA



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA